

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Abilleira Sanmartín, Xosé e Stella Maris **González Balbuena** (coords.), *Homenaxe a Evaristo de Sela (1917-1994). Estudos e lembranzas sobre a vida e obra do helenista e poeta*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais universitaria, outubro 2019, 182 pp. (ISBN: 978-84-9121-610-0) ■

Co gallo do centenario do nacemento de Evaristo González Fernández (Sela, Arbo, 1917-1994), máis coñecido popularmente como ‘Evaristo de Sela’, Xosé Abilleira Sanmartín e Stella Maris González Balbuena coordinan este volume no que se ofrece un achegamento á biografía cívica e intelectual deste persoeiro das nosas letras. O libro ábrese cunha “Presentación” asinada polos coordinadores na que se fai unha aproximación inicial á figura homenaxeada e unha breve descrición dos doce artigos que integran a obra. A continuación descríbense aqueles relacionados coa literatura galega:

- Xosé Abilleira Sanmartín, “Aproximacións ás boeiras, as ‘bucólicas’ de Evaristo de Sela”, pp. 11-26

Nesa primeira contribución do volume, Xosé Abilleira Sanmartín elabora un extenso estudo sobre a tradución que Evaristo de Sela realizou sobre a obra *Bucólicas*, do poeta romano Virxilio.

- Ana Acuña, “A musa encadeada de Evaristo de Sela”, pp. 27-38

Na segunda contribución, Ana Acuña analiza a produción poética de Evaristo de Sela durante a súa estancia na cadea. Concretamente, céntrase na obra póstuma *Versos de preso e outras rimas* (Edicións do Castro, 2007).

-Xesús Alonso Montero, “Homero nos sonhos, nos traballos e nos días de Evaristo de Sela”, pp. 39-46.

Na terceira contribución do volume, Xesús Alonso Montero retoma a vertente tradutora da figura homenaxeada abordando as traducións que Evaristo de Sela realizou sobre dous clásicos gregos, os poemas homéricos *Ilíada* (1990) e *Odisea* (1992).

- M^a Teresa Amado Rodríguez, “Dúas traducións inéditas de Evaristo de Sela”, pp. 47-52.

M^a Teresa Amado Rordríguez contribúe a este volume colectivo rescatando dúas traducións de Evaristo de Sela que non chegaron a publicarse: un fragmento do Critón de Platón e uns poemas de Catulo.

- Stella Maris González Balbuena, “Achegamento ao estudo e á creación poética de

Evaristo de Sela”, pp. 61-70.

Stella Maris González Balbuena, filla de Evaristo de Sela, reproduce e analiza neste traballo algunhas composicións poéticas do seu pai, deténdose non só nas propias composicións, senón tamén no proceso de elaboración das mesmas.

- Esperanza Mariño Dávila, “Un texto inédito de Evaristo de Sela”, pp. 81-96

Por último, Esperanza Mariño Dávila reproduce e analiza un poema inédito de Evaristo de Sela no que se aborda a temática da emigración, facéndoo dialogar con outros grandes textos da literatura galega que abordan a mesma temática.

Referencias varias:

- ECG, “Presentada ‘Homenaxe a Evaristo Sela’ de editorial Xerais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 novembro 2019, p. 40.

Informa da presentación da obra no Pazo de San Roque, nun acto no que interviu o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, que explicou a importancia do labor de tradución ao galego que levou a cabo Evaristo da Sela vertendo relevantes obras da literatura universal como a *Iliada* e *A Odisea*. Tamén interviron na presentación Francisco Alonso, Víctor F. Freixanes e Xesús Alonso Montero.

- Montse García, “Libro sobre Evaristo de Sela”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 19 novembro 2019, p. L10.

Apunta que o 18 de novembro tivo lugar no Pazo de San Roque a presentación do libro, na que participaron Valentín García, Alonso Montero, Víctor Freixanes, Stella Maris e Xosé Abilleira.

Aleixandre, Marilar, *Santiago de Compostela desde dentro*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, setembro 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-16460-62-5).

Guía da capital galega elaborada pola académica e escritora María Pilar Jiménez Aleixandre (Madrid, 1947), cun formato clásico que alterna imaxes e texto, así como información cartográfica, unha moi breve introdución, un índice inicial coa división en apartados, un índice onomástico final e outra información de utilidade presente polo xeral nesta clase de obras. Hai así mesmo outras epígrafes menos frecuentes: por exemplo, a dedicada ao proxecto con perspectiva de xénero da Concellaría de Igualdade coñecido como «Compostela, Territorio das Mulleres», pp. 36 e 37, o calendario de árbores, flores e festas, ou tamén o apartado específico no que se aborda a literatura creada en Compostela no pasado século por autores e autoras da literatura galega, así como por autoras galegos da literatura española, con presenza mesmo do mundo da edición e a imprenta, con figuras de relevo como a de Ánxel Casal. Por outra banda, a autora, amais de suxerir nove visitas a distintos puntos da cidade, reserva un espazo para recomendar visitas a lugares próximos a Santiago (ao pazo de Oca, ao castro de Baroña, á casa de Rosalía en Padrón...) e mesmo, como de novo é habitual neste tipo de libros, dá uns poucos consellos prácticos, sexan relativos á vestimenta adecuada para o clima compostelán, á forma de preparación dalgúns pratos da súa gastronomía ou á artesanía local, onde o acibeche ocupa un lugar destacado. Para acabar, achégase un pequeno

arquivo cos enderezos e demais datos relevantes sobre casas de comidas, comercios e lugares de ocio e cultura.

Referencias varias:

- Patricia Calveiro, “Guía para coñecer Santiago da man de Marilar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 12 outubro 2019, contracuberta.

Informa sobre a publicación do volume, explicando que naceu dun encargo de Alvarellos Editora, aproveitando que se botaba en falta unha guía actualizada da cidade. A autora traballou durante ano e medio na obra que, entre outros asuntos, fala da pegada que deixaron na cidade autores como Rosalía de Castro.

- Montse García, “Marilar Aleixandre”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 17 outubro 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do volume de Marilar Aleixandre na librería Lila de Lilith, na que estará acompañada por Manuel Gago e Henrique Alvarellos.

- Manuel Gago, “Vaticinios”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 200, 6 outubro 2019, p. 5.

Indica que acompañou a Marilar Aleixandre na presentación da súa guía e que, no acto, salientou o aspecto que lle parece máis notábel do libro, o fuxir da caricatura da cidade. Segundo apunta, “libros como o de Marilar creban a inercia na que todos podemos acabar instalados, chamando a atención sobre outras Compostelas que nos falan dunha realidade: as sociedades son moito máis complexas que os reclamos turísticos”.

Alonso Boó, Xosé Miguel, *Suso Vaamonde, voz de trebón*. Santiago de Compostela: Grupo de Comunicaciones Galicia en el mundo, febreiro 2019, 342 pp. (ISBN: 978-84-09-08818-8).

Monográfico no que se repasa a vida e traxectoria do músico e cantor Suso Vaamonde (1950-2000), composto por vinte e catro capítulos e mais unha parte de anexos. Comeza deste xeito repasando a infancia de Vaamonde, o seu nacemento, nenez e paso polo colexio Apóstolo Santiago dos Xesuítas; todo isto para chegar á música, cando na fin da adolescencia monta o grupo de rock Los COPENS ou, pouco despois, Marco Balorento, á medida que vai adquirindo conciencia nacionalista e comunista. Remata tal período, e comeza outro, coa súa entrada no grupo Voces Ceibes, parte da súa traxectoria na que sufriu, ao igual que os seus compañeiros de grupo, diversas censuras, persecucións e atrancos de todo tipo até a disolución da xa agrupación cultural en 1975. É a continuación cando se relaciona con grupos que serán de especial relevo posterior como foron Fuxan os Ventos, Milladoiro ou A Quenlla (escisión de Fuxan os Ventos); á par que vai impulsando a súa carreira de cantautor ao longo de toda Galicia. Feito este último maiormente impulsado pola súa primeira gravación, “Nin rosmar un laído”, á vez que funda, o mesmo ano de 1977, o grupo A Roda. Episodio importante é tamén o ocorrido en 1979 en Pontevedra, que o levará a converterse no primeiro exiliado da democracia e, posteriormente, en recluído até o 12 de abril de 1984; día no que sae da cadea e comeza un intenso labor, ben musical, ben criticando, sen saírse delas, as principais tendencias da

esquerda galega. Culmina finalmente a súa vida o 16 de febreiro do ano 2000.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Exemplar biografía”, *La Región*, “Con texto”, “Rabo de nube”, 15 marzo 2019, p. 14.

Recensiona este volume biográfico no que se relatan anécdotas de vida de Suso Vaamonde, ademais de destacar o papel que tivo na tradición oral do pobo galego. Describe de xeito breve os contidos do libro e afirma que está “narrado asisadamente por Miguel Boó en biografía exemplar”.

- Vicente Araguas, “Suso ‘trebón’ Vaamonde”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1084, 21 abril 2019, p. 30.

Vicente Araguas cualifica a obra de Miguel Boó como “exemplar”, pola súa composición, a rigorosidade dos datos, a reprodución das entrevistas e o sentimento leal cara ao biografiado. Afirma Araguas que o autor da obra “ao xeito dun detective serio, nada lareteiro, pescuda e chega até onde pode chegar”. Asevera que o libro se le como se fose unha novela que non só serve como biografía do cantante, senón tamén como proxección dun tempo e dun país.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Y un libro sobre Suso Vaamonde”, *Faro de Vigo* “Vigo”, “Mira Vigo”, 14 febreiro 2019, p. 9.

Faise eco da presentación do libro no Auditorio do Areal, na que participarán Miguel Boó e Víctor Freixanes.

- A. Mariño, “Boó: ‘A Suso Vaamonde se lle debería adicar o Día das Letras Galegas en 2019’”, *Faro de Vigo* “Sociedad”, “Club Faro”, 16 febreiro 2019, p. 34.

Dá conta da presentación que tivo lugar no Club FARO. Menciónase a vontade de Vaamonde de ser biografado por Boó e salientase o seu labor cantando a poetas galegos. Realízase un repaso sobre varios momentos cruciais na vida do músico. O autor da biografía manifesta a súa intención de conseguir que se homenaxe a Vaamonde no Día das Letras Galegas

- Luis Seoane, “Suso Vaamonde, voz de trebón’ gaña eco desde Ourense”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 febreiro 2019, p. 39.

Recolle a presentación que se realizou o día anterior no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense. Describe de xeito moi breve a obra e menciona a anterior presentación en Vigo.

- Margarito Flowers, “Miguel Boó presenta su libro sobre la voz de ceibe de Suso Vaamonde”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 19 febreiro 2019, contracuberta.

Dáse conta da presentación do libro, que terá lugar ao día seguinte da publicación da nova no auditorio Afundación e na que participarán Baldomero Iglesias e Xaime Barreiro Gil, xunto co autor da obra.

- Montse García, “Tentarei que se dedique o Día das Letras a Suso Vaamonde” *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 20 febreiro 2019, p. L10.

Entrevista ao autor da biografía, recollendo información sobre a presentación que terá lugar en Santiago de Compostela. Fala do proceso de creación do relato de vida de Suso Vaamonde e do proceso de documentación para a elaboración da obra. Salienta o papel do músico difundindo poesía galega.

- Sandra Cuiña, “Primeira biografía autorizada del músico Suso Vaamonde”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 febreiro 2019, p. 24.

Sandra Cuiña recolle a publicación e presentación da biografía. Salienta o labor de Suso Vaamonde musicando a poetas galegos e repasa a súa traxectoria vital.

- Jaureguizar, “De Cora: ‘A letra na que Vaamonde insultou a España foi unha arroutada’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 22 febreiro 2019, p. 59.

Miguel De Cora convida a ler a biografía na presentación do libro alegando que era unha persoa que “non deixaba indiferente a ninguén”. Fala da “arroutada” que o levou a exiliarse e do seu papel en “Voces Ceibes”. No relativo ao libro, destaca o bo labor de documentación e o entretido estilo da súa narrativa.

- Xoán Rubia, “Voz de trebón”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 24 febreiro 2019, p. 18.

Xoán Rubia reflexiona sobre a petición que lle fixo Miguel Boó para que participase na presentación da biografía en Ferrol. Seguidamente, fala da relación entre o biógrafo e o músico, facendo fincapé na ecuanimidade vertida na biografía a pesar da súa amizade. A modo de conclusión, felicita ao autor pola obra.

- M. G. M., “La labor de Suso fue tan importante que estoy promoviendo que se le dediquen las Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 febreiro 2019, p. 15.

Entrevista a Miguel Boó sobre o acometido de escribir a biografía de Suso Vaamonde. Conversan sobre a estrutura da biografía, a condición de preso político do músico e o seu labor musicando a poetas galegos.

- Alicia Pardo, “Suso Vaamonde era el único hombre ‘ceibe’ que había realmente en Voces Ceibes”, *La Opinión*, “a coruña” “Ciudad y Cultura”, 26 febreiro 2019, p. 12.

Alicia Pardo entrevista a Xosé Miguel Alonso Boó sobre a biografía de Suso Vaamonde. Conversan sobre a falta de apoio que tivo o músico, da súa falta de militancia, do seu exilio e sobre a petición para que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

- Belén López, “Suso Vaamonde foi abandonado polos seus”, *Diario de Pontevedra*,

“Pontevedra”, “Ciudad”, 27 febreiro 2019, p. 11.

Anúnciase a presentación que terá lugar o 27 de febreiro no Espazo Nemonon, na que participarán Miguel Boó, Xosé Fortes, Miguel Anxo Rodríguez, Luis Vaamonde e Alfredo Dourado. Belén López entrevista ao autor, tratando cuestións relativas á escritura da biografía, á petición do Día das Letras Galegas para o biografado e ao exilio do músico.

- Antón Xil, “Suso Vaamonde aos ollos de Miguel Boo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Cousas de ningures”, 28 febreiro 2019, p. 30.

Antón Xil dá conta do acto celebrado no Espazo Nemonon no que, entre outros, participou o autor desta obra. Comenta a intención de Miguel Boó de solicitar que Suso Vaamonde sexa homenaxeado no Día das Letras Galegas para recoñecer o seu labor a favor da nosa cultura.

- José Teo Andrés, “Miguel Boo: ‘Suso Vaamonde se merece un Día das Letras, hizo popular a 76 poetas gallegos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 7 marzo 2019, p.11.

Recóllese unha entrevista ao autor da biografía na que explica o porqué da publicación do volume neste preciso momento e na que fala sobre o que descubriu durante o proceso de documentación.

Angueira, Anxo, *Rexurdimento: a palabra e a idea*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2019, 304 pp. (ISBN: 978-84-9121-566-0).

Monográfico no que se contempla a revisión do modelo historiográfico da literatura galega; especialmente a contemporánea. Tras un breve limiar, a modo de presentación do libro, comeza co concepto de “renacemento” e a súa adaptación, no século XIX, en Europa, coa *Reinassance* francesa, que se adaptou ao resto de linguas europeas. Prosegue, así, co *Risorgimento* italiano, coa aportación ao concepto que lle corresponde; para dar un paso cara a adiante coa *Reinaxença* catalá. Todo isto para concluír nunha sorte de xenealoxía que se relaciona co Rexurdimento galego, mais opoñendo as particularidades de cada un dos movementos. E é no noso propio concepto de Rexurdimento onde máis se detén, observando a súa evolución ao longo do século XIX nas personalidades concretas de Antolín Faraldo, Benito Vicetto ou, sobre todo, Manuel Murguía; figura na que opón *Regeneración* a Rexurdimento. Chega, do mesmo xeito, ao período 1916-1936, cando se comeza a establecer o concepto de Rexurdimento que, finalmente, triunfará na historiografía a partires dos anos sesenta do século XX. Conclúe afirmando que non hai unha relación determinante entre o romanticismo e o Rexurdimento; senón que, realmente, é co Padre Sarmiento con quen comeza o Rexurdimento da literatura galega.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Revista do Rexurdimento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”; “A outra mirada”, “1.280 almas”, 27 setembro 2019, p. 10.

Dá conta dos principais aspectos do monográfico así como do enfoque que o determina, destácase o estudo do autor sobre a propia noción de “rexurdimento” e de como esta foi

empregada noutros sistemas literarios alén do galego. Por outra parte, destácase a evolución da significación do termo así como a realidade a que designa. Non obstante, salienta que se achegan novas conclusións sobre o período de 1916 até 1936, etapa xeralmente vencellada ao romanticismo.

- Mario Regueira, “Un volume específico e esixente. Repensar as bases da historia literaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 738, “Libros”, 7 novembro 2019, p. VI.

Recensión do ensaio de Anxo Angueira na que salienta o desenraizamento da orixe do propio concepto de Rexurdimento, e a súa vinculación co de Renacemento. Destaca a perspectiva crítica de Angueira que leva á reflexión sobre se realmente existiu o corte convencionalmente establecido entre os “Séculos Escuros” e o “Rexurdimento”, xa que, como apunta, Rosalía non aparece da nada. Asevera que se trata dunha “obra específica e esixente, afastada do ton divulgativo, pero que ten a virtude de cuestionar o chan que levamos pisando”.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Anxo Angueira. ‘Nin Rosalía nin a súa xeración falaron de Rexurdimento’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “Entrevista”, 3 outubro 2019, p. V.

Entrevista a Anxo Angueira na que se lle pregunta polo propósito do volume, sobre o *Coloquio* do Padre Sarmiento como obra de referencia para o chamado Rexurdimento, sobre posíbeis similitudes coas ideas de Xosé Ramón Pena, sobre as concepcións de Manuel Murguía e Carvalho Calero con esta etapa, sobre o papel do Romanticismo e sobre a posíbel repercusión que vaia ter este volume.

- R. L., “Rexurdimento: a palabra e a idea”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 200, 6 outubro 2019, p. 5.

Indica que este ensaio repensa e cuestiona o vixente modelo historiográfico aplicado á literatura do século XIX, partindo do modelo crítico “Le mot et l’idée” de Lucien Febvre. Salienta o estudo que Anxo Angueira realiza do período 1916 ao 1936, que ofrece novas conclusións sobre o modelo e idea do Rexurdimento.

Borrazás, Xurxo, *Brevedume (A vida feita anacos)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 95, xuño 2019, 220 pp. (ISBN: 978-84-9151-351-3).

Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) rescata neste volume textos fragmentarios extraídos dos cadernos que conserva dende hai anos e que non incorporou a obras anteriores. Como el mesmo explica no prólogo de ton humorístico co que se abre o libro, trátase de ocorrencias varias que vai anotando. Advirte tamén das posíbeis contradicións que poidan revelar, pois pertencen a diferentes épocas da súa vida. A seguir figuran os textos, ordenados, segundo un criterio cronolóxico, en nove bloques: 1998-2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018. De maneira aleatoria, os fragmentos, nalgún caso dunha soa liña, a modo de aforismos, abordan todo tipo de temas (o oficio de escribir, os costumes da sociedade actual, a literatura, a lingua, o cinema, paradoxos, xogos de palabras), e neles menciónase a figuras como Carlos Gardel, Rosalía de Castro, Warhol,

Castelao, Kafka, Barthes, entre moitas outras, para ofrecer unha particular mostra dos pensamentos do autor dende unha perspectiva irónica e por veces desencantada.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O novelista arrepentido”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1280 Almas”, 9 agosto 2019, p. 10.

Comeza discutindo a clasificación deste volume na categoría de ensaio, en tanto que o contido nos sitúa nun territorio que nos predispón a unha continua reflexión sobre o acto creativo. Finalmente repasa a traxectoria novelística do autor, Xurxo Borrazás, e descríbese como unha das figuras máis heterodoxas da literatura galega de fin de século.

- Pilar Ponte, “O que retemos. Compendio de vivencias”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 740, “Libros”, 28 novembro 2019, p. VI *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades”, 14 decembro 2019, p.7.

Recensiona a obra explicando que recolle reflexións de todo tipo, mais especialmente sobre a arte da escritura e a súa transcendencia. Sinala que é un peculiar ensaio no que, dun modo ameno, van aparecendo unha serie de pensadores e escritores internacionais e galegos (Manuel Antonio, Rosalía de Castro, Castelao, Cabanillas, Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Bóveda ou Xabier Baixeras).

García Negro, María Pilar, *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*, Santiago de Compostela: Laivento, col. Ensaio, n.º. 268, novembro 2019, 260 pp. (ISBN: 978-84-8487-195-8).

Reedición dunha obra ensaística de M^a Pilar García Negro (Lugo, 1953) editada 10 anos atrás pola mesma editorial. Nela, a escritora analiza a figura e a obra de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990), «escritor, profesor, alto patriota [...] o mellor polígrafo da súa xeración», do que fora alumna universitaria en Compostela entre 1972 e 1975, en concreto en varias materias optativas de Filoloxía Románica, subsección Hispánicas. Tal e como explica a investigadora na presentación (anovada para esta reedición), a obra pasa por ser «unha antoloxía de textos carvalhianos [...] escollidos cun criterio cronolóxico e temático». Nesta escolma, composta por un total de 48 textos, onde se mesturan artigos, conferencias, estudos e discursos, hai pezas creadas ao longo de case seis décadas (entre 1930 e 1987). Cabe sinalar que a fonte da que está extraída cada texto se indica nas sucesivas notas a rodapé ao comezo de cada un deles; fóra destas, a autora optou por prescindir dun aparato de notación formal. En canto ao título dado á obra, responde á dupla faceta de Carvalho: a do científico e estudoso, e a de servidor da nación. Inclúese, ao cabo, un apéndice documental (as intervencións en 1997 no Parlamento de Galicia con ocasión do legado bibliográfico e documental do autor, así como a iniciativa parlamentaria presentada en 2010 polos deputados nacionalistas Ana Pontón e Bieito Lobeira, coincidindo co centenario do nacemento de Carvalho Calero). Para acabar, reproducense seis fotografías en branco e negro relacionadas coa vida familiar e pública do auto

Recensións:

- Vicente Araguas, “Ao servizo de Carvalho”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.119, 15 decembro 2019, p. 32.

Destaca as primeiras publicacións que comezan a saír do prelo logo do merecido recoñecemento co Día das Letras Galegas a Carvalho Calero. Apunta que este volume é unha colección de artigos, conferencias e intervencións improvisadas do polígrafo ferrolán compiladas por María Pilar García Negro, de quen salienta que fai de perfecta introdutora ao servizo de Carvalho Calero.

- Vicente Araguas, “O ano Carvalho”, *La Región*, “*La Revista*”, “*Con texto*”, 27 decembro 2019, p. 14.

Explica que esta edición recolle unha pequena antoloxía significativa do traballo de Carvalho Calero e das súas achegas fundamentais para o estudo das letras galegas, tanto polo seu rigor como pola súa vixencia. Canto á edición, da man de María Pilar García Negro, salienta o seu rigor no traballo de prologar e escolmar o volume.

Referencias varias:

- Belén Bouzas, “María Pilar García Negro. ‘Carvalho declarábase galego universal’”, *Sermos Galiza*, n.º 375, “*fóradeserie*”, 5 decembro 2019, pp. 4-5.

Entrevista á profesora e escritora María Pilar García Negro co gallo da publicación dun volume no que recolle gran parte da obra édita de Carvalho Calero baixo o título *A ciencia ao servizo da nación*. Pregúntaselle, entre outras cousas, a que responde esta edición; se a súa vontade era transmitir unha imaxe plural e aberta de Carvalho Calero; ou que parte da obra de Carvalho considera que é máis urxente rescatar.

Castro Buerger, Iago e Xosé-Henrique **Costas**, *No obradoiro do fabulador. Artigos en lingua galega. Faro de Vigo, 1972-1981*, Vigo: Editorial Galaxia, Grandes biografías, col. Biblioteca Álvaro Cunqueiro, n.º. 14, setembro 2019, 392 pp. (ISBN: 978-84-9151-391-9).

Segundo volume de rescate dos artigos publicados no *Faro de Vigo* por Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) a cargo do mesmo tándem de estudosos: Iago Castro e Xosé-Henrique Costas (Sárdoma, 1962). Se aquel primeiro volume (2017) abranguía os artigos aparecidos no citado periódico entre 1963 e 1971, este ocúpase dos datados entre 1972 e 1981, ano do pasamento do «fabulador», sendo o seu «obradoiro» o xornal vigués. No limiar que precede os artigos, os especialistas fan fincapé na importancia da escrita en prensa (400 artigos co galego como lingua orixinal e 500 poemas traducidos doutras linguas ao galego) do autor mindoniense como clave interpretativa do conxunto da súa obra. Así mesmo, reivindicán a publicación dunha edición actualizada das obras completas do autor. Cabe sinalar tamén no apartado introdutorio o agradecemento expreso que os autores lle trasladan a Xesús González Gómez por poñelos sobre a pista de artigos, correspondentes ao anterior volume, dos que non tiñan constancia. Os artigos compilados neste segundo e último tomo son de temática variada: dende a celebración do quinto centenario da introdución da imprenta en España até reflexións ao redor da poesía e da figura de Ted Hughes (con apuntamentos indirectos á materia artúrica); explicacións

sobre o *Kalevala*, o gran poema épico finlandés; textos sobre o ensino do galego, a súa gramática, a relación co portugués; información e opinión sobre as figuras de Bertolt Brecht, Kafka, Pirandello, G. B. Shaw, Pimentel, Dieste, Rosalía de Castro, Risco...; unha análise da obra de Beiras *O atraso económico de Galicia*... Cómpre apuntar que, Galicia, sexa pola súa toponimia, polo seu patrimonio artístico, polas súas lendas e mitos ou pola súa economía (cuestión que aborda en reiteradas ocasións), é un dos fíos máis evidentes dunha compilación de case 150 artigos breves, nos que tamén é posíbel entrever os gustos literarios de Cunqueiro e unha parte dos seus puntos de vista. A obra inclúe un índice final, no cal se distinguen como tales os textos aparecidos na columna intitulada «El envés».

Recensións:

- Salvador Rodríguez, “En galego, e no Faro. Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.136, 14 setembro 2019, cuberta.

Faise eco da publicación do volume, explicando que recompila os artigos que Cunqueiro publicou no decano da prensa nacional entre 1972 e 1981, xa xubilado como director. Salienta que nese “obradoiro do fabulador”, Cunqueiro escribe sobre poetas contemporáneos como Ted Hugues, Carles Riba ou Luís Pimentel, e sobre narradores como Franz Kafka e Rafael Dieste. Finalmente, repasa a traxectoria de Álvaro Cunqueiro de colaborador a director e a súa fichaxe de figuras como Celso Emilio Ferreiro, Ricardo Carvalho Calero e Vicente Risco.

- Vicente Araguas, “O chambo de Cunqueiro”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.112, 3 novembro, p. 32.

Define o libro como “un exemplar compendio dos artigos publicados por Don Álvaro no *Faro de Vigo*, entre 1972 e 1981”. Dos artigos, di que abordan diversas temáticas, escritos todos eles dende a curiosidade universal que caracterizaba ao autor.

Fernández Lorenzo, Rafael, *Abecedario de Carvalho Calero*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Ensaio, 2019, 106 pp. (ISBN: 978-84-15166-78-8).

Volume de Rafael Fernández Lorenzo (Cangas do Morrazo, 1962) que se abre cun prólogo asinado polo filólogo e político Francisco Rodríguez Sánchez (Serantes, 1945), antigo profesor do autor. No tal proemio, ao tempo que se avanza que a obra «describe o mundo básico de Carvalho Calero», enxálzase a súa figura, en canto contrapunto do «galeguismo harmónico» promovido polos que «deseñaron unha planificación lingüística destinada a manter a subordinación do galego fronte ao español», así como polos seus «entusiastas intermediarios internos». Nun cento escaso de páxinas estruturadas á maneira dun dicionario, Fernández Lorenzo divulga efemérides da vida de Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990), como o seu paso polo cárcere, a dirección do colexio Fingoi de Lugo durante quince anos (dende 1950) ou a súa xubilación formal na facultade de Filoloxía da USC en 1980; hai oco igualmente para unha rápida descrición dalgunhas persoas, moitas de gran sona, coas que se relacionou. Neste sentido, o autor detense en familiares directos como a nai, M^a Dolores Calero Beltrán, e tamén en simbólicos referentes da historia de Galicia no século XX, como

Alexandre Bóveda, Castelao ou Otero Pedrayo. A linguaxe empregada é sinxela, cun propósito divulgativo e con continúas insercións de fragmentos de texto que serven como complemento. Así, reproducense pasaxes tomadas de novelas de Carvalho, como *Scórpido*, pedazos de discursos e conferencias ou mesmo algún exemplo da correspondencia transatlántica con Luis Seoane. En consecuencia, son constantes as notas informativas ao pé. Outórgase, por outra banda, amplo espazo á cuestión lingüística ao redor do diasistema galego-portugués, e dun modo máis xeral, á preocupación pola lingua do autor ferrolán, así como ao seu «ostracismo» da última etapa, unha vez que se converteu nun «elemento molesto para o poder pola súa firme actitude a favor do reencontro da familia lingüística galego-portuguesa». A obra abrangue así mesmo algúns paratextos en branco e negro consistentes na reprodución de cubertas de libros, fotografías e recortes de prensa. O volume complétase con tres apéndices engadidos ao cabo: a bibliografía, a webgrafía e os agradecementos.

García Barros, Manuel, *A pluma insubmisa. Ensaíos inéditos*, Vigo: Galaxia, col. Letras galegas clásicas, n.º 5, xullo 2019, 204 pp. (ISBN: 978-84915-13-43-8)

Os investigadores garciabarrianos Carlos Loureiro Rodríguez e Xesús Domínguez Dono editan neste volume os ensaios inéditos e “máis comprometidos” de Manuel García Barros (A Estrada, 1876-1972). Ábrese o libro cun limiar no que os editores contextualizan os textos no marco da vida e da produción literaria do autor, que empregaba pseudónimos como Ken Keirades ou Fulgencio Tizón. Con este último, precisamente, asinou os tres escritos recollidos nesta publicación, redactados orixinalmente en castelán e traducidos para a ocasión ao galego. Os tres textos que se recollen (“Divagacións verbo do discutible e indiscutible” [1939], “Para a caixa do correo do padre P.” [1943] e “O que se leva deste mundo. Resposta a Lidia” [seguramente 1945]) teñen como substrato temáticas como o anticlericalismo e o antibelicismo e foron distribuídos no seu momento polo autor entre as súas amizades, xa que a súa publicación podía comportarlle problemas coa xustiza.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Manuel García Barros, insubmiso”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.098, 28 xullo 2019, p. 30.

Afirma Armando Requeixo que semellaba xa improbábel o feito de que, habendo xa case medio século dende o pasamento de Manuel García Barros, se publicase máis material sobre a súa figura. Non obstante, os investigadores Carlos Loureiro Rodríguez e Xesús Domínguez Dono, presentaron un volume conformado por tres ensaios que ficaban entre a documentación legada de García Barros. Estes tres ensaios escritos entre 1939 e 1945 están “escritos nunha prosa diáfana que gaña polo seu didactismo”. Requeixo agradece a aportación dos investigadores e agarda que a publicación volva a poñer a figura do escritor no punto de mira.

Referencias varias:

- Blanca Paz, “Carlos Loureiro. ‘O mesmo García Barros dicía que se lle chegasen a pillar estes tres ensaios, fusilábano”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 2

outubro 2019, p. 21.

Entrevista a Carlos Loureiro, coeditor do volume, na que responde a preguntas relacionadas co contido do libro, co proceso de documentación, coa escolla temática de textos relixiosos e sobre o feito de que os artigos estean escritos en castelán.

- Sol Elvira, “A Estrada recreó la pluma insumisa de Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Touro. Deza. A Estrada”, 2 outubro 2019, p. 30.

Informa da presentación o 1 de outubro do volume, nun acto no que participaron os editores, Francisco Castro, Valentín García e Sara Valcárcel. Indica que a publicación recolle tres ensaios inéditos do autor nos que defende a razón fronte ao invisíbel e amosa o seu marcado anticlericalismo.

Gómez Arto, Lupe, *Fosforescencias*, ilustr. Anxo Pastor, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, novembro 2019, 286 pp. (ISBN: 978-84-16460-66-3).

Obra epistolar de Lupe Gómez (Fisteus, 1972) que xorde da experiencia persoal da autora entre setembro de 2011 e xullo de 2012, é dicir, unha vez que pecha a redacción de *Galicia Hoxe*, xornal para o que traballaba, e vive unha mudanza á rúa dos Basquiños en Santiago de Compostela («A mellor cousa que me sucedeu no ano 2011»). Oito anos despois, a autora recupera a correspondencia para conformar un libro de carácter intimista, no que dá conta das súas vivencias en Compostela ou Fisteus, tanto presentes como pasadas, así como doutros asuntos, polo xeral vencellados ás relacións persoais, de tal modo que dirixe as misivas tanto a veciñas ou amizades sen transcendencia pública como a persoeiros do ámbito da letras (Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Emma Pedreira, Francisco Pillado, Xulio López Valcárcel, Branca Novoneyra, ou, por citar un non galego, Antonio Gamoneda). O escritor Neira Vilas, nunha carta de resposta á autora que aparece reproducida mediada a obra, apunta que o ton empregado por Lupe Gómez corresponde a un «epistolario da tenrura, do agarimo (...), da sensibilidade». Á marxe das relacións persoais da autora cos destinatarios que evidencian as páxinas, destaca a exposición que Gómez fai da súa relación cos libros, e máis concretamente coa poesía e, en menor medida, co teatro. As cubertas e as ilustracións interiores a cor que acompañan os textos son obra de Anxo Pastor (Lugo, 1959).

Referencias varias:

- Caetano Díaz, “A nena que bailaba coas vacas en Fisteus”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “A Lupe Gómez, poeta”, 8 decembro 2019, p. 6.

Lembra as verbas de Uxío Novoneyra que definía a Lupe Gómez como a Rosalía do século XX para logo repasar a traxectoria literaria da autora e presentar o novo volume. Loa a coidada edición de Henrique Alvarellos na que, segundo indica, a autora reinterpreta os haikus xaponeses dende a súa perspectiva.

- José Miguel Giráldez, “Lupe Gómez. ‘A lingua é corazón de herba inflamada’”, *El Correo Gallego*, “ECG dominical”, “Entrevista”, 15 decembro 2019, pp. 1-3.

Entrevista a Lupe Gómez na que fala da súa obra *Fisteus era un mundo*, *Pornografía*,

Camuflaxe e Fosforescencias. Fala tamén da tradución da súa obra a outras linguas e sobre a escrita de poesía.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita o ensaio *Fosforescencias* de Lupe Gómez.

Lamas, Santiago, *De vivos, vellos e mortes*, Ourense: El Cercano ediciones, col. Montelourido, n.º 2, 2019, 225 pp. (ISBN: 9788494701788).

Este libro defínese como unha compilación de artigos do psiquiatra e ensaísta Santiago Lamas (Pontevedra, 1944), algúns inéditos e outros publicados, de xeito parcial, na páxina web www.elcercano.com. Os textos toman como base a materia do cotián, obras e autorías literarias ou personaxes e acontecementos históricos. O volume divídese en dúas partes: a primeira contén a meirande parte dos textos (“Escenas no café”, “Tostig”, “Heródoto e a Seca”, “Pessoa das Neves cinco aquí”, “Seres vivos”, “Do diario dun aposentado”, “O *vero* e o *ben trovato*”, “Borges, Bioy Casares e unha silenciosa copulación”, “De pestes”, “Campás”, “Escudos”, “Matsushima e a ourensanía”, “Superlativos e diminutivos”, “A receita de Somerset Maugham”, “Guillermo e Harry”, “Libros fuxidíos”, “Hamelin”, “Le pays de la littérature”, “Caos”, “Orgasmos literarios”, “O cisne negro de Nassim N. Taleb”, “Citas”, “Don Vitiño”, “Refutacións”, “O padre Vieira”, “Cinzas”, “Sectarios” e “Lembranzas de Otero Pedrayo”), mentres que na segunda converxen catro (“O viño, a vida e a filosofía”, “Academias e dicionarios”, “Escritos da vellez” e “Da morte e dos mortos: a propósito dun libro de Thomas W. Laqueur”).

López-Barxas, Paco, *Ben-cho-Shey inédito*, Auga Editorial, Deputación de Ourense, 2019, 230 pp. (ISBN: 9788494877872).

Volume monográfico dedicado ao escritor e investigador Xosé Ramón Fernández Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey (Ourense, 1896 - Madrid, 1988). Ábrese cun texto de Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, no que se indica que se toma a decisión de nomear o 2018 ano de Ben-Cho-Shey, xa que nesa data cúmprense trinta anos da morte do escritor. Baltar alude á necesidade de reivindicar o traballo e a voz independente de quen considera “un importante personaxe da ourensanía, de gran valor humano e intelectual”, e indica que a Deputación Provincial conserva e custodia o legado do escritor. Logo desa introdución, a obra estrutúrase en catro partes: en primeiro lugar, “O corazón de Ben-Cho-Shey” é o apartado no que se dá conta das vivencias, das publicacións e mais da actividade intelectual do escritor; en segundo lugar, achégase unha recompilación fotográfica; en terceiro lugar, aparece unha escolma de escritos diversos e, en cuarto e último lugar, un epistolario onde atopamos comunicacións con Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Xesús Carro García, Manuel Fabeiro Gómez, Francisco Fernández del Riego, Manuel Beiras García, Camilo José Cela, Pedro Echevarría Bravo, Antonio Fraguas, Xohán Naya, Ramón Piñeiro, Agustín Portela Paz, Rodolfo Prada, Xesús Taboada Chivite, Manuel Torres e Pura Vázquez.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Memoria e vindicación de Ben-Cho-Shey”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1093, 23 xuño 2019, p. 28.

Inicia a recensión sinalando a Ben-Cho-Sey como unha das figuras que pasan “semidesapercibidas” en comparación cos personaxes principais das letras galegas. Cita ao autor da monografía, Paco López-Barxas, como unha das persoas que mellor o coñeceu nos seus derradeiros anos de vida e coida que se trata dunha documentada obra, que outorga o necesario para valorar as súas achegas como estudoso, entre as que destacan os estudos antropolóxicos, os ensaios sobre bisbarras e diversos escritos de carácter xornalístico, histórico e pedagóxico. Armando Requeixo fai un repaso pola traxectoria de Ben-Cho-Sey sinalando que son necesarias obras coma esta para axudar a divulgar a súa figura e remarca a relevancia da publicación dos seus textos inéditos. Este volume é para el “máis que oportuno, imprescindible”.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “En recuerdo del escritor Ben-Cho-Shey”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 30 outubro 2019, contracuberta.

Indica que o 30 de outubro ás 19.30 horas se presenta o monográfico na librería Couceiro de Santiago de Compostela. No acto de presentación estarán presentes o autor da obra, Valentín García, Armando Requeixo e Xosé A. Perozo.

- José Miguel Giráldez, “Paco López-Barxas. ‘A obra máis importante de Ben-Cho-Shey é a que fixo coa súa vida por Galicia’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 29 outubro 2019, p. 16.

Recóllese unha entrevista ao autor do volume na que responde a preguntas relacionadas coa súa amizade co biografado, sobre o papel de Ben-Cho-Sey na literatura e cultura galegas e a relación deste con figuras da intelectualidade galega daquel tempo.

- Lara Blanco, “O libro é a crónica dunha amizade con Ben-Cho-Shey”, *La Región*, “Ourense”, 26 setembro 2019, p. 8.

Informa da publicación do volume, en cuxa presentación, Francisco López Barxas afirmou que “o libro é a crónica dunha amizade persoal con Ben-Cho-Sey, na que pretendo achegarme ao home, ao escritor e aos seus amigos”. Explica que o volume recolle escritos non publicados e un epistolario inédito dos seus amigos como Otero Pedrayo ou Cuevillas. López Barxas fai un chamamento para que no 2021 se lle dedique o Día das Letras Galegas ao autor que no 1986 foi homenaxeado coa Medalla Castelao.

- Xan Seoane, “A figura de Ben-Cho-Shey é posta en valor nun libro de López-Barxas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 setembro 2019, p. 38.

Faise eco da presentación do volume o 25 de setembro, na que participaron Xosé A. Perozo, Paco López-Barxas e Manuel Baltar. Este último salientou que o volume é unha

“homenaxe a Ourense e a un dos grandes das nosas letras” e tamén loou o traballo de López-Barxas que, pola súa banda, pediu para o protagonista do libro o Día das Letras Galegas 2021.

- Alfredo Conde, “Ben-Cho-Shey, ironías do destino”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 9 outubro 2019, p. 30.

Explica que está a ler o volume que repasa a figura de Ben-Cho-Sey. Salienta que o biografado por López-Barxas é bo merecedor de tal homenaxe dada a súa constante actividade literaria e cultural.

- Montse García, “Paco López-Barxas”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 30 outubro 2019, p. L10.

Informa que o autor falará sobre Ben-Cho-Sey, a quen dedica un libro para reconstruír a súa memoria, na librería Couceiro o 30 de outubro.

- Margarito Flowers, “Libro en recuerdo del humanista Ben Cho Shey”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 4 decembro 2019, p. 56.

Informa da presentación do libro na escola de Pereiro de Aguiar, na que participaron Paco López-Barxas, Manuel Baltar, Xosé A. Perozo e Antón Gómez. O autor do volume destacou o gran compromiso e amor que sentía Ben-Cho-Sey pola lingua e cultura galegas.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita o ensaio *Ben-cho-Shey inédito* de Paco López Barxas.

Murado, Miguel Anxo, *Tres minutos no aire*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 384, febreiro 2019, 232 pp. (ISBN: 978-84-9151-306-3)

Compilación de oitenta e tres pezas breves a cargo de Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965) que, como avanza o título, requiren un tempo de lectura aproximado de tres minutos. Trátase das colaboracións radiofónicas coas que, con periodicidade semanal, o autor colaborou, entre os anos 2006 e 2009, no programa *Diario Cultural* da Radio Galega. Estes textos, ás veces apegados á actualidade e ás veces produto dunha divagación ben máis casual, non teñen nin un espazo físico nin un marco espacial concretos, se ben a miúdo presentan un vencello con Galicia ou, de maneira máis xeral, con problemáticas ibéricas. Trátase dunha obra cunha gran variedade temática. Así, por exemplo, aborda reflexións acerca do xénero lingüístico (en «Xéneros», cunha breve disquisición que parte da desinencia en lingua inglesa *-man*), o celtismo (en «Celtas», onde contráponse a arqueoloxía e construción identitaria, sexa do galeguismo clásico sexa do turismo de masas representado nas tendas de *souvenirs*), a literatura e a mitoloxía (en «Ulises e Simbad», cunha revisión de ambas as figuras a partir dun feito anecdótico), as trampas xornalísticas (en «Memoria», ao redor da memoria histórica e o relato trasladado por

algunhas persoas e medios) ou, en máis dunha ocasión, as cuestións relacionadas co universo shakesperiano (en «A caveira de Yorick», «Romeo e Xulieta, revisados», «Shakespeare e o prezo do pan» ou «As preguntas de Hamlet»). Tanto o carácter sintético dos textos coma o ritmo prosódico imprimido polo autor lugués parecen consecuencia de que orixinalmente as pezas fosen pensadas para llelas radiar aos oíntes na voz do escritor. Tamén é característico de moitos textos a inclusión dalgúns desmentidos e matizacións, sexa sobre o grupo sanguíneo de Tutankhamon (en «Tutankhamon e a primavera») ou sobre a frase de orixe persa *xaque mate* (en «Cando lle dei xaque a Kárpov»).

Recensións:

- Montse Pena Presas, “A brevidade que fica. Exercicio de descuberta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Libros”, 11 abril 2019, p. VI.

Explica que o volume recolle as colaboracións que o autor realizou entre 2006 e 2009 no programa “Diario Cultura” da Radio Galega. Salienta o manexo das claves do texto literario, o ton poético e a recorrencia de certas temáticas.

-Patricia Penelas, “Filosofía no aire”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 78-79.

Patricia Penelas informa sobre a publicación de *Tres minutos no aire*, de Miguel Anxo Murado, unha compilación estruturada das súas intervencións radiofónicas no Diario cultural da Radio Galega entre 2006 e 2009 nas que reflexiona sobre antropoloxía, historia, ciencia, arqueoloxía, viaxes, literatura e arte, principalmente. Miguel Anxo Murado conta tamén co Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Premio Ánxel Casal e o Premio Frei Martín Sarmiento pola súa obra anterior *Fin de século en Palestina* (2009).

Referencias varias:

- Xesús Fraga. “Miguel-Anxo Murado. ‘A xeografía paréceme moito máis reveladora que a historia’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2019, p. 34.

Recolle unha entrevista ao autor na que fala da heteroxeneidade de temáticas que aborda no libro e sobre a querenza pola xeografía e a historia.

- Uxío Labarta, “Libros para un tempo dourado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Codex floriae”, 11 abril 2019, p. 15.

Fai alusión aos libros que, segundo el, dan gozo e quedan na memoria. En primeiro lugar menciona o ensaio *Chámame señora, pero trátame coma a un señor* (Galaxia, 2018), de Inma López Silva, que fala de mulleres e tamén de novos homes bos e daqueles de sempre. Continúa con *Tres minutos no aire* (Galaxia, 2019), de Miguel-Anxo Murado, no que este leva ao lector por eses contos de anoitecida que espertan a intelixencia, as paisaxes da memoria e a retranca, e que descubren tesouros tal como facía Álvaro Cunqueiro. Finalmente cita a Dieste e ao seu libro en lingua castelá *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).

Pardo de Neyra, Xulio, *Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia*

única (xénese e análise d'A xente da Barreira e Os señores da Pena), Ferrol: Edicións Embora, abril 2019, 220 pp. (ISBN: 978-84-17824-01-3).

Libro do investigador Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) que analiza, por unha banda, o labor como novelista de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) durante a posguerra e, pola outra, a figura de María Ignacia Ramos Díez (Baleira, 1909-Lugo, 2001), licenciada universitaria, compañeira do ferrolán e escritora ela mesma dalgunhas obras narrativas e teatrais co pseudónimo María Silgar («unha personaxe escurecida tras da identidade da proxección doutra, mais sempre enaltecida tanto intelectual como academicamente», afirma unha das súas dúas fillas, a profesora da Universidade de Vigo María Victoria Carballo-Calero Ramos, no breve prólogo que acompaña o ensaio). De igual modo, a obra aborda a faceta docente de Carvalho, en canto que impulsor do Colexio Fingoi de Lugo, unha institución de gran relevancia na historia educativa galega. Pardo de Neyra fai un repaso da época tratada e facilita algunhas claves na Introducción de case 60 páxinas que precede o estudo, carente, por outro lado, dun índice. Son frecuentes ao longo de toda a obra as citas e mencións académicas, así como tamén a inclusión dalgúns extractos e fragmentos, a miúdo directamente no castelán orixinal. O libro acompáñase dun apéndice que recolle a bibliografía e outra información documental, e reproduce cubertas, epístolas, diversa documentación gráfica e outros peritextos. Cómpre amentar de igual maneira un aparato crítico con máis de 170 notas ao pé, algunhas de grande extensión.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A luz de María Silgar”; *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 20 setembro 2019, p. 10.

Define a obra de Pardo de Neyra como un ensaio heteroxéneo de gran densidade dada a cantidade de documentación e o intenso traballo de interpretación realizado. Indica que se revelan datos novidosos sobre Carvalho Calero e o seu entorno e se repara na importancia que exerceu a súa muller, María Ignacia Ramos, e a súa familia política na obra do ferrolán. Salienta a análise de *A gente da Barreira e Os señores da Pana*. Revela que o exemplar cumpre o seu obxectivo, dar a coñecer a figura de María Silgar, autora dunha obra literaria esquecida.

- Vicente Araguas, “Carvalho por dentro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.108, 6 outubro, p. 32.

Salienta a singularidade do libro, que aborda dende diversas facetas a personalidade do polígrafo ferrolán. Valórao como un libro moi completo. Tamén se ocupa dos relatos de María Ignacia Ramos publicados en *Vida gallega e Grial*.

Referencias varias:

- Xosé María Dobarro, “Anotación”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Estrebillando”, 14 xuño 2019, p. 17.

Xosé María Dobarro, logo de facer unha primeira e superficial lectura da obra, menciona que botou en falta precisión en aspectos lingüísticos, no título da primeira novela publicada por Carvalho-Calero, indicando que debería ser o da última edición publicada

en vida do autor.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A 'longa noite'*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais universitaria, marzo 2019, 544 pp. (ISBN: 978-84-9121-481-6).

Con este cuarto volume, Xosé Ramón Pena continúa o relato da historia literaria galega que iniciou hai máis de cinco anos e que xa conta cos seguintes títulos: *Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853* (Edicións Xerais, 2013), *Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento* (Edicións Xerais, 2014), *Historia da literatura galega III. De 1916 a 1936. A xeira das Irmandades* (Edicións Xerais, 2016) e *Historia da literatura galega IVFRA. De 1936 a 1975. A 'longa noite'* (Edicións Xerais, 2019). En concreto, este último volume que acaba de ver a luz aborda, a través dos seus once capítulos, os camiños que percorreu a literatura galega nos máis de corenta anos que transcorreron entre o alzamento militar de Francisco Franco e a fin da ditadura. Dá a impresión de que a obra se pode dividir en dúas partes: unha primeira que se centra na segunda metade dos anos trinta, na década dos corenta e na dos cincuenta e outra segunda, que aborda os anos sesenta e o comezo dos setenta. Conformarían a primeira parte os primeiros cinco capítulos. A modo de contextualización, os tres iniciais constitúen o marco histórico que cómpre ter en conta para comprender a produción literaria do período en cuestión. O primeiro, titulado “A longa noite de pedra”, constitúe unha aproximación xeral ao panorama social do momento; o segundo, “Galiza 1939-1975 (I)”, céntrase fundamentalmente no contexto socioeconómico e político; mentres que o terceiro, “As coordenadas lingüístico-culturais”, aborda a situación da lingua galega. O capítulo cuarto, “A literatura de posguerra (I). A lírica”, presenta as principais tendencias poéticas que se cultivaron na posguerra –o intimismo existencialista, o formalismo/clasicismo culturalista, a ‘escola da tebra’ etc.–, así como unha aproximación aos seus máximos expoñentes. De forma análoga, o capítulo cinco, “A literatura de posguerra (II). A prosa de ficción”, fai o propio co xénero da prosa de ficción, destacando a produción literaria de Ánxel Fole e de Álvaro Cunqueiro. A segunda parte da obra tamén se abre con tres capítulos que constitúen unha contextualización xeral do período abordado –esta vez os anos sesenta e comezo dos setenta–: “Galiza 1936-1975 (II)”, no que se trata o panorama sociopolítico; “A resistencia cultural”, no que se presenta a situación cultural e “As coordenadas lingüísticas”, no que se pon o foco sobre a nosa lingua. A continuación, o capítulo nove, “A lírica: 1962-1975” aborda as principais correntes poéticas que se foron desenvolvendo durante eses anos –a poesía social, a intimista etc.– e os seus principais expoñentes, mentres que o capítulo dez, “A prosa de ficción: 1962-1975” trata as correntes narrativas máis salientábeis –a renovación poética de Blanco Amor, o realismo social-identitario de Neira Vilas e a narrativa de transición de Xohana Torres–. Pecha este volume cun capítulo dedicado ao teatro, “O teatro (1936-1973)” no que se dá conta dos camiños que seguiu este xénero durante a posguerra e a ditadura.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Unha magna obra. Profundo, comprometido, sistemático”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Libros”, 4 abril 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 651, 13 abril 2019, p. 6.

Salienta que o exemplar continúa contribuíndo a unha contextualización idónea dos

autores, obras, movementos e correntes da literatura galega. Engade que este cuarto volume segue a mesma liña de precisión que os anteriores. Destaca nel os estudos dedicados a Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyta e Celso Emilio Ferreiro.

- Vicente Araguas, “A pena non para”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.086, 5 maio 2019, p. 32.

Loa a debida contextualización dende o rigor histórico e dende unha óptica ben actual deste volume, que considera amplo e rigoroso, ameno, ilustrado e ilustrativo. Salienta que “os Cunqueiro, Blanco-Amor, Celso Emilio Ferreiro, Novoneyra, Díaz Castro, Xohana Torres, Méndez Ferrín e ‘tutti quanti’ estudados aquí por Xosé Ramón Pena, abundan para xustificar (...) unha literatura. Grande para o caso”.

- Cousillas Pena, Paula, “PENSA, Xosé Ramón (2019): *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975, A ‘longa noite’*. Vigo: Xerais, 544 pp.”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 373-374.

Sobre este volume, considera que estamos ante un “tratado amplo e rigoroso, encadrado por dúas datas do máis sinaladas”. Lembra a evolución “complexa e chea de atrancos, dunha literatura que tardou moito en volver arrancar” no período sinalado. Define o libro como “ameno”, “ilustrado” e “ilustrativo”, unha obra contextualizada dende o debido rigor histórico.

- Vicente Araguas, “Esforzo enciclopédico”, *La Región*, “La Revista”, “Con texto”, “Rabo de nube”, 31 maio 2019, p. 14.

Comeza Vicente Araguas destacando o empeño de Xosé Ramón Pena por codificar a nosa literatura agora que as enciclopedias están pasadas de moda. Afirmar que é unha “mostra do que se pode, e debe, facer para sistematizar un asunto tan serio”. Repasa brevemente os principais autores que veñen recollidos e o seu contexto e cualifica esta obra como un “tomo exemplar”.

- Ramón Nicolás, “Abordaxe sistemática e completa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 28 xuño 2019, p. 10.

Ramón Nicolás cualifica de “ambicioso” o proxecto de Xosé Ramón Pena, que vai polo seu cuarto volume, e fai referencia ao vindeiro, en proceso de preparación. Considéraa unha útil obra de referencia para todas as persoas interesadas no patrimonio literario galego, dotado dunha exhaustiva documentación, acompañada dunha “acaída contextualización histórica e socio-política, con especial atención aos determinantes marcos lingüísticos da época, e un denso e razoado labor de interpretación e valoración”. Considera este corpus literario composto pola obra dos clásicos da literatura galega, os seus datos biográficos e o seu contexto, un “traballo rigoroso”.

- Alberte Valverde, “Literatura e silencio”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 85-87.

Alberte Valverde profundiza na obra *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A ‘Longa noite’*, de Xosé Ramón Pena, que recolle teses de doutoramento, libros, artigos

e monografías en lingua galega pertencentes ao período 1936-1975 dando a entender co subtítulo de ‘longa noite’, tomado de Celso Emilio Ferreiro, que se trata dunha época moi pouco explorada. Esta obra divídese en dous períodos que á súa vez se separan en poesía e prosa. Cada sección dedicada a un xénero literario distinto conta cunha valoración xeral previa do autor e chama especialmente a atención o tratamento que fai da Nova Narrativa Galega. Non obstante, presenta unha ausencia case total de alusión ás vangardas e nótase gravemente a falta de autores paralelos a outros que si figuran, xa que foron reservados para un volume posterior.

Referencias varias:

- Salvador Rodríguez, “Xosé Ramón Pena. ‘ A Guerra Civil tronizou o xerme da normalización cultural de Galicia”, *Faro de Vigo*, “*el sádado*”, n.º 1.114, 6 abril 2019, p. 2.

Salvador Rodríguez realiza unha entrevista ao autor da obra, na que fala sobre a relevancia que lle concede ao papel dos exiliados e sobre o xurdimento de Galaxia. Explica tamén por que non incluíu a tres importantes figuras galegas da literatura en castelán e, finalmente, escolle as obras do volume que coida que mellor soportaron o paso dos anos

- Mar Mato, “Pena: ‘O piñeirismo e Galaxia postergaron os autores vangardistas galegos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 10 abril 2019, p. 36.

Recolle a presentación no Club FARO coa participación de Xosé Luís Méndez Ferrín como presentador. Pena falou do papel de Galaxia e do piñeirismo no pasado século e explicou a escolla do título deste cuarto volume. Durante a presentación, Méndez Ferrín loou a obra por ser unha “historia da literatura de autor” que fusiona os datos literarios cos políticos e históricos ofrecendo un “resultado óptimo”.

- Rosa Cano, “Chega ‘Historia da literatura galega IV, de 1936 ata 1975”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 abril 2019, p. 45.

Rosa Cano faise eco da publicación deste volume. Sinala que na presentación feita na sede da Real Academia Galega, o académico Xesús Alonso Montero loou o rigor e riqueza documental da obra. Describe o período de tempo abarcado e afirma que este volume segue a mesma pauta de achegamento á historia das letras que os anteriores.

- Tino Pertierra, “La historia del cómic gallego”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 651, “Música/Cómic”, 13 abril 2019, p. 4.

Tino Pertierra afirma sobre esta obra que “dibuja con método riguroso y pasión el retrato de una generación que revolucionó el cómic de Galicia”. Ademais, coida que é un bo traballo de recondución dunha tese doutoral a un formato que se adapta a un maior número de lectores.

- Xosé Luis Couceiro, “Unha singular historia da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*ECG dominical*”, 14 abril 2019, p. 6.

Afirma Xosé Luis Couceiro que esta obra é “resultado dun esforzo e empresa intelectual que moi poucas veces ten topado parangón na nosa historiografía literaria moderna”.

Logo de repasar a traxectoria profesional de Xosé Ramón Pena, describe os contidos do volume. Puntualiza que se opera unha selección en número de autores e de obras completas por razóns de eficacia estética e destaca o coidado contexto histórico presente na obra. Para el, esta obra xunto cos seus tres anteriores volumes, conforman a ferramenta máis apropiada para valorar as nosas letras.

- Xesús Alonso Montero, “A tetraloxía de Xosé R. Pena”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 7 xu3no 2019, p. 15.

Afirma que os catro volumes de Xosé R. Pena abranguen todos os x3neros da nosa literatura e constit3en un coidado traballo.

Quint3ns Su3rez, Manuel, *Roberto Vidal Bola3o, Unha po3tica teatral xenuinamente galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ram3n Pi3eiro para a Investigaci3n en Humanidades, 2019, 582 pp. (ISBN: 978-84-453-5325-7).

Monograf3a do ensa3sta e docente Manuel Quint3ns (Santa Comba, 1931) descrita na informaci3n paratextual como, sobre todo, «unha homenaxe a Roberto Vidal Bola3o e, naturalmente, ao teatro galego de onte, de hoxe e de sempre». A obra vai precedida de senllos pr3logos de Valent3n Garc3a G3mez, secretario xeral de Pol3tica Ling3ística (intitulado «Roberto Vidal Bola3o, un cl3sico contempor3neo») e de Armando Requeixo, secretario do CRPIH. Este 3ltimo, en «Universo Vidal Bola3o», cualifica o ensaio como «volume de consulta imprescindible». Quint3ns, quen alude ao seu traballo anterior relacionado con Vidal Bola3o (Santiago de Compostela, 1950-2002), mencionando *As actas escuras (A Nosa Terra, 2005)* ou *Agasallo de sombras (El Correo Gallego, 1992)*, distrib3e o seu traballo en catro partes: unha breve introduci3n, un ep3logo, un ap3ndice bibliogr3fico e mais dous 3ndices, un tem3tico e outro coa relaci3n de obras. Ao longo de vinte e catro cap3tulos, o autor detense tanto na vida coma na obra da figura tratada. Neste sentido, comenta aspectos de relevo como a s3a pertenza 3 Xeraci3n Abrente, un eixe renovador do teatro galego, o car3cter retranqueiro do dramaturgo ou o uso e mais o pulo dados 3 lingua en canto que sinal de identidade. Aborda as3 mesmo cuesti3ns amplas da historia do teatro galego contempor3neo, decote relacionadas moi directamente con Vidal Bola3o, como a creaci3n do Centro Dram3tico Galego en 1984 (da que inicialmente non participou) ou o veto imposto 3 s3a persoa polo conselleiro de Cultura da 3poca, V3ctor V3zquez Portome3e, levantado en 1991. Tam3n se det3n en aspectos importantes da vida privada do homenaxeado, como a s3a separaci3n de Laura Ponte en 1988 ou a uni3n laboral e sentimental con Bel3n Quint3ns en 1992, coa que fundou o Teatro de Aqu3. Informa de igual xeito acerca dos premios e distinci3ns acadados polo dramaturgo, entre eles o 3lvaro Cunqueiro en 1991 pola obra *Saxo tenor*. Aborda as3 mesmo o momento no que lle diagnostican un cancro, no ano 2000, que s3 dous anos m3is tarde concl3e co seu falecemento. Na segunda metade do libro hai informaci3n m3is t3cnica e espec3fica respecto da dramaturxia, as t3cnicas, as particularidades ling3ísticas ou a an3lise dos distintos personaxes, tem3ticas e intencionalidades da s3a prol3fica obra. O volume conta con algunha achega gr3fica puntual: a fotograf3a de Vidal Bola3o inserida no inicio e a ilustraci3n de Xos3 Vizoso reproducida a cor na capa e de novo, en branco e negro e con dous textos de acompa3amento, na abertura da IV parte («Unha s3ntese “improbable”», p. 330).

Referencias varias:

- Montse García, “Manuel Quintáns”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Otros actos hoy*”, “*Publicaciones*”, 23 outubro 2019, p. L10.

Faise eco da presentación do libro na sala municipal de exposicións do Concello de Brión, na que o autor estará acompañado por José Luis García, Valentín García e Armando Requeixo.

Rei Núñez, Luís, *Rafael Dieste. O libre pensamento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, marzo 2019, 392 pp. (ISBN: 978-84-9121-484-7).

Extensa biografía do intelectual galego Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981) escrita polo narrador, xornalista e investigador Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958), quen tivo trato con Dieste nos seus tres últimos anos de vida. A obra, de corte clásico, presenta unha división en dez partes, que á súa vez conteñen entre 3 e 10 capítulos, e avanza consonte unha liña cronolóxica sinxela e progresiva; así mesmo, o libro contén ao cabo un índice onomástico e mais un *utilogo*, sendo aí onde o autor conecta o texto con anteriores publicacións de seu, nas que tamén abordaba, dende a admiración, a figura e a obra de Dieste, sobre todo en *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste* (Edicións do Castro, 1987); mentres que Rei Núñez cualifica aquela como unha «biografía autorizada», valora a nova como «menos autorizada» e «moito máis completa». Cabe mencionar, noutra orde de cousas, que non hai, como adoita suceder neste tipo de publicacións, ningún apéndice gráfico que acompañe o texto. A aparición de nova documentación así como o paso do tempo –máis de tres décadas dende a publicación da primeira «biografía autorizada»– permiten que o autor aborde por extenso os principais fitos na vida de Dieste así como, a miúdo, o seu trato con outros moitos persoeiros que pasaron e deixaron pouso na súa vida: dende Castelao até Isaac Díaz Pardo. Así, Rei Núñez analiza o compromiso galeguista e republicano do escritor rianxeiro, indaga no seu perfil como intelectual desinteresado e discreto, explica a súa condición plurilingüe, o seu labor nas Misións Pedagóxicas (das que sabe por Pedro Salinas), a súa vertente como home de ciencia durante o seu tempo no exilio, o seu paso por lectorados universitarios, a súa designación como académico de número en 1971 ou as dúbidas que hoxe existen respecto, dalgún xeito a que as posicións e modos de Dieste teñan continuadores na intelectualidade galega, é dicir, respecto a que chegase realmente a crear escola.

Recensións:

- Mario Regueira, "Esbozo e relato", *Sermos Galiza*, n.º 345, "*fóradeserie*", "ao pé da letra", 9 maio 2019, p. 6.

O primeiro que resalta Mario Regueira é a relación persoal do autor con Rafael Dieste nos seus últimos anos de vida, posto que considera que é un contexto que os lectores deben ter para entender a “escasa base bibliográfica que recolle” e a admiración que manifesta en moitas cuestións morais e ideolóxicas, “mesmo cando estas poden resultar discutíbeis”. Sinala tamén que o ton narrativo da obra “chega a parecer monocorde”. Se ben indica que non se trata dunha fonte de investigación académica fiable, si considera a obra unha achega á figura de Rafael Dieste.

- Montse Penas Presas, “Dos arquivos de Dieste. Brillante exercicio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, “Letras Galegas”, “Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, p. X.

Define o volume como unha demorada e documentada achega a un dos nosos autores máis recoñecidos, á súa vida, formación, amizades, etc. Remarca a presenza de anécdotas que fan a Rafael Dieste máis humano e a gran intensidade nos períodos da infancia e da Guerra Civil. Sobre o estilo de Luís Rei Núñez, táchao de áxil e á vez requintado.

- Ramón Rozas, “Rafael Dieste, dende a fiestra”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 184, 19 maio 2019, pp. 2-3.

Recensiona a obra indicando que o “excelente narrador”, Luis Rei, converte a Dieste no protagonista dunha novela na que se mergulla a súa figura e no contexto sociocultural, dende o seu Rianxo natal, a Guerra Civil, o exilio en Bos Aires, as súas clases en Cambridge e Monterrey até a súa volta a Galicia.

- Miro Villar, “Dúas biografías: Castelao e Dieste”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 88-93.

Miro Villar achega unha visión persoal sobre dúas obras de carácter biográfico sobre as figuras de Castelao e Dieste: *Rafael Dieste. O libre pensamento*, de Luís Rei Núñez, e *Castelao. Construtor da nación. Tomo I. 1886-1930*, de Miguel Anxo Seixas Seoane. No caso da primeira, Rei Núñez reformula a súa biografía anterior, *A travesía dun século*, para lograr unha obra máis completa e sen o punto de vista distante que si ofrecía a anterior. A obra está estruturada en dez capítulos que se corresponden cas etapas da vida de Dieste e supón a aportación de novos datos para o coñecemento da súa figura.

- Diego Ameixeiras, “Dos arquivos de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 19 xullo 2019, p. 10.

Informa da publicación dunha biografía de Rafael Dieste da man do xornalista Luís Rei Núñez baixo o título *Rafael Dieste. O libre pensamento*. Este Rafael Dieste que Luís Rei debuxa é unha persoa libre, un gran xornalista e un incansábel animador das Misións Pedagóxicas.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Biografía e vindicación de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 abril 2019, p. 37.

Preséntase a obra como “unha visión vital pasada pola peneira da narrativa” e menciónase a relación que o biografiado mantivo con Dieste e a súa viúva, Carmen Muñoz. Xesús Fraga afirma que “*O libre pensamento* gañou en profundidade con respecto a *A travesía dun século*, aínda que mantén a mesma estrutura cronolóxica para debullar unha vida que de moitos xeitos actúa como espello do século XX”. Repasa a traxectoria vital de Dieste e o seu vencello con outros intelectuais e recolle a reivindicación que o biógrafo quere facer sobre a súa figura.

- Lourdes Varela, “Rafael Dieste foi un home radicalmente libre”, *La Opinión*, “Saberes”,

“Entrevista”, 4 maio 2019, p. 7.

Recolle unha entrevista ao autor na que explica o que quere aportar con esta biografía e a escolla do subtítulo *O libre pensamento* e na que fala sobre Rafael Dieste e a súa obra, ademais da súa relación con Manuel Antonio, Vicente Risco e Ramón Piñeiro

- Belén López, “Luís Rei. ‘Con Dieste, a novela era a vida’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 8 abril 2019, p. 22.

Co gallo da presentación do libro en Pontevedra, Belén López entrevista a Luís Rei, con quen conversa sobre o motivo de volver escribir unha novela sobre o mesmo autor e sobre a súa relación persoal con el. Rei asevera que con esta obra pretende reivindicar a figura de Dieste.

- Belén López, “A vida de Rafael Dieste como mergullo nas raíces do noso tempo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 9 abril 2019, p. 12.

Faise eco da presentación do libro en Pontevedra xunto coas xornalistas María Varela e Susana Pedreira. Luís Rei defendeu na charla a “contaminación literaria do relato ficticio e do real” sinalando os puntos en común entre ambos. Na charla, Susana Pedreira fixo alusión ao escaso número de mulleres presentes na biografía e María Varela interesouse pola figura de Carmen Muñoz.

- Lourdes Varela, “Luís Rei Núñez. ‘Rafael Dieste foi un home radicalmente libre’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Entrevista”, 25 abril 2019, p. V.

Na entrevista a Luís Rei Núñez explica o que quere aportar coa súa biografía de Rafael Dieste, que é ofrecer “un retrato de corpo enteiro”, máis alá de estudos sobre aspectos concretos. Repasa os xéneros literarios nos que se desenvolveu Dieste, a súa relación con outras figuras da literatura galega e os seus últimos anos de vida.

- S. S., “Presentan un libro sobre Dieste en su casa de Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 8 outubro 2019, p. 30.

Informa da presentación do libro na casa de Rafael Dieste o 22 de outubro ás 20.30 horas. Indica que acompañarán ao autor Adolfo Muíño, Xosé Ricardo Losada e Amparo Cereixo.

Rodríguez Pastoriza, Francisco, *A obra xornalística de José Gómez de la Cueva (Johan Carballeira)*, Santiago de Compostela: Editorial Laivento, col. Catálogo xeral, n.º 368, marzo 2019, 278 pp. (ISBN: 84-8487-434-8).

Estudo que realiza o profesor e xornalista Francisco Rodríguez Pastoriza (Bueu, 1950) sobre a produción xornalística de José Gómez de la Cueva, máis coñecido polo seu pseudónimo, Johan Carballeira (Vigo, 1902 - Poio, 1937), autor tamén de poesía, teatro e narracións breves e quen tamén foi o último alcalde republicano da vila de Bueu. A obra iníciase cun breve limiar da autoría do profesor e escritor Arturo Sánchez Cidrás. A continuación reproducécese o artigo de Rodríguez Pastoriza «En memoria de Johan Carballeira, último alcalde republicano de Bueu», publicado orixinalmente no *Faro de*

Vigo no 80 cabodano do asasinato de Carballeira. A continuación, Rodríguez Pastoriza leva adiante un estudo dos textos que Carballeira foi publicando en diversas publicacións periódicas, nomeadamente galegas (*Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego*), vertebrado arredor das principais temáticas cultivadas polo xornalista: escritos sobre a propio oficio, sobre diversos aspectos da realidade cotiá, sobre crítica social e política, sobre o amor a Galicia, sobre os acontecementos da vila de Bueu, sobre a lingua galega ou sobre a crítica cultural, entre outros.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Leccións dende o pasado. Memoria de Johan Carballeira, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Libros”, 25 abril 2019, p. VI.

Recensión do volume de Francisco Rodríguez Pastoriza, que achega ao lectorado á biografía de Johan Carballeira para logo realizar un percorrido pola súa produción clasificada en función de cinco temáticas (crítica social e política, sentimento galego, Bueu, lingua galega e xornalismo cultural). Asevera que se trata dunha lectura interesante ao ofrecer unha ordenada selección das liñas xornalísticas de Johan Carballeira, que son verdadeiras leccións dende a Galicia do pasado.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Cita con Johán Carballeira”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 20 marzo 2019, p. 8.

Indica que asistirá á presentación do volume o 21 de marzo na galería Sargadelos de Urzáiz, 17, en Vigo, ás 20.00 h.

- Ramón Rozas, “O xornalismo de Johan Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 25 marzo 2019, p. 8.

Faise eco da publicación da obra, considerándoa “un libro necesario para manter acesa aquela mirada que se reflectiu nas ondas tranquilas do mar de Bueu”. Repasa a traxectoria de Johan Carballeira e fai fincapé no vínculo da vila de Bueu coa súa figura.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “Johán Carballeira na lembranza”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.114, “No fondo dos espellos”, 6 abril 2019, p. 4.

Recolle a publicación do que indica que será un libro relevante para a historia política e cultural de Galicia para logo repasar a vida e traxectoria de Johan Carballeira. Afirma que o libro destaca a dimensión xornalística de Johan Carballeira e sinala que xa é momento para comezar a afondar na súa obra poética.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís, *Baixo o signo da bipolaridade. A poesía de María Mariño Carou*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 96, setembro 2019, 248 pp. (ISBN: 978-84-9151-392-6).

Este estudo ábrese cun limiar no que Xesús Alonso Montero presenta brevemente o ensaio e dá conta da súa relación persoal con María Mariño. Despois, o autor, Xosé Luís Sánchez

Ferraces (Ferrol, 1946), esculca a obra de María Mariño (Noia, 1907 - Folgoso do Courel, 1967) dende o eido da psicoanálise. Despois do prólogo e mais da introdución, o volume estrutúrase nos seguintes capítulos: “A poesía de María Mariño”, “A infancia: o casulo agarimento do deprimido”, “Antes que a depresión foi a perda”, “María Mariño baixo o signo da polaridade”, “A bipolaridade: un trastorno bifacial, recorrente, oscilante e traizoeiro”, “O eu bipolar é un texto. Haino que descifrar”, “Un eu dividido. ¿Dou ou máis eu?”, “Máis símbolos poéticos da bipolaridade mariñana”, “A morte”, “Felizmente, María, equivocácheste”, “A compañía da natureza” e “Unha escritura enferma”. Péchase coa conclusión, onde se establece que a poeta empregou a canle poética para reflectir “as experiencias afectivas e emocionais dunha alma sensible, sentidas e sufridas por mor da bipolaridade”, e a bibliografía.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, *Castelao. Construtor da nación. Tomo I. 1886-1930*, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Galaxia/Consortio de Santiago, col. Grandes biografías, n.º 1/Biblioteca científica do Consortio de Santiago, 2019, 1334 pp. (978-84-9151-318-6/978-84-16753-36-9).

O historiador Miguel Anxo Seixas (Arzúa, 1960), especialista na figura e na obra de Castelao, achega neste volume a primeira parte da biografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950), das tres que comporán o total, que abrangue dende o seu nacemento o 29 de xaneiro de 1886 até 1930, cando no mes de setembro se acada o coñecido como Compromiso de Barrantes, importante fito do republicanismo galego. O volume principia cunha introdución na que, amais de incorporar os agradecementos e explicar o proxecto e as súas motivacións dun xeito global, reflexiona sobre a edición de biografías en lingua galega, cuxa nacemento fixa en 1933, coa publicación de *Murguía*, de Vicente Risco. Así, por medio da exposición de distintos modelos e da mención a logradas biografías de persoeiros galegos e foráneos, apunta que o seu traballo se concibiu «como un diario persoal». A seguir, a biografía estrutúrase en 9 capítulos nos que aborda unha crónica en orde cronolóxica de todos os fitos biográficos (coma tal, nacemento en Rianxo, viaxe a Bos Aires para se reencontrar co pai, a vida na Pampa arxentina, o regreso á vila natal, o bacharelato en Compostela, os estudos de Medicina, as estadias en Madrid, o establecemento en Pontevedra, o ingreso no Seminario de Estudos Galegos ou a morte do fillo) e as distintas facetas e intereses do intelectual rianxeiro, dedicándolles atención á súa obra literaria e ás súas colaboracións na prensa e ao seu labor como debuxante e pintor autodidacta. Seixas Seoane achega multitude de datos, dende os enderezos exactos dos moitos e dispares domicilios polos que pasou Castelao até o número de reses, os montantes de pago ou as taxas de alfabetización na Galicia da época, ademais de incluír un aparato de case 2.000 notas e referencias nas que apoiar determinadas aseveracións. O volume conclúe cun apéndice gráfico de 30 páxinas.

Recensións:

-Miro Villar, “Dúas biografías: Castelao e Dieste”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 88-93.

Miro Villar achega unha visión persoal sobre dúas obras de carácter biográfico sobre as figuras de Castelao e Dieste: *Rafael Dieste. O libre pensamento*, de Luís Rei Núñez, e *Castelao. Construtor da nación. Tomo I. 1886-1930*, de Miguel Anxo Seixas Seoane. No caso da que nos ocupa é froito de numerosas reformulacións, posto que busca sintetizar a

vida e obra dunha figura de xigantescas proporcións como é Castelao, está estruturada en nove capítulos que aportan, máis que datos estritos sobre a figura do escritor, un marco histórico e situacional moi amplo e un gran número de pequenos detalles que foron pasados por alto noutras biografías previas.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Castelao, das pólas ás raíces da árbore”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xuño 2019, p. 31.

Xesús Fraga define esta obra como “un proxecto monumental por extensión, (...), alcance e minuciosidade”. Destaca que se recolle moita información que ficaba oculta e que, das pescudas realizadas polo autor, se pode ir creando un retrato de Castelao a partir de características físicas e de personalidade, perseguindo o obxectivo de ofrecer unha imaxe máis completa da polifacética figura.

- Mario Regueira, “Entrando no labirinto. Castelao en todas as dimensións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 717, “Libros”, 13 xuño 2019, p. VI.

Destaca que o autor recompila todos os elementos que formaron parte da vida de Castelao, os públicos e os privados, organizando nun eixo cronolóxico un tomo que recolle todas as dimensións de Castelao (artista gráfico, escritor, político) a un tempo. Indica que, como adaptación dunha tese de doutoramento, hai datos que poden sobrar ao público en xeral. Afirma que “pode que o autor nos faga dar algún rodeo ocasional ao longo do libro, pero consegue o seu obxectivo, que é encamiñarnos cara a saída”.

- X. L. Méndez Ferrín, “Castelao en xermolo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, “No fondo dos espellos”, 2 novembro 2019, p. 4.

Repasa a vida de Castelao co gallo de presentar o volume, do cal indica que está escrito cun estilo singular, cun galego marcado de purismo. Salienta que a narración, acompañada dunha práctica de alta retórica, logra unha lectura delectábel e asevera que Seixas realizou un excelente traballo histórico.

Referencias varias:

- Montse García, “Presentan la biografía de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 6 xuño 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do volume de Miguel Anxo Seixas Seoane no Museo do Pobo Galego.

- ECG, “Luz sobre la vida de Castelao en su última biografía”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 xuño 2019, p. 22.

Dá conta da presentación do volume no Museo do Pobo Galego, explicando que se trata dunha obra publicado polo Consorcio de Santiago xunto á editorial Galaxia.

- Caetano Díaz, “Escoitando a voz dos vencidos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “A Miguel Anxo Seixas, historiador e autor da biografía máis completa de

Castelao”, 9 xuño 2019, p. 6.

Afirma Caetano Díaz que “só un historiador comprometido co seu país, sen medo aos retos do tempo que lle tocou vivir, podía asumir a ciclópea e tarefa de escribir a máis exhaustiva e luminosa biografía de Castelao”. Salienta que se trata dunha publicación para recuperar a memoria histórica e que debuxa as liñas mestras da Galicia do porvir.

- Ocampo E., “ Seixas. ‘As ‘Cousas da vida’ de Castelao en FARO acadaron a simpatía do público co autor”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”.29 outubro 2019, p. 34.

Faise eco da presentación do volume na hemeroteca da Escola de Artes e Oficios de Vigo o 29 de outubro ás 20.00 horas. No acto, acompañarán ao autor Xosé Luís Méndez Ferrín e Francisco Castro. Explica que este é o primeiro dos tres volumes sobre a biografía de Castelao, “coincibida case coma un diario, na que se recrean os fitos máis poliédricos da súa cronoloxía persoal e pública (...)”.

Silveiro Fernández, Héctor M., *Cartas e composicións autógrafas de Antonio Fernández Morales e Mariano Cubí. Transcripción dun legado inaugural berciano do Rexurdimento*, A Coruña: Real Academia Galega, Anexos BRAG 2, 2019, 176 pp. (978-84-87987-23-6).

Héctor M. Silveiro Fernández (Vilafranca do Bierzo, 1964), académico correspondente da RAG, achega unha obra de divulgación continuadora doutros traballos previos de investigación realizados por el mesmo ao redor da figura de Antonio Fernández Morales (Astorga, 1817-Cacabelos, 1896). Recupera o autor a correspondencia de Fernández Morales co filólogo Mariano Cubí (Malgrat de Mar, 1801-Barcelona, 1875), no marco do Rexurdimento, polo que ofrece información directa e de primeira man non só relativa á época en curso senón tamén sobre os *Ensayos en dialecto berciano* (1861), a meirande obra do autor tratado. As misivas aparecen reproducidas non só a través do escaneamento dos orixinais manuscritos, senón tamén na forma transcrita, mesmo con algunhas peculiaridades de formato tales como o riscado ou os subliñados puntuais de palabras e frases. O libro acompáñase ademais dun limiar de corte analítico, no que se achegan os respectivos perfís dos persoeiros (e imaxes ilustrativas de cadaquén), así como múltiples claves de lectura (con espazo tamén para as peculiaridades do galego do Bierzo e máis concretamente para o de Fernández Morales), a debida posta en contexto, un apéndice bibliográfico e máis un índice colocado ao cabo da obra. Cabe sinalar a maiores que os contidos –agás as imaxes– xa se publicaran previamente no *Boletín da Real Academia Galega* (379, 241-305).

Referencias varias:

- ECG, “A RAG recolle as cartas de Fernández Morales nun libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 decembro 2019, p. 37.

Informa da presentación da publicación do volume que recolle as cartas que Antonio Fernández Morales lle escribiu a Mariano Cubí entre os anos 1847 e 1848. Salienta a relevancia da publicación dos textos para a literatura galega, posto que neles o poeta plasmou os seus primeiros versos escritos en galego, animado polo filólogo catalán. Estas composicións formaron parte dos *Enayos poéticos en dialecto berciano*, publicado en

1861. Os encargados da presentación foron o presidente da academia, Víctor F. Freixanes, e o autor, Héctor Silveiro.

Toro, Suso de, *Dentro da literatura*, Vigo: Xerais, col. Ensaio, 2019, 192 pp. (ISBN: 978-84-9121-466-3).

Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) ofrece neste volume unha reflexión persoal sobre a literatura e o significado do feito de escribir, tanto dende a perspectiva do individuo lector como dende a súa pertenza a un sistema literario concreto no que participa como autor. Ábrese cun limiar no que revela que este traballo responde a un encargo do seu amigo Xosé Manuel Rodríguez-Abella Gómez (Santiago de Compostela, 1957-2018), quen o convidara a preparar un traballo destinado aos lectores novos que os introducise na esencia da literatura. A seguir, a través de vinte e sete capítulos titulados, o autor compostelán vai propoñendo diversas cuestións relacionadas co oficio de escribir e as consecuencias que implica elixilo, a relación entre lingua e literatura, o papel da crítica, a función dos escritores comprometidos, a figura do denominado escritor nacional, a importancia do oído e do lido na escrita ou a soidade que arrodea a creación. Presta atención tamén ao papel do lector, quen exerce un acto particular e íntimo, e tamén á construción do canon. A este respecto, valora a súa utilidade para educar no recoñecemento e a admiración de obras do pasado, malia poñer de manifesto as relacións de poder que subxacen na súa constitución e que deixan á marxe a produción de comunidades estigmatizadas ou a das linguas sen Estado. Así mesmo, atende á relación que se establece entre o escritor e a comunidade á que pertence, insistindo na importancia do pasado e a memoria dese contexto social. Neste sentido, repasa os casos de James Joyce e a súa posición de enfrontamento coa cultura inglesa, poñendo de manifesto que se trata dun autor e unha obra que non existiría sen esa dialéctica coa súa comunidade; ou de Rosalía de Castro, que rompeu de vez coa comunidade á que pertencía e renunciou a escribir en galego. O discurso preséntase salpicado de referencias a obras e autores –entre outros, Borges, Cervantes, Shakespeare, Samuel Beckett, Thomas Hardy, Thomas Mann, Virginia Woolf, Conrad, Celso Emilio Ferreiro, Ford Madox Ford–, ademais de anécdotas e vivencias persoais arredor da súa carreira literaria e consellos dirixidos a quen pretenda emprender o camiño da escritura literaria, a modo de guía para futuros escritores ou escritoras.

Recensións:

- Pilar Ponte, “O milagre de escribir. Para o noso apetito lector”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 21 febreiro 2019, p. VI.

Explica que o ensaio de Suso de Toro se caracteriza pola fluidez, achegando ao lector todo o que aprendeu na súa angueira como escritor. Indica que o autor versa sobre o poder da palabra, a orixe do feito literario, a fama, a creación dun canon e a liberdade do escritor. Considera o volume unha “obra de cabeceira” para todos aqueles admiradores da literatura.

- Vicente Araguas, “O novelista que o quería todo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1075, 17 febreiro 2019, p. 32.

Vicente Araguas cualifica o libro de Suso de Toro como “moi sabedor (e sabido) escrito en doses pequenas, graxeas ou pilulas, con opinións (...) altamente individuais”. Entende a obra como imprescindíbel e explica que versa sobre a súa relación de amor pola literatura, onde expresa inquietude pola relación dos máis novos coa literatura en papel e onde loa as bibliotecas.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “Reflexións dun escritor sometido a crise”, *Sermos Galiza*, n.º 331, “fóradeserie”, 24 xaneiro 2019, p. 7.

Daniel Salgado dá conta da publicación de *Dentro da Literatura*, onde o autor “se debruza sobre as causas e consecuencias da escritura”. Daniel Salgado destaca a idea recollida no primeiro capítulo, sobre a “carpintaría” da escritura. Salienta tamén as reflexións do escritor sobre de boicotear o modelo de escritor co que el se formou e sobre a popularidade.

- Manolo Fraga, “Eu quixen contar o que aprendín’, di o escritor Suso de toro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xaneiro 2019, p. 38.

Faise eco da publicación da última obra de Suso de Toro na que fala da súa experiencia como escritor, un libro no que conta todo o que aprendeu, obra proposta polo seu amigo Xosé Manuel Rodríguez-Abella. De Toro fala das calidades para ser escritor e da perda de prestixio social da literatura.

- Montse García, “Suso de Toro presenta ‘Dentro da literatura’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 6 febreiro 2019, p. L9.

Informa da presentación na Librería Numax o 6 de febreiro. No acto, o autor estará acompañado de Carlos Hidalgo, Manuel González Herrán e Manuel Quintáns Suárez.

- E. P., “Suso de Toro ofrece su visión ‘personalísima’ en ‘Dentro da Literatura’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 febreiro 2019, p. 36

Faise eco da presentación do libro na sala Numax en Santiago de Compostela. Explica que o lume trata de ser unha introdución á literatura e un relato da conformación dun escritor, no que ofrece unha versión moi persoal da escritura e a literatura.

- Manuel Gago, “Cultura aleatoria”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 171, “SeiSentidos”, 17 febreiro 2019, p. 5.

Afirma Manuel Gago que o libro é “fermoso e sinxelo” e indica que se trata dunha obra de ensaio na que o autor versa entre a “disonancia posible entre o autor e a súa obra”.

- Cuca M. Gómez, “Comidas de reinauguración”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “Encuentros”, 7 abril 2019, pp. 70-71.

Fai referencia á presentación da obra no “Vermú entre libros” da Librería Paz.

Varela Puñal, Diana, *Diario sen datas dunha aborixe galega*, Santiago de Compostela: Laidvento, col. Narrativa, n.º 370, marzo 2020, 152 pp. (ISBN: 978-84-8487-442-3).

Diana Varela Puñal (Corme, 1981) ofrece nesta obra conformada por unha nota inicial da autora, de carácter introdutorio, e 22 pezas de extensión breve sobre cuestións variadas. Cun ton reflexivo en primeira persoa, Varela Puñal analiza asuntos tales como a formación da identidade (tanto individual coma colectiva), o feminismo e o progresismo (por exemplo, de forma destacada, en «Esquerda caviar») ou os múltiples agravios sufridos polos galegofalantes en canto á continuada conculcación de dereitos, sobre todo no ámbito que a autora –avogada en exercicio– mellor coñece: os tribunais de xustiza («Diario dunha muller aborixe»). Unha das constantes é a denuncia dos privilexios, sexa para a familia Franco no caso do espolio do Pazo de Meirás («Impostos aos aborixes») ou para o castelán fronte ás restantes linguas oficiais do Estado («Ser ou non ser»). Aborda así mesmo cuestións léxicas, como a teima nas formas deturpadas para, por exemplo, o topónimo Sanxenxo –tamén en «Ser ou non ser»– e relativas á prosodia e aos prexuízos que acaban por vincular lingua neutra e poder («Diario dunha nena aborixe»). Como parte do discurso, a autora apuntala ou matiza algunhas reflexións mediante a alusión a ideas de destacados persoeiros en diversos ámbitos, dende Doris Lessing, Elisabeth Badinter ou Virginia Woolf até Kapuscinski, Albert Einstein, Stefan Zweig ou Albert Camus, amais de multitude de persoeiros cun vencello directo con Galicia e a miúdo co galeguismo: Alexandre Bóveda, Noriega Varela, Rosalía de Castro, Castelao... Outros temas sobre os que opina son o coido do medio ambiente, o feísmo, os recitais de poesía, a relixión, o papel da Conferencia Episcopal Española ou as distintas versións do *panem et circenses* romano que hoxe gobernan cando menos unha parte da sociedade.

Recensións:

- Estro Montaña, “Definindo a identidade. Con poesía e con rebeldía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 9 maio 2019, p. VI.

Indica que Diana Varela Puñal presenta unha manda de ensaios moi breves nos que analiza os asuntos da realidade que máis lle interesan. Defende a dignidade ética en cuestións como a violencia, a atención aos maiores, a desigualdade ou a deturpación da paisaxe. Considera o volume un libro con frescura ben encadrado na actualidade.

- Armando Requeixo, “Eu tamén aborixe”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1090, 2 xuño 2019, p. 30.

Armando Requeixo comeza repasando a traxectoria literaria da autora para logo presentar brevemente o libro, definíndoo como diario de vivencias no que a autora versa sobre o concepto de identidade, a poesía e a ética. Destaca nesta o sentimento de “aborixe galega”, o tratamento que se lle dá aos nacionalismos periféricos e as páxinas dedicadas á ética e a estética. Afirma que continuaría loando a claridade coa que expón diversos temas recollidos no libro, mais, como na columna non ten espazo abondo, insta a unha imperiosa lectura da obra e a actuar en consecuencia.

- César Lorenzo Gil, “Longas columnas de opinión”, *Tempos Novos*, n.º 271, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, decembro 2019, p. 83.

César Lorenzo Gil fai unha recensión do ensaio *Diario sen datas dunha aborixe galega*, de Diana Varela Puñal. Escrito nunha lingua directa e coloquial, a autora reflexiona sobre tres alicerces fundamentais: identidade, ética e poesía. O ensaio “que podemos catalogar como unha obra de opinión xornalística”, presenta algunhas taras, segundo Lorenzo Gil, tanto na forma coma no contido: algúns dos motivos polos que o autor amosa o seu descontento coa obra son o ton agresivo, as opinións pouco fundamentadas, o discurso desestruturado e o desleixo lingüístico.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Diana Varela Puñal. ‘Cualificarme a min mesma de aborixe é un acto de rebeldía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 718, “Entrevista”, 20 xuño 2019, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Entrevista”, 29 xuño 2019, p. 7.

Entrevista a Diana Varela Puñal na que fala das súas ocupacións e da fundación da súa editorial. Pon de relevo a poesía e a ética e fala de como lle viu á mente a idea de escribir o libro. Opina tamén nesta entrevista sobre o movemento feminista e o nacionalismo galego.

- Diana Varela Puñal, “Diario dunha aborixe galega”, *Sermos Galiza*, n.º 353, “*fóradeserie*”, “literatura”, 4 xullo 2019, p. 7.

A autora indica que comezou a escrita da obra logo de varios desprezos vividos por empregar o galego, especialmente cando no xulgado se lle requiriu falar en español. Para ela, a intelectualidade é allea aos problemas reais e afirma sentirse reprimida polos integrantes da súa mesma cultura. Define o seu diario como un relato de vivencias, “un libro que tenta buscar os valores non na política, nin nos protagonistas dos medios de comunicación, senón na propia conciencia, na coherencia vital, no respecto polos non maiores como símbolo de progreso, na ecoloxía, no poder da tenrura e da poesía”.

VV. AA., *Ler e vivir. Homenaxe a Luís Alonso Girgado*, Armando Requeixo (ed.), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, xaneiro 2019, 329 pp. (ISBN: 978-84-453-5317-2). ♦

Este volume, ao coidado de Armando Requeixo e publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, eríxese como un tributo a Luís Alonso Girgado (Ferrol, 1946), profesor catedrático de Lingua e Literatura Galegas, investigador de literatura galega no CRPIH, crítico e colaborador en diversas revistas literarias. Para comezar, Román Rodríguez González (Conselleiro de Cultura e Turismo), Valentín García Gómez (Secretario Xeral de Política Lingüística), Manuel González González (coordinador científico do CRPIH) e o propio editor, Armando Requeixo (Secretario Científico do CRPIH), asinan uns textos a modo de saudación. Logo dunha cronoloxía biográfica de Alonso Girgado, ofrécese unha escolma de textos da súa autoría que viron a luz en diversos formatos: en edicións facsimilares (textos sobre publicacións periódicas: *Aturuxo*, *Posío*, *Alba*, *Alma Gallega*, *Yunque* ou *Saudade*, entre outras), na prensa (textos sobre Ferrol e letras de Hispanoamérica) e en libros e revistas (arredor da produción literaria de Castelao, Ánxel Fole, Rafael Dieste, Avilés de Taramancos, Xosé María Álvarez Blázquez, Uxío Novoneyra e Filgueira Valverde). En último lugar atopamos un epistolario no que podemos ler comunicacións que lle enviaron ao autor

emisarios como Claudio Rodríguez Fer, Miguel Anxo Fernán Vello, Salvador García-Bodaño ou Pepa Barrios, entre outros.

Referencias varias:

- Koro Martínez, “Ler vivir”, merecidísima homenaxe no Ramón Piñeiro a Alonso Girgado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 setembro 2019, p. 37.

Repasa a traxectoria de Luís Alonso Girgado e indica que o 20 de setembro se presentará o volume no que se recolle dende o seu currículo académico, até unha cronobiografía, con diversos ensaios e artigos. Salienta a Laura Piñeiro Pais como destacada colaboradora e a Armando Requeixo como editor.

- Koro Martínez, “O mundo da cultura homenaxea hoxe a Luís Alonso Girgado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 setembro 2019, p. 37.

Informa da homenaxe que terá lugar no propio día a Luís Alonso Girgado, impulsada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Na cerimonia, que comezará no pazo de San Roque, presentárase o ensaio *Ler é vivir. Homenaxe a Luís Alonso Girgado*, que compila ensaios e artigos escritos polo homenaxeado, unha cronografía sobre el elaborada por Armando Requeixo e diversas fotografías de Alonso Girgado.

- Rosa Cano, “Luís Alonso Girgado, protagonista dunha homenaxe que honra ás letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 setembro 2019, p. 35.

Faise eco da homenaxe que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades lle rendeu a Luís Alonso Girgado, con motivo da súa xubilación. Lembra os poemarios recuperados por el, as súas entregas dos *Cadernos Ramón Piñeiro* e o case medio cento de facsimilares. No acto, no que participaron Valentín García, Manuel González, Armando Requeixo, Víctor F. Freixanes e Claudio Rodríguez Fer, presentouse o volume homenaxe ao profesor, investigador e crítico literario.

- Guillermo Llorca Freire, “Unha gratitude compartida para un ferrolán exemplar”; *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.106, 22 setembro 2019, p. 35.

Con motivo da publicación do volume, repasa a longa traxectoria de Luís Alonso Girgado e a súa contribución cultural na súa cidade natal, Ferrol.

VV.AA., *Hei de entrar no meu povo: reivindicarmos Carvalho Calero*, Ferrol: Embora, outubro 2019, 200 pp. (ISBN: 978-84-949843-9-6).

Volume colectivo adicado á figura de Carvalho Calero, co obxectivo de volver á súa figura e incidir na importancia que esta merece. Comeza cun breve limiar a cargo de María Victoria Carballo-Calero Ramos, con data no 19 de maio de 2018, no que recompila a vida do homenaxeado, o seu pai; mentres que a continuación prosegue un Manifesto carvalhista, no que se declara a intención de reivindicar ao autor ferrolán e

divulgar a súa obra e pensamento, que é seguido, á súa vez, da homenaxe propiamente dita. Esta homenaxe está dividida nos capítulos intitulados “Carvalho Calero e a política (1926-1990)” a cargo de Bernardo Máiz Vázquez, “Ricardo Carvalho Calero, o estudoso da literatura” coa autoría de Henrique Dacosta López, e “Carvalho Calero, lingüista por amor” de Xosé María Dobarro Paz. Continúa unha detallada “Cronobiografía de Ricardo Carvalho Calero”, a cargo de Bernardo Máiz xunto a un “Ato final na Capela do Antigo Hospital de Caridade, Ferrol, 19 de maio de 2018”, presentado por Xosé Manuel Pazo Blanco, no que se dá conta de diversos poemas dedicados á figura do homenaxeado. Finaliza o volume cun “Apéndice gráfico” e con outro “Apéndice documental”; culminado cos correspondentes agradecementos. Inclúe os seguintes estudos no que concirne á literatura galega:

- Henrique Dacosta López, “Ricardo Carvalho Calero, o estudoso da literatura”, pp. 55-64.

Repaso do traballo no eido da literatura do autor homenaxeado. Focalízase esencialmente no traballo de Carvalho Calero como crítico literario, con especial relevo da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, os seus estudos sobre Rosalía de Castro ou a valoración que fai de Ramón Otero Pedrayo. Finalmente sinala tamén o seu traballo como editor e orador.

- Bernardo Máiz Vázquez, “Cronobiografía de Ricardo Carvalho Calero”, pp. 107-114.

Recompilación de todos os feitos acaecidos ao longo da súa vida; incluíndo os do eido literario.

- VV.AA., “Ato final na capela do antigo Hospital da Caridade de Ferrol”. pp. 115-134.

Descrición do acto en homenaxe a Carvalho Calero, no que se inclúen unha serie de poemas ao seu nome coa autoría de Vicente Araguas, Iolanda Teixeira Rei, Marcos Abalde Covelo, Aitana Tizón e Roi Sanz, Karlotti Valle e Guillermo Ferrández, Miguel Anxo Fernán Vello, Medos Romero, Eva Veiga e Xosé María Álvarez Cáccamo.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Un carballo en Ferrol”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.113, 10 novembro 2019, p. 32.

Loa a participación no volume de Bernardo Máiz, Henrique Dacosta e Xosé María Dobarro, que veñen acompañados dun chamativo conxunto gráfico. Salienta tamén a “coroa poética a prol deste Carvalho”, cun mollo de poemas participantes no recital do 19 de maio de 2018. Salienta que este fermoso volume homenaxe foi posíbel grazas a Xosé María Dobarro Paz, Bernardo Máiz Vázquez, Xosé Manuel Pazo Blanco e Vitor Santalla Gil. Bota en falta os traballos de Aurora Marco, Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer.

VV. AA., *Non me deas diñeiro / polo que che dou. Tributo académico a Avelino Díaz (1897-1971)*, vol. 1, Benigno Fernández Salgado e Tina Poethe (eds.), Santiago de

Compostela: 3D1T0R4, febreiro 2019, 122 pp. (ISBN:978-84-947180-2-1).

Dúo de volumes en homenaxe a Avelino Díaz, este primeiro dedicado á súa faceta como poeta. No propio limiar, os editores explican que este tributo académico ao autor orixinario de Meira se centrará en facer memoria de tres das facetas do polígrafo: a de poeta, a de xornalista e a do seu activismo e compromiso coa cultura. Este primeiro volume conta coas achegas de Benigno Fernández Salgado, Paulino Novo Folgueira, Alicia Sentí Janssen e Andrea Castelo Veiga, Ana Acuña, Rocío Villanueva González e Icíá Moreiras Villamarín, Sofía Malvido Cordeiro, Paco Veiga e Josefa Piñeiro. No que concirne á literatura galega, contén os seguintes capítulos:

- Benigno Fernández Salgado, “Xustiza poética para Avelino Díaz – memoria literaria e reparación histórica”, pp. 11- 38.

Fernández Salgado parte do marco teórico da “xustiza poética” de Nussbaum para estudar a obra literaria de Avelino Díaz, interpretando a ausencia do autor das antoloxías e historias da literatura galega como efecto colateral da represión franquista. Explora a obra poética de Díaz identificando cinco *topoi*: a terra, o amor, o compromiso e a solidariedade, a sensibilidade ante a natureza e a existencia humana. Explica tamén os motivos para darlle un lugar de visibilidade a Avelino Díaz no panorama das nosas letras.

- Paulino Novo Folgueira, “Apelativos e significados aplicados a persoas na obra de Avelino Díaz, pp. 39-62.

Estuda os apelativos de carácter expresivo que aparecen na obra en galego de Avelino Díaz, elaborando un glosario no cal analiza os parámetros de “lingua de substrato e de adstrato”, “fontes da lingua literaria”, “palabras de uso literario inédito”, “outras características da lingua literaria” e lista os apelativos recollidos na súa obra baixo o epígrafe de “léxico aveliniano de apelativos e insultos”.

- Alicia Sentí Janssen e Andrea Castelo Veiga, “Que din os rumorosos? Referencias celtas en *Debezos* de Avelino Díaz”, pp. 63-76.

Sentí Janssen e Castelo Veiga parten da hipótese da influencia que as tres grandes figuras do Rexurdimento galego exerceron na linguaxe de Avelino Díaz, en particular a figura de Eduardo Pondal xunto con Manuel Murguía, que o inspiraron a seguir unha liña celtista na súa escrita. Para tal fin, seleccionan os poemas de *Debezos* que fan alusión ao mundo celta

- Ana Acuña, “Santa, compañeira e natureza viva. A muller na obra en galego de Avelino Díaz”, pp. 77-84.

Analiza a presenza da muller na poesía galega de Avelino Díaz dende a perspectiva do ecofeminismo e a asociación entre a muller e a natureza como un factor de creatividade e mantemento da vida.

- Rocío Villanueva González e Icíá Moreiras Villamarín, “Desde Bos Aires con amor?. Tipos de amor en *Debezos* e *Pallaregas* de Avelino Díaz”, pp. 85-98.

Exploración dos diferentes tipos de amor presentes na obra literaria en galego de Avelino

Díaz, amentando o amor romántico do poemario *Debezos* (apaixoado, á familia e á terra), o amor erótico de *Pallaregas* (o amor apaixonado e o amor á terra),.

- Paco Veiga, “A infancia e os xogos na poesía de Avelino Díaz”, pp. 111-124.

Debulla a pegada dos xogos tradicionais galegos na obra do poeta meirego, analizándoo dende as perspectivas “o emigrante e a Terra”, “a maí como actor lírico”, “a infancia evocada”, “o neno”, “a escola”, “os xogos” e “outras referencias á infancia e á mocidade”.

- Josefa Piñeiro, “Pobreza e miseria na poesía de Avelino Díaz”, pp. 125-134.

Considera o tratamento da pobreza e da miseria na poesía de Díaz dende as perspectivas da pobreza como construción social e da pobreza como virtude.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Avelino Díaz, escritor por (re)coñecer”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexta”, “Ensaio”, xuño 2019, p. 82.

Armando Requeixo fai unha recensión da obra *Non me deas diñeiro polo que che dou. Tributo académico a Avelino Díaz*, obra editada por Benigno Fernández Salgado e Tina Poethe, que reúne unha colección, en dous volumes, de dezaseis estudos académicos en torno á figura do poeta, co fin de acadar “xustiza poética (...) Memoria literaria e reparación histórica”, en palabras de Requeixo. O autor fai un repaso polas temáticas principais dos estudos recollidos en ámbalas dúas entregas, que gardan relación, principalmente, ca súa actividade coma poeta, xornalista e co seu compromiso social. Paulino Novo, Josefa Piñeiro, Paco Veiga, David Formoso ou Susana Brandariz, son algúns dos estudosos encargados da confección de cada un dos capítulos. Segundo Requeixo, *Non me deas diñeiro polo que che dou é un tributo académico á Díaz* mais que merecido.

VV. AA., *Non me deas diñeiro / polo que che dou. Tributo académico a Avelino Díaz (1897-1971)*, vol. 2, Benigno Fernández Salgado e Tina Poethe (eds.), Santiago de Compostela: 3D1T0R4, febreiro 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84-947180-3-8).

Dúo de volumes en homenaxe a Avelino Díaz, este segundo centrándose no ámbito xornalístico. Conta coas achegas de Xosé López García, David Formoso, Vanesa Gómez Lourido, Silvia Allende, Beatriz Feijoo e Aurora García, Susana Brandariz, Inés Mosquera Calvo, Janet Díaz Portela e Miro Villar. Pechan o volume os agradecementos e un índice de temas e nomes. No que concirne á literatura galega, contén os seguintes capítulos:

- David Formoso, “Sen noticias de Avelino Díaz. A súa vida e obra na prensa editada en Galicia (1921-2001)”, pp. 17-30.

David Formoso analiza a pegada do poeta de Meira na prensa en Galicia no período que vai dende a súa instalación en Bos Aires até o trixésimo aniversario da súa morte, revisando os xornais *El Compostelano*, *El Diario de Pontevedra*, *El Emigrado*, *Galicia*, *Hoja oficial del lunes*, *El Ideal Galego*, *La Libertad*, *La Noche*, *El Norte de Galicia*, *Nós*,

El Noticiero Gallego, El País, El Progreso, El Pueblo Gallego, RAIG, La Región, El Regional, Las Riberas del Eo, El Tea, Vallibria e La Zarpa.

- Vanesa Gómez Lourido, “Traendo á casa a Avelino. Noticias sobre a recuperación da súa obra e vida nas páxinas de *El Progreso*, e *La Voz de Galicia* (2002-2017)”, pp. 31-48.

Realiza unha revisión xornalística dos dous xornais con maior número de lectores na provincia de Lugo (*El Progreso* e *La Voz de Galicia*) co fin de analizar como se reflectiu o rescate e actualización da obra de Avelino Díaz dende o 2002, ano que se corresponde coa publicación do libro de Marivel Freire sobre Avelino Díaz.

- Silvia Alende, Beatriz Feijoo e Aurora García, “A cobertura informativa nos principais xornais galegos do pasamento de Avelino Díaz”, pp. 49-60.

Estuda a cobertura informativa do pasamento de Avelino Díaz nos principais xornais galegos do momento (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso* e *La Región*) na semana posterior ao seu falecemento o 29 de marzo de 1971. Inclúen tamén unha entrevista a Neira Vilas, que o coñeceu na súa estada en Bos Aires.

- Susana Brandariz, “Avelino, activista”, pp. 61-72.

Analiza o compromiso co galeguismo de Avelino Díaz presente na súa obra poética e na súa colaboración en publicacións da época. Sinala na súa ideoloxía o galeguismo patriótico, o asociacionismo ligado á emigración e o republicanismo laico.

- Inés Mosquera Calvo, “Avelino Díaz, o poeta como tradutor de poesía”, pp. 73-90.

Estuda o labor exercido por Avelino Díaz como tradutor entre o portugués, o castelán e o galego en publicacións seriadas da época e libros publicados. Analiza a poesía de temática galega que traduciu cara ao galego dos autores Ángel Lázaro, Emil Farhat, José Ramón Lence, Cándido A. González e Víctor Luis Molinari. Dá conta tamén da súa faceta autotradutora entre o castelán e o galego.

- Janet Díaz Portela, “Cinco cartas de Avelino Díaz á súa familia. Ensaio sobre o impacto da emigración na súa personalidade”, pp. 91-102.

Bosquexa un perfil psicolóxico do autor a partir de cinco cartas que escribiu ao seu curmán e á súa nai nos anos 1948 e 1949.

- Miro Villar, “Posfacio. Sinerxías entre os poetas na diáspora galega na Arxentina: Avelino Díaz, Xervasio Paz Lestón e Antón Zapata”, pp. 103-122.

Miro Villar ofrece unha breve aproximación á poesía galega de posguerra, da creación literaria até 1947 e da relación entre Avelino Díaz, Xervasio Paz Lestón e Antón Zapata

Recensións:

- Armando Requeixo, “Avelino Díaz, escritor por (re)coñecer”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, xuño 2019, p. 82.

Armando Requeixo recensiona os dous volumes indicando os contidos que se poden atopar e dá os parabéns aos colaboradores e aos responsábeis por este volume que pretende traer “xustiza poética”, “memoria literaria” e “reparación histórica” para Avelino Díaz co gallo de estimular o debate literario arredor da produción do autor meirego e valorar o seu legado.

VV. AA., *Manuel Antonio e mais nós. Homenaxe a Manuel Antonio*, A Coruña: Hércules de Ediciones, abril 2019, 220 pp. (ISBN: 978-84-949843-9-6).

Libro de homenaxe a Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930) ideado polo Centro Integrado de Formación Profesional Manuel Antonio de Vigo, no que colaboraron máis de sesenta persoeiros do mundo das artes, a crítica e a edición galega, e puntualmente de fóra. Ábrese cun limiar institucional a cargo do conselleiro de Cultura e Turismo do momento, Román Rodríguez, quen cualifica o manifesto *¡Máis alá!* e o poemario *De catro a catro* como fitos da cultura contemporánea galega, e con sendos prólogos de Rubén Otero, director do CIFP Manuel Antonio, e de Julio Alonso, profesor de Química no citado centro e coordinador da obra, quen fai un repaso pola historia que conduciu á conformación do libro e lle agradece á Dirección Xeral de Política Lingüística a súa implicación no proxecto e o financiamento económico asumido, agradecemento que logo fai extensivo a outras persoas e institucións. Ademais das colaboracións relacionadas co labor literario de Manuel Antonio que se resumen liñas abaixo, o libro acolle as creacións poéticas de Fran Alonso (p. 27), Alberto Barciela (p. 37-41), Paula Carballeira (pp. 53-54), Francisco Castro (pp. 63-64), Asun Estévez (p. 71), Pepe Cáccamo (p. 73), Modesto Hermida (pp. 95-96), ademais dun relato de Inma López Silva («Boas vacacións», pp. 125-127), Luis García Mañá (pp. 140-141), Patricia Meira (p. 147) e Ruth Oliveira (p. 161). As homenaxes gráficas chegan da man de Marta García Brea, Xurxo Lobato, José María Barreiro, Gogue, Xulio Gil, Marcos Canosa, Carmen Hermo, Evaristo Pereira de la Torre, Fran Herbello, Paula Mariño, María Xosé Pulido Cid, Adela Rodríguez, Antón Sobral, Ricardo Grobas, Irene Silva e Nelson Villalobos. Inclúese tamén un tema musical inédito de Quico Paz Antón ao que se pode acceder cun código QR e a receita dun cóctel creado *ad hoc* para homenaxear o escritor por José Soto, responsábel do Casino A Toxa. Velaquí o resumo do contido do resto das colaboracións: Alonso Montero (Vigo, 1928), ademais de comparar a figura de Manuel Antonio coa de Joan Salvat-Papasseit (1894-1924), tamén autor dun manifesto rupturista intitulado *Contra els poetes amb minúscula: primer manifest catalá futurista* (1920), refírese á xénese de *De catro a catro*, aludindo á primeira edición, publicada na Coruña (Nós, 1928); á segunda, editada en Buenos Aires en 1940, ao coido de Luís Seoane, ilustrada por Manuel Colmeiro e prologada por Rafael Dieste; e tamén á tradución ao castelán do poemario, obra do propio Dieste para a edición bilingüe de 1940. Cita tamén obras posteriores do autor que se publicaron en 1972 da man de Galaxia, con limiar e notas de Domingo García-Sabell, amais de eventos que acrecentaron a súa figura como a celebración do Día das Letras Galegas de 1979 ou a publicación do volume *Correspondencia* (Galaxia, 1979), cuxo contido foi ampliado en 2015 por Xosé Luis Axeitos, pasando das 237 ás 421 cartas.

Henrique Alvarellós (Lugo, 1968), en «*De catro a catro*, un caderno contábel en verso (breve crónica da edición dun manuscrito)», dá conta da historia que concluíu coa publicación, en 2016, dentro da colección «Rescate» de Alvarellós Editora, do mencionado poemario, «unha das cimas universais da poesía de vangarda», onde xogou un papel relevante o seu antigo profesor Anxo Tarrío Varela, responsábel ademais da transcripción do texto. Conclúe coa reprodución dalgúns dos afagos que a crítica lle

dedicou ao recuperado libro de Manoel Antonio.

Xosé Luis Axeitos (Asados, 2004), en «As erratas, *casus belli* na obra de Manoel Antonio», parte dunha serie de anécdotas acerca das erratas aparecidas en distintas obras de autores en lingua castelá, como Cernuda, Eduardo Dieste ou Emilio Ballagas, e expón a denuncia en 1929 de Manoel Antonio contra o director do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, por, entre outras cousas, non respectar a disposición tipográfica dunha nota numeral, a estrutura en bandeira dos versos nin as formas contractas. Fala logo dalgúns precedentes e seguidamente pon en valor a preocupación do rianxeiro pola maquetaxe, na medida na que «consideraba a escrita como unha linguaxe construída con rigor, concepción que anoa a Manoel Antonio á mellor tradición humanística».

Ana Baena (Vigo), en «Descuberta tardía», fala da súa descuberta serodia da obra do poeta, cuxo compromiso e sentir nacionalista con Galicia lle interesan dun xeito especial. Alude máis tarde a unha ruta preparada por Xurxo Martínez con espazos ligados a Manoel Antonio en Vigo e a como, unha vez máis, levou unha sorpresa ao se achegar ao personaxe. Para acabar, reclama unha maior atención á súa figura e declárase, nese sentido, unha comprometida coa causa.

Xosé Manuel Beiras (Compostela, 1936), en «Manoel-Antonio: de “Nunca máis” a “Máis alá”», fai unha «advocación» do escritor. Recorda a entrevista en Asados coa nai de Manoel Antonio, sendo el un adolescente; tamén a primeira vez que viu o texto de «Máis alá», fala do seu carácter de manifesto e dos elementos vangardistas que incorpora, e acaba cunha reivindicación da vixencia de Manoel Antonio, máis ca dos contidos, «da actitude que emergulla en “Máis alá”», algo que liga con «Nunca máis», unha «vaga atlántica de rebelión contra a adversidade».

Xurxo Borrazás (Carballo, 1963), en «A estrela de Manoel-Antonio», analiza algúns dos trazos da personalidade de Manoel Antonio, de quen di que cumpre con todos os tópicos que se lle atribúen ás estrelas de rock. Alude tamén ao manifesto «Máis alá» e reflexiona, sabedor da esterilidade do debate, sobre cal podería ser a súa evolución de non morrer tan novo, talmente coma algunhas das máis grandes estrelas da música (Hendrix, Janis Joplin, Kurt Cobain...). Por último, fala da incomodidade que producía esa condición *estelar* de Manuel Antonio en moitos dos seus compañeiros de loita (Risco, Castelao, Dieste...).

Xerome Calero, en «Manoel-Antonio, mais alá», analiza distintos fragmentos do citado manifesto, que reproduce e enmarca en función da temática, do público ou do concepto aludido en cada pasaxe (hipocrisía, liberdade, o novo contra o vello e caduco, a lingua como razón suprema dun pobo...).

Manuel Castelao Mexuto (Compostela, 1956) sostén, en «*De catro a catro*, desde (o) Manoel-Antonio», que mentres moitas obras feitas polas vangardas caeron na «pura obsolescencia», *De catro a catro*, pola contra, non parou de medrar. O mesmo lle sucedeu á figura de Manuel Antonio, que non cesa de fascinar a lectores de todas as idades. Fala tamén dunha resistencia da obra perante a banalización, alude ás reivindicacións de Rompente, sinala a presenza na escrita do rianxeiro dunha saudade atravesada polo humor e insiste na condición de clásico moderno do escritor.

Alfredo Conde (Allariz, 1945), en «Palabras pra engadir a un libro encol de Manuel Antonio», afirma que a Galicia («falando así, en xeral») Manuel Antonio «non lle importa un pito», pero que ao revés sucede o contrario: «Galicia foi importante para Manuel Antonio». Destaca do rianxeiro que puxo a lingua «non ao servizo das súas ideas políticas» senón «ao servizo da literatura». Enxalza logo a «Historia da Literatura Galega Contemporánea» de Carvalho Calero, «o único traballo dos que levo lido que fai comprender a postura vital e os ditados das vangardas». Tamén fala Conde dun Castelao «incapaz de comprender no seu momento as vangardas [históricas]» e acaba destacando a Manoel Antonio como poeta superior aos seus homólogos peninsulares e «equiparable

a Cocteau, Mac Orlan, Mallarmé ou Apollinaire», así como sinalando a débeda que Galicia ten con el.

Ledicia Costas (Vigo, 1979), en «O mar de Manuel Antonio», fala do enorme impacto que produciu nela a obra de Manuel Antonio e a súa concepción do mar. Indica que ao mergullarse nos libros do poeta rianxeiro se viu «arrastrada a un universo onde todo sangra porque todo está vivo», sinala a súa capacidade para «fundir a morte, a perda e soidade», e afirma que, para ela, esa forma de escrita logra «rebentar os diques da sensibilidade».

Montse Fajardo (Vilagarcía de Arousa, 1973), escribe un relato intitulado «Na procura das follas perdidas do cartafol da memoria», para o cal emprega a voz dun narrador externo. Céntrao nunha rapaza mentres realiza un exame (nunha época na que había BUP e COU) no que «caeu “O cartafol do vento”», ao que debe consagrar o comentario de texto. Isto dálle pé para reflexionar sobre *De catro a catro* dun modo xeral, intercalando versos de «Adeus» ou «SÓS», que en paralelo vencella á propia experiencia vital da moza protagonista, quen parece ter tinguiduras autobiográficas.

Francisco Fernández Rei (Fefiñáns, 1952), en «A arela de liberdade de Manuel Antonio nun mar irreal sen ribeiras nin costas», traza un perfil do autor homenaxeado e aborda algunhas cuestións relativas ao mar descrito polo autor rianxeiro. Para iso, parte do capítulo 3.1, «Unha singradura cara á liberdade», recollido nun discurso de seu que lera en setembro de 1999 e intitulara «Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar de Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria».

Manuel Forcadela (Forcadela, 1958), en «Os horizontes (de expectativas) manuel-antonianos», empeza por vincular a visión de Manoel Antonio coa posterior de Hans Robert Jauss, valedor da Estética da Recepción. Explica ao primeiro tres puntos para unha nova forma de entender a ciencia literaria e desenvolve a seguir até sete teses da autoría de Jauss, para finalmente concluír que moitas das ideas manexadas polo rianxeiro antecederon en tres décadas as ideas manexadas por Jauss.

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), en «Porque naveguei con Manuel Antonio no paquebote da súa poesía», comeza cun eloxio á biografía de Manoel Antonio escrita por Xosé Ricardo Losada, pasa logo a identificarse co rianxeiro na «fusión de vida e poesía», na súa condición de «rebelde, quizais tardío, como me pasou a min» e no moito que ambos os dous comparten de Ulises.

Xabier Limia de Gardón, en «Co berro de “Máis alá!”, xorde unha Galicia nova», fai, con mención a diversos fitos e datos da época, unha análise e contextualización históricas dos acontecementos que rodearon a publicación de «Máis alá!» e conclúe coa inserción dun breve apéndice gráfico composto por sete fotografías a cor.

Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958) escribe en «De Mallarmé á arte concreta, con Manuel Antonio no centro. Espazo gráfico e palabra poética» sobre as relacións entre as artes plásticas e a literatura como un fenómeno constante, e achega logo exemplos enmarcados nas vangardas históricas, con alusións á poesía de Mallarmé, Apollinaire ou Pierre Reverdy, en diálogo coa de Manuel Antonio e a doutros autores galegos. Fai así mesmo un detallado repaso polas distantes correntes plásticas e literarias (cubismo, creacionismo, futurismo, ultraísmo, concretismo...).

Kathleen March (Nova York, 1949), en «O tradutor, o traducido», reconece a obra de Manoel Antonio como creacionista, corrente cuxo máximo expoñente foi o chileno Huidobro. Fala así mesmo da idea dun «poeta de Rianxo como tradutor, tradutor doutros medios criativos (*sic*) como as artes plásticas, tradutor da simultaneidade conceptual como Picasso», e achega a continuación unha mostra dos 4 poemas («Us, Alone», «S.O.S», «Elbows on the railing» e «Night inside out») de Manoel Antonio vertidos «do galego de Rianxo ao inglés de Nova York ou de Maine».

Xoán Mariño, profesor de Lingua e Literatura Galegas, escribe en «Cos cóbados no barandal» sobre o seu achegamento á obra do autor rianxeiro e sobre a súa idea dun Manuel Antonio semellante a «un Jim Hawkins á busca da súa *Illa do Tesouro*». Seguidamente, o autor fai un breve percorrido pola historia persoal e bibliográfica do homenaxeado.

Xurxo Martínez González (Vigo, 1984), en «Manoel Antonio inoxidable», fala dun autor e dunha obra que considera resistente, lembrada e vixente, por «saber que formaba parte dun pobo cunha cultura de seu», algo que «está vivo na súa escrita, nos versos e na prosa». A continuación, céntrase no papel de Vigo na vida e obra do de Asados e alude logo ao feito de que fosen os novos (Cunqueiro, Iglesia Alvariño ou, máis tarde, o grupo Rompente) quen reivindicaron o poeta tras o seu pasamento.

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), en «Poética e política en Manuel Antonio», describe a poesía de Manuel Antonio como «inscrita nun marco político revolucionario» e analiza a continuación tanto os elementos anovadores coma aqueles dos que prescinde (a toponimia, a visión realista do país...). Así mesmo, atribúe ao Manuel Antonio republicano a idea dunha República Galega e o pulo primeiro cara a unha Central Sindical Obreira Galega. Vincúlao, asemade, coa Liberación Nacional, mentres que o afasta, na faceta plástica, de calquera poética rexionalista. Fai tamén unha alusión final a Rompente, grupo que reivindicou o autor rianxeiro.

Avelino Muleiro (San Cristovo de Cea, 1943), en «Manuel Antonio, náufrago posmoderno», fala da unanimidade á hora de identificar elementos vangardistas na poesía de Manuel Antonio, que relaciona coa posmodernidade, polo que ten de «pretender substituír o vello e caduco polo novo, orixinal e rompedor». A seguir aborda, primeiro, a relación entre vangarda e posmodernidade e, segundo, as especificidades de *De catro a catro*, cunha serie de alusións á filosofía e á mística.

Ramón Nicolás (Vigo, 1966), en «Manuel Antonio: un poeta transcendente», analiza, dende a súa experiencia docente e unha óptica parella, a figura e a obra de Manuel Antonio, centrándose ao cabo nos poemas «SÓS» e «Aldea», que «exhiben un concepto distinto do que é a poesía» e comparten un «anceio rupturista, innovador, innegable e que perdura no tempo».

María Xosé Porteiro (Madrid, 1952), en «Metáfora do mar», aponlle a Manuel Antonio un «talante entre snob e revolucionario», que «queda á vista nunha obra transgresora». Alude logo a autora a varios acontecementos de relevo na época, como a Revolución de Outubro (1917), a chegada do rianxeiro a Vigo (1919) ou a súa participación na II Asemblea Nacionalista (1921). María Xosé Queizán (Vigo, 1939), en «Manuel Antonio», presenta un relato da vida de Manuel Antonio, deténdose nos distintos acontecementos de relevo e concluíndo con algunhas reflexións acerca do galeguismo de Vicente Risco («no extremo oposto a Castelao ou Vilar Ponte»), quen «será o informador [de Manuel Antonio] pero nunca o seu mestre».

Román Raña (Vigo, 1960), escribe en «Manoel Antonio no barco» un relato en primeira persoa que evoca o carácter marítimo da escrita de Manuel Antonio.

Diego Rodríguez González, en «Manuel Antonio na Fundación Barrié», fala do legado de Manuel Antonio na citada fundación, como parte do arquivo doado por García-Sabell, o cal cualifica de «facho luminoso que estamos moi orgullosos de poder contribuír a manter aceso».

Avelina R. Gil, en «Manoel Antonio: “A imaxe (única) nun deserto poboado de pantallas”», fala do poder dos versos de Manuel Antonio, autor que «lograba transmitirnos a beleza do inefábel». Así mesmo, sostén que «*De catro a catro* propón a revisión daquelas imaxes confiscadas polo rexionalismo decimonónico, polo ruralismo e polo popularismo» e que «a súa rebeldía pretende ordenar un novo tipo de material co

que estruturar camiños inéditos para a lírica galega».

Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945), en «Enfermo de horizontes», manifesta o seu interese polos movementos de vangarda europeos, e alude a un «apaixonado propósito de ruptura coa literatura anterior» tanto nos textos en galego coma en catalán. Detense logo na «excelente edición» de X. L. Axeitos dos textos en prosa do rianxeiro e acaba cunha alusión á «transcendencia» da obra de Manoel Antonio, quen «escribe unha poesía de futuro».

Manuel Romero Labarta, en «Manuel Antonio no Catro», amenta catro libros que o formaron como lector: un de contos e poesías de Labarta Pose (o seu bisavó), a *Gramática do idioma galego* de Manuel Lugrís, o *Sempre en Galiza* de Castelao e mais *De catro a catro* de Manuel Antonio, libro que a seguir colle protagonismo e do que fala dende unha óptica analítica.

Anxo Tarrío (Compostela, 1945) recupera, traduce e actualiza para o seu artigo «“O xornadario dun estudante”, de Manuel Antonio» un traballo xa editado no volume en lingua castelá en *Cien años de poesía* (2007). Nel comenta as distintas dimensións da modernidade presentes no poema «Con anacos do meu interior». Fai así mesmo un repaso pola época da escrita e publicación da obra e mais pola arte de vangarda, con algunhas citas a distintos autores e obras, tanto de Europa coma da América Latina. Retoma logo a cuestión da voz no amentado poema, analiza a súa estrutura en partes e algunhas particularidades tipográficas; conclúe que a peza analizada («dunha modernidade dialoxística inusitada») pode cualificarse como «antipoema *avant la lettre*» e que Manuel Antonio (e tamén outros intelectuais galegos máis vellos, como Risco) sentan unhas bases etnoestéticas coas que «o galeguismo experimenta un salto cualitativo dende o venerable rexionalismo decinómico ao emerxente nacionalismo impulsado dende as Asembleas Nacionalistas a partir de 1918».

Mingos Teixeira (Vigo, 1955), en «Manoel Antonio, faro da imaxinación», expón as sensacións que o invaden ao entrar en contacto con *De catro a catro*. Afondo logo na temática do poema, no mar presentado polo poeta rianxeiro e en xeral na súa imaxinaría.

Uxía Domínguez (Mos, 1962), en «O mar nunha flor», explica a fonda emoción que dende sempre esperta nela *De catro a catro*, e destaca unha representación do mar talmente como ela o sente.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Ahí vamos Manuel Antonio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 24 abril 2019, p. 10.

Alude ás distintas homenaxes ao poeta Manuel Antonio na cidade de Vigo, nomeadamente o acto que se celebra no Instituto de FP Manuel Antonio, a exposición ‘Galegos e galegas de hoxe’ sobre a figura deste poeta rianxeiro no mesmo centro, e finalmente a presentación dun cóctel que leva o nome do escritor creado por José Soto. Tamén menciona a edición do libro *Manuel Antonio e mais nós. Homenaxe a Manuel Antonio* por parte de Hércules Ediciones en colaboración co Consellería de Educación, e a participación de autores como Ferrín, Axeitos, Alonso Montero ou Queizán na súa elaboración.

- M. R. L., “Poesía e mar na presentación de ‘Manuel Antonio e mais nós’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 xuño 2019, p. 34.

Recóllese a presentación no hotel Bela Fisterra, indicando que participaron Rubén Otero

e Antón Castro e que se complementou o encontro cun recital de poesía que contou coa intervención de Xaime Toxo, Xesús Franco, Mercé Barrientos, Antón Sobral Iglesias e Xavier Castro.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Castro, Rosalía de, *En las orillas del Sar*, Anxo Angueira (ed.), Vigo: Edicións Xerais, col. Xerais Clásicos, abril 2019, 408 pp. (ISBN: 978-84-9121-502-8).

Reedición da derradeira obra poética rosaliana, publicada en 1884, introducida por un completo estudo. Neste aténdese á xénese e cronoloxía do poemario, cunha mención especial ás “Postrimerías” coma inédito na obra da padronesa; así como se atende á figura da paisaxe coma contexto espacial durante a composición do poemario. Tamén se atopa un comentario sobre a desigual percepción do poemario no contexto da literatura galega ou no da literatura española; ao igual que se atende ás diversas variacións que o propio poemario experimentou dende mesmo antes da publicación da primeira edición da man de Murguía. A continuación dáse paso a unha “cartografía de *En las orillas del Sar*” onde se describen os distintos lugares concretos da paisaxe padronesa que se van mencionando no transcurso do poemario. Finalmente descríbese como se insire o presente poemario no eixo espazo-temporal, onde as dúas variábeis se concretizan na terra galega para o espazo, e no debate filosófico transcrito durante a segunda metade do século XIX para o tempo. Todo isto para rematar co debate entre considerar a Rosalía epigonal, precursora ou plenamente moderna. Tras o estudo dáse paso á obra poética propiamente dita; que conta, á súa fin, cunha serie de comentarios a cada poema.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Diálogos no tempo con Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 abril 2019, p. 30.

Informa da presentación en Padrón da nova edición de *En las orillas del Sar* da man de Anxo Angueira, na que tamén participarán Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Luís Xeitos e Manuel Lorenzo Baleirón. Sobre a temática da obra, Angueira salienta a súa universalidade, proxectada en temas como a morte, o feminismo, a identidade ou a ecoloxía.

- M. Mato, “Angueira ‘En las orillas del Sar’ non foi entendido no seu momento nin despois”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 abril 2019, p. 36.

Informa da presentación en Padrón da nova reedición da obra *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro. Anxo Angueira, explica que “o proxecto literario de Rosalía non foi entendido no seu momento nin despois” e afirma que “esta súa obra en castelán está inscrita totalmente na lóxica poética da autora que continúa a de *Cantares gallegos* e *Follas novas* e na lóxica nacionalista do campo literario galego, en construción naquel tempo”. Na presentación estiveron presentes o propio Anxo Angueira, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xosé Luis Axeitos, Manuel Lorenzo Baleirón e Antonio Fernández, alcalde de Padrón.

- Mario Regueira, “Os marcos e Rosalía. Con acertos e puntos fracos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 715, “Libros”, 30 maio 2019, p. VI./*La Opinión*, “Saberes”, 8 xuño 2019, p. 7.

Destaca os acertos e puntos fracos da edición de *En las orillas del Sar* feita por Anxo Angueira para a editorial Xerais e sinala que inclúe un longo estudo introdutorio onde verte luz sobre algúns aspectos sociolóxicos da obra de Rosalía en relación co sistema literario galego. Como acerto máis destacado sinala unha minuciosa lectura da obra, cun repaso crítico ás súas edicións e cun estudo de contexto insuperábel. Como punto fraco destaca que se centra máis en xustificar que, pese a abandonar a lingua galega na escrita, segue a ser unha poeta nacional, no canto de buscar os por qué deste cambio.

- C. Soliño, “Portocelo ofrecerá una charla sobre Rosalía de Castro el próximo 4 de julio”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “Morrazo”, 27 xuño 2019, p. 18.

Faise eco da presentación con charla da nova edición crítica de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro, no Museo Manuel Torres de Marín o 4 de xullo ás 20.00. O acto será presentado por Ángel G. Carragale e intervirán Anxo Angueira e Ana Acuña.

- Ángel García Carragal, “En las orillas del Sar ‘nova edición crítica’”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 1 xullo 2019, p. 14.

Faise eco da presentación da nova edición crítica de *En las orillas del Sar* realiza polo profesor e director da Casa da Matanza Anxo Angueira, anunciando a celebración dun acto no Museo Manuel Torres de Marín organizado polo Club de Opinión Portocelo. Continúa o artigo sinalando algúns aspectos técnicos e académicos desta reedición.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

V.4. ANTOLOXÍAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

V.5. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abad de Larriva, Ana, “Unha violencia silenciada”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 98, 2019, pp. 88-89.

Recensión de *Anatomía dunha serea*, de Iria Pinheiro e María Lado, representada na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia o 26 de xullo de 2019. Salienta sobre a representación a facultade de conexión co público para achegalo ao drama que pretenden transmitir. Amais, Iria Pinheiro consegue desdramatizar sen perder a forza do compoñente emocional.

_____, “Como vivir: velaí a cuestión”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 98, 2019, pp. 88-89.

Recensiona *Deixa de tocala, Sam*, de AveLina Pérez & Velpister, representada no Salón Teatro do CDG o 22 de setembro de 2019. Afirmo que AveLina Pérez se enfrenta ao teatro convencional cunha montaxe con selo propio

_____, “A maxia do encontro”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 109-109.

Crónica sobre Teatro invisible, de *Matarile Teatro*, na que salienta “a vida que desprende a peza” e que se trata dunha “oda de amor ao invisible do teatro, ao inaudible, ao que ofrece o teatro que non se ve mais que te percorre como unha corrente muda e te cambia”.

_____, “Detrás da espera”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 110-111.

Recensión da peza *Liberto*, de Gemma Brió, da cal destaca o emprego de espazos onde se introduce o contrapunto a través do humor, as rupturas e os efectos para aliviar a tensión xerando distanciamento.

_____, “A arte e interpretación ante a posdramaticidade e a postespectacularidade”, *Grial*, n.º 221, “Teatro galego contemporáneo”, pp. 26-31.

Amenta a Matarile e Voadore como os principais expoñentes do teatro posdramático en Galicia e destaca a incorporación das dramaturxias performativas posdramáticas no temario da materia impartida por Afonso Becerra ao alumnado de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática, da cal saíron compañías que crean dende este modelo como A Panadaría, AveLina Pérez, Feira do Leste, Inherente Teatro ou ilMaquinario. Versa sobre os retos actoriais no teatro posdramático e sobre a gradación da presenza.

Acuña Trabazo, Ana, “Baixo o peito da ferida: da Colección Benito Soto a Olga”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Commemoración do 70 aniversario da Colección Benito Soto”, 2019, pp. 267-274.

Ana Acuña Trabazo recolle neste artigo a intervención pronunciada no 70º aniversario da colección Benito Soto (1949), na que se busca relacionar esta colección poética coa

colección Hipocampo Amigo (1992) e a revista *Olga* (2016). Neste sentido, pódese aplicar á colección Benito Soto unha frase que Ramón Otero Pedrayo pronunciaba referíndose á revista *Nós*, pois Benito Soto tamén foi o “camiño dunha xuventude” e os seus sucesores (Hipocampo Amigo e Olga), o “consolo dunha vellez”. Por cuestións de espazo, este artigo céntrase na colección de 1949 con breves alusións á Pontevedra do momento, aos e ás poetas de Benito Soto, aos temas dos poemarios, á recepción dos orixinais.

Alonso, Fran, “O mundo cambia, a poesía muda”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Innovación poética, trans-xénero, novas modalidades (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 113-116.

Nesta achega, Fran Alonso aborda o porvir da poesía galega relacionándoo cos cambios polos que está a atravesar a sociedade e as necesarias mudanzas que isto implica nos procesos de creación poética (novos soportes, novas plataformas de difusión, etc.)

Alonso Montero, Xesús, “A colección Benito Soto, a primeira aventura poética na Galiza da posguerra (Pontevedra 1949-1950/1951-1952): sobre o seu inicial agaleguismo e outras notas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Commemoración do 70 aniversario da Colección Benito Soto”, 2019, pp. 291-299.

Neste traballo, Xesús Alonso Montero repasa a ideoloxía política dos mozos pontevedreses implicados no nacemento da colección Benito Soto. No ano 1951, esta colección publicou un volume titulado *Musa alemá* no que se recollía a tradución galega dunha antoloxía de poemas producidos por autores alemáns. O devandito volume foi retirado e queimado pola censura franquista e o responsábel da súa edición, Sabino Torres, foi expedientado. Este traballo cuestiona a presunta clandestinidade da colección e a suposta queima de exemplares de *Musa alemá*.

_____, “Nota introdutoria a un estudo de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda (1961-2018)”, *Ágora do orcellón*, n.º 35, xuño 2019, pp. 67-91.

Xesús Alonso Montero recolle neste traballo un estudo inédito de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda en lingua castelá titulado *La poesía en lengua gallega de Carles Riba* e presentado nun Máster de Literaturas Hispánicas da UNED. Acompaña ao dito estudo unha breve nota preliminar escrita propio Alonso Montero no que se fai unha aproximación á figura de Álvarez Ruíz de Ojeda e aos seus traballos dedicados a estudar a literatura galega.

_____, “Sobre a investigadora literaria Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (1961-2018). Dos seus inéditos”, *Grial*, n.º 223, “Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda: os camiños explorados”, xullo 2019, pp. 12-15.

Breve estudo sobre a figura de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, filóloga e investigadora literaria, que se introduciu no mundo da investigación ca publicación de *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro* pouco despois de licenciarse en Filoloxía Hispánica. Recompilou tamén datos sobre vida e obra de Blanco Amor, Lamas Carvajal, Murguía, Curros Enríquez, Leiras Pulpeiro, Luz Pozo Garza e María do Carme

Kruckenberga. É tamén autora de tres dicionarios singulares: *De pseudónimos (e heterónimos) galegos*, *De epítetos de Rosalía de Castro* e *Catálogo de libros que nunca existiron*. Escribiu tamén contos e poesía en galego e castelán e publicou varios traballos sobre os *Seis poemas galegos* de García Lorca e unha lectura de Morgana en Esmelle, de Begoña Caamaño, en relación ca Materia de Bretaña.

Alves Costa, Tiago, “Em Busca desse País que em Nós Habita”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 87-90.

Nesta achega, Tiago Alves Costa reflexiona sobre as relacións que se establecen entre a poesía galega e a poesía lusófona, destacando as posibilidades de diálogo que comportan.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, “Proposta de edición dos ‘Seis poemas galegos’ a partir dos manuscritos”, *Grial*, n.º 223, “Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda: os camiños explorados”, xullo 2019, pp. 28-35.

Victoria Ruiz de Ojeda propón unha introdución para unha posíbel reedición de *Seis poemas galegos* de García Lorca, antes editada por Blanco Amor, que foron incorporados á tradición lírica galega dende o momento da súa publicación. Este poemario foi elaborado grazas á colaboración do propio Blanco Amor e de Guerra de Cal, que contribuíron a modo de asesores, tradutores e compiladores para a creación dos poemas e a súa posterior publicación. Ruiz de Ojeda, sabedora de que toda alusión ao traballo de Blanco Amor e Guerra de Cal foi obviada polo primeiro para tratar de incluír a Lorca con maior facilidade no panorama literario galego, propón un novo prólogo nunha futura reedición no que non se omitan estes datos, que considera verdadeiramente valiosos para a comprensión global da obra.

_____, “Lectura de Morgana en Esmelle (2012), de Begoña Caamaño. Proxección da Materia de Bretaña na literatura galega contemporánea (1939-2013)”, *Grial*, n.º 223, “Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda: os camiños explorados”, xullo 2019, pp. 16-27.

Victoria Álvarez de Ojeda recolle a importancia dos mitos bretóns na literatura galega, que dan lugar á Materia de Bretaña, á que contribúe Begoña Caamaño con *Morgana en Esmelle* (2012), converténdose así na primeira muller en contribuír á literatura artúrica creando un personaxe feminino poderoso e que foxe dos estereotipos. A tradición da Materia de Bretaña aparece de xeito serodio na literatura galega, no século XIV, a pesar de ter sido coñecida na Península con anterioridade. Contribúen a esta coas súas obras autores como Ramón Cabanillas (*Na noite estrelecida*), Álvaro Cunqueiro (*Merlín e familia i outras historias*), Méndez Ferrín (*Percival e outras historias*) ou Darío Xohán Cabana (*Galván en Saor*). Begoña Caamaño con *Morgana en Esmelle*, intimamente relacionada ca novela de Cunqueiro antes mencionada, achega unha nova visión das lendas artúricas e configura personaxes femininos de grande valor, conseguindo así innovar nun tema tan explotado ao longo dos séculos.

_____, “Victor Said Armesto e Rosalía de Castro”, *Grial*, n.º 223, “Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda: os camiños explorados”, xullo 2019, pp. 50-57.

Victoria Ruiz de Ojeda informa da importancia da figura de Víctor Said Armesto no estudo de Rosalía de Castro, quen mantivo correspondencia con Manuel Murguía e achegou unha nova visión sobre a vida e obra da poeta. Tamén da conta das similitudes entre as novas de Armesto e as de Augusto González Besada, cuxo discurso de ingreso na Academia Española contén a primeira biografía de Rosalía de Castro, e propón que nunha cuarta edición do discurso se engada a Said Armesto como autor xunto a Besada. Sinala ademais que, a pesar de que Besada si menciona a Armesto na nota final do seu discurso, a alusión é insuficiente e pasa desapercibida a meirande das veces, a pesar da grande importancia de Armesto para a confección do propio discurso.

Andrés, Támara, “O deserto, a voz, o paraíso”, *Tempos Novos*, n.º 267, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, agosto 2019, p. 76.

Tamara Andrés fai unha recensión do poemario *Fronteira Paraíso*, de Silvia Penas Estévez, en cuxos poemas, van intercalándose, ás veces, as fotografías de Jesús Andrés Tejada. Con voz poética feminina, florecen entre os versos diferentes motivos (a infancia, as lembranzas, o regreso...) e elementos (paso prohibido, o río, o lume, o espello...). No tocante ao estilo, Andrés destaca o uso sutil da ironía e da retransa e o emprego das imaxes filmicas. Segundo a autora, os poemas que conforman este poemario están “inzados de historias que nos falan de nós, das nosas ligazóns e xenealoxías, das nosas fendas, das nosas marxes ou da nosa marxinalización”.

Angueira, Anxo, “Manuel Barros: poeta en galego e crítico do Rexurdimento”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Cuestións”, maio 2019, pp. 49-68.

Realiza Angueira un estudo sobre a figura do autor galego Manuel Barros, que considera pouco coñecida e carente do seu merecido recoñecemento. A pesar de que a súa achega máis grande foi para o eido xornalístico, Manuel Barros dedicouse tamén á poesía, publicando varios poemas en xornais e en obras de outros autores a xeito de colaborador. Mantivo unha relación estreita con Rosalía de Castro e Manuel Murguía e adicou numerosos dos seus artigos xornalísticos á crítica literaria, en especial de textos de Rosalía. Neste seu papel de crítico destaca a elaboración de varias recensións sobre *Follas novas*, de Rosalía; *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez; e *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal.

_____, “Á beira do Sar”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Publicacións”, maio 2019, pp.123-126.

Anxo Angueira explica as motivacións que o levaron a elaborar unha edición crítica de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro, partindo do seu lugar de residencia e traballo na nenez ás beiras do Sar. Comenta tamén algunhas reflexións puramente filolóxicas que lle xurdiron ao traballar sobre a obra de Rosalía e láméntase por non ter lido a nomeada obra moito tempo antes.

Angueira Viturro, Anxo, “Sen agardar a Murguía. Carta inédita de Rosalía de Castro a José Villaamil”, *Follas Novas*, n.º 4, “Artigos”, 2019, pp. 10-33.

Anxo Angueira Viturro saca á luz neste artigo unha carta inédita que Rosalía de Castro enviou a José Villaamil no 1865. A partir dela, o autor indaga nas relacións entre Rosalía, o teatro e o Liceo de la Juventud e reflexiona sobre o teatro da Compostela de mediados da década de 1860. Neste traballo tamén se examina a polémica social e política sobre o uso de mantilla ou sombreiro nos teatros e as implicacións literarias que tivo.

Araguas, Vicente, “40 anos de poesía aos ollos da crítica”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “40 anos de poesía aos ollos da crítica (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 95-96.

Nesta achega, Vicente Araguas ofrece unha exposición na que aborda o papel da crítica poética galega dende a chegada da democracia, nos anos setenta do século pasado. Para isto, toma como punto de partida a súa propia experiencia persoal como crítico literario.

Arias Cachero, Patricia, “A aventura de editar na primeira posguerra, e dalgúñas relacións de Aquilino Iglesia Alvariño cos homes da Benito Soto”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Commemoración do 70 aniversario da Colección Benito Soto”, 2019, pp. 275-290.

Patricia Arias Cachero reflexiona sobre a figura de Aquilino Iglesia Alvariño e a relación que en Pontevedra trabou cos mozos que organizaban a colección Benito Soto. Así, explórase a experiencia de como Aquilino comezou a colaborar activamente con este grupo de intelectuais na edición e publicación de libros de poesía.

_____, “Alfredo de la Iglesia, un pioneiro”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 107-108.

Patricia Arias Chachero informa sobre o contido de *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de instituto (1919)*, de Xesús Alonso Montero, unha reflexión sobre as circunstancias que envolveron o proceso de redacción de *Resumen de Historia de la Literatura Gallega*, o manual de literatura galega máis antigo conservado elaborado por Alfredo de la Iglesia.

Asorey, Tito, “A dramaturxia de Fariña”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 118-120.

Crónica da representación teatral de *Fariña*, de Ainé Producións, Undodez e O Que Teño Media, na que destaca catro apartados como puntos de partida dende os que xurdiu a dramaturxia: a perspectiva poliédrica, o fuxir do drama individual, o distanciamento e a unión de humor e traxedia.

Axeitos, X. L., “Unha *Édition savante*”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Publicacións”, maio 2019, pp. 119-122.

Comentario do estudo de Anxo Angueira de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro,

con motivo da súa publicación na Editorial Xerais. Destaca Axeitos que se trata dunha visión propiamente filolóxica da obra, sen finalidade estritamente divulgativa, se non con intención de amosar unha comprensión global da obra da poeta.

Axeitos, Xosé Luís, “O editor Soto Freire, mediador necesario na Historia de Galicia”, *Follas Novas*, n.º 4, “Textos e Documentos”, 2019, pp. 152-159.

Xosé Luís Axeitos explica que o editor Soto Freire ocupa un lugar destacado entre os correspondentes epistolares de Manuel Murguía, pois é autor de 64 escritas entre os anos 1865 e 1868 (e de 10 enviadas a Rosalía). Neste traballo, reflexiónase xustamente sobre o perfil intelectual que proxectan as cartas deste editor lucense e mantense que non se corresponde co importante rol que desenvolveu na conformación do discurso historiográfico de Murguía.

Avanti, Colectivo, “Uma lembrança para Antonio Leonardo Sánchez Deus”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 40, “A Investigación”, xullo 2019, pp. 25-46.

O Colectivo Avanti (formado por André Seoane Antelo, Ivan Fontão Bestilheiro, Ernesto Vázquez Souza e Marcos Saavedra Branco) recupera neste artigo a figura de Leonardo Sánchez Deus, soldado garibaldino que Manuel Murguía incluíu na súa obra *Los precursores*. A inclusión deste soldado na devandita obra xerou unha importante polémica, posto que moitos intelectuais comprenderon o criterio empregado por Murguía para situalo entre as figuras sobranceiras para a súa xeración. Neste traballo, o Colectivo Avanti diseña un perfil biográfico que amplía a información sobre o dito soldado e o contextualiza como activista da corrente demócrata.

Baca, Yolanda, “Memorias dunha vaca marela...”, *Luzes*, n.º 65, “As libreiras”, febreiro 2019, p. 87.

Yolanda Baca, da librería lucense Trama, recomenda a lectura de *Memoras dunha vaca marela*. Trátase dunha obra de Afonso Eiré que narra os sucesos da Galicia rural das últimas décadas do século XX dende a perspectiva da Cachorra, unha vaca rubia galega.

Barbeito, Alejandra, “Ás veces atopas algo...”, *Luzes*, n.º 64, “As libreiras”, febreiro 2019, p. 86.

Alejandra Barbeito, traballadora da librería coruñesa Berbiriana, recomenda a lectura de *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena, un ensaio que recolle o traballo de numerosas mulleres en favor dun ensino igualitario e un catálogo de obras concretas da literatura galega infantil e xuvenil dende os anos 60 até o presente dende unha perspectiva feminista.

Barreiro, Manu, “Banda poetizada”, *Tempos Novos*, n.º 262, “Cultura”, “Masa crítica”, “Banda deseñada”, marzo 2019, p. 86.

Manu Barreiro fai unha recensión da obra *O puño e a letra*, de Yolanda Castaño, que recolle a interpretación artística en banda deseñada de corenta dos seus poemas. Barreiro subliña a total liberdade creadora concedida por Castaño aos corenta artistas galegos que participaron nesta banda poetizada (con nomes tan coñecidos coma os de Dani Xove ou Cynthia Alonso) o que fixo que nalgunhas ocasións a expresión artística se afasta da intencionalidade da autora, mais non por iso, son desbotábeis, mais ben todo o contrario, ao ofrecernos outros puntos de vista interpretativos en diferentes formatos. En palabras de Barreiro: “No aspecto formal do libro (...) hai tanta variedade como calidade. Interpretacións máis literais e máis substanciais; cada autor de BD deixa a súa pegada nos versos da poeta, e esta deixa pingas da súa arte en cada debuxo”.

Becerra, Afonso, “Presentación. O poema escénico e os límites do texto”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Teatro e outras formas de comunicación do poético (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 33-36.

Para presentar aos participantes na mesa redonda ‘Teatro e outras formas de comunicación do poético’ (Miguel Sande, Antonio Reigosa e Silvia Penas), o coordinador, Afonso Becerra, reflexiona sobre as relacións que existen entre a poesía e o teatro.

Becerra de Becerreá, Afonso, “O texto na dramaturxia posdramática”, *Grial*, n.º 221, “Teatro galego contemporáneo”, pp. 32-39.

Analiza o papel do texto na dramaturxia posdramática dende os diferentes xeitos de compoñer (o drama e o posdrama), dende a concepción da palabra como material ou como centro da acción e fai unha reflexión sobre as pezas escritas posdramáticas, amentando *Os cans non comprenden a Kandinsky* (2016), de AveLina Pérez aos pioneiros Castelao e Otero Pedrayo, a Cunqueiro, Manuel Loureiro, Xesús Pisón, Marcos Abalde Covelo e Alfonso Pexegueiro. Ofrece tamén unha escolma sobre textos posdramáticos en lingua galega.

_____, “Un verán rabiosamente teatral”, *Tempos Novos*, n.º 268, “Cultura”, “Crónica”, setembro 2019, pp. 74-77.

Afonso Becerra de Becerreá achéganos a unha crónica en clave ensaísta acerca da trixésimo-quinta edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. De Becerreá esboza o panorama teatral desenvolvido nesta nova edición: teatro físico e xestual con obras como *Un poyo rojo*, *Oyun* ou *Orchestra de malabares*; novo teatro político, como *Amarillo*; cine documental como *Curva España*; teatro textual contemporáneo, como *Nun cuarto de rotonda* ou *A.K.A* e espectáculos plásticos e performativos como *Transfiguración* e *Voadora*. Por outra banda, o autor sinala que o Premio do público foi a parar para os espectáculos *Jauría* e *A.K.A*. Tamén dá conta do repertorio de teatro desenvolto na rúa caracterizado pola presenza de equilibrismos, malabarismos e escultura e mesmo monicreques tradicionais, danza e zancos.

Bernárdez Sobreira, Antonio, “Conversa con Xavier Alcalá”, *Tempos Novos*, n.º 260,

“Cultura”, “Protexa”, xaneiro 2019, pp. 76-78.

Bernández Sobreira (entrevistador) transcribe a entrevista feita a Xabier Alcalá (entrevistado) trala publicación do seu último libro *The Making of*, “que combina a “reportaxe ficcionada” (...) coa peripecia novelada dun galego emigrado na Arxentina”. Así, Alcalá responde a unha serie de preguntas relacionadas, principalmente, coa caracterización das personaxes e a recreación das súas peripecias, pero tamén acerca da descrición da sociedade arxentina ou da perspectiva propia da traxectoria da súa obra.

_____, “Explorando a cara escura da emigración”, *Tempos Novos*, n.º 260, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xaneiro 2019, p. 79.

Antonio Bernárdez Sobreira fai unha recensión da obra *The making of*, de Xabier Alcalá que narra “a peripecia vital dun galego emigrado á Arxentina, que ben podendo edificar unha vida nova nos cimentos do traballo honrado (...) conduce os seus actos polos vieiros da delincuencia e os vicios”. Personaxes coma o Coghomelo, o complexo marco histórico do século XX e o elemento na natureza e a condición humana son algúns dos elementos que deambulan por esta obra.

Campo, Marica, “Carballo Calero na Ofrenda Lírica”, *Follas Novas*, n.º 4, “Varia”, 2019, pp. 195-199.

Marica Campo analiza neste traballo un poema de Ricardo Carballo Calero. A nivel temático, a autora salienta que moitas das constantes poética do ferrolán están presentes na composición: a reflexión existencial, o motivo do anxo etc. No plano formal, a autora resalta as imaxes audaces e o léxico requintado do poema.

Carballeira, Paula, “Que necesidade tes? A necesidade de pensar o teatro para a infancia e a adolescencia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Temas: Teatro para a infancia e a adolescencia”, n.º 98, 2019, pp. 22-24.

Artigo de Paula Carballeira sobre a súa creación de teatro para infantes e adolescentes, na que amenta e repasa os seus títulos *Doppelgänger* (2018), *Boas Noites* (2007), *Somos os monstros* (2019), *O refugallo* (2013) e *Alicia & Alicia* (2011).

Cardiel, Maru, “Stefan Zweig é un autor imprescindible...”, *Luzes*, n.º 69, “As librerías”, xuño 2019, p. 88.

Maru Cardiel, da biblioteca coruñesa Ágora, informa da tradución ao galego de *Momentos estelares da humanidade*, de Stefan Zweig, por Laureano Araujo. Tamén recomenda a lectura desta obra na que o autor relata catorce acontecementos fundamentais da historia.

Caride Ogando, Ramón, “As fronteiras da poesía: Libros, imaxes, ciencia, e escola”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Interaccións poéticas: ensino, lingua, ciencia (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 53-57.

Nesta achega, Ramón Caride postula unha serie de cuestións arredor do presente e do futuro da poesía galega ás que trata de dar resposta: onde encaixa a poesía na sociedade de hoxe?, onde está a poesía agora?, sobrevivirá a poesía no futuro? etc.

Castaño, Yolanda, “Nós tamén navegar: A poesía galega de 1976 a 2016. Xeración dos 90”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Nós tamén navegar. A poesía galega de 1991 a 2016 (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 19-24.

Nesta achega, Yolanda Castaño trata a creación literaria feminina durante a década dos anos noventa do século pasado, partindo das súas propias experiencias persoais como creadora. Así pois, aborda a relación que se foron tecendo entre as distintas autoras do momento, as dificultades de recepción que tiveron algunhas das súas obras etc.

Castiñeira Blanco, Xavier, “Despois das ondas ou o texto máis aló do Texto”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 121-124.

Crónica de *Despois das ondas*, de Ernesto Is, centrada na produción da obra, a compañía (ButacaZero) e a temática, que xira en torno á figura de María Casares.

Castro, Rosalía de, “Na catedral”, *Encrucillada*, n.º 215, “Poesía”, novembro 2019, pp. 5-7.

Reprodúcese a composición “Na catedral” de Rosalía de Castro, extraída do seu poemario *Follas Novas*.

Castro, Xavier, “O poder das mulleres, entre o si e o non”, *Luzes*, n.º 69, “Ás ceibas”, xuño 2019, p. 45.

Breve reflexión sobre a existencia ou non do suposto matriarcado característico da Galicia celta, rematando na conclusión de que a muller nunca contou cun papel superior ao do home en Galicia, a través das obras *A muller en Galicia* de María Xosé Queizán, *Estebo* de Lesta Meis, varios poemas de Rosalía de Castro e a opinión da socióloga Julia Varela.

Castro Otero, Salvador, “As pegadas do cinema na obra de Manuel Rivas”, *Madrygal* n.º 22, 2019, pp. 93-122.

Nesta publicación, Otero non só reconece e defende a influencia cinematográfica na obra do coruñés Manuel Rivas, senón que ademais establece unha clasificación entre as diferentes relacións audiovisuais e os seus escritos. Por unha banda, características estruturais (referidas á distribución externa e interna do discurso), como, por exemplo, cando se rememoran planos secuenciais propios do cinema a través dos títulos de cada capítulo, constituíndose en microcapítulos. Por outra banda, en relación ás características visuais (en referencia á construción da imaxe visual por medio das palabras) destaca o

saber facer de Rivas da conxugación espazo-tempo e da construción de planos conxelados, simultáneos ou de sucesión mediante as diferentes técnicas narrativas. No referente ás características auditivas, Rivas opta, en moitas ocasións, por secuencias dialogadas entre os personaxes dos seus textos (e as conseguíntes características de espontaneidade, oralidade e coloquialidade), que deixan entrever o nivel sociocultural ao que pertencen. Asemade, sérvese tamén de onomatopeas, para imitar certos sons, ou determinados usos gráficos para simular, por exemplo, o acento dalgún personaxe. Finalmente, no tocante ás relacións intertextuais, son numerosas as alusións, nos seus escritos, a referencias cinematográficas: actores, personaxes de filmes, xéneros cinematográficos, citas cinéfilas... son algúns recursos dos que se serve o escritor para caracterizar os personaxes, os escenarios e os ambientes das súas obras. Para Otero Castro, a pegada do cinema no que foi o autor de *O lapis do carpinteiro* é indiscutíbel: os límites entre o cine e a literatura desdibúxanse, acotío, no universo de Rivas.

Cid, Alba, “Todo isto era/ é Aldao”, *Tempos Novos*, n.º 263, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, abril 2019, p. 83.

Alba Cid fai unha recensión da obra *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao, que reflexiona acerca do “complexo tensionado das relacións, o signo dos espazos que se habitan e son homenaxeados en títulos ou as intensidades cotiás”. Cid destaca o quefacer literario, cun estilo sensorial caracterizado pola desautomatización de frases feitas, irreverencia ou presenza de imaxes surrealistas ou enxeñosas. Segundo Cid, a poesía de Aldao, e máis concretamente este poemario, entronca, dentro da literatura galega, coa liña poética de Xela Arias e Iolanda Zúñiga.

Corbillón, Mercedes, “Sempre podemos ser Patti Smith”, *Tempos Novos*, n.º 260, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xaneiro 2019, pp. 80-81.

Mercedes Corbillón fai una recensión da obra *Os bicos feridos*, de Anna R. Figueiredo, onde Olivia, a protagonsita, se mergulla na investigación da morte dun rapaz en Londres, co que ela coincidirá en dúas ocasións. Tal e coma sinala Corbillón, a morte de Samuel é o punto de partida, o pretexto para poder tocar temas tan fondos coma “a soidade (...), incomunicación na era máis conectada da historia, inxustiza social (...), a falacia do estudo como camiño ao éxito, da dobre vida das redes sociais, de racismo, de amor (...).”

Cutrín Ares, Lita, “Para min foi...”, *Luzes*, n.º 68, “As libreiras”, maio 2019, p. 88.

Lita Cutrín, libreira en Lino Lestedo de Boqueixón, recomenda a lectura de *Pico Sacro: ferido polo lóstrego e a lenda*, unha compilación feita pola Editorial Alvarellos de relatos e poemas de autores como Marcial Valladares, Otero Pedrayo, Neira Vilas, Suso de Toro, Henrique Neira e Fernández Abella en relación co lugar.

Dacosta, Marta, “Presentación”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Nós tamén navegar. A poesía galega de 1991 a 2016 (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 11-14.

Para presentar ás participantes na mesa redonda ‘Nós tamén navegar. A poesía galega de 1991 a 2016’ (Helena Villar, Rosa Enríquez e Yolanda Castaño), a coordinadora, Marta Dacosta, fai unha reflexión sobre a escrita feminina tomando como referencia a Kathleen March e a Maria Mercé Marçal.

Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán, “Ricardo Carvalho Calero, a Autonomía galega e o manifesto da “Ezquerda Galeguista”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 40, “Lembranzas”, xullo 2019, pp. 111-116.

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel fai neste traballo un breve percorrido polos movementos sociais e políticos que se estaban a desenvolver en Galicia no primeiro terzo do século XX. Céntrase na figura de Carbvalho Calero e na relación que este tivo con eses incipientes movementos sociais, prestando especial atención ao manifesto *A Ezquerda Galeguista fálalle ao País*.

Enríquez, Rosa, “Daquelas que se ortigan”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Nós tamén navegar. A poesía galega de 1991 a 2016 (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 25-31.

Nesta achega, Rosa Enríquez aborda a creación literaria feminina a partir da década dos 2000. Debido á imposibilidade de facer un estudo obxectivo sobre este período pola proximidade temporal, sinala dende o comezo que seguirá os seus gustos persoais para levar a cabo a súa exposición. Entre as voces que salienta está a de Xiana Arias, coa súa obra *Ortigas* (Espiral Maior, 2007); a de Oriana Méndez, con *O que precede a caída é branco* (Espiral Maior, 2015) e Chus Pato, con *Hordas de escritura* (Xerais, 2008), entre outras.

Espinosa, Estíbaliz, “A venus de Newton resolve o binomio de Milo”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Interaccións poéticas: ensino, lingua, ciencia (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 65-72.

Estíbaliz Espinosa aborda nesta contribución as relacións que se tecen entre a poesía e a ciencia, salientando as semellanzas que unen ambas as súas disciplinas e comparando o papel que ocupan as mulleres en cada ámbito.

Falcón, Marisa F., “Para pensar sobre o teatro que vemos aquí e agora”, *Tempos Novos*, n.º 263, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, abril 2019, p. 85.

Marisa F. Falcón fai unha recensión da obra *Confío-te o meu corpo*, de Afonso Becerra de Becerreá: un ensaio que analiza e reflexiona acerca dos rasgos característicos e os elementos que interveñen na creación do teatro contemporáneo, onde destaca a corporalidade ou os límites difusos entre o teatro e a danza. Falcón destaca da obra o bo facer do autor, que “parece dialogar co lector, partillando experiencias estéticas, referencias culturais e reflexión, presentando argumentos de modo sinxelo pero intelixente, sen evitar discutir os problemas e erros en que se cae neste tipo de creación”.

Fernández Martín, Patricia, “La deixis personal en algunas cartas de Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán desde la gramática funcional del discurso”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 135-159.

Nesta publicación, Patricia Fernández estuda a deixis persoal nalgúns misivas entre Rosalía de Castro e Manuel Murguía e Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós dende o enfoque da gramática funcional do discurso, segundo o cal, a autora determina unha relación amorosa entre os primeiros e unha relación moito menos próxima, de amizade, entre os segundos. Fernández Martín ofrécenos unha introdución acerca das traxectorias persoais e profesionais de ámbalas dúas escritoras, ademais da xustificación da escolma das cartas. Asemade, amosa unha ampla visión acerca das referencias deícticas persoais e da gramática funcional do discurso, xa que é o método de traballo empregado nesta pequena investigación: así, repara por exemplo nas súas utilidades, na unidade básica de análise, nos modelos de interpretación ou nos diferentes niveis de estudo (interpersoal, representacional e morfosintáctico), sobre os que finalmente, pon o foco de atención en cada unha das epístolas.

Fernández Rei, Francisco, “Mondariz, os derradeiros anos optimistas no camiño longo de Ramón Cabanillas”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Cuestións”, maio 2019, pp. 31-48.

Fernández Rei realiza un estudo sobre a relación de Ramón Cabanillas con Mondariz, como lugar, como balneario e como revista, e a influencia que supuxo para a súa obra. Cabanillas foi chamado por Enrique Peinador Lines, que converteu o balneario de seu pai en Mondariz nun espazo de cultura, para participar na dirección editorial da publicación de *Mondariz*, un suplemento de *La Temporada*, para o que pretendía contar cos máis salientabéis representantes do galeguismo. Tamén o acto de ingreso de Cabanillas na Real Academia Galega se celebrou no nomeado balneario de Mondariz e, durante o seu “desterro” en Madrid, fixo sabedores a todos aqueles cos que mantiña correspondencia do moito que desexaba retornar a Mondariz, cidade e balneario.

Fernández Rei, Francisco, “Olimpio Arca Caldas, mestre do pobo e mestre multidisciplinar”, *A trabe de ouro*, n.º 110, “Acoutacións”, xaneiro 2019, pp. 99-124.

Informa sobre a homenaxe a Olimpio Arca Caldas, coordinada por un veciño de Cuntis, outro da Estrada e outro de Silleda, que consistiu na elaboración de un mosaico de 54 teselas baixo o nome de *Homenaxe a Olimpio Arca Caldas. Un mestre do pobo*, que contén citas de autores como Almudena Grandes. A obra de Arca Caldas era comentada nas clases que Carvalho Calero impartía na Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa de Manuel García Barros. Fernández Rei recolle tamén unha breve biografía do autor e as impresións que deixou nos seus alumnos de Couso, no pai dun deles e nos seus compañeiros de profesión. Tamén profundiza nas súas facetas de investigador, activista e dinamizador cultural, que desenvolveu até o momento do seu falecemento.

Filipowicz-Rudek, María, “Na sombra da existencia. Wislawa Szymborska en galego”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 161-172.

María Filipowicz analiza en profundidade a escolma da poesía da premio Nobel polaca Wislawa Szymborska, elaborada e traducida ao galego por Lucía Caeiro. *Versos escollidos*, que así é coma se chama a obra, compila máis de oitenta poemas da polaca e constitúe a primeira aproximación literaria entrambas literaturas. Filipowicz fai unha introdución na que achega datos interesantes sobre o alcance da recepción de Szymborska no mundo hispánico e no galego, e fai un repaso polos trazos temáticos e de estilo nas obras da poeta. Nas páxinas seguintes afonda, dende unha perspectiva máis lingüística, nos formulamentos textuais e intertextuais levados a cabo na tradución ao galego feita por Caeiro. A tal fin, Filipowicz sérvese de varios poemas rescatados da escolma (*Nic dwa razy* “Nada dúas veces”, *Pomyłka* “Número equivocado” e *Nic darowane* “Nada de seu”), que amosan e comparan as versións orixinais en polaco coas de galego de Lucía Caeiro, e mais unhas terceiras en castelán, de Moix e Slawomirski.

Fiz, Bárbara, “Reformando o cuarto propio”, *Tempos Novos*, n.º 262, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, marzo 2019, p. 77.

Bárbara Fiz fai unha recensión en ton persoal da obra *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, de Inma López Silva, que ten como obxectivo principal, ofrecernos o machismo imperante na cultura. Fiz di sentirse identificada coas situacións que amosa o texto: “Non fun a única á que silenciaron nunha reunión, que non tivo voz para alzala naquela presentación, que foi chamada só para saír na foto, que tivo que aprender a buscar o seu sitio, a construír a súa propia voz e a saber erguela”.

Fontoira Suris, Lydia, “Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar*. Estudio, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira”, *Follas Novas*, n.º 4, “Recensións”, 2019, pp. 170-174.

Neste traballo, Lydia Fontoira Suris fai unha recensión sobre a nova edición de *En las orillas del Sar*, publicada por Anxo Angueira, que vén a complementar as edicións anteriores de *Cantares gallegos* (2013) e de *Follas novas* (2016) que levou a cabo o mesmo autor.

_____, “Follas novas. Revista de estudos rosalianos, 3”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Publicacións”, maio 2019, pp.147-150.

Dá conta da publicación do terceiro número da *Revista de Estudos Rosalianos*, editada de xeito anual pola Fundación Rosalía de Castro, e relata os traballos que neste número se inclúen: “Os epígonos das Irmandades da Fala”, de Xosé Ramón Barreiro; “A Gloriosa e o galeguismo”, de Justo Beramendi; “Unha lectura de ‘Si a vernos, Marica, nantronte viñeras’ á luz de novos datos”, de María dos Anxos García e Henrique Sanfíz; “*En las orillas del Sar* na poesía española: apuntamentos para unha revisión”, de Arcadio López-Casanova; “Rosalía de Castro e as escritoras anglo-americanas do seu tempo en *La hija del mar*”, de María Jesús Lorenzo; e “Manuel Barros, crítico e tradutor de Rosalía”, de Anxo Angueira, entre outros.

Forcadela, Manuel, “Conversa con Chus Nogueira”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexa”, xuño 2019, pp. 76-78.

Nesta publicación, Manuel Forcadela (entrevistador) transcribe a entrevista feita a Chus Nogueira (entrevistada), editora da *Poesía Reunida (1982- 2004)*. de Xela Arias, en relación coa xustificación e os problemas cos que se atopou na edición e publicación desta obra. Así, Nogueira responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, cos criterios da escolma, coa traxectoria profesional de Xela (características máis sinaladas da súa poesía, adscrición a diferentes movementos...) perspectivas de difusión da súa obra e figura (o Día das Letras Galegas adicado a ela, posíbeis reedicións dos seus poemarios...).

_____, “Novamente Xela”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, xuño 2019, p. 79.

Manuel Forcadela fai unha recensión da obra *Poesía reunida (1982-2004)* de Xela Arias, editada postumamente por María Xesús Nogueira, e que supón un achegamento definitivo á obra poética de Xela Arias, reunindo catro dos seus grandes títulos: *Denuncia do equilibrio*, *Tigres coma cabalos*, *Darío a diario* e *Intempériome*. Os versos recollidos nesta obra, representan, en parte, segundo Forcadela, a soidade que sentía fronte unha xeración que non lle correspondía. O autor sinala algunhas das temáticas máis representativas presentes nesta *Poesía Reunida*, coma “o amor como oferta e como demanda, o amor fóra da paixón física, cara aos maiores, cara aos fillos (...) o conflito entre individuo e sociedade (...) [ou] a morte e a vaidade dos triunfos do vivir e da existencia”.

_____, “Draga, ou o que sexa”, *Tempos Novos*, n.º 268, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, setembro 2019, p. 82.

Manuel Forcadela fai unha recensión da obra *Draga*, de Claudio Pato, onde se resalta a tensión entre o libro como mercadoría e o libro como ben cultural ao longo dos cinco poemas que conforman o poemario: “Lola”, “Planeta”, “Cisnes”, “Lousame” e “Páncreas”. Forcadela resalta o valor da fotografía e a forza e o frescor das súas verbas como elementos estilísticos mais destacábeis. Tamén sentencia: “estamos perante unha vangarda inscrita no ronsel do surrealismo e do *collage* na que a primacía do significante conduce a un formalismo pleno mentres no plano dos contidos se elude calquera tentación culturalista inmediata”.

Foxo, Manuel, “Vicente Araguas, ese aire fresco que viña de Glasgow”, *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*, n.º 7, xuño 2019, pp. 19-27.

Manuel Foxo aborda neste traballo a figura e a produción literaria de Vicente Araguas, centrándose na súa vertente poética. Dedicalle unha especial atención ao poemario *Paisaxe de Glasgow* (Castrelos, 1978), analizando a recepción que tivo pola crítica.

Franco, Camilo, “Intemperie contemporánea”, *Tempos Novos*, n.º 262, “Cultura”, “Crónica”, “Escenas do cambio”, marzo 2019, pp. 70-73.

Camilo Franco realiza unha crítica negativa do festival *Escenas do cambio*, dirixido por Pablo Fidalgo e que tivo lugar durante o primeiro semestre do ano 2019 na Cidade da

Cultura, con máis intención, segundo o autor, de “mostrar en Galicia as linguaxes contemporáneas que encontrar en Galicia o que houbese de contemporáneo”. Algúns dos motivos polos que o crítico está descontento coa dita *performance* son o abandono interpretativo, a mestura entre teatro e danza ou a preponderancia da poesía fronte ao teatro. Franco sentencia: “*Escenas de cambio* está máis cerca de ofrecelles aos espectadores fragmentos da contemporaneidade que daquela idea inicial de provocar unha transformación. Era ambiciosa demais”.

_____, “Non queremos despegarnos do humor”, *Tempos Novos*, n.º 267, “Cultura”, “Entrevista”, agosto 2019, pp. 66-70.

Camilo Franco (entrevistador) transcribe a entrevista feita aos membros da compañía teatral Chévere (Xesús Ron, Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo), a raíz da súa última estrea *Curva España*. Así, os tres integrantes responden preguntas relacionadas, principalmente, coas posibles interpretacións do título da obra, a adscrición da peza teatral ao xénero do *thriller* e os límites entre a realidade e a ficción, as técnicas comunicativas e teatrais empregadas e as perspectivas de difusión da propia obra, entre outras.

Freixanes, Víctor F., “Novos horizontes, novas linguaxes, novas preocupacións”, *Grial*, n.º 221, “Carta do editor”, 2019, pp. 5-7.

Presenta o volume de *Grial* dedicado ao teatro cunha reflexión sobre o teatro contemporáneo, apuntando que se pode comezar a falar de novas formas expresivas e organizativas no teatro no ano 1984, cando se crea o Centro Dramático Galego, que supón un intento de construción dun modelo de teatro nacional en Galicia. Amenta tamén a creación da Sala de Teatro Estable Luís Seoane na cidade da Coruña en 1980 e a creación da colección dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*.

_____, “Unha nova xeración de investigadores”, *Grial*, n.º 223, “Carta do editor”, xullo 2019, pp. 4-7.

Introdución ao número 223 de *Grial* que informa sobre a investigación da filóloga Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, que conta cun amplo catálogo de estudos sobre a figura de Rosalía de Castro, de carácter bibliográfico e achega diversos documentos, textos e testemuños recompilados ao longo da súa vida. Tamén se destaca a figura de Víctor Said Armesto, a quen Ruiz de Ojeda tamén lle dedica parte dos seus traballos, quen contribuíu á investigación sobre Rosalía grazas á súa relación con Manuel Murguía.

García Negro, María Pilar, “Falta un capítulo em El Caballero de las botas azules. Ricardo Carvalho Calero”, *Follas Novas*, n.º 4, “Textos e Documentos”, 2019, pp. 160-168.

Este traballo reproduce un dos últimos artigos de Ricardo Carvalho Calero (senón o último). Foi entregado ao profesor Luís García Soto en xaneiro de 1990, poucas semanas antes do seu falecemento. O devandito artigo resulta interesante xa que ven a corroborar, unha vez máis, o interese do autor pola figura de Rosalía de Castro.

Gómez, Esther, “Moi recomendable...”, *Luzes*, n.º 64, “As libbreiras”, febreiro 2019, p. 87.

Esther Gómez, da librería coruñesa Moito Conto, recomenda a lectura de *Ler o mundo*, da francesa Michéle Petit, que foi traducida ao galego en 2018 pola Editorial Kalakandra. Trátase dun conxunto de ensaios que recolle o comportamento de diversas sociedades capitalistas e como este impide que os pais dediquen tempo aos seus fillos mentres loa ás artes, á transmisión cultural e á literatura.

Gómez Pato, Raúl, “Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 83-86.

Nesta contribución, Raúl Gómez aborda o proceso da tradución literaria, concretamente poética, no eido galego. Para isto, formula distintas cuestións básicas ás que trata de dar resposta ao longo da súa exposición: que é traducir?, quen traduce?, por que e para que traducir? e onde traducir, como e cando?

Harguindey Banet, Henrique, “Ubú, flor do mal”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Escena aberta”, n.º 98, 2019, pp. 36-39.

Artigo sobre *Ubú rei*, *Uvú encadeado* e *Ubú na colonial*, de Alfred Jarry, de quen ofrece datos biográficos e no que lembra as veces que Ubú foi representado por compañías galegas, artellando a súa contribución en tres partes: “A xesta ubuesca”, “Escravidade e liberdade: *Ubú encadeado*” e “Permanencia de Ubú”.

Hervella, Gustavo, “Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 39, “Lecturas”, xaneiro 2019, pp. 173-176.

Gustavo Hervella presenta unha coidada recensión sobre o libro *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (Editorial Galaxia, 2018), no que Ramón Villares analiza e interpreta a ideoloxía de Ramón Otero Pedrayo, ao tempo que reflexiona sobre o xeito de crear país da Xeración Nós. Hervella destaca a lectura historicista que fai Villares de *Arredor de si*, ofrecéndonos un estudo sobre a evolución do pensamento nacionalista galego pero dende unha fonte literaria.

Iglesias Baldonado, Maribel, “Ramón Cabanillas e Francisco Asorey, ‘vidas paralelas’. Amizade fonda e traxectorias cruzadas”, *Adra*, n.º 14, 2019, pp. 81-93.

Esta publicación fai un repaso pola traxectoria persoal e profesional do poeta Ramón Cabanillas e do escultor Francisco Asorey. Así, de maneira cruzada, vanse relatando as vivencias persoais e notas biográficas da nenez e adolescencia de ámbolos dous (a formación do primeiro no seminario Conciliar de Santiago, a estancia do segundo no colexio dos Salesianos en Sarriá...). Por outra banda, o artigo faise eco dos títulos

publicados por Cabanillas (*Vento mareiro, Da terra asoballada, A Rosa de cen follas...*) así coma o seu ingreso na Real Academia Galega e na Real Academia Española, e das esculturas realizadas por Asorey (Picariña, Naiciña, Santa muller galega e San Francisco), que os levarían ao cume da súa carreira na década dos vinte. Ser veciños de Fefiñáns (Cambados), pertencer dende ben cedo ao movemento das Irmandades da Fala, compartir as influencias modernistas-simbólicas ou a súa pegada nas Vangardas, son algúns dos elementos que contribuíron ao xurdimento dunha amizade persoal e profesional que duraría toda a vida.

Is, Ernesto, “A Berberecheira: honestidade e autoficción”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Libros”, n.º 98, 2019, pp. 92-93.

Artigo sobre a Berberecheira, impulsada por Chévere co gallo do Premio Nacional de Teatro en 2014. Entre 2016 e 2019 pasaron por este laboratorio o que se concretou en tres pezas destacadas do teatro galego: *Goldi libre* (2016), *Salvador* (2017) e *Anatomía dunha serea* (2017).

Jackiewicz, Aleksandra, “Captar los conflictos más sutiles del alma’ en el proceso de traducción. La poesía de Wislawa Szymborska en gallego y en español”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 209-221.

Neste artigo, Aleksandra Jackiewicz pon o foco de atención nos obstáculos cos que se atopan os tradutores á hora de recrear o universo poético da premio Nobel polaca Wislawa Szymborska. O corpo do texto afonda, dende unha perspectiva máis lingüística, nas formulacións textuais e intertextuais levadas a cabo na tradución ao galego feita por Caeiro. A tal fin, Jackiewicz rescata tres dos seus poemas (“Nic dwa razy”, “Nada dúas veces”; “Pod jedna gwiazdka”, “Baixo unha estreliña”; e “Liczba Pi”, “O número Pi”), que amosan e comparan as versións orixinais en polaco, as traducións ao castelán de Beltrán, Marrodán Casas e Rodowska e as de galego de Lucía Caeiro.

Lama, María Xesús, “Conversa con Anxo Angueira”, *Tempos Novos*, n.º 267, “Cultura”, “Protexa”, agosto 2019, pp. 71-73.

María Xesús Lama (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Anxo Angueira (entrevistado) a raíz da súa última publicación: unha edición crítica de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro. Así, Angueira responde preguntas relacionadas, principalmente, coas achegas dos comentarios de cada poema, co compromiso político e nacional con Galicia por parte da autora, coa proxección que ten da súa propia obra e coa posibilidade da publicación doutros volumes doutros textos poéticos da autora.

_____, “Desde a ribeira do Sar aos catro puntos cardinais”, *Tempos Novos*, n.º 267, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, agosto 2019, pp. 74-75.

María Xesús Lama fai unha recensión da obra *En las orillas del Sar*, obra de Rosalía de Castro, en edición crítica por Anxo Angueira. Respectando só a edición supervisada pola propia Rosalía, e con notas e comentarios que favorecen a comprensión do texto, Angueira realiza unha edición dunha obra marcada onde “o tempo persoal, de desolación,

contraponse a un tempo histórico que fai posible in da indignación e a esperanza, e polo tanto o destino individual (...) intégrase con serenidade coma o elo dunha cadea” poñendo o foco de atención nas referencias espaciais agochadas e centrándose na súa análise. Nas liñas finais desta recensión, Lama asegura que “a orixinalidade interpretativa e o rigor editorial converten esta obra nunha ferramenta imprescindible”.

Laxe Martiñán, Xosé Antón, “V́ctor Campío Pereira González, mestre, poeta e conversador”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Acoutacións”, maio 2019, pp. 87-108.

Laxe Martiñán percorre a vida e obra do poeta ourensán V́ctor Campío Pereira González a modo de homenaxe, con motivo do seu falecemento en xullo de 2018. O seu interese pola literatura comeza coa lectura de libros que na súa época estaban prohibidos, que lle eran proporcionados por compañeiros do Seminario de Ourense, como *Aires da miña terra* de Curros Enríquez. Recibiu varios recoñecementos ao longo da súa vida, como o Premio Biblioteca Endesa das Pontes, polo seu poema “Bando” ou o Sete Carballa da Insua dos Poetas, e fixo unha importante labor de tradución ao galego.

Ledo, Margarita, “Ana Romaní, académica”, *Grial*, n.º 221, “O rego da cultura”, 2019, p. 10.

Faise eco do ingreso de Ana Romaní como académica de número da Real Academia Galega, destacando que ocupará a cadeira vacante de Xohana Torres, un dos seus referentes literarios e a quen dedicou o seu discurso de ingreso, *Táctil resonancia. Da derrota dun esplendoroso veleiro, as voces flotando e os cantos das baleas*.

Lojo Rodríguez, Laura María, “Contos de fadas en clave feminista”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, p. 72.

Comentario crítico de *A cámara do sangue e outros relatos* (2018), de Angela Carter, vertido ao galego da man da editorial Urco. Amenta o prólogo de Enma Pedreira na colección Carter e a función tradutora de María Reimóndez.

López, Aurora, **Pociña**, Andrés, “Rosalía de Castro nas obras de Ricardo Carballo Calero. Estudo bibliográfico”, *Follas Novas*, n.º 4, “Bibliografía”, 2019, pp. 176-194.

Este estudo de Aurora López e Andrés Pociña recolle unha “Bibliografía rosaliana” a partir dos traballos de Ricardo Carballo Calero, a fin de amosar até que punto o escritor ferrolán se sente atraído polo estudo científico e polo coñecemento público da escritora.

López, Teresa, “Arredor de Rosalía: notas sobre as escritoras nas orixes do Rexurdimento”, *Follas Novas*, n.º 4, “Artigos”, 2019, pp. 52-79.

A medida que vai avanzando o século XIX, as mulleres van desenvolvendo un papel máis importante como lectoras e escritoras. Obras salientábeis do Rexurdimento galego inflúen numerosas colaboracións de autoras, apelacións directas ao labor feminino no

espallamento da produción literaria e mencións salientábeis do contributo das autoras, mostras todas da vontade de incluílas ao proxecto do Rexurdimento. As redes de relacións entre escritoras e escritores son visíbeis nas dedicatorias cruzadas de poemas que achegan novas perspectivas sobre os roles desenvolvidos polas escritoras no comezo do período rexurdimentista.

López Silva, Inma, “A escena galega no novo século”, *Grial*, n.º 221, “Teatro galego contemporáneo”, 2019, pp. 16-19.

Ofrece un panorama da escena galega a partir de 1984, momento no que se funda o Centro Dramático Galego. Destaca a desfilolixización das linguaxes escénicas a partir do ano 2000 e analiza a vangarda e o rupturismo dentro do propio sistema teatral. Amenta a dramaturgas como AveLina Pérez, Clara Gayo, Esther F. Carrodeguas, Vanesa Sotelo, Ernesto Is, Roi Vidal, Marcos Abalde e Fernando Espelde como figuras que conseguiron mostrar as posibilidades de reconceptualización da linguaxe dramática galega.

_____, “Conversa con Marta Pazos. ‘Facemos os espectáculos que a nós nos gustaría ver como público”, *Grial*, n.º 221, “Entrevista”, 2019, pp. 40-45.

Entrevista con Marta Pazos, da compañía Voadora, na que conversan sobre temas referidos á compañía e á súa traxectoria, á relación coas artes plásticas, ao protagonismo da música na posta en escena, sobre os clásicos canónicos e sobre o panorama teatral galego.

_____, “Chegou o futuro”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Masa crítica”, “Teatro”, febreiro 2019, p. 86.

Inma López Silva fai unha recensión da obra de teatro *Deixa de tocala, Sam*, dirixida pola súa autora Avelina Pérez, un exemplo do teatro máis contemporáneo. Segundo López Silva, a autora, sempre cun ton crítico, denuncia social e compromiso que caracteriza a súa obra, “dá conta dunha mirada amarga sobre o sentido da súa arte e por que non, da vida”. En *Deixa de tocala, Sam*, destaca o seu estilo caracterizado polo diálogo (en ocasións, xordo), o aproveitamento das ferramentas da composición escénica, a concatenación de escenas superpostas e a coherencia ideolóxica e estética.

_____, “Como é que o tren non pasa por aquí?”, *Tempos Novos*, n.º 267, “Cultura”, “Masa crítica”, “Teatro”, agosto 2019, p. 80.

Inma López Silva fai unha recensión da obra de teatro *Curva España*, da compañía teatral Chévere. A obra comeza cun accidente de tráfico en Verín en 1927 e a consecuente morte de José Fernández España, o enxeñeiro das obras do tren Pobra de Sanabria-Ourense. Este feito servirá de punto de partida para a reflexión, no relato, de tres elementos: “a conformación do matrimonio entre poder político e económico en España dende a ditadura de Primo de Rivera; o silenciamento durante o franquismo das figuras disidentes e a conformación centralista dun país que castigou durante máis de cen anos os espazos incómodos”. Da obra, López Silva destaca o seu estilo caracterizado por un ton intelixente e irónico, cheo de elementos propios do quefacer documental coma o relato de testemuñas ou os límites difusos entre a interpretación e o filme.

López Silva, Xosé A., “Ovidio, de novo en galego”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 74-75.

Recensión do volume *Catas das heroínas* (2018), de Ovidio, en tradución ao galego de Margarita Fernández Gómez. Explica que se trata dunha colección de quince epístolas poéticas ficcionais de diferentes mulleres da mitoloxía ou cultura grega. Afirmar que supón esta unha interesante achega para o debate sobre as presenzas de perfís clásicos femininos e a necesidade de revisar as traducións herdadas.

Lorenzo, Ramón, “Giuseppe Tavani (1924-2019)”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Vida oficial da RAG”, 2019, pp. 455-462.

Con motivo do pasamento de Giuseppe Tavani, Ramón Lorenzo fai neste artigo un detallado percorrido pola obra do filólogo italiano, destacando os seus traballos relacionados coa literatura medieval galego-portuguesa e salientando as súas calidades humanas.

Lorenzo Gil, César, “Aventuras, tamén sexuais, para adolescentes”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, febreiro 2019, p. 82.

Lorenzo Gil fai unha recensión da obra *Arousa*, de Carlos Meixide. Trátase da cuarta entrega de “Os cinco de Ons”, onde os protagonistas adolescentes continúan coas súas pesquisas para resolver misterios, neste caso, o envelenamento de varios cans na illa de Arousa. Se ben o autor “domina mellor as personaxes cá trama”, segundo Lorenzo Gil, os diálogos cobran especial relevancia na procura dunha boa caracterización dos personaxes. Sentencia: “Arousa é unha novela das voces baixas. Non hai grande épica nin conspiracións atómicas. Máis ben unha descrición das disfuncións do cotián, as pregas da vida aparentemente tranquila dunha vila de Galicia”.

_____, “Tres pintores, algo así como unha road movie”, *Tempos Novos*, n.º 264, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, maio 2019, p. 90.

Lorenzo Gil fai unha recensión da obra *Tres pintores*, de Cid Cabido, galardoada co Premio Ánxel Fole de Narrativa Curta, convocado polo Concello de Lugo. Con toques autobiográficos, esta obra conta a viaxe que en 1984, o propio Cabido xunto co seu amigo pintor Viñas, fixeron dende Vigo até París, aínda que se nos adianta que dita viaxe remata antes do previsto. Lorenzo Gil destaca da obra, principalmente, dúas cousas: por unha banda, o estilo inconfundíbel do autor, que xeralmente se serve da “oralidade actual” para contar unha historia; por outra, que a obra presenta certos perfís positivos (coma a estrutura, os personaxes ou o ton xeral que presenta) que a fan especialmente apta para a transición nos adolescentes, das súas lecturas de literatura xuvenil ás lecturas de adultos.

Loureiro Rodríguez, Carlos, “Contiños da terra, un elo entre xeracións”, *Grial*, n1 221, “O espello das letras”, pp. 72-73.

Recensión de *Contiños da terra* (2018), peza teatral de Santiago Cortegoso. Explica que o

autor se baseou nos *Contiños* de Manuel García Barros, adaptándoos á idade contemporánea. Salienta o tratamento da conexión entre diferentes xeracións na obra.

Martínez González, Xurxo, “O presidente da República que prologou as *Follas Novas* de Rosalía: notas a unha relación de Emilio Castelar coa cultura galega (Pardo Bazán vs. Murguía)”, *Follas Novas*, n.º 4, “Artigos”, 2019, pp. 80-109.

Xurxo Martínez González explora neste artigo a relación que Emilio Castelar mantivo coa cultura galega e, a través dela, investiga a tensión de campo con respecto ao que debía ser o Rexurdimento. A loita entre Emilia Pardo Bazán e Manuel Murguía por interpretar a obra rosaliana representa dúas posibilidades de entender o futuro político e cultural de Galiza.

_____, “Lorca”, *Luzes*, n.º 65, “Ás ceibas”, febreiro 2019, p. 19.

Informa da proposta do Servizo de Normalización Lingüística de dedicar un Día das Letras Galegas a Federico García Lorca, autor de *Seis poemas galegos*. Esta obra foi editada en 1935 por *Nós* a cargo de Anxo Casal en 1935 e conta cun prólogo de Eduardo Blanco Amor. Xurxo Martínez mostra o seu apoio á iniciativa, considerando que sería unha boa forma de lograr un coñecemento universal da literatura galega.

Martínez Suárez, Iolanda, “Feminismos”, unha aposta poliédrica para recuperar as palabras”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 100-101.

Informa sobre a posta en marcha da colección *Feminismos* pola Editorial Galaxia, unha vía para a expansión das reflexións e perspectivas de carácter feminista dun colectivo de autoras diversas. A colección iniciou coa publicación de tres ensaios inaugurais, *Chámame señora pero trátame coma a un señor*, *Feminicio*. *Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión* e *Am@me*; tres obras dirixidas a diversos públicos, ás mulleres e aos homes que se sintan afectados polos problemas que sofren as primeiras, a todos aqueles que serviron de ferramenta para o patriarcado da súa propia vida laboral e persoal e aos educadores, respectivamente.

Mato, Alfonso, “Un ensaio de historia intelectual”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 106-107.

Alfonso Mato informa de que vén de ser publicada unha nova edición do discurso de ingreso de Ramón Villares na Real Academia Galega, esta vez na Editorial Galaxia baixo o título de *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (2018). Celébrase tamén que desta vez se trate dunha publicación nunha editorial comercial, pois as dúas edicións previas existentes, unha da propia Academia e outra da Fundación Otero Pedrayo, eran certamente moi restrinxidas.

Monteagudo, Henrique, “Ricardo Carballo Calero, persoeiro do Día das Letras 2020”, *Grial*, n.º 222, “O rego da cultura”, abril 2019, p. 11.

Breve homenaxe a Ricardo Carballo Calero, con motivo da decisión de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2020, na que se fai un percorrido pola súa vida e a pola súa traxectoria literaria, con obras como *Scórpido* ou *Pretérito imperfecto*. Tamén se fai mención dos estudos que dedicou a Rosalía de Castro e a Castelao e engádese unha congratulación á Real Academia Galega pola súa elección.

Moreda, Eva, “Conversa con Emma Pedreira”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Protexa”, febreiro 2019, pp. 78-80.

Eva Moreda (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Emma Pedreira (entrevistada) trala publicación do seu último libro *Besta do seu sangue*, galardoado co Premio Xerais 2018. Así, Pedreira responde a unha serie de preguntas relacionadas, principalmente, coas fontes bibliográficas e o proceso de documentación, a adscrición da obra a un xénero, o desempeño da voz narrativa ou a relación da temática corporal e sensorial do libro coa poesía dos anos noventa.

_____, “Ambición literaria”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, febreiro 2019, p. 81.

Eva Moreda fai unha recensión da obra *Besta do seu sangue*, de Emma Pedreira, galardoada co Premio Xerais 2018, que narra a historia de Manuel Blanco Romasanta convertido en lobishome de Allariz. Moreda destaca a unidade narrativa e literaria, así coma as múltiples lecturas que acepta a obra debido ás diferentes técnicas narrativas empregadas, ademais do lirismo que impregna toda a obra e da utilización dun léxico pouco cotián.

_____, “Sexo na vellez sen lirismo”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xuño 2019, p. 81.

Eva Moreda fai unha recensión da obra *Delirios de pracer*, de Úrsula Heinze, onde narra as vivencias eróticas entre Sara, unha muller de idade avanzada, e Cristian, o seu masaxista, mais xove ca ela. Se ben ás veces a obra incorpora algúns cambios de tema inxustificables, segundo Moreda, a súa calidade literaria, a escasa intervención da voz narrativa, e a linguaxe empregada (con tecnicismos clínicos), fan da obra un excelente caldo de cultivo onde se erixe un erotismo ao que estamos pouco acostumados a ver na narrativa. Asemade, a obra deixa entrever a evolución psicolóxica da protagonista, en parte grazas á forza que cobran os diálogos entre Sara e máis Cristian.

_____, “Unha distopía exitosa”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xullo 2019, p. 82.

Eva Moreda fai unha recensión da obra *Natura*, de Iolanda Zúñiga, galardoada co Premio Gala do Libro 2019 á mellor obra narrativa, cuxo argumento xira ao redor dunha “catástrofe demográfica, social e ambiental que deriva nunha sociedade ditatorial e estratificada; control das mentes a través da manipulación do discurso e a linguaxe” Segundo Moreda, o uso dunha linguaxe maxistral (da que ofrece exemplos), caracterizada por un ton distanciada e áxil -exento de abundantes e minuciosas e descrições-, é clave na configuración desta novela distópica “máis que apreciable” (en palabras de Moreda), se as comparamos con outras do seu xénero.

Nicolás, Ramón, “Poesía nas aulas: espazos de comunicación e creación”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Interaccións poéticas: ensino, lingua, ciencia (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 59-64.

Ramón Nicolás aborda nesta contribución algunhas reflexións ao fío do lugar que ocupa a poesía na escola, fundamentalmente no ensino secundario. Así pois, reflexiona sobre a situación actual que ocupa a poesía nos plans de estudo, cal é a realidade do seu coñecemento etc.

Neira Pérez, Juan Félix, “De Eduardo a Eduarda: un poema inédito de Pondal á irmá morta”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Traballos de investigación e estudo”, 2019, pp. 397-405.

Juan Félix Neira Pérez desenterra neste artigo unha composición inédita de Eduardo Pondal, composta en recordo da súa irmá Eduarda, a cal falecera en Muxía mentres pasaba unhas xornadas con Rosalía de Castro.

Negro, Carlos, “Presentación. Breve mirada polo retrovisor en transición cara a unha poesía supernova”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Innovación poética, trans-xénero, novas modalidades (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 109-111.

Para presentar aos participantes na mesa redonda ‘Innovación poética, trans-xénero, novas modalidades’ (Fran Alonso, Antía Otero e Celia Parra), o coordinador, Carlos Negro, fai un percorrido pola poesía galega dos últimos corenta anos.

Nogueira, María Xesús, “Lara, Claus e o alacrán”, *Tempos Novos*, n.º 260, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, xaneiro 2019, p. 82.

María Xesús Nogueira fai una recensión da obra *Claus e o alacrán*, de Lara Dopazo Ruibal, onde o simbolismo e as imaxes cobran forza una vez mais na poesía de Dopazo. Temas tan humanos coma a carraxe, o desamparo, a vulnerabilidade ou as experiencias da violencia ábreanse paso entre os versos do seu novo poemario. Nogueira sentencia acerca da obra: “é a un tempo un libro dinámico e envolvente que se resiste con teimosía a una lectura única, e que se sitúa a proposta da autora como una voz orixinal no extraordinariamente rico panorama da poesía que as autoras máis novas están a escribir”.

_____, “Trazos poéticos”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, febreiro 2019, p. 84.

María Xesús Nogueira fai unha recensión da obra *O puño e a letra*, de Yolanda Castaño, onde máis de corenta artistas e debuxantes – Xaquín Marín, Pepe Carreiro e David Rubín entre outros-, poñen ilustracións á unha escolma da obra de Castaño, compilada en seis libros ao longo de vinte cinco anos. Trátase dunha antoloxía persoal onde aparecen

motivos recorrentes na poesía de Castaño, coma “o corpo, a identidade, o desexo, o sexo e a escritura”, tal e coma indica Nogueira. Nogueira destaca o seu estilo caracterizado pola mestura de rexistros diferentes, unha escritura brillante, os elementos sensuais, abxectos ou lúdicos así coma unha sutil ironía.

_____, “Conversa con Antón Lopo”, *Tempos Novos*, n.º 263, “Cultura”, “Protexa”, abril 2019, pp. 78-80.

María Xesús Nogueira (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Antón Lopo (entrevistado), trala publicación da súa última novela *Extraordinario*, galardoada co Premio Repsol. Así, Lopo responde a unha serie de preguntas relacionadas, principalmente, coa caracterización dos personaxes, as posíbeis interpretacións da obra, o seu estilo e a perspectiva propia da súa obra e as relacións que garda con outras anteriores.

_____, “O extraordinario da vida”, *Tempos Novos*, n.º 263, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, abril 2019, p. 81.

María Xesús Nogueira fai unha recensión da obra *Extraordinario*, de Antón Lopo, galardoada co Premio Repsol, que narra o regreso de Óscar, o protagonista, pouco amoldado ás convencións sociais por diferentes motivos, á súa vila natal para facerse cargo dos coidados da súa nai hospitalizada. Isto non so supón unha reorganización da vida e das prioridades para Óscar, senón tamén unha volta á súa infancia na que asoman unha mala relación coa súa proxenitora, o descubrimento do corpo, da sexualidade, entre outras lembranzas. O grande acerto desta obra, radica, segundo Nogueira, no seu estilo cargado de humor e ironía, de imaxes poéticas levadas a cabo con precisión léxica e cunha sintaxe dinámica. Nogueira sentencia: “achéganos Antón Lopo na súa última narración a un tecido de lembranzas, revelacións, contradicións e afectos nos que é quen de aprehender o extraordinario da vida”.

_____, “Presentación. Corenta anos de poesía. Os ollos da crítica”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “40 anos de poesía aos ollos da crítica (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 91-94.

Para presentar aos participantes na mesa redonda ‘40 anos de poesía aos ollos da crítica’ (Vicente Araguas, Teresa Seara e Mario Regueira), a coordinadora, María Xesús Nogueira, reflexiona sobre o papel que desempeñou e segue a desempeñar a crítica na recepción de obras poéticas dende o ano 1976.

Otero, Antía, “De lindes e palabra. Algo ao que chamamos ‘novo’ leva moito tempo aí”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Innovación poética, trans-xénero, novas modalidades (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 117-119.

Antía Otero aborda nesta contribución as relacións que se establecen entre a escritura (concretamente a poética) e a imaxe, reflexionando para isto sobre as distintas tradicións poéticas ao longo dos séculos, como as caligrafías chinesas, os caligramas das Vangardas etc. Finalmente, achégase aos espectáculos performativos máis actuais, nos que tamén se

adoitan combinar as palabras coa imaxe.

Otero Varela, Inma, “Drogas, corrupción e transmedia”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 70-71.

Recensión de *Vivir sen permiso* (2018), de Manuel Rivas, sobre o cal indica que se compón de tres relatos unidos por unha temática e un espazo: o Oeste, o hábitat das drogas. Opina que o relato que precisa de máis colaboración receptora é o que dá o título ao libro. Salienta que é unha “lectura sen sorpresas, máis sen decepcións”, é que permite ver a Manuel Rivas en estado puro.

Outeiriño, Manuel, “O outono barcelonés”, *A trabe de ouro*, n.º 110, “Textos”, xaneiro 2019, pp. 125-156.

Manuel Outeiriño realiza unha breve presentación da figura do autor catalán Francesc Pujols e presenta unha ampla selecció de fragmentos da súa obra *O outono barcelonés* (1908) traducidos por el mesmo.

_____, “Napalm e outros poemas”, *A trabe de ouro*, n.º 112, “Textos”, setembro 2019, pp. 121-138.

Manuel Outeiriño realiza unha breve introdución á figura do poeta, dramaturgo e artista plástico Joan Brossa e engade a continuación unha escolma de poemas do autor catalán traducidos por el ao galego.

_____, “Douscentos gramos de poemas de mestre”, *A trabe de ouro*, n.º 112, “Publicacións”, setembro 2019, pp. 147-150.

Manuel Outeiriño realiza aquí unha recensión breve sobre a obra *Douscentos gramos de patacas tristes*, un libro de poemas en prosa de Juan Carlos Mestre dedicado á memoria de frei Martín Sarmiento. O libro consta de varios poemas que recordan a outros autores diversos do panorama literario universal e supón, en parte, un autorretrato do propio Mestre.

Palacios González, Manuela, “LINARES FERNÁNDEZ, Laura (ed.) (2016): *Verbas atlánticas. Poesía inglesa, escocesa e irlandesa traducida por Plácido Castro*. Cambados: Fundación Plácido Castro, 305 pp.”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 369-371.

Manuela Palacios fai unha recensión da obra *Verbas atlánticas. Poesía inglesa, escocesa e irlandesa traducida* por Plácido Castro, recollida en edición bilingüe (inglés/escocés/irlandés- galego) compilada por Linares Fernández. A autora fai unha introdución á compilación na que se aprecian catro seccións, tal e como indica Manuela Palacios: unha primeira baixo o título de “Plácido Castro: Biografía”, onde nos ofrece unha serie de datos biográficos persoais e profesionais relevantes, nas súas facetas coma xornalista, tradutor e político; a segunda sección “Plácido Castro, identidade e tradución en Galicia” pon o foco de atención nos principios e estratexias da súa práctica tradutora e refire os estudos esenciais acerca da súa figura, coma os de Alberto Álvarez Lugrís e

Silvia Vázquez Fernández; a terceira sección “O galego de Plácido Castro” céntrase nas escollas lingüísticas por parte de Castro, entre as que destacan formas sincopadas, harmonizacións vocálicas, hiperxenbrismos e castelanismos; finalmente, na derradeira sección, “Sobre esta edición”, Linares Fernández xustifica a estrutura e os criterios da súa compilación. Esta recolle as traducións ao galego, por parte de Castro, de autores coma Edward FitzGerald, W.B. Yeats, Christina Rossetti, William Blake, Lady Gregory ou Padraig Pearse, entre outros. Manuela Palacios destaca a calidade da obra orixinal e da súa tradución ao galego, por parte de Castro, así coma o rigor filolóxico que Linares Fernández segue na organización dos contidos dita compilación.

Paone, Marco, “A poesía na contemporaneidade líquida”, *Tempos Novos*, n.º 261, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, febreiro 2019, p. 83.

Marco Paone fai unha recensión da obra *Resistencia da auga*, de Xabier Cordal, que ben podería entenderse en non poucas ocasións coma unha reflexión do propio quefacer literario. Os poemas que conforman o poemario divídense en cinco seccións, que Paone explica (e exemplifica con versos): na primeira, pon o foco de atención na herdanza xenética da palabra; na segunda, a condición do ser humano; na terceira, cobra especial relevancia o tema do amor; as dúas últimas están dedicadas ás lembranzas familiares e da nenez. Paone pon de manifesto as temáticas máis explotadas en *Resistencia da auga*: “a preservación do amor e dos espazos en que se produciu, a capacidade de aceptar un destino adverso é algo que se repite no libro (...)”.

_____, “A poesía na época da reproducibilidade dixital”, *Tempos Novos*, n.º 263, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, abril 2019, p. 82.

Marco Paone fai unha recensión da obra *Pantallas*, de Celia Parra, onde a a autora reflexiona acerca dos momentos cotiáns e como a tecnoloxía influíu neles; como a dixitalización foi capaz de cambiar “a vivencia dos momentos extraordinarios da vida humana”. Do poemario, que se divide en tres partes, “Mundo: Cartografía do reflexo”, “Os antigos. Fragmentos dun diario atopado” e “Desexo. Saciar a luz”, Paone destaca as imaxes evocadas: “o tema do espello (...), a relación entre realidade e ficción, imaxes reais e creación de simulacros (...), as referencias á natureza biolóxica (...) e a gravación emotiva do amor a través dunha mensaxe vocal (...)”.

_____, “O lugar da memoria poética”, *Tempos Novos*, n.º 265, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, xuño 2019, p. 80.

Recensión da obra *A cama de meu avó Manuel Martín Méndez*, de Celso Fernández Sanmartín, onde o autor, con tintes autobiográficos, se mergulla en lembranzas e vivencias persoais relacionadas, a meirande parte, en torno á figura de seu avó, “que coñecía moi ben o visíbel e invisíbel da natureza, as consecuencias das accións e das escollas, a Guerra Civil, o paso do tempo e como cambiou a paisaxe do monte do Carrio e Bermés”. Asemade, Sanmartín sèrvese da metáfora da cama (primerio de táboas, logo o somier, despois metálica e por último de láminas) para amosar a evolución da sociedade. Por outra banda, Paone destaca a forza oral do relato, cun estilo caracterizado por anáforas, declinacións dialectais e neoloxismos.

_____, “Conversa con Gonzalo Hermo”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”,

xullo 2019, pp. 78-79.

Nesta publicación, Marco Paone (entrevistador) transcribe a entrevista feita ao autor Gonzalo Hermo (entrevistado) sobre o seu último libro, *A vida salvaxe*, galardoado co Premio Afundación 2018. Así, Hermo responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, coa perspectiva que o propio autor ten da súa obra (a madurez que alcanza, o impacto no actual debate ecolóxico), pero tamén coa súa traxectoria autorial (criterios da escolla das súas lecturas, finalidade da súa escrita, etc.).

_____, “A recheche poética de Gonzalo Hermo, *A vida salvaxe*”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”, “Poesía”, xullo 2019, p. 80.

Recensiona obra *A vida Salvaxe*, de Gonzalo Hermo, na que o escritor se mergulla na experiencia ontolóxica e epistemolóxica da vida e da escritura poética. A literatura, a natureza, a memoria ou a realización dos desexos son algúns dos elementos, que, tratados cunha linguaxe maxistral, poden atoparse entre os versos Hermorianos. Non obstante, Paone asegura que, dende o seu punto de vista, non pode concibirse coma a obra cume do poeta. En palabras de Paone: “Malia o título, esta nova proba poética de Gonzalo Hermo é menos “salvaxe” que os libros anteriores, condición pola que o autor nalgúns puntos parece xustificarse, pero logra (...) volver harmónica e con momentos de alta poesía unha obra filosoficamente complexa”.

Parra, Celia, “Poesía e Luz”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Innovación poética, transxénero, novas modalidades (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 121-124.

Celia Parra aborda nesta achega as mutacións e hibridacións que está a experimentar a poesía na sociedade actual. Para isto, parte duns coñecidos versos de Gustavo Adolfo Bécquer: “Que é poesía? e ti mo preguntas? poesía es ti”, que a levan a reflexionar sobre as ferramentas das que disporía este poeta no seu tempo e a comparar esas ferramentas con todos os recursos dos que dispoñen os poetas da actualidade.

Pascual, Roberto, “A programación de teatro contemporáneo. Retos ante o público”, *Grial*, n.º 221, “Teatro galego contemporáneo”, 2019, pp. 20-25.

Analiza o papel da mediación cultural no ámbito da creación escénica en Galicia e lista aspectos a considerar na elaboración dunha liña específica do que debería ser unha “casa do teatro”. Reflexiona sobre os tópicos, ameazas e oportunidades que presenta o público. Destaca a Marta Pazos, da compañía Voadora, como unha das creadoras “que máis contribuíron na tarefa colectiva e progresiva (...) de ampliar e ensanchar a mirada e o senso, de romper preconceptos con respecto á arte escénica”. Afirmar que dente a periferia tamén se fai vangarda, seguindo a estela de Voadora, de Almada en Portugal, da compañía mexicana Los Colchos, A Panadaría e Chévere.

Payne, Keith, “Lily, a filla do conserxe, literalmente non tiña mans para tanta leria”, *Tempos Novos*, n.º 264, “Cultura”, “Protexa”, “Tradución”, maio 2019, p. 92.

A tradución ao inglés que o propio Payne fai da versión orixinal en galego da obra *O deserto*, de María do Cebreiro, serve de pretexto para que o autor faga unha reflexión acerca dos horizontes e dos límites da tradución no campo da literatura, e máis concretamente, no da lírica, servíndose de instrumentos e principios formulados con anterioridade coma os do crítico literario Hugh Kenner. En palabras de Payne: “estou na procura dun “equilibrio delicado” namentres tento detectar o campo gravitacional dos poemas en tradución, neste caso en *O deserto/The desert* de Maria de Cebreiro”.

Pedreira, Emma, “Ectoplasma poético. Elas, as fantasmas (as que non saen na foto). As antoloxías poéticas desde unha perspectiva de xénero”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Apéndice. Comunicacions ao primeiro congreso de Poesía Galega”, decembro 2019, pp. 127-136.

Nesta comunicación, Emma Pedreira aborda a figura das poetas galegas nas últimas catro décadas, reflexionando sobre falta de visibilidade que tiveron e sobre as dificultades que, ás veces, comporta a súa adscrición a unha determinada xeración poética ou a outra, a fin de reclamar un maior espazo para a creación feminina en lingua galega.

Penelas Devesa, Patricia, “A volta de Cid Cabido da man dun road trip book”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 70-71.

Recensión do libro *Tres pintores* (2018), de Cid Cabido, do cal destaca que se trata dun *road trip book* no que salienta o uso da lingua que o autor fai para representar dun modo fiel o rexistro lingüístico dos personaxes. Afirmar que a prosa de Cid Cabido é “dinámica, áxil, e mesmo espontánea”, achegándoo á obra de Kerouac.

Peñalta Catalán, Rocío, “REYES, Miriam (2018): *Sardiña*. Santiago de Compostela: Chan da pólvora, 95 pp.”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 375-377.

Rocío Peñalta fai unha recensión de *Sardiña*, o sexto poemario de Miriam Reyes, onde mestura diferentes técnicas creativas como a escritura poética, a fotopoesía e a videopoesía. O poemario constitúe unha homenaxe ao seu avó e o título responde á imaxe que a escritora garda do mesmo, suxeitando e comendo unha sardiña. Co obxectivo de “recuperar a su abuelo materno, sus raíces y su propia infancia”, tal e coma sinala Peñalta, despois de afastarse del ao emigrar con seus pais a Venezuela á idade de oito anos, Reyes escribe o poemario en galego, que era a lingua falada polo seu avó. Os poemas revelan a pesquisa constante da norma e da corrección dunha lingua que non domina, ao mesmo tempo que non dubida en deixar ao descuberto as autocorreccións que fai dos seus propios versos.

Pérez Prieto, Victorino, “Uxío Novoneyra e Rosalía de Castro: xunguidos pola fala e a Terra. Dous textos inéditos de Novoneyra sobre Rosalía”, *Follas Novas*, n.º 4, “Artigos”, 2019, pp. 109-133.

Victorino Pérez Prieto reflexiona neste artigo sobre as relacións entre a poesía de Uxío Novoneyra e a de Rosalía de Castro. O traballo estrutúrase en tres partes: a primeira

constitúe un achegamento inicial á relación entre a obra de Novoneyra e Rosalía (o compromiso co idioma, co pobo e coa Terra; e a vivencia da dor e do desacougo existencial); na segunda parte, coméntase un poema e algúns textos de Novoneyra sobre Rosalía; e na terceira e última parte, transcribíense e coméntanse dous textos inéditos de Novoneyra sobre Rosalía.

Pernas, Silvia, “O proxecto Cintaiadesiva”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Teatro e outras formas de comunicación do poético (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 45-50.

Silvia Pernas dá conta nesta aportación do colectivo Cintaiadesiva, que foi denominado como ‘performance’ por Antón Lopo, como ‘banda’ e ‘performance teatral’ por Gisa Carvalho ou como ‘poesía sonora’ por Manuel Forcadela. Na actualidade, o grupo conta con diferentes formacións: un dúo, do que forma parte a propia Silvia Pernas, xunto con Jesús Andrés Tejada; un cuarteto, no que se suman Pablo Muñiz e Cecilia Martínez e unha banda de seis, na que participan ademais, Beni Gago e Paula Costa. Ao longo da súa contribución, Silvia Pernas aborda o proceso de creación dos textos e da voz posta en escena para devandito colectivo.

Queixas, Mercedes, “Presentación”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Interaccións poéticas: ensino, lingua, ciencia (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 51-52.

Para presentar aos participantes na mesa redonda ‘Interaccións poéticas: ensino, lingua, ciencia’ (Ramón Caride, Ramón Nicolás e Estíbaliz Espinosa), a coordinadora, Mercedes Queixas, reflexiona sobre as múltiples interaccións que pode desenvolver a poesía con outros discursos e prácticas.

Porto, Patrícia, “A Aine encántalle xogar...”, *Luzes*, n.º 64, “As libbreiras”, febreiro 2019, p. 87.

Patrícia Porto, da librería compostelá Lila de Lilith, recomenda a lectura de *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa. Esta novela para público a partir de 10 anos trata a vida de Aine, que é trans, e de como o seu entorno resiste e se opón a que “Aine sexa Aine”.

Plaza, Sara, “*resistencia da auga* de Xabier Cordal: a gota que desborda a meniña”, *A trabe de ouro*, n.º 111, “Publicacións”, maio 2019, pp.127-132.

Sara Plaza comenta os aspectos fundamentais de *resistencia da auga* de Xabier Cordal con motivo da súa publicación en novembro de 2018. A obra consta de trinta e nove poemas de formato e temática distintos que supoñen, en palabras de Plaza, “unha celebración de todos os sentidos”.

Rabuñal, Henrique, “Adeus, capitán Walton”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 211, “Recensión”, xaneiro-febreiro 2019, pp. 111-112.

Recolle unha recensión da novela *Adeus, capitán Walton* (2018) de Miguel Mato Fondo; comeza indicando que lla adica ao seu fillo, que o prólogo é do propio autor; ou do protagonismo das mulleres como únicas personaxes. A continuación fai unha breve descrición de cada unha das cinco pezas narrativas contidas neste volume, nomeadamente “Flores nun vaso de auga”, “Últimos días de Rüngstedlund”, “Adeus, capitán Walton”, “Caterina no devalo” e “If you’d love someday”.

_____, “Unha mostra de madurez e talento”, *Grial*, nº 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 69-70.

Recensión *Adeus, capitán Walton* (2018), de Miguel Mato, explicando que consta de cinco relatos longos e complexos con protagonistas femininas. Asevera que está dotado de numerosas referencias literarias e artísticas e que está escrito nun ton autobiográfico con rigor estilístico e idiomático.

Regueira, Mario, “Galaxia e a mecánica da Historia. A Historia no campo literario da posguerra”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 40, “A Investigación”, xullo 2019, pp. 61-78.

Neste traballo, Mario Regueira aborda a filosofía da editorial Galaxia, dentro da reorganización ideolóxica galeguista durante a época de posguerra. A análise de Regueira céntrase no elemento histórico, que os homes de Galaxia toman parcialmente do primeiro nacionalismo galego, e ao que engadiron referencias filosóficas de pensadores europeos próximos ás ideas do existencialismo.

_____, “Corenta anos da poesía galega. Os ollos da crítica”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “40 anos de poesía aos ollos da crítica (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 107-108.

Nesta achega, Mario Regueira reflexiona sobre o papel da crítica poética no espazo galego, prestando especial atención ao escaso grao de autonomía do que gozou ao longo dos últimos corenta anos e do que segue gozando na actualidade

Reigosa, Antonio, “A poética da fala”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Teatro e outras formas de comunicación do poético (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 41-43.

Nesta breve aportación, Antonio Reigosa aborda a poesía dende a perspectiva da oralidade, o que el denomina ‘poética da fala’.

Reimóndez, María, “Cartografar outros mares”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 77-81.

María Reimóndez reflexiona nesta contribución sobre os procesos de tradución e sobre

como estes normalmente contribúen a perpetuar o canon literario, un canon que responde a principios patriarcais, coloniais e hexemónicos. Asemade, Reimóndez incide na importancia de dar visibilidade a outras iniciativas literarias e poéticas por medio da tradución, tales como as poéticas femininas.

Requeixo, Armando, “O firmamento da memoria”, *Tempos Novos*, n.º 260, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xaneiro 2019, p. 80.

Armando Requeixo fai una recensión da obra *A través do fume*, de Antonio Piñeiro, galardoada co Premio Torrente Ballester no 2018. O regreso de Nina á súa cidade natal, en Galicia, para enterrar os restos de súa nai, é o punto de partida e tamén a excusa para evocar as lembranzas máis agochadas da nenez e da adolescencia da protagonista nos anos setenta. Requeixo mergúllase nestas lembranzas, onde destacan a “memoria olfactiva, o recordo ulido, cada cheiro, cada recender dun tempo ido”, cunha linguaxe impregnada de monólogo interior, citas e fragmentos de diálogos.

Riobó, Xoán C. “Finisterrae: O último ultramarinos”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 112-114.

Entrevista ao elenco da obra *Finisterrae: O último ultramarinos*, Celtia Figueiras, Borxa Ínsua e Topo Vidal, de Producións Teatrais Alakrán, na cal se indaga sobre o proceso creativo do espectáculo, sobre a creación dos personaxes e sobre o espazo sonoro da obra.

Ríos Santomé, Soledad, “*Os señores do tempo*. Tertulia da Lonxa literaria de Moaña”, *RGT. Revista Galega de Teatro* “Lonxa Literaria”, n.º 99, pp. 77-81.

Crónica da representación *Os señores do tempo*, de Zé Paredes, obra que define como “violenta, cuestionadora, brutal”, na Tertulia da Lonxa Literaria realizada o 24 de maio de 2019.

Rodríguez Álvarez, Luís, “Presentación do Foro Encrucillada”, *Encrucillada*, n.º 215, “Foro encrucillada”, outubro 2019, pp. 8-10.

Nesta introdución ao Foro Encrucillada, Luís Rodríguez Álvarez realiza un moi breve estudo sobre o Pórtico da Gloria como influencia e inspiración para a literatura galega e, en menor medida, para a castelá. Aluden a esta obra Álvaro Cunqueiro, que reflexiona sobre a identidade dos figuras do Mestre Mateo; Castelao, que converteu o Pórtico nun símbolo da nación galega e empregouno como inspiración para elaborar o selo do Seminario de Estudos Galegos; menciónano Luís Seoane e tamén Valle Inclán, Gherardo Diego, Unamuno e Lorca; aluden a el Rosalía de Castro en “Na Catedral” e Otero Pedrayo en “Guía de Galicia”.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, “Un fabulista galego no Museo do Gravado de Artes. O barón de Andilla. Coa fábula en galego ao fondo”, *Barbantia*, n.º 15, “IX Semana da Historia de Noia”, 2019, pp. 183-206.

Nesta publicación, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría aborda a figura do barón de Andilla, un fabulista galego que se atopa no Museo do Gravado de Artes. Primeiramente, o autor da publicación fai unha introdución acerca das orixes e a evolución tanto do devandito museo como da fábula. Logo de facer un repaso polos galegos que cultivaron este xénero durante o século XIX (a destacar, Cristóbal de Beña, Ramón Valvidares ou a mesma Concepción Arenal, entre outros), Rodríguez Santamaría pon o foco de atención en Francisco Garcés de Marcilla, o barón de Andilla. Foron moitos os estudosos -coma Cossío-, que viron nas fábulas do barón (a meirande parte delas protagonizadas por animais ou plantas), unha “fertilidade de invención, agradable estilo para contar e sempre con intención moralizadora”. As súas fábulas que aparecen recollidas no volume *Fábulas, cuentos y epigramas morales (1853)*, inclúen dez gravados feitos polos debuxantes Vicente Urrabieta Ortiz e Manuel Lázaro Burgos (dos que se nos ofrece unha pequena biografía de cada un deles) que podemos atopar no museo do gravado de Artes. A publicación remata cun estudo comparativo entre o escenario da fábula na lingua castelá e na galega dende o século XIX e céntrase nas traducións de fábulas feitas ao galego, coma, por exemplo, as de Armando Vázquez Crespo, Teresa Barro, Antón Tovar e o mesmo Ramón Cabanillas, entre outros.

Salgado, Ana, “As frieiras de Romasanta”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 68-68.

Ofrece unha recensión de *Besta do seu sangue* (2018), de Emma Pedreira, explicando os contidos do relato e indicando que bota en falta certa información para que o lector constrúa o texto. Con todo, afirma que a novela consegue xerar un estado desacougo no lector recorrendo á potencia poética da fala popular.

_____, “Vía matrilineal. Iluminativa”, *Tempos Novos*, n.º 268, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, setembro 2019, p. 83.

Ana Salgado fai unha recensión da obra *O mar que nos leva*, de Moncha Fuentes, que narra a historia de Mariña Brei, unha profesora de lingua e literatura que tras sufrir unha enfermidade perde a fala. A obra mergúllanos nese mar de lembranzas e ensoñacións da protagonista (sen orde clara, ao igual que os capítulos nos que está dividido e que responde ao fluír dos pensamentos) onde se tratan temas como “a xenealoxía familiar feminina, a clase, as formas de achegarse aos corpos e aos desexos, as diferentes relacións amorosas (...)”. No tocante ao estilo, Forcadela destaca a prosa traballada, a simboloxía e os períodos sintácticos longos; todo un “exercício estilístico”, en palabras de Forcadela.

Salgado, Daniel, “Notas para a presentación de *Michigan / Acaso Michigan*, de Antón Reixa”, *A trabe de ouro*, n.º 110, “Publicacións”, xaneiro 2019, pp. 157-159.

Daniel Salgado achega a súa lectura da obra *Michigan / Acaso Michigan. Crónica de 18 días en coma* de Antón Reixa nun acto que tivo lugar o 14 de novembro de 2018 na Fundación Didac de Santiago de Compostela. Salgado describe a Reixa como un “poeta post punk” e destaca a capacidade do autor para ofrecer información cruda e real a través dos seus escritos, capacidade que demostra na obra que está a comentar.

Sande, Miguel, “A poesía no teatro e o teatro poético”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Teatro e outras formas de comunicación do poético (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 37-39.

Nesta achega, Miguel Sande comeza salientando o valor da poesía na sociedade, cada vez máis tecnoloxizada, e continúa reflexionando, dende a súa propia experiencia, sobre as relacións que a poesía tece co teatro.

Seara, Teresa, “Entrar no ser”, *Grial*, n.º 221, “O espello das letras”, 2019, pp. 73-74.

Recensiona o poemario *A vida salvaxe* (2018), de Gonzalo Hermo, Premio de Poesía Afundación 2018, no que a natureza e os seus elementos son os temas recurrentes. Salienta que Hermo leva a lingua “ao seu momento auroral, converténdoa en idiolecto de desexo, en código que revela a viaxe dun ser que non volve incólume, senón profundamente transformado, do seu contacto co primixenio”.

_____, “Luz xerminal”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 101-102.

Teresa Seara comenta os aspectos máis sorprendentes da obra *Pazo de Tor* (2018), de Luz Pozo Garza, unha narración poética que conta unha historia que sucede no lugar que dá nome ao libro. Este convértese no paraíso último no que a voz poética, que chega ao pazo descalza e acompañada por unha música doutro mundo que soa na escuridade da noite, se atopa en busca de respostas, mentres que no exterior converxen un pasado esplendoroso e un presente de ruína.

_____, “Os últimos corenta anos da poesía galega vistos pola crítica”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “40 anos de poesía aos ollos da crítica (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 97-105.

Nesta contribución, Teresa Seara aborda a poesía producida nos últimos corenta anos dende a perspectiva da crítica literaria, deténdose nas distintas xeracións que se consolidaron ao longo do tempo: a xeración dos oitenta, a dos noventa, e prestando tamén atención aos vieiros da poesía nos inicios do novo milenio.

Seoane, Xavier, “Algunhas achegas sobre a recepción, esexese e valoración da poesía galega actual”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Apéndice. Comunicacions ao primeiro congreso de Poesía Galega”, decembro 2019, pp. 137-143.

Nesta comunicación, Xavier Seoane aborda as complicadas relacións que vertebran o sistema poético galego, salientando que os estudos poéticos que se veñen realizando nos últimos tempos carecen do necesario distanciamento temporal da amplitude de análise precisa.

Silva, Xosé Manuel da, “Manuel Rivas en versión portuguesa”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 80-81.

Xosé Manuel da Silva informa de que acaba de ser publicada a tradución ao portugués de *O último día da Terranova* (2015), de Manuel Rivas, como parte do proxecto Confluências, no que a editorial Kalakandra a través do selo Factoría K busca fomentar o intercambio entre autores en lingua portuguesa e outras linguas da Península. Da tradución da obra fíxose cargo Elisabete Ramos, que xa colaborou anteriormente con Factoría K na tradución de *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza. Destácase tamén o papel de Manuel Rivas como tradutor das súas propias obras ao castelán ou, cando menos, participe colaborador no proceso de tradutor a cargo de outras persoas.

Sotelo, Vanesa, “Laura Iturralde: ‘Estou orgullosa de facer todo o que fago sen ter que marchar de Galicia’”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Entrevista”, n.º 98, 2019, pp. 73-76.

Entrevista á escenógrafa, iluminadora e creadora visual Laura Iturralde na que, entre outros, fala da súa experiencia traballando con compañías galegas e sobre o Premio María Casares que obtivo,

_____, “Iria Pinheiro. ‘O cabaret deume humildade e forza como actriz’”, *RGT. Revista Galega de Teatro* “Entrevista”, n.º 99, pp. 43-46.

Entrevista con Iria Pinheiro na que fala, entre outros, sobre o Premio María Casares e o Premio Maruxa Villanueva, ademais da obra *Anatomía dunha serea*, e o seu proceso de escrita con María Lado.

_____, “Elefante Elegante. ‘Temos que dirixirnos ás crianzas co grao de responsabilidade e esixencia que require un adulto’”, *RGT. Revista Galega de Teatro* “Entrevista”, n.º 99, pp. 47-50.

Entrevista a María Torres e Gonçalo Guerreiro, da compañía Elefante Elegante con motivo dos seus vinte anos de traballo na que falan sobre os premios obtidos e sobre varias obras da compañía: *Nuncabunga*, *A danza da choiva*, *Patapúm*, *Rúa Sol*, *Tristán cara de can*, *O Forno*, *Iliria*, *Granito*, centrándose en *Dreaming Juliet*

Tato, Maribel, “*Lapis na noite...*”, *Luzes*, n.º 69, “As libreas”, xuño 2019, p. 89.

Maribel Tato, da librería viguesa Cartabón, recomenda a lectura de *Lapis na noite* de Ramón Nicolás, unha obra que narra as vivencias do seu protagonista Ramiro dende a ditadura franquista até a cívico-militar arxentina.

Tato Fontaiña, Laura, “Os vellos non deben namorarse’, de Castelao: xestación e recepción”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 241-258.

Nesta publicación, Laura Fontaiña afonda no proceso de xestación da tan coñecida obra dramaturxica de Castelao, *Os vellos non deben namorarse*. A tal fin, segue unha orde cronolóxica poñendo o foco de atención en tres períodos: Teatro de arte (1921-1923), Teatro de Caretas (1934-1936) e *Os vellos non deben namorarse* (1939-1941) e en dous

manuscritos (ambos datados en 1940). Finalmente, Fontaiña céntrase no proceso de recepción da obra por parte do público en dúas liñas: dentro da comunidade emigrante e fóra dela. Asemade, a autora vai nos ofrecendo, en orde lóxica, datos relevantes do contexto histórico-político da época e da biografía persoal e profesional de Castelao, que deixa entrever máis sombras ca luces (fracasos nas estreas, autocensura, desterro en Estremadura, penurias económicas...).

Torres, Ramiro, “Presentación”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 73-75.

Para presentar aos participantes na mesa redonda ‘Traducións e diálogos con outros sistemas poéticos’ (María Reimondez, Raúl Gómez Pato e Tiago Alves Costa), o coordinador, Ramiro Torres, fai un repaso polos principais textos poéticos traducidos ao galego dende outras linguas e tamén polos que foron traducidos dende o galego cara a outras linguas, destacando o papel que tiveron algunhas revistas como *Dorna*, *Grial* ou *Viceversa*.

V. A., “Candeas para Luz Pozo Garza”, *Grial*, n.º 222, “O rego da cultura”, abril 2019, pp. 8-9.

Informa da concesión do Premio Trasalba 2019 a Luz Pozo Garza, que alude a Trasalba en “Consagración de Trasalba” en *Códice calixtino*, como unha das grandes figuras de referencia da poesía galega contemporánea. O acto de carácter laudatorio contou coa presenza de persoeiros como Afonso Vázquez-Monxardín, Xosé Luís Fernández Carnicero e María do Cebreiro Rábade Villar, entre outros. A poeta foi agasallada cunha escultura de bronce de Otero Pedrayo, elaborada por Manuel Buciños, e co libro homenaxe *Ese xeito de amor que chamamos Galicia*.

Val, Marga do, “Vivir a galope e dinamitar o privado”, *Tempos Novos*, n.º 262, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, marzo 2019, p. 81.

Marga do Val fai unha recensión de *Vivir a galope*, obra de María Xosé Queizán, que recolle as memorias da propia autora, en clave feminista, dende que nace até agora. Do Val resume en poucas palabras o contido xeral das máis de 800 páxinas que recollen a autobiografía de Queizán: “un galano escrito desde o feminismo a través do que Queizán nos ofrece os pasos dunha nena con cero en piedade, o vagar dunha adolescente desorientada, o trote dunha muller rota, quebrada, desquiciada polo desequilibrio entre o seu rol político e o privado, e o galope da muller que se reconquista cos seus criterios”. Ademais, do Val achega unha serie de escenarios e ambientes (a biblioteca do avó, a cociña das Vilas, o cuarto de París...) así coma das persoas que deambulan pola obra (a súa prima Chelo, ou a militante Carmiña Graña, Moncho Reboiras...) e que formaron parte dun xeito ou doutro, da vida persoal da escritora.

_____, “Malgré tout: creación, liberdade e diversión”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 100-101.

Marga do Val reflexiona sobre a obra de María Xosé Queizán, *Vivir a galope*, na que a autora se presenta a si mesma en torno a dous conceptos fundamentais: a conciencia e a súa verdade. Nestas memorias, Queizán defínese a si mesma viaxando entre os momentos clave da súa vida, comezando polo propio momento do seu nacemento sen pai por ela coñecido e chegando até un final, que a amosa sendo dona da súa propia vida e tamén da súa casa.

Valverde, Alberte, “Un remuíño de sombras no século XXI”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 98-99.

Alberte Valverde achega información sobre a novela de Anna R. Figueiredo, *Os bicos feridos*, que a levou a gañar o I Premio de Viadutos de Nocela convocado polo concello de Redondela e ligado ao Equipo de Normalización Lingüística. A obra céntrase na vida dunha muller nova emigrada a Londres, cuxa vida se ve mediatizada a raíz do suicidio dun rapaz da cidade. A emigración e as novas formas de comunicación son os temas centrais do libro, que asemella unha versión actualizada de Remuíño de sombras de Neira Vilas.

_____, “Sobre a noite e o día”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 103-104.

Alberte Valverde ofrece unha análise da obra de Lucía Aldao *Todo isto antes era noite*, (2018) coa que se inicia no mundo da poesía en galego a través da editorial autónoma Apairo. A obra estrutúrase en dúas partes, separadas por unha achega fotográfica de KoS. A primeira parte trata o amor dende un punto de vista dionisiaco afastado dos estereotipos habituais, mentres que a segunda parte é un compendio de poemas de temáticas diversas. Valverde destaca dous trazos que fan destacar a obra no panorama poético galego: o ton oral co que a poeta relata o que semella unha parte fundamental da súa vida e a elaboración dunha revisión da cultura popular a través do aparello filolóxico.

Vázquez Freire, Miguel, “Entre a apropiación e o desprazamento”, *Tempos Novos*, n.º 260, “Cultura”, “Crónica”, xaneiro 2019, pp. 66-69.

Miguel Vázquez Freire elabora unha crónica en clave ensaística acerca das exposicións que tiveron lugar en Santiago de Compostela entre outubro e novembro deste ano: unha dedicada a Castelao -no museo Gaiás da Cidade da Cultura e comisariada por Miguel Anxo Seixas-, e a outra dedicada a Camilo Díaz Baliño e ao seu fillo Isaac Díaz Pardo -no Pazo de Fonseca e tendo como comisarios a Xosé Fandiño Veiga e Gloria López López-. Segundo Vázquez Freire, nesta segunda exposición prevalece unha visión histórica e ideolóxica, algo que non se consegue na exposición dedicada a Castelao, que presenta unha finalidade mais ben didáctica, e que amosa os debuxos realizados por Castelao que xiran en torno á temática da escola, algo que tampouco logra convencer ao autor, quen pensa que a elección do rumbo no discurso desta exposición pretende evitar certas temáticas ideolóxicas de fondo coma o nacionalismo galeguista, a represión franquista e a escola laica. No caso exposición dedicada aos Díaz (pai e fillo) podemos atopar os debuxos feitos por Díaz Baliño aos seus compañeiros na cadea de Falcona, onde alén do compromiso político e social cómpre destacar a autonomía estética do artística.

Vega, Rexina, “Conversa con Inma López Silva”, *Tempos Novos*, n.º 262, “Cultura”, “Protexa”, “Con saias e a galope”, marzo 2019, pp. 74-76.

Nesta publicación, Rexina Vega (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Inma López Silva (entrevistada) a raíz da publicación do seu último libro *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, e que conforma un ensaio feminista. Así, López Silva responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, sobre a desacralización do corpo, a relación coa maternidade, o discurso nacional patriarcal e as perspectivas que cre que os lectores teñen da súa obra.

Veiga Rouriz, Raúl, “Libremente Rosalía A propósito do filme ‘Contou Rosalía’”, *Follas Novas*, n.º 4, “Artigos”, 2019, pp. 134-150.

Raúl Veiga Rouriz analiza neste traballo o filme *Contou Rosalía*, no que se retrata fielmente a figura de Rosalía de Castro. No artigo analízase tanto o deseño global do filme como as distintas vías empregadas para aproximarse á vida e á obra da autora.

Veiga Taboada, Manuel, “Os cromosomas de Olga Novo”, *Luzes*, n.º 70, “República”, xullo 2019, pp. 80-85 .

Entrevista a Olga Novo con motivo da publicación de *O bosque dos cromosomas* en relación coa revista Luzes dixital, obra coa que a poeta se inicia no mundo da narrativa. A conversa achega información sobre as figuras e os lugares que inspiraron á autora, a súa repentina interese polo ámbito da prosa e as motivacións e temas que a levaron a escribir a obra antes mencionada.

Vélez Latorre, Xosé Manuel, “Redescubrir Pondal para o século XXI: tradición clásica e creación poética n’*Os Eoas*”, *A trabe de ouro*, n.º 112, “Acoutacións”, setembro 2019, pp. 69-82.

Vélez Latorre realiza un breve estudo comparativo da obra de Eduardo Pondal, figura central do Rexurdimento galego, *Os Eoas* con fragmentos dos seguintes autores clásicos: Virxilio, Horacio e Ovidio. Formula tamén a xeito de prólogo a problemática que envolve a esta obra de Pondal, pois nun inicio contaba de dúas versións diferentes que constitúen dous *Os Eoas* distintos, e de como a meirande parte dos estudos se basean unicamente na versión menos extensa e máis divulgada, como se a outra carecese de valor ou non fose da autoría de Pondal.

t

Ventura, Joaquim, “Galiza en L’Europe nouvelle”, *Grial*, n.º 221, “Documentos”, 2019, pp. 47-49.

Artigo sobre traballo de Antón Villar Ponte publicado no número 328 de *L’Europe Nouvelle* o 22 de marzo de 1924, “En Galice. La tradition du pays de Galice et sa culture actuelle”.

Ventura Ruiz, Joaquim, “Leonardo Sánchez Deus. Un galego nas tropas de Garibaldi”, *Grial*, n.º 224, “Documentos”, outubro 2019, pp. 61-75.

Joaquim Ventura Ruiz aborda neste traballo a figura de Leonardo Sánchez Deus, unha das figuras que Manuel Murguía homenaxeou na súa obra *Los Precursores*. Após un breve percorrido polas referencias que dan conta deste persoeiro no ámbito galego e italiano (Sánchez Deus formou parte das tropas de Galibaldi), reproducense algunhas cartas escritas durante os anos que estivo en Italia e que nos permiten achegarnos máis á súa figura.

Vidal, Roi, “O que queda da peseta”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 99, 2019, pp 127-128.

Recensión da obra *Sen medo ao demo. Resistencia simbólica na Galiza da Posguerra: o teatro de títeres de Barriga Verde*, de Comba Campoi (2018), no que debulla os seus contidos capítulo a capítulo

Viveiro Mogo, Prudencio, “Pra ledicia de todos e pra ensino de moitos’: A revista Nós perante o seu centenario”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 39, “Fontes”, xaneiro 2019, pp. 33-40.

Co gallo da celebración do centenario da revista *Nós* o próximo ano 2020, Prudencio Viveiro Mogo dedica este traballo a lembrar a dita revista e os principais acontecementos que contribuíron a reivindicar a cultura galega no primeiro terzo do século XX, deténdose especialmente nos importantes movementos culturais e políticos que se estaban a producir.

Villar, Miro, “Un pináculo da nosa poesía ascética e relixiosa”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 105-106.

Miro Villar dá conta da publicación de *Samuel Eiján. Poesía reunida* (2018), unha obra de cuxa edición se ocuparon Francisco Leira Castiñeira e Armando Requeixo, que recolle toda a obra en galego de este autor obtida das súas obras *Mágoas. Versos gallegos* (1902), *D’a-y-alma. Versos gallegos* (1915) e *Froliñas de san Francisco. Romanceiro seráfico-galiciano* (1926). A obra tamén contén poemas de *Aleteos* (1926), escrita en castelán, que conta con varias creacións en galego nun apartado que ten por nome “En la lengua de mi tierra”.

Villar Janeiro, Helena, “Nós tamén navegar: A poesía galega de 1976 a 2016”, *Escrita Contemporánea. Actas do I Congreso de Poesía ‘Nós tamén navegar. 40 anos de poesía galega’*, n.º 27, “Nós tamén navegar. A poesía galega de 1991 a 2016 (mesa redonda)”, decembro 2019, pp. 15-17.

Helena Villar Janeiro aborda nesta achega a evolución da creación poética feminina

durante a década dos oitenta do século pasado. Para isto, toma como referencia as súas propias vivencias persoais, as cales completa con informacións referentes a outros creadores e creadoras do momento.

Villar Ponte, Antón, “Na Galiza. A tradición do país galego e a súa cultura actual”, *Grial*, n.º 221, “Documentos”, 2019, pp. 49-53.

Reprodúcese, traducido ao galego, o artigo de Antón Villar Ponte publicado no número 328 de *L'Europe Nouvelle* o 22 de marzo de 1924, “En Galice. La tradition du pays de Galice et sa culture actuelle”.

Xestoso, Manuel, “Indignación ante a falta de apoio ao FITO”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Temas: Teatro para a infancia e a adolescencia”, n.º 98, 2019, pp. 30-32.

Logo do anuncio por parte do Concello de Ourense no que se indicaba que non se achegarían fondos para financiar o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), faise eco da resposta social ante esta situación, recollendo as opinións de Paula Quintas, Manuel Guede, Tito Asorey, Mariana Carballal

_____, “Xesús Ron, de Chévere: ‘O teatro é sempre o máis vulnerable porque segue sendo unha arte popular’”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Proscenio”, n.º 98, 2019, pp. 33-35.

Recolle as declaracións de Xabier Ron, do grupo teatral Chévere, logo de decidir deixar a compañía, enxalzando o seu labor como compañía pioneira e reflexionando sobre o seu futuro incerto.

_____, “Thriller documental”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 98, 2019, pp. 84-85.

Recensiona a representación obra *Curva España*, da compañía Chévere, salientando que a compañía fai que conflúan os planos teatral e cinematográfico e indicando que Chévere deixa ao público o papel de detective que estableza como aconteceron os feitos.

_____, “O tempo ben temperado”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Espectáculos”, n.º 98, 2019, pp. 86-87.

Recensión de *Patapum*, de Elefante Elegante, destinada a público infantil, na que destaca que a compañía consegue transformar a inocencia didáctica nunha meditación sobre o tempo.

Zernova, Elena, “Sobre un tema ruso en la poesía gallega: Ramón Cabanillas y Nikolái Nekrásov”, *Madrygal*, n.º 22, 2019, pp. 293-301.

Elena Zernova mergúllase no poema “A aldea esquecida”, escrito polo cambadés Ramón Cabanillas e publicado en 1924 no xornal *A nosa Terra*. Tal e coma indica a autora, o poema trátase dunha paráfrase dun poema do ruso Nikolái Nekrásov. Tras varias investigacións, a versión galega de Cabanillas parece que non se trata dunha mera

tradución ao galego a partir doutras coma a española de Antonio Balbín de Unquera, ou a francesa de Alexandre Dumas, senón que o resultado, segundo a autora, é “una obra original, basada en una interpretación singular e individual de su autor”. Ademais da comparativa formal e semántica que Zernova fai das traducións antes descritas contrastadas coa versión orixinal en ruso, tamén nos aproxima á temática do texto: tal e coma indica, “refleja el hábito típico del pueblo ruso de confiar en un zar bueno y justo (...) también muestra la corrupción de los capataces que ostentan el verdadero poder en la hacienda y roban la riqueza del patrono”.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abelenda, Ana, “Estás en crise, macho”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Actualidad”, 25 xaneiro 2019, p. 5.

Recolle a publicación do libro *Chámame señora, pero trátame coma a un señor*, de Inma López Silva. Sinala que se trata dun “manifesto feminista transferible, con *glamour* e aires *bohohic*”. Destaca as reflexións da autora en canto á maternidade, ao matrimonio e á aparencia.

_____, “Luz Pozo acende a memoria familiar e as súas orixes en ‘Pazo de Tor’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 febreiro 2019, p. 32.

Recolle a publicación de *Pazo de Tor*. Sobre a obra, destaca que se trata dun libro sobre a liñaxe materna, unha ofrenda ás orixes.

Ameixeiras, Diego, “Vigo, capital París”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 4 xaneiro 2019, p. 6.

Diego Ameixeiras celebra a volta á literatura de Cid Cabido logo de nove anos sen publicar ficción. Recensiona a obra *Tres pintores*, Premio Ánxel Fole 2018, cuxo argumento se basea nas aventuras de dous amigos que emprenden sen diñeiro unha viaxe a París dende Vigo. Considéraa unha “historia xenerosa en pasaxes certamente divertidas, narrada cunha luminosa sinxeleza, coma sen esforzo, allea a calquera tentación solemne e atenta aos coloquialismos da lingua popular”.

_____, “Flores para Clarissa Dalloway”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, “1.280 almas”, 25 xaneiro 2019, p. 4.

Recensión da obra *A señora Dalloway* (Irmás Cartoné, 2018), sobre a cal explica que ofrece un logrado retrato das mulleres que soñaban coa súa independencia desexosas de rebelarse na sociedade inglesa dos primeiros anos do século XX. Salienta da narrativa de Virginia Woolf o xeito de explorar os pensamentos máis íntimos dos seus personaxes.

_____, “Elexía da apocalipse”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 8 febreiro 2019, p. 8.

Recolle unha recensión da última novela de Iolanda Zúñiga da que rescata a frase ‘unha lingua de esparto varreu o mundo’, que sintetiza á perfección o contido do libro. Trátase de *Natura*, unha novela sobre unha civilización rota e unha xeografía devastada.

_____, “Contra os santos varóns”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 15 febreiro 2019, p. 8.

Comeza reflexionando sobre o papel das mulleres no eido literario, concretamente no galego, e sobre o machismo imperante en moito círculos de intelectualidade a partir do ensaio *Chámame señora, pero trátame coma a un señor* de Inma López Silva. Comenta

que neste libro hai instrumental abondo para subir a temperatura de coñecidos debates e un monllo de anécdotas reveladoras.

_____, “Traxedias detrás da porta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 22 febreiro 2019, p. 8.

Recensión da obra *Lisa deitada* (Edicións Embora, 2018), sobre a cal explica que en ocasións se achega ao relato policial mais que o fio narrativa xira en torno a unha muller pechada na súa vivenda por mor dun problema de obesidade mórbida. Novela breve, na que afirma fotografar con solvencia unha paisaxe incómoda, que rebela a indiferenza coa que asumimos a soidade e o illamento.

_____, “Clint Eastwood na Chavasqueira”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 8 marzo 2019, p. 10.

Ofrece un breve resumo do libro *Guías caninos* (Aira, 2018) do escritor ourensán Bieito Iglesias, do que di que é un dos grandes mananciais vivos da lingua galega. Da novela sinala que ofrece un agudo retrato de Ourense e que supón unha cita coa melancolía.

_____, “Amor para perdedores”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 22 marzo 2019, p. 10.

Recensión da obra *Apropiación indebida* (Hugin e Munin, 2018), de Ester Nilsson, novela que versa sobre a análise do amor non correspondido.

_____, “Os alegres superheroes dos 70”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 29 marzo 2019, p. 10.

Recensiona o ensaio de Xulio Carballo *Os pioneiros da banda deseñada galega (1971-1979)*, sobre o cal afirma estar escrito con excelente rigor e que abre novas vías para investigar sobre a materia. Sinala que a historia comeza coa publicación de *O emigrante*, de Xaquín Marín e a exposición do mural *O home que falaba vegliota*, de Reimundo Patiño, que dispararon a creatividade dos autores do Grupo do Castro.

Araguas, Vicente, “Un mar de cousas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.069, 6 xaneiro 2019, p. 32.

Recensiona a novela *O mar que nos leva* (Xerais, 2018) de Moncha Fuentes, da que destaca o devagar na narración, que lle serve para contextualizar o devir da súa propia historia persoal e familiar, ambientada no Entrimo ourensán. Deste espazo di que é ese lugar preto do mítico Castro Laborerio, unha terra arraiana e de encrucilladas como a novela mesma. Tamén destaca que no texto se enlazan moitas cousas, como o mar, nun buque metade cargueiro, metade pasaxe, que vai de Barcelona a Canarias con tempo suficiente para que a protagonista teña un aquel erótico. Finaliza recomendando a lectura desta peza narrativa.

_____, “Como quen fala”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.070, 13 xaneiro 2019, p. 31.

Recensiona *As casas*, de Carlos Lixó, obra que acadou o XXX Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé. Vicenta Araguas encadra a narrativa do libro no territorio da poesía narrada. Afirmar que o autor crea un universo moi propio e admite que, ante a brevidade dos seus poemas, ve unha historia en secuencias que podería explorarse en maior profundidade.

_____, “Os ferroláns de Llorca”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.071, 20 xaneiro 2019, p. 32.

Faise eco da nova edición, corrixida e ampliada de *Ferroláns*, de Guillermo Llorca. Trátase dunha escolma biográfica de habitantes de Ferrol na que detecta certas ausencias, mais que cualifica de libro serio, rigoroso e documentado.

_____, “Os quites de Queizán”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.072, 27 xaneiro 2019, p. 32.

Comentario de *Vivir a galope*, as memorias de María Xosé Queizán. Afirmar sentirse satisfeito coa lectura, aínda que descartaría unha considerábel parte do contido. Asevera que se trata dun libro achegado á realidade, que configura unha peculiar análise dun tempo e un país. Menciona tamén as referencias que fai respecto á súa relación con outros escritores.

_____, “Ensinar divertindo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.073, 3 febreiro 2019, p. 32.

Recensiona *Chámame señora, pero trátame coma a un señor*, de Inma López Silva. Asevera que se trata dun libro ben argumentado, baseado en experiencias persoais, no que a súa autora ten unha salientábel presenza. Porén, considera que o final do libro non vén pechado por unha conclusión axeitada.

_____, “Sostén Aldao”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.076, 24 febreiro 2019, p. 32.

Comentario do poemario *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao, a quen cualifica como unha das figuras da poesía galega cun dos directos máis potentes. Afirmar que é un libro zumbón e persoal.

_____, “Once poetas en feminino”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.078, 10 marzo 2019, p. 32.

Comentario de *Amor en feminino*, de Maximino Cacheiro, libro que contén once poemas de escritoras (Pura Vázquez, Rosalía de Castro, Luz Pozo Garza, Carme Kruckenberg, María Xosé Queizán, Helena Villar, Ánxeles Penas, Marica Campo, Ana Romaní, Pilar Pallarés e Marta da Costa) traducidos ao castelán. Das traducións, escolma e prólogo encargáronse Ánxeles Penas, Maximino Cacheiro e Camiño Noia, respectivamente. Vicente Araguas afirma que a selección de poemas é indiscutíbel pero protestábel e manifesta botar en falta os orixinais dos poemas traducidos.

_____, “Adeus a todo isto”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.081, 31 marzo 2019, p. 32.

Comentario sobre *Adeus espido do mar*, de Blanca Vilela, en edición bilingüe. Afirmar Vicente Araguas que a obra dimana dun “adeus reiterado como recurso eufórico”. Loa a linguaxe poética da autora, que comove ao lector e considérase merecedora dun lugar máis alto na nosa poesía.

_____, “A cama é un paxaro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.083, 14 abril 2019, p. 32.

Comentario de *A cama do meu avó* de Manuel Sanmartín Méndez, obra que considera “poesía de verdade, en tempo de falcatrudas poéticas”. Cualifica o libro como “rural”, “popular”, e máis achegado á escrita de Novoneyra que á de Manuel María.

_____, “Non é quen semella”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.088, 19 maio 2019, p. 32.

Dá conta da obra *Aplicación instantánea* de Carlos Negro. Libro que versa sobre a radicalidade na adolescencia, presentando un “interesante exercicio de suplantación de personalidades”. Destaca Vicente Araguas a modulación da voz da rapaza protagonista que realiza o autor.

_____, “Dos Açores, poetizando”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.091, 9 xuño 2019, p. 32.

Recolle a colaboración que realizou para o exemplar número tres da revista *Grotta*: unha escolma de poetas galegos. Proporciona tamén información sobre a revista e os artigos que compoñen este terceiro exemplar.

_____, “Xavier Alcalá onde adoita”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.106, 22 setembro 2019, p. 32.

Recensionar a novela *The making of* (Galaxia, 2018) de Xavier Alcalá, comentando que o argumento principal xira en torno á emigración dun coruñés a Arxentina e ao encargo que lle fai un amigo en relación a buscar información sobre un avó que emigrara alá anteriormente. Finaliza louvando o talento e mestría do escritor á hora de narrar e manifesta non querer revelar máis datos sobre a trama, recomendando, a quen queira saber máis, a lectura do libro.

_____, “Non sei, non sei”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.117, 8 decembro 2019, p. 32.

Comeza lamentando o feito de que a poesía de Xela Arias non teña a repercusión que, segundo el, merece, e relaciona a esta escritora e a súa literatura coas poetas Rosalía de Castro, Luz Pozo e Xohana Torres, na súa vertente de poetas transgresoras e renovadoras da lírica. Continúa recensionando o volume *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)* da profesora María Xesús Nogueira, indicando que contén todos os poemarios de Xela e repasando cada un dos títulos e o seu contido. Tamén reproduce un poema de *Darío a diario*.

Ballesteros, María, “Para ler a Camus ou Atwood...? O galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “libros”, 22 febreiro 2019, p. 6.

Recolle diversas achegas de editoras de traducións de literatura universal cara ao galego. Salienta a importancia do papel da tradución no sistema literario e recolle as próximas obras que se verterán ao galego: *O amante* de Marguerite Duras e *O conto da criada* de Margaret Atwood. Coa mesma, sinala á galega galardoada co Premio Nacional de Tradución de 2018, Noelia Salgado, e indica que tamén foi premiada a tradución de *A cámara de sangue e outros relatos*.

Bernárdez, Carlos L., “Eiquí queda un fusil”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 696, “Arte”, 17 xaneiro 2019, p. III/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 640, “Arte”, 26 xaneiro 2019, p. 7.

Faise eco da publicación da edición facsímile, a partir das láminas orixinais, de *Galicia mártir*, *Atila en Galicia e Milicianos*.

_____, “Rescatando a memoria filmada. Do arquivo de Antía Cal e Antón Beiras”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 718, “Arte: exposicións”, 20 xuño 2019, p. III.

Recolle o achado dunha lata con filmacións no arquivo de Antía Cal e Antón Beiras datadas entre os anos 1951 e 1952 e apunta que a importancia deste testemuño recae no feito de que conteña fotografías de figuras senlleiras da cultura galega, entre outros, Otero Pedrayo, Cabanillas ou Celso Emilio Ferreiro, e en que deixe constancia de eventos como a homenaxe a Manuel Curros Enríquez organizada pola RAG ou a visita á editorial Galaxia por parte dalgúns intelectuais da altura.

_____, “Castelao, deseñador de ‘Nós’. No 99º aniversario da revista”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 738, “Arte”, 7 novembro 2019, p. III.

Co gallo do 99º aniversario da publicación do primeiro número da revista *Nós* repasa a a súa xénese e alude aos nomes que participaron na creación deste proxecto, entre outros, Vicente Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas, Fole ou Castelao. Pon o foco neste último e explica como do seu pincel saíron os primeiros deseños que marcarían a liña gráfica posterior da revista.

Bouzas Martínez, Francisco, “Ficción distópica. En universos densos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 702, “Libros”, 28 febreiro 2019, p. VI.

Recensión da novela *Natura*, de Iolanda Zúñiga, explicando que presenta unha hipotética cidade futura deshumanizada, onde os individuos quedan degradados por mor dun goberno totalitario e do control que exerce a tecnoloxía. Indica que na novela están presentes a maior parte dos compoñentes do xénero distópico: control social, manipulación da linguaxe, xerarquización social e crítica ao poder. A autora crea e presenta “un universo denso, asfixiante moi propio para o desenvolvemento da trama, e un estilo poético de gran forza”.

Burgoa, Juan, J., “Ferroláns’ Unha publicación de Guillermo Llorca”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 10 xaneiro 2019, p. 7.

Faise eco da publicación da edición facsímile, a partir das láminas orixinais, de *Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos*.

Burgoa, Juan José, “Dictinio de Castillo-Elejabeitia Fernández”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 24 febreiro 2019, p. 11.

Repasa a vida do profesor e escritor nacido en Ferrol Dictinio de Castillo-Elejabeitia Fernández e os poemarios que deixou publicados en galego e castelán, facendo fincapé en *O espello das brétemas e outros poemas*, o seu único poemario escrito integramente en galego e que lle supuxo a concesión do Premio de Literatura do Centro Galego de Bos Aires.

Carballo, Xulio, “A tumba de Breogán”, *Sermos Galiza*, “Fóra de serie”, “Da banda de acolá”, 3 xaneiro 2019, p. 8.

Recensión da obra *A tumba de Breogán*, de Abel Alves, cuxa trama se basea na investigación que Eduardo Pondal e o bandoleiro Antón Dedo D’Ouro realizan e en cuxo transcurso se atopan a Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía e Rosalía de Castro, entre outros personaxes históricos. Salienta da obra o estilo “tintinesco”, “misterio, acción, solución de enigmas e o elemento fantástico que nos ofrece a lenda de Breogán”.

Dacosta, Henrique, “Neira Vilas e o mundo que se nos foi”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.080, 24 marzo 2019, p. 38.

Henrique Dacosta lembra a figura de Neira Vilas facendo un repaso de toda a súa traxectoria literaria. Para isto, repasa varios títulos do autor en función de diferentes temáticas ou características: obras nas que se aborda o tema da emigración, títulos de carácter biográfico, novelas, literatura infanto-xuvenil, poesía e presaxio testamentario.

Feixó, Xosé, “Contra os fanatismos. Entendermos un drama”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 710, “Libros”, 21 febreiro 2019, p. VI.

Recensiona a obra traducida por Fernando Moreiras *Cerráronseme os ollos*, novela escrita polo fotoxornalista e escritor francés Patrick Bard. Explica que o argumento da novela se basea nas traxedias do belicismo en Oriente Próximo, mais que tamén ofrece unha amábel visión de esperanza de recuperación.

_____, “Entretidos relatos. Viaxe interior e afirmación”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 700, “Libros”, 14 febreiro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 644, “Literatura galega”, 23 febreiro 2019, p. 2.

Describe a obra *Alana*, a novela curta ambientada na época castrexa de Francisco Fernández Dávila, coa que gañou o XVII Certame literario de relato Antón Avilés de Taramancos. Explica que os relatos versan sobre a procura da identidade galega como viaxe interior e de afirmación. Indica que para ambientarse na lectura aconsella o artigo “O tesouro dos indianos”, de Tere Gradín, pois aí se desenvolve o relato do que é protagonista Alana.

_____, “Na procura da beleza. Relatos para alicerzar a esperanza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 696, “Libros”, 17 xaneiro 2019, p. VI.

Recensión da obra *O tempo escuro*, de Modesto Hermida, que conta cun prólogo da man de Ramón Nicolás. Explica que se trata dun conxunto de relatos estruturados en tres grupos que veñen ser tres núcleos vitais: a infancia, a idade adulta e a dedicación aos fillos. Recomenda a lectura deste libro que considera “ameno e gratificante”.

_____, “Acertadas heroínas. Sempre nos clásicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 704, “Libros”, 14 marzo 2019, p. VI.

Recensiona *Cartas das Heroínas*, clásico latino de Publio Ovidio Nasón, traducido ao galego directamente do latín por María Margarita Fernández González e publicado na colección “Vetera” da editorial Rinoceronte. Afirmar que se trata dunha excelente edición coa que salienta as heroínas, a maioría delas, personaxes femininas.

_____, “Literatura e vida. Do pensamento como autopoiese”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Libros”, 25 abril 2019, p. VI.

Recensión da obra *Orfeo canta. Iniciación, signo & retorno*, de Roberto Abuín, na que interrelaciona literatura e filosofía. Segundo afirma Xosé Feixó, “moita filosofía e moita mitoloxía, e tamén moita ficción, para reflectir a percepción do mundo que o autor ten, a partir do mito de Orfeo e Eurídice e a baixada aos infernos”. Sobre a proceso de lectura, indica que require tempo, repouso e atención.

García Iglesias, José Manuel, “O Ollar’ de Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 21 febreiro 2019, p. 2.

Faise eco da publicación do libro *O Ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo. Colaboracións xornalísticas*, onde se recollen máis de cincocentos artigos organizados polo editor Xosé Ramón Fandiño de xeito cronolóxico.

Gómez, Joel, “Páxinas vivas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Sin intención”, 22 febreiro 2019, contracuberta.

Dá conta da reimpresión dos artigos de Vicente Risco no xornal vasco *Euzkadi* entre 1930 e 1936. Trátase de escritos obre política, cultura e arte. Salienta Joel Gómez a presenza da cidade Santiago de Compostela nestas páxinas.

Jiménez Casas, Cipriano Luis, “Arredor da serendipia. Dos poderes da casualidade afortunada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 702, 28 febreiro 2019, cuberta.

Nun artigo sobre a *serendipia*, menciona que é un substantivo ligado á historia de Simbad, personaxe que Álvaro Cunqueiro toma para a súa novela *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*

Lombao, Aurelia, “Luz Pozo Garza”, *La Opinión*, “Opinión”, 16 febreiro 2019, p. 21.

Faise eco da presentación do libro *Pazo de Tor* de Luz Pozo Garza, na que participaron a mesma autora, Víctor Freixanes, Alvarellos e Carmen Blanco. Sinala Aurelia Lombao que esta obra é un feliz acontecemento poético

Martínez Bouzas, Francisco, “Movie road de noso. A arte do coloquial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 696, “Libros”, 17 xaneiro 2019, p. VI.

Ofrece un resumo da obra *Tres pintores* (Xerais, 2018), a última novela de Cid Cabido, que o autor do artigo tacha de ‘movie road’ á galega. Apunta que narra a historia e as peripecias que viven tres mozos vigueses, de carácter bohemio, que nunha noite de esmorga deciden emprender unha viaxe cara a París nun antigo Renault 8. Tamén sinala que esta narración se constrúe con base no humor e na ironía a través dun rexistro coloquial, neutro e monocromo.

Martínez González, Xurxo, “De parladoiros vigueses. Polos espazos da República das Letras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 717, 13 xuño 2019, cuberta.

Comeza o artigo explicando o concepto de República das Letras e como este foi un foro virtual nunha época anterior ás redes sociais. Relaciona este fenómeno coa aparición dos parladoiros e cafés literarios, en tanto que estes se converteron nos espazos de debate e de intercambio de ideas. Desta forma fai un repaso polos parladoiros vigueses máis destacados da última centuria, facendo alusión aos distintos intelectuais que pasaban habitualmente por alí. Por orde cronolóxica menta o Eligio, o Goya, o De Catro a Catro, o Dublín, o Bar Alameda, o Tres Luces, O Telonius ou o Almas Perdidas.

Montaña, Estro, “Ler para habitarmos o mundo. Historias necesarias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 699, “Libros”, 7 febreiro 2019, p. VI.

Recensión do libro *Ler o mundo* (Kalandraka, 2018) de Michèle Pêtit, traducido ao galego por F. Moreiras, na que sinala que a súa autora reivindica a importancia da literatura, oral e escrita, como elemento cultural e de conformación do mundo. Indica que o vertido no libro responde ás investigacións que a súa autora levou a cabo con grupos sociais de todo tipo e que esta concluíu que a literatura é necesaria para que o ser humano poida vivir con plenitude.

_____, “Unha temática incómoda. Con pulso firme e fermosa prosa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 7 marzo 2019, p. VI.

Recensión da novela de Michaela Murgia, *Acabadora*, que versa sobre a eutanasia e o dereito á morte digna. Explica que o relato ten lugar nunha vila de Sardeña na década dos 50 e resume o argumento da novela. Sobre a escrita da autora, loa a súa fermosa prosa afrontando sen prexuízos un tema incómodo.

_____, “O refuxio dos libros. Desde a paixón e o agarimo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 705, “Libros”, 21 marzo 2019, p. VI.

Comentario sobre *O libro dos libros*, publicado pola Editorial Galaxia en 2018. Explica que se trata dun conxunto de nove relatos sobre o mundo da escrita caracterizados pola visibilidade das mulleres. Describe brevemente os relatos da pluma de Rosalía Fernández Rial, Andrea Barreira, Antón Riveiro Coello, Marilar Aleixandre, Inma López Silva, Anxos Sumai, Vanesa Santiago, Xabier López e Helena Villar.

_____, “Amor e desamor. Do dereito a escoller”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Libros”, 4 abril 2019, p. VI *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 651, 13 abril 2019, p. 6.

Recesión da novela *Apropación indebida*, de Lena Andersson, vertiga ao galego (Hugin e Munin, 2018). Explica brevemente o argumento da obra e indica que a autora parte de experiencias autobiográficas para establecer unha ficción que incorpora reflexións de tipo psicolóxicos e postulados filosóficos “cun estilo sobrio, sen adornos de novela romántica”.

Nicolás, Ramón, “Os fabulosos fíos da memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “Galego”, 4 xaneiro 2019, p. 6.

Recensiona a primeira narración da profesora Moncha Fuentes, *O mar que nos leva* (Xerais, 2018), que versa sobre a vida de Mariña Brei, muller que se achega ás loitas estudiantís da Compostela do ano 68 e aos conflitos obreiros do Vigo do 72. A súa avoa, Amalia, dálle voz á emigración galega á Arxentina do século XX e alude á figura de Manuel Puente de Castelao. Sobre a obra, destaca que “é un espello caleidoscópico, máis alá da implícita metáfora envolvente no título, que nos conduce, coa forza dunha exurrada, por unha espiral onde conflúen diversos tempos que beben, todos eles, dos territorios da memoria.

_____, “A voz coa forza da liberdade”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, “Galego”, 11 xaneiro 2019, p. 6.

Recolle unha recensión da autobiografía *Vivir a galope*, de María Xosé Queizán. Salienta que é unha obra que confirma “a traxectoria senlleira dunha voz que non ten medo a expresarse libremente sobre calquera extremo da súa vida” e que aborda as súas actitudes vitais, literatura, traizóns e sexo nun contexto que vai da posguerra á actualidade.

_____, “Un bico ás nosas feridas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 1 febreiro 2019, p. 6.

Recensión da primeira novela de Anna R. Figuriado, *Os bicos feridos* (Galaxia, 2018), que considera “unha envexable e suxestiva carta de presentación na narrativa galega”.

Indica que o argumento da obra xira arredor de Olivia, unha moza que, logo de rematar os seus estudos, decide emigrar a Londres e traballar como *au pair*. Esta personaxe pon o foco sobre o universo das migracións contemporáneas. A obra constrúese sobre unha serie de diferentes voces narrativas que conforman unha intensa novela.

_____, “Lezcano na ficción galega”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 22 febreiro 2019, p. 8.

Lembra a Arturo Lezcano, xornalista e escritor recentemente falecido. Como escritor, céntrase na súa obra *Só os mortos soterran os seus mortos* (Galaxia, 2018), na cal identifica unha gran pegada memorialística e un amplo abano de técnicas narrativas e puntos de vista. Sobre a súa narrativa, abeirada ao xénero fantástico, caracteriza a súa brevidade, síntese e transparencia no discurso.

_____, “A ‘Espiral continua’ de Xela Arias”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 8 marzo 2019, p. 10.

Repasa a produción poética de Xela Arias a propósito da publicación do volume *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)* (Xerais, 2018) editado pola profesora María Xesús Nogueira. Indica que o libro reúne os poemas dos libros *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1900), *Darío a diario* (1996) e *Intempériome* (2003), xunto a poemas dispersos que foran aparecendo en revistas e xornais e xunto a un estudo preliminar da man da propia editora.

_____, “O frémito da vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 29 marzo 2019, p. 10.

Recensión da obra *As Ramonas* (Galaxia, 2018), de Ana Cabaleiro, que define como unha novela tendente ao relato curto, que pretende dotar de movemento continuo a personaxes gobernados por ritmos narrativos axeitados e que amosan as vivencias de mulleres marcadas polo abatemento e a resiliencia.

_____, “Memoria da liberdade”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 26 abril 2019, p. 10.

Recolle unha recensión da novela *Extraordinario* de Antón Lopo, que foi gañadora do premio de Narrativa Breve Repsol 2018. O autor do artigo asegura que Lopo sabe que a palabra encerra, aínda, esa capacidade evocadora que el manexa con trazo rápido e medida xusta, nos obxectos, nas cousas, nas presenzas. Máis alá do contido ou o argumento da peza trata de analizar todo o que subxace ao texto e conclúe que este libro é un canto á propia liberdade do ser humano.

_____, “Celso Emilio: corenta cabodano”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 30 agosto 2019, p. 10.

A propósito da efeméride da morte de Celso Emilio Ferreiro, o autor do artigo fai un breve repaso pola traxectoria vital e literaria deste autor. Céntrase, fundamentalmente, na vertente poética do celanovense, facendo alusión a títulos concretos como *Onde o mundo se chama Celanova* ou á edición bilingüe de *Longa noite de pedra* feita pola editorial Auga no ano 2011.

_____, “Cartografar o presente”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 6 setembro 2019, p. 10.

Recensión de *Ti contas eu conto*, de Susana S. Aríns, no que destaca que, neste libro de relatos e poemas “a autora establece un fértil diálogo co noso tempo, recorrendo ao recurso da auto-ficción, para salientar, sempre, a reivindicación permanente da muller”.

Pastoriza R., Francisco, “Valente nunca se acaba”, *La Opinión*, “Saberes”, 22 xuño 2019, cuberta.

Comentario sobre o ensaio de toda a obra de Ángel Valente: *Valente infinito. Libertad creativa y conexiones interculturales*. Fai especial atención Francisco Pastoriza no estudo dos ensaios de Valente, as súas traducións, a obra en galego e o seu epistolario.

Pena Presas, Montse, “Unha voz sorprendente. En tempo lento”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 697, “Libros”, 24 xaneiro 2019, p. VI.

Recensión da obra *Os bicos feridos*, de Anna R. Figueiredo, explicando que se trata dunha novela narrada mediante diferentes voces narrativas, que nos sitúa na chegada dunha galega que emigra a Londres na procura de emprego. Indica que, malia que autora chega a crear intriga en determinados momentos, as longas descrições levaban unha lectura lenta. Con todo, salienta que nesta novela hai unha voz cun estilo moi definido e cun “proxecto o suficientemente ambicioso como para interesar ao público máis esixente”.

_____, “Debater os clásicos. Toda unha regalía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 698, “Libros”, 31 xaneiro 2019, p. VI.

Artigo sobre a novela *A señora Dalloway*, de Virginia Woolf, que vén de verse ao galego. Sobre a edición en galego, traducida por Celia Recarey, loa a cuidada versión e a fermosa presentación.

_____, “Remexendo as emocións. Unha proposta intensa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 21 febreiro 2019, “Libros”, 21 febreiro 2019, p. VI.

Recensión da novela gañadora do Premio Repsol de Narrativa Breve 2018, *Extraordinario*, de Antón Lopo. Explica que o texto nos achega á intimidade dunha familia nun momento crítico dun xeito que nos fará remexer as emocións. Salienta na obra a presenza “dun algo valente”

Ponte, Pilar, “Reivindicación dunha vida”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 695, “Libros”, 10 xaneiro 2019, p. VI.

Recensionada a autobiografía de María Xosé Queizán, *Vivir a galope* (Xerais, 2018), explicando, en primeiro lugar, que a proporción da escrita vén marcada polo emocional e, desta forma, se centra máis nas súas orixes e relacións familiares e no seu matrimonio con Xosé Luís Méndez Ferrín que en certos aspectos políticos ou intelectuais. Tamén

sinala que a obra literaria queizanianiana atravesa o libro en continuas referencias literarias. Sinala que a autora fala da súa posición ideolóxica a favor do republicanismo e do feminismo ou da súa adscrición ao antifascismo e como esta establece certos paralelismos entre os acontecementos políticos e a súa traxectoria vital. Finaliza comentando que esta autobiografía pode molestar a máis dun persoeiro público que sae malparado destas confesións da Queizán.

_____, “En retrato colectivo. Mulleres de carne e óso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 698, “Libros”, 31 xaneiro 2019, p. VI.

Recensiona a obra Premio García Barros 2018, *As Ramonas*, de Ana Cabaleiro. Explica que o punto de encontro entre a protagonista e o resto de personaxes se sitúa no interior dun vehículo. Identifica tres partes na novela marcadas pola sucesión temporal das estacións. Salia que a obra é unha reinterpretación do rural galego afastada dos tópicos idealizadores. Afirmo que se trata dun “retrato colectivo das mulleres que hoxe en Galicia habitan un rural en fase de transformación”.

_____, “Crónica dun Acaso. En xeito de paquete sensorial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 700, “Libros”, 14 febreiro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 644, “Literatura galega”, 23 febreiro 2019, p. 2.

Recolle a recensión de *Michigan / Acaso Michigan*, de Antón Reixa. Explica que a obra recolle o accidente de tráfico que sufríu o autor o 27 de outubro de 2016 e que o levou a estar 18 días en coma. Indica que a obra se estrutura en catro partes interconectadas, sendo a primeira o prólogo de Chus Pato; a segunda, o corpo do texto; a terceira, o diario das secuelas; e, última, a modo de epílogo, un intercambio epistolar con Daniel Salgado. Salia que a obra, é máis ca un libro, é todo un “paquete sensorial”.

Raña, Román, “Con proporcións míticas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 695, “Libros”, 10 xaneiro 2019, p. VI.

Recensiona o poemario *1968* (Laivento, 2018) de Vitor Vaqueiro, do que di, en primeira instancia, que é a continuación do anterior poemario do autor, *Palavras a Espártaco* (Através, 2015). De *1968* di que indaga no pasado e nas lembranzas que evocan esta data tan concreta no panorama histórico mundial. Sinala que unha das virtudes do libro é a extraordinaria conxunción entre a memoria persoal e a memoria colectiva. Finaliza comentando que o prólogo, asinado por Xosé María Álvarez Cáccamo, glosa e desglosa magnificamente o tecido textual do autor do poemario.

_____, “Afluencia e influencias. Poesía intelixente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 697, “Libros”, 24 xaneiro 2019, p. VI.

Recensión do poemario *Do amado amodo*, de Manuel Outeiriño. Afirmo que se trata de poesía intelixente que reclama de intelixencia para poder desfrutala, na que conflúen afluencias e influencias que lle outorgan unha forte singularidade.

_____, “Poesía da experiencia. Con xubiloso dominio expresivo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 698, “Libros”, 31 xaneiro 2019, p. VI.

Recensiona o poemario *Spleen en catro tempos*, de Arancha Nogueira. Afirmar que “había tempo que un poemario tan pequerrecho en tamaño non xeraba en min tan grande expansión de espírito”. Identifica que se trata dunha poesía da experiencia, da indagación *sui generis* e loa o ollar da autora, tan sensible, profundo e estremecedor, como lúcido.

_____, “Aluvión de sentimentos. Un caudal de experiencias humanas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 699, “Libros”, 7 febreiro 2019, p. VI.

Recensiona o poemario *As bolboretas de Mekong* (Xerais, 2018) de César Sánchez Iglesias e comeza dicindo que é un libro de viaxes, concretamente de tres viaxes que se superpoñen. A primeira, di, realízase no espazo, percorrendo millares de quilómetros para entrar en contacto coa paisaxe exótica; a segunda dáse no tempo, ao chegar ao final do camiño e entrar en contacto con outro tempo, o da guerra; e a terceira vén das lembranzas que produce o conflito bélico. Finaliza invitando ao lector a desfrutar destes versos e a vivir un caudal de experiencias humanas.

_____, “Unha gozosa febre. Libro de achados e anhelos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 700, 14 marzo 2019, cuberta.

Recolle a recensión de *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao. Explica que a autora concibe a poesía a modo de xogo co que expresar o máis profundo do ser humano, empregando un ton confidencial e conversacional. Indica que se trata dun libro de achados e anhelos, cun suxeito lírico múltiplo.

_____, “Do mister da poesía. No adeus a Manuel Vilanova”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 704, “Libros”, 14 febreiro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 644, “Literatura galega”, 23 febreiro 2019, p. 2.

Román Raña dá conta do falecemento de Manuel Vilanova. Repasa algunhas das súas principais obras en galego: *E direi-vos eu do mister das cobras*, *A esmeralda branca*, *Un banco na Gran Vía* e *A substancia das horas*. Indica que na poesía de Manuel Vilanova converxen elementos *undreground* con referentes clásicos e que é esta unha poesía guiada polas arbitrariedades do desexo.

_____, “Tigres como poemas. Viaxe aos versos de Xela”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 705, “Libros”, 21 marzo 2019, p. VI.

Recensiona a antoloxía *Poesía reunida (1982-2004)* de Xela Arias. Debulla cada un dos libros compilados por orde cronolóxica (*Denuncia do equilibrio*, *Tigres como cabalos*, *Darío a diario* e *Intempériome*) e explica que o libro se completa con poemas inéditos e cun prologo da encargada da edición, María Xesús Nogueira.

_____, “Con luces e sombras. Unha desigual antoloxía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Libros”, 11 abril 2019, p. VI.

Recolle a recensión de *Amor en femenino* (2018), antoloxía de poetas galegas escollidas por Maximino Cacheiro co amor como tema central da escolma. Os poemas están traducidos ao castelán por Ánxeles Penas. Considera que hai certas ausencias na escolma

inexplicábeis. En canto ao vertido das composicións ao castelán, considera que a tradutora merece os parabéns.

_____, “Delicioso opúsculo. Para falar da vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 721, “Libros”, 11 xullo 2019, p. VI.

Comentario do poemario *Carne da minha carne* de Susana Sanches Arins. Destaca a enorme sutileza coa que a autora identifica o traballo de cociñar cun ritual amoroso e cunha iniciación transcendente e rescata algúns poemas para exemplificar como se condensa toda esa delicadeza. Finalmente sinala que se trata dun poemario de fermosa edición no que se conteñen versos que fala da vida mesma.

_____, “Do sagrado ao segredo. Recuperando herdanzas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”; n.º 723, “Libros”, 12 setembro 2019, p. VI.

Recensión do poemario *Campo aberto*, de César Souto Vilanova. Salienta como leitmotiv da obra a paisaxe e indica que transforma o sagrado en segredo. Afirma que a natureza que plasma, “máis que exaltado lugar (Novoneyra), ou un *locus amoenus* panteísta (Noriega), aproxímase, *mutatis mutandis* ao paisaxismo existencialista de Manuel María”.

Regueira, Mario, “Poesía en BD”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 3 xaneiro 2019, p. 6.

Recensiona a obra *O puño e a letra* (Xerais, 2018) de Yolanda Castaño sinalando, en primeiro lugar, o seu carácter novidoso en canto a formato ou hibridación de dous xéneros como a poesía e a banda deseñada. Continúa comentando que é un complexo proxecto que antologa os nomes máis puxantes da poesía e da banda deseñada galega actual. Finaliza salientando que un dos puntos febles desta edición é a aparencia de falta de consistencia derivada da diversidade de voces que forman parte desta obra.

_____, “Se isto non se amaña”, *Sermos Galiza*, n.º 331, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 24 xaneiro 2019, p. 6.

Comentario da obra *Santa Bolaña*, publicada por Edicións Positivas en 2018. Indica que inclúe pezas teatrais de Esther F. Carrodegas, Mónica Caamaño, Ana Carreira e Roi Vidal Ponte, ademais dunha do grupo Oportunista de Drama Flavia Antonia, composto por Zé Paredes, Clara Gayo e Carlos Santiago. Como colofón, salienta Regueira, inclúe a peza de Roi Vidal, na que parolan o Apóstolo Santiago e a Virxe da Barca.

_____, “O reverso da realidade”, *Sermos Galiza*, n.º 333, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 7 febreiro 2018, p. 6.

Recensión de *Campo aberto*, de César Souto Vilanova. Destaca Mario Regueira as referencias a localizacións de Muros e Noia e afirma que a obra achega unha ollada innovadora sobre os límites da poesía, xa que o reflexiona sobre que aspectos da volatilidade das cousas se poden recoller ou non na linguaxe poética.

_____, “A cadencia da palabra”, *Sermos Galiza*, n.º 334, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 14 febreiro 2018, p. 6.

Recensión de *Adeus, capitán Walton*, de Miguel Mato Fondo, unha obra que define como atípica no noso sistema literario, cun estilo que navega entre o narrativo e o lírico. Está composta de cinco contos longos no que o autor reflicte un mundo apracíbel, evocador e cheo de referencias de exotismo, memoria persoal, literarias e musicais. Indica que a obra encaixaría mal nos tempos que esixen á narrativa brevidade e dinamismo tendo en conta a perspectiva contemplativa e descritiva da obra.

_____, “A distopía inminente”, *Sermos Galiza*, n.º 339, “fóradeserie”, “ao pé da letra” 21 marzo 2019, p. 6.

Recolle un comentario sobre a novela *As mulleres da fin do mundo*, de Daniel Asorey. Salienta a presentación dunha sociedade distópica na trama que mesmo podería producirse a día de hoxe e o certo papel que xoga a tecnoloxía no argumento. Indica que o inicio da lectura pode confundir ao lector ao presentar un mundo desconcertante e apunta que o final peca de exceso de idealismo.

_____, “Á procura do Momento”, *Sermos Galiza*, n.º 342, “fóradeserie”, “ao pé da letra” 11 abril 2019, p. 6.

Recensión de *Metafísica da ausencia*, de Marcus Daniel Cabada, poemario que aborda a cuestión xeracional. Mario Regueira sinala os considerabéis referentes tanto clásicos como contemporáneos da obra e fai mención ao prólogo de Tamara Andrés. Destaca a perspectiva filosófica do libro, que nos leva aos límites da existencia e a non existencia.

Requeixo, Armando, “Caudas literarias”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Literatura”, n.º 703, 6 xaneiro 2019, p. II.

Armando Requeixo fai un balance literario do ano anterior co gallo dun novo ano. Recolle diversas obras de narrativa, de poesía, de híbridos de prosa e verso, de ensaio, de teatro, de literatura infantoxuvenil e de publicacións relacionadas co Día das Letras Galegas.

_____, “Salinger entre o centeo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Literatura”, n.º 704, 10 xaneiro 2019, p. II.

Con motivo do centenario do nacemento de J.D. Salinger, repasa a vida do autor e as súas publicacións, facendo fincapé na obra *O vixía no centeo*, que se pode ler en galego da man do tradutor Xosé Ramón Fernández Rodríguez.

_____, “Yunus Emre, poeta sufi”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.070, 13 xaneiro 2019, p. 30.

Faise eco da tradución ao galego da obra do escritor turco Yunus Emre, *Diván (Antoloxía)*. A edición galega corre da man de Matos Bugallo, que escolma cen poemas compostos en formato *dörtiük*.

_____, “Un leito en desaliño”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.072, 13 xaneiro 2019, p. 30.

Recensiona *E nele todo o sangue se concentra* de João Pedro Mésseder logo de facer un repaso pola súa traxectoria literaria. Identifica os atemporais temas principais da súa poesía (o amor, a beleza, a morte e o tempo), repara na métrica (con predominio do versolibrismo) e salienta as composicións que dedica a varios artistas.

_____, “O primado da Garza”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1074, 10 febreiro 2019, p. 30.

Dá conta da publicación *Pazo de Tor*, de Luz Pozo Garza. Afirmar que neste libro converxen todas as súas anteriores obras e destaca o seu dominio nos recursos formais e estéticos propios da poesía. Loira tamén a cuidada edición da obra.

_____, “Unha ducia de galegas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.075, 17 febreiro 2019, p. 30.

Faise eco da publicación *Amor en femenino*, que reúne “case unha ducia” de poetas (Rosalia de Castro, Luz Pozo Garza, Ana Romani...) que presentan as súas visións, con estéticas complementarias, do amor. A escolma realizouna Maximino Cacheiro e a tradución ao castelán é obra de Ánxeles Penas. Armando Requeixo enténdea coma unha valiosa antoloxía, mais bota en falta certas actualizacións en canto a datos biográficos e incorporación de escritos máis actuais das autoras e indica que para esta edición en castelán podería ser útil achegar fichas autorais.

_____, “O outro lado”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.076, 24 febreiro 2019, p. 30.

Comentario sobre *A estrada da vida*, un libro-disco composto por trece temas con letra de Xosé Luna e música de Manoele de Felisa, xunto con diferentes intertextos que explican o sentido e intencións das cancións. Armando Requeixo salienta a literariedade desta obra, presente nos textos musicados, nos intertextos e os paratextos que circundan a obra.

_____, “Rituais”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.077, 3 marzo 2019, p. 30.

Recensión da obra *Coleópteros*, de Lorena Souto, unha versión revisada dos textos cos que obtivo o Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro no 2017. Armando Requeixo sinala que a escrita da autora abrangue unha volta ás orixes para explicar o corpo adulto, que se explora para comprender o tempo, os rituais e a memoria. Destaca o uso da palabra como loita contra o silencio.

_____, “Pilar Vázquez Cuesta”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.078, 10 marzo 2019, p. 30.

Dá conta do pasamento de Pilar Vázquez Cuesta, de quen foi alumno. Lembra o percorrido da súa vida e destaca dous títulos de entre todos os seus textos: *Gramática*

portuguesa e o capítulo “Literatura Gallega” de *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*.

_____, “Teatro actual”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1079, 17 marzo 2019, p. 30.

Informa da publicación do volume *Dramaturxia Galega Actual*, da man de Edicións Á Feira e con textos de Inherente Teatro, Miguel Sande, Ernesto Is e Esther F. Carrodegua. Recolle unha breve sinopse de cada unha das pezas que contén este volume na seguinte orde: “Dramaturxia das Mulleres”, de Inherente Teatro; “Tras Tannhäuser”, de Ernesto Is; “Loló e Mamá”, de Esther F. Carrodegua; e “A enterradora (blogue)”, de Miguel Sande.

_____, “Os outros poemas. No Día Mundial da Poesía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Literatura”, n.º 705, 21 marzo 2019, p. II.

Co gallo do Día Mundial da Poesía, Armando Requeixo versa sobre a eclosión da poesía experimental, que xorde da mestura da arte da escrita xunto con outras artes. Desta mestura, nace a *Poesía visual*, o *poemic*, a *Poesía sonora*, ou na *Ciberpoesía*, por citar algúns dos exemplos que menciona. Fala tamén da poesía experimental en Galicia, diferenciando tres momentos: o inicial, cos integrantes do Grupo Rompente; o dos poetas da década dos 80 que se achegaron á *poesía visual* e outros hibridismos; e a actualidade, onde destaca a *poesía semiótica*, a *audiopoesía*, o *poemic*, ou a *videopoesía*, entre outros.

_____, “Poesía helicoides”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.081, 31 marzo 2019, p. 30.

Repasa a traxectoria de Xurxo Alonso para logo presentar *No interior do vento*, obra gañadora do Premio Avelina Valladares. Afirmar que os versos desta obra representan o enfrontamento entre a forza vital e a terminación, converxendo de xeito harmónico. Remarca o tratamento do tempo na narrativa do autor, outorgándolle os atributos da eternidade e a omnipresencia. Define a súa poética como unha escrita existencial que se move entre o intimismo e a metafísica conceptual, onde ten cabida o sentido de nación.

_____, “A música das palabras”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.084, 21 abril 2019, p. 28.

Armando Requeixo presenta tres discos que combinan poesía e música: *Sedia la fremosa*, do grupo Manseliña, con temas que recrean cantigas medievais e tradicionais do noroeste da Península Ibérica; *Literaria*, de Miguel Alonso, con temas que parten de poemas de autores contemporáneos e *Lueiro*, de Xardín Desordenado, con poemas dos escritores premiados no Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey e do mesmo autor.

_____, “Un naufrago universal. Tricentenario do ‘Robison Crusoe’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Literatura”, n.º 710, 25 abril 2019, p. VII.

Artigo que recolle o tricentenario da publicación de Robinson Crusoe. Armando Requeixo repasa o argumento e fala das posibles inspiracións de Daniel Defoe. Tamén menciona as posteriores edicións nas que a obra se abreviou. Cita a súa influencia en obras de autores como James Joyce, Edgar Allan Poe ou Michel Tournier.

_____, “Dentro de si”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/*Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.091, 9 xuño 2019, p. 30.

Recensiona a obra *Ficar* de Cristina Corral Soilán, “*un poemario nimbado pola melancolía*”, onde declara que converxen a memoria persoal e colectiva, o feminismo e a liñaxe dun rural pasado pero presente na memoria. Armando Requeixo salienta a intensidade dos poemas nos que homenaxea ás súas avoas e o tratamento do relato clásico no poema “De noite”. Sinala tamén o prólogo, obra de Saturnino Valladares.

_____, “Xaque e mate, en dúas palabras. Literatura e xadrez”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “*Literatura insólita*”, n.º 719, 27 xuño 2019, p. VII.

Detense a analizar a relación entre literatura e xadrez. Para tal fin, reflexiona sobre a popularidade deste xogo, repasando o papel que posúe na obra de diversos escritores dende o século XXI até a actualidade e invita a ler a tres referentes da literatura xadrecística: *Novela de xadrez* de Stefan Zweig, *A defensa* de Vladimir Nabokov e *Auto de fe* de Elías Canetti.

_____, “Taishi Asaka”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/*Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.099, 4 agosto 2019, p. 30.

Informa da publicación dunha versión bilingüe galego-xaponesa do poemario *A rosa de cen follas* de Cabanillas da man do escritor e tradutor Takekazu Asaka, de quen repasa a súa traxectoria en relación á literatura galega. En relación a isto menciona que grazas a el se publicaron en xaponés importantes traballos sobre lingüística galega e poemarios como *Cantares Gallegos*, *Follas Novas*, *Contos da miña terra* e *Os Eidos*.

_____, “Letras para o pracer”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/*Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.105, 15 setembro 2019, p. 30.

Comeza repasando e louvando a traxectoria literaria de Ursula Heinze, para deterse na súa última publicación, a novela *Delirios de pracer* (Aira Editorial, 2019). Indica que se trata dunha novela curta que trata sobre os afectos e o sexo entre as persoas de idade avanzadas, temática marxinal e pouco tratada dentro da literatura galega. Continúa dando algunhas pinceladas sobre as características formais da obra, falando dunha prosa elástica ou da visión omnímoda do narrador en terceira persoa.

_____, “Amencer de Noriega Varela”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/*Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.107, 29 setembro 2019, p. 30.

Co gallo do 150º aniversario do nacemento de Antonio Noriega Varela informa de que os responsábeis da edición da revista *Amencer* dedican o número 241 a un especial para conmemorar a efeméride do alumbramento do escritor mindoniense. Sinala algúns dos artigos máis destacados, como o de Manuel Regal Ledo titulado “A relixiosidade de Noriega Varela”. Tamén repasa a traxectoria vital, intelectual e literaria de Noriega, destacando a súa faceta como mestre.

_____, “Aulas literarias. Arredor das school stories”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “*Literatura insólita*”, 3 outubro 2019, p. VII.

Reflexiona sobre o fenómeno das novelas colexiais ou ‘school stories’, sinalando que comezaron a popularizarse a mediados do XIX e aludindo aos títulos máis destacados da literatura universal. No tocante á literatura galega sinala que as escolas galegas tamén teñen sido obxecto de literaturización en moi diversas ocasións e amenta tan só un par de exemplos que considera os máis representativos. En primeiro lugar, fala de *Mar adiante* (1973) de María Victoria Moreno, e di que se trata da historia dun barco-escola, o Arroás, onde as crianzas cantan e contan contos, coñecen a vida do mar e aprenden a amar a natureza. En segundo lugar, “A lingua das bolboretas”, comentando que é unha narración de Manuel Rivas contida no seu libro *Que me queres amor?* (1955) na que o neno Pardal aprende a beleza da vida e os valores da amizade e da xustiza do seu mestre don Gregorio, quen ao ser arrestado polos sublevados do 36 recibe como agradecemento a complicidade do seu fiel alumno.

_____, “Un madrigal para Álvarez Torneiro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/*Diario de Ferrol*, “Nordésia”/*El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.109, 13 outubro 2019, p. 30.

Repasa a traxectoria vital e literaria do escritor Manuel Álvarez Torneiro co gallo do pasamento, incidindo, especialmente, na súa faceta como poeta. Sinala que a esixencia coa escrita propia o levou a demorar a publicación do seu primeiro poemario, *Memoria dun silencio*, que non veu a luz até 1982, cando a escritora cumprira os cincuenta anos. Continúa dicindo que dende aquela até a publicación de *Onde nunca é mañá* (2014) deu ao prelo case unha vintena de libros, dos cales achega os seus títulos e indica que son “substantivos, referenciais e imprescindibles” na poesía galega contemporánea.

_____, “Noriega Varela, poeta de todo tempo. No seu 150º aniversario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 728, “Literatura”, 17 outubro 2019, p. VII.

Con motivo do 150 aniversario de Antonio Noriega Varela, repasa a súa traxectoria vital e literaria, facendo fincapé en que a súa poesía segue estando vixente na actualidade, sendo fonte de inspiración para novos creadores. Sitúao no olimpo de poetas que vencen o tempo e anulan a morte.

_____, “Noriega Varela, poeta ‘Do ermo’ e intelectual”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 outubro 2019, p. 50.

Repasa a traxectoria vital e literaria de Antonio Noriega Varela co gallo do 150 aniversario do seu nacemento. Destaca, en primeiro lugar, a súa faceta como mestre e como esta profesión o levou a percorrer media Galicia transmitindo as súas ensinanzas. Tamén sinala algunhas das personalidades coas que fixo amizade, nomeadamente Puro de Cora Sabater, Fole, Trapero Pardo ou Leal Insua. Finaliza facendo fincapé en que a súa poesía segue estando vixente na actualidade, sendo fonte de inspiración para novos creadores.

_____, “Precocidades literarias. Letras de xuventude”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 735, “Literatura insólita”, 5 decembro 2019, p. VII.

Reflexiona sobre a precocidade creativa en relación á escrita literaria e repasa, dentro do panorama universal, os casos máis significativos. No tocante á literatura galega sinala que

esta prematuridade se inicia con Rosalía, pasando por Manuel Antonio até Avilés de Taramancos, Darío Xohán Cabana ou casos máis recentes como o de Miguel Anxo Murado ou a poeta Yolanda Castaño.

Rozas, Ramón, “O mito de Man de Camelle”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 165, 6 xaneiro 2019, p. 4.

Recolle a publicación de *Man de Camelle*, libro ilustrado de Carme Hermo con prólogo de Antón Castro.

_____, “O xiro”, *Diario de Pontevedra*, “*évenres!*”, “*fin de semana*”, p. 8/ *El Progreso*, “*Vivir*”, “*Cultura*”, p. 52, “*Foguetes verdes*”, 8 febreiro 2019.

Faise eco da publicación do primeiro poemario de Noelia Gómez, *O xiro*. Ramón Rozas opina que a autora fai da poesía un recipiente de sentimentos, empregando a forza da palabra como contedor. Sinala tamén que a obra obtivo o V Premio de Poesía Gonzalo López Abrente.

_____, “No camiño do vento”, *El Progreso*, “*Vivir*”, 26 febreiro 2019, p. 51

Faise eco da publicación *No camiño do vento*, un libro con poemas que Sesé Mateo escribira e que ven agora a luz coa colaboración de Helena Torres, Olga Nogueira, Sonia Díaz, Anxos Sumai e Carme Vidal.

_____, “Extraordinario”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 182, 5 maio 2019, p. 4.

Recolle a concesión do Premio Nacional da Crítica á obra *Extraordinario*, de Antón Lopo. Afirmo que se trata dun libro que propón “esa revisión de nós mesmos dende unha afouteza literaria e dunha historia da que non é fácil saír indemne”. Destaca Ramón Rozas a caracterización dos personaxes e a narrativa do autor.

_____, “Rafael Dieste, dende a fiestra”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 184, 19 maio 2019, p. 2.

Faise eco da publicación da biografía *Rafel Dieste. O libre pensamento*, de Luís Rey. Ramón Rozas cualifica a Luís Rey como un excelente narrador, que leva a cabo un elaborado proceso de documentación para o relato da biografía.

_____, “Murmurios na historia”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 192, 14 xullo 2019, p. 6.

Comentario da obra de Susana Sánchez Aríns, *Seique*, co gallo da súa tradución ao castelán. Afirmo que a autora “foi quen de artellar esta conxunción de xéneros que ten parte de novela, de ensaio, de patrimonio oral e que entre todos fían unha crónica que emerxe como unha poderosa narración nun tempo tan determinado”, isto é, os anos posteriores á Guerra Civil na contorna do Salnés.

_____, “Bueu. O gozo da vida”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “ReviSta”, n.º 964, 22 xuño 2019, p. 2-4.

Dá conta dos “gozosos anos 30” na vila de Bueu, por onde pasaron figuras como Johan Carballeira, Gonzalo Torrente Ballester, Federico Ribas, José Suárez, Maruja Mallo e Rómulo Gallego. A investigación realizada por Xaime Toxo, Arturo Cidrás, Francisco Rodríguez Pastoriza e Loli Docampo explica esta “coincidencia” en torno ao faladoiro da Granja del Henar na rúa de Alcalá, que era liderado por Valle-Inclán.

S. R., “Federico, entre nós”, *Faro de Vigo*, “el sábado”, n.º 1.102, 12 xaneiro 2019/*La Opinión*, “Saberes”, n.º 639, “Libros”, p. 3.

Recolle a publicación do facsímile *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca, que inclúe un prólogo en castelán escrito por Eduardo Blanco Amor e un apéndice de fotografías do autor relacionadas con Galicia.

Salgado, Daniel, “A vida común da nación campesiña”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “fóradeserie”, 29 agosto 2019, p. 4.

Artigo sobre a literatura de Emilio Araúxo (Coles, 1946), que define como “un poema e un ensaio, un arquivo e un caderno de queixas, un álbum de recordos e o retrato do que existe cando todas pensan que xa non existe”. Repasa os seus títulos editados en Toxosoutos, *Balbina*, *Avía que aí vén con o sol*. *Con Isolina Pumar na Corga de Lubrigo*, *pzoema zarramada peliqueiro*. *Brevísimo de máis voces murmurio para un diccionario do Entroido de Laza*, *Miltempos (No inmemorial, na labranza)*, *Ons*. *Ondas do mar riso e Ceo cerca da terra (Cara a Requeixo de Queixa)*. Salienta que estas publicacións constitúen un “corpus de experiencias esquecidas e poesía radical”, nos que o escritor constrúe bloques de texto que conservan ritmo e barroquismo da oralidade.

Ventura, Joaquim, “Autorretrato dunha xeración. Sen arredarse dos tópicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 699, “Libros”, 7 febreiro 2019, p. VI.

Recensiona o ensaio *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (Galaxia, 2018) de Ramón Villares e comeza dicindo que nel o autor trata de determinar canto de Otero Pedrayo hai no protagonista de *Arredor de si* e canto deste desexaría ter o escritor de Trasalba. Continúa destacando os puntos febles da análise de Villares, que o autor do artigo sitúa no feito de que Villares non distinga ou clasifique indistintamente a novela *Arredor de si* como un texto autobiográfico e un *bildungsrom*. Finalmente puntualiza que non se faga mención dunha tese de doutoramento dedicada aos textos autobiográficos dos homes de Nós e defendida en 1997.

Vieites, Manuel F., “O xermolar dunha escena de noso. Na xeira do Conservatorio Nacional de Arte Galega”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 695, 10 xaneiro 2019, p. VIII.

Repasa a traxectoria do Conservatorio Nazonal de Arte Galego co gallo do centenario da súa creación, indicando cales foron os fitos máis importantes derivados do seu labor. Sinala que, previamente, xa se iniciara o movemento teatral grazas aos cadros de declamación dos coros, como o de Toxos e Frores en Ferrol ou Cántigas da Terra na Coruña. Dada a iniciativa, comezaron a recollese en *A nosa Terra* varios escritos sobre o teatro galego. Menciona o convite de Antón Villar Ponte a Ramón Cabanillas para escribir *A man da santiña* e os traballos de Laura Tato, Enrique Rabunhal e Carlos Caetano Biscainho a este respecto.

_____, “O xermolar dunha escena nacional”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 638, “Teatro”, 12 xaneiro 2019, p. 7.

Faise eco do centenario da creación do “Conservatorio Nazonal de Arte Galego” na Coruña e dos seus fitos máis importantes. Indica que, previamente, xa se iniciara o movemento teatral grazas aos cadros de declamación dos coros, como o de Toxos e Frores en Ferrol ou Cántigas da Terra na Coruña. Dada a iniciativa, comezaron a recollese en *A nosa Terra* varios escritos sobre o teatro galego. Menciona o convite de Antón Villar Ponte a Ramón Cabanillas para escribir *A man da santiña* e os traballos de Laura Tato, Enrique Rabual e Carlos Caetano Biscainho.

_____, “Polos camiños do tempo. Un texto de Gustavo Docampo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 699, “Lembranzas”, 7 febreiro 2019, p. VIII.

Fala sobre *Polos camiños do tempo*, obra que denomina “unha peza en tránsito cun formato moi próximo á narración oral”. Repasa de xeito breve o argumento e os personaxes e salienta que a obra foi escenificada en diversas ocasións.

_____, “Teatro do Morcego. Memoria e patrimonio da escena nosa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 720, “Teatro”, 4 xullo 2019, p. VIII.

A propósito da exposición no Auditorio Municipal de Cangas *30 anos de luz na cova dos morcegos*, repasa a historia da compañía Teatro do Morcego, creada en 1989 por Isabel Ávila e Celso Parada en Moaña, centrándose na traxectoria de Celso Parada.

_____, “Insultos do público”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 728, “Teatro”, 17 outubro 2019, p. VIII.

Recensión da obra *Ás oito da tarde, cando morren as nais*, de Avelina Pérez, que acadou o Premio Álvaro Cunqueiro de textos dramáticos 2018. Nesta obra identifica unha fote pegada de *Insultos ao público*, de Peter Handke.

Vila, Sara, “Mulleres: da indignación á acción”, *Diario de Pontevedra*, “De norte a sur”, 10 xaneiro 2019, contracuberta.

Recolle a presentación no Palacete das Mendoza de *Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo*. Recolle breves observacións das autoras da obra.

X. F., “Bestiario do vestiario. Segundo tempo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 febreiro 2019, p. 35.

Describe o segundo libro de Martiño Suárez, *Bestiario do vestiario. Segundo tempo*. Explica que se trata dun libro cunhas cincuenta historias sobre deportistas. Desta a presenza das ciclistas sufraxistas británicas, o paradigma do adestrador Josck Stein, os problemas económicos do boxeador Joe Louis e a intervención dos barbeiros na fichaxe do futbolista Eusébio.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Aceiro, Juan, S. L., “Suso Martínez pasea a Castelao por Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Rutas culturales”, 4 xullo 2019, p. L6.

Sinala que o mes de xullo é o mes de Galicia pero tamén o de Santiago polas Festas do Apóstolo. É así que centra o artigo en informar das distintas actividades culturais programadas na cidade para festexar esta efeméride, con especial atención aos roteiros literarios e ás visitas teatralizadas. Nesta liña destaca unha ruta centrada na figura de Castelao e os lugares da cidade apostólica significativos na vida deste persoeiro ou as visitas que tratan de facer dialogar a Rosalía de Castro e Valle-Inclán.

Agís Villaverde, Marcelino, “A Galicia autónoma”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 21 xaneiro 2019, p. 2.

A propósito do 37º aniversario da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, Agís Villaverde verte luz sobre o papel de Xerardo Fernández Albor neste contexto, en tanto que se erixiu como primeiro presidente da Galicia autónoma e materializou o gran soño que compartiran os membros das xeracións Nós e Galaxia. Tamén fai alusión ao acto de presentación do libro *Xerardo Fernández Albor e o seu tempo* (Hércules, 2014) o 31 de xaneiro no Colexio de Fonseca de Santiago de Compostela.

_____, “La felicidad sostenible”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 4 febreiro 2019, p. 2.

Informa que no epílogo do seu libro *Caminantes* introduce o concepto de ‘felicidade sostible’ para expresar unha nova modalidade de entender o sentido da existencia humana, baseada na sostibilidade ecolóxica e na convivencia harmónica entre ser humano e medio natural. A propósito desta reflexión fai alusión á publicación dun ensaio titulado *O planeta ferido: por unha razón ecolóxica* (1989) de Nel Rodríguez onde se aborda esta temática.

_____, “Rosalía na Arxentina”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 6 maio 2019, p. 2.

Fai alusión á presenza de Rosalía de Castro en distintos enclaves da cidade de Bos Aires, con especial atención ao busto que se sitúa na entrada do instituto Santiago Apóstolo. Deste centro de ensino tamén nos di que é un promotor da lingua e da cultura galegas máis alá de Galicia, xa que reciben clases de galego, celebran o Día das Letras Galegas e, entre outras cousas, custodian o cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao.

_____, “Venceremos nós”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 22 xullo 2019, p. 2.

Informa da publicación do libro *Xaime Isla Couto: Entre o ‘Galiza Ceibe’ e o ‘Venceremos nós’* e resume o episodio no que se centra este monográfico. Trátase da

carga policial acontecida durante unha misa na honra de Rosalía no ano 1969 na que detiveron, entre outros, a Xaime Isla Couto.

Aldán, Clara, “Reyes magos solidarios y lectores”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 4 xaneiro 2019, p.12.

Recomenda algúns títulos de escritores locais para incluír na carta aos Reis Magos, nomeadamente *As Ramonas* (Galaxia, 2018), de Ana Cabaleiro; *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (Galaxia, 2017), de Arantza Portabales; ou *Man de Camelle* (Kalandraka, 2018), de Carme Hermo.

_____, “A Moldes le tocaron dos niños”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 9 xaneiro 2019, p.15.

Apunta que a escritora Leticia Costas publicou nas súas redes sociais o agradecemento á escritora María Oruña por ter expresado a grande admiración que sente pola súa escrita e o seu talento a partir da publicación da última novela de Costas *A balada dos unicornios* (Xerais, 2018).

_____, “El ‘neno labrego’ de Elena Furiase”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 8 febreiro 2019, p. 15.

Recolle o enunciado co que abre a novela *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas para informar de que a actriz e neta de Lola Flores, Elena Furiase, durante a súa participación no programada de televisión Land Rober, apuntou que hai moito tempo lera esa obra.

_____, “De violines, cocidos y escobas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 25 febreiro 2019, p. 9.

Informa da celebración dun acto de homenaxe a Rosalía de Castro no Museo de Pontevedra organizado polo Concello e presentado por Sabela Bará.

_____, “Talento entre fogones y versos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 10 abril 2019, p. 15.

Anuncia a celebración dunha nova edición do festival Pontepoética no enclave das Ruínas de Santo Domingo na cidade de Pontevedra e informa da participación dunha das escritoras gañadoras do Premio da Crítica, Pilar Pallarés.

Aleixandre, Marilar, “A biografía de Emilia Pardo Bazán”, *Sermos Galiza*, n.º 339, “Opinión”, “Describindo”, 21 marzo 2019, p. 4.

Amenta as publicacións biográficas de Emilia Pardo Bazán e fai alusión ao volume de María Xesús Lama, *Rosalía de Castro: Cantos de independencia e liberdade*, do cal agarda un segundo tomo.

_____, “Somos abellas no invisible”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 5 xullo 2019, p. 10.

Establece unha relación entre as abellas e a poesía, afirmando que os seus poemarios están atravesados por estes insectos e que esta simbiose provén das súas vivencias do pasado, na casa da avoa. Isto lévaa a reflexionar sobre o poemario *Tempo fósil* (Chan da Pólvora, 2018), de Pilar Pallarés, en tanto que tamén fala da casa familiar, do paso do tempo ou dos espazos da infancia.

_____, “Mullerenaxe a Maruxa e Coralia Fandiño”, *Sermos Galiza*, n.º 355, “Opinión”, “Describindo”, 18 xullo 2019, p. 4.

Co gallo da celebración, un ano máis, da homenaxe ás irmás Fandiño Ricart, máis coñecidas como ‘As dúas Marías’, na Alameda de Santiago de Compostela, reproduce o poema “Cabo, a derradeira imaxe. 1936” co que Luís Seoane remata o poemario *Na brétama, Sant-Iago* (1956).

_____, “Libros, cine e política: de ‘O que arde’ a ‘Tempo fósil’”, *Sermos Galiza*, n.º 371, “Opinión”, “Describindo”, 7 novembro 2019, p. 4.

A propósito da concesión do Premio Nacional de Poesía a Pilar Pallarés polo poemario *Tempos fósil* (Chan da Pólvora, 2018), achega unha serie de apuntamentos sobre esta obra e relaciónaa, en certa medida, co filme *O que arde* de Oliver Laxe. Do libro di que os seus poemas vencellan o persoal e íntimo co político, en tanto que dá conta da perda da casa familiar da autora en Culleredo, rexistrando a desaparición irreversible e a aniquilación dos espazos da infancia por causa da ampliación do aeroporto de Alvedro.

Alonso, Eduardo, Dominguez Dapena, Cristina, Guede Oliva, Manuel, Villalaín, Damián, “Outro Centro Dramático Galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 12 xullo 2019, p. 15.

Trátase dunha carta asinada por ex directores do Centro Dramático Galego dirixida ao presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo na que manifestan a súa preocupación pola actual situación da compañía e na que reivindicán a necesidade de salvagardar a súa autonomía artística e de xestión.

Alonso, Fran, “Quero ser feliz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 1 marzo 2019, p. 10.

Artigo no que o escritor e editor de Xerais, Fran Alonso, reflexiona sobre a relación da literatura coa felicidade a partir da premisa de que ler nos fai máis felices. Para dar conta disto recolle varias definicións deste termo, por exemplo a do pensador Bertrand Russell que delimita este concepto en termos de conquista, ou de Orhan Pamuk, quen asegura que ser feliz é levar unha vida significativa.

Alonso Montero, Xesús, “Un amor de Castelao?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 4 xaneiro 2019, p. 15.

Fai unha incursión nun capítulo da vida de Castelao bastante presente na tradición oral e case ausente na escrita, que aconteceu en Rianxo e que se erixe como unha historia de amor moi contada nos faladoiros. O autor do artigo conta que de Castelao se namorou de Olegaria Dieste (1890-1981), con quen vivía porta con porta coa pero pola que nunca sentiu un verdadeiro amor. Continúa contando que cando Castelao casou con Virxinia Pereira, Olegaria ficou no leito e non saíu da habitación até a fin dos seus días. Finalmente informa de que esta historia foi recreada pola novelista Elena Quiroga (1921-1995) na obra *La enferma* (1955).

_____, “Díaz Pardo e o exilio”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 11 xaneiro 2019, p. 17.

Anuncia a celebración, como todos os anos, dunha homenaxe a Isaac Díaz Pardo no cemiterio de Boisaca de Santiago de Compostela o domingo 13 de xaneiro. Co gallo deste evento, repasa a traxectoria vital do fundador de Sargadelos e a súa participación no que el chamaba “as causas xustas”, como a do exilio galego antifranquista, faceta na que se centrará a Academia no presente cabodano: o que Díaz Pardo fixo sobre o exilio galego do 36-39 como escritor, pintor, ceramista e, sobre todo, editor.

_____, “174 versos francófobos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 18 xaneiro 2019, p. 15.

Reflexiona sobre a pouco coñecida faceta poética de Evaristo de Sela a propósito do recitado dalgúns dos seus versos no cemiterio de Boisaca (Santiago) durante a homenaxe a Isaac Díaz Pardo alí celebrada o 13 de xaneiro. Apunta que o intelectual, coñecido por ser o tradutor da *Iliada* (1990) e da *Odisea* (1992), escribiu algúns poemas políticos que nunca publicou, nin sequera despois de 1975, e que nese mesmo ano, na noite do 20 de novembro, redactou un longo poema contra o Caudillo: *Responso indignado (Coplas de maldecir ante el cadáver de Franco)*, 174 versos que conteñen toda a carraxe acumulada polo autor durante corenta anos de medo e de impotencia.

_____, “Rosalía nunha botella de viño”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 8 febreiro 2019, p. 15.

No mes de Rosalía, Xesús Alonso Montero fálanos dun artigo exclusivo que un día tivo no seu poder e que agora posúe a escritora Carmen Blanco Ramos despois de que o primeiro llo agasallara. Trátase dunha botella de viño da Casa Lago e Hijo que contén uns poucos versos do coñecido poema de Rosalía de Castro “Adiós ríos, adiós fontes” e que está datada no ano 1936.

_____, “Coa canción e co fungueiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 1 febreiro 2019, p. 13.

Informa de que o día 29 de xaneiro se presentou en Santiago, no centro Ramón Piñeiro, a monografía en italiano *La letteratura galega. Autori e testi*, deseñada e elaborada na Universidade de Padova e publicada, hai meses, por Carocci Editore (Roma) e coa que a Xunta de Galicia (Política Lingüística) colaborou economicamente. Indica que o responsábel intelectual deste monumental volume é o profesor Giovanni Borriero, de quen di que é un gran coñecedor da literatura galega, dende a lírica medieval con Mendiño

ou Martín Códax, até a poesía social de Celso Emilio Ferreiro pasando polo Rexurdimento con Curros Enríquez.

_____, “O alumnado, por primeira vez, con Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 15 febreiro 2019, p. 18.

No mes de Rosalía, lembra a mostra ‘Cen anos de literatura galega’, exposta no salón do edificio do Círculo das Artes de Lugo no ano 1963 e organizada para conmemorar o centenario da publicación de *Cantares gallegos*. Indica que constaba de 55 seccións e detense a explicar a que levaba por título ‘Traballos dos alumnos de Enseñanza Media de Lugo sobre Rosalía’.

_____, “A gaita e a Guerra Civil”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 1 marzo 2019, p. 13.

Céntrase na figura do poeta e médico padronés Ramón Rey Baltar a quen considera unha voz cívica de denuncia e de notábel talento e eficacia. Sinala que durante o seu exilio en Bos Aires escribiu un libro de poemas titulado *A Gaita a Falare* no que interpela á gaita, evocadora de Galicia, para que non soe até que volva a esperanza. Deste poemario indica que conta cunha portada deseñada por Luís Seoane e que algúns dos poemas están inspirados nas estampas de *Galicia mártir* de Castelao.

_____, “O inmenso don Ramón!”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 8 marzo 2019, p. 17.

Reflexiona sobre a prolífica produción xornalística de Otero Pedrayo a propósito da saída do prelo do volume *Del Orense antiguo y otras colaboraciones*, unha obra de 400 páxinas que acolle os artigos que Don Ramón publicou en *La Región* entre o 6 de setembro de 1958 e o 26 de novembro de 1960.

_____, “De Galicia cavernícola”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 15 marzo 2019, p. 15.

O coengo arquiteiro de Ourense Miguel Ángel González García vén de recuperar un texto de 34 versos, publicado no número 28 do boletín da Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e do Conxunto Histórico de Ribadavia, que dá conta da influencia da Igrexa e o clero na forma de pensar dos ribadenses a altura de 1814. Tamén informa da recuperación dun texto poético de 34 versos contra o infortunado redactor da Constitución de 1812, e de que 4 deses 34 versos están en galego, os cales reproduce.

_____, “Galaicistas en Rennes”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 22 marzo 2019, p. 15.

Fai alusión ao coñecido ensaio de Castelao *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) a propósito dunha viaxe dun grupo de intelectuais galegas á cidade bretoa de Rennes para participar do simposio ‘Les paysages Bretagne Galice’ organizado pola Universidade de Rennes II.

_____, “Poeta e cidadán”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 29 marzo 2019, p. 15.

Informa de que no Día Mundial da Poesía se desenvolveu no salón de actos da Real Academia Galega un acto de homenaxe a Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935), voz de poeta moi importante dende que, en 1967, publicou *Ao pé de cada hora*, o seu primeiro volume. Tamén sinala que, como resultado desa celebración, a Academia publicou co título *Horas de Compostela. SGB*, en edición de Marilar Aleixandre, un volume, de 62 páxinas no que se recollen os textos lidos durante a homenaxe. Finalmente apunta que el mesmo glosou un poema rosaliano do escritor congraciado, titulado “Rosalía de Castro, campesiña na eternidade”, aparecido no libro *Tempo de Compostela* (1978).

_____, “Do biblioburro á bibliofurgoneta”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 19 abril 2019, p. 16.

Informa da existencia dun novo modelo de venda de libros posto en marcha por Nieves Loperena, unha fot3grafa que percorre distintos puntos de Galicia cunha furgoneta chea de libros para vender nas feiras as 3ltimas novidades editoriais co obxectivo 3ltimo de achegar a lectura a todo tipo de p3blicos. Neste entramado fai referencia ao papel das editoriais e dos editores, con especial atenci3n a quen foi un dos grandes editores do libro en galego contempor3neos, 3nxel Casal. Finaliza o artigo facendo alusi3n 3 traducci3n galega do cl3sico *Parnassus on Wheels* (1917) de Christopher Morley vertido ao galego por Estela Villar no ano 2014.

_____, “Pedagogo republicano”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 10 maio 2019, p. 14.

Reflexiona sobre un acto que tivo lugar en Ourense o 28 de abril, un xantar de confraternizaci3n de ex-alumnos que adoitan xuntarse, dende hai trinta anos, para homenaxearen a un profesor que morreu hai corenta e cinco, en 1974. Tr3tase de Albino N3ñez Dom3nguez, de quen repasa a s3a traxectoria vital e profesional, mais tam3n sinala alg3n dato da s3a faceta como literato, facendo alusi3n ao poema ‘Musa galega’ que escribiu no exilio.

_____, “Museo del Prado: arte e pol3tica”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 17 maio 2019, p. 17.

Co gallo de que o Museo del Prado acabe de recibir o premio Princesa de Asturias, reflexiona sobre a situaci3n do mesmo durante os tres anos da Guerra Civil (1936-1939), informando de que o Goberno republicano fixo case o impos3bel por salvar o patrimonio art3stico que al3 se albergaba. Nesta urda, apunta brevemente o papel de Castelao para levar a cabo esta tarefa e alude aos dous 3lbums b3licos de 1937, *Galicia m3rtir* e *Atila en Galicia*.

_____, “Sesquicentenario da ‘C3ntiga’”, *La Voz de Galicia*, “Opini3n”, “Beatus qui legit”, 31 maio 2019, p. 19.

Co gallo dos cento cincuenta anos do primeiro poema en lingua galega que escribiu Curros Enr3quez, ‘C3ntiga’, repasa a x3nese da composici3n e reflexiona sobre a popularidade deste escrito. A respecto da primeira cuesti3n sinala, entre outras, cousas que a redactou nunha pousada madrile3a na que ti3a por compa3eiro a un estudante de Trives, Ces3reo Alonso Salgado, bo guitarrista e excelente compositor de aires do pa3s, quen tocando a s3a guitarra inspirou ao de Celanova para compo3er o poema. En relaci3n

á popularidade da peza comenta que o verso “No xardín unha noite sentada”, mudou, na voz do pobo, en “Unha noite na eira do trigo”, modificación sobre a que o propio poeta reconece o acerto do pobo, pero non autoriza a modificación. Finaliza matizando que a ‘Cántiga’ de Curros é un dos textos poéticos galegos máis lidos, máis lembrados, máis citados, máis recitados e máis cantados.

_____, “¡Más deporte y menos latín!”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 14 xuño 2019, p. 16.

Co gallo de ter visto un documental filmado entre 1951 e 1952, que recolle algunhas actividades culturais protagonizadas, naqueles anos franquistas, por persoas desafectas ao Réxime, lembrou a frase coa que titula o artigo, pronunciada por un coñecido ministro de Franco, José Solís. A continuación, conta que este ministro frustrou as súas expectativas de oír falar en lingua galega dende unha tribuna culta a Otero Pedrayo, xa que o político falanxista lle fixo saber ao presidente do Casino que os oradores do acto tiñan que proferir os seus discursos na lingua de España e do Imperio. Finaliza comentando que se vingou de Solís cando no ano 2003 publicou o facsímile do manuscrito do discurso non dito por don Ramón Otero Pedrayo en 1951 e reproduce as verbas que Otero Pedrayo lle dedicou a Castelao.

_____, “Rosalía: incomprendida por Murguía”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 12 xullo 2019, p. 14.

Co gallo do 134º cabodano de Rosalía de Castro fai un breve repaso das distintas edicións do epistolario da poeta e do seu marido Manuel Murguía, para centrarse na carta 1.498, correspondente ao 28 de xullo de 1922, a única que Vicente Risco escribiu ao seu “querido e respetado Mestre”. Nesta carta, Risco manifesta a súa vontade de escribir unha biografía sobre Rosalía e obtén unha resposta na que, patriarcalmente, Murguía lle di que os datos da súa biografía non son de uso público. Así mesmo matiza que estes e outros textos murguianos sobre Rosalía figuran nun dos últimos traballos de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, investigadora que, en non poucas páxinas súas, ten lamentado os criterios biográficos do polígrafo.

_____, “Libro inédito de Albino Núñez”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 2 agosto 2019, p. 12.

Centra o artigo na figura de Albino Núñez Domínguez, mestre represaliado na posguerra, mais tamén poeta e articulista sobre escritores galegos dos que era devoto (P. Feijoo, Rosalía, Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Celso E. Ferreiro...), co gallo de que lle teñan regalado un libro inédito e manuscrito de don Albino: *Almanaque popular das Letras Galegas*. Sinala que se trata dun almanaque literario que consta de 365 páxinas (desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro) con datas, xa sexan do nacemento ou da morte dun escritor, ou dun acontecemento intelectual ou do día en que foi publicado un texto literario. A continuación detalla con máis precisión o contido do libro, as partes nas que se estrutura ou algúns dos acontecementos dos que dá conta.

_____, “Sesquicentenario de Amor Ruibal”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 9 agosto 2019, p. 13.

Repasa a traxectoria intelectual do filólogo pontevedrés Ángel Amor Ruibal co gallo do 150º aniversario do seu nacemento, destacando o feito de que a súa exquisita, extensa e importante investigación filolóxica pasase inadvertida tanto tempo e advirte da necesidade da súa recuperación e reivindicación. No tocante á súa relación coa literatura sinala que Ángel Amor Ruibal tamén fixo algunhas incursións na tradución galega de determinados textos eclesiásticos (o Catecismo do P. Astete, o Kempis).

_____, “O Seminario de Estudos Galegos, terxiversado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 16 agosto 2019, p. 11.

Fai un repaso da biografía do Seminario de Estudos Galegos e dos distintos directores desta institución, para deterse en Otero Pedrayo, quen viu interrompida a súa tarefa polo levantamento militar de 1936. Faino co gallo da publicación do volume *Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Setenta e cinco anos ao servizo de Galicia (1944-2019)* no que Eduardo Pardo de Guevara y Valdés afirma que o SEG funcionou como tal durante o trienio bélico e os dous primeiros anos da posguerra, o que, en palabras do autor do artigo, é unha versión franquista da historia. E matiza que sobre esta cuestión non debería haber a menor polémica, xa que o propio Otero, en setembro de 1936 escribiu un poema, *A Estadea*, no que levanta acta de que o Seminario xa fora decapitado; trátase dun canto elexíaco que o seu primeiro editor subtitulou, en 1998, *Pranto polo Seminario de Estudos Galegos*. Finalmente recomenda unha serie de lecturas para quen queira coñecer a verdadeira do Seminario.

_____, “Primeiro cabodano”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 20 setembro 2019, p. 15.

Repasa a traxectoria como profesora e investigadora literaria de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda co gallo do seu primeiro cabodano. É así que comeza mencionando algúns dos traballos ensaísticos que deixou escritos, co obxectivo de mostrar a súa faceta como pioneira na tarefa investigadora e colectora de certos subxéneros literarios (ex libris, epitafios...). Continúa aludindo aos seus comezos como investigadora, amentando a memoria de licenciatura *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro* (USC, decembro de 1986) e outros traballos que fixo arredor de Rosalía. Finaliza comentando o seu importante labor como estudosa do fenómeno da alofonía literaria en lingua galega.

_____, “Sesquicentenario de Noriega”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 11 outubro 2019, p. 12.

Repasa a traxectoria vital e literaria de Antonio Noriega Varela co gallo do 150º aniversario do seu nacemento e da publicación, no número 241 da revista do Seminario de Mondoñedo *Amencer*, dun artigo titulado “Antón Noriega Varela: 150 anos do nacemento”. Comenta que foi un cidadán de febra moi reaccionaria e un franquista confeso e orgulloso, e que foi un escritor que non estaba comprometido coa lingua. Porén, matiza que a súa obra en castelán é escasa e a súa figura tamén pode ser lida como a dun poeta franciscano que canta as cousas humildes e sinxelas coas que convive ou compadece e sempre nun galego popular. Para respaldar esta idea reproduce versos dos poemas “A Brétema” e “Ben pola alma”.

_____, “Os poetas galegos e Franco”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 8 novembro 2019, p. 18.

Amenta un libro publicado por el no ano 1997, *Os poetas galegos e Franco* (Editorial Akal), moi consultado nas datas da publicación do artigo co gallo da exhumación do cadáver de Fernando Franco. Comenta que este volume recolle poemas tanto de poetas francófobos coma de poetas favorábeis ao franquismo e sinala o nome dos primeiros. Valora, despois de reler a súa propia escolma, que as pezas dos poetas contrarios a Franco son indubidablemente mellores e de maior calidade literaria. A continuación rescata algún dos versos ou expresións empregadas nos poemas dos escritores dunha e doutra banda.

_____, “Blanco-Amor, no seu tempo, pouco valorado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 29 novembro 2019, p. 14.

Co gallo do 40º cabodano de Eduardo Blanco Amor repasa a traxectoria vital e literaria deste escritor ourensán, lamentando que non tivese, en vida, o recoñecemento e valoración que realmente merecía. Desta forma comenta o seu polifacético labor literario en galego e en castelán, pero tamén o seu compromiso coa causa republicana na súa faceta de cronista de guerra. Do mesmo xeito, fai alusión a distintas obras ensaísticas que, con posterioridade, se fixeron eco da súa figura e escrita, como por exemplo a biografía *Eduardo Blanco Amor diante dun xuíz ausente* (Nigra, 1992) do escritor Gonzalo Allegue Otero.

_____, “Das rectitudes de Luís Seoane”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 6 decembro 2019, p. 15.

Co gallo do 40º cabodano de Luís Seoane ao longo de 2019, repasa a traxectoria literaria deste intelectual galeguista, matizando que, pese a ser máis recoñecido pola súa faceta de artista plástico, tamén desempeñou unha intensa actividade literaria. Desta forma, amenta un libro publicado por el mesmo no que dá conta desta vertente literaria de Seoane, o volume *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane* (Xerais, 1994), e resume brevemente o seu contido. Finaliza manifestando o desexo de volver, nalgún momento, á figura de Seoane e á súa obra literaria, con máis documentación e conciencia cívica.

_____, “Pandeireiro e poeta”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 13 decembro 2019, p. 14.

Co gallo do 40º cabodano de Celso Emilio Ferreiro ao longo de 2019, repasa a traxectoria vital e literaria deste poeta celanovés, destacando o éxito de publicación e recepción do poemario antifranquista *Longa noite de pedra* (1962). De Celso Emilio destaca a súa gran capacidade para expresarse como un escritor a favor da dignidade cívica no seo dunha ditadura, da represión e a censura. Así mesmo fai alusión ao gusto de Celso Emilio pola festa, o bo viño e os cantos de taberna, e como frecuentaba distintas tabernas durante a súa estancia en Vigo. Finalmente alude ao seu carácter romántico a través da súa poesía amorosa co volume *Moraima: diario de a bordo* (1975).

_____, “Panxoliñas revolucionarias de onte”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 20 decembro 2019, p. 18.

Reflexiona sobre a definición do subxénero poético da panxoliña e verte luz sobre a importancia deste tipo de composicións como elemento recuperador da literatura en lingua galega nos primeiros anos da posguerra e da represión franquista. Así mesmo,

amenta a algúns dos escritores que a cultivaron, con especial atención a Celso Emilio Ferreiro, quen teceu os versos máis reivindicativos do seu tempo neste xénero a través da panxoliña “Belén” de 1955, escrita primeiro en castelán e reescrita en 1968 en galego baixo o título “Belén, ano cero”. Tamén amenta a panxoliña “Noiteboa dos negros” de 1956, onde cuestiona a falsa liberdade coa que se define a sociedade estadounidense e crítica o apartheid.

Alonso Prieto, Ángel, “Donde crecen los Goya”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 decembro 2019, p. 26.

Recolle a crónica dunha viaxe que realizou a Madrid e comenta que ceou no barrio das letras, onde pasearon, entre outros, Cervantes ou Lope de Vega. Di que esta cidade é prolífica en escritores e evoca os tempos nos que a Madrid ían intelectuais de distintos puntos a escribir, citando, entre outros, a Rosalía de Castro.

Álvarez, E. “El homenaje musical de Abe Rábade a Lorca, protagonista del día grande”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Fiestas de la Ascensión”, “El programa del día grande”, 30 maio 2019, p. L9.

Recolle a programación cultural posta en marcha polo Concello de Santiago de Compostela para a celebración das festas da Ascensión, con especial atención ao concerto do día 30 de maio co que o músico Abe Rábade homenaxea a Federico García Lorca a partir dos *Seis poemas galegos* (1935).

Álvarez Pousa, Concepción, “As letras do Bierzo: Antonio Fernández Morales”, *O Sil*, n.º 275, “*Especial Letras Galegas*”, “O Barco”, maio 2019, p. 20.

Artigo sobre Antonio Fernández Morales, autor nacido en Atorga en 1817 e finado en Cacabelos en 1986. Salienta que dous antes dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, publicara *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, un conxunto de oito mil versos de temática diversa que amosan a riqueza lingüística deste territorio. Amenta ao autor como un descoñecido na cultura galega e que na *Historia da Literatura Galega*, de Ricardo Carvalho Calero se define a súa poesía como “chocalleira”. Con todo, fai fincapé na valía da súa obra, pola calidade da súa escrita e pola súa contribución ao galego do mesmo xeito que o fixo Rosalía. Finaliza pedindo para o autor o recoñecemento coas Letras Galegas.

_____, “Valdeorras, o selo distintivo de Florencio Delgado Gurriarán”, *O Sil*, “*Especial Nadal Decembro*”, “Colaboración”, 19 decembro 2019, p. 52.

Comeza pondo en valor os elementos paisaxísticos, os recursos naturais e patrimoniais, así como os elementos etnográficos que definen á comarca de Valdeorras, situando ao río Sil como fonte de todas esas riquezas. Continúa aludindo á figura do escritor valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, de quen repasa a traxectoria vital e literaria. Define a súa escrita como expresión dos costumes singulares destas terras e cita algún dos títulos que deu ao prelo este autor, *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963) e *Cantarenas* (1981). Finaliza reproducindo un poema que Gurriarán dedica a Ramón Otero Pedrayo.

Araguas, Vicente, “Díaz Baliño/ Díaz Pardo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.079, 17 marzo 2019, p. 32.

Céntrase na cidade de Ferrol, sobre todo nos nativos que por algún ou outro motivo destacaron no campo da cultura e da intelectualidade. A este respecto recomenda a lectura do ensaio *Ferroláns* (Embora, 2018) de Guillermo Llorca Freire e fai alusión ao monográfico *Con Galiza sempre no horizonte. Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo en Compostela* (Ateneo de Santiago, 2018).

_____, “Ferrol, barrio a barrio”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.100, 11 agosto 2019, p. 32.

Recolle unha recensión do ensaio histórico *Memoria histórica do Barrio de Canido* (Embora, 2019) de Juan J. Burgoa e Guillermo Llorca e comenta que está sendo para el unha lectura moi divertida e que lle congratulou atopar un poema seu dedicado ao Barrio Alto de Ferrol xunto cos doutros poetas como Pérez Pallaré, Xohana Torres ou Antón Cortizas.

_____, “Mestre Carvalho: a música e a letra”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.104, 8 setembro 2019, p. 32.

Comeza aludindo aos distintos persoeiros que naceron ou pasaron a súa vida en Ferrol para deterse na figura de Carvalho Calero, de quen se veñen de versionar uns cantos poemas en chave musical. Amenta o título destas composicións, nomeadamente “Miña Virxe Pachorreira”, “A estilográfica”, “Carro de bois na noite”, “Foi pola primadeira” e “Xavi, o impala ferrolán”.

Arias, Cristina “A pegada meirega na emigración”, *El Progreso*, “A Chaira”, “De norte a sur”, 16 marzo 2019, p. 21.

Recolle unha crónica sobre o escritor meirego Xosé Bieito Abraira, de quen di que foi clave para a cultura galega no século XX pero que o seu nome quedou relegado a unha especie de segundo plano, o mesmo no que el traballaba como ‘verdadeiro motor’, apunta, de feito, que foi un dos herdeiros de Castelao.

Axeitos, Xosé Luís, “Manoel Antonio, entre a terra e o ceo”, *Sermos Galiza*, n.º 349, “fóradeserie”, “literatura”, 6 xuño 2019, p. 7.

O autor do artigo reflexiona sobre as biografías de Manoel Antonio e conclúe en que a heterodoxia e rebeldía son no poeta rianxeiro o froito dunha elección posíbel dentro dun conxunto previsíbel de condutas. Ao mesmo tempo considera que a obra de Manoel Antonio foi considerada, na súa aparición en 1972, como unha rareza, consolidando unha recepción enigmática da súa poesía.

Baena, Ana, “Versos de Manuel Antonio cerraron el estreno del Kerouac en México”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 xaneiro 2019, p. 7.

Infórmase de que a primeira edición do festival Kerouac en México (despois de oito edicións celebradas en Vigo e tres en Nova York) contou coa presenza de Fernando Luis Pérez Poza, que pechou a estrea con versos do seu tío avó, Manuel Antonio. A poesía en galego estivo tamén representada por Celia Parra, Iria Collazo e José Lameiras. Os dous últimos non só recitaron poemas propios, senón tamén textos de Carlos da Aira e José Manuel Valente.

Balsameda, Rubén, “Rodríguez Fer presenta hoy el poemario ‘Unha tempada no paraíso’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 6 xuño 2019, p. 10.

Informa de que o xoves 6 de xuño, ás 20.15, na Librería Biblos de Lugo, será presentada a edición bilingüe galego-portuguesa de *Unha tempada no paraíso*, de Claudio Rodríguez Fer, traducida e prologada en Brasil por Saturnino Valladares, quen a editou na Editora Valer, de Manaus, co título de *Uma temporada no paraíso*. Tamén sinala que abrirá o acto o libreiro Julián García, ex-alumno do poeta e ex-colega do tradutor. Finalmente, fai un breve repaso pola traxectoria do autor.

Bará, Milagros, “Ramón Peña Gil, entre pinceles y camelias”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra...”, 24 febreiro 2019, p. 12.

Nunha crónica sobre o pontevedrés Ramón Peña Gil, un dos ilustradores máis destacados do seu tempo, e tamén un importante publicista, pintor e profesor, sinala o feito de que entrou a formar parte da Real Academia Galega no ano 1947 xunto a Celso Emilio Ferreiro, do que indica que era moi amigo.

_____, “Pilarcita Bértola, poetisa y rapsoda”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra...”, 24 marzo 2019, p. 13.

Recolle unha crónica sobre a pontevedresa Pilarcita Bértola, da que destaca a súa capacidade para suscitar admiración recitándolle ao mundo os clásicos galegos sendo ela moi nova. Para apoiar esta idea conta a anécdota de cando, en marzo de 1934, na Casa de Galicia de Barcelona, durante unha festa do Folclore Galego-Catalán, recitou o poema “A Campana de Anllóns”, de Eduardo Pondal, por petición popular. E tamén de cando, en agosto dese mesmo ano, participou nun recital de poesía organizado por Radio Pontevedra no que recitou poemas de Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas.

_____, “Enrique Labarta Pose, el Quevedo de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra...”, 7 abril 2019, p. 10.

Recolle unha crónica sobre a figura de Enrique Labarta Pose, de quen di que era coñecido como o ‘chispeante poeta’ ou o ‘Quevedo de Galicia’ e que viviu moitos anos en Pontevedra, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura e a poesía e afianzou o seu gran sentido do humor. Da súa produción en lingua galega fai alusión ás obras *O río Lérez*, *¡Pontevedra!* e *¡Miña Pontevedra!*, todas elas dedicadas á cidade de Pontevedra.

_____, “Pontevedra, cien años de poesía en prensa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra...”, 21 xullo 2019, p. 10.

Recolle unha crónica sobre a importancia de Pontevedra como centro cultural e o papel que a prensa local xogou na difusión da poesía durante o século XIX e gran parte do XX. Fai alusión a autores que viviron nesta cidade e que empregaron os semanarios para mostrar ao mundo as súas obras. Do século XIX destaca a obra *Veira do Lérez*, do xornalista, poeta e orfeonista pontevedrés Albino Simán, que empregaba o pseudónimo de Gaiteiro d’o Lérez. Do século XIX alude a Luís Amado Carballo, Juan Bautista Andrade, Xoán Vidal Martínez, Gerardo Álvarez Limeses, Cándido Viñas Calvo, Celia Vidal, Herminia Fariña ou Modesto Bará, quen fundou as revistas *Hebe* e *Alborada*, con colaboradores como Ramón Cabanillas, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

Barciela, Alberto, “Antón Pulido, galego de Amoeiro, pintor e mestre”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, “Tribuna libre”, 6 xaneiro 2019, p. 7.

Comeza describindo as riquezas patrimoniais, materiais e inmateriais, naturais e culturais da provincia de Ourense, para centrarse no pintor, gravador e xestor cultural Antón Pulido, o mestre Isaac Pulido, pai do artista, e Otero Pedrayo, novelista e ensaísta, xa que os tres conforman un triángulo imprescindíbel como cerne de ourensanía e de galegitude. A continuación céntrase na figura de Antón Pulido, a quen cualifica como neno prodixio: músico, campión de xadrez, artista e seminarista. Tamén alude ao feito de que, dende os cinco anos, Pulido foi amigo de Carlos Casares e do seu irmán Javier. Continúa afirmando que non é estraño que Pulido sexa agora un persoeiro de relevo na sociedade e na arte galegas, un promotor de ourensanía e de galegitude, un mestre xeracional e un precursor das vangardas pictóricas e que Otero Pedrayo estaría tan orgulloso coma os propios pais do artista. Finalmente fai alusión a outras importantes figuras das letras e cultura galegas que, ben por nacemento, ben por adopción, teñen algún vínculo con terras ourensás.

_____, “Anécdotas para un día de choiva”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, “Apuntes”, p. 5/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, 1 decembro 2019.

Reproduce un dos seis poemas en lingua galega de Federico García Lorca que fala da chuvia en Santiago de Compostela no seo dun artigo no que reflexiona, precisamente, sobre a relación da chuvia coa identidade galega, e do efecto que esta produce sobre el mesmo, que, aínda que melancólico, escribe e le con maior deleite.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, “Gora Galiza Lliure”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 28 xaneiro 2019, p. 12.

Nun ton irónico fala do pacto e coalición “Ahora República” entre as distintas forzas independentistas e nacionalistas do Estado español, nomeadamente ERC, Bildu e o BNG, e indica que esta, nos vai permitir ter o noso ‘procés’, a nosa loita armada, e a liberación dunha Castela imperialista que no oprime. Continuando na liña do sarcasmo trae a colación uns versos de Cabanillas nos que, segundo o autor do artigo, explica todo isto

mellor que ninguén: “Comestas polo tempo / xa afrouxan as cadeas, / irmáns asoballados / de xentes estranxeiras”.

Becerra, Marta, “Poesía de presente y pasado” *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 23 febreiro 2019, p. 13.

Recolle, por unha banda, os nomes dos gañadores da vixésimo quinta edición do certame de poesía de Nadal organizado pola Biblioteca Municipal de Lugo, e pola outra, as distintas actividades levadas a cabo polos alumnos e alumnas CEIP María Auxiliadora de Lugo para celebrar o día de Rosalía.

_____, “Poesía y música de las camelias” *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 7 abril 2019, p. 10.

Fai alusión aos distintos actos celebrados no Museo Provincial de Lugo no marco da celebración da VI Exposición de Camelia de Lugo, entre os que destaca un recital de poesía a cargo do escritor e político Baldomero Iglesias, máis coñecido como Mero.

Bergantiños, José, “No volveremos más”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 8 xuño 2019, p. 17.

Nun artigo no que reflexiona sobre os tempos pasados e lembra lugares polos que tantas veces pasou e tan importante son para el, fala da morriña, a nostalxia e a saudade. Finaliza o artigo reproducindo a primeira das dúas estrofas que compoñen o poema “Fun polo camiño do Couto”, de Eduardo Pondal.

Bernárdez, Carlos L, “Federico Ribas, ilustrador. Entre o Simbolismo e o ‘Arte déco’”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 643, “Ilustración”, 16 febreiro 2019, p. 7.

Nun artigo sobre Federico Ribas, relaciona tematicamente os seus traballos con *Atilia en Glicia* e *Galicia mártir* de Castelao, unha serie de debuxos realizados en 1937 que presentan escenas semellantes ás que tamén representaron Manuel Colmeiro, Luís Seoane ou Arturo Souto.

Blanco Valdés, Juan L., “Anacos de Aser”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Bágoas de crocodilo”, 28 decembro 2019, p. 37.

Fai alusión ao libro *Arraianos* de Xosé Luís Méndez Ferrín a propósito dun artigo onde reflexiona sobre a hibridación de culturas en territorios de fronteira, con especial atención á raia que separa Galicia de Portugal. Tamén fai alusión ao director e produtor audiovisual Aser Álvarez co gallo da estrea do seu documental *Anacos de vida* da man da produtora Arraianos.

Blas, Ceferino de, “Los artículos de Isaac”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 11 febreiro 2019, p. 11.

Amenta a recompilación dos artigos periodísticos de Isaac Díaz Pardo como mostra do prolífero traballo do compostelán.

Bragado, Manuel, “Santo Amaro navegante”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 15 xaneiro 2019, p. 24.

Explica a lenda de Santo Amaro a propósito da celebración da romaría deste na parroquia viguesa de Matamá. En primeiro lugar advirte, tal e como lle di Xurxo Souto, que non debemos confundir o San Mauro co Santo Amaro, porque polo que se avoga en Vigo é por este último, o abade navegante que viaxou polos mares exposto a todo tipo de perigos. En segundo lugar, explica unha viaxe de lenda recollida en 1925 por Uxío Carré Aldao no artigo “A lenda de San Amaro o Pelegrino”.

_____, “Urania Mella e outras viguesas pioneiras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 12 marzo 2019, p. 22.

A propósito do Día Internacional da Muller Traballadora e da manifestación celebrada en Vigo o 8 de marzo, o autor do artigo pon de relevo os nomes e a traxectoria de numerosas mulleres viguesas que traballaron en prol dos dereitos das mulleres e do feminismo e que sufriron as consecuencias do golpe de estado do 36 polo seu compromiso. Nomes como Ernestina Otero, Urania Mella, Olimpia Valencia, Placeres Castellanos, Antonia Sanjurjo, Cándida Otero, Margarita Losada e Agustina Álvarez, aos que une agora os das escritoras viguesas María Xosé Queizán e Begoña Caamaño.

_____, “Na despedida de Andel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 26 marzo 2019, pp. 22-23.

Lamenta o peche de Andel e recolle un breve repaso da traxectoria desta librería especializada no libro galego e portugués e erixida como a primeira librería virtual galega. A propósito do peche da librería Andel, reflexiona sobre o aumento da tendencia a mercar en internet e como isto influíu para o peche de 900 librerías en todo o Estado español. En relación con isto, céntrase en como se deu este mesmo proceso de desmantelamento das librerías, sobre todo aquelas especializadas no libro galego, na cidade de Vigo.

_____, “Chano Piñeiro e Vigo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 2 abril 2019, pp. 22-23.

Faise eco do acto homenaxe a Chano Piñeiro no Club Faro de Vigo, onde se reivindicou que se lle dedicase o Día das Letras Galegas en 2020. No acto, lembráronse as relacións de Chano coa cidade olívica.

_____, “Gogue e Davila expoñen en Príncipe”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 16 abril 2019, p. 20.

Recolle información sobre a exposición ‘Ilustrando. As historias do noso día a día’, na que se recollen as mellores viñetas dos debuxantes Gogue e Davila publicadas no *Faro de Vigo* e que se pode ver na rúa do Príncipe en Vigo. Nesta trama, cita aos que considera os mellores humoristas gráficos de Galicia, entre eles Castelao.

_____, “O Xurés, territorio privilexiado”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 2 xullo 2019, pp. 18-19.

Aconsella visitar toda a zona da Serra do Xur3s e a Baixa Limia e d3a certas pinceladas da historia destes territorios as3 como do patrimonio material e inmaterial que al3 se pode atopar. Dende a cultura megal3tica, pasando por todo o imaxinario lendario, at3 a historia do Couto Mixto, o autor do artigo recomenda as paradas imprescind3beis. Tam3n alude a obras, ensa3sticas ou narrativas, que, dunha ou doutra forma, te3nen a s3a base nestes territorios, nomeadamente *Arraianos* (1991) de M3ndez Ferr3n, *Terradentro* (2017) de Xos3 Benito Reza, ou *Por que as sombras non te3nen ollos* (2015) de Manuel Garc3a Ma3a.

_____, “Novela negra viguesa”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 13 agosto 2019, pp. 20.

Reflexiona sobre o fen3meno da novela negra e de como Vigo se converteu, ben por ambientaci3n das tramas, ben por orixe dos autores, no berce deste subx3nero narrativo dentro da literatura galega. Desta forma alude a alg3ns dos t3tulos m3is significativos do *noir* galego e vigu3s, *Os fillos do lume* (Xerais, 2017), de Pedro Feijoo; *O 3ltimo barco* (Galaxia, 2019), de Domingo Villar; *Infamia* (Xerais, 2019), de Leticia Costas; *O meu nome 3 Ningu3n* (Xerais, 2018), de Manuel Esteban; ou *Vicus. Un lugar aquelado* (Bolanda, 2019), de Beto Luaces.

_____, “Xela Arias, escachar a palabra”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 20 agosto 2019, pp. 19-18.

Informa da celebraci3n dun acto de homenaxe a Xela Arias no parque do Castro de Vigo por parte da plataforma de cr3tica literaria A Sega que, como cada ano, v3n a reivindicar o papel das mulleres nas letras galegas. Ademais da alusi3n ao acto, informa de que a profesora Chus Nogueira v3n de publicar unha edici3n da s3a *Poes3a reunida 1982-2004* (2018), onde, xunto a un estudo preliminar, se recollen todos os seus poemarios publicados en vida xunto a poemas dispersos que foi publicando en revistas. Finalmente, fala da importancia e da centralidade da cidade de Vigo en toda a obra e vida de Xela Arias.

_____, “Tesouros humanos vivos”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 2 outubro 2019, pp. 22-23.

Co gallo de ter acompañado a Pedro Feijoo na presentaci3n do libro *Cami3nar o Vigo Vello* (Xerais, 2018) dentro das IV Xornadas do Mar organizadas pola Asociaci3n Veci3nal e Cultural Casco Vello, reflexiona sobre o proceso de recuperaci3n do Vigo Vello e comparte memorias dos traballos e das vidas na ribeira do Berb3s, dende as r3as de San Francisco e Poboadores at3 a r3a Real.

_____, “O que arde”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de Granada”, 15 outubro 2019, p. 22.

Recolle unha recensi3n sobre o filme *O que arde* de Oliver Laxe e aproveita o tema para facer referencia a outros t3tulos de produtos audiovisuais que tratan a problem3tica dos

incendios forestais en Galicia. Tamén amenta o ensaio *A morte de Galicia* (Xerais, 2019) de Isidro Dubert, onde se acuña o termo ‘holocausto rural de Galicia’ para definir este fenómeno.

_____, “Estrela Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 29 outubro 2019, p. 22.

Acolle con entusiasmo a noticia de que a Fundación Rosalía de Castro en parcería coa Agrupación Astronómica Ío, promovan unha campaña para darlle o nome da máis universal das escritoras galegas á estrela HD 149143, e ao tempo nomear ao seu exoplaneta HD 146143b como Río Sar. Sinala tamén que esta iniciativa se enmarca dentro da campaña mundial, Name Exo Worlds, posta en marcha pola Unión Astronómica Internacional, que permite a cadansúa representación estatal dar nome a unha estrela cun exoplaneta asociado.

_____, “O banco dos contos”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 19 novembro 2019, p. 22.

Co gallo da presentación do seu último libro, *Vigo, puro milagre* (Xerais, 2019), onde recolle setenta e cinco artigos da columna “Campo de Granada”, publicada en *Faro de Vigo*, explica, ao igual que fai no limiar da obra, a orixe do sintagma que utiliza como epígrafe destas crónicas. Para dar conta de todo isto tamén alude ao volume *A cidade e os días* (Monterrey, 1960, Xerais, 2008) de Xosé María Álvarez Blázquez.

Braxe, Lino, “Noventa anos con Novoneyra”, *La Opinión*, “Opinión”, 7 outubro 2019, p. 12.

No noventa aniversario de Uxío Novoneyra recolle unha crónica sobre a estancia deste poeta en Madrid e apunta algunhas consideracións sobre algúns dos poemas recollidos no libro *Os Eidos*, do que, por certo, recomenda a súa lectura.

_____, “Defensa da poesía”, *La Opinión*, “Opinión”, 28 outubro 2019, p. 13.

Establece, tal e como indica no título do artigo, unha defensa da poesía tratando de poñer en valor o seu potencial artístico e tratando de desmitificar a idea de que a poesía é unha arte moi complexa e pouco accesíbel para lectores medios que carecen dunha elevada formación cultural. Neste entramado fai alusión á poeta Rosalía de Castro.

_____, “Ananda Español”, *La Opinión*, “Opinión”, 11 novembro 2019, p. 38.

No noventa aniversario da actriz e dobradora Ananda Español recolle lembranzas do tempo que pasou traballando con ela en distintos programas de radio. Sinala que, de todas as andainas profesionais que viviron xuntos, a que lembra con con máis agarimo é que á vez dirixiu, xunto ao desaparecido Gonzalo Martín Letamendía, *Chalín*, en *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* de Álvaro Cunqueiro, peza na que ela interpretaba á Raíña.

Burgoa, Juan José, “Dulce María Orjales Valcárcel (Maruxa Orjales)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 24 marzo 2019, p. 9.

Recolle un breve repaso pola traxectoria vital e literaria da poeta Dulce María Orjales Valcárcel, coñecida como Maruxa Orjales, de quen di que era sobriña do escritor Francisco Añón e que mantiña unha estreita relación de amizade con Ramón Otero Pedrayo. Da súa produción en galego fai alusión ao poemario *A fonte secreta*, prologado por Xosé Filgueira Valverde e publicado no ano 1972.

_____, “Los hermanos Alberto y Domingo Camino Siguert”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 7 abril 2019, p. 11.

Repasa a traxectoria vital e literaria dos irmáns Alberto e Domingo Siguert, nados en Ferrol e Santiago, respectivamente, no século XIX e considerados uns dos iniciadores do Rexurdimento Galego. De ambos recolle títulos de poemas aparecidos en distintas revistas e xornais.

_____, “Xosé María Pérez Parallé. El poeta azul de Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 12 maio 2019, p. 11.

Fai un repaso pola traxectoria vital e literaria do poeta Xosé María Pérez Parallé, a quen Otero Pedrayo bautizou como ‘o poeta azul de Ferrol’. Fai alusión á súa participación en distintas inciativas editoriais, así como da presentación de textos a concursos. Tamén ofrece unha listaxe dalgunha das súas obras *Retábulo betanceiro* (1961); *Non falarei, non* (1977); *Cartafol da saudade* (1983); *Dorna romeira* (1985); e as obras póstumas *Chanteiros* (1990) e *Poemas, cantigas* (1995) e reproduce unha copla dedicada ao seu Cainido natal.

_____, “Aurelio Ribalta Copete”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 25 agosto 2019, p. 11.

Recolle un breve repaso pola traxectoria vital e literaria do escritor decimonónico Aurelio Ribalta Copete. Da súa produción en lingua galega fai alusión a tres novelas breves, *Ferruxe* (1894), novela de costumes artesás que está considerada como unha obra pioneira da literatura galega; *O pastor de dona Silvia* (1925), ilustrada por Camilo Díaz Baliño; e *O derradeiro amore* (1931). Tamén á súa produción poética: *Os meus votos* (1903), *Altariño de amore* (1935), e *Escolma de Poesías de Rosalía de Castro* (1917).

_____, “Ferrol fóra de Ferrol ¿U-lo legado dos nosos ancestros?”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Tirando a dar”, 23 outubro 2019, p. 6.

Reflexiona sobre o feito de que gran parte dos legados en forma de manuscritos, bibliotecas persoais ou correspondencia, de escritores e intelectuais ferroláns se atope fóra da cidade, albergados en sedes e institucións doutras cidades galegas como Santiago de Compostela, como é o caso dos autores Carvalho Calero ou Torrente Ballester.

Caeiro, Lois, “Santín, memoria e ilusión”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis” p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, 27 xuño 2019.

Pon en valor a figura de Enrique Santín, un dos grandes dinamizadores da diáspora galega en Madrid, e fai alusión ao poeta Ramón Cabanillas, de quen recitou en máis dunha ocasión algúns dos seus poemas.

Campo, Marica, “A paz é o camiño”, *El Progreso*, “Opinión”, “A tecelá en outono”, 15 febreiro 2019, p. 31.

Fai alusión a un dos relatos de *Cousas* de Castelao, do que reproduce un enunciado, nun artigo no que reflexiona sobre a pouca medida de moitos discursos dos políticos actuais e trata de defender a idea de que todo se pode cuestionar dende a honradez e o compromiso coa paz.

_____, “Honradez intelectual, por favor”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá en outono”, 22 febreiro 2019.

Co gallo do Día de Rosalía achega títulos de monográficos e estudos de diversos autores sobre a figura e obra da poeta, nomeadamente *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988) e *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)* (2011), de Francisco Rodríguez; *Rosalía de Castro: Estudos sobre a vida e a obra* (2000), de Andrés Pociña e Aurora López; *Rosalía de Castro no seu tempo* (1987), de Catherine Davies; e *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: Ensaio e feminismo* (2010), de María Pilar García Negro.

_____, “Máis que nunca”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “A tecelá en outono”, 22 marzo 2019.

Co gallo da celebración do Día Mundial da Poesía e do Día Mundial da Auga suxire a idea de que non podemos vivir sen auga e non podemos vivir sen poesía e fai alusión ao poemario *Follas Novas* de Rosalía de Castro.

_____, “De cidades e poetas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 21, “A tecelá en outono”, 19 abril 2019.

A partir dunha viaxe a Soria reflexiona sobre o por que de que a este territorio se lle denomine como ‘a cidade dos poetas’, ao mesmo tempo que lamenta que en Galicia non se lle tire o proveito que a obra e a figura de Rosalía merecen. Na mesma liña, crítica a quen non lle parece ben que, para a reivindicar a nosa historia, Manuel María cante a epopea dos chamados Mártires de Carral.

_____, “A onde vas, coello branco?”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 37, “A tecelá en outono”, 19 abril 2019.

Reflexiona sobre a aceleración no estilo de vida que define a era actual a partir da lectura do ensaio *Contra el tiempo. Filosofía práctica del instante* (2016) de Luciano Concheiro, de quen di que é neto dun exiliado de Curtis irmán de Chonchiña, a que foi muller de Francisco Comesaña, o entrañábel Doutor da Barca na biografía novelada de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*.

_____, “Amar é un verbo”, *El Progreso*, “Opini3n”, “A tecel3 en outono”, 17 maio 2019, p. 55.

Co gallo do D3a das Letras Galegas e sen querer ir en detrimento da honra que se lle est3 a facer a Antonio Fraguas, fai alusi3n a Ricardo Carvalho Calero, a quen considera o eterno postergado como figura homenaxeado nesta data. Relaciona o rexeitamento da Academia co feito de que o escritor ferrol3n defendese a norma reintegracionista e se mostrase favor3bel 3 idea do binormativismo proposta pola AGAL.

_____, “E a roda segue xirando”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&An3lisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 31, “A tecel3 en outono”, 6 decembro 2019.

Reflexiona sobre a parafernalia das luces de Nadal da cidade de Vigo e cr3tica este gasto desmesurado por parte da administraci3n local, xa que esta non repara noutras problem3ticas m3is urxentes que asedian 3 cidade e 3s persoas que a habitan, como por exemplo a disposici3n dun albergue permanente. A respecto da situaci3n das persoas sen fogar fai alusi3n a un verso do poema “O neno” de Celso Emilio Ferreiro que reza: “Onde est3n esta noite os que non te3en casa?”.

_____, “No horto de Ronsard”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&An3lisis”, p. 19/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 27, “A tecel3 en outono”, 27 decembro 2019.

Informa de que o d3a 27 de decembro se cumpren 434 anos do falecemento de Pierre de Ronsard, do que di que a s3a orixinalidade o colocou 3 cabeza dos poetas da Pl3iade, grupo que propugnaba a poes3a como servizo 3 beleza e que se propu3a, asemade, darlle ao idioma franc3s a categor3a dun idioma culto, tal como far3a s3culos m3is tarde Eduardo Pondal co galego (“D3stesme unha lingua de ferro, dev3lvovos unha lingua de ouro”).

Canedo, Cibr3n, “Cita pobrense con el humor y el baile”, *El Correo Gallego*, “3rea de Compostela”, “Invitada especial”, 27 xaneiro 2019, p. 32.

Informa de que a conceller3a de Cultura da Pobra, que dirixe Genoveva Hermo, elaborou un variado programa para o mes de febreiro, que arrinca o d3a 3 da man das compa3a Distribuci3ns Bonjourmonamour e Urgeteatro, que presentaran a obra *75 Pu3aladas*. Contin3a o d3a 10, con Quico Cadaval e o mon3logo *Vos inocentes* e finaliza o 24 coa celebraci3n do D3a de Rosal3a de Castro cunha pasarela de traxes tradicionais.

_____, “3rbore de Gernika na Casa Rosal3a”, *El Correo Gallego*, “3rea de Compostela”, “Convidada especial”, 22 febreiro 2019, p. 34.

Informa do acto de plantaci3n do abrocho da 3bore de Gernika, logo de murchar o anterior exemplar que trouxera Avelino Pousa Antelo 3 Casa-Museo Rosal3a de Castro.

_____, “Homenaxe a Pl3cido Betanzos”, *El Correo Gallego*, “3rea de Compostela”, “Convidado especial”, 29 maio 2019, p. 39.

Informa da celebraci3n dun acto institucional no paseo mar3timo de Palmeira do Concello de Ribeira, para nomear a este paseo como Pl3cido Betanzos, en cumprimento do acordo plenario. Apunta que ese mesmo acto tam3n 3 unha homenaxe ao falecido pol3tico,

profesor e escritor, de quen se lerán extractos de cada un dos libros publicados a cargo de Pura Villar, Xesús Laiño e Antonio Piñeiro.

_____, “Rosalía na comarca ordense”, *El Correo Gallego*, “AC”, “Invitado especial”, 22 xuño 2019, p. 42.

Recolle que o Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes continúa o seu percorrido polos centros escolares da comarca para facer entrega dos lotes de libros aos participantes do concurso Rosalía e as nosas Letras.

_____, “Poesía catalá na Costa da Morte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitada especial”, 27 agosto 2019, p. 30.

Informa do encontro Percevers, no Museo de Arte Contemporánea da Costa da Morte en Corme, que xuntará aos poetas Jordi Quer, Mónica Boixader, Claudia Castro, María Suárez, Miguel Anxo Mato, Rosalía Fernández Rial, Manuel Regueiro e Paula Regueiro.

_____, “Baz presenta o seu disco na Casa Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 22 outubro 2019, p. 35.

Apunta que o cantautor Tino Baz presenta o seu novo disco *Si cantan es ti que cantas*, unha homenaxe a Rosalía de Castro.

_____, “Deslindar o paraíso’ chega a Lalín”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 decembro 2019, p. 34.

Informa de que o programa ‘Mulleres en Acción: Violencia Cero’ da Deputación de Pontevedra chega a Lalín o día 18 de decembro, co espectáculo poético *Deslindar o paraíso*, da man da *performer* Silvia Penas. Así mesmo, sinala que a concelleira de Igualdade, Begoña Blanco, informou que terá lugar ás 12.00 horas no vestíbulo do Concello con entrada libre e asistencia do alumnado dos dous institutos da vila.

Carreño, Antonio, “Lengua, ideología y poder”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 2 febreiro 2019, p. 33.

Reflexiona sobre a relación entre a lingua, a ideoloxía e o poder, e como estes tres factores determinan o canon e o prestixio dun determinado sistema literario. Faino a propósito do prestixio e do predomio mundial da lingua inglesa e das distintas manifestacións literarias neste idioma. Para reforzar esta idea fai alusión ao canon establecido polo profesor de Yale, Harold Bloom, e observa como a maior parte dos autores e obras seleccionados son de fala inglesa. Cando fai referencia ao canon literario en castelán e en galego alude, entre outros, a Rosalía de Castro e a Eduardo Blanco-Amor.

_____, “Y alabanza de aldea”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 7 decembro 2019, p. 31.

Recolle algúns apuntamentos sobre a figura do bispo de Mondoñedo, fray Antonio de Guevera, e fai alusión a Álvaro Cunqueiro, tamén mindoniense. De Cunqueiro di que lle profesa unha grande admiración, xa que é o mestre en combinar imaxinación, fantasía, o

bo escribir e pulcritude sintáctica, e chega a afirmar que é o Jorge Luis Borges galego. Tamén alude ao ensaio *Álvaro Cunqueiro: os artificios da fabulación* de Xan González Millán, de quen di ser o renovador da crítica literaria académica.

Carrera, Valentín, “Alabanza y reivindicación de A Rocha Forte”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 7 abril 2019, p. 26.

Fai algúns comentarios a respecto da existencia dunha fortaleza en Santiago de Compostela coñecida como a fortaleza da Rocha Forte, a máis grande do Reino de Galicia dende o século XIII até mediados do XV e unha das máis espectaculares da Península. Recomenda o libro *Rocha Forte*, con textos de José Suárez Otero, Xurxo Ayán Vila e Carlos Marín Suárez, editado en 2013 pola Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación do Concello de Santiago, para quen queira saber a historia completa. A continuación fai alusión ao poemario *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, e ao libro de relatos *Os escuros soños de Clío*, de Carlos Casares, a propósito dunha anécdota da súa infancia que ten ver con xogar nas ruínas da Rocha con Carlos Delgado e María García, profesionais da imprenta Minerva, de onde saíron os volumes antes citados.

Carrión, Xosé Lois, “A revista Nós cumpre 99 anos: parabéns!”, *La Región*, “Ourense”, 31 outubro 2019, p. 14.

Artigo con motivo do 99 aniversario da saída do prelo do primeiro exemplar da revista *Nós*. Lembra as “Primeiras verbas” do número 1 e repasa a localización das diversas imprentas nas que se publicou. Salienta as figuras vinculadas á publicación: Xulio Gallego, Leuter González Salgado, Florentino López Alonso-Cuevillas, Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Arturo Noguerol Buján, Ramón Otero Pedrayo, Xabier Prado Rodríguez “Lameiro”, Alfonso Vázquez-Monxardín, Ramón Cabanillas, Daniel Alfonso Castelao, Eduardo Blanco-Amor, Augusto María Casas Blanco, Álvaro De las Casas Blanco, Antonio Couceiro Freijomil, Cándido Fernández Mazas, Xosé Ramón Fernández Oxea “Ben-Cho-Sey”, Xaquín Lorenzo Fernández, Xurxo Lorenzo Fernández, Vicente Martínez Risco, Euxenio Montes Rodríguez, Xohán Ramos Pérez-Colemán e Primitivo Sanjurjo. Salienta que en 1979 a Editorial Galaxia comercializou seis volumes facsimilares na que se incluíu unha relación de colaboradores e persoas relacionadas coa revista asasinados polos fascistas tras o 18 de xullo de 1936, relación elaborada por Ben-Cho-Sey, listándoos.

Casalderrey, Fina, “Un pasiño cara adiante”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, “Reportaje”, “Camiño ao 8 de marzo”, 2 marzo 2019, p. 5.

A propósito da celebración do Día da Muller Traballadora o 8 de marzo, reflexiona sobre os avances, en materia de igualdade, que se teñen dado en distintos ámbitos, con especial atención ao campo da literatura, e sempre matizando que queda moito por facer. A respecto do feito literario cuestiona a etiqueta de ‘literatura feminina’ e sinala o ton pexorativo desta nomenclatura. Tamén fai alusión ao ensaio *Chámame señora, pero trátame coma a un señor* (Galaxia, 2018) de Inma López Silva.

Caseiro, Delfin, “Arturo Baltar”, *La Región*, “Opinión”, 18 decembro 2019, p. 34.

No segundo cabodano de Arturo Baltar o autor do artigo lembra a esta figura achegando algúns datos sobre a súa traxectoria artística e reproduce uns versos do libro *O aire, a luz e o canto* (2008) de Víctor Campio que rezan: “Buscou no ceo a estrela presentida/ e naceulle na man a luz da albada./ Con esa man, do barro namorada/ creou un universo e deulle vida.”

Castro, Francisco, “Carvalho Calero con Nós”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 20 xuño 2019, p. 17.

Celebra con entusiasmo que a RAG vaia confirmar que Carvalho Calero será a figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020 e considera que é un acerto que sexa nun ano no que tamén se celebra o centenario da Xeración Nós. Di que esta é unha boa decisión que contribuirá a poñer fin á liorta eterna que supostamente existe dentro da institución da Real Academia, e que permitirá converter a Carvalho, por fin, en patrimonio de todos e porque é un acto de xustiza coa súa figura e os seus méritos.

_____, “Rosalía e a manada de Manresa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A canción do náufrago”, 2 novembro 2019, p. 16.

Co gallo da celebración do xuízo do caso de violación coñecido mediaticamente como “La Manada de Manresa”, fai alusión a un famoso poema de Rosalía de Castro no que esta manifestaba a súa desconfianza dos xuíces e pedía “a xustiza pola man”. O autor do artigo continúa dicindo que ao final, o criterio da xustiza segue sendo patriarcal, paternalista e medieval, e e fai alusión novamente a Rosalía cando fala da honra das mulleres, da que a poeta dicía que lle era roubada, entre outras, por unha xustiza ditada, escrita e mantida, dende sempre, por homes.

Castro, Xavier, “Vidas, xantares e xentes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 outubro 2019, p. 10.

Reproduce unhas coplas de Xesús Alonso Montero no seo dun artigo no que se reflexiona e se lembra como era o xantar no mundo rural hai algunhas décadas. Estas coplas evocan a dieta dos labradores, tanto a dos míseros xornaleiros, como a dos que tiñan un bo pasar. Sinala que nos ofrece, a través da figura do labrego Mateo, a gastronomía soñada por calquera aldeán que pasa fame.

Castro Cajaraville, José, “Aniversario de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames”, 5 febreiro 2019, p. 29.

Recolle un breve repaso da peripecia vital de Rosalía de Castro a propósito da efeméride do seu nacemento o 24 de febreiro de 1837.

_____, “A Ruta de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala”, 26 febreiro 2019, p. 30.

A propósito da aparición de certos comentarios referentes á ruta rosaliana ‘As pegadas de Rosalía’ o autor do artigo comenta que bota en falta que non inclúa enclaves tan significativos na vida da célebre poeta como o pazo de Ermida situado en Dodro-Lestrobe, lugar no que naceron os seus dous fillos xemelgos Ovidio e Gala.

Castro López, José, “El país está cansado”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión”, 16 xullo 2019, p. 27.

Fai alusión a varias viñetas do libro *Cousas da vida* de Castelao relacionando o seu contido coa actual situación socio-política do Estado español. A primeira delas representa a dous paisanos, un deles le o titular dunha noticia nun xornal "El país está cansado..." e o seu compañeiro contesta: “Pero non están cansados os políticos”. Na outra un pai moribundo aconsella ao seu fillo: “Eu morro, ¿sabes?, e vouche dar un consello: fuxe dos que falan de democracia”.

Castro Ratón, Xosé, “Cantarte hei, Rosalía”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 21 febreiro 2019, p. 6.

Fai alusión a algúns dos múltiples actos convocados por toda Galicia para celebrar o Día de Rosalía e homenaxear á poeta. Así, alude en primeiro lugar á lectura do manifesto da AELG, redactado por Ana Romaní, e que enlaza a través dos poemas da autora a denuncia social realizada por Rosalía no século XIX coas problemáticas existentes no século XXI. En segundo lugar, á iniciativa do vilagarcía Instituto Castro Alobre de bolsas de compra con deseño do seu alumnado baixo a coordinación da Equipa de Normalización Lingüística onde aparece a figura de Rosalía. E finalmente á da Fundación que leva o seu nome, que organiza unha degustación dun “caldo de gloria”, asociado á referencia do poema “Miña casaña, meu lar”; e, tamén, á macro Alborada que interpretan grupos da Asociación de Gaiteiros.

_____, “Devastar os marcos”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 7 marzo 2019, p. 6.

Co gallo do Día da Muller Traballadora fai alusións aos eventos “Palabra de Muller” e “Día das Galegas nas Letras”. O primeiro é unha homenaxe á poeta e profesora Luísa Villalta no 15 aniversario do seu pasamento, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística no Pazo de San Roque de Santiago de Compostela. O segundo, a conmemoración, por parte da plataforma de crítica literaria A Segá, da figura da tamén poeta e profesora Xela Arias.

_____, “Sempre Castelao”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 14 marzo 2019, p. 6.

A propósito do 75 aniversario da publicación do *Sempre en Galiza* de Castelao anuncia a prórroga da exposición *Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia* que o Consello da Cultura Galega mantén aberta dende o mes de novembro no compostelá centro de San Domingos de Bonaval. Tamén lembra que vén de pór remate a denominada *Castelao maxistral*, na Cidade da Cultural co impacto emocional da exposición do cadro *A derradeira lección do mestre*.

_____, “No bico un cantar”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 21 marzo 2019, p. 6.

Co gallo do D3a Mundial da Poes3a fai alusi3n ao verso que Curros Enr3iquez, para encomio e na memoria de Rosal3a de Castro, cantou con voz po3tica: “Do mar pola orela mireina pasar, na fronte unha estrela, no bico un cantar”. Ao mesmo tempo informa das distintas propostas para celebrar esta efem3ride, por un lado o festival “Algu3n que respira”; a homenaxe a Salvador Garc3a-Boda3o por parte da RAG; ou a publicaci3n da versi3n orixinal do texto “Mi3a Matria Galicia” co que Celso Emilio Ferreiro ga3ou, en 1968 nos Xogos Florais do Idioma Galego.

_____, “Morreu o Demo, acabouse a peseta”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 28 marzo 2019, p. 6.

Co gallo da celebraci3n do D3a Mundial do Teatro informa da organizaci3n de dous eventos para a celebraci3n desta efem3ride. O primeiro foi un acto de presentaci3n do Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego, a celebrar no ano 2020 do 25 ao 28 de Marzo e que nace dun dos obxectivo da Academia Galega que une a profesionais da industria cultural que desenvolve esta actividade art3stica. O segundo, un simposio, organizado pola RAG, partindo do estudo de Camba Campoy, autora de *Sen medo ao demo. Resistencia na Galiza da posguerra: o teatro de t3teres de Barriga Verde* (2018), en conversa co actor Santi Prego, profesor da Escola de Arte Dram3tica.

_____, “O silencio axeonllado”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 30 maio 2019, p. 6.

Considera atinada a decisi3n das e dos numerarios da Real Academia Galega que propo3nen dedicar o D3a das Letras Galegas do pr3ximo 2020 3 figura literaria de Ricardo Carvalho Calero. Xa que considera que facelo 3 saldar unha d3beda pendente dende hai varios anos nos que foi negado para esta conmemoraci3n que representa divulgar a s3a obra literaria, de ensaio e de difusi3n da lingua galega, quizais, apunta, por estar considerado como o ide3logo da postura que busca o achegamento do noso idioma ao tronco com3n do lusismo. Contin3a louvando o labor de Carvalho na defensa da lingua galega e reflexiona sobre a actual situaci3n achegando datos do 3ltimo informe realizado polo Consello da Cultura Galega neste eido.

_____, “L3rica ao xeito vello para xente nova”, *Diario de Arousa*, “Opini3n”, “Outra ollada”, 6 xu3o 2019, p. 6.

Informa da celebraci3n dun acto de homenaxe a Xos3 Fari3a Jamardo co gallo do centenario do seu nacemento en Caldas de Reis, a s3a vila natal. Tam3n fai un breve repaso da s3a traxectoria profesional e intelectual e alude 3s obras que escribiu dentro do 3mbito da literatura: *Poemas ao xeito vello para unha vila nova*; *Co sorriso nos beizos*; *O mes3n do birollo*; *A li3a*; *Tiroliro a sete voces*; e *Golfar3ns de sangue*. Finalmente anuncia a celebraci3n, ao p3 do R3o Mi3o, do certame musical “No bico un cantar”, iniciativa do Consello de Cultura Galega con apoio institucional, que ten como obxectivo trasladar a paix3n pola m3sica culta e a poes3a galega a escolares de Galicia e Portugal.

_____, “Da fala e da escrita”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 27 xuño 2019, p. 6.

Amosa a súa aprobación coa decisión de homenaxear a Ricardo Carvalho Calero co Día das Letras Galegas 2020, salientando que se trata dun acto de xustiza para o polígrafo ferrolán. Repasa a súa traxectoria vital e literaria.

_____, “Damnatio memoriae”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, 17 agosto 2019, p. 26.

Reflexiona sobre a impiedade da que gozaron e gozan, por unha banda, a familia Franco, e pola outra, moitos responsábeis de torturas e represión, tras o pacto de amnistía asinado durante o proceso de transición. E xustifica con isto a necesidade de conmemorar, novamente, o Día da Galiza Mártir, do que explica que é lembranza do infame fusilamento de Alexandre Bóveda e o símbolo icónico que se escolleu para honrar ás vítimas da represión franquista, xa sinaladas por Castelao no texto *Alba de Gloria*.

_____, “Lúas de Outono”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 19 setembro 2019, p. 6.

Informa da organización do evento Lúas de Outono, que dende fai a anos se vén celebrando no Teatro Rosalía de Castro, na cidade da Coruña, en homenaxe a Manuel María. Comenta, ademais, que, aproveitando o cincuenta aniversario do concerto de presentación pública da Nova Canción Galega, se vai facer un acto de recoñecemento aos cantautores e cantautoras galegas, parte fundamental da cultura, que formaron parte deste movemento, con especial atención ao grupo Voces Ceibes.

_____, “Onde o universo se chamaría Rosalía”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 7 novembro 2019, p. 6.

Fai un breve repaso das obras escritas e publicadas por Rosalía de Castro, tanto en galego coma en castelán, a propósito do feito de que a Fundación Rosalía de Castro en parcería coa Agrupación Astronómica Ío, promovan unha campaña para darlle o nome da máis universal das escritoras galegas á estrela HD 149143, e ao tempo nomear ao seu exoplaneta HD 146143b como Río Sar. Esta iniciativa enmárcase dentro da campaña mundial, Name Exo Worlds, posta en marcha pola Unión Astronómica Internacional, que permite a cada súa representación estatal dar nome a unha estrela cun exoplaneta asociado.

_____, “Galegos na circunnavegación ao orbe terrestre”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 21 novembro 2019, p. 6.

Co gallo do 5º Centenario da Primeira Volta ao Mundo, liderada polo capitán de navegantes portugueses Fernando de Magalhaes, fai alusión á exposición “Inventio mundi. Galicia nas viaxes transoceánicas”, organizada polo Consello da Cultura Galega co obxectivo de traer á memoria unha parte importante da historia de Galicia e de homenaxear aos esforzados navegantes galegos que abriron camiños do mar. Neste entramado, fai referencia ás achegas literarias de Paio Gómez Chariño, Sarmiento de Gamboa ou do Victor Freixanes e da súa laureada *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982).

Caveiro, Laura, “Corvos sobre campos de trigo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Teatro”, 4 abril 2019, cuberta.

Comeza unha recensión sobre o filme *At Eternity’s Gate* reproducindo o enunciado co que remata a novela *As crónicas so Sochantre* (1956), de Álvaro Cunqueiro. No seo da recensión fai alusión á novela *O pintos do sombreiro de malvas* (Xerais, 2011) a propósito de que esta, ao igual que a película, centre a súa historia na vida e obra do pintor Vincent van Gogh.

Celeiro, Luís, “García-Bodaño, Salvador”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 21, 26 marzo 2019/ *El Correo Gallego*, p. 4/ *La Región* “Opinión”, p. 28, 27 marzo 2019.

Co gallo do Día Mundial da Poesía homenaxea ao poeta Salvador García-Bodaño, de quen di ser un poeta loitador, home envolto enteiro en bonhomía, e de quen destaca a súa alma brillante, gozosa e poética. Tamén recolle algún datos da súa traxectoria vital e reproduce algún dos seus versos. Así mesmo, relaciónao con outros escritores como Anxel Fole, Fiz Vergara, Uxío Novoneyra ou María Mariño.

_____, “A lingua, para falar”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, p. 43, 19 maio 2019/ *El Correo Gallego/ La Región*, p. 26, “Opinión”, “Tía Manuela”, 22 maio 2019, p. 4.

Nun artigo no que manifesta a necesidade da protección e promoción das linguas propias fai alusión a algúns apuntamentos de distintos intelectuais e escritores galegos a este respecto. Desta forma cita a Castelao, quen dixo que o noso idioma era unha obra de arte superior ao Pórtico da Gloria; a Manuel María, do que reproduce o verso “Galicia somos nós:/a xente e mais a fala”; e Xavier P. Docampo, quen afirmou que a lingua “é o instrumento da alma do pobo”.

_____, “Non era sen tempo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 31/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, 23 xullo 2019/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, p. 4/ *La Región*, p. 41, 24 xullo 2019.

Fai alusión á gran riqueza de illas e illotes que ten Galicia para referirse á insua dos poetas, un magnífico e enorme recanto creado, mantido e coidado polo poeta Luís González Tosar, presidente do Centro Pen Galicia, na esgueva do Carballiño. Faino a propósito da celebración, un ano máis, da Festa da Palabra, que, neste ano 2019, homenaxea ao poeta ourensán, Antón Tovar Bobillo, un escritor marxinado polo franquismo, esquecido polos estudosos e autor de títulos tan interesantes como *Barro de nadie*, *Arredores* ou *Non, que era verdadeiramente non*; *Berros en voz baixa*, *A nada destemida* ou *Cadáver adiado*.

_____, “Chove sobre mollado”, *El Correo Gallego*, p. 4/ *La Región*, p. 39, “Opinión”, 31 xullo 2019

Reflexiona sobre o poder e a fermosura da chuvia e sobre a relación antropolóxica deste fenómeno meteorolóxico coa identidade galega, que mesmo inspira a escritores e poetas.

Neste entramado fai alusión aos verso "tesos cumes que se ollan de lonxe" de Uxío Novoneyra para indicar que a chuvia miudiña, ao carón do mar ou no alto do monte, nos fai pensar na riqueza da terra, coas súas chairas, coa costa longa e coa personalidade dos seus picos.

Cepadas, Andrés, "Viento del sur", *La Opinión*, "Opini3n", "Cartas a Laila", 12 xaneiro 2019, p. 23.

Manifesta a súa preocupaci3n polo auxe da ultradereita no Estado espa3ol, encarnado no grupo pol3tico Vox, pero tam3n fai latente a súa indignaci3n pola colaboraci3n do Partido Popular. Neste contexto, utiliza a met3fora da 'longa noite de pedra' como sin3nimo da repres3n franquista, iniciada nos versos de Celso Emilio Ferreiro, para advertir das pos3beis consecuencias de que este tipo de organizaci3ns pol3ticas acaden representaci3n e poder.

Cerme3o, Xos3, "Do3a Emilia, tan rebelde", *El Correo Gallego*, "Opini3n", "Punta Balea", 12 marzo 2019, p. 3.

Nun artigo no que sost3n a vertente m3is rebelde da escritora Emilia Pardo Baz3n lamenta que, dende o sistema literario galego, non se explote debidamente este activo e defende que facelo non 3 unha lectura incompatible con Rosal3a, Curros, Otero Pedrayo, os trobadores e Cunqueiro.

Coixet, Isabel, "Elisa y Marcela: esto es solo el principio", *La Voz de Galicia*, "Opini3n", "Firma invitada", 7 xu3o 2019, p. 15.

Isabel Coixet reflexiona sobre os motivos que lle levan a escoller unha historia e levala ao cine. Menciona varias historias que a atraparon, as3 como tam3n a atrapou a compa3a teatral *A Panader3a*.

Conde, Alfredo, "O da hora, explicado en laranxas", *La Regi3n*, 17 febreiro 2019, p. 34/*Atl3ntico Diario*, 20 febreiro 2019, "Opini3n", "Las p3ginas y las horas".

A prop3sito de lembrar as tertulias que marcaban o pulso da cidade de Santiago de Compostela, lembra as presididas por Ram3n Otero Pedrayo, dende o Caf3 Espa3ol, at3 as 3ltimas, no Restaurante Alameda.

_____, "Eses derradeiros momentos", *La Regi3n*, "Opini3n", "Las p3ginas y las horas", 24 febreiro 2019, p. 34.

Recolle certos apuntamentos sobre os derradeiros momentos dalgunhas personalidades hist3ricas, centr3ndose, especialmente, nos 3ltimos instantes de Noriega Varela, o poeta que foi mestre en Trasalba e mantivo amizade con Otero Pedrayo. Apunta que no seu leito de morte, rodeado da xente, seica levantou a vista cara a onde estaba a súa muller, ergueu o brazo dereito, estendeu o seu dedo furabolos e sinal3ndoa precisamente a ela

dixo "ghe, ghe, a súa desconsolada esposa, ghe-ghe", logo expirou. Informa ademais que esta historia lla oíu contar a Carlos Casares.

_____, "Tampouco somos tan poucos", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Las páginas y las horas", 20 marzo 2019, p. 21.

Fai un breve repaso polas distintas casas-museo de escritores ao longo do mundo para, a continuación, centrarse nas do territorio galego. Así fai alusión á Casa da Matanza de Rosalía de Castro ou á Casa de Trasalba de Otero Pedrayo, que xa visitou, pero tamén á de Neira Vilas, en Gres; á de Álvaro Cunqueiro, en Mondoñedo; ou á de Vicente Risco en Allariz, que aínda ten por visitar.

_____, "Quen se acorda de?", *La Región*, "Opinión", "Las páginas y las horas", 3 maio 2019, p. 38.

Lembra que cando era mozo e estudaba no Instituto do Posío de Ourense, moitas veces faltaba a clase para irse bañar ao río Miño. A propósito destes baños, nas beiras do gran río galego comenta que Risco recomendaba ir calzando zocos para non evitar as moitas enerxías telúricas que, segundo el, alí eran máis certas.

_____, "Non fallou Piñeiro", *La Región*, "Opinión", "Las páginas y las horas", 26 maio 2019, p. 35.

A propósito de ter lido recentemente un artigo no que se recollía a afirmación de que "o galeguismo transversal de Ramón Piñeiro e o sectarismo pexaron as nosas lexítimas aspiracións identitarias", confesa que el segue botando en falta a presenza de Ramón Piñeiro e aquel seu afán de que se galeguizaran tódolos partidos en razón de entender que só esa galeguización pode darlle a Galicia a voz da que, como comunidade diferenciada, aínda non disfruta. En relación a isto, fai alusión ao manifesto "Realidade Galega", asinado, entre outros polo propio Ramón Piñeiro e aos vínculos que, dende Galicia, se mantiveron coa Xeración Nós na diáspora grazas a el.

_____, "Aplaudidores de santos pequeniños", *La Región*, "Opinión", "Las páginas y las horas", 28 xuño 2019, p. 33.

Reflexiona sobre o feito de que a Real Academia Galega decidise conceder o Día das Letras Galegas 2020 a Carvalho Calero. Di que esta é unha homenaxe xusta pero tardía, feito que relaciona coa adscrición do intelectual ferrolán ao reintegracionismo na última etapa da súa vida e verte algunhas consideracións a este respecto.

_____, "O noso xeito de habitar a realidade", *La Región*, "Opinión", "Las páginas y las horas", 3 xullo 2019, p. 36.

Sinala que está lendo dúas novelas a un tempo, das que non dá o título pero das que establece unha relación con outras lecturas previas. É así que da segunda das novelas aludidas di que lle recorda a *Memorias dun neno labrego*, a mellor obra de Neira Vilas segundo o autor do artigo.

_____, "Sen título non hai paraíso", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 11 agosto 2019, p. 24.

Nun artigo no que reflexiona sobre os costumes de tempos pasados e lembra algunhas anécdotas da súa infancia, fai alusión a un libro de Xosé Cermeño, cuxo título está tomado dun verso de Álvaro Cunqueiro: *O arte de facer as camas*. Tamén alude a outro libro, *Vento de seda*, este de Bieito Iglesias, cuxo título tamén procede de Cunqueiro, desta volta para reflexionar tamén sobre tempos pasados, pero neste caso do que ten que ver coa literatura.

_____, “Unha cousa e a súa contraria”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 14 agosto 2019, p. 26.

Informa de que anda relendo a Blaise Pascal e, con este motivo, aporta algunhas reflexións sobre a existencia. A respecto disto di que, cando se pon a pensar na condición humana, sempre lle veñen á cabeza os versos finais cos Rosalía remata o seu soneto que empeza dicindo “unha vez tiveron un cravo cravado no corazón...” para rematar clamándolle a Deus “este barro mortal que envolve a alma, quen o entenderá, Señor!”.

_____, “As mans e a lingua”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 28 setembro 2019, p. 27.

Nun artigo no que fala da censura literaria nos tempos do Franquismo fai alusión ao poeta Antón Tovar e ao veto que sufriu nalgúns versos do seu poemario *El tren y las cosas*. Tamén sinala que el non sufriu esta censura e cita o seu libro *Mementos de vivos* (Galaxia, 1974) para indicar que, sabendo empregar ben as palabras, se podía sortear esta práctica.

_____, “Defender a Ben-Cho Shey”, *La Región*, “Opinión”, “Las páginas y las horas”, 13 outubro 2019, p. 37.

Di que, relendo a Montaigne, recordou algo que lera nun libro que reza que “os de Galaxia” endexamais consideraron ao escritor Ramón Fernández-Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey, coma un dos seus e que isto é así porque este grupo estaba formado por oportunistas e sectarios. O autor do artigo maniféstase contrario a esta afirmación e defende a figuras como Sixto Seco, Xaime Isla, Álvaro Gil, Fermín Penzol, Paco del Riego ou Ramón Piñeiro. Finaliza afirmando que para enxalzar unha figura como a de Ben-Cho-Shey non é preciso rebaixar outras, e que a Ramón Fernández-Oxea o defenden a súa traxectoria vital, a súa entrega e o seu amor á nosa cultura e, a súa obra literaria.

_____, “Os paxaros de Pimentel”, *La Región*, “Opinión”, 16 outubro 2019, p. 33.

A propósito de ter mercado un libro de Luis Pimentel, titulado *Barco sin luces* e publicado postumamente, reflexiona sobre esta figura, da que di que a historia literaria se ten esquecido inxustamente. Deste volume sinala que contén dous prólogos, o orixinal asinado por Dámaso Alonso, e outro da man de Xesús Alonso Montero na edición que o autor do artigo mercou. Tamén fai alusión a un volume do mesmo autor publicado en lingua galega, *Sombra do aire na herba*, do que reproduce o poema “Xogo ruín”.

_____, “Que non nos enganen”, *La Región*, “Opinión”, 23 outubro 2019, p. 30.

Indica que, pese a ser mércores, día no que normalmente escribe sobre poetas, desta volta, vai tratar outros temas, pero que, en todo caso, as palabras van ser as protagonistas. A

este respecto fai alusión a Rosalía e a Castelao para explicar como algúns dos seus versos ou mesmo poemas enteiros foron incorporados ao acervo cultural popular. Nesta liña pregunta, retoricamente: “quen de nós non escoitamos dicir algunha vez aquilo de cousas da vida, por Castelao? ou Quen non ten falado das viúvas de vivos?”.

_____, “Xa me gustaría o da pensionciña”, *La Región*, “Opini3n”, 17 novembro 2019, p. 36.

A propósito dunha pregunta inc3moda que lle fixo un amigo sobre unha suposta pens3n vitalicia que o autor do artigo deb3a cobrar por ter sido deputado no Parlamento do artigo, sinalase as3 mesmo como o “ex de todo”. A continuaci3n fai alusi3n 3s distintas instituci3ns das que formou parte e das que dimitiu do seu cargo, nomeadamente a AELG, que el mesmo axudara a fundar xunto ao poeta Peixeigueiro; ou a Fundaci3n Rosal3a de Castro, 3 que chegou impulsado por Agust3n Sixto Seco.

_____, “Flores, sentimentos e poemas”, *El Correo Gallego*, “Opini3n”, “Os outros d3as”, 1 decembro 2019, p. 26.

Loa a exposici3n inaugurada no Pazo da Peregrina de Bertamir3ns, na que se recollen varias fotograf3as sobre plantas e flores do fot3grafo Juan Se3nor3s. As3 mesmo, sinala que o material gr3fico vai acompañado de versos que dialogan con cada unha das imaxes. Entre os poemas recollidos na mostra fai especial fincap3 nun de Charo Pita, do que reproduce alg3ns dos seus versos e que rezan as3: “Ante a ameaza do esquecemento s3 as flores se rebelan”.

_____, “En pol3tica fan falla hienas”, *El Correo Gallego*, “Opini3n”, “Las p3ginas y las horas”, 20 decembro 2019, p. 39.

Nun artigo no que reflexiona sobre os distintos perf3s de pol3ticos fala da divinizaci3n de certas figuras ao longo da historia, para afirmar que o ser humano pode ser un anxo e un demo, e que mesmo os demos son anxos vidos a menos, transmutados por causa da soberbia cando non da ambici3n. Neste entramado cita a Vicente Risco, de quen di que sab3a moito a este respecto e fai alusi3n a un libro deste autor, que el xa non vai poder recuperar porque o deixou esquecido nunha “administraci3n”, no que Risco establece categor3as dos anxos; a saber, anxos, arcanxos, seraf3ns, querub3ns, tronos, dominaci3ns e potestades.

Copa S3nchez, Remedios, “Una mirada a Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&An3lisis”, “Qu3 s3 yo”, 10 maio 2019, p. 24.

Reflexiona sobre a existencia dos nacionalismos e sobre o car3cter cultural ou pol3tico que estes poden profesar. No tocante ao nacionalismo galego con arraigo cultural, destaca o papel dos premios literarios ou da celebraci3n do D3a das Letras Galegas. Tam3n alude 3 figura de Rosal3a de Castro como representante da vital importancia da muller na cultura e a sociedade galega.

Cora, Jos3 de, “Alc3ntara”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n”, p. 19/ *El Progreso*, “Opini3n&An3lisis”, p. 21, “El punto je”, 19 abril 2019.

Destaca a figura de Manuel Alcántara, famoso poeta e columnista de opinión. A propósito desta última faceta fai alusión ao poeta, novelista e dramaturgo galego Manuel Amor Meilán.

_____, “33 anos sen Ánxel Fole”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “El álbum de los lucenses”, 21 xullo 2019, p. 16.

A propósito do 33º cabodano de Ánxel Fole, reproduce unha conversa que el mesmo inventara cando, no ano 1997, se lle adicou ao autor lucense o Día das Letras Galegas.

_____, “La precoz académica Luz Pozo Garza”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “El álbum de los lucenses”, 21 xullo 2019, p. 16.

Co gallo do aniversario da escritora Luz Pozo Garza comenta que tanto ela como o seu irmán foron, xa na infancia, uns ávidos consumidores de radio e con 15 anos Luz xa era colaboradora de Radio Lugo, da que é un dos piares da emisión infantil. Este dato sèrvelle para manifestar a idea de que Luz Pozo foi unha nena precoz, pero tamén sinala que foi unha adulta precoz porque antes de facer os trinta, con dous libros publicados, un en castelán, *Ánfora*, e outro en galego, *O paxaro na boca*, xa é acollida como correspondente pola Real Academia Galega, o que constitúe un récord de rapidez sen parangón. Finaliza sinalando que a precocidade de Luz se observa tamén á hora de recibir homenaxes, posto que os seus libros e a súa condición de académica lle valen para que aos 29 anos reciba o primeiro deles en Ribadeo.

_____, “O personaxe que se lle escapou a Cunqueiro”, *El Progreso*, “El álbum de los lucenses”, 7 agosto 2019, p. 56.

Artigo sobre Manolo Montero, o Merlín de Mondoñedo, que lles fala aos mindonienses sobre as fantásticas historias de Álvaro Cunqueiro. Indica que Manuel María lle dedicou uns fermosos versos; Darío Xohán tamén falou ben del e que logo Requeixo, Reigosa e Piñeiro encheron Mondoñedo do universo cunqueirán.

_____, “Lorenzo Varela, Seoane e Celso Emilio nunha mesma morte”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “El álbum de los lucenses”, 11 agosto 2019, p. 16.

Co gallo do centenario da chegada ao mundo de Lorenzo Varela reconece o acerto de Antón Lopo cando di que o escritor nace e morre en tránsito, pois se o nacemento ocorre a bordo do vapor transatlántico *La Navarre*, a morte vén buscalo nunha ambulancia que percorre as rúas de Madrid na procura dunha salvación imposible. Continúa con esta metáfora sinalando que Varela foi un Ulises entre dúas sereas, a do mar das Antillas e a do vehículo de Urxencias que levaba polas rúas madrileñas a mañá do 25 de novembro de 1978. Pero é que incide en que as sereas simbólicas e as reais foron unha constante na vida de Lorenzo Varela, mesmo para as persoas que tiña ao seu redor, establecendo unha liña temporal que relaciona as mortes do propio Varela, a de Celso Emilio e a de Luís Seoane. Desta forma sinala que Celso Emilio morre o 31 de agosto de 1979, antes do primeiro cabodano de Lorenzo, e as penúltimas liñas que escribe na súa vida o poeta de Celanova foron para crear un pequeno artigo en castelán titulado *Homaxe de Lorenzo Varela*, e nel Celso Emilio conta como é que Luis Seoane preparaba na Coruña o deseño dun libro así chamado, como homenaxe ao seu amigo e compañeiro de emigración

Lorenzo Varela, falecido nove meses antes, cando o propio Seoane é visitado pola Parca, feito que ocorre o 5 de abril dese mesmo ano.

_____, “Pastor Díaz y los juegos con palabras”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “El álbum de los lucenses”, 15 setembro 2019, p. 16.

No 208 centenario do nacemento do poeta e político viveirense Nicomedes Pastor Díaz o autor do artigo fai alusión a algúns escritores e intelectuais que fixeron achegas a respecto desta figura, nomeadamente Francisco Leal Insua, Cunqueiro, Silvia Castro García, María Pilar García Negro, Amelia Sánchez, Goretti Sanmartín e Jesús Blanco. Tamén critica a quen non é capaz de velo o suficientemente galego como para dedicarlle o Día das Letras Galegas. Finalmente conta un anécdota de cando, no 1848, sendo Nicomedes reitor da Universidade de Madrid, coincidiu con Emilio Castelar, Cánovas del Castillo e Alcalá Galiano.

_____, “Os Pelúdez recomendados por Noriega Varela”, *El Progreso*, “El álbum de los lucenses”, 27 outubro 2019, p. 16.

Artigo sobre Noriega Varela, con motivo do 150 aniversario do nacemento do poeta.

_____, “La biografía fantástica de Pallares Gayoso”, *El Progreso*, “El álbum de los lucenses”, 7 novembro 2019, p. 64.

A propósito do 351 cabodano de Juan Pallares Gayoso (Lugo, 1614-1668) fai alusión á edición facsimilar da súa obra *Argos Divina*, publicada pola editorial Alvarellos. Tamén relata como se produciu o achado do manuscrito por parte de Xosé Fernando Filgueira Valverde nun baúl perdido dunha vella casa de Pontevedra en maio de 1962.

_____, “Veladoira, autor de poesía en gallego, un chotis y dos tangos”, *El Progreso*, “El álbum de los lucenses”, 23 decembro 2019, p. 92.

Comenta os feitos acontecidos en decembro de 1931 arredor do sorteo de Nadal da Lotería Nacional, posto que o Gordo non daba saído e que, cando por fin o fixo, resultou ir para un número que non fora vendido. Isto supuxo que os cartos destinados a este premio pasasen a formar parte do erario público e que as protestas se desen de forma inmediata. Neste entramado comenta que o Ministro de Facenda daquela altura, Jaime Carner Romeu, se alegrou deste feito e que o único que apoiou publicamente a postura do Ministro foi o industrial Constantino Vázquez Abelleira (Outeiro de Rei, 1901), un home de dereitas e pouco afin á República, que nace na parroquia de San Fiz de Paz, vive en Madrid, e escribe poesía en galego baixo o pseudónimo de Veladoira. A respecto de Constantino indica que publicou *Cousas e contos de por aló*, (Madrid, 1936), un conxunto de poemas que constrúe con pluma propia e allea, e que son de difícil clasificación.

Costa, Antonio, “Sueños chinos”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 172, 24 febreiro 2019, p. 6.

Recolle un artigo no que relaciona a literatura co mundo onírico, con especial interese no mundo oriental, sobre todo na cultura chinesa. Desta forma afirma que a literatura se nutre de soños e que os chineses tiveron o taoísmo e nel se basearon todos os soños da literatura

e da pintura. Pon o exemplo do poema ‘No xardín dos pimenteiros’, no que Wang Wei soñou que coa flor da canela atraía ás princesa e que co pó da pementa sobre unha alfombra de xade facía que as deusas baixaran das nubes. Compara esta atracción das deusas chinesas pola pementa e a boa comida cos mortos de Álvaro Cunqueiro.

Costa, Xoán, “A man da santiña fai cen anos”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “Opini3n”, “A ollo nu”, 3 xaneiro 2019, p. 4.

Informa de que no n3mero 77 do bolet3n *A Nosa Terra*, correspondente ao 6 de xaneiro de 1919, se publicou por vez primeira unha referencia 3 obra de Cabanillas *A man da Santiña*, na que se describe a esta peza como un af3n de facer teatro galego en base a utilizar unha f3bula moderna que atenda 3 diginificaci3n necesaria do idioma galego.

_____, “O l3strego”, *Sermos Galiza*, n.º 329, “Opini3n”, “A ollo nu”, 10 xaneiro 2019, p. 4.

Artigo sobre *O l3strego*, obra da autor3a de Xavier Soto Valenzuela, estreada en Vigo polo cadro da Xuventida Art3stica. Dous anos despois desta estrea, o autor, xunto con Manuel Antonio, escribiu o manifesto *Terra Ceibe* en resposta 3 negativa do Concello de Vigo a exhibir a bandeira galega. O autor finou en 1936, sendo fusilado ao ser acusado de rebeli3n.

_____, “Proezas”, *Sermos Galiza*, n.º 339, “Opini3n”, “A ollo nu”, 21 marzo 2019, p. 4.

Lembra o nacemento o 17 de marzo de 1779 de Manuel Mar3a de Vila, que durante m3is de 30 anos desenvolveu traballo de impresor e Santiago de Compostela, A Coru3a e Pontevedra. Destaca como “exemplo de literatura funcional” a publicaci3n *Proezas de Galicia*, a primeira obra do autor Jos3 Fern3ndez Neira impresa en galego no 1810, que sa3u do prelo na s3a imprenta situada no n3mero tres da r3a da Barreira da Coru3a.

_____, “Dorinda Rodr3guez”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “Opini3n”, “A ollo nu”, 19 setembro 2019, p. 4.

D3 conta da carreira art3stica da actriz Dorinda Garc3a, informando das xiras que realizou pola Pen3nsula e Lationam3rica. Nesta li3a faise eco da s3a participaci3n, por unha parte, na velada literario-musical na honra de Rosal3a o 25 de marzo de 1886 na Habana, e no acto patri3tico celebrado o 25 de xullo de 1894 tam3n na Habana, onde leu o poema “Pola Uni3n” de Curros Enr3quez.

_____, “Carvalho Calero, o meni3o poeta”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “Opini3n”, “A ollo nu”, 17 outubro 2019, p. 4.

Anuncia que as primeiras referencias na prensa a Carvalho Calero como poeta aparecen en 1926 en *El Correo Gallego* cando el ti3a 15 anos, sinalando o nome das composici3ns e indicando que todas elas son textos en castel3n. As3 mesmo comenta que no ano seguinte o escritor ferrol3n xa comp3n poemas en galego.

_____, “Primeiro texto en galego de Rosal3a”, *Sermos Galiza*, n.º 373, “Opini3n”, “A ollo nu”, 21 novembro 2019, p. 4.

Informa de que o poema “Adiós ríos, adiós fontes”, alén de ser un dos textos máis coñecidos de Rosalía de Castro, foi o primeiro que esta publicou en lingua galega. Especifica que isto aconteceu o 24 de novembro de 1861 e que o fixo baixo un título distinto. A partir de aí resume, moi brevemente, os distintos cambios que sufriu o poema nas súas distintas reedicións.

_____, “RAG, primeiro discurso en galego”, *Sermos Galiza*, n.º 376, “Opinión”, “A ollo nu”, 12 decembro 2019, p. 4.

Recolle datos sobre o primeiro discurso dado en galego por un membro recentemente ingresado na Real Academia Galega. Trátase do texto verbalizado por Amador Montenegro Saavedra o 13 de decembro de 1909 no Ateneo León XIII e que leva por título “Alma d’a Poesía Gallega”. Así mesmo, dá conta da traxectoria literaria e académica de Montenegro, informando de que fundou a revista *A Monteira* e que a súa primeira obra poética responde ao título de *Muxenas*.

Costas, Leticia, “Oxalá rebentásemos a burbulla do galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 8 febreiro 2019, p. 8.

Recolle reflexións e impresións sobre o fenómeno de verter textos literarios do galego ao español dende a perspectiva dunha escritora galega e afirma que esta dirección de tradución é escasa e unha dura tarefa.

Cota, Rodrigo, “Breogán”, *El Progreso/ Diario de Pontevedra*, “ReviSta”, “Galicia histórica”, 18 maio 2019, p. 13.

Reflexiona sobre os mitos fundacionais da nación galega, nomeadamente o de Breogán e o do Apóstolo Santiago e a Raíña Lupa, tratando de aportar datos, corroborados e documentados sobre a verdadeira existencia do guerreiro galego Breogán e de como este fundou a nación irlandesa. Neste entramado fai alusión ao Himno Galego, construído a partir do poema “Os Pinos” o bardo Eduardo Pondal.

_____, “La primera poeta gallega”, *Diario de Pontevedra*, “ReviSta!”, n.º 971, p. 5/ *El Progreso*, “Revista”, p. 12, “Galicia histórica”, 20 xullo 2019.

Recolle algunhas notas sobre a situación da lingua e da literatura galegas durante os chamados “Séculos Escuros”, durante os cales a publicación neste idioma estaba prohibida. Relaciona isto co feito de que, desa época, apenas existan textos literarios en galego, pero matiza que sempre se atopan excepcións. Este é o caso de Isabel de Castro y Andrade, condesa de Altamira, descendente dos Osorio, condes de Lemos e dos Andrade, e que figura como a primeira escritora en lingua galega. A respecto desta figura lamenta que a historia literaria renegue dela e a ignore sistematicamente e reproduce o único poema en galego desta autora que se ten recuperado.

Dacal, Iván, “Un ‘Ulises’ para facer país”, *La Región*, “Agenda”, “Cultura”, 11 maio 2019, p. 22.

Co gallo da presentación do exemplar de *Ulises* (1922) que pertenceu a Otero Pedrayo por parte da Fundación que leva o nome do autor no Liceo de Ourense, recolle algunhas reflexións de Pablo Sánchez Ferro, director do Arquivo Provincial de Ourense, quen asegura que se trata dunha peza de moito valor simbólico tanto para a Fundación como para a cultura galega. Ademais, sinala que Otero Pedrayo fixo unha tradución parcial desta obra no ano 1926 e que, aínda que no 2013 se publicou a tradución completa de *Ulises* en galego, o Consello da Cultura Galega incorporou no 2016 o exemplar de Otero Pedrayo na exposición ‘100 obxectos para contar unha cultura’.

Díaz, Caetano, “Sen Alicia na Galicia das marabillas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 13 xaneiro 2019, p. 6.

Fai alusión a Castelao e a Bóveda a propósito da alusión a unha entrevista a Teresa Táboada, arquitecta, exconselleira e exparlamentaria do BNG, na que esta, falando das necesidades de Galicia, avisa de que xa non serven as respostas que deron Castelao ou Bóveda, e de que os galegos demandan proxectos que miren cara ao futuro.

_____, “Francisco Rodríguez”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “Sic Transit Gloria Mundi”, 3 marzo 2019, p. 6.

Recolle algunhas declaracións do ex-representate político Francisco Rodríguez sobre Rosalía de Castro, tiradas dunha entrevista con Carlos Callón. Deste último comenta que é o autor de *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* e de *O retorno de Rosalía*.

_____, “A utopía (máxica) do Mohicano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “A Xesús Couceiro, libreiro, galeguista e activista cultural”, 10 marzo 2019, p. 6.

Loa o traballo e a traxectoria vital de Xesús Couceiro dono e xestor da librería compostelá Couceiro, ubicada na praza de Cervantes. Destaca o seu papel, máis alá de vendedor de libros, como activista cultural e galeguista e agradece o seu forte compromiso coa promoción da literatura galega durante cinco décadas. Neste entramado fai referencia a Rosalía, Castelao e Cunqueiro.

_____, “Xosé Luís Axeitos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “Sic Transit Gloria Mundi”, 9 xuño 2019, p. 6.

Sobre o bilingüismo, recolle declaracións de Xosé Luís Axeitos e Valentín García.

_____, “Esas cousas da Galicia insólita”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 23 xuño 2019, p. 6.

Faise eco das proposta para dedicarlle o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero. Afirmo que vivimos nunha Galicia insólita na que ocorren acontecementos que nin Cunqueiro imaxinou nos seus mundos de *Merlín e Familia*, como o feito de que quen puxo atrancos á súa candidatura, manobre agora para levar un mérito que ten que ser de todos. Increpa a Víctor F. Freixanes pola apropiación do polígrafo cando hai un ano que se vetou a súa candidatura.

_____, “Fugaces fogos de artificio sobre o galego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “A Valentín García, secretario xeral de política lingüística”, 6 outubro 2019, p. 6.

Escribe unha carta pública dirixida a Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, co gallo do último informe da situación do galego feito polo Consello da Cultura Galega que verte datos sobre a preocupante tendencia á desgaleguización da xuventude. Na alusión ao secretario de Política Lingüística sinala a responsabilidade deste neste contexto e implóralle que asuma compromisos para revertela. Neste afán, refírese a Rosalía, Castelao e Carvalho Calero como farois que lle iluminen o camiño a Valentín.

_____, “Cainismo cultural na era ‘Black Mirror’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “A Manuel Rivas, escritor”, 13 outubro 2019, p. 6.

Dedica unha carta ao escritor Manuel Rivas na que loa o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas, así como a súa traxectoria coherente e impecable. Resalta a súa capacidade de autocrítica para alertar sobre os efectos tóxicos dun cainismo que, segundo el, impide que a sociedade e as institucións galegas se poñan de acordo nunha grande alianza pola cultura e a lingua do país e alude a Rosalía e a Castelao como grandes referentes dese compromiso co idioma.

_____, “Ramón Villares”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, “Sic transit gloria mundi”, 24 novembro 2019, p. 6.

Escribe unha carta ao historiador Ramón Villares co gallo de que este ande promocionando o seu libro *Galicia. Una nación entre dos mundos* (Pasado y Presente, 2019) na que lle sinala o acertado das expresións “nación cultural” e “galego resistente”, conceptos que, á súa vez, relaciona cos versos “Galicia era unha praia branca. Até que chegamos nós en azul e diagonal” de Antón Reixa.

Diéguez, Tito, “Rosalía, unha estrela”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 21 decembro 2019, p. 24/ *El Progreso*, “Opinión”, 20 decembro 2019, p. 36, “Entre dous”.

Comeza dicindo que Rosalía é unha estrela que está a 240 anos luz, en tanto que, tras unha intensa campaña, conseguiu darlle o nome da máis universal das escritoras galegas á estrela HD 149143, e ao tempo nomear ao seu exoplaneta HD 146143b como Río Sar, como unha das súas obras senlleiras xunto con *Cantares gallegos* e *Follas novas*.

Dobarro, Xosé María, “Intereses”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 17 febreiro 2019, p. 18.

Recolle unha crónica dos primeiros chanzos dados polo xornal *El Heraldo Gallego*, do que di que se publicou en Ourense o 1 de xaneiro de 1874 da man de Valentín Lamas Carvajal.

_____, “Cabodano”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 10 marzo 2019, p. 18.

No Día da Clase Obreira Galega lembra a Amador e Daniel, sindicalistas ferroláns asasinados pola policía franquista durante unha protesta nos estaleiros de Bazán o 10 de marzo de 1972. Nesta liña reproduce os versos que os poetas Uxío Novoneyra e Manuel María compuxeron na honra destes dous loitadores polos dereitos da clase traballadora.

_____, “Cabodano”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Entrebillando”, 22 marzo 2019, p. 17.

A propósito do 16 cabodano de Luís Tobío alude ao feito de que este intelectual foi o artífice, xunto a Carvalho Calero, do primeiro anteproxecto de Estatuto de Galicia. Tamén menciona a autobiografía feita polo propio Tobío baixo o título *As décadas de T. L.* (1994), onde alude ao poeta ferrolán.

_____, “Amical reencontro”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 19 maio 2019, p. 18.

Conta como sucedeu o reencontro cun vello amigo, Miguel A. Montes, coñecido como Miki Nervio da banda de blues Miki Nervio & The Bluesmaker. Co gallo deste encontro alude á faceta poética deste músico; é así que sinala que participou das actividades do grupo poético Ronseltz con Xoán C. Rodríguez, Manuel Cortés e Serxio Iglesias, e que Edicións Positivas publicou a súa obra *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994), obra que se reeditou en 2014.

_____, “De letras e de fútbol”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 23 xuño 2019, p. 16.

Comeza aludindo ao feito de que a Real Academia Galega tivo a ben dedicarlle o Día das Letras Galegas a don Ricardo Carvalho Calero, de quen di que foi unha persoa á que admirou e quixo. Pero centra o tema do artigo para falar de fútbol, e di que son varios os académicos cos que ten falado deste asunto, entre eles Manuel Rivas, de quen fai referencia á novela negra *Todo ben* (1985 e 2010), que desenvolve unha historia inmersa no mundo do fútbol.

_____, “Unha pincelada de Carvalho Calero sobre a Cataluña de 1935”, *El Ideal*, “Opinión”, 27 outubro 2019, p. 18.

Lembra dous escritos que recuperou de Ricardo Carvalho Calero. Un deles está relacionado con Miguel de Unamuno e o segundo trátase da nota informativa titulada “Izquierda Republicana y Galleguista conmemoran conjuntamente el catorce de abril”, publicado no número 4 na revista *Ser. Seminario Gallego de Izquierdas*.

Dopico Vale, Julia M^a, “Durán en la Grammophon”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 28 abril 2019, p. 14.

Informa de que a música do compositor Juan Durán xa forma parte do catálogo universal único do ‘selo amarelo’, pertencente á discográfica alemá especializada en música clásica Deutsche Grammophon Records, a máis antiga do mundo. Sinala, ademais, que se inclúen arranxos de dous temas galegos, “Lela”, a canción incluída na obra teatral de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*; e o popular “Galopín”.

_____, “No bico un cantar”, *Dario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 2 xuño 2019, p. 13.

Informa de que o primeiro venres de xuño se celebra a edición anual de “No Bico un Cantar”, un proxecto que xorde por iniciativa do Consello da Cultura Galega, a Consellería de Turismo e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e que reúne a crianzas integrantes dos coros dos Conservatorios Profesionais de Galicia. Sinala ademais que este é un evento no que se funden música e poesía, o culto e o popular, historia e contemporaneidade a través das voces que infiren actualidade á expresión da tradición musical galega.

Enríquez, Rosa, “Trinta lumes”, *La Región*, “Opinión”, 14 febreiro 2019, p. 30.

Fai alusión ao volume *O libro dos lugares* de Antonio Patiño e a Uxío Novoneyra nunha recensión sobre o filme *Trinta lumes*, dirixido e producido por Diana Toucedo.

_____, “Escrito en sombras”, *La Región*, “Opinión”, 4 xullo 2019, p. 38.

Comeza reproducindo unha das citas que Luz Pichel emprega ao inicio do seu libro *Tra(n)shumancias* (Eme, 2015) e continúa comentando que lle pareceu un libro interesante, potente en contido e forma e no que a man da autora explora o pracer textual que calquera análise filolóxica rompería no seu afán de practicar a entomoloxía literaria. Máis tarde explica a diferenza que estableceu Roland Barthes entre a escrita “canónica” e a que xorde da “jouissance”, e di que considera que *Tra(n)shumancias* é un libro escrito dende esa “jouissance du texte”. Tamén matiza que neste poemario podemos atopar textos escritos integramente en castelán; outros feitos en galego; moitos máis híbridos, que navegan en diferentes idiomas, latín incluído, con trazos da fala, da oralidade, e mesmo con palabras que non existen. Finaliza reproducindo algúns versos tirados deste volume.

Estévez, Xerardo, “Alcalde paseado, alcalde fusilado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 31 agosto 2019, p. 15.

Reflexiona sobre o paseo e posterior fusilamento que sufriron dous alcaldes composteláns, nomeadamente Ánxel Casal e José Germán Fernández, durante os primeiros meses do levantamento fascistas de 1936. Do primeiro destaca, ademais da súa entrega á democracia e á causa republicana, o seu papel como editor comprometido de libros en lingua galega.

Estévez-Sáa, José Manuel, “A hombros de Fernández Albor”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 4 febreiro 2019, p. 3.

Informa da celebración dun acto de homenaxe a Xerardo Fernández Albor no Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela no que participaron distintas figuras dos eidos político e cultural. Fai especial mención da participación do presidente de Galaxia, Antón Vidal Andión, quen presentou o ensaio *Xerardo Fernández Albor e o seu tempo, cen anos dun presidente* (2018).

Ferradáns, Miriam, “Unha nao no tempo”, *Sermos Galiza*, n.º 377, “fóradeserie”, “Palabras de fume”, 19 decembro 2019, p. 2.

Reproduce os versos “Non ten claves da miña casa/ pero forma parte de min” de Luis García Montero e “Mais o lume que alampea, xamais o veredes morto” de Celso Emilio Ferreiro nun artigo no que recolle unha breve reflexión sobre o derradeiro concerto da banda galega Nao así como do papel deste grupo na historia da música galega.

Freixanes, Víctor F., “Luces en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 20 xaneiro 2019, p. 17.

Recolle unha breve recensión do contido de *Alba de Groria* de Castelaio a propósito da súa presentación en Bos Aires por parte do Consello da Cultura Galega. Tamén informa de que o Concello de Santiago vén de salientar seis nomes de referencia na cultura galega vencellados á capital galega, Federico García Lorca, Ánxel Casal, Xohana Torres, Benedicto García, Bibiano Moron e Begoña Caamaño.

_____, “Venezuela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 11 febreiro 2019, p. 12.

Reflexiona sobre o papel de Venezuela como destino maioritario da emigración galega nas décadas dos cincuenta e dos sesenta do pasado século a propósito da actual situación de convulsión sociopolítica que vive este país. É así que recolle unha longa lista de personalidades que nalgún momento radicaron neste país, nomeadamente Silvio Santiago, autor da novela *O silencio redimido*, Celso Emilio Ferreiro, a poeta Pura Vázquez, Fluxo Sexto ou Eduardo Blanco-Amor entre outros.

_____, “Rosalía, sempre”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 24 febreiro 2019, p. 19.

Aproveita a efeméride do nacemento de Rosalía de Castro para esclarecer certos aspectos que teñen que ver cos primeiros anos de vida da escritora. Trata de desmitificar a idea de que Rosalía foi unha orfa desamparada e abandonada pola nai, e refórzase nas investigacións levadas a cabo por María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda nesta liña. Tamén aproveita a ocasión para destacar as outras dúas datas de obrigada referencia na biografía da poeta, a da publicación de *Cantares gallegos* e a do seu pasamento e posterior traslado dos seus restos ao Panteón de Galegos Iustres.

_____, “Mulleres para mudar a historia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 10 marzo 2019, p. 17.

Reflexiona sobre as conquistas históricas do feminismo ao mesmo tempo que sinala todo o traballo que aínda queda por facer para acabar co patriarcado. Nesta liña fai alusión a tres mulleres galegas pioneiras neste campo e revolucionarias na súa forma de pensar, actuar e escribir, nomeadamente Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal.

_____, “Luis Seoane”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 31 marzo 2019, p. 17.

A propósito da homenaxe a Luis Seoane no Día das Artes Galegas por parte da Real Academia Galega de Belas Artes, repasa a súa traxectoria vital, destacando o seu carácter polifacético e multidisciplinar, o peso da súa figura na diáspora porteña e o gran labor desenvolvido na súa volta a Galicia coa fundación do Laboratorio de Formas de Sargadelos.

_____, “Unha parella de feito”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 7 abril 2019, p. 17.

Informa da celebración dun concerto de Amancio Prada o día 2 de abril no que este estreou un novo tema con letra de Rosalía de Castro: “Nasín cando as prantas nasen / no mes das froles nasín...”, poema que, co seseo popular das rías, Rosalía publica en *Cantares gallegos* (1863). Co gallo deste evento repasa as distintas versións de poemas de Rosalía que adaptou Amancio Prada dende aquel disco dedicado enteiraamente á autora en 1975. Finaliza o artigo sinalando que a obra de Rosalía de Castro é unha das grandes fontes de inspiración da música galega dende as primeiras baladas románticas do século XIX, como a *Negra sombra* de Xoán Montes.

_____, “Primavera na Maía”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 28 abril 2019, p. 13.

Reflexiona sobre os valores asociados ao cuco na cultura popular galega e comeza afirmando que el, e os veciños aos que preguntou, aínda non o escoitaron cantar na chegada desta primavera. Neste entramado fai alusión a que Cunqueiro, coñecedor de todo este significado lendario, manifestaban unha fonda preocupación por todo o que tiña que ver con esta cuestión.

_____, “Galegos no Brasil”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 16 xuño 2019, p. 27.

Analiza o fenómeno da emigración galega durante o primeiro terzo do século XX e comenta que nese período Latinoamérica era o destino por excelencia e que, entre eles, Brasil era o punto de chegada predilecto. Neste entramado reproduce os versos dunha cantiga popular galega na que se reflicte esta querencia por terras brasileiras de forma clara. Finaliza o artigo comentando que Valentín Paz Andrade investigou sobre a pegada galega na literatura da brasileira Guimarães Rosa.

_____, “Luz para luz”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 30 xuño 2019, p. 27.

Comenta algúns datos sobre a concesión das Medallas Castelao do ano 2019 e continúa sinalando que a AELG vén de recoñecer á poeta Pilar Pallarés co título de Escritora na súa terra. Falando de premios tamén apunta que a Fundación Otero Pedrayo entregou a súa distinción máis sobranceira (o Premio Trasalba) á poeta Luz Pozo Garza e prosegue vertendo algunhas consideracións sobre esta figura tan singular das letras galegas. Desta forma amenta o poemario *Pazo de Tor* (Alvarellos, 2018) ao que lle escribiu o limiar e comenta que a voz profunda de Rosalía latexa neses versos. Finaliza o artigo apuntando

algunhas consideracións sobre o feito poético, que entende como o xénero máis esixente da literatura.

_____, “A patria de todos”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 4.

Comenta que ten diante súa a edición do discurso *Alba de Gloria* de Castelao que preparou o Consello da Cultura Galega para acompañar a exposición que circula por Galicia arredor da significación do discurso que o de Rianxo pronunciou o 25 de xullo de 1948, Día de Galicia ou Día da Patria Galega, no teatro Argentino de Buenos Aires. Continúa reflexionando sobre o proceso de edición desta nova versión por parte de Henrique Monteagudo, pero tamén sobre a xénese e o contido do orixinal. Finaliza achegando as súas propias reflexións sobre o que significa para el a ‘Patria Galega’ ou como entende o futuro de Galicia e do pobo galego.

_____, “Memoria do tío Joaquín”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 18 agosto 2019, p. 13.

Recrea a peripecia vital do seu tío Joaquín, a quen, unha mañá de agosto de 1936, levaron da súa casa e fusilaron, deixando o seu corpo sen vida tirado nunha cuneta. Comenta que esta é unha historia familiar da que pouco se falaba na casa e sobre a que el nunca escribira, pero que, co gallo do Día da Galiza Mártir, entende necesario e un acto de xustiza reivindicalo. Neste contexto amenta as obras *Cabalo de ouros* (Galaxia, 2011) da súa propia autoría e *Crónicas dun tempo escondido* (Galaxia, 2014) de Sabino Torres por tratar, intra ou extratextualmente, o tema da represión franquista.

_____, “Vendima no Salnés”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 6 outubro 2019, p. 16.

Dá conta do inicio da vendima nas terras do Salnés e aporta algúns datos que explican a importancia da produción nesta zona para o conxunto de toda a industria vitivinícola de Galicia. Así mesmo sinala que a variedade de uva branca predominante no Salnés é o albariño, pero que tamén se cultivan a treixadura, o loureiro e o caíño branco, e dos tintos amenta o caíño, o torrentés e o espadeiro, comentando que este último foi poetizado por Ramón Cabanillas.

_____, “Edición bilingüe de ‘Alba de Groria’”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 13 outubro 2019, p. 16.

Comenta que o día 7 de outubro a Euskaltzaindia (Real Academia da Lingua Vasca) cumpriu cen anos e que con este motivo se celebrou un acto no que participaron tres académicos galegos, entre eles o autor do artigo. Así mesmo informa de que, nun acto de deferencia cara aos protagonistas do evento, quixeron agasallalos presentando un documento singular e moi pouco coñecido: a edición bilingüe (galego-éuscaro) do discurso *Alba de Groria*, que en 1951, prepararon os exiliados vascos na capital argentina. Continúa sinalando que a orixe deste documento é incerta e verte algo de luz sobre algunhas das persoas que puideron estar implicadas, nomeadamente Severino Gorriarán de ‘Boinas Euzkadi’. Finaliza reproducindo a dedicatoria que os editores escriben (en galego e en éuscaro) a Castelao.

Falcón, Pilar, “Apuntar al corazón”, *El Progreso*, “Vivir”, “Sociedad”, 17 xaneiro 2019, p. 40/*El Correo Gallego*, “Opinión”, “Días y Coplas”, 22 xaneiro 2019, p. 2/ *La Región*, “Opinión”, “Días y Coplas”, 18 xaneiro 2019, p. 29.

Reflexiona sobre o discurso *Alba de Groria* de Castelao, destacando o seu papel como precursor da consolidación dun discurso nacional e a calidade no plano da dicción e da técnica. Tamén resalta a boa oratoria do intelectual rianxeiro e lamenta que esta non estea presente nos centros de ensino, resaltando así mesmo as características que debe ter un bo orador.

_____, “Los fenicios piden competencias”, *La Región*, “Opinión”, 1 febrero 2019, p. 33.

A propósito da celebración da Feira Internacional de Turismo (Fitur) reflexiona arredor da gran oferta turística que ofrece un territorio como Galicia e defíneo como a comunidade autónoma que viu nacer a Rosalía, Valle Inclán, Cela, Torrente Ballester e Álvaro Cunqueiro.

_____, “Adiós ríos, adiós fontes”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p.28/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 39, 28 agosto 2019/ *El Correo Gallego*, “Opinión”, 31 agosto 2019, p. 2, “Días y coplas”.

Reflexiona sobre as consecuencias que está tendo na natureza a acción humana e como o cambio climática se emprega para xustificar que estamos acabando co planeta. Neste contexto, céntrase na destrución dos recursos naturais de Galicia e utiliza o verso “adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro como metáfora do aniquilamento dos ecosistemas fluviais. Desta forma, fala de que Galicia, bautizada por Otero Pedrayo como a terra dos mil ríos, sufriu un verdadeiro proceso de desmantelamento ao taparse fontes, destruírse lavadoiros, deixar salvaxes os ríos, botarlles lixo ou, simplemente, cubrilos con terra para prolongar anchos de camiños. Finaliza apelando directamente a Rosalía para dicirlle que o seu “adiós” é hoxe sinónimo da imposibilidade de volver ver o que un día se deixou de querer e coidar.

_____, “Almas de Halloween”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Días y coplas”, 3 novembro, p. 2.

Co gallo da chegada da festa do Samáin (ou Halloween na súa versión americana) reflexiona sobre as orixes desta celebración e comenta a importancia da morte na cultura popular galega, amentando figuras como as meigas, os trasgos, os diaños ou a Santa Compañía. Neste entramado fai alusión ao libro *As crónicas do Sochantre* de Álvaro Cunqueiro por tratar esta temática, pero tamén a nomes como Risco, Castelao, Dieste ou Fole, representantes de toda esa tradición mítica popular.

Feal, Pedro, “...Y Joan Baez cantó ‘Adiós ríos, adiós fontes’”, *El Progreso*, “Opinión”, 31 xullo 2019, p. 21.

Empeza contando como descubriu a figura e a música da artista norteamericana Joan Báez, co gallo da cantante retirouse definitivamente cun concerto no Teatro Real de Madrid ao que o autor do artigo puido asistir. Comenta que o momento máis emotivo do

concerto foi cando sorprendentemente Amancio Prada apareceu en escena e ambos se puxeron a cantar a dúo “Adeus ríos, adeus fontes”. Finaliza matizando que Joan Bález quixera despedirse así, en galego e co poema que máis expresa a dor da partida do emigrante, “a mellor canción”, segundo díxolle a Amancio, sen dúbida para comunicar o seu sentimento polo seu propio adeus.

Feijoo, Juan José, “Formalidad plenaria”, *La Región*, “Opinión”, 21 xuño 2019, p. 30.

Co gallo da celebración das eleccións municipais así como dos procesos de constitución dos distintos gobernos locais, reflexiona como se está levando a cabo isto na provincia de Ourense. Entre os puntos que analiza destacan os enunciados da fórmula de toma de posesión, destacando que os representantes do BNG acataron a Constitución por ‘imperativo legal’ e que engadiron o de defender ‘os dereitos e intereses xerais dos veciños de Ourense, pola memoria de Rosalía, Castelao e Bóveda’.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Certezas de Luís Seoane”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 31 “Madia leva”, 12 xaneiro 2019.

Recolle unha declaración de admiración do poeta Miguel Anxo Fernána Vello ao polifacético Luís Seoane, destacando o seu papel como escritor, pintor, editor e intelectual tanto en Galicia como na diáspora porteña. Tamén fai alusión á publicación dun volume titulado *Certezas Alumeadas* (2018) onde se recollen unha escolma de textos e poemas e tres textos inéditos de Seoane. Remata incluíndo unhas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín a respecto de Luís Seoane, de quen dicía ser o intelectual de esquerdas máis importante co que se cruzou na súa vida.

_____, “O valor da poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/*El Progreso*, “Opinión”, p. 29 “Madia leva”, 2 febreiro 2019.

Faise eco do espectáculo *De abrentes e ocasos*, da compañía Teatro do Atlántico, un recital poético-musical de poesía galega contemporánea. A selección de poetas vai dende Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín e Antón Avilés de Taramancos a Pilar Pallarés, Xosé María Valcárcel, Eva Veiga e Emma Pedreira, entre outros.

_____, “Un novo libro de Beiras”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/*El Progreso*, “Opinión”, p. 35 “Madia leva”, 11 maio 2019.

Co gallo da publicación do volume *Nuredin o taxista e Amedine o pintor. Crónicas e figuracións dun transmundo colonial* (Laivento, 2019) repasa a bibliografía do escritor e político galego Xosé Manuel Beiras. Así mesmo resume e analiza o contido deste ensaio destacando o feito de que se trata dunha narración sobre dúas das sesións do Consello do Foro Social Mundial.

_____, “Lembranza de Eusebio Lorenzo Baleirón”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/*El Progreso*, “Opinión”, p. 21 “Madia leva”, 17 agosto 2019.

Comeza afirmando que Galicia é un país ingrato con moitos dos seus escritores e artistas, especialmente con Carvalho Calero, pois a RAG dedícalle, 30 anos despois do pasamento

do escritor, o Día das Letras Galegas. E continúa falando doutro caso de esquecemento e de desconsideración, desta volta co poeta Eusebio Lorenzo Baleirón, finado no ano 1986 e deixando unha obra poética, composta por tres libros, que ofrece unha calidade pouco común e que se mantén no tempo con toda a súa densidade expresiva e cun alento rítmico e perfección formal que seguen a determinar o gran valor lírico e literario deste autor. Así mesmo sinala que Ánxeles Penas, tradutora ao castelán e antologadora da obra poética de Lorenzo Baleirón, dá fe das intuicións luminosas do poeta e do convencemento de que existe na súa poesía un alfabeto exacto e sagrado co que nomear as cousas. Finaliza comentando que o caso de Baleirón é como o de Avilés de Taramancos, tamén hoxe caído nese ‘silencio cultural’.

_____, “Cousas da vida”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “Madia leva”, 5 outubro 2019.

Reflexiona sobre a obra *Cousas da vida* de Castelao, da que di que contén debuxos e textos asociados que amosan, dende un fondo humor comprometido coa xustiza, a realidade social da Galicia vivida e coñecida polo autor. Continúa dicindo que Castelao abonda na denuncia e na sátira para trasladarnos aspectos de carácter comunitario que retratan perfectamente a existencia e a adopción dunha actitude crítica diante do mundo. Así mesmo, matiza que, en realidade, Castelao levou a cabo unha grande reflexión de carácter ético-filosófico, sabendo ademais que filosofar non deixa de ser un acto subversivo. Finaliza comentando que el se sente confortado imaxinando un encontro entre as *Cousas da vida* de Castelao e o pensamento sociolóxico de Pierre Bourdieu.

_____, “Xosé Luís Méndez Ferrín”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 37, “Madia leva”, 12 outubro 2019.

Comenta que Xosé Luís Méndez Ferrín é candidato permanente ao Premio Nobel de Literatura, tal e como o admite a Academia Sueca, e con este gallo dedica o artigo a facer valoracións da súa escrita. Desta forma sinala que o seu primeiro contacto con Ferrín foi como lector de dous dos seus libros: *Percival e outras historias* (1958) e *Con pólvora e magnolias* (1976), e que dende esas primeiras lecturas comprendeu que este escritor un planeta literario en si mesmo e un mestre radical da beleza corpórea e simbólica da palabra, dono dunha estética fundamente establecida no tempo. Así mesmo afirma que Ferrín é unha das grandes voces literarias do universo europeo contemporáneo e é, xunto con Otero Pedrayo, dos mellores escritores das letras galegas do século XX. Continúa matizando que, alén do literario, Ferrín é recoñecido como un dos máis altos intelectuais galegos, que o adxectivo ‘ferriniano’ xa resulta común no espazo cultural galego e que, cando se alude a Ferrín, non se pode esquecer o seu cariz político, republicano e independentista. Ao longo do artigo amenta as obras *Arraianos* (1991) e *Crónica de nós* (1980).

Fernández, E., “Otero Pedrayo, galego e cidadán do mundo”, *La Región*, “Ourense”, 22 novembro, p. 19.

Informa de que a Fundación Otero Pedrayo vai amosar, na Casa Grande de Cimadevila, en Trasalba, o pasaporte do escritor ourensán que se conserva na Fundación Penzol en Vigo, a través dunha mostra titulada “As viaxes de Otero Pedrayo”, comisionada polo experto na biografía do escritor Adrián Estévez Iglesias. Desta forma aproveita para falar

das viaxes que realizou Otero Pedrayo e da influencia que estas tiveron na súa obra. Apunta tres tipoloxías de viaxes: as que fixo coa familia ou coa súa dona por Europa; a América para visitar á xente da emigración; e a Portugal por cuestións académicas. En canto ás influencias desta a novela *Arredor de si*, na que o personaxe Adrián Solovio fala de sitios polos que pasou el.

Fernández, Elisabet, “Homenaje a Blanco Amor, el ‘gigante literario’ de Auria”, *La Región*, “Ourense”, 24 outubro 2019, p. 10.

Comenta que o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, xunto ao o director da fundación Eduardo Blanco Amor, Luís González Tosar, e a xornalista e membro da fundación, Maribel Outeiriño, presentaron no Pazo Provincial as actividades para a celebración do XLº cabodano do autor de *A esmorga* o 1 de decembro. Desta forma informa que a Fundación Blanco ampliará as tradicionais homenaxes, nomeadamente a entrega do Premio de novela longa ‘Eduardo Blanco Amor’ e a ofrenda floral no cemiterio de San Francisco, coa exposición ‘Pervivencia e actualidade de Eduardo Branco Amor. Debuxos de Siro e mostra bibliográfica de Carlos Laiño’, coa mesa redonda ‘Eduardo Blanco Amor 40 anos despois’ e un congreso internacional.

Fernández, Milagros, “As soidades”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 6 febreiro 2019, p. 2.

Reflexiona sobre a soidade intrínseca á existencia humana e invita a celebrar e gozar deses momentos con nós mesmos, para aprender, pensar e ser libres. Ao mesmo tempo tamén advirte dos perigos do individualismo da sociedade actual e mostrase contraria a esa soidade ou illamento ao que nos abocan as novas tecnoloxías. Finaliza o artigo recuperando uns versos de Celso Emilio Ferreiro que rezan: “non estou isolado, que o corazón vai comigo e con il falo. Estou comigo mesmo”.

Fernández, Xurxo, “Lamprea”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 21 xaneiro 2019, p. 56.

No marco dunha columna gastronómica sobre a lamprea, cítase un fragmento de *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, no que o escritor menciona os xeitos típicos de preparar a lamprea en Galicia (“Toda a Galicia come lamprea, xa dixemos, á bordelesa ou empanada”) e fai referencia á predilección dos romanos por este alimento (“A lamprea era da gula dos señores románs, que aquí en Galicia debéronse dar boas enchentas”).

_____, “Bestiario do Vestiario, por Martiño Suárez”, *El Correo Gallego*, “Arls longa, vita brevis”, 16 febreiro 2019, p. 56.

Informa da publicación do libro *Bestiario do Vestiario. Segundo tempo* de Martiño Suárez, un monográfico sobre os vínculos de distintas personalidades públicas, sobre todo do eido da política, co mundo do deporte.

_____, “María”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 4 marzo 2019, p. 48.

Conta a anécdota de cando fixo por coñecer ao poeta José Ángel Valente cando viu dar unha charla nos primeiros tempos do Centro Galego de Arte Contemporánea e de como este lle preguntou de onde era e de como ao responderlle que era do Carballiño lle contou que nesa vila, na casa de Monxardín, estivera de tertulia, en máis dunha ocasión, con Ramón Otero Pedrayo.

_____, “Montoya”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 6 maio 2019, p. 56.

Informa da publicación dunha novela en castelán de Óscar Montoya, *De otro lugar*, e sinala que a trama principal xira en torno á corrupción policial durante a Transición. Neste contexto para referirse aos tempos pretéritos á Transición, emprega, como sinónimo da ditadura franquista, a metáfora da ‘longa noite de pedra’, tirada do poemario homónimo de Celso Emilio Ferreiro.

Fernández Prieto, Lourenzo, “Castelao como mito e a política”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Mañá empeza hoxe”, 18 xuño 2019, p. 15.

Recolle a celebración do acto de presentación, celebrado no Museo do Pobo Galego, do primeiro tomo da biografía de Castelao elaborada por Miguel Anxo Seoane e comenta que o obxectivo fundamental deste estudo é a desmitificación da figura de Castelao. Neste sentido, continúa o artigo tratando de explicar como se configurou o mito arredor de Castelao e como as súas facetas de artista e escritor quedaron eclipsadas pola súa acción política, convertida nun modelo ideal de compromiso con Galicia.

Ferreiro, Celso, “Homenaje a Cunqueiro y evocación de Picadillo”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde los cantones”, 9 xaneiro 2019, p.20.

Fala da importancia cultural da gastronomía dun país e destaca o carácter da Coruña como cidade gastronómica en permanente actividade. Neste armazón, fai alusión ao feito de que o 28 de decembro reuníronse en Padrón os ' Xantares Cunqueiráns', en honra do insigne mindoniense, e cuxo menú evocou a memoria doutro grande da cocíña, o coruñés Picadillo, ao cumprirse cen anos do seu falecemento.

_____, “Caminos y rutas turísticas del litoral de Galicia”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde los cantones”, 31 maio 2019, p. 23.

Sinala que o Camiño dos Faros e a Ruta dos Faros son as vías turísticas máis valoradas de Galicia polos sendeiristas internacionais e continúa explicando a paisaxe e as características xeográficas que definen os distintos enclaves polos que pasan estas rutas. Finaliza o artigo reproducindo uns versos de Álvaro Cunqueiro nos que o escritor mindoniense fala do mar en termos sentimentais, para explicar que na literatura galega predomina esa expresión e representación emotiva do mar.

Flowers, Margarito, “Párroco ‘rosaliano’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 26 febreiro 2019, p. 56.

Informa de que o párroco de San Fernando de Compostela José María Pintos cedeu as instalacións da súa igrexa para celebrar o concerto de Amancio Prada en homenaxe a Rosalía de Castro.

_____, “Prada canta a Rosalía con la guitarra de Joan Baez”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 3 outubro 2019, p. 56.

Faise eco do concerto co que a artista norteamericana Joan Báez se retirou definitivamente da música, celebrado no Teatro Real de Madrid e comenta que o momento máis emotivo do concerto foi cando sorprendentemente Amancio Prada apareceu en escena e ambos se puxeron a cantar a dúo “Adeus ríos, adeus fontes”.

_____, “Batallán vuelve a la guerra”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 10 decembro 2019, p. 56.

Anuncia que o cantautor Luis Emilio Batallán actúa na Sala Capitol de Santiago de Compostela o día 22 de decembro e sinala que ao longo da súa carreira este artista musicou poemas de varios escritores galegos, nomeadamente Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Cabanillas ou Rosalía de Castro.

Foro de Amigos de Ferrol, “Os escritores de Ferrol fóra de Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 13 marzo 2019, p. 6.

Reflexiona sobre o feito de que a pesar de que Ferrol foi o lugar de nacemento de coñecidos escritores e escritoras, tanto en lingua galega como castelá, por diferentes razóns, moitas veces o seu legado cultural (biblioteca persoal, manuscritos, correspondencia) se atopa fóra da cidade. A este respecto pon os exemplos de notábeis escritores ferroláns como Carvalho Calero e Torrente Ballester, falecidos na derradeira década do século XX, cuxos fondos documentais e bibliográficos se atopan fora da súa cidade natal. Deste último tamén sinala que o seu variado legado se levou no ano 1997 ao Parlamento de Galicia en Santiago.

_____, “A secular festa dos maios de Canido”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “Opini3n”, 4 maio 2019, p. 17.

Co gallo da chegada das festas dos maios explica a celebración desta festa no ferrolán barrio de Canido, onde conta cunha forte e tradición e arraigo a través da Festa da Santa Cruz. Así mesmo explica como esta festividade pagá foi reelaborada, nun acto de apropiación, pola Igrexa Católica. Finalmente alude a algún dos poetas ferroláns que dedicaron os seus versos a esta festa e os seus enclaves, nomeadamente Manuel Masdías, Xosé María Pérez Pallaré ou Xohana Torres.

_____, “Día das Letras Galegas. O vergonzoso esquecemento de Carballo Calero”, *Diario de Ferrol*, “Opini3n”, “La ventana”, 15 maio 2019, p. 6.

Realiza unha crónica da celebración do Día das Letras Galegas dende que no ano 1963, data na que se cumpriu o centenario da publicación de “Cantares Gallegos”, se celebrase o primeiro dedicado precisamente a Rosalía de Castro. Sinala, entre outras cousas, o feito de que nas cincuenta e seis edicións celebradas até de agora tan só catro mulleres atinxiron

este galardón, mentres que non foi nomeado ningún escritor natural da Terra e Mar de Ferrol. E centrase, a partir dese dato, en lamentar, de novo, o vergonzoso esquecemento do ferrolán Ricardo Carballo Calero, a pesar dos seus recoñecidos merecementos e da entidade dos seus abondosos traballos. Finaliza o artigo repasando a traxectoria vital e literaria do escritor e mestre ferrolán.

Fraga, Manolo, “Amancio Prada no Ensanche”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 2 marzo 2019, p. 27.

Comeza o artigo afirmando que Rosalía está viva na memoria de todos, cando se len os seus versos, cando se senten e cando se cantan e indica que esta foi a mensaxe lírica que lanzou Amancio Prada no concerto celebrado na igrexa parroquial de San Fernando de Santiago de Compostela. De todo o repertorio fai alusión á versión de “Negra Sombra”, dedicada á emigración e cuxa música é de Juan Montes, e ao himno popular “Adiós ríos, adiós fontes”.

_____, “Fina vai a Mondoñedo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, p. 47/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 24, 17 abril 2019.

Recolle unha crónica da súa visita a recentemente inaugurada Casa-Museo de Álvaro Cunqueiro e o posterior percorrido pola vila de Mondoñedo parando nos enclaves con gran valor literario ou lendario acompañado do crítico literario Armando Requeixo. Nesta descrición fai alusión á novela máis mítica do escritor mindoniense: *Merlín e familia* (1955).

_____, “El retablo de Amancio Prada”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 20, 1 maio 2019.

Recolle unha crónica do concerto que Amancio Prada deu na igrexa dos Escolapios de Monforte dedicado ao Camiño de Inverno, destacando, principalmente, a interpretación de cancións baseadas en poemas de Rosalía, con especial interese nos últimos arranxos que ten realizado, nomeadamente coas composicións “Nasín cando as prantas nasen” e “Caravel de caraveles”.

Franco, Camilo, “Provincia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 176, “Fatiga ocular”, 24 marzo 2019, p. 7.

A propósito do pasamento dos escritores ourensáns Julio Fernández Cid e Manolo Vilanova reflexiona sobre a etiqueta de ‘literatura de provincia’ e sobre o acaído ou non de catalogar desta forma aos autores antes citados.

Franco, Fernando, “A Santiago por Bibiano”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 11 xaneiro 2019, p. 11.

Informa de que acudirá a Santiago de Compostela para participar nun acto de homenaxe ao músico e compositor Bibiano Morón, a quen nomean Fillo Predilecto desta cidade xunto á poeta Xohana Torres.

_____, “Manuel Losa Rocha. Neira Vilas me animó a seguir escribiendo sobre la emigración gallega”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 858, “Memorias”, 11 xaneiro 2019, pp. 6-7.

Manuel Losa Rocha, escritor e emigrante galego no Uruguai, lembra acudir na súa infancia á emisión radiofónica “Sempre en Galicia” da comunidade galega na emigración, e escoitar alí uns versos de Rosalía de Castro recitados por Marcelina Calderón: “Adios ríos, adios fontes; adios regatos pequenos. Adiós vista dos meus ollos; non sei cando nos veremos”. Tamén fai referencia ás palabras de apoio que lle dedicou Xosé Neira Vilas, que o animou a continuar escribindo sobre a emigración galega cando publicou *Relato de un emigrante... de Santiago de Compostela a Montevideo*.

_____, “Chámame señora pero...”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 23 xaneiro 2019, p. 12.

Informa da presentación do libro *Chámame señora, pero trátame coma a un señor* (2018) de Inma López Silva na Casa do Libro de Vigo o día 23 de xaneiro ás 19.30 horas.

_____, “Y hablaremos de feminismo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 29 xaneiro 2019, p. 8.

Informa da celebración dun acto a modo de coloquio para falar do “Feminismo de hoxe” no que participan as escritoras M^a Xosé Queizán, Mónica Bar e Marga do Val. O acto está organizado pola asociación Pertenza e celébrase no auditorio Areal de Vigo.

_____, “Los frutales 80 de María Xosé Queizán”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 7 febreiro 2019, p. 11.

Felicita a María Xosé Queizán polo seu 80 aniversario e agradece a amizade que os une e poder ter celebrado con ela tantos bos momentos e ter tan bos recordos do tempo que pasaron xuntos. Tamén informa da recente saída do prelo das memorias que a escritora galega publicou baixo o título de *Vivir a galope* (Xerais, 2018).

_____, “Y una pintada bibliófila”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 febreiro 2019, p. 9.

Informa da presentación da reedición de *Fuga e retorno de Adrián Solovio*, de Ramón Villares, con Xosé Luís Franco Grande María Xosé Porteiro como padriños.

_____, “Ernestina Otero for you”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 15 febreiro 2019, p. 11.

Informa da concesión do premio Ernestina Otero organizado polo Consello da Muller do Concello de Vigo a María Xosé Queizán pola súa contribución á causa feminista.

_____, “Con Rosalía y Victoria, hoy”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 19 febreiro 2019, p. 10.

Informa da celebración dun acto para festexar o Día de Rosalía por parte do IES de Mos e o Club de Lectura Amibros co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no que

participarán, entre outros, Xesús Alonso Montero, María Xosé Queizán, Carmeliña e Montse Copa.

_____, “Y As ramonas de Ana Cabaleiro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 28 febreiro 2019, p. 12.

Informa da presentación do libro *As Ramonas* (Galaxia, 2018) na librería Cartabón de Vigo o día 28 de febreiro nun acto no que participan a autora Ana Cabaleiro, Elsa Quintas da Asociación O Castro, a actriz Beatriz Campos e un representante da editorial Galaxia.

_____, “El triángulo de Víctor Freixanes”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 2 marzo 2019, p. 9.

Apunta que Víctor F. Freixanes vén de regalarlle un exemplar da reedición do seu libro *O triángulo inscrito na circunferencia*, que publica Galaxia baixo a supervisión e revisión do propio Freixanes.

_____, “Y 23 aulas de femenino nombre”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 marzo 2019, p. 9.

Informa da participación da escritora María Xosé Queizán e da neta de Ernestina Otero, Luisa Ocampo, nun acto de renomeamento de 23 aulas do Instituto vigués de Teis, que a partir dese momento levarán o nome dalgunha muller galega destacada. Esta actividade enmárcase dentro do programa do centro pola igualdade de xénero.

_____, “En el cierre de la librería Andel”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 marzo 2019, p. 12.

A propósito do feche da emblemática librería viguesa ‘Andel’ dá conta dun acto de homenaxe a Concha e Jaime Noguero, quen durante 20 anos rexentaron este espazo cultural. Informa, ademais, de que neste acto participan os poetas Marga do Val, Lucía Novas, Xavier Baixeras, Antonio García Teijeiro, Santiago Ferragud e Carme Penim.

_____, “El renacimiento de Eligio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 marzo 2019, p. 12.

Dá conta da reapertura da taberna ‘Elegio’ en Vigo, que fora inaugurada no ano 1920 por Serafín González e se convertera nunha institución emblemática pola que pasarían grandes personalidades da arte e da cultura, nomeadamente Maside, Castroviejo, Lodeiro, Barreiro, Blanco-Amor, Cunqueiro, Laxeiro ou Quesada. Tamén sinala que Domingo Villar ficcionalizou este espazo na súa triloxía sobre o detective Leo Caldas.

_____, “Una invasión poética”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 marzo 2019, p. 12.

Dá conta da celebración do Festival Kerouac no Día Mundial da Poesía na cidade de Vigo. Indica que o evento está organizado polo activista cultural Marcos de la Fuente en colaboración con El Corte Inglés e reúne música, poesía e espectáculos de *performance*.

_____, “¡Huyen de Vigo los poetas afrancesados!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 26 marzo 2019, p. 11.

Dá conta da presentación do número 21 da *Revista Lucense de Creación Poética* nun acto no que participan, entre outros, Manuel Vidal Villaverde e Javier Álvarez Blázquez. Tamén sinala que esta revista foi creada por Manuel María no ano 1949 baixo o nome *Xistral* e que contou coa participación de Cunqueiro, Pimentel ou Iglesia Alvariño.

_____, “¡El Kerouac de Vigo, en New York!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 2 abril 2019, p. 11.

Dá conta da celebración, un ano máis, da edición neoirquina do Festival Kerouac, e sinala que está organizado polos vigueses Vanesa Álvarez e Marcos de la Fuente e que participarán os artistas e poetas galegos Wöyza, Francisco Koki, Alberto Avendaño e Marina Oroza.

_____, “Xabier Ortiz, letras para comer”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 abril 2019, p. 11.

Reflexiona sobre o fenómeno da literatura gastronómica a propósito dunha publicación do chef tolosano Xabier Ortiz, e a este respecto fai alusión a Álvaro Cunqueiro, quen foi un dos grandes cultivadores deste tipo de literatura.

_____, “El cóctel Manuel Antonio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 25 abril 2019, p. 10.

Dá conta das distintas homenaxes ao poeta Manuel Antonio na cidade de Vigo, nomeadamente o acto que se celebra no Instituto de FP Manuel Antonio, a exposición ‘Galegos e galegas de hoxe’ sobre a figura deste poeta rianxeiro, e finalmente a presentación dun cóctel que leva o nome do escritor creado por José Soto.

_____, “Se nos fue Cecilio Muñoz Abella”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 27 abril 2019, p. 9.

Co gallo do pasamento do poeta e escritor en lingua castelá Cecilio Muñoz Abella fai alusión a un libro que este escribiu en galego baixo o título de *Mar de Cinza* que aínda non foi publicado.

_____, “Las anécdotas de ‘El Chambo’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 maio 2019, p. 9.

Informa da celebración dun concerto, dentro do programa Xardín Desordenado, para a conmemoración do Día das Letras Galegas no que se interpretou, entre outros temas, a versión musical do poema “Tanto de nada” da poeta M. Carmen Kruckenberg.

_____, “La memoria del pintor Barreiro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 maio 2019, p. 9.

Informa da inauguración dunha exposición que alberga pinturas de José María Barreiro nas que se evoca o Vigo dos anos 60, cando se daban cita, na taberna do Elixio,

personalidades como Cunqueiro, Blanco-Amor, Celso Emilio, Méndez Ferrín, Laxeiro ou os irmáns Quesada.

_____, “Keyzán cumple ante el Miño!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 22 xuño 2019, p. 12.

Informa da celebración do aniversario do director teatral vigués Maximino Keyzán na Pousada de Valença do Minho e agrega unha foto que se erixe como testemuño do evento e na que se poden observar a varios dos invitados. O autor do artigo achega os nomes dalgún deles, con especial interese no profesor e escritor Manuel Forcadela.

_____, “En la Casa de la Tía Ni de Gaxate”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 20 xullo 2019, p. 10.

Faise eco da celebración dunha nova xornada do ciclo de charlas celebrado na Casa da Tía Ni de Nieves Loperena de Gaxate na que interviu Camino Noia para falar de narrativa oral e popular.

_____, “Ya en la nueve del Kerouac”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 26 setembro 2019, p. 9.

Indica que a 9ª edición do Festival Kerouac de Poesía vai ser celebrada en Vigo entre o 2 e 6 de outubro e destaca a presenza, entre outros, do grupo Rompente, Rocío Cerón, Silvia Penas, Tamara Andrés, Samir Delgado ou Yolanda Castaño.

_____, “Relatos de un emigrante desde el otro lado del mar”, *Faro de Vigo*, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 27 outubro 2019, p. 12.

Comenta que mentres viaxaba en tren escoitaba a Amancio Prada e sinala que este visitou Galicia brevemente para presentar o seu último libro. Neste contexto afirma que a adaptación musical que este artista fai do poema “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía consegue elevar á composición á súa máxima expresión.

G. Trigo, Xosé Manuel, “Galicia etrusca”, *El Correo Gallego*, “Opinión” “Á beira do Sar”, 9 marzo 2019, p. 3.

Relaciona o sistema galego de partidos coa propia identidade galega, da que apunta algunhas consideracións máis até concluír que os galegos son un pouco etruscos, en relación ao que dicía o uruguaio amigo de don Álvaro Cunqueiro do que este fala no seu derradeiro artigo (*El uruguayo parlante*), publicado o 9 de marzo do ano 1981. A propósito da alusión ao autor mindoniense informa de que acaban de abrirse as portas da súa Casa-Museo.

_____, “Don Camilo e os lobos”, *El Correo Gallego*, “Opinión” “Á beira do Sar”, 28 setembro 2019, p. 3.

Relaciona a metáfora do lobo creada por Maquiavelo cos actores políticos galegos actuais e comenta que Cunqueiro, nas súas columnas xornalísticas de outono, fai alusión

constante a este animal e á súa capacidade alegórica de representar o lado escuro do ser humano. Cando amenta a Cunqueiro indica que é autor do libro *Merlín e familia*.

Gago, Manuel, “A risa rebelde”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 165, “SeiSentidos”, 6 xaneiro 2019, p. 6.

Reflexiona sobre a risa e o humor como esencia da propia existencia humana e relaciona estes dous conceptos coa cultura na que se vén inmersas as persoas. A respecto do humor en Galicia, di que no país da falsa solemnidade, da apocalipse continua, do ocaso eterno, o riso vólvese unha ferramenta terrible, por canto nos obriga a sacar a verdade do noso corpo e non nos podemos agachar detrás de nada, como nos gusta facer, e que ese é o motivo polo que o riso incomoda un pouco. Exemplifica isto cunha anécdota persoal que ten que ver con verse rindo en voz alta ao chegar á pasaxe final da última novela de Cid Cabido, *Tres pintores* (Xerais, 2018).

_____, “Cando cadra”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 173, “SeiSentidos”, 3 marzo 2019, p. 7.

Co gallo de que Yolanda Castaño abrise un espazo para residencias literarias na Coruña, sinala que esta poeta é unha das poucas profesionais da escrita literaria de Galicia que ten unha clara experiencia internacional. A este respecto tamén sinala que, no seu tempo, Carlos Casares foi tamén outro dos poucos escritores reclamados por diferentes entidades literarias estranxeiras. A propósito disto fala da pouca relevancia que teñen os escritores galegos dentro e fóra da comunidade e aposta polos festivais literarios como solución. Con relación a isto refírese á organización do Litvi, o Encontro de Literatura de Viaxes que se celebrou en Santiago e pechado por falta de apoio e certa decepción das organizadoras; ou do festival Poetas Di(n)versos, na Coruña, da man de Yolanda Castaño.

_____, “Casaio”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 184, “SeiSentidos”, 19 maio 2019, p. 5.

Recolle unha crónica dunha viaxe a aldea de Casaio, en Valdeorras, e cando fala do que percibe polo sentido da vista alude a un fenómeno paixasístico abundante en Galicia que ten ver coa cantidade de canteiras que asulagan os montes galegos. Neste entramado reproduce uns versos de Lupe Gómez, socializados a través de estampas en camisolas, que rezan así: “Galicia, tes a forza de romperme os ollos”.

_____, “O monte que vence fronteiras”, *Sermos Galiza*, “Sociedade”, n.º 355, “Acervo simbólico”, 18 xullo 2019, p. 6-7.

Dá conta de que, como cada sábado previo ao Día da Patria Galega, a Federación Galiza Cultura, a Asociación Cultural O Galo de Compostela, e a Asociación Cultural Vagalumes da Estrada, organizan o ascenso ao Pico Sacro. Así mesmo indica que o obxectivo desta visita é reproducir o percorrido de Castelao até o cumio en 1924 e ao que simbolicamente volveu, anos despois, cando escribía *Alba de Gloria*. Continúa o resto do artigo tratando de verter luz sobre o imaxinario que rodea o pico situado en Boqueixón.

_____, “Petar o timelime”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 200, “SeiSentidos”, 6 outubro 2019, p. 6.

Comenta que unha boa técnica de buscar grandes historias na erudición galega está en explorar as notas a rodapé xa que alí é onde adoitan perderse os grandes relatos do país e conta un caso que descubriu desta forma e que lle causou un gran impacto. Trátase do traslado dos restos de Rosalía dende o camposanto de Adina, en Iria, até o Panteón de Galegos Ilustres; cando desenterraron a Rosalía levaron o féretro á estación de Padrón para metelo no tren a primeira hora da mañá do día seguinte: en Compostela celebraríase unha coidada parafernalia, cunha procesión de antorchas escoltando a caixa até Bonaval. O abraiante é que o ataúde quedou abandonado toda a noite alí na estación de Padrón. Só ficou velando a Rosalía de Castro unha nena pequena, pastoriña, que pasaba por alí, e lembraba de que na casa falaban da ‘santiña’.

_____, “O señor que escribiu tal”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 211, “SeiSentidos”, 22 decembro 2019, p. 5.

Reflexiona sobre o feito de que volver sobre antigos proxectos literarios pode ser como unha cea de antigos alumnos: unha xuntanza de estraños no que o primeiro que non te recoñeces es ti mesmo. E continúa dando conta do acto de presentación do seu libro *O exército de lume* (Xerais, 2018) celebrado na librería Berbiriana da Coruña e organizado polo colectivo lugrisán In Nave Civitas, case levado polo aire mareiro.

Gambón Fillat, Pedro, “Rúa Celso Emilio Ferreiro”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Callejero ferrolano”, 17 febreiro 2019, p. 14.

Recolle unha crónica sobre o cambio de nome da actual rúa Celso Emilio Ferreiro en Ferrol, que até marzo de 1981 se denominaba rúa de Cándido Pérez. Tamén aporta datos sobre a traxectoria vital e literaria do poeta celanovés e fai alusión a varias das súas obras, nomeadamente os poemarios *Longa noite de pedra*, da que di que é unha metáfora da situación política da altura e do que reproduce algúns versos; e *Viaxe ao País dos ananos*, onde recolle a súa etapa en Venezuela; ou a obra de relatos *A fronteira infinda* da que tamén reproduce algunha pasaxe.

García, Montse, “Defenden a vixencia do pensamento de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Efeméride”, 8 xaneiro 2019, p. L7.

Recolle os actos celebrados pola efeméride do pasamento de Castelao, informando de que se lle fixeron varias ofrendas florais, unha por parte do Consello da Cultura Galega a través da súa presidenta, Rosario Álvarez; outra de parte da Fundación Castelao, da man do seu presidente, Carlos Mella; e finalmente outra dende a Xunta de Galicia a través do Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García. Tamén informa de que o Consello da Cultura Galega amplía a mostra ‘Alba de Gloria’, que se pode desfrutar en Bonaval até 3 de marzo.

_____, “Aforo lleno en el homenaje de la Filharmonía a Castelao”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Música”, 15 xaneiro 2019, p. L7.

Dá conta da grande asistencia ao evento no que a Filharmonía de Galicia interpretou unha homenaxe a Daniel Rodríguez Castelao.

_____, “César Souto: ‘Non me interesa o eu, senón o que nos rodea’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Poesía”, 15 xaneiro 2019, p. L7.

Recolle algunhas declaracións do xornalista e escritor César Souto a respecto da súa concepción da súa propia escrita poética a propósito da presentación do seu poemario *Campo aberto* (Galaxia, 2018) na sala Numax de Santiago de Compostela o día 14 de xaneiro.

_____, “Emma Pedreira”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 18 xaneiro 2019, p. L7.

Informa da presentación da novela *Besta do teu sangue* de Emma Pedreira nun acto xunto a Andrea Barreira e Fran Alonso na librería Lila de Lilith de Santiago de Compostela o día 18 de xaneiro.

_____, “Estevo Creus”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 18 xaneiro 2019, p. L7.

Anuncia a presentación do poemario *O lugar que non hai* de Estevo Creus nun acto xunto a Antón Lopo na librería Chan da Pólvora de Santiago de Compostela o día 18 de xaneiro.

_____, “La banda sonora de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Vida social”, 18 xaneiro 2019, p. L7.

Dá conta da música que se interpretou para acompañar o evento adicado ao escritor, político e debuxante de Rianxo.

_____, “Un taller busca descubrir nuevos talentos literarios”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 24 xaneiro 2019, p. L6.

Achega información sobre a iniciativa presentada polo Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, unha proposta de Javier Peña. No obradoiro as persoas participantes contarán cos escritores e escritoras Xabier Quiroga, Miguel Anxo Fernández, Arantxa Portabales, Manuel Gago, Antón Riveiro Coello e Diego Giráldez como profesorado. O taller consistirá en nove clases de carácter maxistral.

_____, “Golpistas e verdugos de 1936’, el relato pendiente de contar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Historia”, 24 xaneiro 2019, p. L7.

Informa da presentación do volume *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, que recolle artigos de Conchi López, Aldara Cidrás, Xavier Buexeiro, Judith Carbajo, Iria Morgade e Rafael García.

_____, “Pepe Barro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 24 xaneiro 2019, p. L7.

Apunta que Pepe Barro presentará en Numax o libro *Cen Historias do deseño na Galiza*, acompañado de Carlos Hidalgo e Antonio Doñate.

_____, “María Xosé Queizán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 25 xaneiro 2019, p. L7.

Indica que María Xosé Quizán falará do seu libro autobiográfico, *Vivir ao galope*, xunto a María Xosé Porteiro e Fran Alonso na librería Lila de Lilith.

_____, “Cela y Cunqueiro, doctores ‘honoris causa’ de la USC”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Hemeroteca”, “Hoy hace 39 años”, 29 xaneiro 2019, p. L7.

Recolle a efeméride do investimento como doctores *honoris causa* a Álvaro Cunqueiro e Camilo José Cela pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 1980 nun acto non exento de polémica.

_____, “Outra visión de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Jornadas”, 29 xaneiro 2019, p. L7.

Informa da celebración dunha conferencia no Ateneo de Santiago baixo o título de ‘Rosalía de Castro: en busca da biografía perdida’ impartida pola filóloga María Xesús Lama o día 28 de xaneiro.

_____, “Diálogos sobre la figura de Castelao, en el Gaiás”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 29 xaneiro 2019, p. L7.

Informa do inicio do ciclo ‘Diálogos ao redor de Castelao’ celebrado na cidade da cultura todos os mércores até o 27 de febreiro. Trátase dun espazo de diálogo, análise e reflexión sobre a época, a figura e a obra do intelectual galeguista no que participarán, entre outros, Carlos L. Bernárdez, Miguel Anxo Seixas, Siro López, José Julio Fernández e Pilar Cagiao.

_____, “Carlos L. Bernárdez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Charlas”, 30 xaneiro 2019, p. L7.

Informa da apertura do ciclo ‘Diálogos con Castelao’ coa participación de Carlos L. Bernárdez abordando o papel do traballo do intelectual de Rianxo no conxunto da plástica galega. O ciclo decorrerá no Museo do Gaiás de Santiago de Compostela.

_____, “Iolanda Zúñiga”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 30 xaneiro 2019, p. L7.

Informa da presentación da obra *Natura* na Librería Lila de Lilith de Santiago de Compostela nun acto no que participan a autora e a crítica literaria Malores Villanueva.

_____, “Libro de Angela Carter”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Actos para hoy”, “Literatura”, 4 febreiro 2019, p. L7.

Indica que na librería Lila de Lilith se levará a cabo a presentación de *A cámara do sangue*, de Angela Carter. Participarán a tradutora do libro, María Reimóndez, acompañada de Laura Lojo e Andrea Jamaro.

_____, “El arte de Castelao impacta por su crítica sociológica”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Hemeroteca”, “Hoy hace 33 años”, 4 febreiro 2019, p. L7.

Faise eco das dúas exhibicións relacionadas con Castelao abertas ao público. *A derradeira lección do mestre*, na Cidade da Cultura; e *Alba de Gloria*, en Bonaval.

_____, “Os vellos namorados’ inician gira en Santiago el día 14”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 5 febreiro 2019, p. L19.

Informa sobre a xira que iniciará o grupo de teatro senior de Afundación e que comezará con *Os vellos namorados*, unha versión d’*Os vellos non deben de namorarse* de Daniel Rodríguez Castelao.

_____, “Recompilan os artigos en xornais de Díaz Pardo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 6 febreiro 2019, p. L9.

Dá conta da recompilación que fixo o filólogo Xosé Ramón Fandiño Veiga que publicará a través do Consorcio de Santiago e de Andavira Editora os artigos da autoría de Díaz Pardo.

_____, “Modesto Hermida”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “E Ademais...”, 6 febreiro 2019, p. L9.

Apunta que Modesto Hermida presentará na librería Cronopios o seu libro de relatos *O tempo escuro nun acto*, acompañado de Bieito Ledo, Sabela Hermida e Manuel Gómez.

_____, “Traducen al italiano ‘Elías Valiña, valedor do Camiño’, de Luis Celeiro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicación”, 6 febreiro 2019, p. L9.

Informa da publicación en italiano do libro *Elías Valiña, valedor do Camiño* de Luis Celeiro e recolle o acto de presentación deste volume celebrado no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela no que participou o seu autor xunto ao responsábel da tradución, a profesora Daniela Zizi; o director do departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana da USC, Benedict Buono; o presidente de Apepsa (Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago), Xosé María García Palmeiro; e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

_____, “Xoana Lanza os seus ‘dardos’ reivindicativos en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Concierto”, 6 febreiro 2019, p. L10.

Nun artigo sobre a cantante Xoana, indica que musicou un poema de Rosalía de Castro.

_____, “Martíño Suárez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 8 febreiro 2019, p. L9.

Indica que Martíño Suárez presenta na Tenda A Reixa Matrioska o seu libro onde recompila medio centenar de relatos sobre atletas extraordinarios e historias relacionadas co deporte.

_____, “Marcus Daniel Cabada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Charla”, 13 febreiro 2019, p. L9.

Informa da presentación do poemario *Metafísica da ausencia*, de Marcus Daniel Cabada, que estará acompañado polo editor Wladimir Vaz e os poetas Antón Lopo, Carlos Lixó e Arancha Nogueira.

_____, “En la primera linea teatral”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Al trasluz”, 16 febreiro 2019, contracuberta.

Recolle o título de distintos espectáculos con selo galego que están tendo ou tiveron éxito máis alá das fronteiras de Galicia, nomeadamente *Eroski Paraíso* da compañía Chévere, *Garage* ou *Soño dunha noite de verán* do CDG ou *Viñemos dalo todo* de Voadora Teatro.

_____, “Siro López destaca a Castelao como referente do humor gráfico e literatura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Charla no Museo Gaiás”, 20 febreiro 2019, p. L9.

Informa de que o humorista gráfico Siro López ofrece unha charla no Museo Gaiás o día 20 de febreiro sobre Castelao na que destacará como o intelectual e artista galeguista foi un dos grandes creadores europeos.

_____, “Baldo Ramos y Pere Tobaruela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 28 febreiro 2019, p. L10.

Indica que Baldo Ramos presentará o seu poemario *Palabras sen ninguén / Palabras sin nadie* (2018), acompañado de Pepe Cáccamo, en Chan da Pólvora. Ao día seguinte, Pere Tobaurela presentará no Museo Rosalía de Parón *Auga e lume* (2018), obra gañadora do Premio Meiga Moira

_____, “A poesía resoará no Principal tres días”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Alguén que respira!”, 15 marzo 2019, p. L9.

Dá conta da celebración da segunda edición do Festival poético, que reunirá a máis de medio cento de creadores entre o 21 e o 23 de marzo. Por outra parte, achégase información sobre moitos dos asistentes, colaboradores e convidados, dende autores clásicos e veteranos como Xosé Luís Méndez Ferrín, pasando por editores creadores, como Antón Lopo, até figuras máis vinculadas á arte urbana, como Hard GZ.

_____, “La Semana da Novela Negra regresa al barrio de San Pedro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura!”, 15 marzo 2019, p. L9.

Informa sobre a celebración da Semana da Novela Negra, que terá lugar en Santiago de Compostela e que pasará polo barrio de San Pedro. Entre as actividades inclúense coloquios con recoñecidos persoeiros da cultura como Manuel Rivas, Alberto Varela Ferreiro, Manuel Esteban, Bieito Iglesias, Pedro Feijoo ou Domingo Villar.

_____, “La Gala do Libro, en mayo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 17 marzo 2019, p. L10.

Informa da celebración da cuarta edición da Gala do Libro Galego o día 11 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Tamén comenta que este acto está organizado pola AELG, a Asociación Galega de Editoras e a Federación de Libraría de Galicia.

_____, “Versos en pedra que ‘falan ao corazón”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Iniciativa literaria”, 19 marzo 2019, p. L9.

Dá conta dunha iniciativa impulsada polo escritor Suso de Toro que consiste nun camiño literario con verbas esculpidas en pedra do Xardín das pedras que falan no pazo de Fonseca en Santiago de Compostela. Comenta que o paseo comeza cunha espiral na que están inscritos uns versos de Rosalía pertencentes ao poemario *Follas Novas*. Tamén sinala que nun punto do camiño se recollen citas da poeta Luz Pozo Garza.

_____, “Maridaxe entre produtos galegos e versos no mercado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día Mundial da Poesía”, 22 marzo 2019, p. L9.

Informa da iniciativa “Poesía a bocados”, coa que os clientes da Praza de Abastos de Santiago recibirán material gráfico coa imaxe da campaña e folletos con poemas de Rosalía, Curros e Manuel María, entre outros.

_____, “Slam’ poético en el Principal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día Mundial da Poesía”, 22 marzo 2019, p. L9.

Faise eco da segunda xornada do Festival de Poesía para o Corpo Principal, que acollerá un *slam* poético no que participarán Iolanda Zúñiga, Oriana Méndez, Carmen Conde, Vanessa Glemsel, Luix Kaf, Malvares Moscoso, Clara Gayo e Silvia Casal. Haberá tamén dous coloquios nos que participarán Sonia Moll, Lucía Aldao, Pablo X. Suárez, Marta Dacosta, Luís Tosar, Henrique Alvarellos e Mario Regueira.

_____, “Carme Adán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libros”, 22 marzo 2019, p. L9.

Indica que Carme Adán ofrecerá detalles do seu libro *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión* o 22 de marzo na Casa das Mulleres Xohana Torres.

_____, “Historia y literatura a través del cine”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Exposición”, 28 marzo 2019, p. L9.

Fai alusión á novela *A Esmorga* de Blanco Amor e cita a autores como Castelao ou Cunqueiro a propósito da inauguración, na Cidade da Cultura, da exposición ‘Recreando personaxes’.

_____, “Comienza la Semana da Novela Negra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 30 marzo 2019, p. L9.

Dá conta do comezo da Semana da Novela Negra na Librería Pedreira, en Santiago de Compostela, por onde pasarán autores como Bieito Iglesias, Manuel Rivas, Domingo Vilar, Pedro Feijoo e Manuel Esteban.

_____, “A poesía galega dase a coñecer en Oporto”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 30 marzo 2019, p. L9.

Informa sobre a presentación de *Arrincando Marcos*, editada por Positivas, en Portugal para achegar a poesía galega ao país luso. Destácanse as composicións de Eduardo Estévez, Paula Carballeira, Raúl Gómez Pato, Roi Vidal, Rosalía Fernández Rial, Suso Díaz e Xabier Xil Xardón.

_____, “Santiago se llena de libros en abril”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Iniciativas literarias”, 4 abril 2019, p. L9.

Recolle as distintas iniciativas literarias organizadas en Santiago de Compostela durante o mes de abril. En primeiro lugar alude á Feira do Libro, que terá lugar na Alameda compostelana entre o 28 de abril e 25 de maio; continúa coa Semana da Novela Negra organizada pola librería Pedreira, na que terá lugar a presentación do libro (Xerais, 2018) de Pedro Feijóo; segue coa sesión de contacontos da man de Soledad Felloza na biblioteca Ánxel Casal; e finaliza coa charla de Diego Ameixeiras programada para o Día do Libro.

_____, “Pilar García Rego, Suso de Toro y Daniel Asorey”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 2 maio 2019, p. L9.

Sinala que a Feira do Libro de Santiago de Compostela acolle, na xornada do 2 de maio, media ducia de presentacións literarias, nomeadamente de Susana Aliano, Francisco Fernández Naval e Manolo Figueiras, Suso de Toro, Pilar García Rego e Daniel Asorey.

_____, “Reflexións sobre a figura e obra de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Divulgación”, 3 maio 2019, p. L10.

Informa sobre a celebración dun encontro na Casa de Rosalía, onde a Fundación Rosalía de Castro mais a Universidade de Vigo celebrarán unhas xornadas para reflexionar sobre a figura e a obra da escritora padronesa.

_____, “La Feira do Libro se llena de actividad en su recta final”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 3 maio 2019, p. L10.

Dá conta sobre a actividade realizada na Feira do Libro de Santiago de Compostela e de como a organización da feira encara a parte final da mesma.

_____, “Música, talleres y una ruta acompañarán hoy a los libros”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Feria”, 4 maio 2019, p. L10.

Informa sobre a ruta que se realizará co gallo da Feira do Libro de Santiago de Compostela. Asemade, achega información sobre algúns escritores e escritoras asistentes, como é o caso de Leticia Costas, Raquel Senra ou Manuel Portas.

_____, “Comienza el Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 4 maio 2019, p. L10. Prn

Faise eco da celebración que trata de simular ao banquete realizado en 1856 por persoeiros como Eduardo Pondal ou Manuel Murguía.

_____, “Semana das Lerias Galegas no instituto As Fontiñas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Educación”, 22 maio 2019, p. L10.

Dá conta da posta en marcha da primeira edición da Semana das Lerias Galegas, organizada polo instituto As Fontiñas de Santiago de Compostela co obxectivo de dinamizar a lingua galega nun contexto urbano.

_____, “Paula Carballeira”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 25 maio 2019, p. L9.

Indica que Paula Carballeira presentará *Hai quen escolle os camiños máis longos* o 25 de maio nun percorrido que partirá de Edicións Positivas para dirixirse á Finca Espiño. Ao rematar a ruta, haberá unha explicación histórica e intervirán a autora e o editor, Francisco Macías.

_____, “Agís acerca la faceta viajera del padre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicación”, 1 xuño 2019, p. L10.

Faise eco da presentación do volume *O padre Sarmiento, viaxeiro*, de Marcelino Agís o 4 de xuño no salón de actos da Facultade de Filosofía. Explica que o traballo se achega á faceta viaxeira do autor e que o lector poderá acompañar ao padre Sarmiento nas súas tres viaxes a Galicia.

_____, “Vinte entidades lembran a Xabier P. Docampo hoxe na biblioteca Ánxel Casal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 4 xuño 2019, p. L10.

Informa da homenaxe a Xabier P. Docampo que se realizará na Biblioteca Ánxel Casal e na que participarán vinte entidades e centros educativas. O acto consistirá na lectura dos seus textos e nunha charla da man de María Jesús Fernández. A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil entregarlle á familia do autor unha figura conmemorativa da homenaxe que se lle ía facer en vida.

_____, “Marcelino Agís”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, “Presentacións”, 4 xuño 2019, p. L10.

Informa da presentación do libro *O padre Sarmiento, viaxeiro*, de Marcelino Agís. No acto, acompañarán ao autor Óscar Parceró, Rafael Fontoira e Ana Cancela.

_____, “Teresa Moure”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, “Presentacións”, 4 xuño 2019, p. L10.

Indica que a autora Teresa Moure dará detalles do seu libro *Herba moura* no CC de Santa Marta.

_____, “El ‘tesoro’ de los viajes a Galicia del padre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicación”, 5 xuño 2019, p. L10.

Informa da presentación do libro de Marcelino Agís *O padre Sarmiento, viaxeiro*, na Facultade de Filosofía.

_____, “Santiago estrechará lazos literarios con La Habana en la Selic”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro de Compostela”, 7 xuño 2019, p. L10.

Faise eco da celebración da terceira edición da Semana do Libro de Compostela (Selic), que nesta ocasión ten como cidade invitada La Habana. Presentaron a edición Braca Novoneyra, Henrique Alvarellos e Celia Recarey. Entre os autores que presentaron os seus traballos están María Xosé Porteiro, José de Cora, Estevo Creus, Lucía Aldao, Paula Carballeira e Severino Fernández Abel. Ademais, tiveron lugar coloquios con Diego Ameixeiras, Alejandro Tobar, Jean Pierre Garnier e Celso Fernández Sanmartín. Inma López Silva, Helena Villar Janeiro, Xosé A. Perozo e Manuel Portas guiarán rutas literarias.

_____, “A Quintana se vuelve más literaria”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Semana do Libro de Compostela”, 8 xuño 2019, p. L9.

Recolle información sobre a terceira edición da Semana do Libro de Compostela (Selic). Indica que Martiño Suárez falará de *Bestiario do vestiario*. José Luis Casteleiro e Carlos Sardiña asinarán exemplares de *Mitos e lendas na Galicia máxica* e José de Cora presentarán os seus últimos traballos. Ademais, Inma López Silva, será a guía da ruta “A Compostela dos libros propios e alleos”.

_____, “Celso F. Sanmartín y Benjamín Otero”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, 24 xuño 2019, p. L9.

Comenta que os locais Borriquita e Modus Vivendi de Santiago de Compostela acollen, o día 24 de xuño, o espectáculo *No tempo dun café* da man de Celso F. Sanmartín e Benjamín Otero.

_____, “María Xosé Queizán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 26 xuño 2019, p. L9.

Anuncia que María Xosé Queizán presentará, na Librería Lila de Lilith de Santiago de Compostela, a tradución ao castelán do seu libro *A semellanza* (1988). Tamén sinala que é a primeira obra da autora que se trasladou ao español.

_____, “Un recital da voz a escritoras pioneras, rebeldes y olvidadas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Palabra de muller”, 14 outubro 2019, p. L6.

Comenta que a biblioteca pública Ánxel Casal súmase á celebración do Día das Escritoras co recital ‘Palabra de muller’ e que varias persoas representativas da sociedade galega prestarán a súa voz para homenaxear a autoras pioneiras, rebeldes, silenciadas, inxustamente tratadas e incompresiblemente esquecidas.

_____, “Fallece Uxío Novoneyra que fue velado en Bonaval”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Hemeroteca”, 30 outubro 2019, p. L10.

Lembra o vinte aniversario do pasamento de Uxío Novoneyra publicando a noticia da hemeroteca de 1999.

_____, “Arantza Portabales llega al escenario con ‘Deje su mensaje...’”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 25 novembro 2019, p. L6.

Indica que a novela *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, de Arantza Portabales, ademais de traducirse ao castelán, ao italiano e ao hebreo, tamén se traducirá ao alemán en 2020. Amais, a compañía de teatro Tantaka levouna a escena.

García-Bodaño, Salvador, “Ateneo de Santiago, novas actividades”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar los días”, 20 xaneiro 2019, p. 3.

Ofrece unha listaxe de todas actividades programadas no Ateneo de Santiago para o primeiro trimestre do ano. De interese literario, está, en primeiro lugar, a presentación do libro *Golpistas e verdugos de 1936*, do grupo de investigación Histagra, o día 23 de xaneiro. En segundo lugar a conferencia ‘Rosalía de Castro: en busca da biografía perdida’ impartida pola filóloga María Xesús Lama o día 28 de xaneiro. E finalmente un encontro do Club de Lectura para debater arredor da novela *Morgana en Esmelle* de Begoña Caamaño o día 12 de febreiro.

_____, “A afirmación de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 31 marzo 2019, p. 3.

O poeta Salvador García-Bodaño explica os seus compromisos político-ideolóxicos coa causa galeguista e declara abertamente o seu empeño na defensa da cultura e da lingua galegas, feito que se ve reflectido no seu afán monolingüe á hora de escribir poesía. Ao mesmo tempo lamenta a situación de continuo ataque e desamparo que está a sufrir o idioma de Galicia e a actitude aséptica da clase dirixente ante esta problemática.

García Carragal, Ángel, “Moncha Fuentes: ‘O mar que nos leva’”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 23 decembro 2019, p. 22.

Comenta que descubriu a Moncha Fuentes como escritora a través dunha noticia de prensa na que se dá a coñecer que esta significada marinense foi gañadora dun dos importantes Premios da Crítica de Galicia 2019 pola súa novela *O mar que nos leva* (Xerais, 2018) e ofrece un breve resumo do seu argumento. Así mesmo verte algúns datos sobre a vida e traxectoria da súa autora e matiza que *O mar que nos leva* é a súa opera prima.

García Iglesias, José Manuel, “Cavilacións”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 5 setembro 2019, p. 2.

Co gallo da publicación do volume *Cavilacións* (Ir Indo, 2018) de Bieito Ledo repasa a traxectoria vital deste autor como sacerdote, tendo en conta a súa infancia e o seu traslado a Vigo a partir de 1975. Tamén apunta o feito de que puxo en marcha o proxecto da *Enciclopedia Galega Universal* ou as súas responsabilidades como presidente da asociación Premios da Crítica de Galicia. Do libro di que é un conxunto de relatos curtos que seguen o rumbo de carácter autobiográfico iniciado por este escritor coa publicación de *Aconteceres* (Ir Indo, 2006).

García López, Xoán A. “Que xente leva o meu carro”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “La ventana”, 12 xaneiro 2019, p. 4.

Comeza explicando como o seu profesor de lingua e gramática na escola lle explicou que ‘xente’ é unha palabra invariable, que fai alusión a un conxunto de persoas e que, polo tanto, leva o plural xa incorporado, e de como esta lección lle quedou gravada na memoria de por vida. Porén tamén conta que tivo a necesidade de asegurarse de que isto fose así en tanto que tiña escoitado e lido o seu uso con falso plural, e que acabou por determinar que o seu profesor estaba no certo. Para exemplificar este uso fai alusión ás novelas *A xente da barreira*, publicada en 1950 por Ricardo Carvalho Calero, e *Xente ao lonxe e Teatro para a xente*, publicadas por Eduardo Blanco Amor nos anos 1972 e 1974 respectivamente.

García Mañá, Luís Manuel, “A fronteira do encontro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 3 abril 2019, p. 15.

Comenta que durante a súa participación nunha conferencia sobre “A fronteira luso-española” celebrada en Málaga coincidiu co que fora fiscal xefe provincial e senador, Antonio Morales, e o que tamén fora comisario xefe provincial, José Gutiérrez Valenzuela, a quen lles regalou uns exemplares dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Tamén indica que a partir de entón todas as súas conversas se enchouparon do poeta granadino e continúa o artigo apuntando algúns datos sobre a vida e obra de García Lorca.

García-Negro, María do Carme, “O himno pola metade”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 15/*Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, p. 19, 29 xullo 2019.

Informa de que ten asistido a varios eventos nos que o himno galego foi interpretado até a metade e reflexiona sobre os por que de que isto suceda. Neste entramado explica a situación de amparo por parte da lei da que goza o himno e reproduce os artigos da Lei 5/1984 do 29 Maio onde se plasma o seu status legal. É así que comenta que no artigo 4 se establece o poema “Os Pinos” de Eduardo Pondal, con música de Pascual Veiga, como o himno de Galicia.

García Negro, M^a. Pilar, “Nós, os adaptados”, *Sermos Galiza*, “Opinión”, “Xigantescos olmos”, 10 xaneiro 2019, p. 4.

Indica que hai 85 anos, no mes de xullo de 1933, Vicente Risco publicaba na revista *Nós* o seu ensaio *Nós, os inadaptados*. Describe o contido e reflexiona sobre el na actualidade.

_____, “Machismo con saias. Feminismo banal e venal”, *Sermos Galiza*, n.º 337, “Opinión”, “Xigantescos olmos”, 7 marzo 2019, p. 4.

A propósito dunhas afirmacións do Papa a respecto de que todos os feminismos acaban en machismo con saias, a autora do artigo, moi acedamente, crítica estas afirmacións, sinala a estrutura de dominación patriarcal instaurada na Igrexa católica e recoméndalle ao pontífice a lectura dalgúns poemas de Rosalía de Castro.

García Negro, María Pilar, “A iconoteca de Curros”, *Sermos Galiza*, n.º 345, “Opinión”, “Xigantescos olmos”, 9 maio 2019, p. 4.

Sinala que en 1896 Manuel Curros Enríquez publicaba no xornal da emigración *La Tierra Gallega*, que el mesmo dirixía, unha serie de artigos baixo o título ‘Hijos ilustres de Galicia’ na que ía achegando pequenas biografías e estudos críticos de escritores contemporáneos a el. Continúa citando algún dos nomes que apareceron nesas páxinas, con especial atención á comparación que fai entre Rosalía de Castro e Filomena Dato Muruais. Máis adiante indica que a Rosalía se ligan os conceptos de ‘viril’ e ‘ameazadora’ e que estas definicións dialogan con distintos versos pertencentes ao poemas que Curros lle dedicou á de Padrón. Finaliza salientando que teñen en común todas as figuras biografadas e preguntándose cal é a iconoteca das e dos escritores de hoxe.

_____, “Continuaremos a facer xustiza”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 26 xuño 2019, p. 14.

Comeza comentando o ‘doloroso’ sarcasmo que é que a posta en marcha da ‘autonomía’ galega coincidise coa marxinación da persoa e obra de Ricardo Carvalho Calero, autor do primeiro anteproxecto do Estatuto Galego de preguerra. Continúa dicindo que tan certo como este feito foi que Carvalho recibiu o recoñecemento e o aplauso de diversos axentes sociais, políticos e culturais do valor enorme dunha vida e dunha obra extensa e rigorosa posta ao servizo da significación colectiva do pobo galego. Así mesmo, fala de que sempre tratou, aos seus discípulos, con afecto e con benevolencia e que confiaba en que estes fosen o relevo daquela súa xeración interrompida pola barbarie da guerra civil.

Finaliza comentando que nada galego, nada da historia, cultura e literatura de Galicia lle foi alleo e que ese é o motivo de que diga que continuarán a lle facer xustiza.

_____, “Saudades”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “Opinión”, “Xigantescos olmos”, 4 xullo 2019, p. 4.

Reflexiona sobre a pouca liberdade da que goza hoxe en día o profesorado de ensino medio á hora de deseñar e impartir os seus programas a partir dunha historia dunha exalumna súa do Instituto Eusebio da Guarda da Coruña. Neste contexto conta unha anécdota de cando compartiu coa poeta Pilar Pallarés un segundo curso nese mesmo centro e que ten que ver con como artellaron un programa conxunto para as materias de galego e español. Cando amenta a Pallarés comenta que vén de ser homenaxeada co gallo da entrega, por parte da AELG, do E de escritora na súa terra.

_____, “Actividade cultural”, *Sermos Galiza*, n.º 373, “Opinión”, “Xigantescos olmos”, 21 novembro 2019, p. 4.

Reflexiona sobre a situación actual do panorama cultural galego e pregúntase se esta pode existir e existe separada da realidade social, material e política en que nace e se desenvolve. Neste entramado alude ao poemario *As rúas do vento ceibe* de Manuel María.

_____, “Ser diferente é ser existente”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Decotío”, 10 decembro 2019, p. 16.

Artigo sobre a exposición que se vai realizar no Museo do Pobo Galego chamada *Nos, de onte a hoxe: cen anos de historia*. Ademais da homenaxe á revista, adiántase o centenario das Irmandades da Fala, a celebración da I Asamblea Nacionalista Galega, a resurrección do boletín *A nosa terra* e a fundación do Seminario de Estudos Galegos. Lembra o legado de autores como Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Ánxel Casal e demais. Tamén recorda que o próximo Día das Letras Galegas está dedicado a Carvalho Calero, vinculado aos autores mencionados anteriormente.

García Negro, Pilar, “Castelao e Nós”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Firma invitada”, 12 decembro 2019, p. 2.

Comeza falando do 50 aniversario dun artigo que escribira Eduardo Blanco Amor no *Correo Gallego* e no cal homenaxeaba a Castelao. Nel, falaba da publicación de *As cruces de pedra na Galiza*, a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* e da edición de *Sempre en Galiza*. O artigo remata falando dunha exposición chamada *Nós de onte a hoxe: 100 anos de historia* que se realizará no Museo do Pobo Galego. Tamén lembra que Risco, Otero, Cuevillas, Castelao, Carvalho, Blanco Amor e demais son “artífices e colaboradores nunha empresa cultural galega escrita con letras de ouro no noso pasado recente”.

Gómez, Cuca M., “Última sesión de cine clandestino”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Ocio”, 4 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Informa da presentación do libro *Am@me* (Galaxia, 2018), de Chus Oliveira e Amada Traba, no Espazo Nemonon de Pontevedra nun acto organizado polo Ateneo de Pontevedra o día 3 de xaneiro coa participación de Lola Varela.

_____, “Estoy inspirada por la poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Encuentro”, 11 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Informa da celebración dunha nova sesión do ciclo ‘Teñamos a poesía en Paz’ o día 10 de xaneiro na Librería Paz de Pontevedra, na que participaron os escritores Antía Otero, Fran Alonso e Noelia Gómez para falar dos seus libros *O cuarto das abellas* (Xerais, 2016), *Terraza* (Xerais, 2017) e *O xiro* (Xerais, 2018).

_____, “Cansadita de tanta helada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lecturas”, 12 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Indica que os alumnos do IES Torrente Ballester de Pontevedra realizaron a visita guiada sobre María Victoria Moreno que comeza na ponte da Avenida de Vigo.

_____, “Una insignia pontevedresa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Reconocimiento”, 13 xaneiro 2019, pp. 70-71.

Comenta que a escritora Emma Pedreira presentou o día 12 de xaneiro o seu poemario *Antídoto* (Alvarellos, 2018) na Librería Paz de Pontevedra acompañada do editor Henrique Alvarellos.

_____, “¡Que viva Pepe o Torneiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Centenario”, 14 xaneiro 2019, pp. 34-35.

Recolle unhas verbas que Fina Casalderrey escribiu en homenaxe a José Pérez Casalderrey polo seu centenario. Tamén sinala que o texto onde se recollen estas palabras foi lido durante o xantar celebrado en Vilagarcía en conmemoración do exalcalde pontevedrés.

_____, “Un reencuentro muy inesperado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 18 xaneiro 2019, pp. 70-71.

Dá conta dun encontro entre o escritor e ilustrador da obra gañadora do I Premio María Victoria Moreno cos membros do Clube de Lectura de O Salón de Pontevedra. Trátase do libro *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa* (Urco Editora, 2018) de Antonio Manuel Fraga e Víctor Rivas.

_____, “Siete días para divertirme y desconectar”, *Diario de Pontevedra*, “revista!”, “Album”, “La semana de”, 26 xaneiro 2019, p. 13.

Informa sobre as principais actividades levadas a cabo na contorna da cidade de Pontevedra, entre as que se atopan algunhas representacións teatrais e a presentación do libro *1306/36*, de Fernando Salgado.

_____, “Días de lluvia y manta en el sofá”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 1 febreiro 2019, pp. 70-71.

Informa do acto de presentación do ensaio *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión* (Galaxia, 2018) de Carme Adán na Casa das Campás de Pontevedra. Indica que, xunto a autora, estiveron a editora Malores Villanueva e o deputado Luís Bará.

_____, “Nada puede salir mal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lectura”, 3 febreiro 2019, pp. 70-71.

Dá conta da presentación do libro *Ficar* (Urutau, 2018) de Cristina Corral na Librería Paz de Pontevedra o día 2 de febreiro nun acto no que a autora estivo acompañada da tamén poeta Lucía Novas e o editor Wladimir Vaz.

_____, “A vueltas con las reformas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lecturas”, 7 febreiro 2019, pp. 70-71.

Informa da presentación do libro *O anticonto da pedra do cervo* (2018) de Buenaventura Aparicio o día 6 de febreiro na librería Paz de Pontevedra. Apunta que no acto participaron o editor Rafael Quintía, Valentín G. Bóveda e o xornalista Antón Xil.

_____, “Me enfrento a un dilema”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 febreiro 2019, pp. 62-63.

Informa, no apartado “Proyección”, da proxección da película *Castelao. De chumbo a verba* no Teatro Principal de Pontevedra o día 8 de febreiro. Así mesmo faise eco, baixo a epígrafe “Lecturas”, da presentación do libro *Non o saben as estrelas* (Xerais, 2018) de Diego Alfonsín na Librería Paz de Pontevedra nun acto no que o autor estivo acompañado da poeta Támara Andrés. Tamén anuncia, no apartado “Cuentos”, que Anxo Moure, acompañado do seu Nubinete, estivo en varios centros escolares de Pontevedra compartindo contos cos escolares.

_____, “Soy fan de la ‘Estación violenta’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 13 febreiro 2019, pp. 58-59.

Informa da proxección do filme *A estación violenta* na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra e apunta que esta película está baseada no libro homónimo publicado por Manuel Jabois no ano 2008 da man de Edicións Morgante.

_____, “Cita con la poesía por San Valentín”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 febreiro 2019, pp. 70-71.

Informa da celebración dunha nova xornada do ciclo ‘Teñamos a poesía en Paz’ organizado polo Librería Paz de Pontevedra e indica que participaron os poetas Antonio García Teijeiro e Berta Dávila, quen faloron das súas últimas publicacións e recitaron algúns dos seus poemas acompañados da tamén poeta Támara Andrés.

_____, “Un auténtico fin de semana de cine”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 17 febreiro 2019, pp. 70-71.

Informa da celebración dunha das xornadas do ciclo ‘Vermú entre libros’ organizado pola Librería Paz de Pontevedra o día 16 de febreiro. Recolle a participación da escritora María Xosé Queizán para presentar a súa autobiografía *Vivir a galope* (Xerais, 2018), acompañada da xornalista Llerena Perozo Porteiro.

_____, “La vida siempre es mejor con libros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 15 marzo 2019, pp. 66-67.

Sinala, no apartado “Libros”, que o poeta Estevo Creus presentou, o día 14 de marzo, o seu no libro *O lugar que non hai* (Chan da Pólvora, 2018) na Librería Paz de Pontevedra e que o fixo acompañado do editor Antón Lopo. Tamén indica, baixo a epígrafe de “Poesía”, que o poeta, historiador e xornalista Antonio Manilla protagonizou, o día 14 de marzo, unha nova sesión do ciclo ‘6 días, 6 poetas’ celebrado en Pontevedra.

_____, “Con gafas de sol y rebequita”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Cultura”, 17 marzo 2019, pp. 70-71.

Comenta que o poeta Javier Almuzara, gañador do premio Emilio Alarcos, cerrou, o día 16 de marzo, o ciclo ‘6 días, 6 poetas’, organizado pola Universidade de Vigo en Pontevedra.

_____, “Concierto en buena compañía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Cultura”, 18 marzo 2019, pp. 34-35.

Informa da celebración dun vermú entre libros na Librería Paz de Pontevedra coa presenza dos poetas Ismael Ramos e Lucía Aldao para falar do primeiro libro en solitario desta última, *Todo isto antes era noite* (Apiario, 2018).

_____, “Menuda fiesta, Campolongo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lecturas”, 26 marzo 2019, p. 54.

Informa da participación da escritora Eli Ríos na inauguración da Sala VIP do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra a través dun encontro cos alumnos de Secundaria e Bacharelato a partir da obra *DX*.

_____, “No me gusta el nuevo invierno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 4 abril 2019, p. 58-59.

Informa de que a Casa das Campás de Pontevedra acolleu, o día 3 de abril, un relatorio sobre a novela *Guías Caninos* (Aira, 2018) de Bieito Iglesias no que participaron, xunto ao seu autor, o historiador Carlos Méixome, o ilustrador Xulio Gayoso e o editor César Lorenzo.

_____, “Pontevedra, el mejor destino”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Encuentro”, 12 abril 2019, p. 70.

Recolle información sobre unha das xornadas celebradas na Librería Paz de Pontevedra no marco do ciclo ‘Teñamos a poesía en Paz’ na que participaron os poetas Carlos Lixó e Oriana Méndez.

_____, “Esperando por ‘Gladiator’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Letras”, 15 abril 2019, pp. 34-35.

Informa da celebración dun taller literario guiado polo escritor Manuel Vilas para clausurar o Festival Internacional de Poesía de Pontevedra Pontepoética na Casa da Luz desta cidade.

_____, “Me siento melancólica”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Poesía”, 14 abril 2019, pp. 62-63.

Informa da celebración do recital de clausura do Festival Pontepoética e da participación de Yolanda Castaño, quen presentou o evento, Silvia Penas, Jan Wagner, Antònia Vicens, Baldo Ramos, Castillo Suárez, Ismael Ramos, Pilar Pallarés, e Manuel Vilas.

_____, “Celebrando el Día del Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Libros”, 24 abril 2019, pp. 58-59.

Recolle a celebración a Semana do Libro no CEIP de Ponte Sampaio de Pontevedra, dando conta, entre outras actividades, da visita ao Centro de Día Boas Apertas, onde varios alumnos realizaron lecturas por parellas.

_____, “Mi agenda vuelve a estar llena”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Libros”, 25 abril 2019, pp. 58-59.

Faise eco da celebración, ademais do Día do Libro, da Semana da Lectura na residencia Soremay de Pontevedra. Así mesmo anuncia que a actividade contou coa participación de Fina Casalderrey, Carmen Quinteiro e Andrés Dacosta.

_____, “Alimentando el espíritu”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 27 abril 2019, pp. 62-63.

Informa da celebración dun taller de creación literaria no Pazo de Pontevedra baixo o título ‘A ciencia das letras: Ciencia, poesía e viñetas para constelar ideas e emocións’. Tamé sinala que a primeira xornada deste obradoiro correu da man da poeta Estíbaliz Espinosa.

_____, “Ante los bajones, mucha actividad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Lecturas”, 9 maio 2019, pp. 58-59.

Informa da presentación do libro *A gran travesía de Chiruca Macallás* na Librería Paz de Pontevedra nun acto no que participaron o autor, Xurxo Souto, Salvador Rodríguez e Lola Ribeira.

_____, “Sin trono de hierro pero llena de libros”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 960, “Álbum”, “La semana de Cuca M. Gómez”, 25 maio 2019, p. 13.

Dá conta da celebración do Concerto das Letras Galegas no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra e informa de que se interpretaron poemas musicados de Rosalía de Castro e Curros Enríquez. Tamén alude ao acto de presentación do libro *Extraordinario* de Antón Lopo publicado no ano 2018.

_____, “Sin sayo antes del 40 de mayo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Poesía”, 31 maio 2019, pp. 58-59.

Sinala, no apartado de “Poesía”, que o Pazo de Mugartegui de Pontevedra acolleu, o día 30 de maio, o encontro ‘Intempériome con Xela Arias’, que xirou arredor da obra da poeta e tradutora falecida en 2003 e no que participaron Ana Romaní, Cristal Méndez, Marga do Val e Susana Trigo. Tamén indica, baixo a epígrafe de “Lecturas”, que Buenaventura Aparicio presentou, o día 30 de maio, o seu libro *O anticonto da pedra do cervo* (Museo do Pobo Galego, 2018) nun acto no que, xunto ao autor, estiveron Rafael Quintía e Valentín G. Bóveda.

_____, “Disfrutando del modo ‘slow’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Despedida”, 10 xuño 2019, pp. 46-47.

Anuncia que o Teatro Principal de Pontevedra acolleu, o día 9 de xuño, a sesión de clausura do encontro internacional de contadores de historias Sete Falares. Así mesmo sinala a participación de Tâmara Bezerra, Ángela Arboleda, Carolina Rueda, Xurxo Souto, Cándido Pazó e Pavís Pavós.

_____, “Ni hacer las cosas mal me sale bien”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Cultura”, 24 xullo 2019, pp. 66-67.

Comenta que Xosé Fuentes Alende presentou, o día 23 de xullo, no Museo de Pontevedra a súa última obra, *Os Exvotos na relixiosidade popular galega* (Andavira, 2019), coa que gañou o I Premio de Investigación ‘Olimpo Arca’ do Concello de Cuntis.

_____, “De vinos y dramas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 3 agosto 2019, pp. 62-63.

Recolle a nova de que a editorial Urutau presentou o libro *A mama por cima dos tellados e o meu amor* de Maria Azenha nun acto no que participaron, xunto a súa autora, a poeta Carla Carbatti e o editor Wladimir Paz.

_____, “Ampliando mis círculos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 25 agosto 2019, pp. 62-63.

Dá conta da celebración da XL Festa do Gaiteiro en Soutelo de Montes como homenaxe ao gaiteiro Avelino Cachafeiro, así como da conmemoración do 50º aniversario da publicación do seu libro *Voando cas aas da vida*.

_____, “Arte con mensaje y sonidos del mar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 setembro 2019, pp. 54-55.

Informa da inauguración dunha exposición no Pazo Provincial de Pontevedra que, baixo o título ‘Sempre Marzo’, acolle música e poesía coa que 33 artistas manifestan o seu compromiso coa loita feminista. Así mesmo matiza que está organizada pola editorial A Xanela e comisariada por Yolanda Castaño.

_____, “El otoño empieza lleno de propuestas”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 973, “Álbum”, “La semana de Cuca M. Gómez”, 28 setembro 2019, p. 13.

Apunta o interesante que foi o acto de presentación, celebrado en Pontevedra, do libro *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de instituto* da autoría de Xesús Alonso Montero e publicado pola RAG no ano 2018.

_____, “La cerveza como protagonista”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 outubro 2019, pp. 70-71.

Faise eco da participación de Susana Sanches Arins nas actividades do Salón do Libro de Pontevedra, concretamente no encontro do club de lectura da Residencia de Maiores de Campolongo para falar do seu libro *Tu contas e eu conto* (Através, 2018).

_____, “La realidad de las aulas de cerca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 17 outubro 2019, pp. 58-59.

Anuncia que as e os poetas Sonia Marpez, Juan Bello e Claudia González foron os protagonistas do encontro literario ‘Teñamos a poesía en Paz’ celebrado na Librería Paz de Pontevedra o día 16 de outubro. Así mesmo comenta que a poeta Tamara Andrés foi a encargada de coordinar e conducir o acto.

_____, “Pontevedra es puro teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 21 outubro 2019, pp. 34-35.

Sinala que José Luis Villalba Barros foi o encargado de presentar o acto de homenaxe celebrado no Casal de Ferreirós de Pontevedra na honra do poeta falecido Afonso Lima, máis coñecido como ‘Pindoulo’.

_____, “La comarca se llena de premios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 outubro 2019, pp. 58-59.

Indica, no apartado “Fiesta”, que o EEI O Grupo de Marín celebrou o Día da Biblioteca cunha sesión de contacontos nas inmediacións da escola. Tamén comenta, baixo a epígrafe de “Cumpleaños”, que a asociación Amarinda de Mourente celebrou unha sesión do seu club de lectura na que participou Leticia Costas para falar da súa novela *Infamia*.

_____, “Mi agenda nunca está vacía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 30 outubro 2019, p. 58.

Comenta que o XV Brumario Poético, organizado pola Fundación Cuña-Casabellas. Fabulario Novo-Hipofanías se inaugurou no Teatro Principal de Pontevedra en homenaxe ao escritor César Vallejo.

_____, “Sábados llenos de arte y cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 24 novembro 2019, pp. 70-71.

Recolle a celebración do evento ‘Vermú entre libros’ na Librería Paz de Pontevedra e a participación de Daniel Asorey e Ana Cabaleiro no mesmo.

Gómez, Joel, “La biblioteca Ánxel Casal dedicará una sección a promover la lectura saludable”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 xaneiro 2019, p. L4.

Informa de que a biblioteca pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal asume o Proxecto Biblioterapia, que promove a lectura como apoio ao tratamento das enfermidades mentais. O proxecto ten como antecedente a literapia, impulsada por un grupo de médicos, filólogos, psicólogos, escritores e periodistas, entre os que se atopan Darío Villanueva, Francisco López Barxas e Blanca Roig.

_____, “Ana Brouwer”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 29 maio 2019, p. L6.

Reflexiona sobre o pouco coñecida que é a figura da compostelá Ana Silva, rebautizada como Ana Brouwer tras casar, e do papel que a profesora e escritora Teresa Moure tivo na súa recuperación. A este respecto alude aos libros *Um elefante no armário* (Atravês, 2017) e *Não tenho culpa de viver* (Chan da Pólvora, 2017); o primeiro por ser unha intensa biografía, e o segundo por incluír a tradución de oito poemas de Brouwer. Tamén amenta os libros *Eu violei o lobo feroz* (Atravês, 2013) e *Ostrácia* (Atravês, 2013) de Teresa Moure para defender o maxistral tratamento da autora do diálogo entre a verdade e a mentira.

_____, “Negra sombra’ y los ‘poetisos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Sin intención”, 20 novembro 2019, p. L2.

O artigo fala dun novo libro no cal Bart Vonck dialoga con *Negra sombra*, poñendo de novo en valor a obra de Rosalía de Castro. É un máis dunha longa lista de autores internacionais que se interesaron pola obra da poeta galega. Resáltase o feito de que, para John Frederick Nims, o resto dos autores da época, coma por exemplo Bécquer, son “poetisos” comparados con Rosalía

Gómez, Lupe, “O pan garda a memoria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Firma invitada”, 4 outubro 2019, p. 10.

Columna de Lupe Gómez na que fala do seu novo libro de cartas escritas a man, titulado *Fosforescencias*, no que quixo iluminar “os lugares onde aniña a música humana dos afectos”.

Gómez, Melissa, “Librería Miranda, onde nace a cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Morrazo”, 20 xaneiro 2019, contracuberta.

Dá conta da centralidade da Librería Miranda na vida cultural de Bueu, sinalando que en 2018 organizou arredor de 24 actos e participou nunha ducia máis. Entre os autores que visitaron a librería en 2018 atópanse Manuel Rivas, Pedro Feijoo e Xurxo Souto, entre outros.

Gómez Dorrego, Chus, “España monolingüe”, *Diario de Pontevedra*, “Y Además”, “Non tes tu fe”, 15 xaneiro 2019. p. 16.

Relata a vivencia de cando viaxou a Liverpool nunha viaxe de inmersión lingüística e das conversas sobre os idiomas cooficiais no Estado español co resto de mozos e mozas que, coma ela, viaxaban a Inglaterra para aprender inglés. Conta que estes recordos lle viñeron á lembranza a partir dunha reportaxe que Álvaro Colomer publicou en *La Vanguardia* e no que fala da asimetría na circulación de textos entre os distintos sistemas literarios presentes no Estado español. A este respecto fai alusión á escritora Leticia Costas e a súa novela para público infantil *Escarlatina, a cociñeira defunta*, coa que gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil e coa que obtivo recoñecemento máis alá das fronteiras do territorio galego.

_____, “Polo pan dos seus fillos”, *Diario de Pontevedra*, “Y Además”, “Non tes tu fe”, 12 febreiro 2019, p. 16.

Comeza reproducindo un poema pertencente ao libro *Das últimas mareas* (1994) de Ana Romaní, co que se iniciou un acto de homenaxe a unha serie de mulleres que loitaron contra a construción da fábrica de Ence na ría de Pontevedra. Informa que esta veneración foi celebrada na praza dos Praceres de Pontevedra e relata a historia de loita e reivindicación destas mulleres que defenderon o seu medio de vida até as últimas consecuencias.

González, Ana, “La Ruta Rosaliana”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 14 maio 2019, p. 31.

Comenta a súa participación nunha actividade cultural organizada polos concellos de Ames, Santiago, Brión e Padrón que consistiu nunha serie de visitas guiadas a puntos relacionados coa vida e a obra da escritora Rosalía de Castro, lamentando a escasa participación en xeral, sobre todo de persoas residentes na cidade apostólica.

González, Víctor, “Merdeiros’ supuestamente”, *La Región*, “Opinión”, 17 febreiro 2019, p. 34.

A propósito falar da repercusión política da presenza dos “merdeiros” no Entroido na cidade olívica, Víctor González fai alusión á emoción de ler Rosalía, Cunqueiro, Curro e Celso Emilio.

González García, Miguel Anjo, “Xa van setenta e cinco anos” *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Espazo libre”, 10 marzo 2019, p. 19.

Sinala as dúas efemérides que se celebran en Galicia no día 10 de marzo, por unha banda o Día da Clase Obreira Galega, en lembranza de Amador e Daniel, sindicalistas ferroláns asasinados pola policía franquista. Pola outra o 75 aniversario da publicación do *Sempre en Galiza* de Castelao, do que reproduce algunhas pasaxes.

_____, “Poñamos en valor o rural”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 17 abril 2019, p. 6.

Reproduce unhas palabras de Castelao que rezan: “As nosas vacas teñen o presebe na Galiza e os tetos en Madrid e quen non lle da de comer a vaca, non ten dereito a muxila”; para explicar a situación do rural galego que, ao igual que en todo o planeta, está a sufrir o envite do neoliberalismo en todos as súas fronteiras.

González Martínez, Xosé, “Himnos e bandeiras”, *El Progreso*, “Opinión”, 8 xaneiro 2019, p. 26/*Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 4 xaneiro 2019, p. 46.

No centenario da creación do Himno Galego o autor do artigo conta como soubo el da súa existencia nun tempo no que estaba prohibido interpretalo en público e como conseguiron sacalo da clandestinidade e consagrar o seu uso en certos actos e cerimoniais, sobre todo de corte relixioso. Tamén fai alusión á xénese da estrofeira ou bandeira nacionalista e do seu papel na súa creación e socialización. Para dar conta destes feitos recolle uns versos do himno, pertencentes ao poema “Os Pinos” de Eduardo Pondal.

_____, “Día da galegitude empresarial para Isaac Díaz Pardo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”/*El Progreso*, “Opinión”/*La Región*, “Opinión”, p. 31/*Faro de Vigo*, “Tribuna del lector”, 17 xaneiro 2019, p. 49, 15 xaneiro 2019, p. 24.

Anuncia que o Foro E. Peinador lle adica este ano o Día da Galegitude Empresarial a Isaac Díaz Pardo e recolle un breve repaso pola traxectoria desta figura destacada da cultura galega. Comeza contando unha anécdota do día da inauguración do Laboratorio de Formas na que se ve involucrado Ánxel Fole e continúa explicando o importante papel da empresa Sargadelos como motor imprescindible no progreso de Galicia e como alicerce da galegitude.

_____, “Empresarios que escorrentaron o medo”, *El Progreso*, “Opinión”, 13 marzo 2019, p. 28.

Fai alusión ao feito de que varias empresas galegas adoptaron o discurso da galegitude empresarial, co apoio da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, escenificando, por primeira vez, a constitución dun grupo de empresas que se deu a coñecer na publicación *A empresa en galego*, unha edición moi coidada, na que unha ducia de directivos anunciaban a incorporación da lingua galega a algunhas das súas actividades. De todas elas destaca a Empresa Castromil por ter sido a máis mediática, que editou os chamados *Contos do Castromil* e lle puxo a toda a frota de autobuses nomes de escritores e personaxes da historia de Galicia.

_____, “Reconstruíndo o relato galeguista”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 15 abril 2019, p. 16.

Anuncia que o Foro E. Peinador acaba de recibir das mans do señor Alcalde de Mondariz-Balneario a Medalla de Ouro do Concello concedida polos méritos que recolle a acta do acordo aprobado por unanimidade dos grupos municipais da corporación. Indica que nesta acta se explicita que o Concello foi o berce no que se arrolou unha parte importante da historia do pensamento económico galego, seguindo as liñas tracexadas por Alfredo

Brañas, unha figura senlleira do rexurdimento galego de fins do século XIX, que Enrique Peinador Lines soubo recoller e actualizar nos tempos que lle tocaron dirixir o Balneario e a marca que comercializaba as augas de Mondariz.

_____, “Enrique Peinador, memoria dun empresario galeguista”, *El Progreso*, “Opinión&Análisis”, 22 xullo 2019, p. 22.

Artigo sobre a memoria do empresario Enrique Peinador Lines, no que amenta a Ramón Cabanillas, que fora o encargado de prensa e relacións públicas do balneario de Mondariz. Apunta que grazas ao mecenado de Peinador, a revista *Nós* volvera saír do prelo logo de ano e medio de interrupción da súa publicación por falta de financiamento.

_____, “Por unhas festas máis galegas”, *Diario de Pontevedra*, 30 xullo 2019, p. 26/ *El Progreso*, 31 xullo 2019, p. 20/ *La Región*, 1 agosto 2019, p. 42, “Opinión”.

Comenta o iguais e repetitivas que son as verbenas galegas, ao servizo de empresas de espectáculos totalmente desgaleguizadas e alude á creación da campaña ‘Mil festas máis para a lingua galega’ explicando que naceu para combater o anterior a través de múltiples propostas. Tamén recolle que unha das dez propostas se refería ao himno galego, xa que era costume que na celebración da misa maior, no momento da consagración, a banda de música interpretase os acordes do himno español, e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, propuxo substituílo polo himno galego.

_____, “Os agostos da represión franquista”, *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 21 agosto 2019, p. 41/ *La Región*, 24 agosto 2019, p. 16/ *El Progreso*, 26 agosto 2019, p. 16, “Opinión”.

Nun artigo no que se lamenta que nalgúns concellos galegos nos que aínda quedan vestixios de conmemoracións franquistas non se erixan monumentos para recoñecer a todas as vítimas, recolle uns versos do poema “Cunetas”, de Lois Pimentel: “¡Outra vez, outra vez o terror!/Un día e outro día, /sen campás, sen protesta./Galicia ametrallada nas cunetas/dos seus camiños; hai un home morto na cuneta,/que ningún coñece aínda,/unha muller sobre o cadáver do seu home/chora”.

_____, “Facendo pé nas raíces da terra”, *Diario de Pontevedra*, 4 setembro 2019, p. 24/ *La Región*, 12 setembro 2019, p. 34, “Opinión”.

O artigo comeza falando dun video enviado por Reme Martínez, no cal aparece o seu pai, Pepe Guindeiro, aventando a súa leira. O coidado co cal a terra estaba labrada, faille reflexionar ao autor acerca dun ensaio de Juan Rof Carballo chamado *Mito e realidade da Terra Nai*. A necesidade de ter unha visión realista para o galeguismo lémbrale unha carta que recibiu de Xosé Neira Vilas, na cal argumentaba que o galego debe estenderse mediante o seu uso no ámbito económico, na vida cotiá e manifestando que o ámbito literario tiña pouca incidencia na sociedade común.

_____, “Homenaxes a Pepe Velo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión”, 29 outubro 2019, p. 22.

Trata a figura de Pepe Velo, personaxe relevante na loita contra o fascismo e no nacionalismo galego. Pepe Velo comezou militando nas Mocidades Galeguistas en

Celanova, para despois aproximarse ao Partido Comunista, axudando na coordinación da guerrilla no sur de Galicia. Debido a isto foi detido e torturado, pero finalmente logrou escapar a Venezuela, onde participou en actividades políticas e na colectividade galega. Coa intención de retratar a súa figura e o seu legado, o autor, en colaboración con Víctor Velo, fillo de Pepe Velo, publica un suplemento no *Faro de Vigo*.

Guitián, Javier, “Corredoiras”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “En ocasiones veo grelos”, 22 febreiro 2019, p. 18.

Reflexiona sobre o rápido proceso de despoboamento do rural que se está vivindo en Galicia coa intención de chamar a atención sobre a desaparición de boa parte dos camiños tradicionais, chamados corredoiras. Indica que se lembrou de moitos destes camiños ao ler un libro de Robert Macfarlane, Dan Richards e Stanley Donwood publicado por Factoría K da man de Xesús Fraga baixo o título de *Corredoira* (2018).

Gutiérrez, Eduardo, “Realismo máxico austral”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p.31 “Aequo animo”, 12 xaneiro 2019.

Reflexiona sobre os resultados electorais en Brasil e as declaracións do Ministro de Asuntos Exteriores deste país a respecto da intervención divina nestes comicios. En relación a isto e ás crenzas e santos propios dunha determinada cultura fai alusión á Virxe do Cristal e ao poema que Curros Enríquez lle dedicou, recollendo algún dos versos máis memorábeis.

_____, “Letras e voces”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/*El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “Aequo animo”, 2 febreiro 2019.

Lembra a columna de opinión que tivo Carlos Casares, “A ledicia de ler”, e tamén fai alusión á columna de Xesús Alonso Montero, “Beauts qui legit”, interpretando a lectura coma un gozo.

_____, “Evocación dunha adversidade”, *El Progreso*, “Opinión”, “Aequo animo”, 9 febreiro 2019, p. 3.

Anuncia que tras ver unha reportaxe sobre o golpe de Estado do ano 1982 el e un amigo decidiron indagar nese suceso a través das vivencias e as lembranzas dos seus veciños e veciñas. É así que ao longo do artigo se rememora ese episodio da historia do Estado español e se indica que o golpe, fallido, tivo lugar un luns, e que no xoves seguinte tiñan lugar as eleccións nas que saíu investido presidente Leopoldo Calvo-Sotelo e que isto foi motivo de celebración en Ribadeo de forma extraordinaria, en tanto que este político tiña vínculos con esta vila. Para ilustrar isto último rescata unhas declaracións de Castelao que rezan que “a vila natal non é como as demais vilas”.

_____, “Faladores e oradores”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/*El Progreso*, “Opinión”, p. 33, “Aequo animo”, 23 febreiro 2019.

Co gallo de que un político, do que non di o nome, empregase o termo felón para dirixirse a outro compañeiro de profesión, reflexiona sobre certos usos léxicos e a importancia da oratoria e a retórica na comunicación, sobre todo a que ten que ver co ámbito de representación política. En relación a isto fala e destaca as capacidades de oratoria dalgún dos nosos devanceiros, nomeadamente Castelao, Otero Pedrayo e Carvalho Calero.

_____, “Símbolos parlantes”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 41, “Aequo animo”, 9 marzo 2019.

A propósito de ter lido un artigo no que se reflexionaba sobre a vulgaridade da maioría dos himnos nacionais comenta que o himno de Galicia, baseado no poema “Os Pinos” de Eduardo Pondal, non ten asociados valores negativos ou de rexeitamento, e que o único apunte que se lle fai é que faga do pino a esencia nacional e non o carballo. A respecto desta cuestión recolle un poema en castelán de Rosalía no que eleva ao carballo á categoría ‘árbore patria’.

_____, “Lembranza e receos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 35, “Aequo animo”, 16 marzo 2019.

Céntrase no libro *La traición. Historia de la traición regia en León y Castilla* de Aquilino Iglesia Ferreirós. A propósito deste autor comenta que é fillo do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, a quen califica como unha das voces senlleiras da poesía galega e de quen cita o libro *Cómaros verdes* (1947).

_____, “Lóstregos da memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 27 xullo 2019, p. 29.

Indica que participou nas xornadas Ribadeo Indiano, presentando e escoitando a Xavier Alcalá, que pronunciou unha conferencia sobre a emigración a América. A propósito do tema, cita a Antón Vilar Ponte, en *Almas mortas*: “Aquí chámanlles americanos e en América ‘gallegos’ e nen son galegos para nós nen americanos para os de América”.

_____, “Cantan os galos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 22/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Aequo animo”, 21 setembro 2019.

O artigo parte dunha noticia acerca dun galo e os problemas que causaba ao comezar a cantar moi cedo no centro urbano. Aproveitando isto, comeza a falar do papel do galo na literatura galega, facendo alusións a un poema de Rosalía de Castro, a Celso Emilio Ferreiro con *A taberna do Galo* e a Manuel María con *Kricoi, Fanoi e D. Lobonis*.

_____, “Comentarios na beiramar”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 35, “Aequo animo”, 21 decembro 2019.

Reflexión sobre política, concretamente da política clandestina que se desenvolve nas marxes. No caso de Galicia, cítase a Castelao ao considerar a Arxentina coma segunda patria e ao falar dos movementos que se desenvolveron. Remata dicindo que para entender mellor a situación actual, cómpre repasar a traxectoria do nacionalismo galego contemporáneo.

Iglesia, Ana, “Días de yoga, de música con Rozalén y de libros con Jabois”, *El Correo Gallego*, “Galicia verano”, “Al sol que más calienta”, 15 agosto 2019, p. 16.

O artigo comeza falando das distintas actividades que se están a realizar durante o verán, con concertos, exposicións e demais. Nestas actividades destaca a lectura do pregón nas festas de Vilagarcía, realizada por Marcos Calveiro, autor de *O xardiñeiro dos ingleses*.

Iglesias, Ana, “Navidad, rupturas, mariscadas y bailes ‘dirty dancing’”, *El Correo Gallego*, “[LO+]”, 12 decembro 2019, p. 55.

O artigo fala do feito de que tras o Nadal aumentan moito os divorcios. Tamén relacionado coas festas, fala da comida predilecta dos galegos nelas, que é o lagostino. Unha vez que rematan as festas, hai unha serie de eventos, entre os que destaca o estreo en cine de *Eroski Paraíso*, baseada nunha obra teatral de Chévere.

Jardón Dacal, Xosé Antón, “As doenzas dos concellos galegos, preludeo”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 7 febreiro 2019, p. 34.

Recolle unha liñas pertencentes á novela *A cidade dos Césares* (Xerais, 1993) de Víctor F. Freixanes para ilustrar as reflexións que inclúe a continuación a propósito das eleccións municipais do día 26 de maio. Verte opinións sobre a situación de abandono e de falta de servizos que viven moitos concellos galegos, fundamentalmente do rural, e do desprezo maioritario cara aos representantes políticos destas entidades locais.

_____, “As doenzas dos concellos galegos: os servizos básicos”, *La Región*, “Opinión”, 7 marzo 2019, p. 3.

Recolle uns versos pertencentes ao poemario *Follas Novas* (1880) de Rosalía de Castro para ilustrar as reflexións que inclúe a continuación a propósito da modificación da lexislación básica do réxime local promovida polo ministro Montoro e o Partido Popular no ano 2013.

_____, “A discriminación económica”, *La Región*, “Opinión”, 16 maio 2019, p. 3.

Encomeza o artigo centrado na economía reproducindo uns versos de Xosé María Díaz Castro: “Un paso adiante e outro atrás, Galiza,/ e a tea dos teus soños non se move./ A esperanza nos teus ollos se espreguiza./ Aran os bois e chove”.

_____, “O contexto que nos esmaga”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 30 maio 2019, p. 34.

Reproduce unha breve pasaxe do libro *Que me queres amor?* (Galaxia, 1995) de Manolo Rivas no seo dun artigo no que reflexiona sobre os períodos electorais e todo o fasto que os rodea.

_____, “Regálenos bonsais, señor alcalde!”, *La Región*, “Opinión”, “Cartas sen selo”, 28 novembro 2019, p. 39.

O artigo é unha petición a un alcalde. Está encabezado por unha cita de Antón Riveiro Coello de *Á sombra dos bonsais*. No artigo o autor critica unha ponte que se construíu sobre o Miño e un edificio tamén de recente construción. Di que se fugou da cidade e remata pedíndolle bonsais ao alcalde, xa que nada pode ocultar as construcións realizadas.

Jaureguizar, Santiago, “Anxo Rei, un tren que atravesa a cabeza”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 165, 6 xaneiro 2019, p. 8.

Reflexiona sobre a figura e a personalidade do escritor Anxo Rei Ballesteros, a quen define coma unha orfo nado na fervorividade política do Santiago dos anos 60, que de neno andaba solto polas rúas. Relaciona todo isto co carácter nihilista da súa escrita e conta unha anécdota do día que xantou con el no restaurante Carretas de Santiago de Compostela. Menciona dúas das súas obras, nomeadamente *Dazanove badaladas* recuperada por Galaxia no ano 2018, e *Non sei cando nos veremos* (Galaxia, 2005).

_____, “Unha chamada á Policía Sentimental”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 166, 13 xaneiro 2019, p. 8.

Comeza relatando a historia dun día que foi a Ribadeo na busca duns ovos por causa dun desexo inexplicábel e o cartel dun concerto de Amancio Prada que viu na rúa Rodríguez Murias e do relato tradicional que se xestou na vila a propósito dunha vivenda que Amancio tiña nesta rúa. Nesa casa Amancio coñeceu a unha enfermeira á que lle alugaba un dos andares e namorou dela e ela del cando o escoitou versionar o poema “No niño novo do vento” de Álvaro Cunqueiro. Continúa coa súa historia dos ovos e reconstrúe o traxecto e as paradas que foi facendo mentres daba conta deste recado e conta que se atopou cun amigo, Gelo, quen lle contou do concerto de Amancio Prada e do marabilloso que estivo na súa interpretación de poemas de Lorca, Rosalía e Cunqueiro. Remata contado a anécdota dunha noite que se atopou cunha muller que dicía buscar vinganza polo rexeitamento sentimental de Amancio Prada e de como esa muller levou a cabo o seu plan.

_____, “As pernas como paraíso e inferno”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 169, 3 febreiro 2019, p. 8.

Relata os distintos encontros con distintas personalidades ao longo da semana, entre os que destaca o do xoves con Luz Pozo Garza. Afirmar que estiveron dialogando sobre o tempo, que faláron sobre os océanos de horas que atravesou ela, faláron sobre o pazo dos Garza en Tor, faláron dun crucifixo que lle regalou a nai e sobre a revista *La Esfera*, que se publicaba cando Luz era nena. Conclúe con que aprendeu desa conversa con Luz Pozo que o seu manual de primeiros auxilios para ser feliz é ser inmune á xenreira, ignorando a maldade e sendo despectiva coa perversión.

_____, “O mellor paseador de hospitais de Galicia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 171, 17 febreiro 2019, p. 8.

Reflexiona sobre o que é Galicia a partir da adquisición do volume *Unha nación no mundo. A razón resistente (1480-2010)* (Xerais, 2019) de Camilo Nogueira e afirma que para el Galicia son, sobre todo, os seus poetas enfermos que morreron novos como Lois Pereiro e Xela Arias. Desta última fai alusión a un conto que escribiu cando nena no que

definiu a Galicia baixo o título “A pobreza é a negrura da aldea” e aporta, brevemente, os datos máis significativos da súa traxectoria vital e literaria.

_____, “A noiva levitadora de Quico Cadaval”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 173, 3 marzo 2019, p. 8.

Conta un encontro con Manuel Xosé Neira no que este, entre outras cousas, lle comenta que lle gustaba máis o “*Táboa Redonda*” cando o dirixía Ánxel Fole. A respecto do autor do Incio sinala que a vella garda do xornal *El Progreso* contaba moitas anécdotas de Fole: a súa orixinalidade, o seu caos, a súa delicadeza arisca, ou medo que lle fixo compañía en todo o franquismo, para despois cuestionar o propio peso que Fole ten no sistema literario galego, dicindo que a súa calidade é respectable, que foi quen de transformar a literatura oral en magníficos relatos de medo, pero que o Premio Nobel era un traxe que lle viña grande. Con este pretexto continúa falando de propostas para homenaxes que el considera desproporcionadas, como por exemplo o Día das Letras Galegas para Chano Piñeiro.

_____, “Un, dous xemelgos; un, dous vietnams”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 175, 3 marzo 2019, p. 8.

Comenta que lle fascinan os irmáns xemelgos porque poden intercambiarse en calquera momento, facéndose pasar o un polo outro. Nesta liña apunta que antes da chegada de internet calquera podía facerse pasar por outro e conta unha anécdota de cando, presentando un libro de artigos no que el nin participara, asinou un exemplar co nome de Ánxel Fole.

_____, “A vida? Iso é un asunto do servizo”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 180, 21 abril 2019, p. 8.

Fai alusión a Álvaro Cunqueiro para explicar que á súa muller non lle gusta a xeografía e que é unha afortunada por non ter que ler ao autor mindoniense. Continúa o artigo dando conta da súa amizade con Braulio Vilariño, un dos promotores do Festival Agrocuir da Ulloa e rexente durante máis dunha década do pub Modus Vivendi de Santiago de Compostela.

_____, “Ben. Ou queres que entremos en detalles?”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 184, 19 maio 2019, p. 8.

Recolle unha crónica da súa participación na Gala do Libro Galego, celebrada en Santiago, en calidade de representante da *Táboa Redonda*, que estaba nominado en varias categorías dos Premios. Comenta que esta representación supón unha grande responsabilidade e non se pode ir vestido de calquera forma, polo que abriu unha enquisa en Twitter para que os contados afeccionados ás súas camisetas escollesen unha. Continúa aludindo ás distintas personalidades coas que se atopou no evento, nomeadamente Camilo Franco, Carlos Reigosa, Marilar Aleixandre, Siro López, César Sánchez, Daniel Salgado ou Montse Dopico. Así e todo destaca a intervención de Iolanda Zúñiga, de quen lle chamou a atención o seu discurso de agradecemento polo premio recibido pola novela *Natura* (Galaxia, 2018).

_____, “A RAG pon asterisco á Operación Lusista”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 189, 23 xuño 2019, p. 8.

Informa de que a Real Academia Galega vén de escoller a Ricardo Carvalho Calero como figura a homenaxear para o vindeiro Día das Letras Galegas. Así mesmo matiza que a incapacidade da Academia para liderar un debate na sociedade, conduce a que, cando o fai, o faga con movementos tan torpes que a conducen ao ridículo, de forma que a conversa que debería abrirse arredor da norma do galego se converte nunha discusión que trata de determinar quen quere máis a Carvalho Calero. Continúa e finaliza o artigo explicando como foi o proceso de selección, quen presentou cada candidatura e como se desenvolveu o debate arredor de cada figura.

_____, “Avisa a mamá de que non me garde tortilla”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 190, 30 xuño 2019, p. 8.

Comenta que a Biblia recolle, en distintos tramos, reflexións sobre as linguas, no primeiro caso, saber linguas é unha desgraza e no segundo, unha beizón. A continuación aporta o dato de que o tradutor Jairo Dorado Cadilla fala 18 e que desa sabedoría lle nace o interese por Isaac Bashevis Singer, o autor idish que recibiu o Nobel, para introducir un fio de Twitter de Jairo que atopou fai pouco e que quere resumir aos seus lectores. Trátase dun arco narrativo entre José Yglesias e Ánxel Fole, que cruza sobre Singer. Desta forma explica, en primeiro lugar, quen é Yglesias, amentando os títulos *O país do adeus* e *No primeiro da Revolución* da súa autoría. En segundo lugar conta como se coñeceron Yglesias e Fole e como o primeiro se converteu nun grande admirador da escrita do lucense, de forma que cando Singer recibe o Nobel, en 1977, os Yglesias regaláronlle un libro cos contos de Ánxel Fole traducidos expresamente. Tamén comenta que a partir deste punto, o relato de Jairo Dorado despega e conta que o pai da asistente que traballaba en casa de Singer estudara con Fole, de forma que o novelista xudeu comeza a obsesionarse e trata de contactar con Ánxel Fole, sen éxito, posto que o galego morre en maio 1986. Finaliza o artigo contando que Fole foi proposto, pola Academia, para o Premio Nobel, ao igual que Ferrín, e a partir de aí dedicase a relatar os casos de corrupción acontecidos no seo da RAG e protagonizados polo propio Ferrín.

_____, “Mickey Mouse tras as pragas de Exipto”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 192, 14 xullo 2019, p. 8.

Repasa a súa propia produción literaria, encadrada, maioritariamente, na literatura infantil e xuvenil, amentando os volumes *Todo a cen*, unha novela anfetamínica na que conta as experiencias de Xoán, que pasou de ser amigo a drogadicto; *Corazón de chocolate*, unha novela clásica de heroe e aventura sobre un rapaz que investiga un misterio en Compostela. Comenta que, por distintas razóns, estas obras acabaron sendo censuradas e apartadas dos centros de ensino e alude a outros escritores que sufriron a mesma persecución, nomeadamente Pablo Fernández Barba, alias Perroloco, a quen censuraron a súa novela *Transición*. Responsabiliza disto á crítica literaria Montse Pena Presas, quen arremete contra o protagonista polo seu machismo e conta que en consecuencia disto os novos responsábeis de Urco, editora que publicou o libro, en 2016 retiraron *Transición*. Conclúe afirmando que este moralismo constante está tendo como consecuencia a fuxida dos lectores cara a outros sistemas literarios que teñen unha oferta temática máis variada, nomeadamente o español e o inglés.

_____, “Alfredo Conde deixa pasar o vento”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 194, 28 xullo 2019, p. 8.

Critica as bases ideolóxicas e históricas que serviron para a construción do nacionalismo galego, así como as figuras escollidas como mártires ou líderes, facendo alusión a Castelao e ao seu ensaio *Sempre en Galiza*. Continúa afondando nesta cuestión e manifesta o seu desacordo coa reivindicación da figura do Mariscal Pardo de Cela e explica que as Irmandades da Fala impulsaron a ópera *O Mariscal* porque “se tiñas unha ópera, tiñas unha nación”. Con relación a isto comenta que Alfredo Conde ten escrito sobre persoeiros galegos, como o Marqués de Sargadelos ou María Pita e alude á súa última publicación, nomeadamente a novela *Un vento que pasa*. Desta obra di que está protagonizada por un doente terminal que dialoga con compañeiros de desgraza; que es personaxes son “un inspector de Facenda, un avogado, un cura secularizado e un dependente de El Corte Inglés”; e que o seu autor defende que “non é autobiográfica”. Finaliza o artigo repasando a traxectoria profesional do escritor alaricano.

_____, “Os gatos visten nomes de estrelas do jazz”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 197, 15 setembro 2019, p. 8.

O autor do artigo reflexiona acerca da súa familia, da súa relación coa música e das vivencias que tivo con diversos personaxes da cultura. Nesta reflexión compara ao seu irmán Iñaki co saxofonista de *Ollos de auga*, de Domingo Villar.

_____, “Unha cumbia de cando había milagres”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 207, 27 outubro 2019, p. 8.

O artigo reflexiona acerca de varios temas, comezando polo Quiqui Bar, que operou en Santiago entre 1926 e 1947 e que supuxo “un sopro de alegría” na cidade. A este club acude Stephen Dédalus na obra *Dédalus en Compostela* de Vicente Risco. Despois, reflexiona acerca da morte de Franco e da figura de Víctor Coyote, relacionando ambos coa idea de que a vida é cíclica

_____, “A vida sexual de Alfonso Daniel R. C.”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 208, 1 decembro 2019, p. 8.

O artigo parte do descubrimento do autor de que Cortázar non morreu de leucemia. A partir disto reflexiona sobre a morte de Castelao e a súa obra, e tamén de *El libro de los adioses* de Ramón Pernas. Tamén fala da vida sentimental de Cortázar e da súa segunda parella, que era lituana. Lituania está ligada ao kummel, do cal o autor facía unha receita a base de pato, aínda que Cunqueiro dicía que a mellor versión da receita era a do cura de Durría. En relación con Buenos Aires, cidade de Cortázar, fala de Vigo e do Faro, no cal participou Cunqueiro. Volvendo con *El libro de los adioses*, fala da opinión de Ramón Pernas acerca de Lorca e pregúntase cal terá sobre Rosalía. Remata falando de Cesáreo González e da súa proposta a Pedrayo para facer un filme sobre Galicia en 1954.

Juana, Jesús de, “Recordando a Vicente Risco”, *La Región*, “Opinión”, 30 abril 2019, p. 41.

Co gallo do 56º cabodano de Vicente Risco repasa a traxectoria vital e literaria deste intelectual galeguista. Sinala que Risco foi un dos maiores pensadores nados en Galicia

e unha das figuras máis destacadas do nacionalismo galego, facendo alusión ao seu famoso ensaio *Teoría do nacionalismo galego* (1920).

Labarta, Uxío, “El ‘apartheid’ gallego: ¿del gallego?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Codex floriae”, 25 xaneiro 2019, p. 16.

Reflexiona sobre a situación sociolingüística da lingua galega, facendo alusión a organizacións e partidos políticos que se suman a iniciativas que contribúen no seu desprestixio e ao retroceso no número de falantes, así como a estratexias postas en marcha en territorios con lingua propia pero sen estado de seu, nomeadamente Irlanda e Euskadi. Para dar conta de todo isto apoiase no ensaio *A terra quere pobo* de Xosé Luís Barreiro e aporta datos tirados deste volume.

Lema, Alberto, “Afrogalegas”, *La Opinión*, “Opinión”, “Algo que declarar”, 3 xullo 2019, p. 20.

Comeza reproducindo o verso “canto dura un pobo?”, que Uxío Novoneyra incluíu nun poema da súa obra *Vietnam Canto*, para, a continuación, explicar como se constrúen as identidades dos pobos a partir da reivindicación dun colectivo de mulleres de orixe africana veciñas da Coruña de ser recoñecidas como galegas de pleno dereito. Nesta liña crítica o racismo estrutural que define as sociedades española e galega e reclama a construción dunha identidade galega renovada, aberta e plural. Finaliza o artigo reproducindo outro verso de Novoneyra pertencente ao mesmo poemario e que reza así: “un pobo nace sempre, un pobo non remata nunca, nunca”.

Limia de Gardón, Xabier, “Belén Padrón e Xosé Carlos Seoane, o paraíso dende as frores”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 11 marzo 2019, p. 7.

Fai un breve repaso pola traxectoria vital e artística de Belén Padrón e Xosé Carlos Seoane. Da primeira comenta que, no 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, foi a encargada de ilustrar unha escolma poética de Rosalía de Castro.

_____, “Alexandre Bóveda, lección pictórica maxistral de Castelao”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 1 abril 2019, p. 10.

Indica que, dende inicios de marzo, o cadro político de Castelao *A derradeira lección do mestre* preside a biblioteca do Pazo Provincial, ao carón das cinsas de Rodolfo Prada e Manuela Fraga. Apunta que tamén se exhibe o discurso “Alba de gloria”, a primeira edición de *Sempre en Galiza* e unha bandeira galega. Ademais, sinala a presenza dun folleto ilustrado con texto de Luís González Tosar que narra que unha mañá de 1944 en Bos Aires Prada visita a Castelao con Domingo Maza, escultor que estaba a realizar un busto de Alexandre Bóveda e quen lle propón a Castelao a realización do gran óleo.

_____, “Os musicais versos de Armando”, *La Región*, “Ciudad”, “Arte et alia”, 23 decembro 2019, p. 20.

O artigo fala do autor Armando González e dunha nova edición da súa obra *Escolma imposible (e incorrecta)*. O disco-libro contén múltiples dedicatorias e entre as diferentes influencias da obra encontramos a Blanco-Amor.

López, Uxía, “A Casa de Rosalía abre as súas fiestras á cultura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festival”, 9 xullo 2019, p. L6.

Informa de que a Casa de Rosalía acolle, a fin de semana do 13, 14 e 15 de xullo, a segunda edición do festival *Abride a fiestra*, co que a fundación que leva o nome da escritora quere conmemorar a data do seu pasamento. Sinala que a Casa da Matanza será o escenario de diferentes manifestacións culturais que teñen a Rosalía como figura central e que o programa comeza o sábado cun recital poético multilingüe co Colectivo de Poetas en Bruxelas e un grupo representativo da poesía galega actual. Así mesmo matiza que o día grande será o domingo, cando a Casa de Rosalía celebra un xornada de portas abertas na que, ademais de actuacións musicais, haberá unha ludoteca, unha feira con produtos rosalianos e visitas guiadas por personaxes coñecidos ou especialistas. Finaliza apuntando que o luns, día 15, a fundación realizará unha ofrenda floral no cemiterio de Adina.

López Silva, Inma, “O importante é quererse”, *Xornal*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 25 xuño 2019, p. 16.

Considera que se aos galegos pouco lle importa a identidade do homenaxeado no Día das Letras, a liorta de todos os anos entre os académicos aínda menos, pero que a ela si que lle produce curiosidade e séguelas con atención. Continúa comentando que un grupo de académicos escribiu o comunicado titulado *A Galicia insólita: dúas propostas para Carballo Calero DLG 2020*, feito que, ironicamente, lle parece entrañable. Así e todo quere matizar que as leas na academia nunca se deben a motivos intelectuais; a realidade é que na academia se discuten os problemas persoais herdados de fai décadas. Finaliza apuntando que Ricardo Carvalho Calero, ante esta situación, debe estar remexéndose de deshonra.

Lorenzo, Manuel de, “Un gallego chamado Gabriel García Márquez”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 72, “Que parezca un accidente”, 8 febreiro 2019.

Reflexiona sobre a orixe galega do concepto de ‘realismo máxico’ ao mesmo tempo que trata de explicar en que consiste. Tamén intenta desmitificar que o colombiano Gabriel García Márquez sexa o pioneiro deste subxénero narrativo, posto que a técnica narrativa empregada en obras como *Cien años de soledad* (1967) responden, en palabras do propio autor, á forma de narrar que tiña a súa avoa, galega de orixe. Para reforzar esta idea da orixe galega do realismo máxico o autor do artigo fai alusión ao *Merlín e familia* de Cunqueiro e apunta que o escritor mindoniense xa empregara o concepto de ‘realismo fantástico’ para definir á súa obra.

Lorenzo Baleirón, Manuel, “O sombreiro de Murga”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 21 xullo 2019, p. L8.

Reproduce o conto “O sombreiro de Murga”, sobre o rato que vive na Casa da Matanza debaixo do sombreiro de copa de Manuel Murguía, indicando que llelo contou aos asistentes máis pequenos do festival “Abride a fiestra”.

Martínez González, Xurxo, “Mulleres e fotografía. Cándida Otero a contra luz”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 698, “Fotografía”, 31 xaneiro 2019, p. IV.

Artigo sobre as mulleres pioneiras na fotografía en Galicia. Entre elas, amenta a maría Cardarely e Juana Cabello, que retrataron a Rosalía de Castro, e a Cándida Otero, que fotografou a Manuel Curros Enríquez.

_____, “Sport e Política. Andrés Rodríguez Barbeito, xornalista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 733, 21 novembro 2019, cuberta.

Artigo que versa sobre Andrés Rodríguez Barbeito, reporteiro do século XX que escribiu no *Faro de Vigo* e *Céltiga*, na cal colaborou Blanco-Amor. Antes de falar da súa vida, o autor do artigo lembra a inminencia da morte, citando a un autor cuxo nome reconece que non recorda, pero que foi louvado por Aquilino Iglesia Alvariño. Da vida de Andrés Rodríguez Barbeito, fálasenos de como foi expulsado do Brasil polo seu suposto comunismo e como escribiu en *Opinión Gallega*, publicación próxima a Castelao.

_____, “No arquipiélago das tertulias. Eugenio Montes, desgarrado e excéntrico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 737, 19 decembro 2019, cuberta.

O artigo fala do último libro de Juan Manuel de Prada, *Las máscaras del héroe*, que vén acompañado dun complemento, *Desgarrados y excéntricos*, que fala das vangardas. Fai un percorrido por diversas figuras que se viron envoltas neste movemento. Con respecto a Galicia, aparece Vicente Risco, relacionado con Montes. Este deixou algúns poemas en galego, como *Versos a tres cás o neto*. Remata lembrando outras figuras das vangardas galegas, coma Manuel Antonio, Cunqueiro e Amado Carballo.

Mayoral, Marina, “Presenten os cans a morte?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Páxinas soltas”, 24 febreiro 2019, p. 16.

Reflexiona sobre unha das crenzas máis arraigadas no mundo rural a respecto de que os cans presenten a morte e ouvean cando alguén vai morrer e fai alusión a un poema de Rosalía de Castro no que se reflicte ese feito. Comenta que está a preparar unha edición da poesía de Rosalía e que ao chegar ao poema antes comentado pensou en deixar unha nota ao pé para explicar esta superstición, pero que finalmente non a puxo porque se lembrou dalgúns casos como o de Shannen Doherty que lle fixo pensar que ese instinto canino si que existe.

_____, “Fin de vacacións”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Páxinas soltas”, 17 agosto 2019, p. 11.

O artigo fala do fin do verán e das vacacións a partir do 15 de agosto. A chegada do outono percíbese sutilmente en Madrid nesas datas, pero en Galicia o vento do norte faino

evidente. En relación con esta chegada do frío fala da preferencia de Rosalía de Castro polo inverno, reflexado nun dos seus poemas.

Meira, Manuel, “Bóveda como símbolo da Galiza Mártir”, *La Región*, “Opinión”, 13 agosto 2019, p. 40.

Artigo con motivo da conmemoración do Día da Galiza Mártir o 17 de agosto, no cal sinala a Alexandre Bóveda como símbolo e no cal amenta a Castelao, Ánxel Casal e Johan Carballeira.

Méndez Ferrín, X. L., “Por un circo galego”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 637, “No fondo dos espellos”, 5 xaneiro 2019, contracuberta.

Nun artigo sobre o circo galego, cita ao Mago Antón e a Suso da estirpe Silva Méndez e menciona espectáculos como o Arnoia, Arnoia, Orquestra de Malabares e ALMA.

_____, “Balea morta no colo da Nai Terra”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 11 xaneiro 2019, p. 27.

Informa que entre Silleiro e Oia da Groba repousa unha balea defunta e reflexiona sobre por que non deberían retirarse os grandes corpos da beira do mar, xa que isto permite que outros animais os devoren e a vida se multiplique. A propósito deste feito apunta que a beleza e o sentido da putrefacción dun mamífero foi captado por vez primeira no mundo por Baudelaire no seu poema "Une charogne", que traduciu ao galego Lois Tobío e se publicou en Bos Aires no ano 1949, versión da que se recollen algúns versos.

_____, “Lorca galego”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.104, 26 xaneiro 2019, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 641, “No fondo dos espellos”, 2 febreiro 2019, contracuberta.

Faise eco de tres publicacións relacionadas con Federico García Lorca: *Federico García Lorca, edición e establecemento do texto de Seis Poemas Galegos* de Luís Cochón e Manuel González, o facsimilar da primeira edición de *Seis poemas galegos* e a edición ilustrada de *El gran viaje de estudios de García Lorca*.

_____, “Máis con Lorca”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.105, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 642, “No fondo dos espellos”, 9 febreiro 2019, contracuberta.

Reflexiona sobre a publicación *Seis poemas galegos* e a situación de Federico García Lorca entre outros autores estranxeiros que escribiron en lingua galega. Repara tamén en similitudes literarias con outros autores galegos.

_____, “Unha luz vermella”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 8 febreiro 2019, p. 25.

Reflexiona sobre as inxerencias políticas dos distintos gobernos dos Estados Unidos en varios países do mundo, como Irak, Libia ou Venezuela, co obxectivo de espoliar os seus recursos e acabar cos distintos modelos socioeconómicos asentados nos principios do socialismo e a revolución popular. Finaliza esta exposición manifestando optimismo ante

o apoio de grandes potencias como Rusia ou China e alude ao libro *Rojo farol amante* de Rafael Dieste para ilustrar a esperanza de que siga alumeando unha luz vermella.

_____, “Ourense, Rúa da Paz”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.106, “No fondo dos espellos”, 9 febreiro 2019, p. 4.

Recolle a historia da Rúa da Paz, antes dos Zapateiros, da cidade de Ourense, informando das distintas sedes que albergou e das transformacións que foi sufrindo ao longo das décadas. Xa dende o comezo do artigo indica que nos anos corenta esta rúa gozaba dun xustificado prestixio social e cultural, pois alí viviron, ou por alí pasearon, figuras como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Xaquín Lorenzo ou Eduardo Blanco Amor.

_____, “Vello ‘Corazón’”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.107, “No fondo dos espellos”, 16 febreiro 2019, p. 4.

Recolle unha crónica da traxectoria vital e literaria do italiano Edmundo de Amicis e apunta que na escola lían, con sorpresa, o seu libro *Cuore*, que cuestionaba e entraba en contradición cos valores oficiais españois no ensino e na política da altura. Sinala que este autor italiano era da xeración de Curros Enríquez e que o libro antes referido contribuíu á construción cívica e á instrución de moitas xeracións italianas e europeas.

_____, “Ourense, Rúa da Paz”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 643, “No fondo dos espellos”, 16 febreiro 2019, contracuberta.

Recolle a historia da Rúa da Paz, antes dos Zapateiros, da cidade de Ourense, informando das distintas sedes que albergou e das transformacións que foi sufrindo ao longo das décadas. Xa dende o comezo do artigo indica que nos anos corenta esta rúa gozaba dun xustificado prestixio social e cultural, pois alí viviron, ou por alí pasearon, figuras como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Xaquín Lorenzo ou Eduardo Blanco Amor.

_____, “A lingua das Habaneras”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda Feira”, 18 febreiro 2019, p. 13.

A propósito da celebración dun certame de habaneras na cidade de Vigo reflexiona sobre a orixe deste subxénero musical e indica que, pese a ser o castelán a súa lingua tradicional, as habaneras en lingua galega son bastante prolíficas. A este respecto loa o traballo do poeta Alexandre Allegué por ter dado textos poéticos excelentes que serven de base para este tipo de composicións.

_____, “Caldo de Gloria”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda Feira”, 25 febreiro 2019, p. 14.

Dá conta da celebración do Día de Rosalía de Castro na vila de Padrón, onde se cociñou e comeu o mítico caldo de ‘groria’ na súa honra. O autor do artigo explica a relación entre esta particular homenaxe e o poema “Miña casaña, meu lar” incluído no poemario *Follas Novas*, e di que, neste poema, Rosalía toma partido polas mulleres proletarias e vilegas denunciando a pobreza e dignificando as súas vidas.

_____, “Lorca en El Dueso”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.109, “No fondo dos espellos”, 2 marzo 2019, p. 4.

Artigo sobre a estancia de Federico García Lorca no penal El Dueso e a súa relación con Rivas Cherif, unhas das persoas máis próximas a el. Finaliza pedindo que se lle dedica ao andaluz o Día das Letras Galegas.

_____, “Do Ourense literario: Eugenio Montes e Xavier Bóveda”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.110, 9 marzo 2019, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 647, “No fondo dos espellos”, 16 marzo 2019, contracuberta.

Comeza perfilando a dimensión literaria da cidade de Ourense en canto a berce de prolíficos escritores, nomeadamente Blanco Amor, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas, Xocas, Cándido Fernández Mazas, Xavier Bóveda e Eugenio Montes. A continuación, céntrase nestes dous últimos, e explica que, pese a estar en dous polos opostos no plano ideolóxico (bohémio o primeiro e falanxista o segundo), o segundo evoca moi amablemente ao primeiro nun artigo do *ABC*. De Eugenio Montes tamén destaca o feito de ser un dos defensores e transmisores da memoria de Curros Enríquez.

_____, “Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda Feira”, 11 marzo 2019, p. 13.

Reflexiona sobre o pulo que, co paso dos anos, foi adquirindo o Día das Letras Galegas e todos os eventos e festexos que xiran ao seu redor dende que se celebrou por vez primeira no ano 1963. Ao mesmo tempo sinala unha serie de nomes de figuras vinculadas dun ou doutro xeito á cultura e á literatura galegas que por diversos motivos aínda non foron homenaxeadas nesta data a pesar de que, en palabras do autor do artigo, ben o merezan. Estas son: Gómez Román, Del Riego, Fernández Morales, Federico García Lorca, Carvalho Calero ou Victoriano Taibo.

_____, “Viale Moutinho, escritor de terra morta iluminada”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.111, “No fondo dos espellos”, 16 marzo 2019, p. 4.

Repasa a traxectoria vital e literaria do escritor portugués Viale Moutinho e sinala que é unha das figuras que máis ten promovido a cultura e literatura galegas en terras portuguesas. A propósito do vínculo entre Galicia e Portugal fai alusión á Praza da Galiza, ubicada na cidade do Porto, que contén unha estatua en homenaxe a Rosalía de Castro.

_____, “No pasamento de Manuel Vilanova”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda Feira”, 18 marzo 2019, p. 12.

A propósito do pasamento do poeta ourensán Manuel Vilanova (1944-2019) fai un breve repaso pola traxectoria vital deste autor, facendo alusión a algunha anécdota do tempo compartido polos dous escritores, indicando que foi un autor prolífico que cando xa tiña éxito no eido da poesía en lingua castelá se sumou á causa do galego, e finalmente detalla que cultivou o chamado ‘poema católico’.

_____, “Memoria de Castelao”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.112, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 649, “No fondo dos espellos”, 23 marzo 2019, contracuberta.

Fai referencia á publicación *Castelao. Construtor da nación* de Miguel Anxo Seixas. Repasa a traxectoria de Castelao para reflexionar sobre a crise da esquerda nacionalista.

_____, “Castelao: apropiación indebida”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.113, “No fondo dos espellos”, 30 marzo 2019, contracuberta.

Dá conta da próxima publicación dos tres volumes da obra sobre Castelao de Miguel Anxo Seixas nun artigo onde fala de apropiación indebida da súa memoria.

_____, “Gastronomía de Baixeras”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.115, “No fondo dos espellos”, 13 abril 2019, p. 4.

A propósito da publicación do libro *Diccionario da Comida Galega* (Aira, 2019) de Baixeras reflexiona sobre a gastronomía galega e como a cultura alimentaria non deixa de ser outro obxecto de estudo etnográfico. Neste entramado recolle un versos cos que abre unha cántiga de Santalices sobre a sociedade galega tradicional e fai alusión ao ‘bolo de pote’ que enxalzou Rosalía no seu ‘caldo de gloria’.

_____, “Gastronomía de Baixeras”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 652, “No fondo dos espellos”, 27 abril 2019, contracuberta.

A propósito da publicación do libro *Diccionario da Comida Galega* (Aira, 2019) de Baixeras reflexiona sobre a gastronomía galega e como a cultura alimentaria non deixa de ser outro obxecto de estudo etnográfico. Neste entramado recolle un versos cos que abre unha cántiga de Santalices sobre a sociedade galega tradicional e fai alusión ao ‘bolo de pote’ que enxalzou Rosalía no seu ‘caldo de gloria’.

_____, “Tascas e cafés do Vigo ilustrado”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.118, “No fondo dos espellos”, 4 maio 2019, p. 4.

Repasa a existencia de tascas e cafés que acollían tertulias literarias no Vigo da década dos cincuenta e cita a algún dos persoeiros que se deixaban pasar por alí. Destaca, entre outros, o Derby, onde destacou a presenza de Julio Sigüenza; o Alameda, por onde pasaban Alonso Amat e Valentín Paz Andrade; o Goya, onde se deixaba ver Celso Emilio Ferreiro; o Suevia, onde compartían liderado Del Riego e Carlos Maside; e o Alaska, onde Victoriano Taibo adoitaba reunirse con xornalistas e escritores máis novos ca el. Continúa indicando o nome das tascas ou cafés máis actuais, como por exemplo o bar *De catro a Catro*.

_____, “Valle na de Elixio”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.118, “No fondo dos espellos”, 11 maio 2019, p. 4.

Co gallo da reapertura da viguesa taberna de Elixio recolle as disputas que se están a xerar arredor da cuestión de que persoas a frecuentaron e deixaron de frecuentar en tempos pasados. Nesta liña recolle a asistencia frecuente do escritor Ramón María del Valle-Inclán e de coma a lembranza dun Valle senlleiro, coas mans cruzadas sobre o caxato e a escoitar as falas populares foi transmitida oralmente por varios contemporáneos do escritor. En relación a isto lembra como Otero Pedrayo lles recreou durante unha clase a presenza de Valle-Inclán na compostelá feira de Santa Susana.

_____, “No Vigo de Manuel Antonio”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Segunda feira”, 13 maio 2019, p. 14.

Reflexiona sobre a importancia de Vigo na vida e obra de Manuel Antonio, pero tam3n sobre a concepci3n que o poeta rianxeiro ti3a da cidade ol3vica. Estas consideraci3ns responden 3 recente aparici3n dun libro colectivo que o CIFP Manuel Antonio de Vigo publicou en homenaxe ao escritor que lle d3a nome ao centro.

_____, “Bendito sexa o d3a, o mes e o ano”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Os cami3os da vida”, 17 maio 2019, p. 25.

Lembra o nacemento do D3a das Letras Galegas, coa proposta que Manuel G3mez Rom3ne e Francisco Fern3ndez del Riego levaron ao plenario da Real Academia Galega para proclamar o 17 de maio como D3a das Letras Galegas. Salienta que dende 1963, non para de acadar importancia at3 chegar a converterse nun D3a Nacional Galego.

_____, “Na taberna de Elixio”, *Faro de Vigo*, “*El s3bado*”, n.º 1.120, “No fondo dos espellos”, 18 maio 2019, p. 4.

Artigo dedicado 3 Taberna de Elixio, lugar de encontro de figuras das letras galegas como Emilio 3lvarez Bl3zquez, Franciso Fern3ndez del Riego, 3nxel Sevillano ou Celso Emilio Ferreiro.

_____, “56 d3as espl3ndidos”, *Faro de Vigo*, “*El s3bado*”, n.º 1.120, “No fondo dos espellos”, 25 maio 2019, p. 4/ *La Opini3n*, “*Saberes*”, 1 xu3o 2019, contracuberta.

Recolle unha cr3nica da x3nese do D3a das Letras Galegas a que, xunto a s3a evoluci3n posterior a 1963, constit3e un acontecemento pol3tico que evoluciona e se anova ano tras ano sen perder a s3a condici3n democr3tica e nacionalista de 3tica republicana. Comeza explicando que se celebra o 17 de maio porque esa 3 a data coa que est3 asinada a dedicatoria do libro *Cantares Gallegos* a Fern3n Caballero. Contin3a comentando que por aquel tempo o c3rculo pol3tico-literario no que figuraban con relevo Manuel Murgu3a e Rosal3a de Castro ti3a o seu centro de operaci3ns en Vigo, onde resid3an Alexandro Chao e Xoh3n Compa3nel, e que este 3ltimo foi o editor deste poemario cumio das letras galegas. E insiste na importancia e o rol xogado por Vigo na fundaci3n do 17 de Maio, xa que foi nesta cidade onde se reuniron o arquitecto Manuel G3mez Rom3n e o escritor e editor Francisco Fern3ndez del Riego e tomaron a decisi3n de crearen un D3a das Letras Galegas, que se celebrese anualmente o 17 de Maio, en memoria da publicaci3n de *Cantares Gallegos*. Finaliza comentando que o primeiro D3a das Letras Galegas resultou un 3xito.

_____, “A Streetcar Named Desire”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Os cami3os da vida”, 31 maio 2019, p. 27.

Sinala que o t3tulo desta columna 3 o do filme de Tennessee Williams e que escolleu esta ep3grafe porque *streetcar* 3 o termo que se emprega en USA e Canad3 para nomear o tranv3a, e contin3a explicando que en Vigo houbo unha rede de tranv3as que, en d3as compa3as, achegaban aos viaxantes ao Porri3o e a Baiona al3n de unir todos os barrios co centro e o Berb3s. Contin3a explicando que, m3is tarde, o alcalde Portanet, con corruptelas famosas, desposu3u a compa3a de tranv3as e lle meteu na man o transporte

urbano de Vigo a uns asturianos. Lamenta que se non fose por este feito, tranvías e/ou liñas de metro cruzarían ese Gran Vigo que por Otero Pedrayo fora definido como “unha bisbarra atlántica e alpina”. E aclara que con “alpina” Otero referíase ao galiñeiro, ao Suído, á Fontefría, é dicir, ás altas serras que son parte constitutiva de Vigo.

_____, “De Pavia a Novoneyra”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.124, “No fondo dos espellos”, 22 xuño 2019, p. 4.

Informa da publicación do cuarto volume de *A Historia da Literatura Galega* escrito por Xosé Ramón Pena. Asegura que se trata dunha “nova maneira de ollar o proceso evolutivo das nosas letras dende as orixes á chegada do réxime Borbónico”.

_____, “Die Eichbäume”, repite: Os Carballos”, *La Opinión*, “*Saberes*”, 22 xuño 2019, cuberta.

Faise eco da saída do prelo do libro *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar. Estudio, notas e comentarios*, de Anxo Angueira. Salienta a figura de Angueira como altamente competente no campo da Filoloxía e destaca o emprego das recomendacións de Émile Bouvier e Pierre Jourda en materia de estudos literarios que pon en práctica nesta edición crítica. Explica que con acerto Angueira alude a Enrique Díaz Canedo, inscribindo a Rosalía no formalismo en Galicia. Destaca o poema *Los Robles*, que define non coma un “suspirillo germánico”, senón coma un pulso que Rosalía lle bota a Fiedrich Hölderlin no poema *Die Eichbäume*, cos caballos como insignia nacional galega.

_____, “No País dos Ananos”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda Feira”, 24 xuño 2019, p. 13.

Reflexiona sobre o progresivo deterioro do ensino de linguas clásicas na educación básica e comenta como o latín, pese a ser unha lingua morta, segue a ter unha vixencia e vitalidade importantes. Tanto é así, explica, que, no mundo científico, latinismos como nano- ou micro- están tendo unha pulsión considerable. Neste entramado alude ao poemario *Viaxe ao País dos Ananos* de Celso Emilio Ferreiro por levar este título a palabra ‘anano’, feito que lle permite introducir a etimoloxía desta palabra e chegar ao afixo *nanus*.

_____, “Asilo de Anciáns Desamparados”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 5 xullo 2019, p. 24.

Co gallo do desmantelamento da igrexa e os muros que antes albergaban o Asilo de Anciáns Desamparados de Vigo trae a colación unha noveliña que o escritor pontevedrés Amado Carballo ambientou neste asilo da cidade olívica. Trátase do libro *Os probes de Deus* (Lar, 1925), co que Carballo introduce ao lector nun dos lugares da peno que non figuran na literatura galega: o asilo onde van vivir os derradeiros días os vellos pobres e a senectude, pobre e dependente da caridade.

_____, “A penas uma estátua equestre na Praça da Liberdade”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 12 xullo 2019, p. 21.

Reflexiona sobre a escaseza de escultura figurativa e pública de personalidades de corpo enteiro en Galicia e comenta o caso de pezas escultóricas en homenaxe a algúns escritores,

nomeadamente a de Rosalía de Castro situada na Alameda de Santiago de Compostela, na que a poeta de Padrón aparece sentada, ou as múltiples en homenaxe a Celso Emilio Ferreiro entre as que só se atopan bustos.

_____, “Os de Canterbury e outros contos”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda Feira”, 29 xullo 2019, p. 11.

O artigo compara a tradición literaria da peregrinaxe ao sartego de San Tomé Becket na Idade Media coa escasa relevancia do Camiño de Santiago na literatura galega da época. Os autores escribían acerca de Reza, da igrexa de Vigo e demais, pero non acerca de Compostela. Bernal de Bonaval e Alfonso X non son unha excepción a isto. Posteriormente tanto a peregrinaxe a Santiago como a San Tomé Becket decaeron, pero o camiño á cidade compostelá rexurdiu no XIX século, dando lugar a unha nova era.

_____, “Mamai ursa”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, “No fondo dos espellos”, 3 agosto 2019, p. 4.

Alude ao estado das crías de ursa ao nacer, semellantes a un cacho de carne informe ao cal, segundo as crenzas populares, sostidas tamén por autores coma López Seoane e Claudio Aeliano, a nai moldeaba coa lingua até darlles forma. Estas crenzas víronse reflexadas en cantigas, pero tamén na obra de X. Rof. Carballo, falando da “urdime materna” que desenvolve o potencial humano. A importancia da ursa na cultura é tal que os nosos antepasados a veneraban, feito reflexado no cadro *L’Oursonne*.

_____, “Rúa da Auga”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda Feira”, 5 agosto 2019, p. 13.

Comeza o artigo falando da Rúa da Auga, título orixinal de *Os namoros*, de Ramón González-Alegre e Bálgora, e tamén metáfora que reúne unha serie de autores coma o Padre Sarmiento, Celso Emilio Ferreiro e Juan Carlos Mestre. Este último escribiu un libro en 2019 titulado *200 gramos de patacas tristes*. Del, dinos Méndez-Ferrín, que está escrito cun “estilo de alto prezo” e que recorda a aspectos de Castelao.

_____, “Máis Mestre”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda Feira”, 12 agosto 2019, p. 13.

Comeza facendo referencia a Pier Paolo Pasolini, que desenvolveu poesía en friulano impulsado polo feito de que esta era a lingua que empregara a súa nai ao falar con el. En relación con isto cita a Otero Pedrayo, que fala do “son honrado das antigas falas”. Ademais, a figura de Pier Paolo faille pensar en Juan Carlos Mestre, autor de *200 gramos de patacas tristes* e home de letras en todos os campos. De maneira similar a Pasolini co friulano, Juan Carlos escribe como escritor galego e berciano.

_____, “Unha experiencia entomolóxica”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, “No fondo dos espellos”, 17 agosto 2019, p. 4.

Relata a vivencia e as influencias que o levaron a escribir un relato animalístico protagonizado por un grilo Príncipe chamado Grieth e indica onde poder atopar o relato para aqueles que estean interesados na súa lectura.

_____, “Confabulación contra Don García”, *Faro de Vigo*, “el sábado”, n.º 1.135, “No fondo dos espellos”, 7 setembro 2019, p. 4.

O artigo comeza falando da historia do rei Don García, contando como a súa figura foi terxiversada pola propaganda de Alfonso VI e como esa “lenda negra” provocou que Don García quedara lonxe de figuras recoñecidas do nacionalismo galego coma o Mariscal Pero Pardo de Cela. Esta visión é sometida a revisión hoxe en día, sendo proba disto a novela *Morte de Rei*, de Darío Xohán Cabana, que constitúe “unha importantísima construción literaria no xénero da novela histórica”.

_____, “Don García: Memoria metamórfica dun Rei encadeado”, *Faro de Vigo*, “el sábado”, n.º 1.136, “No fondo dos espellos”, 14 setembro 2019, p. 4.

O artigo fala da figura do rei Don García e da súa traxectoria en diversas literaturas ao longo da historia. Dende o *Roman de Ponthus et de Sidoine*, pasando por *Orlando furioso*, *Le Vicomte de Bragelonne* e *Le Petit Roi de Galice*, a traxectoria de Don García pecha o seu ciclo con obras de Darío Xohán Cabana e Ermelindo Portela Silva.

_____, “Impunidade e silencio”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 11 outubro 2019, p. 22.

Fálase do poema de Curros Enríquez dedicado á Virxe de Cristal e da súa importancia posterior. Esta importancia vese reflectida na composición dunha ópera, a creación dun filme, cadros e demais. Despois, rememora que, catro anos antes da escritura do artigo, a Virxe de Cristal foi roubada e o párroco da casa reitoral foi asasinado. Considera a reacción contra este crime insuficiente e pregúntase que pasaría se a Virxe de Monserrat fose roubada e o abade do mosteiro asasinado.

_____, “Rosalía en Carsi & Ferrer”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 1141, “No fondo dos espellos”, 12 outubro, contracuberta.

Comeza sinalando as distintas interpretacións e achegas que se teñen feito á vida e obra de Rosalía de Castro e dos intereses máis ou menos escuros que agochan estas aproximacións. A continuación detense no episodio da peripecia de Rosalía no que esta, con tan só dezaioito ano chegou, sen compañía de ningún tipo, a Madrid. Narra como viaxou nunha dilixencia até a Meseta, as distintas paradas que foi facendo e o que estas lle inspiraron, ou as distintas persoas coas que foi conversando até chegar ao seu destino.

_____, “O Réxime de Munich”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 14 outubro 2019, p. 13.

Artigo sobre o franquismo e o sistema político que se instaurou tras a Transición. Fala do deseño deste momento político e das bases sentadas na xuntanza de Munich. En relación con isto e cos separatismos, fai referencia a Castelao e a *Nosa terra*. Remata falando da situación política actual e da necesidade de estudar a historia recente.

_____, “Viva Evo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 18 outubro 2019, p. 24.

O artigo comeza facendo referencia a un texto escrito por Fidel Castro no que falaba da importancia e emancipación dos pobos indíxenas no futuro de América Latina. *A Trabe de Ouro* identificou o documento cunha consigna que buscaba reverter a consideración

dos pobos indíxenas como “campesiños” polos partidos comunistas latinos. José Carlos Mariátegui recolleu a consigna e promoveu seu protagonismo na revolución comunista. Remata o artigo falando da vitoria de Evo Morales en Bolivia e das reaccións dos seus rivais, sinalando que están “furiosos”.

_____, “Anos de formación de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, “No fondo dos espellos”, 19 outubro 2019, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 681, 9 novembro 2019, contracuberta.

Afirma que a biografía canónica de Rosalía de Castro estivo durante moito tempo contaminada de inexactitudes e trata de desmentir algúns aspectos que teñen que ver coa súa orixe familiar e co abandono materno. A continuación retoma un episodio da vida de Rosalía xa explicado noutra entrada de ‘No fondo dos espellos’ que ten que ver coa viaxe a Madrid que Rosalía fixo aos dezaioito anos e trata de esclarecer as causas desta andaina, posto que son varias as teorías arredor desta motivación.

_____, “Saúdo marcial á española”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 8 novembro 2019, p. 24.

En relación cun poema antimilitarista de Celso Emilio Ferreiro, no cal fala do acto reflexo que era saudar no exército, fai un percorrido polos distintos tipos de saúdos que se dan entre os militares españois. Ademais, di que as persoas que realizan incorrectamente os saúdos son obxecto de burla polos veteranos do exército. En relación con isto, fala dun candidato de Vox en Pontevedra, que tamén é xeneral do exército e que recentemente realizara o saúdo incorrectamente, semellándose ao saúdo dos militares de EEUU. Di que este feito pode relacionarse co servilismo de Vox aos EEUU.

_____, “Cemiterio de Disidentes”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.144, “No fondo dos espellos”, 9 novembro 2019, p. 4.

O artigo ten como base a tumba de John Keats no Cemiterio de Disidentes de Roma. Relaciónase a súa poesía con Juan Carlos Mestre e o seu poema *En la tumba de Keats*. De maneira semellante, o sepulcro de John Moore conmoveu a Rosalía, que se aproxima a el nunha dedicatoria a María Bertorini. Continúa falando de poemas relacionados coas tumbas de diversos personaxes célebres, como é o caso de Lenin. Remata facendo unha última alusión a Juan Carlos Mestre, do que di que naceu na Rúa da Auga de Vilafranca do Bierzo.

_____, “Dous libros de poesía”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, 11 novembro 2019, p. 39.

Comenta que visitou recentemente o Concello de Bande e que no instituto desa vila ensinaron Xabier Cordal e Chus Pato. Aproveita a mención para falar da faceta poética de ambos os escritores escritores, informando das súas últimas publicacións, nomeadamente os poemarios *Resistencia da auga* (Chan da Pólvora, 2018) e *Un libre favor* respectivamente.

_____, “Fantasías biográficas”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.145, “No fondo dos espellos”, 16 novembro 2019, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, 30 novembro 2019, contracuberta.

Versa sobre as mentiras existentes nas biografías dos grandes autores da tradición galega. De Rosalía desméntese a súa fealdade, a relación infeliz coa súa nai e co seu marido. De Pondal dísenos que non pertencía á fidalguía, mentres que de Curros resáltase a pouca importancia dada a súa etapa como evanxelista en Madrid, ademais de desmentir algúns dos feitos relacionados coa súa xuventude en Celanova. Emilia Pardo Bazán móstrasenos coma unha muller enfrontada co progresismo e cos autores galegos da época. Tamén se nos di que Risco e Pedrayo non eran fidalgos. Remata facendo unha petición para que as biografías das figuras relevantes galegas sexan revisadas.

_____, “1958: pé de foto”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, 26 outubro 2019, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “No fondo dos espellos”, 16 novembro 2019, contracuberta.

Artigo no que se fai eco da celebración en 1958 do centenario do casamento de Rosalía de Castro con Manuel Murguía celebrado no Centro Gallego de Madrid e no que amosa unha foto das personalidades que estiveron na mesa de oradores e trata de identificalos: o director do Centro encargado de Cultura de apelido Cendán, Manuel Fraga Iribarne, Carmiña Prieto Rouco, Dámaso Alonso, Ramón Otero Pedrayo, Avelino Gómez Ledo (non está seguro), Xosé Caamaño Bournacell e Xosé Ramón Fernández-Oxea. Salienta que na foto hai unha ausencia cargada de sentido, a do presidente do Centro Gallego, o xeneral Constantino Lobo Montero.

_____, “Príncipe Albariño”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 22 novembro 2019, p. 24.

O artigo fala do viño albariño e do renacemento que experimentou na segunda metade do século XX. Antes non gozaba de moita reputación, feito ao que alude o autor dicindo que cando Rosalía falaba de “miña parra de albariñas uvas” os lectores non sabían a que se refería, mentres que Cabanillas falaba de “viño espadeiro”. O renacemento impulsouse dende o *Faro de Vigo* e tivo como partícipes a personaxes coma Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Pola súa parte, Otero Pedrayo sumouse ás Festas do Albariño en Cambados, que non contaron con ningunha axuda por parte do réxime franquista.

_____, “As constantes literarias de Galicia: Feminismo, viaxe e transgresión radical”, *La Opinión*, “*Saberes*”, 7 decembro 2019, contracuberta.

Identifica a constante do feminismo, a viaxe e a transgresión radical na nosa literatura en latín e en galego. Amenta o artigo *Annales du Midi*, de Louis Duchesne, que Uxío Romero Pose traduciu ao galego e publicou en *A trabe de Ouro*; a obra *Irinerarium* ou *Peregrinatio ad loca sancta*; e *Historiarum adversus paganos*.

_____, “As constantes literarias de Galicia: feminismo, viaxe e transgresión radical (II)”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.148, “No fondo dos espellos”, 30 novembro 2019, p. 4.

Explica a historia da torre de Brigantia e do seu constructor, Breogán, e de como na súa cima podía verse Britannia. Despois, conxectura sobre a localización do Medulio. En relación con estes relatos fai referencia a Ramón Cabanillas e o seu *Bendito San Amaro*, e a viaxe de Brigantia ao Eire, paralela á “constante viaxe sempiterna dos galegos”.

_____, “As constantes literarias de Galicia: feminismo, viaxe e transgresión radical (III)”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 1.149, “No fondo dos espellos”, 7 decembro 2019, p. 4.

O artigo fala de *Trezenzonii de Solistitionis Insula Magna*, unha obra que narra a historia de Trezenzonio que, dende a Torre de Hércules, viu unha illa chamada Solistition, a cal visita mediante un prodixioso navío. En Sortition visita o sartego de Santa Trega. Non obstante, ten que retornar a Galicia. O relato lígase con *O Bendito San Amaro*, de Cabanillas e a *Cantiga CIII* de Afonso X.

_____, “O regreso de Navia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 13 decembro 2019, p. 29.

Trata do costume do bautismo prenatal e de como se realizaba este. A muller encinta defíase no medio da ponte e os seus acompañantes poñíanse cada un nunha entrada. Aos viandantes que pasaban pola ponte preguntábaselles se querían botar a auga. Ademais, tamén indican cal vai ser o nome do bebé. Esta é a versión do doutor Bento da Cruz. Apunta o autor que no século XXI están a aparecer mitos novos relacionados coa saúde e coa neodivinización da Natureza. Indica que Antonio Fraguas realizou unha lista de pontes aptas para esta cerimonia.

_____, “O proxecto histórico de John Adams”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 20 decembro 2019, p. 24.

Inicia o artigo lembrando o 4 de Xullo de 1776, día da independencia dos EEUU. Unha vez que acadada a devandita independencia, os norteamericanos buscaron a concordia con Inglaterra. Enviouse a John Adams para logralo. O seu diario relata a viaxe, na cal pasou por Galicia, motivo polo cal se traduciu ao galego da man de Emilio González López. Ezra Pound tamén relata a viaxe de John Adams no *Canto LXV* que tamén foi traducido ao galego.

_____, “Na frente unha estrela”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 27 decembro 2019, p. 21.

O artigo fala metaforicamente das “estrelas”, referíndose a varios autores da tradición galega. Así, fala da estrela de Rosalía e da estrela deseñada por Castelao como símbolo da Galicia Ceibe. Manuel Antonio tamén ten unha estrela, asociada ao proxecto da Central Galega de Traballadores. En relación con estas estrelas, remata dicindo que o nacionalismo galego debe camiñar no rumbo que elas marcan. Para o autor o camiño é a unión das esquerdas federalistas.

_____, “Notas á Viaxe que Trezenzonio fixo á Illa Magna de Solistición”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.152, “No fondo dos espellos”, 28 decembro 2019, p. 4.

Nun artigo no que dá conta da figura de Trezenzonio, un monxe galego ao que a tradición atribúe a proeza de poder divisar e até visitar unha das illas do Paraíso, alude a algúns escritores e obras que, directa ou indirectamente, amentan a este personaxe histórico. Desta forma reproduce uns versos que Cunqueiro dedicou as imposíbeis illas somerxidas; comenta que Otero Pedrayo rescatou do *Leabar Gabhála* para o galego o método poético

da chamada concatenación céltica; e que Ramón Cabanillas poetizou *O Bendito San Amaro*, santo cuxa historia está en contacto coa de Trezenzonio.

Montaña, Estro, “Entre a ‘peste emocional’ e mais a patria. Traxedia e ledicia do fútbol”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Libros”, 10 xaneiro 2019, p. VII.

Nun artigo sobre fútbol, fai alusión a Castelao, que axudou a fundar o clube de Eiriña (Pontevedra), no que foi xogador Alexandre Bóveda. Menciona tamén a Manolo Bragado e a súa novela *O penalti de Fuco*.

Montero, Tamara, “Begoña, Penélope”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Cuatro verdades”, 18 xaneiro 2019, contracuberta.

Recolle unha breve homenaxe á escritora Begoña Caamaño, prematuramente falecida no ano 2014, comparándoa con Penélope e advertindo que, ao igual que a personaxe mitolóxica, Begoña tamén chegou á súa Ítaca persoal coa inauguración do parque Begoña Caamaño no compostelán barrio das Fontiñas.

Morán, César, “O ser da música. Funcionalidade e valores”, *Sermos Galiza*, n.º 366, “*fóradeserie*”, “o eco das ondas”, 2 outubro 2019, p. 7.

O artigo fala da música, dicindo que é unhas das artes mais abstractas. A música ten só un valor funcional para moitos, pero é omnipresente, tamén na natureza. En relación a isto, fala de Lorca e de Cunqueiro cando comparan o vento cunha vaca muxindo. Tamén Rosalía se relaciona coa música ao falar dos ríos. Remata versando sobre a relación da música coa palabra ao longo da historia, dende os trobadores medievais ao Renacemento.

Mosteiro, Marga, “Conxo regresa a 1856 para repetir la comida solidaria en su carballeira”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festa do Banquete”, 5 maio 2019, p. 10.

Informa sobre a repetición da comida solidaria de Conxo, realizada por vez primeira en 1956. Recórdase a asistencia de persoeiros da cultura daquel entón como Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Manuel Murguía así como a asistencia dalgúns na celebración contemporánea como foi o editor Henrique Alvarellos.

_____, “Merecida jubilación”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 21 setembro 2019, contracuberta.

O artigo fala da xubilación de Luís Alonso Girgado, o cal se dedicou á ensinanza e traballou como investigador no Centro Ramón Piñeiro. Entre os seus traballos destaca as edicións facsímiles de revistas literarias, os *Cadernos* de Ramón Piñeiro e os traballos recompilatorios acerca da inmigración hispanoamericana.

Neira, Nieves, “Desvíos”; *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 176, 24 marzo 2019, p. 4.

Desvela o significado filosófico do concepto de ‘desvío’ e asegura que a potencialidade ten que ver con el e que todos os desvíos parten do corpo, de forma que se unha persoa puidese permanecer queda sentiría como se move o mundo. Para reforzar esta idea reproduce uns versos de Uxío Novoneyra.

Noguerol, Jaime, “La trastada”, *La Región*, “Ourense”, “El ángulo inverso”, 31 marzo 2019, p. 9.

A propósito do pasamento de José Luís Outeiriño, histórico director do xornal *La Región*, fai un breve repaso pola traxectoria profesional deste xornalista ourensán e alude ao feito de que no ano 1965, cando Blanco Amor regresou do seu exilio, este o acolleu e lle deu traballo.

Noia, Fefa, “O latín ignoto de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xuño 2019, p. 39.

Dá conta dos distintos atrancos cos que se atopou o CDG para levar á escena os textos de Valle-Inclán en galego, informando de como en 1984, ano no que se inaugura a compañía, os herdeiros do arousán impediron que a versión galega de *Divinas Palabras* se representase sobre as táboas. Tamén comenta que, no ano 2017, cando os dereitos sobre a obra do autor xa foran liberados, se representaron *A cabeza do Dragón* dirixida por Quico Cadaval e *Martes de Carnaval* da man do CDG. Finalmente alude ao feito de que no ano 2018 por fin se puido levar á escena unha adaptación da peza *Divinas Palabras*, producida polo CDG e dirixida por XRon baixo o título *Divinas Palabras Revolution*.

Otero, David, “Primavera”, *Sermos Galiza*, n.º 332, “Opinión”, “As insuas”, 31 xaneiro 2019, p. 4.

Trátase dun artigo no que se defende a necesidade da socialización dos coidados, tarefa asumida, historicamente, polas mulleres, e sinala como moi acertada esta temática e esta reivindicación como leitmotiv para a folga do 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. Desta forma sinala que marzo é o mes das mulleres e do feminismo, pero antes denominou xaneiro e febreiro como os meses de Castelao e Rosalía respectivamente.

Outeiriño, Maribel, “Galardones, ceses, arrestos y los premios Oscar”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, Hace 25 años”, 16 febreiro 2019, p. 30.

Lémbrese que hai 25 anos o escritor Antonio Rivero Coello foi galardoado co Premio de Narrativa de Camilo José Cela polo seu relato “Valquiria”.

_____, “Lotería universal para ganar la guerra”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 100 años”, 19 febreiro 2019, p. 30.

Lémbrese que hai 100 anos Vicente Risco foi o primeiro en participar cunha ponencia sobre ‘a segunda xeración romántico en Alemaña’ nun curso sobre ‘Historia da Nova Literatura’ organizado polo Ateneo de Ourense.

_____, “Champagne y poesía para Ramón Cabanillas”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 100 años”, 14 maio 2019, p. 34.

Lémbrese que fai 100 anos se celebrou no Porriño un banquete en homenaxe ao poeta Ramón Cabanillas, quen fora secretario do concello de Mos, para celebrar o éxito da súa coemdia *A man da Santiña*.

_____, “Premio ourensano para un portugués”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 100 años”, 15 maio 2019, p. 36.

Recolle a efeméride do 15 de maio de 1994 cando o portugués José Jorge Letria gañou o XIV Premio de Poesía Cidade de Ourense pola súa obra *Fragmentos do éxtase*.

_____, “Expuestos los tesoros de doña Angelita”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 100 años”, 19 maio 2019, p. 25.

Lémbrese que fai 25 anos o actor ourensán Abelardo Pérez Gabriel participa nun capítulo da serie de televisión *Os outros feirantes* baseada en relatos de Álvaro Cunqueiro.

_____, “Definitivamente se acabó la epidemia de gripe”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 100 años”, 20 maio 2019, p. 17.

Lémbrese que fai 100 anos se estreaba en Ourense a zarzuela galega *Non chores Sabelina*.

Outeiro, Mario, “Castelao, sempre en Galiza”, *El Progreso*, “Opinión”/*Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”/*La Región*, “Opinión”, p. 31, 11 xaneiro 2019, p. 24/

A propósito da efeméride do pasamento de Castelao o 7 de xaneiro de 1950 en Bos Aires, o autor do artigo explica como se tratou a noticia da súa morte no Estado español por parte da prensa e a censura franquistas. Ademais, co gallo da chega do cadro *A derradeira leición do mestre* a Galicia crítica o branqueamento, por parte da Xunta, da figura e do legado do intelectual rianxeiro. Finaliza recomendando a visita ás exposicións ‘Alba de Groria’ en Bonaval e ‘Castelao Maxistral’ na Cidade da Cultura.

_____, “Luz creativa”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 25 xaneiro 2019, p. 32.

Céntrase na escritora Luz Darriba, relatando os seus primeiros anos no Uruguai, o traslado á Arxentina para estudar e a instalación definitiva en Galicia. Dela destaca o seu compromiso co ideario libertario e coa defensa das culturas autóctonas. Achega a anécdota que a sitúa como a líder da iniciativa de rodear a muralla de Lugo de libros dentro da campaña para conseguir que este monumento fose Patrimonio da Humanidade. Finalmente destaca o seu carácter polifacético en tanto artista e escritora e fala dos múltiples recoñecementos e premios que ten obtivo en ambos os campos.

_____, “Banksy, o primo e Lugo”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 28 xuño 2019, p. 42.

Comenta que un artista de rúa lugués vén, dende fai algún tempo, pintando muros da cidade con murais reivindicativos ao xeito de Banksy. Dedicada parte do artigo a explicar quen é Banksy e a loar a xenialidade da súa obra. Así mesmo alude a algunhas das obras artísticas do bautizado como Primo de Banksy que máis lle teñen impresionado, nomeadamente as homenaxes a Castelao versionando a obra *A derradeira leición do mestre* e a Rosalía de Castro coa obra ‘Malamente’.

_____, “Afonso Blanco Torrado, un grande da Chaira”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 12 xullo 2019, p. 42.

Aborda a figura de Afonso Blanco Torrado, párroco en Guitiriz e fundador da Asociación Cultural Xermolos, da Irmandade Manuel María e da Asociación Sociocultural X. M. Díaz Castro, repasando a súa traxectoria vital e apuntando algúns datos da súa faceta como máximo dinamizador cultural en terras chairegas. Neste senso destaca a grande amizade que forxou cos poetas Manuel María e Xosé María Díaz Castro, de ter impulsado a campaña do Día das Letras en prol deste último ou todo o traballo invertido para a rehabilitación da casa do escritor de *Nimbos*. Así mesmo destaca o seu papel como ensaísta e alude á obtención do noveno Premio Literario Ánxel Fole.

_____, “Quixotes no Courel”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 13 setembro 2019, p. 32.

O artigo fala da proliferación de parques eólicos e da produción de enerxía eléctrica en Galicia, resaltando o feito de que a porcentaxe producida é superior á necesaria para o autoabastecemento. Este exceso de produción non repercute en beneficios para Galicia, se non que se perde entre empresas estranxeiras ou espállase polas distintas comunidades de España. A constante construción de parques eólicos en paraxes naturais faille recordar o poema *O río e as Nereidas* de Ramón Cabanillas.

_____, “Merecidas homenaxes a Isaac Alonso Estraviz”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 25 outubro 2019, p. 50.

Trata a figura de Isaac Alonso Estraviz, escritor e filólogo, e a súa aproximación á cultura galega. Estraviz traballou co grupo Galaxia, realizou grandes achegas a galeguización da igrexa e fixo boas propostas de lexicografía. Tamén escribiu un gran número de libros e de artigos, así como un dicionario de lingua galega. Actualmente é membro da AGAL e vicepresidente da AGLP.

Palomanes, Paula, “Mujeres invisibles en las aulas”, *La Región*, “A Limia”, 21 xaneiro 2019, p. 15.

Infórmase de que o departamento de orientación do IES Cidade de Antioquía de Xinzo impulsou unha iniciativa para nomear as aulas do instituto con mulleres importantes en diversos ámbitos. Unha delas é Rosalía de Castro.

Pardo, Héctor, “A los que viven del gallego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Tribuna libre”, 3 outubro 2019, p. 4.

O artigo versa sobre a situación do galego na actualidade, lamentándose dela. Sinala que se antes se lía a Cunqueiro ou se discutía sobre as obras de Castelao, empregándose o galego como ponte entre culturas, hoxe é un muro vítima da normalización. Reclama que se reformulen as políticas lingüísticas para deter a sangría de falantes e que se cambie “o medo pola sedución”.

Pastoriza Rozas, Xosé Luís, “Rosalía 1969: a misa do ‘Galiza ceibe!’”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Firma invitada”, 1 setembro 2019, p. 14.

O artigo fala dos feitos acontecidos en 1969 tras a misa de Rosalía. Xaime Isla Couto e Carlos X. Guitián Rodríguez foron detidos tras gritar “Viva Galiza ceibe!” e “Liberdades para Galicia!”. Ademais, Xaime tamén foi mallado pola policía. Estes acontecementos son explorados por Marcelino Agís na obra dixital *Xaime Isla Couto: entre o ‘Galiza ceibe’ e o ‘Venceremos nós’*.

Rozas, Ramón, “O día de Lorca en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Saga/Fuga”, 25 outubro 2019, p. 20.

Explica a proposta para que o 25 de outubro sexa o Día de García Lorca en Galicia, marcando a chegada do poeta en 1916. Conmemoración da importancia da súa figura é *Seis poemas galegos*, recuperado agora por Alvarellos, que contén os poemas de Lorca e un prólogo de Blanco Amor. O artigo tamén rememora a viaxe a Pontevedra en 1932 e as distintas actividades que desenvolveu Lorca nesta cidade, co inmenso legado que estas deixaron.

_____, “Ateneo imprescindible”, *Diario de Pontevedra*, “Y Además”, “Pontevedra”, “Saga/Fuga”, 27 setembro 2019, p. 14.

Comezan en Pontevedra as actividades culturais promovidas por distintas entidades. Destaca o Ateneo de Pontevedra, que conta cunha longa historia e que pervive ano tras ano a pesar das escasas perspectivas económicas. Neste ano, o Ateneo comezou o curso cunha charla de Xaime Toxo, Ana Acuña, Anxo Anguería e Fran Alonso, que faláron de Rosalía de Castro debido ás novas edicións de *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*.

_____, “Bajo el pecho la herida”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Saga/Fuga”, 22 novembro 2019, p. 20.

Presenta un conxunto de poetas que escribiron na segunda metade do século XX e das dificultades que tiveron que atravesar. Fálase das súas orixes, da “poesía pirata” de autores como Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Carvalho Calero e outros, publicada durante a represión franquista. Remátase cunha petición de que o seu labor non se perda e fala dunha homenaxe a estes autores no Museo de Pontevedra.

Parga, Grial, “Eroski Paraíso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “d_finde”, p. 43 / *El Progreso*, “d_finde”, “d_cine”, “El estreno”, p. 43, 20 decembro 2019.

Artigo sobre *Eroski Paraíso*, obra estreada por Chévere en 2016. Chévere está formada por Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés e Xesús Ron. Víronse obrigados a cambiar a súa base de operación durante estes anos e na actualidade están esperando a un concello que os acolla. En 2014 recibiron o Premio Nacional de Teatro. Agora, levan esta obra á gran pantalla.

Pazo Blanco, Xosé Manuel, “Das pensións (1): Long Hope”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 29 xaneiro 2019, p. 17.

A propósito da marcha da CIG en Compostela na defensa das pensións públicas fala do caso Long Hope, que resume a situación de moitos galegos que á altura do 1957 emigraron a Noruega como man de obra especializada para traballar na súa mariña mercante e que logo de anos traballados o Estado noruegués négase a recoñecerlles unha pensión e o Estado español desentendeuse até hoxe do problema. Remata aludindo a un famoso verso de Manoel Antonio que exemplifica moi ben esa situación: “e fomos ficando SOS, o mar, o barco e máis nós”.

_____, “Unha voz libertaria”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 12 marzo 2019, p. 17.

Informa da presentación da biografía de Suso Vaamonde, titulada *Suso Vaamonde. Voz de trebón* (2019) e da autoría do xornalista Miguel Boo, na biblioteca municipal de Ferrol. A este respecto lamenta non ter asistido ao acto e conta unha anécdota de cando un grupo de estudantes de veterinaria contactou co cantautor para que dera un concerto na facultade. Finalmente alude a que as letras de Vaamonde estaban inspiradas en poemas de Celso Emilio Ferreiro e Manuel María.

_____, “De ruínas e esperanzas”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 9 abril 2019, p. 17.

Informa da celebración dunha homenaxe a Ricardo Carvalho Calero organizada pola Fundación Artabria e a participación, entre outros, de Dobarro ou Bernardo Cuétara. Sinala a ausencia de representantes institucionais e líderes políticos no acto e comenta que nel se reivindicou o papel cívico e político como loitador antifascista de Carvalho Calero e se denunciou que a lingua galega se deteriora cada anos máis sen que se tomen as medidas necesarias para impedi-lo.

_____, “Aí ven o maio...”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 7 maio 2019, p. 17.

Co gallo da chegada das festas dos maios apunta as distintas actividades que se van desenvolver en Ferrol para celebrar estas datas e reproduce uns versos que Curros Enríquez dedicou a esta festividade que rezan: “Aí vén o maio de frores cuberto/ puxéronse á porta cantando os nenos”.

Pena, Xosé Ramón, “Renovar as letras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 18 maio 2019, p. 24.

Coa chegada dun novo Día das Letras Galegas pregúntase se debe ou non debe continuar como xornada festiva de xeito oficial; se semella adecuado ou inadecuado mantermos o formato actual; ou se acertou a Academia desta volta co autor escollido. A continuación trata de dar algunha resposta a esas cuestións e insírese no debate arredor da figura de Carvalho Calero e se se lle veta da homenaxe o 17 de maio por motivos que teñen que ver con que sexa este intelectual o máximo representante do reintegracionismo lingüístico. Finaliza sentenciando que a traxectoria dos Castelao, Pondal ou Curros, é dicir, o repaso á crónica das nosas letras, unha historia que agora vive en precario, cando non desterrada, debería fornecer, entón, a validez do Día das Letras.

_____, “España ‘Paralís’”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 7 decembro 2019, pp. 20-21.

O artigo trata da situación política en España, falando tanto de Pablo Iglesias como de Albert Rivera. O autor fai un repaso de todas as causas políticas que quedaron no almacén e non se realizaron, coma a reforma do Senado ou o Pacto Anticorrupción. En relación con esta ausencia de vontade política, cita a Manuel María: “Sempre foi inmovilista (...)/Vivió en pura ortodoxia/de costas ao seu país”.

Pena Beiroa, José Antonio, “Luis Reimóndez”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al habla”, 2 xaneiro 2019, p. 4.

Recolle a admiración e agradecemento ao labor de Manuel Reimóndez Portela, galeguista e médico comprometido que colaborou na redacción do Estatuto dos Dezaseis, publicado en forma de libro por Galaxia no ano 1978. Fálanos desta figura co gallo do falecemento do seu fillo, Luís Reimóndez Fernández, a quen tivo o pracer de coñecer grazas ao escritor Xosé Neira Vilas e co que compartiu máis dun espazo, como a directiva da Fundación Xosé Neira Vilas.

Penas, Ánxeles, “A pintura de Lodeiro”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 17 febreiro 2019, p. 26.

Fai un breve repaso pola traxectoria vital e artística do pintor Xosé Lodeiro a propósito da inauguración dunha exposición coa súa obra na galería José Lorenzo e sinala que foi obxecto do canto de varios poetas galegos, quen lle dedicaron algunha composición, nomeadamente Cunqueiro, Xohana Torres, Blanco Amor, Oroza ou Méndez Ferrín.

_____, “Achegamento a Maruxa Seoane”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 3 marzo 2019, p. 26.

Recolle un breve repaso pola traxectoria vital e artística de Maruxa Seoane a propósito dunha exposicións que a Fundación Luís Seoane organiza na súa honra e que recolle múltiple documentación, como cartas, libros, fotografías e poemas. Ao final do artigo reproduce un versos que Xavier Seoane dedica a Maruxa.

Pérez, Lois, “Instrucións para ser Boris Vian”, *Diario de Pontevedra*, “*Táboa Redonda*”, n.º 181, 28 abril 2019, p. 4.

Fai un repaso da peripecia vital do músico e escritor francés Boris Vian, nado en Ville d’Avray, preto de París, no ano 1920, e alude á tradución galega da súa novela máis celebrada *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, publicada pola editorial Kalandraka no ano 2007.

Pérez, Luís, “Franco vuelve a casa”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “ON/OFF”, 24 outubro 2019, p. 2.

Aborda a exhumación do ditador Francisco Franco do Val dos caídos, e para referirse á etapa ditatorial refírese a esta como a *Longa noite de pedra*, famoso poemario de Celso Emilio Ferreiro.

Pernas, Ramón, “De cuando don Alvaro volvió a su casa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Nordés”, 10 marzo 2019, p. 19.

Co gallo da inauguración da Casa-Museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, sinala que toda esta vila é en si un museo cunqueirán. A continuación comenta as impresións e os sentimentos que suscitaron nel a visita a estas instalacións e vai aludindo a certos espazos da casa onde considera que foron xestados algúns dos personaxes máis emblemáticos do escritor mindoniense.

_____, “Otoño en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Nordés”, 12 outubro 2019, p. 14.

Relata a visita do autor a Santiago de Compostela, onde a chuvia que o recibe lle trae á memoria o poema “Chove en Santiago”, de Federico García Lorca. Posteriormente, tamén fala da súa visita á catedral e do animado ambiente que se respiraba nas rúas santiaguesas.

Piñeiro, Antonio, “Cousas do Parlamento”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 19 xaneiro 2019, p. 32.

Destaca a capacidade do presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, para facer intervencións públicas que non deixan indiferentes a ninguén a propósito da súa última aparición. Tamén fai alusión ás inquisicións que lle fixo o director de *La Región*, Xosé Pastoriza, sobre algunhas cuestións mundanas e cita a Castelao co gallo de que o intelectual rianxeiro chamaría a esas cuestións “cousas”.

_____, “Ourense e o circo”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 5 febreiro 2019, p. 32.

Informa de que a mediados do pasado verán tivo a ocasión de coñecer a Ileana Méndez, unha filla da emigración máis, que reside na actualidade en Whashington, pero que ten orixes radicais en Puerto Rico, onde se asentou a súa familia, procedente de Vila Nova dos Infantes, hai máis de dous séculos. Especula sobre a posíbel relación desta muller co escritor de Xosé Luís Méndez Ferrín do que cita a súa obra *Arraianos*.

_____, “Vilas irmás”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 12 marzo 2019, p. 31.

Reflexiona sobre a relación existente entre certas vilas galegas dende a perspectiva da irmandade literaria. Desta forma vincula Padrón e Ponteceso, berces dos escritores do Rexurdimento, nomeadamente Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Tamén fai alusión a Manuel Curros Enríquez a propósito da creación dun itinerario cultural do Rexurdimento. Outra conexión que establece é entre Celanova e Mondoñedo, das que di que comparten unha historia milenaria común. Da vila mindoniense tamén comenta que acaba de inaugurar a Casa-museo do escritor Álvaro Cunqueiro.

_____, “Un Ourense inédito”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 6 xullo 2019, p. 39.

Comenta un artigo que leu no xornal *La Región* publicado o día anterior á aparición deste no que informan de que os turistas e visitantes que se achegan á Ourense xa gozan da oportunidade de subir ao campanario da catedral e de contemplar en panorámica o conxunto urbano mergullado nun singular val que un poeta denominou “Augasquentes”.

_____, “Xocas e os Coelerni”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 20 xullo 2019, p. 38.

Faise eco da homenaxe a Xaquín Lorenzo “Xocas” por parte da Deputación de Ourense. Lembra que o homenaxeado era un experto coñecedor do xacemento arqueolóxico de Castromao, onde se exhumou o vestixio documental “Tábula de Castromao”, unha placa de bronce gravada no século II. Explica que Xaquín Lorenzo quería reproducir o fragmento daquel documento e penduralo de forma permanente na fachada do mosteiro da vila. Agora, 30 anos logo do seu falecemento, malia non poder situar a reprodución no mosteiro, procuróuselle asento na “Praza das Pitas”.

_____, “Luzes”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 12 outubro 2019, p. 34.

O artigo comeza falando de *Luzes*, revista dirixida por Manolo Rivas e Xosé Manuel Pereiro e publicada dende o 2013. A revista busca crear un “ecosistema de xéneros xornalísticos ameazados de extinción”. O autor comenta que pensou en *Luzes* ao ler unha información relacionada coas luces da Nadal de Ourense, que pretendían imitar ás de Vigo.

_____, “Unamuno e Curros”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 15 outubro 2019, p. 27.

Fala do seu visionado do filme de Amenábar “Mentras dure a guerra”, que relata a historia de Unamuno a comezos da Guerra Civil. Agradece a este filme a humanización que realiza da figura do autor vasco, humanización que ás veces se perde no paso dunha persoa á historia. Esta reflexión coincide cunha relectura dunha carta enviada por Unamuno para Manuel Casás, na cal expresa a súa admiración polos poemas de Curros Enríquez, destacando *Aires da miña terra* ou *A Virxe do Cristal* entre outros.

_____, “Tradicións que van e veñen”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 2 novembro 2019, p. 28.

O artigo fala da incorporación do Halloween á cultura popular galega. En primeira instancia, esta tradición de orixe norteamericana foi recibida con suspicacia. Pero, despois de comparala co Samaín e ver que tiñan moitos aspectos comúns, foi aceptada. En relación coa difusión do Samaín, fala da extensión dos relatos da Santa Compañía, citando a Fernández Flórez.

_____, “Dicción galega”, *La Región*, “Opinión”, “Ourenalia”, 3 decembro 2019, p. 30.

O autor fala de que hai días nos que se sente triste debido á situación de Ourense, Galicia e do mesmo Estado. Non obstante, tamén hai días nos que se sente moi orgulloso. O último deses días foi no acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Parlamento de Galicia, ao cal acudiron autoridades políticas, membros da RAG e unha serie de mozos e mozas do instituto Celso Emilio Ferreiro. Estes alumnos recitaron unha serie de poemas cunha dicción galega que impresionou ao autor.

Piñeiro, Xosé M., “Reixa, Avedaño e Romón”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 12 outubro 2019, p. 52.

O artigo trata sobre o reencontro do autor con Reixa e Alberto Avendaño no Festival Internacional de Poesía e Performance “Kerouac” en Vigo. Reixa, Alberto e Ramón conformaron o “Grupo de Comunicación Poética Rompente”, que supuxo unha revolución no xénero e un feito moi importante na historia cultural de Vigo.

_____, “Libros electrónicos”, *Atlántico Diario*, p. 52/ *La Región*, p. 68, “Sociedad”, 19 outubro 2019, p. 52.

Fala do seu inicio na afección aos libros electrónicos. Recoñece as súas vantaxes, pero confesa que non pode evitar botar de menos a sensación de ler un libro en papel. Non obstante, vendo o seu andel cheo de obras, entre elas *As rulas de Bakunin* de Riveiro Coello e *As palabras da néboa* de Francisco Castro, dáse conta de que non ten espazo para máis. Malia isto, vese tentado de mercar novas obras e de darlle unha segunda oportunidade a outras que xa leu.

Pinto Antón, Juan Antonio, “Estatística sen clientela”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, 20 xuño 2019.

Nun artigo no que reflexiona sobre o despoboamento e abandono do rural galego, e en consecuencia das súas tradicionais formas de vida, así como dos intereses partidistas e electoralistas das distintas formacións políticas, reproduce os versos: “Iste vaise, aquel vaise / e todos, todos se van...”, de Rosalía de Castro.

_____, “Bernardo Atxaga, a imaxinación e a memoria”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Opinión”, 21 novembro 2019, p. 33.

Artigo sobre Bernardo Atxaga, quen recentemente gañou o Premio Nacional das Letras do 2019. Atxaga é un escritor en lingua vasca, polo cal a súa vitoria se converte nun acto de reivindicación das diferentes linguas de España. Nesa riqueza multilingüe cítase a Rosalía e a Castelao, entre outros autores.

Ponte, José Manuel, “Ferrín y los lugares fuera de sitio”, *Faro de Vigo*, “Opinión” p. 19/*La Opinión*, “Página dos”, p. 2, “Inventario de perplejidades”, 9 xaneiro 2019.

Reflexiona sobre o despoboamento do rural no Estado español e o constante crecemento da poboación en ámbitos urbanos, aludindo ao libro *La España vacía. Viaje por un país que nunca fue* de Sergio del Molino. Tamén indica que este mesmo autor traballa na edición doutro libro, desta volta centrado nos territorios fronteirizos, que leva por título *Lugares fuera de sitio*. A propósito deste último lamenta que, entre toda a bibliografía citada, non aluda en ningún momento á Xosé Luís Méndez Ferrín e a súa obra *Arraianos* xa que, en palabras do autor do artigo, foi quen mellor representou aos habitantes destes lugares de fronteira.

_____, “La Venezuela de ayer y de hoy”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 12 marzo 2019, p. 19.

Achega as súas reflexións sobre a situación política de Venezuela na actualidade e establece unha comparación coa situación no último terzo do século XX, que este cualifica como a época da “abundancia caribeña”. Deste período achega o dato de que Camilo José Cela escribiu, por encargo do ditador venezolano Marcos Pérez, unha novela titulada *La Cantira*. Desta obra di que ten base documental no arquivo memorístico de Silvio Santiago e cita dúas novelas deste autor, nomeadamente *Vilardevós* e *O silencio redimido*.

_____, “Un soñador frente al mar”, *Faro de Vigo*, “Opinión” p. 19/*La Opinión*, “Página dos”, p. 2, “Inventario de perplejidades”, 17 decembro 2019.

O artigo fala da entrega do Facho de Ouro a Xosé Luís Méndez Ferrín debido ao seu activismo e a súa obra literaria. Tamén describe a noite na cal se fixo a entrega, unha noite con moi mal tempo, na cal as ondas eran imponentes, lembrando a descrición que fixo delas Otero Pedrayo. No acto da entrega do premio tamén se leu unha carta de Darío Xohán Cabana e faláron Xosé Luís Axeitos e Manuel Rivas.

Queixas, Mercedes, “Alba de Gloria”, *Sermos Galiza*, n.º 330, “Opinión”, “Eu seino?”, 17 xaneiro 2019, p. 5.

Faise eco do anuncio da editorial Galaxia no pasado mes de decembro da edición facsimilar dunha parte substancial da obra de Castelao, os álbums de guerra, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*. Menciona tamén a exposición “Castelao maxistral”, que expón o discurso “Alba de gloria” que Castelao pronunciou en Buenos Aires o 25 de xullo de 1947 e tamén a correspondencia con Eduardo Blanco Amor, Rodolfo Prada, Emilio Pita ou Lois Tobío, así como a escoita da voz de Castelao na estrea de *Os vellos non deben de namorarse* e os audios discursivos de Ramón Otero Pedrayo e Ramón Suárez Picallo.

_____, “Po(l)em(iz)as”, *Sermos Galiza*, n.º 342, “Opinión”, 11 abril 2019, p. 5.

Nun artigo no que defende a idea de que a expresión literaria ten que se converter no espello da renovación do discurso lingüístico e que unha das marcas de identidade da literatura galega ten que ser metalingüística, necesariamente sociolingüística, fai alusión a distintos poetas galegos que tratan dalgunha forma esta temática. En primeiro lugar a Yolanda Castaño e ao poema *A poesía é unha lingua minorizada*, incluído no volume *A segunda lingua* (2013), do que recolle algúns versos. Continúa reproducindo versos de Marta Dacosta, Avilés de Taramancos, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Pilar Cebreiro, Carlos Negro, Daniel Asorey, Estíbaliz Espinosa, Lupe Gómez, Emma Pedreira, Eli Ríos e María Reimóndez.

_____, “Co libro galego de gala”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “Opinión”, 16 maio 2019, p. 5.

Nun artigo no que reflexiona sobre a privación de liberdade por parte de quen precisamente a invoca falazmente para reducir até a extenuación a posibilidade de aprender a lingua galega alude ao falecemento do escritor e mestre Xabier P. Docampo e á súa participación na Gala do Libro Galego do ano 2018 para recoller o premio de narrativa pola súa novela *A nena do abrigo de astracán* (Xerais, 2017).

Regueira, Mario, “As Letras e o futuro”, *Sermos Galiza*, n.º 345, “*A fondo*”, n.º 217, “Un balance do 17 de maio”, 9 maio 2019, p. 4.

Artigo sobre a Real Academia Galega no contexto de resistencia ao franquismo e durante os anos da posguerra. Reflexiona sobre a falta de figuras femininas tanto no número de académicos como no número de figuras homenaxeadas co Día das Letras Galegas.

Reigosa, Antonio, “Noriega Varela, dobre efeméride en 2019”, *El progreso “Cultura”*, “Vivir”, 2 xaneiro 2019, p. 35.

Advirte que neste 2019, amais de prepararmos a apertura da Casa Museo Álvaro Cunqueiro, debemos prestarlle atención á dobre efeméride doutro mindoniense ilustre, Antonio Noriega Varela, xa que vai facer 150 anos do nacemento e 50 da homenaxe no Día das Letras Galega. Xustifica isto en tanto que Noriega Varela foi un poeta popular, quizais dos máis admirados e premiados do seu tempo, e os seus versos, ademais da alta calidade técnica, viaxan cargados de dinamita retranqueira, de humor intelixente e fino, sempre adobados cun sentido fondo lírico. Cita obras como *Montañesas*, *Do Ermo* ou a póstuma *Tenuis Pluvia* xa que, segundo o autor do artigo, nos permiten ver unha evolución que, sen distanciarse das temáticas recorrentes, transita dende o costumismo ao modernismo con retoques cultistas refinados. Finaliza destacando as achegas máis importantes en cada un dos campos que traballou, xa que, ademais de excelente poeta, foi mestre de profesión, xornalista e filólogo, e estivo moi vinculado ao momento fundacional das Irmandades da Fala en Ourense.

Reigosa, Carlos G., “Cunqueiro en San Martiño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vagalume”, 2 agosto 2019, p. 32.

Carlos G. Reigosa láíase que ninguén tivese gravado a intervención pública de Álvaro Cunqueiro na basílica de San Martiño de Mondoñedo o 11 de novembro de 1966.

_____, “Tabernas de Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vagalume”, 25 outubro 2019, p. 36.

Artigo sobre as tascas e bares de Compostela, describindo a axetreada actividade que neles acontecía. O autor fai referencia ás obras literarias que se crearon nese ambiente de axitada creatividade, destacando *Cantiga nova que se chama Riveira*. Finaliza rememorando as conversas nesas tabernas con membros destacados do mundo literario, como Ricardo Carvalho Calero ou Eduardo Blanco Amor, e laméntase de que esa época xa quedara atrás.

Requeixo, Armando, “Letras de Amor. Prosas e versos en San Valentín”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 700, “Literatura”, 14 febreiro 2019, p. VII.

Co gallo do Día de San Valentín fai un repaso das obras da literatura universal que, dunha ou doutra forma, tratan a temática do amor. Da literatura galega di que esta é amorosa dende a súa mesma nacemento e pon como exemplo as cantigas de amigo e amor da literatura medieval, mais tamén a refundación amorosa do Rexurdimento con tantos poemas de Rosalía ou a historia da *Virxe do Cristal* de Curros, os truculentos quereres de *Maxina ou a filla espúrea* de Marcial Valladares ou as tres novelas amoroso-históricas de Antonio López Ferreiro: *A tecedeira de Bonaval*, *O castelo de Pambre* ou *O niño de pombas*. Tamén di que esa tradición se estendeu ao longo de todo o XX con voces maiores como as de Castelao (*Os vellos non deben de namorarse*) e chega aos nosos días en infinidade de poetas e narradores que, como diría un deles, Claudio Rodríguez Fer, cantan para nós os seus *Poemas de amor sen morte*.

_____, “Bibliotecas singulares. Andeis para a creatividade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 704, “Literatura insólita”, 7 marzo 2019, p. VII.

Fai un breve repaso polas bibliotecas máis extravagantes, exóticas e singulares existentes en Europa e América do Norte e centra unha parte do artigo en falar das bibliotecas máis importantes de Galicia, nomeadamente a Biblioteca da RAG na Coruña, a Biblioteca Xeral da USC en Santiago, a Biblioteca Penzol en Vigo e a Biblioteca do Instituto de Estudos Padre Sarmiento en Santiago. Desta última di que herdou todo o fondo bibliográfico do Seminario de Estudos Galegos, a propósito do cal cita a Castelao e Otero Pedrayo.

_____, “Os ollos das palabras. Escritores cegos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 712 “Literatura insólita”, 9 maio 2019, p. VII.

Co gallo da publicación da segunda novela de Emilio Ortiz, un escritor invidente do País Vasco, repasa a existencia de literatos cegos ao longo da historia. Desta forma comeza falando de Homero, pai da literatura occidental e autor da *Ilíada* e da *Odisea*, e continúa dando algúns nomes da literatura árabe ou anglosaxona. Desta última, fai alusión a John Milton, autor do poemario *O paraíso perdido*. Finaliza o artigo aludindo a aqueles escritores que, non sendo puramente invidentes, padeceron, durante a vellez, algún tipo de cegueira, nomeadamente Pérez Galdós e Borges. Para os escritores galegos cegos

reserva un apartado a parte, onde explica como Lamas Carvajal, non sendo invidente, padeceu certos problemas de cegueira dende moi novo.

_____, “Unha balea branca chamada Melville. No douscentos aniversario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 721, “Literatura insólita”, 11 xullo 2019, p. VII.

Co gallo do 200º aniversario do nacemento de Herman Melville, autor de obra cumio da literatura universal como *Moby Dick*, repasa a traxectoria vital deste escritor estadounidense, comentando que tivo unha vida dura e afastada do recoñecemento á súa obra. Neste entramado amenta ás traducións ao galego das súas novelas, nomeadamente *Billy Bud*, vertido por Miguel Anxo Laxe Freire en 1983, e *Bartleby, o escribente*, traladado por Eva Díaz Rodríguez no 2009, ambos publicados por Xerais. Así mesmo fai alusión a obras galegas que tiveron unha notábel influencia das obras deste autor, nomeadamente a novela *Balea morta ou lancha a pique!* (Xerais, 2002) de Santiago Jaureguizar, e o poemario *Memoria de Ahab* (Sotelo Blanco, 2007) de Rafa Villar.

_____, “Galicia en 40 datas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.100, 11 agosto 2019, p. 30.

O artigo fala de *40 datas que fixeram a Historia da Galiza*, libro colectivo que trata de maneira xeral os feitos máis relevantes da historia de Galicia. Dividido en seccións coma “Idade Antiga” ou “Idade Media”, faise referencia a diversos acontecementos, atopándose entre eles a fundación do reino de Galicia, o ataque de Drake e demáis. Entre os feitos recollidos está a escritura de *Cantares gallegos* de Rosalía na sección de “Idade Contemporánea”.

Reyes Uchinsky, Carla, “Medallas Castelao”, *La Región*, “Casi iguales”, p. 30/ *Atlántico Diario*, p. 26, “Opinión”, 12 xuño 2019.

Empeza afirmando que perdeu a conta das veces que escribín neste recuncho de opinión sobre como a muller foi sempre a gran ausente dos premios, medallas, condecoracións e, en xeral, de todos os recoñecementos. Continúa comentando que, desta forma, faise comprensíbel que se xerou tanto balbordo e expectación ao coñecerse a noticia de que a Xunta de Galicia decidiu conceder as Medallas Castelao a cinco mulleres de forma exclusiva, configurándose como a primeira vez, nos seus 35 anos de existencia, que só se entrega a mulleres. Finaliza aplaudindo esta iniciativa e valorándoa como unha clara mensaxe de compromiso coa igualdade de oportunidades, así mesmo recolle os nomes das galardoadas.

Rivas, Chito, “O tiburón vermello de Paco”, *La Región*, “Opinión”, “Pingas de orballo”, 29 xaneiro 2019, p. 30.

Comenta que a compañía Silvardeiras Teatro representou hai uns días na Casa de Cultura Manuel María de Barbadás a obra *Tarabeleando con Mario*, que é unha versión moi libre da novela *Cinco horas con Mario* de Miguel Delibes, e suxire que el a titularía “O tiburón vermello de Paco” e a continuación explica os motivos desa escolla.

_____, “Un sentimento eterno”, *La Región*, “Opinión”, “Pingas de orballo”, 27 febreiro 2019, p. 34.

Indica que no día de Rosalía de Castro quere escoitar a Amancio Prada e pechar os ollos para que catro versos e un poema se deiten na súa inercia poética. Tamén di que quere ser un verso ou un poema, que Rosalía é un sentimento eterno, e que nesta noite de negra sombra e follas novas quere tomar a xutiza pola man.

_____, “E se digo...”, *La Región*, “Opinión”, “Pingas de orballo”, 19 maio 2019, p. 28. Sinala como quere pasar ou celebrar o Día das Letras Galegas, indicando que neste día toca consumir música e literatura en galego ao cento por cento. Tamén comenta que é un día de condicións climáticas semiadversas e que no medio das nubes comezan a saír uns raios de sol que alumean o día e a lingua materna, neste caso o galego. Finaliza dicindo que quere pasar o tempo mirando de aquí para alá, sen máis.

Rivas, Ciprián, “Se non es alguén, non es”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 xullo 2019, p. 24.

Reflexiona sobre o concepto da transcendencia, de como se é alguén ou se gaña recoñecemento nun determinado ámbito. Neste senso amenta ao poeta natural de Monterroso Lorenzo Varela, que foi durante longo tempo esquecido, pero que no seu momento se relacionaba con Neruda, García Lorca, Luis Cernuda, Rafael Alberti, Laxeiro, Maside, Colmeiro ou Rafael Dieste. A continuación reproduce un fragmento do poema de Varela que canta a derrota do líder irmandiño da Irmandade Fusquenlla na súa revolta contra o señor Nuno Freire de Andrade, no que derrota é sinónimo de morte, do abandono da existencia, de deixar de ser alguén e do esquecemento.

_____, “O galeguismo e a Igrexa católica”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, p. 30/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 24. 18 xullo 2019.

Co gallo da celebración do Día de Galicia reflexiona sobre o papel da Igrexa católica a respecto do galeguismo e conclúe que, ao contrario que en Euskadi ou Cataluña, o clero galego actuou como un forte elemento españolizador. Neste contexto fai alusión a unha carta que Rosalía de Castro escribiu a Murguía onde se recolle a firme intención da poeta de Padrón de non volver a escribir en lingua galega.

Rivera, Javier, “Tierras con magia literaria”, *El Progreso*, “Comarcas”, “Cuadrante Norte”, 10 marzo 2019, p. 14.

Avoga polo turismo cultural e fai un repaso das obras e dos autores máis representativos de varios lugares de Galicia. Desta forma para falar das terras do Courel alude a Uxío Novoneyra e o poemario *Os eidos*; da Terra Chá a Manuel María e a obra *Terra Chá*; das terras do Incio a Ánxel Fole e o volume *Terra brava. Contos da solaina*; do Val do Lóuzara a Fiz Vergara Vilariño; e de Mondoñedo a Álvaro Cunqueiro e o libro *Merlín e familia*.

_____, “Guerra sucia en Sarria”, *El Progreso*, “Elecciones”, “Diario de Campaña”, 16 maio 2019, p. 14.

Relata as liortas entre os partidos políticos locais de Sarria co gallo da campaña das eleccións municipais. Neste entramado sinala a existencia dunha páxina de Facebook que leva por nome o título dunha das obras máis coñecidas de Vicente Risco, *O porco de pé*.

Rodil, Ana, “As xacias, as sereas do pai Miño”, *El Progreso*, “Comarcas”, “De norte a sur”, 23 marzo 2019, p. 18.

Trata de explicar a lenda popular da existencia dunhas figuras metade humanas metade peixe que viven nas profundidades do río Miño e que se coñecen co nome de xacias. Para dar conta disto fai alusión ao escritor e etnógrafo pontevedrés Fermín Bouza Brey, quen adicou gran parte dos seus traballos a investigar estas figuras.

Rodríguez, Carlos Luis, “El hermano menor”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 12 decembro 2019, p. 3.

O artigo fala do feito de que o BNG non acudira á visita a Felipe VI no palacio. O autor recrimina este feito, aludindo que outros dirixentes de BNG se entrevistarán co rei emérito, regalándolle incluso unha copia de *Sempre en Galiza*. Considera que este comportamento recente é unha imitación do nacionalismo catalán e pide que se opte mellor pola vía do PNV.

Rodríguez, Jesús, “Gracias, a todos los Amigos de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 19 agosto 2019, p. 18.

Apunta que a Editorial Kalandraka foi distinguida polo seu labor a prol da difusión de Pontevedra a través do seu labor profesional.

Román, Fernando, “Praza de Eironciño dos Cabaleiros”, *La Región*, “Ciudad”, “A tribuna”, 2 xaneiro 2019, p. 10.

Informa da creación de novas rúas na cidade de Ourense a partir da Restauración, centrándose fundamentalmente na praza do Eirociño dos Cabaleiros denominada tamén praza do Cid e chamada na actualidade Irmáns Villar porque no n.º 21 estivo o colexio dos Irmáns Villar. Para falarmos do colexio dos Irmáns Villar, rescata as apreciacións que fixo Otero Pedrayo na biografía que lle adicou a Florentino Cuevillas sobre a “Casa de María Andrea”. Tamén sinala que fronte á “Casa de María Andrea” se atopaba unha tasca chamada “O Tucho”, onde se reunían escritores da intelectualidade galega dende a década dos sesenta até mediados dos oitenta do século XX, nomeadamente Risco, Otero, Ferro, Virxilio, Quessada, Jose Luis de Dios González, Acisclo Manzano, Bucínos, Prego de Oliver e Alexandro, entre outros). Finalmente indica que sobre o ano 1985 desapareceu baixo a actuación de maquinaria dos construtores, o derradeiro testemuño do espírito da etapa da intelectualidade literaria e artística do século XX.

_____, “Rúa da Paz ou dos Zapateiros”, *La Región*, “Ciudad”, “A tribuna”, 2 febreiro 2019, p. 13.

Recolle a historia da Rúa da Paz, antes dos Zapateiros, da cidade de Ourense, informando das distintas sedes que albergou e das transformacións que foi sufrindo ao longo das décadas. Indica que no antigo número 25 (actual 21), naceron e viviron as grandes personalidades do chamado “cenáculo de Ourense”, a cerna da Xeración Nós. Así, informa de que no seu primeiro andar viviu Vicente Risco e, no segundo, até a súa morte, o dono do edificio, Ramón Otero Pedrayo. Tamén advirte de que, fronte por fronte, viviu, no número 26, Xaquín Lorenzo Fernández, máis coñecido como Xocas.

_____, “Pobre Asunción”, *La Región*, “Ourense”, “8 de marzo, día de la mujer”, “A Tribuna”, 7 marzo 2019, p. 16.

Conta a historia de Asunción González Vázquez, unha costureira vilega radicada en Ourense, a primeira vítima de violencia machista documentada, que foi asasinada por un home por rexeitar as súas proposicións amorosas. A respecto deste caso fai alusión a Ramón Otero Pedrayo, quen dixo de Asunción que esta coidaba de nenos desamparados.

_____, “Rúa Cisneros ou Tras Palacio”, *La Región*, “Ourense”, “Ciudad”, “A Tribuna”, 25 agosto 2019, p. 14.

Amenta a publicación en 1978, en Ourense, do libro titulado *Poesías*, unha colección de poemas de Saco e Arce datados entre 1855 e 1877, con 76 composicións en castelán e 9 en galego. Entre eles, salienta “A primaveira”, “A Xesús”, “O miniño do ceo”, “Santa Eufemia”, “O Arrepentimento” e as traducións do latín “Stabat Mater, “O sol salutis intimis” e “Misere mei, Deus”.

Romero, Bieito, “Galicia en Bos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2019, p. 34.

Nun artigo sobre a presenza de galegos e descendentes de galegos en Bos Aires, fai alusión á gran cantidade de intelectuais galegos exiliados que desenvolveron unha destacábel actividade dende alí, como Castelao, Luís Seoane ou Bieito Cupeiro.

Rosendo, Rubén de, “Retrato de una pioneira”, *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, p. 64, “De norte a sur”, 31 xaneiro 2019, p. 64.

Fai un repaso pola traxectoria vital e profesional de Mary Quintero, muller pioneira no mundo da fotografía tanto en Galicia coma no conxunto do Estado español e que abriu paso a toda unha xeración de mulleres fotógrafas. Alude á obra *Mary Quintero. Retratista desde os 15 anos* (2015) e indica que é un libro indispensable onde se recollen gran parte das vivencias desta destacada personalidade do campo da fotografía.

Rozas, Ramón, “Pontevedra ferve e pensa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Saga/Fuga”, 15 marzo 2019, p. 14.

Recolle as actividades, no que á cultura e á literatura se refire, programadas na cidade de Pontevedra coa intención de mostrar o incremento do movemento cultural na Boa Vila. Desta forma fai alusión á Gala do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, ao ciclo ‘6 días, 6

poetas' celebrado na Casa das Campás e o evento 'Parlamento de Escritores' organizado pola AELG.

_____, "PontePoética: poesía en flor", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Saga/Fuga", 12 abril 2019, p. 16.

Alude á celebración da novena edición do Festival PontePoética en Pontevedra e sinala que esta é unha actividade que chega no momento no que clausura o Salón do Libro e a cabalo entre moitas outras actividades culturais que teñen lugar na Boa Vila. Indica, ademais, o nome dalgún dos participantes no festival de poesía, con especial atención ao escritor Manuel Vilas.

_____, "Libros, festa e revolución", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y Además", "Saga/Fuga", 5 xullo 2019, p. 14.

Informa de que a praza da Ferraría de Pontevedra acolle a fin de semana do 5, 6 e 7 de xullo a terceira edición da Festa dos Libros, onde se sucederán unha chea de actos para todos os gustos, nos que os libeiros poderán vender os seus produtos, os lectores curiosar, pero, sobre todo, producirase ese contacto directo con moitos creadores que virán até Pontevedra a amosar o seu traballo, a poñerse ante os lectores para coñecer as súas opinións e para sobrepasar esa liña que divide o soporte físico do libro da etérea complicidade do lector. Así mesmo sinala que Manuel Jabois, Manuel Rivas, Carlos Bardem, Leticia Costas, Francisco Castro, Antón Lopo, Eva Mejuto, Fina Casalderrey, Daniel Asorey ou Diana López serán algúns dos nomes cos que os lectores poderán pasar un tempo escoitando todo aquilo que rodea ao libro.

_____, "Leituras para partilhar!", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 193, 21 xullo 2019, p. 4.

Faise eco do nacemento da colección "Confluências" da editorial Kalandraka, na que autores portugueses se veren ao castelán e viceversa. Alude ás obras *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas; *Sete casas em França*, de Bernardo Atxaga; *As meninas-prodígio*, de Sabina Urraca; *Sobre las ruinas del mundo*, de Patricia Meis; e *Medio hombre, mitad ballena*, de José Gardeazabal, pseudónimo de José Tavares.

_____, "No pasamento dun poeta", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 202, 20 outubro 2019, p. 4.

Artigo con motivo da morte de Manuel Álvarez Torneiro. Antigo xornalista convertido en poeta, gañou o premio Nacional de Poesía, converténdose no primeiro autor en logralo cunha obra escrita en galego. Dos seus poemas o autor do artigo di que son semellantes á auga fresca e tamén "auténticos bacanais", buscando sempre comprender ao ser humano. Remata lamentando a súa morte comparándoa con "unha patria que quedou sen cónsul".

Rubia, Xoán, "Mero, meu amigo", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miradas poliédricas", 17 marzo 2019, p. 18.

Recolle un breve repaso pola traxectoria artística do músico, escritor e político galego Baldomero Iglesias, máis coñecido como Mero, a propósito de ter participado con el da

presentación do seu último poemario, titulado *No perfil das verbas* (2018), no Ateneo de Ferrol. Tamén fai alusión ao feito de que o recadado coa venda do devandito libro vai ser empregado para a restauración da casa do poeta Xosé María Díaz Castro.

Rupérez, Ángel, “Dos Rosalías”, *El País*, “Opinión”, 28 xullo 2019, p. 14.

Realiza unha comparación entre Rosalía de Castro e a cantante Rosalía, indicando que Rosalía de Castro foi ignorada polo feito de ser muller e polo feito de ser escritora, mais que a cantante Rosalía non sufriu polo feito ser muller, posto que cantantes anteriores xa lle tiñan aberto a porta da igualdade.

S. V., “Pinto e Maragota celebra hoy una jornada por la diversidad sexual”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 xaneiro 2019, p. 12.

Informa dunha mesa redonda sobre diversidade sexual e literatura xuvenil, protagonizada polas escritoras María Reimóndez, Eli Ríos, Iria Misa e Eva Mejuto, no marco de Pinto e Maragota, o programa pola diversidade sexual do Concello de Pontevedra.

Saco, Alberto, “Señoras e señores, madamas e madamitos”, *La Región*, “Opinión”, 23 febreiro 2019, p. 33.

Recolle a coñecida frase de Castelao que reza “mexan por nós e temos que dicir que chove” a propósito dunhas reflexións arredor da submisión da xente do rural galego ás distintas instancias do poder nas distintas épocas históricas, dende o sistema feudal á era posmoderna.

Salgado, Fernando, “Celso Emilio no Parlamento”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “La Quilla”, 10 decembro 2019, p. 14.

O artigo fala da homenaxe que se realizou no Parlamento a Celso Emilio Ferreiro. En relación a isto, o autor menciona que se está deixando fóra da institución o que realmente nos une, mentres que se discuten cousas que nos dividen. Debido a isto, considera loábel a homenaxe a Celso Emilio á vez que lamenta que Xesús Alonso Montero, do cal dixo Santalices que era “o mellor orador de Galicia”, tardara 91 anos en falar no Parlamento.

Sánchez Soto, Marina, “Por aqueles versos, Rosalía”, *La Región*, “Opinión”, 24 febreiro 2019, p. 43.

No Día de Rosalía de Castro aproveita para lembrar e homenaxear á poeta dende, empregando as súas propias palabras, “o seu humilde lapis e o seu infantil caderno”.

Sánde, Miguel, “A casa museo de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A Cotío”, 4 marzo 2019, p. 15.

Dá conta da inauguración da Casa-Museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo a través da cal, di, se pode coñecer o seu mundo máis íntimo, descubrir ou revisitado cando se queira. Tamén alude a xa sabida relación entre a escrita e vida de Cunqueiro coa súa vila natal, e que esta iniciativa non fai máis que agromar as raíces do escritor con Mondoñedo.

Sarlo, Beatriz, “¿Gallego bruto?”, *El País*, “*Babelia*”, n.º 1.415, “Tribuna libre”, 5 xaneiro 2019, p. 14.

Trata de desmitificar a idea que, en América Latina, tiñan e teñen dos emigrantes galegos como persoas brutas e incultas a través da historia da súa propia familia e dos seus recordos da infancia. É así que fala de don Ángel, un emigrante galego en Arxentina que, xunto ao seu irmán Pepe, non encaixaban no estereotipo do galego bruto e inculto, senón que eran homes dunha gran intelixencia e o segundo incluso era un asiduo lector de Rosalía de Castro e lía en voz alta varias veces versos de “Campanas de Bastabales”.

Senén, Felipe, “Galiza e a neboeira, tópico, filosofía e poesía”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 6 xaneiro 2019. p. 25.

Identifica á paisaxe galega coa brétema, indicando a cantidade de denominacións para este fenómeno atmosférico, e relaciónao coa cultura e a identidade propias. Fai alusión a un ensaio de Suso de Toro titulado O país das Brétemas, no que enceta unha viaxe interminábel pola cultura celta; a Vicente Risco que tamén teimou no tema nas súas disquisicións sobre unha Arte Atlántica; a Ramón Otero Pedrayo, quen entendía "a néboa como respiración e forma do Atlántico", "liberación da forma", mesmo como espírito dela; a Xosé María Castroviejo, sabio en temas célticos, ou Filgueira Valverde, que insisten no dito por Otero Pedrayo e din que a néboa está enredada no cernado vivir galego; ou a Rosalía que nas súas derradeiras verbas pediu que lle deixasen ver o mar.

_____, “Arredor do pasado e presente da coruñesa casa do ilustrado Xosé Cornide”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 20 xaneiro 2019. p. 24.

Recolle unha recensión sobre o pasado e o presente da casa de Xosé Cornide na Coruña. De Cornide destaca o feito de que foi un dos grandes sabios da Ilustración galega a partir do seu papel como historiador, naturalista, economista, político e poeta. Da casa salienta características da súa arquitectura, cita os proxectos que se formularon para o seu aproveitamento nas distintas épocas e finalmente alude ao feito de que foi expropiada pola familia Franco.

_____, “Murguía ‘Frasquiño de esencias’... galegas”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 27 xaneiro 2019. p. 25.

Trata de verter algo de luz e reivindicar a figura de Manuel Murguía, a quen considera o máis florecente representante do Romanticismo. Comeza explicando cando e onde naceu e quen eran seus pais, onde e en que se forma e como coñece a Rosalía, compañeira de vida e de andainas literarias. Continúa falando da súa participación no Banquete de Conxo e dalgúns cargos e traballos que desempeñou. Tamén alude a que foi autor da obra *Historia de Galicia*, na que aviva o celtismo de Vereá e Aguiar e abre camiños científicos en relación coa historiografía europea. Tamén repasa a Biografía de Murguía (1933)

escrita con devoción por Risco, e as relacións literarias Rosalía-Murguía. Remata facendo alusión aos últimos cargos que desempeñou e á data da súa morte o 1 de febreiro de 1923.

_____, “Arredor do pote ‘galego’”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 3 febreiro 2019, p. 24.

Recolle unha definici3n do ‘pote galego’ dende varias perspectivas, nomeadamente a lingüística, a histórica, a etnográfica e mesmo a antropol3xica, pero, sobre todo, dende un enfoque culinario-gastron3mico. Neste entramado fai alusión a Álvaro Cunqueiro, a quen considera o ‘magister máximus’ nos asuntos da cociña cristián de occidente, e matiza que o mindoniense puntualiza que “non hai tal pote galego como prato. Pote é onde se coce a carne, e non o contido. Dise, chafando: puxéronnos unha pota de carne, ou fixemos unha potada de caldo”.

_____, “Onde e cando o porco é o rei”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 17 febreiro 2019, p. 26.

Recolle un artigo sobre o significado e o valor do porco en distintas culturas, e di que este é un símbolo ambivalente, que non é só un animal do común e do cotián, non só é cousa de porqueiros ou carniceiros, ou tradición do Entroido. A este respecto recolle que esas crenzas, tal e como recolle de Buff3n no 1766 e logo de Cunqueiro ou Otero Pedrayo, son “ridículos prexuízos que soamente a superstici3n mantén”.

_____, “Entre o océano, a serra e o ceo: Cariño”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 18 agosto 2019, p. 22.

O artigo comeza facendo unha descripci3n do Cabo Ortegal, falando da súa xeografía, clima, fauna e historia. Nesa historia destaca un momento no que o aumento da emigraci3n é recollido nun dos poemas en galego de Lorca, *A Cantiga do neno na tenda*, que inspira a Celso Emilio Ferreiro a escribir outro poema sobre o mesmo tema.

_____, “A mítica árbore do teixo na Galiza”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 27 outubro 2019, p. 25.

O artigo fala sobre a figura sagrada do teixo en Galicia. Dende o suicidio colectivo para non caer presos dos romanos por parte dos pobos célticos, empregando un veneno extraído dos teixos, a presenza da árbore na toponimia e nos adros de antigas igrexas. Castelao foi consciente da importancia do teixo en Galicia e emprégao na súa obra como símbolo da forza da terra e das esperanzas.

_____, “Arredor do retablo barroco do outono galego”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 17 novembro 2019, p. 27.

Reflexiona sobre o outono galego e todo o que trae consigo. Parte dunhas palabras de Cunqueiro, que o denomina “dourado faisán do outono”. Tamén fala de Risco, Cunqueiro e Manuel María e do que relatan acerca desa estaci3n.

_____, “O gato, a nigromancia e don Vicente Risco”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 24 novembro 2019, p. 24.

Fálase da figura do gato no imaxinario de Vicente Risco, así como noutras figuras. O gato encarna diversas cualidades, ás veces contraditorias, e que xa aparecen en obras de autores como Edgar Allan Poe e Baudelaire. O gato asóciase co misterio, a noite, as tebras. Este aspecto misterioso do gato xa fascinara a Risco dende pequeno, e nas súas obras aparece frecuentemente coma unha metáfora do sobrenatural e da nigromancia. A importancia do felino tradúcese no regalo de Castelao a Otero Pedrayo dun cadro chamado *O souto dos gatos*.

_____, “Galaicos” un tema que non prescribe”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 1 decembro 2019, p. 29.

O artigo fala dos pobos galaicos a raíz dunha exposición sobre eles no Museo de Pontevedra. O autor do artigo presenta os xacementos máis importantes en Galicia e fai un percorrido pola historia destes pobos, dende “kallailoi” a Gallaecia até chegar a Galicia. Defende que estes pobos son celtas e di que esta cuestión foi tratada por autores coma Murguía, Risco ou Cuevillas.

Seoane, Isabel, “Carvalhianos e neocaballianos”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Retallos”, 27 agosto 2019, p. 17.

Co gallo da escolla de Ricardo Carvalho Calero como figura a homenaxear o Día das Letras Galegas 2020, emprega o seu espazo de opinión para recoñecer publicamente a todas a todas aquelas e aqueles que levan anos traballando para que se distinga o labor en prol da literatura e da cultura galega levado a cabo polo escritor ferrolán. Ao mesmo tempo critica as reticencias que os académicos levan mostrando durante anos para homenaxear a Carvalho Calero nesta data e relaciona isto co feito de que Carvalho fose un dos máximos defensores do reintegracionismo lingüístico.

Siro, “A todos e a todas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fio”, 13 abril 2019, p. 16.

Declárase feminista militante e conta unha anécdota de cando asistiu a unha charla sobre a cuestión de xénero no Ateneo de Ferrol, facendo alusión á tradución galega do *Manifiesto para a castración dos homes* da norteamericana Valerie Solanas. Continúa cuestionando á linguaxe politicamente correcta en defensa da calidade e pureza do idioma, e neste entramado fai alusión ao perfeccionamento lingüístico perseguido por Manuel María ou Uxío Novoneyra, citando, neste contexto, os poemarios *Terra Chá* (1954) e *Os Eidos* (1955).

_____, “Un día do Orgullo Gay Galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fio”, 13 xullo 2019, p. 16. Prn

Comeza reflexionando sobre a celebración do Día do Orgullo Gay e de como algúns axentes sociais reaccionarios piden que se faga de forma privada, e isto lévao a expresar o seu convencemento de que Galicia precisa unha celebración do Día do Orgullo Gay á galega. Unha celebración, di, na que o mundo da cultura apoie as vindicacións do colectivo marxinado, con Eduardo Blanco Amor como icona. Conta como cando tivo esta idea escribiu a Xesús Vázquez, alcalde de Ourense, quen o recibiu e escolitou entusiasmado o plan. Matiza que este proxecto consistía nunha mostra de retratos de

Blanco Amor con homosexuais e lesbianas amigos do autor e que no marco da exposición habería conferencias, debates, recitais, actuacións musicais e todo canto o talento creativo puidese achegar. Así e todo comenta que, pese a que o alcalde lle dese o visto bo, pasaron tres anos e non se fixo nada. Tamén comenta que o falou na última xuntanza da Fundación Eduardo Blanco Amor e que varios membros se mostraron entusiasmados e dispostos a achegar ideas; pero que tampouco pasou.

_____, “O meu Eduardo Blanco-Amor”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Puntadas sen fio”, 30 novembro 2019, p. 14.

Versa sobre a súa relación con Eduardo Blanco Amor. Esta relación iniciouse no Seminario do Libro Galego en 1972 e dende entón, converteuse nunha boa amizade. O autor puido xestionar a única homenaxe á figura de Blanco Amor en 1976. Remata aludindo a mostra que se inaugura en Ourense e na que se expoñen as caricaturas realizadas polo autor baseadas en Eduardo Blanco Amor.

Skinner, James, “Novelas eróticas”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 23 febreiro 2019, p. 24.

Comeza un artigo no que delimita o concepto de novela erótica reflexionando sobre as barreiras que se ten atopado para publicar narrativa en lingua inglesa a través dos selos editoriais galegos e sinala que o argumento que lle dan dende as editoras é que só publican en inglés os grandes clásicos da literatura galega, como Rosalía, Castelao ou Cunqueiro.

Tallón, Juan, “Dylan o los momentos únicos”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 182, “Permanezan borrachos”, 5 maio 2019, p. 5.

Recolle unha crónica dun dos concertos dados polo artista norteamericano Bob Dylan en Galicia, destacando o feito de que no momento no que os artistas abandonaron o escenario se formou un silencio que deu paso, dende a bancada, ao berro máis célebre da literatura galega, nomeadamente os versos “Adeus ríos, adeus fontes” de Rosalía de Castro, e de como Bob Dylan volveu para por o punto e final definitivo ao espectáculo.

Teijeiro, Iolanda, “A nosa lingua bífida”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 30 xullo 2019, p. 17.

Comeza falando do destino das linguas autóctonas, como o quechua ou o gaélico, no mundo actual, revivindo unhas e desaparecendo outras. Porén, ningunha delas tivo o alcance e a extensión do galego, afincado en Portugal. Laméntase de que malia a extensión e a grandeza que tiña o galego no pasado, este se vaia diluíndo, perdendo a súa riqueza léxica en favor do castelán. Este feito xa foi remarcado por Dieste, que alertara dos perigos da perda da calidade do galego. Esta perda da calidade e da extensión do galego aparece reflexada metaforicamente na cidade da Coruña, onde a rúa Rafael Dieste non se pode atopar, vítima do avance do castelán.

Teijeiro Rey, Iolanda, “8M: o valor dun mandil”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 marzo 2019, p. 6.

A propósito do Día Internacional da Muller Traballadora informa que a folga e as reivindicacións deste ano xiran en torno á socialización do coidados, tarefa desempeñada historicamente polas mulleres, e que isto será simbolizado a través da acción de colgar mandís dos balcóns. Co gallo desta data fai alusión a distintas mulleres que ao longo da historia foron o rostro de distintos movementos de emancipación das mulleres, no caso galego fai alusión á eterna Rosalía de Castro.

Teixeiro Rei, Iolanda, “Os cans gardiáns”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 29 outubro 2019, p. 6.

Comeza reflexionando sobre a exhumación de Franco e facendo referencia á lealdade dos cans cos seus donos, que perdura incluso tras a morte. Despois de mostrar a súa sorpresa polo feito de que non aparecera ningún can leal na exhumación de Franco, retrocede na historia para falar da figura do can. Dende os cínicos gregos, comparados con cans, a Paul Nizán, que confrontara os valores da burguesía na época nazi, estes “cans” que desafiaban o orde establecido teñen pouco que ver cos “cans” gardiáns, intelectuais que calaban e mantiñáanse apartados das inxustizas. Referenciando a isto, cita a Castelao, quen di que “algúns teñen can para ter en quen mandar”.

Torna, Cilia, “O campo de concentración de Padrón”, *Sermos Galiza*, n.º 333, “fóradeserie”, “de campos de terror”, 7 febreiro 2019, p. 11.

Nun artigo no que recolle certos apuntamentos sobre o campo de concentración de Padrón, un dos máis duros e represivos de Galicia, fai alusión a un poema que o madrileño Guillermo García-Martí dedicou a Rosalía de Castro.

Torres, Xosé María, “España, un millón de farmacias”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 13 agosto 2019, p. 12.

O artigo comeza facendo referencia a *Un millón de vacas*, libro escrito por Manuel Rivas. O termo de “un millón de” é empregado tamén por Luis Pancorbo para facer referencia a Laos coma “o reino dun millón de elefantes”. De maneira similar a isto, o autor fala de España como o país “do millón de farmacias”, aludindo a gran proliferación delas. Pero, debido ao seu gran número, considéranse coma “recursos invisíbeis”, lonxe da visión proporcionada por Alvaro Cunqueiro en *Tertulia de bóticas prodigiosas*. Ademais, algunhas farmacias non teñen os recursos necesarios e moitas da “España baleira” están a desaparecer.

Uz, Carmen, “Irrefrenable expresión política”, *El Progreso*, “Lugo”, “A semana do revés”, 5 maio 2019, p. 8.

Reflexiona sobre o compromiso político da xuventude de hoxe en día e comenta que este, cando menos na cidade de Lugo, se fixo latente coa aparición de numerosas reivindicativas e ocorrentes pintadas no día previo á celebración das eleccións xerais.

Entre todas as mensaxes recollidas nas paredes e muros lucenses destaca un fragmento do poema “Abril de lume e ferro” de Manuel María.

Val, Marga do, “Xela, Benquerida:”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “Opini3n”, “E-pistola-rio”, 3 xaneiro 2019, p. 5.

Fala directamente coa falecida poeta Xela Arias e trata de p3la ao d3a da situaci3n socio-pol3tica de Galicia, como est3n agora as causas nas que Xela se viu involucrada. C3ntalle da contaminaci3n e do cambio clim3tico, das novas formas de escravitude, de todo o que lle queda por facer a3nda ao feminismo, posto que a prostituci3n, a violencia machista, o acoso e a opresi3n cara as mulleres a3nda existe, f3lalle, tam3n, da desmantelamento da sanidade e da educaci3n p3blicas. Expl3calle que a s3a poes3a fica por sempre reunida grazas ao seu pai e a Chus Nogueira, quen termaron por publicar a s3a *Poes3a reunida (1982-2004)* e lamenta que queiran sacralizala e inocular o seu legado dedic3ndolle o D3a das Letras Galegas. Finalmente desp3dese dela e dille que quere por e para sempre.

_____, “Benquerida Carme:”, *Sermos Galiza*, n.º 340, “Opini3n”, “E-pistola-rio”, 28 marzo 2019, p. 5.

Artigo dedicado a Carme da Silva, no que amenta a presentaci3n 3 que asistiu do seu libro *A cidade sen roupa ao sol*, no que, logo das palabras de Abilleira e Susana Tirgo, recitou, entre outros poemas, “Autorretrato”, sobre o cal lle admitiu sentirse moi identificada.

_____, “Querido e chorado Iv3n”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “Opini3n”, “E-pistola-rio”, 17 outubro 2019, p. 5.

Artigo dedicado a Iv3n, un co3ecido da autora que apareceu de maneira recorrente na s3a vida. Ela comezou sendo a s3a profesora. Despois atop3ronse no cine e, finalmente, anos despois, unha alumna chamada Clara apareceu un d3a cun libro escrito pola autora e titulado *O progn3stico da l3a*. Regaloullo a seu t3o, que era Iv3n. Tempo despois Iv3n faleceu debido a unha sobredose de hero3na. A autora finaliza lembrando a Iv3n e reflexionando acerca de como a hero3na segue sendo unha praga devastadora.

Vale Carball3s, Ernesto, “Navidad”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 20 decembro 2019, p. 6.

O artigo fala do consumismo que se apoderou das festas do Nadal. Lamenta que este af3n de consumir afecte tanto 3s persoas m3is ricas como 3s m3is pobres e que pouco ten que ver a festa orixinal coa actual. Tam3n critica a hipocris3a da preocupaci3n polo cambio clim3tico mentres se est3 a consumir tanto nas datas sinaladas. Remata citando a Curros, que di “si eu fixen tal mundo que o demo me leve”

Varela, Mar3a, “O ant3doto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Adem3s”, “A lume maino”, 26 outubro 2019, p. 14.

O 24 de outubro 3 o D3a das Bibliotecas, que coincidiu no 2019 coa exhumaci3n de Franco. A exhumaci3n relaci3nase co feito de que se estaba a organizar unha festa de

Samain na Illa de San Simón, que serviu coma campo de concentración durante a ditadura. Debido a isto, moitas persoas indignáronse, considerando esta celebración coma unha ofrenda á memoria dos represaliados. Esta memoria é recollida por Monste Fajardo, que recompila testemuños dos descendentes das vítimas. O artigo conclúe dicindo que o 24 de outubro sempre será o Día das Bibliotecas, xa que a lectura é o mellor antídoto contra o fascismo.

Vázquez de la Cruz, Manuel, “Se vacían las aldeas y quedan yermos”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 1.152, “Especial”, “Baixo Miño. Louriña”, 28 decembro 2019, p. 2.

Recolle varias reflexións sobre o desmantelamento e abandono do rural galego así como das políticas que propiciaron isto. Neste entramado reproduce os versos “deixo a terra que coñezo por un mundo que non vin” incluídos no poema “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro para denunciar á emigración como unha das causas que fomentaron o despoboamento do rural.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “Nomes bonitos”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 5 febreiro 2019, p. 31.

Explica os fenómenos da eufonía e da cacofonía e logo pon exemplos a través de topónimos pertencentes a vilas ourensás. Finaliza o artigo indicando que non lle sorprende que Uxío Novoeira estivese engaiolado pola inmensa riqueza e o poder evocador dos nomes das aldeas galegas e que o uso que fai deles no seu poemario *Os Eidos* é marabilloso.

_____, “100 anos da cátedra de Otero Pedrayo”, *La Región*, “Opinión”, 23 febreiro 2019, p. 31.

Recolle a efeméride de cando, un 19 de febreiro de fai cen anos, Otero Pedrayo aprobaba as oposicións á Cátedra de Xeografía e Historia no ensino medio e repasa, de forma breve, a súa peripecia vital. Desta forma informa de que tiña trinta e un anos cando conseguiu esta praza e rematara as licenciaturas de Humanidade e Dereito con vinte e catro, en 1912, de forma que pasara sete anos movéndose en distintos ámbitos do mundo intelectual entre o seu amado Madrid e as terras de Ourense e Trasalba, e preparando, presentándose e suspendendo oposicións. Remata indicando que dende o regreso de Otero Pedrayo a Ourense, este deixou de dar voltas “Arredor de si”, tal e como titula a súa autobiografía novelada do desacougo intelectual e conversión ao galeguismo, e se incorporou a un movemento que impulsaba Vicente Risco e outros, sobre todo, a través da revista *Nós*.

_____, “Cultura, turismo, fundacións...”, *La Región*, “Opinión”, 26 febreiro 2019, p. 30.

Comenta que existe unha cultura tradicional ou “enxebre” en calquera sitio do mundo (por exemplo as gaitas escocesas, os cantos tiroleses, as regueifas galegas, o cante jondo andaluz, a sardana dos cataláns...) e que despois temos unha cultura popular, hoxe case globalizada, como o cinema ou a televisión, e en oposición a estas dúas se situaría a cultura culta. Desta última di que ten que ter unha proxección pública popular e que neste entramado as fundacións teñen un papel fundamental, e pon como exemplo a popularización dos versos de Rosalía ou Curros grazas á acción das súas respectivas

fundacións. En relación a isto reivindica a necesidade de popularizar os legados de Lamas Carvajal e Florentino López Cuevillas.

_____, “Máis de Castelao e Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 9 marzo 2019, p. 29.

A propósito da exposición do cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao na cidade de Ourense explica os vínculos do rianxeiro con esta cidade. Desta forma informa de que a primeira exposición individual de caricatura que fixo Castelao na súa vida se inaugurou en Ourense o 15 de febreiro de 1912. Asemade, apunta que Victoria Carballo Calero escribiu un libro onde da mostra desta relación, nomeadamente *Os Castelaos de Ourense* (1985).

_____, “San Lázaro e a chuvia”, *La Región*, “Opinión”, 16 abril 2019, p. 30.

Reproduce a totalidade do poema “O San Lázaro” do libro *A carón do Lume* (1918) de Xavier Prado Lameiro para explicar que esta composición é un auténtico retrato etnográfico comparativo do cambio desta festa ourensá entre as décadas finais do XIX e os comezos do XX.

_____, “Carballo Calero 2020”, *La Región*, “Opinión”, 9 abril 2019, p. 30.

Comenta que intúe que o plenario da Real Academia Galega vai fallar a favor de Ricardo Carvalho Calero como figura homenaxeada no Día da Letras Galegas 2020 e funda as súas sospeitas en que existen dúas propostas de dous grupos distintos de académicos de número que o avalan. O autor do artigo di que a dedicatoria a Ricardo Carballo Calero é unha magnífica escolla e xustifica esta afirmación nas cinco facetas fundamentais que Carvalho Calero desenvolveu no eido cultural e literario do galego. Primeiro como autor da primeira novela galega da posguerra, *A xente da barreira* (1949); segundo como historiador da lingua galega e creador do canon coa súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1963); terceiro como lingüista e autor da *Gramática elemental del gallego común* (1966); cuarto como primeiro catedrático de lingüística e literatura galega da Universidade de Santiago; e por último como principal referente do movemento reintegracionista.

_____, “Centro Galicia: o éxito da unión”, *La Región*, “Opinión”, 30 xullo 2019, p. 34.

Recolle a celebración do 40 aniversario do Centro Galicia de Bos Aires e aproveita a efeméride para lembrar a importancia deste Centro como símbolo de unión da Galicia emigrada e exiliada na cidade porteña. Desta forma indica que persoeiros como Eduardo Blanco Amor ou Xosé Neira Vilas tiveron vínculos con este Centro e, asemade, indica que na súa sede alberga o cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao.

_____, “Ferrín”, *La Región*, “Opinión”, 6 agosto 2019, p. 32.

A propósito do aniversario do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín aproveita para lanzar a idea da necesidade dunha homenaxe a esta figura na terra que o viu nacer. Afirma que esta conmemoración é ben merecida porque estamos ante un dos grandes referentes da cultura galega desta era e que o seu relato “Xaque mate” é a mellor peza de narrativa auriense da segunda metade do século XX, mentres que o seu libro *Con pólvora e magnolias* é o mellor que se fixo na renovación da poesía na segunda metade do XX.

_____, “Toca chea?”, *La Región*, “Opinión”, 26 novembro 2019, p. 31.

Explica os distintos significados da palabra chea, que ben pode referirse aos excesos de auga que, natural e ciclicamente, leva o río, ou ben, de forma máis coloquial, a unha gran comida ou bebedeira. A respecto deste último significado di que lle gustaría facer unha historia dos banquetes político-culturais en Galicia e alude ao célebre Banquete de Conxoco que se inicia o Rexurdimento.

_____, “O belén de Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 31 decembro 2019, p. 25.

Reflexiona sobre a polisemia da palabra ‘belén’ e fala do Belén de Nadal de Ourense creado polo escultor Arturo Baltar. A respecto deste indica que no ano 1991 se publicou o libro *Belén de Baltar. Belén de Ourense*, editado por Xosé Lois López de Prado Arias, quen reuniu unha serie de textos e poemas populares de diversos autores sobre Arturo, sobre o Nadal, e sobre a espiritualidade do tempo. Aí están textos de Valente, Risco, Pedrayo, López Cid, Alvarado, Celso Emilio, Antón Tovar, Manuel María, Luz Pozo Garza, Ernesto Guerra da Cal, Fermín Bouza Brei, Uxío Novoneyra, Matilde Lloria, etc.

Vázquez Vázquez, Delia, “Facer visíbel a evidencia”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 4 xullo 2019, p. 6.

Porén, a marxinação sufrida por Carvalho vén de lonxe. Sentiuna en vida e expresouna el mellor que ninguén: os seus colegas/o seu nome apagarom/no escalafoim que editam. E temos que falar dela porque ten que ver co significado da súa obra e da súa figura, tan marcada pola historia do século XX e tan representativa dela, mesmo neste aspecto. Fíxose patente a raíz da escolla da norma que debía seguir o galego, cando, como é sabido, a postura científica representada por el ficou postergada. Carvalho defendía manter a filiación do noso idioma dentro do tronco lingüístico que por orixe e historia lle pertence, isto é, o galego-portugués. Fuxía das solucións castelanizantes, propias da lingua falada, porque acabarían por dialectalizar o galego e facer del un híbrido. A cuestión vai máis alá da ortografía, por máis que esta sexa importante por ser a imaxe da lingua.

Ventura, Joaquim, “Cen anos sen Picadillo”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 638/ *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 695, 10 xaneiro 2019, cuberta.

Reflexiona sobre o nacemento dunha verdadeira tradición culinaria galega ao abeiro das necesidades dunha crecente burguesía urbana e destaca o papel de Manuel María Puga e Parga, máis coñecido como Picadillo, neste labor. Introduce esta reflexión facendo alusión a Álvaro Cunqueiro e á *A cociña galega* a propósito da opinión do mindoniense a respecto da existencia ou non dunha “verdadeira gastronomía de noso”.

_____, “Bágoas en Vigàta. Polas pistas de Montalbano”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 736, 12 decembro 2019, p. VII.

Encomeza falando da morte de Andrea Camilleri. Fala da súa traxectoria vital e política. Na súa narrativa destacan as aventuras do comisario Salvo Montalbano, homenaxe a Manolo Vázquez Montalbán. O artigo fai un repaso das obras de misterio e detectives ao

longo da historia. Nesta produción de series con temática criminal e policial destaca, no ámbito galego, Leo Caldas, de Domingo Villar.

Vidal López, Francisco, “Os Premios da Crítica aunaron viño e poesía de Valdeorras”, *La Región*, “Valdeorras”, “Tribuna”, 23 novembro 2019, p. 22.

Informa da celebración da XLII edición dos Premios da Crítica de Galicia o 11 de novembro no auditorio do Centro Social Afundación de Vigo. O acto contou coa presenza de Víctor Freixanes, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Cesáreo Sánchez Iglesias, Antón Pulido e representantes da cultura e gastronomía de Galicia. Indica que o lema desta edición foi “Teñamos o valor de darnos o futuro”, verso da autoría de Manuel Álvarez Torneiro e que ás botellas de viño se lles engadiu unha contraetiqueta cunha poesía de Manuel María dedicada a Joaquín Reboledo.

Vidal Villaverde, Manuel, “Con Carvalho Calero ao fondo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25 / *El Progreso*, “Opinión”, p.31, “Na solaina”, 15 decembro 2019.

Ofrece un percorrido pola figura de Carvalho Calero. Dende a súa militancia no movemento galeguista e a súa colaboración con diversas revistas, caso de *Nós*, ao seu traballo no Colexio Fingoi. Remata falando da coincidencia do autor en espazos polos que tamén pasou Calero.

_____, “Notas preliminares verbo de Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 27 decembro 2019, p. 40.

Reivindica a figura de Ricardo Carvalho Calero, repasando a súa obra e manifestando a tardanza en recoñecelo como homenaxeado co Día das Letras Galegas. Tamén resalta as figuras de Xohana Torres, Luísa Villalta e Xela Arias.

Vieites, Manuel F., “Morelli inventor do posdrama. A propósito da poesía de Roi Vidal Ponte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Teatro”, 21 febreiro 2019, p. VIII.

Nun artigo sobre o posdrama, menciona o texto de Roi Vidal Ponte e fai alusión ao seu título en galego *Marcha fúnebre para un monicreque*, Premio Barriga Verde para textos de teatro 2016.

_____, “Ei, Feldmühle!”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Teatro”, 4 abril 2019, p. VIII.

Aplauda a iniciativa levada a cabo pola Deputación Provincial da Coruña e Asociación de Directores de Escena de España para publicar en edición bilingüe galego-castelá todos os textos gañadores do Premio Rafael Dieste. A continuación recolle algúns dos títulos premiados até o de agora, nomeadamente: *Días sen gloria* (1992), de Roberto Vidal Bolaño; *Progreso e andrómena de Antroido* (1978), de Camilo F. Valdehorras; *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forca* (1981), de Manuel Lourenzo; e *O rei aborrecido* (1984), *Venenos* (1994) e *Ei, Feldmühle* (2018), de Xesús Pisón.

Finaliza o artigo destacando a importancia deste premio para textos dramáticos, equiparándoo ao Abrente e ao Álvaro Cunqueiro.

Vigo, Daniel, “Mural mulleres galegas na Historia”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Palabra en el tiempo”, 12 xuño 2019, p. 24.

Indica que varios artistas galegos veñen de participar na creación do Mural da Memoria das Mulleres Galegas, ubicado na esquina da rúa Joaquín Costa, a carón do Parque de Amalia Álvarez de Pontevedra, co obxectivo de empregar a arte e a pintura como un mecanismo contra esquecemento e a desmemoria, e para, dalgunha forma, facer xustiza e subliñar os nomes daquelas mulleres que fixeron de Pontevedra e de Galicia unha terra mellor. Entre as mulleres que aparecen cita a profesora Ernestina Otero, a escritora María Victoria Moreno, a propia Amalia Álvarez, viúva de Alexandre Bóveda, Cándida Otero, Carme Durán, Chichana Patiño, Ciria Rey, Clara López, Concepción Arenal, Consuelo Acuña, Custodia Gama, Daría González, Dolores Trabado, Elvira Lodeiro, Josefina Arruti, María Vinyals, Mari Carmen del Valle, María Luisa Olañeta, Mercedes Ruibal, Vasquida García ou Dolores Calviño.

Vila, Sara, “Máis horas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Ventureiras”, 7 novembro 2019, p. 19.

O artigo fala da urxencia coa que vive a poboación xeral na sociedade actual. Fálase de que faltan horas no día e que a xente vive estresada, sen poder adicarlle tempo aos seus seres queridos e actividades de ocio. En relación con isto, explica que para un político esta situación sería moi preocupante e a súa resolución quedaría nunha lista de “bos desexos de aninovo”, entre os cales estaría que os nenos falen galego, a “língua de Rosalía”.

_____, “O Demo Asubiador busca pailáns”, *Diario de Pontevedra*, “De Norte a Sur”, 31 decembro 2019, contracuberta.

Indica algúns datos sobre a figura mitolóxica do Demo Asubiador do río Gafos, referentes, fundamentalmente, á súa orixe e forma de actuar. Así mesmo comenta que foi redescuberto no ano 2009 no marco dun estudo sobre o patrimonio inmaterial que rodea ao río Gafos e que isto derivou na publicación dun libro sobre a historia deste personaxe escrito por Calros Solla con ilustracións de Tais Feijoo.

Vilanova, José Luis, “Aí ven o maio, cubrámolo de frores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 7 maio 2019, p. 38.

Co gallo da chegada das festas dos maíos reproduce un versos que Manuel Curros Enríquez escribiu a finais do século XIX e que rezan así: “Aí vén o maio/ de frores cuberto”. Continúa o artigo defendendo a posta en valor da paisaxe natural de Galicia e do potencial etnoturístico que esta ten.

Villares, Ramón, “*Fugas*, un tópico ‘Galitziano’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”, “*A outra mirada*”, “*A firma invitada*”, 1 febreiro 2019, p. 6.

Artigo sobre a Galitzia hasbúrxica, no que se fai alusión a Otero Pedrayo.

Vivero, Jorge de, “Ciclos de la literatura medieval europea”, *Diario de Pontevedra*, “*Opinión&análisis*”, “*El guirigay*”, 25 xuño 2019, p. 24.

Comenta que co asentamento das linguas romances foron xurdindo as distintas manifestacións literarias que caracterizaron á literatura europea medieval e que poden agruparse nos seguintes ciclos: poemas épicos ou cantares de xesta, as narracións do ciclo bretón sobre o rei Arturo, a lírica do amor cortés dos trovadores provenzais e os libros de cabalarías. A continuación explica un pouco cada corrente, citando as obras máis importantes e os impactos posteriores, aludindo ao *Merlín e familia* de Cunqueiro cando fala das influencias artúricas. Tamén comenta, ao final, que a lírica dos trovadores provenzais atopa un paralelismo espléndido coas cantigas galaico-portuguesas, e explica a diferenza entre un xograr e un trovador.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A. J. P., “María Xesús Lama. ‘Ata a transición a sociedade non estivo preparada para poder interpretar a Rosalía’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 21 febreiro 2019, p. 10.

Nesta entrevista coa autora do ensaio, co gallo do faladoiro celebrado polo Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo no Día de Rosalía de Castro, coméntase como a nova imaxe de Rosalía se forxou nos anos 80, e como antes a visión da Rosalía, chea de saudades, perdurou por responder a crenzas e á mentalidade do Estado. Tamén se comentan os puntos importantes da vida profesional de Rosalía, así coma a súa relación con Manuel Murguía.

Abelenda, Ana, “Quico Cadaval. ‘Quitei a barba para sacarlle noventa gramos á báscula’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 7 xuño 2019, contracuberta.

Entrevista con Quico Cadaval co gallo da súa representación de *Medida a Medida* de Shakespeare para ese ano. Coméntase que en Galicia a maneira de facer teatro é combinando pouco elenco e moito talento, dise que vivir deste oficio é posíbel, pero non resulta doado. Reflexiónase sobre o significado do teatro, así como o humor.

_____, “Inma López Silva. ‘Moitas mulleres son na casa man de obra gratuíta’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Entrevista”, 16 agosto 2019, p. 7.

Entrevista a autora con motivo da publicación deste ensaio na que comenta que o libro xorde de revisar a súa posición como muller no mundo da literatura. Reflexiónase sobre feminismo, feminismo liberal ou as relacións de poder. Comenta a opresión que se lle aplica sobre os seus corpos ás mulleres, e fala dalgunhas iconas femininas e se son parte do feminismo ou non.

_____, “Manuel Rivas. ‘As mulleres son as que sosteñen a cultura en Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”; 27 setembro 2019, pp. 1-2.

Entrevista a Manuel Rivas na que destaca o papel das mulleres como sostén da cultura en Galicia. Cita os libros *Feliz idade*, de Olga Novo, e *Infamia*, de Leticia Costas. Tamén destaca a Chus Pato, Lupe Gómez, Dores Tembrás, Oriana Méndez, María Reimóndez, Mercedes Queixas, Iolanda Zúñiga, Yolanda Castaño, Carmen Blanco, Pilar Pallarés e María do Cebreiro.

Andrea G. G., “Lucía Aldao. ‘Ver a resposta do público é do máis bonito que me está a dar esta publicación’”, *Diario de Arousa*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedad”, 26 xaneiro 2019.

Acóllese unha entrevista coa poeta onde comenta de onde procede o título da obra, a creación do poemario e os temas da obra.

_____, “Dores Tembrás. ‘Se te entregas á edición, vas ter un público que te siga e entenda a túa proposta”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 29 xaneiro 2019, p. 37.

Conversa coa poeta e editora, comenta cal é a súa maneira de traballar nas súas diferentes obras *O pouso do fume*, *Cronoloxía de urxencia* e *Auga a través*. Fala de Alejandra Pizarnik como referente, e comenta cal pode ser o eixo vertebrador da súa obra.

Almodóvar, María, “Arantxa Serantes. ‘Creo en el feminismo que reconoce las diferencias fisiológicas y que nos iguala en capacidades intelectuales”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 3 xaneiro 2019, p. 18.

Conversa coa autora deste libro na que comenta os motivos que a impulsaron a escribilo. Comenta que descubriu a Ángela Ruiz Robles investigando sobre o libro, que cousas teñen en común e explica que lle diría aos lectores sobre o termo co que se define “humanista digital”.

Baena, A., “O feminismo é un movemento ideolóxico”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 8 marzo 2019, p. 5.

Entrevista á autora co gallo de recibir o Premio de Igualdade Ernestina Otero. Comenta a importancia da profesora que dá nome ao Premio, e a importancia da figura da muller profesora, e fala de feminismo e da importancia do 8M.

_____, “Beto Luaces. ‘Parte da esencia de Vigo é que case todos somos de aldea”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 14 abril 2019, p. 13.

Recolle unha entrevista ao autor desta obra co gallo da súa presentación na librería Cartabón. Comenta que se ben a primeira novela de *Vicvs* era coma un quilómetro cero, esta segunda é máis clásica.. Salienta que a trama está escrita en torno o mundo das conserveiras, e que se establece sobre unha gran base documental.

_____, “Julián Rodríguez Novo. ‘Non escribo teatro para me facer rico, fágoo para poder por libros meus no andel da miña filla”, *Atlántico*, “Vigo!”, 1 xuño 2019, p. 12.

Entrevista a Julián Rodríguez Novo, autor de *Alfa Omera/Anticristo Supertar*, na que explica a súa escolla pola literatura dramática, fala sobre autores teatrais contemporáneos e apunta que a súa obra está dirixida ao público feminino.

Baena, Ana, “Ramón Villares. ‘O actual nacionalismo debera buscar empates coa Xeración Nós; en común só teñen o nome”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 14 febreiro 2019, p. 18.

Con motivo da presentación de *Fuga e retorno de Adrián Solovio* en Vigo, Ramón Villares responde a preguntas sobre a elección de Adrián Solovio e Otero Pedrayo para achegarse á época de entreguerras, sobre a Xeración Nós e o nacionalismo galego da época e da actualidade. Villares indica que o seu estudo é “unha visión de Otero Pedrayo

comparábel a doutros autores contemporáneos de entreguerras que traballaron para entender os problemas da sociedade na que vivían”.

Blasco, A., “Cristina Moreiras. ‘El feminismo es el moscardón de la política, está en una distancia que le sirve para cuestionar’”, *La Opinión*, 22 abril 2019, contracuberta.

Entrevista a Cristina Moreiras, directora do departamento de linguas románicas da Universidade de Michigan na que comenta que a literatura, o cine e as artes galegas están moi presentes na universidade na que traballa, tanto que len a escritores como Méndez Ferrín ou Queizán. Comenta que foi na Universidade de Michigan onde organizou o segundo congreso da asociación norteamericana de estudos galegos.

Calveiro, P., “Paco Nogueiras. ‘É moi complicado vivir da cultura’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 10 xuño 2019, cuberta.

Recolle declaracións dun encontro co escritor e músico Paco Nogueiras que teñen que ver coa súa infancia no compostelán barrio de Conxo, co seu debut como gaitero, ou co seu compromiso coa defensa dos intereses das clases populares da cidade de Santiago.

Casanova, A., “Efrén Castro Caloto’ Leváronme á política os libros de Castelao”, *El Progreso*, “Elecciones”, “Candidatos en corto”, 16 maio 2019, p. 6.

Entrevista ao candidato polo BNG de Sarria Efrén Castro Caloto na que comenta que o motivo polo que se dedicou á política foron os libros de Castelao.

Casanova, Jorge, “Paula Carballeira. ‘A min non me contaban contos’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 9 abril 2019, contracuberta.

Entrevista á escritora e actriz Paula Carballeira na que se lle pregunta, entre outras cousas, polos proxectos nos que está inmersa agora; en que ámbito se sente máis cómoda, se na escrita ou na actuación; por quen lle contaba os contos a ela cando era unha nena; se ten a sensación de que coa chegada das pantallas a maxia de contar un conto vai desaparecendo; ou que catro palabras empregaría para se definir.

Cid, X., “Bieito Ledo. ‘Na aldea non aguantan porque a xente non atopa sentido ao pequeno’”, *La Región*, “Ourense”, 18 xaneiro 2019, p. 11.

Conversa co autor co gallo da presentación do seu libro, na que comenta aspectos persoais da súa vida como o significado que ten para el Padroso, a perda do mundo rural e o sentido que lle dá el a esa vida, ou a súa experiencia como crego.

Cid, Xiana, “Miguel Robledo. ‘É un libro arriscado e moi interesante pola variedade de autores’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 29 xaneiro 2019, p. 16.

Acóllese unha entrevista cun dos ilustradores do libro, Miguel Robledo, quen explica o proceso creativo da súa achega a un dos relatos da autora, e detalles sobre a obra mesma.

Cristina G., “Quico Cadaval. ‘Son como unha gramola máis en vez de moeda, se me provocan boto unha historia”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 28 xuño 2019, p. 63.

Entrevístase o actor e director teatral Quico Cadaval co gallo da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, e menciónanse aqueles escritores presentes na súa vida ao crecer como Quevedo ou Shakespeare, e de que maneira aprendeu que se lle daba ben contar contos. Reflexiona sobre os medios dixitais na xuventude. Comenta de que maneira cambiou dende a infancia até agora, e como na madurez o humor é necesario. Enlaza cunha reflexión sobre a censura, e a súa opinión na Mostra de Teatro de Cangas.

Cruz, José, “Fatima Delgado. ‘En ‘Ninfoloética’ pódese atopar noite, mocidade, pracer, dor e incompreensión”, *La Región*, “Valdeorras”, “Personaxe do día”, 18 xaneiro 2019, p. 22.

Conversa coa poeta na que comenta a orixe da súa aposta pola creación e que pode atopar o público no seu poemario, explica en que momento da súa vida escribiu esta obra.

Fernández, Elisabet, “Arancha Nogueira. ‘Hai que deslocalizar a poesía e levala aos bares, non é elitista”, *La Región*, “Ciudadanos”, 4 xaneiro 2019, p. 13.

Acóllese unha entrevista coa poeta na que explica cal é ese “spleen” do título do seu poemario. Comenta o significado dos espazos na súa poesía, e se ten medo á páxina en branco despois de ter publicado un poemario tras outro tras poucos meses de publicación. Explica cando a poesía se converteu no seu modo de vida.

_____, “Alfredo Conde. ‘Ourense é a illa cultural da Galicia adormecida”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 52/ *La Región*, “Ourense”, p. 7, 26 marzo 2019.

Entrevístase ao escritor co gallo de ser declarado como Fillo Predilecto da Provincia pola Deputación de Ourense. Reflexiona sobre as iniciativas culturais en Ourense e comenta a súa novela, que sería publicada con Galaxia e que trataría sobre catro irlandeses que foron até A Coruña facendo o camiño de Santiago.

_____, “Alfredo Conde. ‘Cando morra, que me poñan unha sonriña, os libros baixo o brazo e un corte de mangas”, *La Región*, “Ourense”, 10 xullo 2019, p. 8/ *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “Entrevista”, 20 agosto 2019, p. 39.

Entrevístase ao autor co gallo desta publicación e comenta a novela e o tema da soidade na que están envoltos os personaxes da novela, os sentimentos que xorden deles coma a culpa, ou o recoñecemento e o perdón dos erros. O autor reflexiona sobre o fin que ten escribir autobiografías ou novelas, e a pesar de non querer ser coma ningún dos seus personaxes, afirma que ser novelista é roubarlle vidas á morte. Menciona a Ernest Hemingway, así como outros aspectos mariñeiros como parte do proceso de escribir a novela.

_____, “Isaac Alonso Estraviz. ‘Os galegos son o peor inimigo dos galegos, hai que perder os complexos coa lingua’”, *La Región*, “Ourense”, 12 outubro 2019, p. 11.

Entrevista a Isaac Alonso Estraviz co gallo da recente nominación a obter a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense na que lle preguntan como recibiu esta noticia; que opina a respecto de que se lle dedique o Día das Letras Galegas 2020 a Carvalho Calero e sobre a concepción do reintegracionismo na actualidade; como foi percorrer os distintos puntos de Galicia para recoller o seu léxico; ou que consecuencias tivo para a súa vida falar sempre en galego.

_____, “Carlos Laíño Lorenzo. ‘Non se pode ter a Blanco Amor agochado, puxo Ourense no mundo’”, *La Región*, “Ourense”, “Aniversario Blanco Amor”, 1 decembro 2019, p. 14.

Recolle unha entrevista a Carlos Laíño Lorenzo, o responsábel do arquivo privado máis importante sobre Blanco Amor, co gallo da inauguración da exposición ‘Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco Amor’, na que lle preguntan, entre outras cousas por como coñeceu ao escritor de *A Esmorga*; que lle fixo converterse no recompilador do seu legado; que ten inédito sobre o escritor; ou polo significado dunha figura como Blanco Amor para a cidade de Ourense.

Fraga, Xesús, “Víctor F. Freixanes. ‘Escribir ‘O triángulo’ non só foi un esforzo mental, senón tamén físico’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2019, p. 28.

Conversa co autor co gallo da nova edición da súa novela, na que fala de que aspectos depurou da obra do 82, e a relevancia da cita inicial de Pondal na mesma. Comenta a súa traxectoria como xornalista, e fala do que pode atopar un autor actual na obra.

Gallego, A., “Merche Pérez e Pablo Pintor. ‘Queremos resaltar el movimiento a través del trabajo audiovisual’”, *Atlántico Diario*, “Vida”, n.º 1.180, “Entrevista”, pp. 2-3.

Conversa cos creadores de “Corvidade Producciones” sobre as súas profesións, o mundo da música e o vídeo, e proxectos por comezar.

García, Montse, “Carlos Meixide. ‘O que me interesa do Camiño para a novela son as persoas que o fan soas’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “En primeira persoa”, 11 xaneiro 2019, contracuberta.

Acóllese unha entrevista co escritor co gallo de ser gañador da primeira edición do Premio de Novela Camiño de Santiago. Comenta o nacemento desta obra en relación co Premio, e explica que pode atopar o lector neste libro. Comenta a imaxe do Camiño de Santiago que trata trasladar coa obra.

_____, “Rogelio Groba Otero. ‘Estrenaremos una pieza que enraíza en la obra de Castelao’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Música”, “Rogelio Groba Otero”, 1 marzo 2019, p. L9.

Entrevista a Rogelio Groba Otero, quen despedirá cunha actuación musical o cadro *A derradeira leición do mestre*, autoría de Daniel Rodríguez Castelao. Na entrevista trátase sobre a intencionalidade dos compositores que levaron a cabo a creación da peza ou da información da que dispoñían sobre o propio autor de Rianxo.

Giráldez, Miguel, "Antón Lopo. 'O idioma é o único lugar transcendente que podemos habitar'", *El Correo Gallego*, "ECG dominical", "Entrevista", 12 maio 2019, pp. 2-3.

Acóllese unha entrevista co gallo do Premio da Crítica española, e fálase da obra do autor, a importancia do corpo, a familia ou o xénero da novela de aprendizaxe na súa obra e os títulos dos seus libros.

Gómez, Joel, "Eduardo Maragoto. 'Coa proposta de Carvalho Calero a situación do galego sería mellor'", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 novembro 2019, p. 40.

Recolle unha entrevista a Eduardo Maragoto, presidente da AGAL, co gallo da escolla de Carvalho Galego como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020. No encontro pregúntanlle, entre outras cousas, por como valora a AGAL este recoñecemento; que consideran máis relevante da figura de Carvalho; por que se afiliou ao reintegracionismo; ou que posicionamento ten hoxe a AGAL sobre o idioma galego e a súa ortografía.

Gómez, X., "Luís Alonso Girgado. 'Tiven a sorte de poder vivir do que me gustaba, e fíxeno da mellor forma que puiden'", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 19 setembro 2021, pp. 13-14.

Entrevista a Luís Alonso Girgado co gallo da súa publicación na que lle preguntan, entre outras cousas, polo balance que fai despois de 25 anos traballando no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; se cre que a cultura galega está plenamente normalizada; que opina sobre a homenaxe a Carvalho Calero no Día das Letras Galegas 2020; ou se lle queda algún proxecto ou traballo pendente no que puxera especial interese.

Hermida, Patricia, "Ánxela Loureiro. 'Na ditadura, eu fun detida tres veces e agredida polos Guerrilleiros de Cristo Rey'", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 25 marzo 2019, p. 14.

Acóllese unha entrevista coa autora co gallo da publicación do seu libro. Comenta por que a historia das mulleres obreiras de Ferrol e a súa loita foi silenciada, e a importancia do Cantón de Molíns. Explica quen son as protagonistas do seu libro, e a relación deste coas traballadoras da bacaladeira Pysbe.

Iglesias, Brais, "Luis González Tosar. 'Rodolfo Prada foi o galego que mellor coñeceu o exilio en América'", *La Región*, "Ourense", 2 novembro 2019, p. 6.

Recolle unha entrevista a Luiz González Tosar, poeta e biógrafo de Rodolfo Prada, co gallo da chegada dos restos mortais do intelectual galeguista ao cemiterio dos Peares.

Pregúntanlle, entre outras cousas, que supón para el soterrar a Rodolfo nos Peares; cales foron as súas orixes e como comezou este na Arxentina; ou como continuou co legado de Castelao.

J. A., “Antonio Reigosa. ‘Aquí foi onde o recuperamos para a literatura galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Antonio Reigosa. Cronista oficial de Mondoñedo”, 2 marzo 2019, p. 35.

Entrevista a Antonio Reigosa con motivo da inauguración da casa museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo na que reflexiona sobre a repercusión que vai ter en Mondoñedo e sobre a importancia desta casa para Cunqueiro.

Jaureguizar, “Manuel Bragado. ‘Fernández del Riego estragou o coche novo dun editor ao apagar o xaruto que ía fumando”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, pp. 22-23/ *El Progreso*, “Vivir”, “Literatura”, pp. 58-59, 21 xaneiro 2019.

Recolle unha entrevista ao editor Manuel Bragado tras a súa marcha da dirección da editorial Xerais na que se lle pregunta, entre outras cousas, de onde vén o interese pola figura de Eugenio Barrientos e por que escribe a súa biografía; sobre o papel de Vigo no mundo editorial dende mediados do pasado século; ou sobre o seu traballo ao fronte de Xerais.

López, Belén, “La poesía es el origen de todo”, *Diario de Pontevedra*, “A la última”, 11 marzo 2019, contracuberta.

Entrevista á poeta Tania Crego, quen comenta que unha das súas referentes é Luz Pozo Garza.

_____, “Facer memoria é unha cuestión de xustiza”, *Diario de Pontevedra*, “A la última”, 6 maio 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista a Carolina Sertal a propósito da publicación do seu libro *A memoria dun pobo*. Responde a cuestións que teñen que ver coa xénese do libro, co proceso de recollida de información e o feedback cos veciños de Cesantes neste proceso, e coa importancia de proxectos coma este. Finalmente preguntáselle sobre o libro de poesía da súa autoría que está a punto de saír ao prelo da man da Deputación de Pontevedra.

Lopo, Mónica V., “Poeta, actriz e dramaturga”, *La Región*, “Vida”, n.º 2381, “En confianza”, 10 febreiro 2019, pp. 2-3.

Acóllese unha entrevista coa poeta quen comenta como publicou este segundo poemario, e a orixe dos poemas que contén dentro. Reflexiona sobre a poesía nos tempos actuais, e comenta os seus pasos como actriz e próximos proxectos.

_____, “Alfredo Conde. ‘De mar e de libros”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.388, “En confianza”, 31 marzo 2019, pp. 2-3.

Acóllese unha entrevista ao escritor Alfredo Conde sobre as súas raíces, a súa produción, a súa afección a navegar e ao mar, e a súa vida persoal.

_____, “O valor do bo teatro”, *La Región*, “*Vida*”, n.º 2.404, “En confianza”, 21 xullo 2019, pp. 2-3.

Acóllese unha entrevista na que se fala da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, as orixes e a actualidade do festival ou a conexión do teatro galego con Portugal.

Losada, Óscar, "Carmen Rey. 'Fixemos o coro porque en Galicia temos moi boas voces femininas", *La Opinión*, "Sociedad", "XVIII Premios Opinión da Música de Raíz", 6 maio 2019, p. 35.

Entrevístase á directora do coro Sisters in The House co gallo da súa actuación nos XVIII Premios Opinión da Música de Raíz. Comenta que unha das pezas que interpretarán será “Negra Sombra” de Rosalía de Castro, traballada dende o respecto a segura.

Martín, Irene, “Xosé Carlos Carracedo Porto. ‘Un suspenso en Lingua e un mestre xenial provocárono todo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “En primeira persoa”, 31 xullo 2019, p. L2.

Entrevista a Xosé Carlos Carracedo a propósito da publicación do seu libro de relatos *Somos de Arxerís* por parte da editorial Toxosoutos. No encontro pregúntalle, entre outras cousas, que significa o título do libro; se Arxerís ten algo que ver con Santiago de Compostela; canto hai de autobiográfico na obra; ou por que escribe e a que aspira.

Medrano, Clara, "Marilar Aleixandre. 'Pardo Bazán xa escribía que non existen os crimes paixonais", *Diario de Pontevedra*, "De cantodarea a domoio", "O Morrazo", "Marín", 4 maio 2019, p. 5.

Entrevista coa escritora Marilar Aleixandre co gallo da súa participación no encontro organizado polo Espazo Feminista de Marín dese ano. Comenta que as obras de Xosé Neira Vilas foron as que lle axudaron a aprender galego e tamén fala sobre o papel das mulleres na literatura galega. Neste último ámbito, nomea a Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro como pioneiras, malia escribiren en castelán. Menciona, a raíz das historias sobre maltrato, o seu relato “Terror na madrugada” dentro do libro *Lobos nas illas* e tamén comenta que escribiu sobre a menstruación. Reflexiona ademais sobre como os temas que lle afectan á muller e os relativos á sexualidade están máis agochados na literatura, pero aparecen en obras coma *Os teus dedos na miña braga con regra* de Lupe Gómez ou en *Besta do meu sangue* de Emma Pedreira. Comenta como o seu libro *Cabeza de medusa* lese cada vez máis nos institutos, posibelmente a raíz do caso de “La Manada” e a dubida ante a denuncia dos agresores.

Montero, Tamara, “O artigo de Victoria Álvarez sobre a inclusa debería lelo todo compostelán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Cultura”, 7 febreiro 2019, p. 35.

Entrevista a Patricia Arias Cacheiro con motivo da homenaxe a Rosalía de Castro e a Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda. Nela, versa sobre a eficiencia das investigacións de Álvarez Ruíz de Ojeda sobre Rosalía e reflexiona sobre a historia real da autora e non a reescritura da súa historia por parte Manuel Murguía.

Obelleiro, M., “Isabel Risco. ‘A chave de todo é o público’”, *Sermos Galiza*, “*Fóra de serie*”, 10 xaneiro 2019, pp. 4-5.

Conversa coa actriz Isabel Risco sobre as súas representacións como “Estás aí?” de Redrum Teatro ou “O Furancho” de Ibuprofeno Teatro, así como tamén se fala da súa decisión de ser actriz, a súa traxectoria ou a súa reivindicación do humor e a cultura galega.

_____, “V́ctor F. Freixanes. ‘Eu de maior quero ser escritor’”; *Sermos Galiza*, n.º 338, “*fóradeserie*”, 14 marzo 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista a V́ctor F. Freixanes co gallo da reedición da súa célebre novela *O triángulo inscrito na circunferencia* na que se lle pregunta a respecto da súa visión sobre Galicia 30 anos despois de describila nesta ficción; de como é o seu traballo como presidente da RAG; da súa opinión sobre o decreto de plurilingüismo ou da proposta de binormativismo por parte da AGAL; ou por que a Academia desiste, ano tras ano, da proposta de Carvalho Calero como homenaxeado no día das Letras Galegas.

_____, “Ḿriam Ferradáns. ‘As familias, para min, son abafantes e extorsionadoras’”, *Sermos Galiza*, n.º 357, “*fóradeserie*”, 1 agosto 2019, pp. 4-5.

Entrevista con Ḿriam Ferradáns logo de que *Nomes de fum* veña de ser vertida por Dolors Miquel ao catalán e que ten prevista a súa tradución ao castelán da man de Gonzalo Hermo. Fala sobre a obra, sobre os motivos para a súa tradución, sobre o fume como elemento xa presente no propio título, sobre o papel da memoria e a presenza das mulleres nas súas obras e as pegadas da transmisión oral na súa escrita.

Orge, María, “Do home ao monicreque”, *El Progreso*, “*San Froilán 2019*”, 5 outubro 2021, pp. 32-33.

Entrevista a Xaime Iglesias, autor de *Barriga Verde na prensa: unha escolma de cen textos*, obra que publica o Concello de Lugo dentro da colección ‘O San Froilán dos devanceiros’. Pregúntanlle, entre outras cousas, como foi o traballo de investigación para esta obra; quen foi José Silvent Martínez, máis coñecido como Barriga Verde; ou por que esta figura foi tan relevante para o San Froilán lucense.

Pallas, Beatriz, “Xosé Antonio Touriñán. ‘Necesito parar, coller aire, descansar’”, *La Voz de Galicia*, “Alta definición”, 25 xaneiro 2019, p. 52.

Recolle unha entrevista ao actor e humorista Xosé Touriñán a propósito da xira que está levando a cabo xunto a Carlos Blanco co seu espectáculo *Somos criminais*. Pregúntaselle, entre outras cousas, se está ante un cambio de ciclo profesional e polos motivos que o levaron a deixar o seu papel no show televisivo 'Land Rover'.

Pardo, Alicia, "Carlos Blanco. 'Temos o crime por arroutada, pero somos máis de botarlle Ratibrom ao caldo'", *La Opinión*, "A Coruña", 12 xaneiro 2019, p. 10.

Conversa co actor e cómico Carlos Blanco quen, co gallo de falar do seu espectáculo na que fan bromas sobre unha tipoloxía de crime autóctono, menciona o libro *Fariña*.

_____, "Miguel Mato. 'Escribir é coñecer. Non rematas de coñecer algo da túa vida até que o escribes'", *La Opinión*, "A Coruña", 18 xaneiro 2019, p. 8.

Acóllese unha entrevista co autor quen comenta a liña difusa no seu libro entre prosa e poesía, así como o fondo autobiográfico. Comenta quen e como inculcou a súa paixón pola literatura, que retrata en *Flores nun vaso de auga*, e cal é o sentido de escribir para el.

_____, "Comba Campoi. 'A resistencia simbólica era a única que se podían permitir os subalternos en Galicia'", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 26 marzo 2019, p. 12.

Entrevista á autora co gallo do seu coloquio na Real Academia Galega, e comenta que no seu libro reflexiona sobre a pegada de Barriga Verde, o títere ideado por José Silvent. Comenta que investigando sobre a comunicación comunitaria relacionouse co mundo do teatro, e a partir do documental *Morreu o demo, acabouse a peseta*, decidiu escribir este libro dende un enfoque menos teórico. Comenta que o boneco era unha resistencia simbólica na época, aquela que se podían permitir as clases subalternas, xa que a acción política aberta estaba penada.

_____, "Pilar Pallarés. 'Vivimos nun presente que substituímos por outro, non hai tempo a deixar pegada'", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 13 maio 2019, p. 14.

Entrevista á poeta desta obra co gallo da súa participación no programa Poetas Di(n)versos, na que comenta o feito que a fixo comezar escribir este poemario, a ampliación do aeroporto de Alvedro, a cal levou por diante a casa construída polo seu pai na zona. A motivo disto, enlaza cunha reflexión sobre coma non hai tempo para deixar pegada, e coma a súa é unha poesía que parte do baleiro. Comenta que Luís Seoane foi quen decidiu que se publicase o seu poemario.

_____, "Xavier Alcalá. 'O escritor débese á lingua do país que lle dá a substancia literaria'", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 14 maio 2019, p. 26.

Entrevístase ao autor deste libro con motivo da presentación do mesmo na librería Azeta. Comenta que despois de ter publicadas as súas cartas, tamén estaría en conversa a publicación das epístolas de Manuel Antonio Cholo Rey, e o contexto histórico que achega esta correspondencia. Reflexiona sobre a Galicia dos anos 90 que se pode ver a través da obra, como coñeceu ao seu compañeiro Manuel Antonio Cholo Rey, e como

grazas á súa colaboración xurdiu a súa anterior obra: *The making of*.

Piñeiro, María, “La perfecta biografía de solapa de libro”, *El Progreso*, “Soy Lugo”, 20 xaneiro 2019, p. 8.

Entrevista co escritor Xerardo Quintiá, na que fai referencia ao seu primeiro libro, *Finísimo po nas ás*, ao que lle segue atopando “un espírito moi vivo”. Tamén menciona que Claudio Rodríguez Fer, ao que lle enviou algúns poemas, foi o seu primeiro lector crítico, e a influencia que tivo nel o libro de relatos *Polaroid*, de Suso de Toro, que lle amosou que a literatura en galego tamén era moderna.

Porral, Alba, “Jordi Sierra i Fabra. ‘El género policiaco es el mejor; permite denunciar el entorno’”, *La Opinión*, 28 outubro 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista ao escritor Jordi Sierra i Fabra a propósito da tradución ao galego de *A detective Berta Mir* pola editorial Galaxia. Durante o encontro pregúntanlle, entre outras cousas, pola súa convivencia cos personaxes por el creados Berta Mir e Miquel Mascarell; se el tamén actúa de detective cando escribe; se é a denuncia un motivo importante na súa escrita; ou que sente ao ser o único escritor español nominado ao Premio Andersen 2020.

R. C., “Martirio. ‘Somos cuatro mujeres muy especiales’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Las 1001 caras de Compostela”, 9 marzo 2019, p. 24.

Entrevista a Martirio, unha das integrantes do proxecto Integradas, co gallo da súa actuación no Auditorio de Galicia, quen comenta que as coplas e os alalás convivan marabillosamente na súa opinión, despois de interpretar “Negra Sombra”, e comenta que cada día ten máis amor á música galega.

R. D. R., “Bea Lema. ‘El Carnaval es irreverente y he querido captar su espíritu permisivo en plena calle’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 febreiro 2019, p. 10.

Entrevista a Bea Lema, a primeira muller en gañar o Premio de Banda Deseñada Castelao da Deputación da Coruña. A entrevista desenvólvese en torno ao encargo do Concello da Coruña de trasladar o espírito do Entroido a un cartel.

Regueira, Mario, “Susana S. Aríns. ‘Sou conciente do lugar que ocupo e sei que não sou ‘mainstream’”, *Sermos Galiza*, n.º 330, “fóradeserie”, 17 xaneiro 2019, pp. 4-5.

Acóllese unha entrevista coa escritora Susana Sanches Aríns na que se fala da súa primeira obra [*de*]construcom, a norma ortográfica na que a autora decide escribir, así como dos premios literarios e as trabas que estes poñen para escribir en outra normativa que non sexa a ILG-RAG, ou do éxito do seu libro *Seique*.

_____, “Úrsula Heinze. ‘Teño máis de setenta libros publicados, pero nunca percibín recoñecemento”, *Sermos Galiza*, n.º 331, “fóradeserie”, 24 xaneiro 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Úrsula Heinze logo de publicar *Delirios de pracer* (Aira, 2018), na que explica que aborda unha nova temática, a da sexualidade feminina na vellez e no que se menciona explicitamente o estigma dunha enfermidade mental. Lembra a súa traxectoria literaria, con máis de setenta libros publicados, e os recoñecementos obtidos. Explica tamén o seu salto á literatura infantil e xuvenil e sobre o seu labor a prol da visibilidade das mulleres en libros de entrevistas como *Mulleres* (1991) e *Arredor da muller en 18 mundos* (1985).

Rey, Carlos, “Antón Reixa. ‘Mi libro es una reflexión sobre el azar y una llamada a la esperanza”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1074, 10 febreiro 2019, p. 30.

Conversa co autor sobre a súa experiencia persoal tras sufrir un accidente de coche, e como desa experiencia naceu a súa novela. Comenta como describiría a súa obra, e como cambiou de xénero para escribir en narrativa.

Rivera, Paco, “Tareixa Campo e Jesús Meilán. ‘Non vivimos do teatro, pero vivimos para o teatro”, *El Progreso*, “Revista”, “Cena y copa”, 5 xaneiro 2019, p. 22.

Conversa cos directores do grupo teatral Achádego, sobre os inicios do grupo en Lugo, a loita por incluír o teatro no currículo escolar, e a súa traxectoria no teatro galego e a súa decisión particular de tratar unicamente obras en galego.

Rosendo, Rubén de, “María Reimóndez. ‘Tardamos en comprender a Rosalía”, *El Progreso*, “San Froilán 2019”, 5 outubro 2019, pp. 30-31.

Recolle unha entrevista a María Reimóndez co gallo de ser elixida como pregoeira nas festas do San Froilán de Lugo. Pregúntanlle, entre outras cousas, que sente ao ser escollida para esta tarefa; pola figura de Rosalía de Castro e se considera que esta segue a ser unha descoñecida; como se extrapolan as denuncias que fixo Rosalía aos tempos de hoxe; ou como influíu na súa obra a figura da poeta de Padrón.

Salgado, Daniel, “Ana Cabaleiro. ‘Na literatura óbviase a diferenza de clase e iso é perigoso”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “fóradeserie”, 3 xaneiro 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Ana Cabaleiro co gallo da publicación da obra *As ramonas* (Galaxia, 2018) na que se lle pregunta, entre outras cousas, a que se debe o paso do relato á novela e que inflúe para decidirse por un ou outro formato; se considera que a novela galega actualedulcora a realidade; ou os porqués de que o mundo do traballo e das vidas precarias vinculadas ás clases populares sexan as eternas ausentes da literatura, especialmente da galega.

_____, “Antón Lopo. ‘O pensamento e a escrita e a arte son sobre todo un exercicio de sentido do humor’”, *Sermos Galiza*, n.º 332, “fóradeserie”, 31 xaneiro 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista a Antón Lopo a propósito da publicación da novela *Extraordinario* (Xerais, 2018) na que lle preguntan, entre outras cousas, pola importancia do corpo e a corporalidade na súa escrita e nesta novela; se bota en falta a presenza da temática da sensualidade na literatura galega; ou que implica como narrador o uso da primeira persoa.

_____, “Inma López Silva. ‘O feminismo é atractivo porque demostra que o debate non ten por que ser excluínte’”, *Sermos Galiza*, n.º 334, “fóradeserie”, 14 febreiro 2019, pp. 4-5.

Conversa coa autora de *Chámame señora, pero trátame coma a un señor*, Inma López Silva, na que aborda o tema da obra, o feminismo e o poder. Tamén reflexiona sobre a clasificación do xénero do libro, que combina ensaio e novela.

_____, “María Xesús Nogueira. ‘A poesía de Xela Arias non está asimilada pola crítica académica’”, *Sermos Galiza*, n.º 335, “fóradeserie”, 21 febreiro 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista a María Xesús Nogueira sobre o volume recompilatorio que realizou de Xela Arias, *Poesía reunida (1982-2004)*, publicado o pasado 2018 na editorial Xerais. Responde ao porqué de reunir a poesía da autora e sobre a singularidade da súa escrita. Responde a preguntas relacionadas co afastamento da autora da corrente central dos seus contemporáneos, sobre os seus posíbeis referentes e sobre a pegada que ela puido deixar en poetas posteriores e sobre a relevancia que tería dedicarlle o Día das Letras Galegas.

_____, “Xosé Manuel Budiño. ‘No proxecto ‘Fulgor’ non podía haber plan b’”, *Sermos Galiza*, n.º 336, “fóradeserie”, 28 febreiro 2019, pp. 4-5.

Entrevista ao músico Xosé Manuel Budiño, na que explica o proceso de elaboración do seu disco *Fulgor* e que lle pediu unha letra a Antía Otero logo de ler *O cuarto das abellas*.

_____, “Xesús e Pablo Couceiro. ‘Perdeuse unha montaña de diñeiro público no libro e parece que non houbo responsábeis’”, *Sermos Galiza*, n.º 340, “fóradeserie”, 28 marzo 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista con Xesús Couceiro e Pablo Couceiro, da emblemática librería de Santiago de Compostela, Couceiro. Na entrevista indican que o libro galego máis vendido na historia da librería foi *O Catecismo do Labrego* e salientan tamén *Sempre en Galiza*, de Castelao, o libro de cociña *O Picadillo* e a literatura de Rosalía de Castro.

Salgueiro, Marina, “Xesús Couceiro Rivas. ‘Todas as empresas que teñen moitos anos publicítano, dálle prestixio e á cidade tamén’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 7 marzo 2019, p. 18.

Acóllese unha entrevista con Xesús Couceiro Rivas, que co gallo de falar da Librería Couceiro comenta que persoeiros como Carvalho Calero, Ramón Piñeiro, Ramón

Martínez López ou Antonio Fraguas pasaron polo seu negocio.

Sanmartín C., Xavier, “Xosé Antón Perozo. ‘La poesía es un estriptis más auténtico que otros géneros”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 20 marzo 2019, p. 18.

Acóllese unha entrevista co autor na que comenta que lle levou a publicar un libro de poesía finalmente. Explica a temática amor/desamor no poemario, e como os temas foron xurdindo. Comenta en que momento escribiu os poemas.

Santomé, Rebeca, “Xosé Ballesteros. ‘Ler ben é máis importante que ler moito”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 agosto 2019, p. 6.

Entrevista co director da editorial Kalandraka co gallo do premio que recibiron por ‘Cidade de Pontevedra’ e ‘Pontevedreses do Ano’. Comenta a importancia que ten a cidade de Pontevedra para esta firma editorial, sobre todo destaca como se consideran embaixadores da cidade cando viaxan a feiras internacionais e demais. Reflexiona sobre a expansión internacional que acadaron cos álbums ilustrados na editorial, así coma de que maneira están afectando as tecnoloxías nas obras que se imprimen en papel. Comenta en relación a isto de que maneira lles compensa aos estados que a poboación permaneza distraída e coma en Venecia o libro da mesma editorial *Pequena azul, pequeno amarelo* foi censurado.

Varela, María, “Emma Pedreira. ‘Somos moitas, somos boas e por fin temos espazos”, *Diario de Pontevedra*, “Ala última”, 21 xaneiro 2019, contracuberta.

Acóllese unha entrevista coa escritora co gallo de ter acadado o título de mellor autora do 2018. Comenta o que supón o recoñecemento para ela, como cre que se está a recibir a súa obra, e explica como se enfrenta ao proceso creativo.

_____, “Yolanda Castaño. ‘A miña aposta pola poesía foi a morte. Dedicolle o cento por cento da miña vida”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 27 setembro 2019, p. 48.

Recolle unha entrevista a Yolanda Castaño co gallo da súa participación na exposición ‘Sempre marzo’ celebrada en Pontevedra. Durante o encontro pregúntaselle, entre outras cousas, que opinión ten sobre o desenvolvemento do ‘Sempre marzo’; polos distintos eventos nos que vai participar despois desta exposición; se nota diferenza na poesía dos distintos países que visita; ou que sente ao cumprirse 25 anos da súa primeira publicación.

Varela, Lourdes, “Henrique Alvarellos. ‘Lorca decidiu ser escritor durante a primeira viaxe que fixo a Galicia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 625, “Entrevista”, 10 xaneiro 2019, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 639, “Entrevista”, 19 xaneiro 2019, p. 7.

Conversa co editor co gallo da publicación de dous libros sobre Lorca e a súa relación con Galicia, así coma do prólogo que escribiu o escritor Eduardo Blanco Amor en castelán para os *Seis poemas* de Lorca.

_____, “Antón Lopo. ‘As fronteiras entre os xéneros literarios hai anos que son difusas’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 696, “Entrevista”, 17 xaneiro 2019, p. V.

Recolle unha entrevista a Antón Lopo, logo da saída do prelo de *Extraordinario*, Premio Repsol de Narrativa breve. Responde a preguntas relacionadas cos premios literarios, coa escrita da novela, o seu argumento e os seus recursos. Fala sobre os distintos xéneros nos que desenvolve a súa produción e sobre o seu papel como editor en Chan da Pólvora, editorial que lle dá a oportunidade de publicar a poetas mozos.

_____, “Joaquim Ventura. ‘Risco tiña unha actitude distinta cando escribía no xornal ‘Euzkadi’”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 642, “Entrevista”, 9 febreiro 2019, p. 7.

Entrevista a Joaquim Ventura na que conversan sobre as colaboracións de Vicente Risco no xornal *Euzkadi* e sobre a temática dos seus textos.

_____, “Xosé Manuel Budiño. ‘Fulgor vén ser o comezo dunha etapa artística’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 700, “Entrevista”, 14 febreiro 2019, p. V.

Acóllese unha entrevista co músico Xosé Manuel Budiño, co gallo da presentación do seu álbum *Fulgor*, que recolle o tema escrito pola poeta Antía Otero, “Pulso”.

_____, “Francisco R. Pastoriza. ‘Vigo foi un tema permanente no xornalismo de Johán Carballeira’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 705, “Entrevista”, 21 marzo 2019, p. V.

Entrevístase ao autor desta obra quen comenta que algunhas das fontes estilísticas de Johán Carballeira están en Ortega, Unamuno, Valle-Inclán, Perez de Ayala, Castelao, Rafael Dieste entre outros que eran citados frecuentemente nos seus artigos.

_____, “Anxo Angueira. ‘A Rosalía de *En las orillas del Sar* tamén é nosa’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 711, “Entrevista”, 2 maio 2019, p. V.

Entrevista a Anxo Angueira, responsábel da edición crítica de *En las orillas del Sar*, onde responde a preguntas relacionadas coa posíbel razón de que Rosalía de Castro escribise a obra en castelán, sobre os elementos máis destacados do poemario, sobre o rexeitamento que tivo a obra e sobre os tópicos sobre a figura da autora.

_____, “Álvaro Rodríguez Núñez. ‘Risco foi o gran creador e teórico do nacionalismo galego’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 720, “Entrevista”, 4 xullo 2019, p. V.

Conversa con Álvaro Rodríguez Núñez, autor de *Vicente Risco. El Teórico del Nacionalismo Gallego*. Responde a preguntas sobre porqué considera a Vicente Risco o “teórico” do nacionalismo galego, sobre o galeguismo daquela época, sobre a simpatización con Hitler, Mussolini e Franco e sobre a posíbel ou non compatibilización do seu nacionalismo español co seu nacionalcatolicismo galego.

Varela, Pablo, “Charo Lopes. ‘Polos meus traballos, considérome unha arquiteira de anécdotas’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “En primera persona”, 24 xullo 2019, p. L2.

Entrevista coa autora desta publicación na que comenta como a poesía para ela é un exercicio de contemplación, e de que maneira ese exercicio levouna a escribir a obra. Dá conta da maneira en que o título do poemario está relacionado coa súa profesión de fotógrafa, e como a pesar de facer unha mestría en literatura, atopou un achegamento á lírica dela mesma coma “arquiteira de anécdotas”. Comenta as diferenzas e semellanzas que atopa coa súa outra obra *De como acontece a fin do mundo*.

Vila, Sara, “Yolanda Díaz Gallego. ‘Traballei dez anos entre 126 homes; o feminismo sempre o tiveron claro’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 15 marzo 2019, p. 53.

Entrevista a Yolanda Díaz co gallo da súa ponencia no ciclo “Contrariadas” que comenta como Celso Emilio Ferreiro foi a Venezuela, e ao chegar á Irmandade Galega de Caracas non atopou o que quería. A partir desta experiencia, continúa, escribiría *O país dos ananos*, pero Luís Seoane levaríalle a contraria.

_____, “Marta Pazos. ‘A vida cultural de Pontevedra tamén conformou a miña ollada como artista’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 14 outubro 2019, p. 4.

Recolle unha entrevista á directora, actriz e escritora Marta Pazos na que lle preguntan, entre outras cousas, como conseguiu vivir do teatro; cando iniciou o seu contacto co mundo das artes escénicas; cal é o traballo ou proxecto do que se sente máis orgullosa; ou que faceta lle resulta máis satisfactoria, actriz, directora ou dramaturga.

V.9. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., “As faces do feminismo na pel de Inma López Silva”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 febreiro 2019, p. 18.

Faise eco da presentación do libro *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, de Inma López Silva, no Centro de Documentación e Recursos Feministas.

A. F. C., “Indignación en Cedeira por la retirada de una exposición de poemas de alumnos del IES”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 2 abril 2019, p. 25.

Artigo sobre a polémica retirada dunha exposición de poemas escritos polo alumnado de 4º da ESO do IES Punta Candieira realizados no taller de poesía dirixido por Carlos Negro.

A. M., “La casa-museo de Álvaro Cunqueiro abre en Mondoñedo sin la presencia de su hijo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 marzo 2019, p. 36.

Informa da inauguración da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro situada na Praza da Catedral de Mondoñedo. Indica que o fillo do autor non acudiu en sinal de protesta ao tratarse dun acto política.

A. M. e X. F., “A Fundación Torrente inaugura a exposición ‘Castelao grafista (facsimile)”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2019, p. 28.

Faise eco da inauguración na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago de Compostela da mostra “Castelao grafista (facsimile)”, que visitará tamén as cidades de Nova York, São Paulo, O Cairo, Pequín, Sidney, Berlín, Roma, Bos Aires, Montevideo e Miami, entre outras.

A. P., “La poetisa Xela Arias ya tiene su grafiti”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 22 xuño 2019, p. 14.

Nota que dá conta do graffiti en honra a Xela Arias realizado por Xosé Álvarez Baños e Raúl de Dios Iglesias, alumnos do instituto de Chapela. No mural, recóllese o verso “Independénciome para que eu saiba onde quero estar atada”. Nos muros do instituto, tamén están presentes Castelao, Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro.

Á. P., “Montse Fajardo achega a Caldelas unha visión da violencia machista con Invisibles”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 26 xuño 2019, p. 16.

Indica que a autora Montse Fajardo presentará o seu libro *Invisibles*, no que se recollen

relatos de sete mulleres vítimas de violencia machista.

A. S., “Quico Cadaval dirigirá la gala de los Premios Martín Códax”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, “Cuenta atrás para la gran fiesta de la música”, 1 marzo 2019, p. 55.

No marco da entrega dos Premios Martín Códax, indícase que o dúo poético-musical Aldaolado será o encargado da presentación da gala.

A. S., “La Real Academia Galega rinde tributo a Salvador García-Bodaño el Día de la Poesía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 marzo 2019, p. 36.

Indica que a RAG conmemora o Día da Poesía rendendo tributo a Salvador García-Bodaño. Os seus versos serán recitados por Dores Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos, Luz Pozo Garza, Margarita Ledo Andión, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre. Lembra as publicacións do autor: *Ao pé de cada hora*, *Tempo en Compostela*, *Os misterios de monsieur D’Allier*, *Pegadas no alcatrán* e *Cidade virtual*.

A. S., “Adiós ríos, adiós fontes, adiós Joan”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2019, p. 32.

Informa da despedida de Joan Baez dos escenarios nun concerto que tivo lugar no Teatro Real de Madrid, no que, xunto a Amancio Prada, entoaron “Adiós ríos, adiós fontes”, de Rosalía de Castro.

Abalde, Julio, “As universidades de Galicia, a Galicia das universidades”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, pp. 30-35.

Artigo sobre as universidades galegas no que menciona a Cabanillas, musicado por Juan Pardo (“En Pé”).

Abarca, Lydia, “Vigo repesca sus libros añejos”, *Faro de Vigo*, “Faro verano”, “Sociedad”, 24 xullo 2019, p. 32.

Recolle información sobre a Feira do Libro Antigo e de Ocasión que acollerá a praza de Compostela en Vigo até o día 4 de agosto.

Abascal, María, “Viaxe aos anos das Irmandades da Fala cun gran baile de época no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 24 xuño 2019, p. 27.

No marco do II Encontro Galego de Cultura Popular, indica que se realizará un gran baile ambientado no século XX dedicado ás Irmandades da Fala.

Abascal, María, “Gonzalo Hermo será profesor no Centro Galego de Barcelona”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 setembro 2019, p. 36.

Faise eco de que o escritor Gonzalo Hermo será profesor no Centro Galego de Barcelona. Repasa a súa traxectoria vital e literaria, facendo fincapé nas súas obras publicadas e traducidas ao castelán e aos premios que foi obtendo.

Abascal, María, “A exposición sobre Blanco Amor amosa a figura poliédrica do autor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 decembro 2019, p. 40.

Informa sobre a exposición “Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco Amor” no centro cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense. A mostra ofrece retratos e caricaturas do autor realizadas por Siro López e unha colección bibliográfica sobre o autor da *Esmorga*, de máis de 200 volumes, traballo realizado por Carlos Laíño.

Abelenda, Ana, “Cinco autoras revelación que han atrapado al lector”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “En Portada”, “Ellas debutan a lo grande”, 25 xaneiro 2019, pp. 2-3.

Nun artigo sobre autoras revelación, amenta a Antía Yáñez, que debutou coa novela infantil *O misterio de Portomarín* e vén de estrearse na literatura para adultos con *Senlleiras* (Galaxia, 2018). Indica que é unha historia en dous séculos que xa vai pola terceira edición. Explica que comeza cunha trama policial en 2017 que alterna coa historia doutra muller que viviu nos primeiros anos do século XX.

Abelenda, Ana, “Estes son os autores galegos que máis venden”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 1 febreiro 2019, pp. 1-2.

Fai unha listaxe dos escritores en lingua galega que durante os últimos meses e a día de hoxe teñen o favor, e mesmo a ansia e o corazón, do público. Afirmar que non logrou atopar un ránking oficial dos títulos máis vendidos no 2018 ou a data de hoxe, pero que da consulta cun abano de libeiros e editores conclúe que o top dos favoritos en Galicia o encabezan Leticia Costas, Nacho Carretero, Manuel Rivas, Anaí Rodríguez, Antía Yáñez e Héctor Cajaraville, aos que se suman os fenómenos de Inma López e Yolanda Castaño, con obras editadas a finais de ano, que están vivindo agora o *boom*, e o *long seller* de Domingo Villar.

Abelenda, Ana, “El futuro lo escriben ellas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 marzo 2019, pp. 1-2.

Recomenda unha serie de obras escritas por mulleres para a reivindicación do Día Internacional da Muller Traballadora. Fai alusión ás seguintes obras escritas en lingua galega: *Rosalía feminista* (Xerais, 2019) de Helena González; *Pioneiras 1 e Pioneiras 2* (Xerais, 2018, 2019) de Anaí Rodríguez; *Números vermellos* (Galaxia, 2019) de Ana Fontenla; *Senlleiras* (Galaxia, 2018) de Antía Yáñez; *Mamá quero ser Ziggy Stardust* (Xerais, 2018) de Iria Misa; e *Os bicos feridos* (Galaxia, 2018) de Anna R. Figueiredo.

Abelenda, Ana, “¿Quién es el mejor escritor vivo de España?”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 19 abril 2019, pp. 1-2.

Artigo no que lle preguntan a dez figuras do mundo da literatura cales son os mellores escritores vivos de España, tendo que escoller cada un tres autores. Víctor Fernández Freixanes pon no posto número un a Antón Riveiro Coello; no segundo, a Luz Pozo Garza; e, no terceiro, a Miguel-Anxo Murado. Manuel Rivas escolle en primeiro lugar a Luz Pozo Garza. A autora Leticia Costas pon en primeira posición a Manuel Rivas. Pola súa parte, Calos Coira, sitúa na terceira posición a Leticia Costas.

Abelenda, Ana, “Galicia non se entende sen Valle”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 24 maio 2019, pp. 1-3.

Nun artigo sobre Valle Inclán, fai alusión a Manuel Rivas como autor de *Vivir sen premios*.

Abelenda, Ana, “¿Qué van a leer este verano?”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 xuño 2019, pp. 1-2.

Nun artigo sobre recomendacións literarias para o verán, seis autores escollen tres títulos cada un. Inma López Silva recomenda, entre outros, *O último barco*, de Domingo Villar. Entre os elixidos por Domingo Villar están *The making of*, de Xavier Alcalá. Amador Castro recomenda *Infamia*, de Leticia Costas e *Scórpio*, de Ricardo Carvalho Calero. Antía Yáñez selecciona *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio Manuel Fraga, *Marafariña*, de Miriam Beizana Vigo e *Feminismos na literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena Presas. Rosa Aneiros amenta *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas. Pola súa parte, Héctor Cajaraville, recomenda, entre outros *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis e *O último barco*, de Domingo Villar.

Abelenda, Ana, “La revolución librera de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 novembro 2019, pp. 1-2.

Nun artigo con motivo do Día Internacional das Librarías, faise alusión ao 25 aniversario de *En salvaxe compañía*, de Manuel Rivas.

Abelenda, Ana, “Esos cafés gallegos en los que nacen las historias”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 27 decembro, 2019, pp. 1-2.

Poñendo en relación literatura e café, os escritores Manuel Rivas, Inma López Silva e Javier Peña percorren as cafeterías que presenciaron a escrita das súas obras.

Abrales, Joaquin, “La Feira do libro se traslada este año a la farola de Urzáiz”, *Atlántico*

Diario, “Vigo”, 22 xuño 2019, p. 11.

Nota sobre a Feira do Libro na cidade olívica, que se celebrará do 27 de xuño ao 6 de xullo e que contará coa asistencia de autores como Domingo Villar, Leticia Costas, Pedro Feijoo, Francisco Castro e Fran Alonso. Acolleráse tamén a presentación do libro *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, de Inma López Silva.

Aboy García, María Ofir, “Rosalía, a Galicia da tola”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 64.

Con motivo do Día de Galicia, escribe sobre Rosalía de Castro, como precursora do movemento feminista. Cita textualmente: “Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino”.

Agirre, Katixa e Isaac **Rubín**, “Nadar”, *Sermos Galiza*, n.º 360, “fóradeserie”, 22 agosto 2019, pp. 4-5.

Reproduce traducido ao galego o relato “Nadar”, de Katixa Agirre, no marco da sección “Un verán en Galeusca”, que partillan *Sermos Galiza*, *Berria* e *Vilaweb*.

Aguiar, I., “El historiador Xabier Maceiras será el pregonero de la Feira do Galo”, *La Opinión*, “Arteixo”, 28 de novembro de 2019, p. 16.

Menciona ao historiador Xabier Maceiras como pregoeiro da Feira do Galo facendo alusión aos seus títulos *Crónicas de Arteixo* e *O mar de Arteixo e os seus Naufraxios*.

Alonso, José, “Cunqueiro abre las puertas de su casa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2019, p. 35.

Informa da inauguración do museo dedicado a Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, no mesmo edificio onde escribiu *Merlín e familia*.

Álvarez, E. “Setenta y cinco años al servicio de Galicia en el Padre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 25 xuño 2019, p. L6.

Artigo con motivo do setenta e cinco aniversario do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que celebra o seu aniversario cunha exposición no claustro do Hostal dos Reis Católicos. Lembra grandes investigadores e intelectuais vinculados á institución, como Filgueira Valverde, Sánchez Cantón, Río Barja, Vicente Risco ou Fermín Bouza Brey.

Álvarez, Mario, “Elvira Veloso presenta en Barcelona ‘Vieiro da vida’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xaneiro 2019, p. 38.

Dá conta do acto de presentación no Centro Galego de Barcelona do libro *Vieiros da vida*,

de Elvira Veloso, que contou coa asistencia da propia autora, de Alfonso Pérez Guerra e Xosé Lois García. Define a obra como “un conxunto de poemas nos que se mesturan terra, saudade, conciencia e mesmo protesta ante acontecementos desgraciados dende a óptica de quen leva anos vivindo lonxe pero segue a conmoveirse con todo o que arrodea as súas orixes”.

Álvarez, Mario, “Medio cento de escritores do país, en italiano en ‘Letteratura galega’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 30 xaneiro 2019, p. 36.

Informa da publicación de *La letteratura galega. Autori e testi*, unha antoloxía en italiano de cincuenta autores homenaxeados nas Letras Galegas. O volume está editado polos Centros de Estudos Galegos das universidades de Padua, Roma e Perugia, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da RAG.

Álvarez, Mario, “Celebración cos pequenos do Día da Lingua Materna”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 febreiro 2019, p. 37.

Recolle información sobre a conmemoración do Día da Lingua Materna celebrada por oitenta nenos e familias usuarias da Escola Infantil de Ourense. No acto, púidose gozar dunha sesión baseada nas músicas da actividade infantil de dinamización lingüística Puño Puñete, da man de Andrea Bayer e Davide González, membros de Baobab Teatro.

Álvarez, Mario, “Pecha ‘Castelao maxistral’ como a mostra máis vista da historia do Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 marzo 2019, p. 36.

Indica a clausura da exposición “Castelao maxistral”, a exposición máis visitada da historia no Gaiás, cunha cifra que supera as 40000 visitas durante os 120 días de apertura ao público. Apunta que, trala clausura da exposición, o lenzo *A derradeira leición do mestre* regresará a Bos Aires.

Álvarez, Mario, “Homenaxe a Luísa Villalta en Santiago no seu 15 cabodano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 marzo 2019, p. 37.

Faise eco da homenaxe a Luísa Villalta no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, coincidindo co quince aniversario do seu pasamento. No evento participaron os secretarios xerais de Política Lingüística e Igualdade, así como Armando Requeixo, Manuel González, Estíbaliz Espinosa, Inma Otero Varela, Inma López Silva e Miriam Ferradans, ademais da nai e a irmá da escritora, María Gómez Castro e Susana Villalta Gómez. Leron textos da homenaxeada as relatoras do debate e as bolseiras da institución Belén Bouzas, Ana Bravo, Raúl Costas, Marina Garzón, Laura Gil, Ánxela Lema, Belén Poutón, Sonia Rico, Lara Rozados e Sara Villar.

Álvarez, Mario, “Homenaxe da RAG a Salvador García-Bodaño no Día da Poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 10 marzo 2019, p. 38.

Indica que a RAG conmemora o Día da Poesía rendendo tributo a Salvador García-Bodaño, nun acto que terá lugar o 21 de marzo ás 19.30 horas na sede da Academia. Os seus versos serán recitados por Dores Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos, Luz Pozo Garza, Margarita Ledo Andián, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre. Lembra as súas publicacións do autor: *Ao pé de cada hora*, *Tempo en Compostela*, *Os misterios de monsieur D'Allier*, *Pegadas no alcatrán* e *Cidade virtual* e a recompilación da súa obra poética en *Espiral Maior*.

Álvarez, Mario, “A poesía protagoniza a semana co certame Alguén que respira!”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 marzo 2019, p. 28.

Faise eco da celebración do certame “Alguén que respira!”, festival dirixido por Antón Lopo e promovido polo Concello de Santiago e a Xunta de Galicia. Contará coa participación de Xosé Luís Méndez Ferrín, Raúl Zurita, Elisa Lucinda, Pilar Pallarés, Golgona Anghel, Sònia Moll, Alejandro Palomas, Estevo Creus, José Luís Piquero, Jon Maia e Amets Arzalluz. Acollerá nove estreos firmadas por Margarita Ledo, Ana Romaní, Nuria Vil, Mónica Caamaño, Alfredo Rodríguez, García MC & Lar Legido, Félix Fernández, Afonso Traficante e Silvia Penas. Poderase presenciar unha reunión ao completo do colectivo Roseltz e Méndez Ferrín lerá o Manifesto Galego, encargo do propio festival ao escritor.

Álvarez, Mario, “Xa en internet o patrimonio sonoro rexistrado en pedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 marzo 2019, p. 35.

Informa sobre o proxecto web Lousas, que recolle composicións como *Alborada* ou *Negra sombra*, interpretadas por salientábeis voces como Ángeles Ottein ou Ofelia Nieto

Álvarez, Mario, “Diálogo entre a pintura de Lamazares e a poesía de Uxío Novoneyra en Lugo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 abril 2019, p. 39.

Recolle información sobre a exposición “Flor Novoneyra” no Museo Provincial de Lugo, coa que Antón Lamazares homenaxea ao poeta Uxío Novoneyra. O proxecto representa un diálogo entre a pintura de Lamazares e a verba do poeta. Presenta unha antoloxía plástica cos versos do escritor mediante unha selección de pinturas do artista, así como unha mostra de caligramas orixinais do poeta e unha aportación gráfica, bibliográfica e documental do autor. Abre a mostra a pintura dedicada a Ánxel Fole.

Álvarez, Mario, “Percorrido polo último século de Galicia a través de ‘Nós’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 decembro 2019, p. 36.

Artigo sobre a exposición que acolle o Museo do Pobo Galego para conmemorar o centenario do nacemento da revista *Nós* e destaca que un dos seus colaboradores foi Ricardo Carvalho Calero, autor que se homenaxeará no Día das Letras Galegas 2020.

Álvarez, N., “Haberlos haylos: escritores en constante movemento”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 11 xuño 2019, p. 8.

Indica que, na Feira do Libro de Vigo, Wladimir Dragossan (Rafael Pintos) estará recitando poemas do seu libro *O cabaleiro da rosa*.

Álvarez, Rosario, “Unha cultura en movemento, para todos e todas”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 10.

Versando sobre o propio concepto de cultura, que está en continuo proceso de transformación, achégase á cultura culinaria galega. Salienta que a cociña galega non acadou a consideración e status até épocas ben recentes e loa as achegas de Picadillo, Cunqueiro ou Araceli Filgueira, así como doutros grandes nomes da literatura galega, que contribuíron a chamar a atención das elites cultas.

Álvarez Blanco, Rosario, “Galicia non só un día?”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 6.

Artigo a propósito do Día de Galicia, no que lembra que o 25 de xullo, nos anos escuros, o galeguismo se concentrou en San Domingos de Bonaval ao redor da misa por Rosalía de Castro; e, ao outro lado do océano, os teatros se enchían para escoitar a Castelao, Suárez Picallo e tantas outras figuras.

Aneiros, Rosa, “Veraneo en Macondo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 12 xullo 2019, p. 10.

Nun artigo no que lista libros que adora retomar aproveitando o verán, fai alusión a *O coelliño branco*; *Fantasma de luz*, de Agustín Fernández Paz; e *As laranxas de Alí babá*, de Carlos Negro.

Antonio, Simón, “Intervención cultural en democracia”, *La Opinión*, “40 años de ayuntamientos democráticos”, 6 decembro 2019, p. 16

Lembra ao dramaturgo Francisco Taxes, colaborador no Festival de Cine de Humor e Troula, unha das primeiras compañías de teatro profesionais de Galicia, fundada en 1978, entre outros, por Suso Medal, Gonzalo Uriarte, Manuel Manquiña e Manolo González. Tamén recorda a mediados dos 80 a aparición de Teatro do Atlántico.

Araguas, Vicente, “Manuel Vilanova, sempre en Ourense”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, p. 25/ *La Región*, “Agenda”, “Obituario”, p. 18, 7 marzo 2019.

Faise eco do pasamento de Manuel Vilanova, a quen considera un dos poetas galegos “de culto”.

Araújo, Emma, “La Ruta Rosaliana quiere ser BIC”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Área metropolitana”, 20 marzo 2019, p. L6.

Dá conta da solicitude dos concellos de Ames, Brión, Dodro, Padrón e Santiago, que solicitan á Xunta o recoñecemento da Ruta Rosaliana como Ben de Interese Cultural.

Arias, María, “Reivindican el legado de Albor y su ‘galleguismo integrador’”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 1 febreiro 2019, p. 11.

Informa da presentación do volume *Xerardo Fernández Albor y su tiempo, Cien años de un presidente*, coordinado por Marcelino Agís.

Araujo, Emma, “Ames pon en valor a Rosalía máis esquecida”, *La Voz de Galicia*, “Área metropolitana”, 26 febreiro 2019, p. L7.

Indica que no Concello de Ames se organizou un percorrido guiado polos espazos íntimos de Rosalía de Castro. Da man de María López Sánchez, a visita comezou no pazo da Peregrina e continuou pola Casa Museo da Matanza, a casa da familia paterna en Ortoño, a fronteira dende a igrexa de Ortoño a Bastavales.

Axeitos, X. L., “Silueta de urxencia dun humanista galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Letras galegas”, 20 xuño 2019, p. 39.

Artigo sobre Ricardo Carvalho Calero, no que salienta a relevancia das súas publicacións *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* e *Gramática elemental del gallego común*. Versa tamén sobre a súa aproximación á lingua portuguesa e as súas relacións coa Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Salienta tamén que cultivou todos os xéneros, destacando en poesía *Vieiros*, *Pretérito imperfecto* e *Retincências*; en teatro *A sombra de Orfeo*, *A Arbre*, e *Auto do prisioneiro*; e, en narrativa, *Xente da Barreira* e *Scórpio*.

Ayala, María, “O Museo Centro Gaiás convertírase en cidade de Nadal cunha árbore xigante”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 decembro 2019, p. 29.

Apunta a próxima convocatoria dos premios de literatura Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, Manuel María de literatura infantil e Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.

B. L., “Pontevedra rinde homenaje a Isaac Díaz Pardo de mano del Foro Enrique Peinador”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 xaneiro 2019, p. 12.

Informa do acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo nos xardíns da Facultade de Belas Artes, organizado polo Foro Enrique Peinador, e da inauguración nesta facultade dunha exposición dedicada ao creador.

B. L., “A memoria das mulleres’ recompila o traballo de cinco anos nunha web”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 xaneiro 2019, p. 13.

Ofrece información sobre o proxecto “A memoria das mulleres” que, logo de cinco anos de traxectoria, pon en marcha a web www.dogrisaovielta.gal.

B. L., “Os medios en galego fan festa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 31 xaneiro 2019, p. 13.

Dáse conta da celebración da II Gala dos Medios en Galego, que conmemora a publicación do primeiro xornal en lingua galega, *O Tío Marcos da Portela*. Na gala estarán presentes, entre outros, a cantante Ugia Pedreira, a escritora Eva Mejuto e o debuxante Kiko da Silva.

B. L., “Galaxia reedita ‘O triángulo inscrito na circunferencia’, de Víctor Fernández Freixanes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 9 febreiro 2019, p. 13.

Informa da reedición da primeira novela escrita por Víctor F. Freixanes, *O triángulo inscrito na circunferencia*, orixinalmente publicada en 1982. Esta edición volve ás librarías nunha versión revisada polo propio autor. A obra fora gañadora do Premio Blanco Amor (1982) e o Premio da Crítica (1983) e foi a inauguración da triloxía completada con *A cidade dos Césares* (1993) e *Cabalo de Ouros* (2010).

B. L., “Lucía Aldao falará con Ismael Ramos de ‘Todo isto antes era noite’ en Paz”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 febreiro 2019, p. 10.

Faise eco da presentación que terá lugar na librería Paz de Pontevedra o 16 de marzo na que a poeta Lucía Aldao falará co editor Ismael Ramos sobre o seu libro *Todo isto antes era noite*. Indica tamén que o día 28 se presentará *Fronteira Paraíso*, de Silvia Penas, nun acto no que estará acompañada por Tamara Andrés e Wladimir Vaz.

B. L., “Freixanes, Pemón Bouzas e María Solar analizan o peso do mar na literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 decembro 2019, p. 52.

Informa do parladoiro do Consello da Cultura Galega chamado “A Galicia navegante no imaxinario literario”, no que se reflexionará sobre a presenza do mar na literatura galega. Menciona o mar personificado que podemos ler en novelas coma *O triángulo inscrito na circunferencia*, de Víctor Freixanes; *As luces do Norte*, de Pemón Bouzas; e *Os nenos da variola*, de María Solar.

B. Y., “A Illa celebrará as Letras con dornas, a historia do Céltiga, encontro de corais e sesións de teatro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 3 maio 2019, p. 12.

Recolle a programación posta en marcha polo Concello de A Illa de Arousa para celebrar o mes das Letras Galegas, informando da posta en escena de diversos espectáculos para o público familiar, actuacións de grupos corais ou presentacións de libros. Ademais anuncia a presentación da novela *1306/36* nun acto da man do seu autor.

B. L., “O Escudeiro muestra durante un mes las principales ‘Mulleres Galegas na Historia’”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 4 setembro 2019, p. 9.

Indica que a Casa de O Escudeiro (Meis) acolle a exposición “Mulleres Galegas na Historia”, que consta de dez paneis que ofrecen fotografías e datos biográficos de 17 mulleres fundamentais na historia galega: María Balteira, Inés de Castro, María Castaña, María Pita, María Soliña, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Filomena Dato, Bella Otero, Ernestina Otero, Enriqueta Otero, Maruja Mallo, María Antonia Dans, Julia Minguillón, María Casares, Xela Arias e Rosalía de Castro.

B. L., “Señalizan el ‘Roteiro Cabanillas’ y lo presentan en el Culturgal”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 1 decembro 2019, p. 13.

Informa que o Concello de Cambados inaugura o “Roteiro Cabanillas”, con paneis informativos que percorren lugares da vila vinculados ao autor.

B. L., “Obras creadas en el taller de grabado ilustrarán un libro con motivo de los 140 años de ‘Aires da Miña Terra’”, *Diario de Arousa*, “O Salnés/O Barbanza”, 16 decembro 2019, p. 22.

Dá conta da publicación dun libro para conmemorar o 140 aniversario da publicación de *Aires da Miña Terra*, de Curros Enríquez. Este libro incluíra obras creadas nun taller de gravado no “Museo do Gravado” de Artes (Ribeira).

Baena, A., “O grupo vigués Son Trío, o mellor en musicalizar a Celso Emilio”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 xaneiro 2019, p. 14.

Informa de que o grupo Son Trío, integrado por Katerina Linke (metalófono), Su Garrido Pombo (voz) e Susana Blanco (cello), gañou a segunda edición do Premio Celso Emilio Ferreiro ao musicar o seu poema “Un día”. O grupo declarou que destinará o premio en metálico a costear parte do seu primeiro disco, que levará por título *Miña almiña* e musicará poemas de Rosalía de Castro.

Baena, A., “Pecha a única librería adicada á literatura galega e lusa en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 febreiro 2019, p. 5.

Faise eco do peche da única librería dedicada á literatura galega e portuguesa en Vigo, Andel.

Baena, A., “Emotiva despedida a Andel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 marzo 2019, p. 17.

Explica a homenaxe realizada á librería Andel con motivo do seu peche, nun acto guiado por Pepe Cáccamo, no que participaron Marga do Val, Andrea Costas, Marcos de la Fuente, Clara do Roxo, Cris Amoedo, Silvia Penas, Lucía Novas, Xavier R. Baixeiras, Liliana Villar, Lola Villar, Toñi Caseiro, Iria Bragado e o Premio Nacional de Literatura Xuvenil, Antonio García Teijeiro. Os libeiros, Concha e Xaime Nogueira informan que os fondos que queden seguirán á venda en internet.

Baena, A., “O Manuel Antonio homenaxea ao poeta que lle dá nome”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 abril 2019, p. 11.

Indica que o Centro Integrado de Formación Profesional que leva o nome do poeta Manuel Antonio lle rende homenaxe no 90 aniversario da publicación de *De catro a catro*. Comezará cunha xornada sobre a súa vida e obra a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Luís Axeitos. Logo, presentarase o volume *Manuel Antonio e máis nós*, coordinado por Julio Alonso.

Baena, A., “El festival Kerouac ya en capilla”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 outubro 2019, p. 14.

Recolle datos sobre a presentación da novena edición do festival Kerouac, que xuntará a máis de corenta artistas, entre os que se salienta a participación de Rompente, que dará paso á nova xeración con Silvia Penas.

Baena, A., “Versos y piano dan voz a Rosalía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 novembro 2019, p. 10.

Informa do concerto “A Rosalía. Concerto para piano e voz emocionada”, con composicións baseadas en versos de Rosalía de Castro e nos seis poemas que Federico García Lorca escribiu en galego.

Baena, A., “Homenaxe á muller do mar por Xurxo Souto dende ‘Vigocoruña’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 decembro 2019, p. 14.

Faise eco da presentación do libro *A Gran Travesía de Chiruca Macallás*, de Xurxo Souto en Vigo.

Baena, Ana, “A cor violeta conquista a literatura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 febreiro 2019, p. 9.

Artigo sobre a presenza do feminismo na literatura, no que entrevista á escritora Inma López Silva, autora de *Chámame señora, pero trátame como a un señor*. Responde a preguntas relacionadas coa visión persoal do feminismo que presenta na súa obra, sobre

o feminismo na fala e sobre a situación de cara ás novas xeracións.

Baena, Ana, “As aulas xa teñen nome de muller”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 marzo 2019, p. 13.

Indica que o IES de Teis bautizou as súas aulas co nome das escritoras Rosalía de Castro, Ana María Matute, Isabel de Castro e Andrade, Jane Austen e María Xosé Queizán. Esta actividade insírese no programa “Camiña pola igualdade”, que iniciou bautizando vinte e cinco aulas co nome de vinte e cinco pioneiras.

Baena, Ana , “Una docena de librerías aguanta en Vigo sin aperturas a la vista”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Día del libro”, 24 abril 2019, p. 12.

Informa da celebración do Día do Libro en Vigo, no que destacan as vendas da obra *O último barco*, de Domingo Villar.

Baena, Ana , “As escritoras galegas tamén conquistan as medianeras”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 maio 2019, p. 12.

No marco do proxecto, “Expostas”, Vanesa Álvarez inmortalizou no número 245 da rúa Tomás Alonso de Vigo ás escritoras Inma López Silva, Yolanda Castaño, María Xosé Queizán, Leticia Costas, María Reimóndez e Silvia Penas.

Baena, Ana , “Cinco murales ya suman al arte vigués”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 maio 2019, p. 12.

Faise eco do novo mural situado na rúa Tomás Alonso, en Vigo, no que se inmortalizan seis escritoras galegas en activo: Inma López Silva, Leticia Costas, María Reimóndez, Silvia Penas, Yolanda Castaño e María Xosé Queizán.

Baena, Ana, “Vou promover o consumo das nosas linguas en Manhattan”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 xullo 2019, p. 9.

Indica que Marcos de la Fuente, director do festival Kerouac, se estrea como director de “Open Mic” no Bowery Poetry Club. É esta unha iniciativa que pretende “fomentar a diversidade das nosas linguas, como xa fixemos con Francisco Castro, Malvares de Moscoso, Wöyza ou Álvarez Koki nas pasadas edicións do Kerouac”, segundo afirma o propio Marcos de la Fuente.

Baena, Ana, “Vigo dibuja su mapa literario”, *La Región*, “Galicia”, “Verano”, 22 xullo 2019, p. 22.

Faise eco da iniciativa da biblioteca Neira Vilas de Vigo, que creou un mapa literario da cidade olívica. Entre as obras presentes, están *O último barco*, de Domingo Villar; *A voz*

das Nereidas, de Santiago Lopo; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Amor de tango*, de María Xosé Queizán; *Entre os dous hai un río*, de María Lado e *A vinganza do defunto*, de Carlos Reigosa. Acolle un total de 60 títulos de 38 autores, todos con localizacións en Vigo, repartidas en dez traxectos.

Baena, Ana, “El mapa literario ya tiene imágenes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 xullo 2019, p. 7.

Faise eco da iniciativa da biblioteca Neira Vilas de Vigo, que creou un mapa literario da cidade. Entre as obras presentes, están *O último barco*, de Domingo Villar; *A voz das Nereidas*, de Santiago Lopo; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Amor de tango*, de María Xosé Queizán; *Entre os dous hai un río*, de María Lado e *A vinganza do defunto*, de Carlos Reigosa.

Baena, Ana, “Seis nuevas paradas literarias”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 agosto 2019, p. 9.

Amplía a información sobre a iniciativa da biblioteca Xosé Neira Vilas do mapa literario de Vigo. Indica que o autor que máis se repite nesta tanda é Pedro Feijoo, con *Os fillos do lume* e *Morena, perigosa e romántica*. Engádese *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga; *Amor de Serea*, de Jaureguizar; *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo; e *Oitocentos*, de Xavier Franco Alonso.

Baena, Ana, “Xela Arias, a ‘escachadora’ de palabras con talento e rebeldía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 agosto 2019, p. 8.

Artigo sobre a sexta edición do Día das Galegas nas Letras, no que a plataforma feminista de crítica literaria A Segra rendeu homenaxe a Xela Arias. Recolle declaracións de membros da plataforma nas que explican os motivos polos que se escolleu á poeta e tradutora nacida en Sarria.

Baena, Ana, “Rompen se reivindicó como germen de la poesía moderna”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 outubro 2019, p. 14.

Informa do festival Kerouac de Vigo, no que se reuniu ao grupo Rompen e no que tamén participaron, entre outros, Silvia Penas e Tamara Andrés.

Ballesteros, María, “Lecturas para afrontar lo salvaje”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 24 maio 2019, p. 4.

Artigo con propostas de literatura sobre natureza, no que amenta a Uxío Novoneyra e a presenza do Courel na súa escrita

Balo, Marta e Lucía D. **Bóveda**, “Pontevedra, la más teatrera”, *Diario de Pontevedra*,

“*revista*”, “27 marzo: Día Mundial del Teatro”, 23 marzo 2019, pp. 2-3.

Con motivo do Día Mundial do Teatro, Andrea Bayer, Marta Pazos, Bea Campos e Anxo Lourido ofrecen a súa visión desta manifestación artística que, como profesión ou como hobby, todos viven con paixón.

Baltar, Manuel, “25 de xullo, paixón por Galicia”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 23.

Con motivo da celebración do Día de Galicia, no seu artigo menciona que neste 2019 Ourense gozou da presenza da icónica obra de Castelao, *A derradeira leición do mestre*.

Bará, Milagros, “La Pontevedra de Fray Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Crónicas de Pontevedra”, 8 setembro 2019, p. 6.

Artigo sobre Frei Martín Sarmiento e a súa relación con Pontevedra, no cal menciona as publicacións *O Poeta Marcos da Portela* (1746) e *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1745).

Barciela, Alberto, “Galicia”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 52.

Con motivo do Día de Galicia, explica que temos unha das linguas máis antigas de Europa, que nace a finais do século XII coa poesía dos cancioneros galaico-portugueses e que rexorde no século XIX con Rosalía de Castro. Sobre a paisaxe galega, lembra a Álvaro Cunqueiro, que describía a Galicia como “o país dos mil ríos”.

Becerra, Marta, “A Deputación celebrará por adiantado o Día de Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 febreiro 2019, p. 13.

Dá conta dos actos que terán lugar en Pontevedra para celebrar o Día de Rosalía: unha actuación de Ugía Pedreira e da Banda da Loba e unha lectura na que, ademais de representantes de nove asociacións, participará a poeta Lucía Novas en representación da AELG. Todos os asistentes do acto recibirán un libro de poesía editado pola Deputación Provincial dentro da colección Cíes e unha camelia da variedade Rosalía de Castro, da Estación Fitopatolóxica do Areiro.

Becerra, Marta, “Reivindicando á Rosalía orixinal”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2019, p. 37.

Faise eco da versión que María José Pérez fixo da canción “Malamente” da cantante Rosalía empregando a letra de “Castellanos de Castilla”, de Rosalía de Castro. O título desta versión é “Malaxente”.

Bennassar, Sebastião e André **Abal**, “Cavianacs”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “fóradeserie”, 29 agosto 2019, pp. 4-5.

Reproduce o relato *Caviancas*, de Sebastião Bennassar, de quen tamén aporta breves datos biográficos. O texto preséntase traducido ao galego por André Abal

Berenguela Peleteiro, “O Salón honra a Antonio García Teijeiro no Día da Literatura Infantil”, “Sociedad”, “Vivir aquí”, 3 abril 2019, p. 47.

Faise eco da distinción a Antonio García Teijeiro. Con motivo da conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, o Salón do Libro de Pontevedra, acolleu onte unha homenaxe ao autor cun espectáculo a cargo de María Lado, Lucía Aldao e o Seminario Permanente de Jazz (Po e Xía).

Bernárdez, Andrés, “Llamamiento a la lectura en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño. Louriña”, “Área Metropolitana”, “Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas. Porriño. Mos”, 11 maio 2019, p. 13.

Recolle información do evento que defende e promove a lectura nos centros escolares de Tui, “Tui Le”. Nesta edición, contará coa participación da escritora Iria Misa, autora da obra galardoada co premio Jules Verne de Literatura 2016, *Xa non estou aquí*. Cada centro participante elixiu homenaxear a un autor, entre os que se atopan a propia Iria Misa, Marisa Núñez, Leticia Costas, Agustín Fernández Paz, Chus Pereiro, Antonio García Teijeiro, Final Caslderrey e Anxo Fariña.

Bernárdez, Carlos L, “Terror en Galicia. Colmeiro e a arte de guerra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 698, “Arte”, 31 xaneiro 2019, p. III.

Artigo sobre Colmeiro e as súas representacións da arte da guerra, no que menciona a chegada do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre* a Galicia. Indica que este feito serviu para pór de actualidade as obras de artistas galegos no contexto da Guerra Civil, entendendo así a reedición dos álbums *Atila en Galicia*, *Galicia mártir* e *Milicianos*. Sinala tamén a mostra *Trece estampas da traizón*, de Luís Seoane.

Besteiro, María, “Tres grandes súmanse á Colección Clásicos do Pensamento Universal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 febreiro 2019, p. 37.

Informa dos tres títulos que se suman á colección Clásicos do Pensamento Universal, que coeditan a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación BBVA dende 2002: *Leviatán*, de Thomas Hobbes; *Sobre a liberdade*, de John Stuart Mill; e *Unha breve historia do tempo*, de Stephen Hawking. Na presentación participaron Xosé Luís Barreiro Rivas, Jorge Mira, Darío Villanueva, Antonio López, Silvia Churruca, Juan L. Blanco, José Edelstein e María Xosé Agra.

Blanco, Cristina, “Castaño reivindica la complicidad existente entre la poesía y el cómic”,

El Correo Gallego, “Tendencias”, 7 agosto 2019, p. 31.

Faise eco da reivindicación da complicidade entre poesía e cómic da man de Yolanda Castaño, que participa no XXII Salón do Cómic Viñetas dende o Atlántico, presentando a súa obra *O puño e a letra* (2018). Recolle tamén información doutras actividades inseridas nesta nova edición do evento.

Blanco, Lara, “A poesía recorre o Camiño”, *La Región*, “Ourense”, 11 outubro 2019, p. 9.

Informa do comezo da residencia artística “Ameto Mítico”, promovida pola Fundación Uxía Novoneyra e o Xacobeo 2021, na que participan cinco poetas de diversos puntos do mundo, entre eles, Fátima N. Delgado.

Blanco, Lara, “Las charlas TED llegan a Ourense con Nós en el espejo”, *La Región*, “Ourense”, 31 outubro 2019, p. 15.

Faise eco da chegada das charlas TED a Ourense o 30 de novembro, e segundo Daniel Diéguez, un dos organizadores, non chegan de xeito casual: “Se va a cumplir el centenario de la Xeración Nós, por ello hemos decidido recuperar su forma de pensar, de ver el futuro”.

Blanco, Lara, “A mostra de Blanco Amor presenta o seu catálogo”, *La Región*, “Ourense”, 17 decembro 2019, p. 12.

Informa da clausura da exposición “Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco Amor” no Centro Cultural Marcos Valcárcel. Na clausura, presentouse un catálogo que recolle todo o exhibido na mostra.

Blanco, M. X., “Ana Romaní reivindica o poder da escoita, da muller e da lingua galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 abril 2019, p. 36.

Faise eco do ingreso de Ana Romaní na RAG cun discurso no que reivindica o papel da muller e da lingua galega.

Blanco, Xabier R., “En el coche fúnebre de Castelao”, *La Región*, p. 37/ *Atlántico Diario*, p. 25, “Galicia”, 27 xaneiro 2019.

Informa do fito que supuxo a chegada dos restos de Castelao a Galicia por iniciativa de Camilo Nogueira 34 anos logo de morrer en Bos Aires. Dá conta do falecemento de Fernando Palleiro, sacerdote que adquiriu o compromiso de acompañar os seus restos mortais en todo momento e oficiar a misa.

Blanco, Xabier R., “Rosalía y Breogán”, *La Región*, “Galicia”, 27 xaneiro 2019, p. 36.

Dá conta da iniciativa promovida pola Agrupación Astronómica Ío para que a estrela HD 149143 se chame Rosalía e o seu exoplaneta leve o nome de Sar.

Blas, Ceferino de, “Y las Cíes se llenaron de poesía un día de julio. En el vapor ‘Vigo’ embarcó el mayor número de poetas que jamás se ha reunido en Galicia”, *Faro de Vigo*, “*Los poetas descubren Cíes. 65 aniversario del II Congreso Internacional de Poesía*”, 27 xullo 2019, pp. 1-3.

Rememora o 27 de xullo de 1954, cando o centenar de poetas que participaban no III Congreso Internacional de Poesía, embarcaron en Vigo rumbo ás Illas Cíes. Relata a viaxe e salienta que durante o recorrido no vapor “Vigo” se homenaxeou a Martin Codax.

Blas, Ceferino de, “Galicia, sede del III Congreso Internacional de Poesía”, *Faro de Vigo*, “*Los poetas descubren Cíes. 65 aniversario del II Congreso Internacional de Poesía*”, 27 xullo 2019, pp. 4-5.

Crónica do III Congreso Internacional de Poesía celebrado en Galicia no 1954, na que amenta a homenaxe que se realizou a Rosalía de Castro e a Gómez Charino e na que salienta a elevada participación de mulleres respecto aos anteriores congresos. Indica que os poetas pontevedreses recibiron aos congresistas na Praza de España o 24 de xullo e ofreceron un recital da man de Herminia Fariña, Aurora Vidal, Emilio Álvarez Negreira, Filgueira Valverde, Cuña Novás e José María Castroviejo, pechando o acto Iglesia Alvariño cun poema propio logo de ter recitado a Amado Carballo, Lolita Filgueira, Juan Bautista Andrade e Aurorita Vidal.

Blas, Ceferino de, “Anécdotas, ausencias y un opúsculo. En Compostela se encontraron varios de los poetas del famoso grupo ‘Cántico’”, *Faro de Vigo*, “*Los poetas descubren Cíes. 65 aniversario del II Congreso Internacional de Poesía*”, 27 xullo 2019, p. 6.

Lembrando o III Congreso de Poesía do 1954, menciona o encontro en Compostela de varios dos poetas do famoso grupo “Cántico” e salienta como ausencia máis destacábeis a de Álvaro Cunqueiro

Blas, Ceferino de, “Las interpretaciones políticas de los Congresos de Poesía. El de Compostela incrementó la relación catalano-galaica”, *Faro de Vigo*, “*Los poetas descubren Cíes. 65 aniversario del III Congreso Internacional de Poesía*”, 27 xullo 2019, p. 8.

Artigo sobre o III Congreso de Poesía, celebrado en Santiago de Compostela en 1954, que incrementou a relación catalá-galaica. Céntrase nos autores que escribiron sobre o encontro nas súas respectivas memorias, Tomás Garcés e Joan Fuster, con dúas versións políticas do Congreso.

Blas, Ceferino de, “¿Quién es quién de los poetas de Cíes? En el elenco figuran cuatro

premios Cervantes, un Príncipe de Asturias de las Letras y numerosos Premios Nacionales de Literatura y académicos”, *Faro de Vigo*, “*Los poetas descubren Cies. 65 aniversario del III Congreso Internacional de Poesía*”, 27 xullo 2019, pp. 10-15.

Artigo do 65 aniversario do III Congreso Internacional de Poesía celebrado en xullo do 1954, no que se trasladou aos participantes ás Illas Cíes. Repasa o elenco de participantes que acudiron e as súas aportacións, agrupándoos segundo a súa procedencia: o grupo de Madrid, o grupo catalán, o protectorado de Marrocos, o grupo de Andalucía, outras rexións, os hispanoamericanos, os europeos e os galegos. Canto aos galegos, amenta a José María Castroviejo Blanco-Cicerón, Carlos París Amador, Isidoro Muiños, Aquilino Iglesias Alvariño, José Díaz Jácome, Pura Vázquez Iglesias, Miguel González Garcés, Beatriz Domínguez, Miguel Cuña Novás, Manuel María Fernández Teixeiro, Bernardino Graña Villar, Celso Emilio Ferreiro Míguez, José María Álvarez Blázquez, Emilio Álvarez Blázquez, Ramón González-Alegre Válgoma, Faustino Rey Romero, Rafael Melero, Pedro Díaz Álvarez, José Alejandro Cribeiro, Mary Carmen Kruckenberg Sanjurjo, Carlos Polo e Benedicto Conde González.

Borrazás, Mauro, “El libro de ocasión vuelve a la alameda”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 21 xullo 2019, p. 11.

Faise eco da celebración da Feira do Libro Antigo en Vigo até o día 4 de agosto.

Borrazás, Mauro, “Viejas lecturas a preciosa aceptables”, *La Región*, “Galicia”, “Verano”, 21 xullo 2019, p. 28.

Informa da nova edición da Feira do Libro Antigo e de Ocasión na Praza de Compostela en Vigo.

Bran, Vanesa, “Máis de 5.000 persoas visitaron o museo Manuel María no 2018”, *El Progreso*, “Comarcas”, 14 febreiro 2019, p. 16.

Dá conta do elevado número de visitas ao museo de Manuel María, que durante o ano 2018 acolleu numerosas actividades culturais: actuacións de Cándido Pazó e Elefante Elegante, lecturas de obras de Santiago Lopo, María Solar, Manuel Núñez Singala, Xabier P. Docampo, Marica Campo e Miguel Anxo Prado e recitais de Rosalía de Castro, entre outros.

Bouza, Olalla, “O literario pregón de Marcos Calveiro dará inicio a un San Roque familiar e cheo de actos para non perder”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía/ Ulla.Umia” 25 xullo 2019, p. 7.

Indica que o autor do libro que colocou a Vilagarcía en todas as librarías, *O xardineiro dos ingleses*, Marcos Calveiro, será o encargado do pregón das festas de San Roque.

Bouza Álvarez, José Luis, “Sobre poesía popular”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “El análisis”, 10 setembro 2019, p. 2.

Análise na que recolle algunhas coplas inéditas que foi atopando en santuarios galegos. Afirmar que, na poesía galega, a obra do seu pai, Fermín Bouza Brey, ao igual que a da súa xeración española nos anos 20, estivo influída pola literatura medieval e popular galega. Recolle os seus versos sobre o faro de Corrubedo como exemplo.

Bouzas, Belén, “Vermú literario”, *Sermos Galiza*, n.º 376, “fóradeserie”, “alí estaremos”, 12 decembro 2019, p. 7.

Indica que o 14 de decembro, ás 12.30 horas, na Librería Paz, o “vermú entre libros” acollerá á poeta María do Cebreiro, que conversará co tamén poeta Ismael Ramos.

Burgoa, Juan José, “Bieito Cupeiro Vázquez”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Gentes que hicieron Ferrol”, 26 maio 2019, p. 11.

Artigo sobre o mestre e escritor nacionalista Bieito Cupeiro Vázquez, que publicou *Xornes* (1987) e *A Galiza alén do mar* (1989), ambas obras publicadas por Isaac Díaz Pardo na súa editorial coruñesa de O Castro.

C. A., “El Concello de Vilalba y Culturalia GZ organizan el 21 el Día da Poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 marzo 2019, p. 24.

Faise eco da celebración do Día da Poesía organizada polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ, cun recital de poemas e no que participará o grupo poético musical Corredores de Sombra.

C. M., “O Ateneo presenta un documental sobre o profesor Alonso Montero”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 1 febreiro 2019, p. 22.

Dá conta da proxección no Ateneo Santa Cecilia do documental “Cidadán Alonso Montero, o mestre das palabras”.

C. M., “Unha dorna de libros, un mar de ilusións’ repartirá hoy más de 800 libros usados”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 21 abril 2019, p. 19.

Informa do evento “Unha dorna de libros, un mar de ilusións”, organizado pola Asociación de Mulleres Intercambio do Saber de Marín.

C. L., “Rianxo reivindica a la mujer en la poesía rosaliana”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 27 febreiro 2019, p. 17.

Faise eco do acto que tivo lugar en Rianxo para reivindicar o papel da muller como personaxe protagonista na poesía de Rosalía de Castro. Nel, alumnado do IES Félix Muriel e o CEIP Castelao recitaron versos da autora e doutras poetas como Yolanda Castaño e Helena Villar.

C. P. R., “La Diputación financiará la redacción del proyecto para la casa de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 xaneiro 2019, p. 13.

Informa de que a Deputación de Lugo reservou nos seus orzamentos unha partida de dez mil euros destinada a financiar a redacción do proxecto de rehabilitación da casa natal de Xosé María Díaz Castro, na aldea de O Vilariño (Guitiriz), que o poeta legou á asociación cultural Xermolos.

C. P. R., “La Diputación compromete su apoyo para rehabilitar la casa natal de Díaz Castro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 29 xaneiro 2019, p. 11.

Infórmase da ratificación do convenio de colaboración a través do que a Deputación de Lugo subvencionará a rehabilitación da casa natal de Xosé María Díaz Castro en Os Vilares, Guitiriz.

C. P. R., “Alfonso Blanco e a súa ‘verba total’ entran no Paseo dos Soños de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 febreiro 2019, p. 23.

Describe o Hectómetro Literario, parte do Paseo dos Soños de Vilalba, que homenaxea a Paco Martín, Manuel María, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Darío Xohán Cabana, Xosé Manuel Carballo, Margarita Ledo, Villar Janeiro, Rábade Paredes, Xulio Xiz e Alfonso Blanco.

C. P. R., “Vecinos de siete parroquias de Guitiriz homenajean a Alfonso Blanco el día 19”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 febreiro 2019, p. 21.

Informa da homenaxe Alfonso Blanco o día 19, na que se recoñece como Fillo Adoptivo de Guitiriz

C. P. R., “Culturalia GZ y la asociación vecinal de Pino programan diversos talleres”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 setembro 2019, p. 22.

Faise eco da serie de talleres “O universo das letras”, impartidos por Martiño Maseda da man da Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino e Culturalia GZ. O taller poético ten o título “Somos versos e emocións”; e, o de narrativa, “A prosa imaxinaria”.

C. P. R., “Imaxes e palabras” recoge fragmentos de 40 autores premiados en Begonte”, *El Progreso*, “Comarcas”, 3 decembro 2019, p. 14.

Dá conta da exposición “Imaxes e palabras”, na que se recollen fragmentos de poemas de 40 autores premiados nalgunha das edicións do certame de poesía do Nadal de Bergonte, xunto a textos doutros escritores como Xosé Otero Canto, Marica Campo, Carlos López ou Martiño Maseda.

Cadenes, Núria e André **Abal**, “Hi-Hi-Hi-Hiiih...!”, *Sermos Galiza*, n.º 362, “*fóradeserie*”, 5 setembro 2019, pp. 2-3.

Recolle o texto *Hi-Hi-Hi-Hiiih...!*, da autoría de Núrica Cadenes, vertido ao galego da man de André Abal.

Cano, Harkaitz e Isaac **Rubín**, “A vida do escritor”, *Sermos Galiza*, n.º 358, “*Caderno de Verán*”, n.º 46, “Un verán en Galeusca”, 8 agosto 2019, pp. 4-5.

Reproduce o relato *A vida do escritor*, de Harkaitz Cano, sobre o cal tamén ofrece uns breves datos biográficos. O relato preséntase traducido ao galego por Isaac Rubín.

Cano, M., “Susana Sánchez presenta ‘Carne da minha carne’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 8 xuño 2019, p. 31.

Informa da presentación na casa da cultura Antón Avilés de Taramancos de Noia o día 8 de xuño do libro *Carne da minha carne*, de Susana Sánchez Arins.

Cano, María, “Miguel Hernández, en gallego gracias a los mayores noieses”; *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”; 10 marzo 2019, p. 34.

Faise eco de que nunha visita de noieses á fundación Miguel Hernández se solicitou que se traducise o poema *Ventos del pueblo gallego*, recitado por Manola Barreiro.

Cano, Rosa, “Ana Romaní, a voz feminista na RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 abril 2019, p. 39.

Informa do ingreso de Ana Romaní na Real Academia Galega reivindicando a escoita na creación poética e no xornalismo.

Cano, Rosa, “Recitado de Rosalía no Día Europeo das Linguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 setembro 2019, p. 39.

Con motivo do Día Europeo das Linguas, a Xunta de Galicia celebrou un acto nos soportais do Museo das Peregrinacións no que diferentes persoas procedentes de Europa recitaron poemas de Rosalía nas súas linguas. No acto participaron Valentín García, Miguel Ángel Santalices, Xosé Manuel Núñez Seixas, Antonio López e Anxo Angueira.

Calveiro, Patricia, “Desde esta nave de Padrón salen las luces de Navidad para media Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 24 decembro 2019, p. contracuberta.

Indica que Luz Fandiño participará nun encontro benéfico de músicos, actrices e poetas en favor da Campaña de Nadal da Coordinadora do barrio de Vite.

Calveiro, P., “Chévere gestó el proyecto de la Sala Nasa en el Atlántico, era su oficina”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 2 setembro 2019, contracuberta.

Artigo sobre as orixes da Compañía Chévere, que no 2014 foi galardoada co Premio Nacional de Teatro.

Carreira, Nicolás, “Doce mulleres bailando e ánforas cheas de viño son a orixe da editorial Ámboa”, *El Progreso*, “Vivir”, 8 agosto 2019, p. 47.

Explica as orixes da editorial Ámboa, cuxo futuro inmediato é a distribución da obra *Fulgor*. Nieves Neira, cofundadora, declara que lle gustaría traballar tamén coa obra de Uxío Novoneyra e Chus Pato.

Carrera, Rosé, “O peche de Andel non é só do libro en galego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 febreiro 2019, p. 11.

Informa do peche da librería Andel, a última gran librería dedicada en exclusiva á literatura en galego e portugués.

Carrera, Rosé, “La Feira do Libro disfruta con su nueva ubicación en Príncipe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 xuño 2019, p. 7.

Artigo sobre a Feira do Libro en Vigo no que se apunta que os libros máis vendidos en galego son *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; seguido de *O último barco*, de Domingo Villar; e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijóo. Tamén sinala que a feira acolle numerosas presentacións e actos culturais, nos que participarán, entre outros, Xurxo Souto, autor de *A gran travesía de Chiruca Macallás*.

Carro A., “Historietas y personajes conquistan la ciudad”, *La Opinión*, “A Coruña”, 6 agosto 2019, p. 7.

Informa sobre a última edición de Viñetas dende o Atlántico, dirixido por Miguelanxo Prado. No festival terán lugar exposicións, talleres e celebrarase o 90 aniversario de Tintín. A poeta Yolanda Castaño presentará o seu libro *O puño e a letra* e exhibirase a obra galardoada co Premio Castelao de Banda Deseñada, *Canción para afundir flores no mar*, de Oliver Añón.

Carro, Ana, “Tintín cumple sus 90 años en Viñetas dende o Atlántico”, *La Opinión*, “A Coruña”, 31 maio 2019, p. 8.

Recolle a programación de Viñetas dende o Atlántico, onde Yolanda Castaño presentará a súa obra *O puño e a letra* (2018) e se expoñerá, entre outros, a obra galardoada co Premio Castelao de Banda Deseñada, *Canción para afundir flores no mar*, de Oliver Añón.

Casalderrey, Fina, “Rigorosamente humano”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, p. 45/ *La Voz de Galicia*, “Cultura”; “Obituario”, “Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932-2019)”, p. 36, 10 outubro 2019.

Fina Casalderrey faise eco do pasamento de Manuel Álvarez Torneiro, lembrándoo como a figura que acadou o primeiro Premio Nacional de Poesía na nosa lingua e a quen considera un poeta rigorosamente humano. Rememora lembranzas con el e repasa a súa traxectoria. Afirmar que “unha boa homenaxe será deixar que os seus versos nos golpeen no peito para sentir, como de nenos sentiamos os foguetes das festas, unha mestura de dor e gozo; escoitarmos a música que vai canda eles”.

Casteleiro, Patricia, “Cuando los escritores son lectores”, *Diario de Pontevedra*, “*revista*”, n.º 966, “Reportaje”, “Lecturas”, 6 xullo 2019, p. 4.

Recolle as recomendacións dos autores que presentan obras durante a celebración da Feira dos Libros de Pontevedra. Francisco Castro recomenda o ensaio *Chámame señora, pero trátame como un señor*, de Inma López. Eva Mejuto aposta pola novela *Infamia*, de Leticia Costas. Leticia Costas escolle a novela *Penumbra*, a primeira obra de Daniel Landesa. E finalmente Fina Casalderrey propón as obras *Rafael Dieste. O libre pensamento*, un ensaio de Luís Rei Núñez, e *Versos viceversos*, un poemario infantil de Antonio García Teijeiro e Juan Carlos Martín Ramos.

Castro, Uxía, “Eles gobernan, elas aman”, *Sermos Galiza*, n.º 334, “Sociedade”, 14 febreiro 2019, pp. 6-7.

Artigo sobre a presenza do amor romántico nos novos xeitos de amar no que se recollen as reflexións das autoras de *ám@me*, Amada Traba e Chis Oliveira.

Castro, Xavier, “O viño nas duras invernías”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad”, 27 decembro 2019, p. 29.

Nunha columna na que fala sobre o viño e o inverno, menciona a peza teatral de Armando Cotarelo Valledor, *Beiramar*, publicada en 1931 na que se manifestaba a función que desempeñaba o viño na vida dos mariñeiros.

Castro, Xavier, “Lareira de Soños y NPG animan a crear poemas para salvar los frescos de la iglesia de Os Vilares”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 outubro 2019, p. 17.

Indica que a asociación sociocultural Lareira de Soños e o grupo Nova Poesía Guitirica lanzaron unha campaña de creación poética para que se restauren os frescos da igrexa de Os Vilares. Os poemas deben incluír os versos: “Salvemos os frescos dos Vilares, frescos dos Vilares, V séculos de nós”. As creacións serán publicadas nas redes sociais e serán enviados á Consellería de Cultura, á Deputación de Lugo e ao Concello de Guitiriz.

Castro López, José, “Galicia, sempre”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, pp. 26-27.

Artigo con motivo da celebración do Día de Galicia no que parafrasea a Neira Vilas, indicando que se fixo que Galicia fora durante máis de corenta anos unha mestura de lama e fume.

Cid, Xiana, “Otero Pedrayo, o escritor que foi xornalista en *La Región*”, *La Región*, “Ciudad”, 6 abril 2019, p. 18.

Informa do arranque do Abril Oteriano, que se inaugurou coa presentación do libro *Del Orense antiguo y otras colaboraciones. Ramón Otero Pedrayo y La Región I (1958-60)*.

Cid, Xiana, “La lluvia no puede con la fuerza de las palabras”, *La Región*, “Ciudad”, 24 abril 2019, p. 9.

Faise eco da celebración do Día do Libro en Ourense na que, entre as moitas ofertas de libros presentadas aos lectores, o maior éxito de vendas foi *O último barco*, de Domingo Villar.

Cid, Xiana, “Mientras teña alento para protestar, fareino”, *La Región*, “Ciudad”, 8 xuño 2019, p. 14.

Artigo en homenaxe a Luz Fandiño, que o 29 de xuño recibirá o XI Premio Freire Carril, no que repasa a súa traxectoria.

Cid, Xiana, “A voz aínda viva de Blanco Amor”, *La Región*, “Ciudadanos”, 3 decembro 2019, p. 16.

Informa do corenta aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor, que se celebrou lembrando a súa figura, o seu vínculo con Ourense e a súa pegada na historia e literatura galegas.

Conde, Alfredo, “De acordo no esencial”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, pp. 20-21.

Lembra como en 1936, catro ou cinco rapaces lle pediron a Filgueira Valverde unha aula do instituto para celebrar o 17 de maio o seu primeiro Día das Letras Galegas.

Constenla, José Antonio, “Vivir en Galicia”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 57.

Nun artigo con motivo da celebración do Día de Galicia, cita a Castelao: “el gallego no protesta, emigra”.

Constenla, Tereixa, “La maldad no tiene derecho al anonimato”, *El País*, “Cultura”, 28 abril 2019, p. 43.

Fai alusión á versión en castelán de *Seique*, de Marilar Aleixandre.

Corbelle, Sabela, “La catedral exhibirá ‘joyas’ del origen de la Ofrenda del Antiguo Reino de Galicia”, *El Progreso*, “Lugo”, 22 xuño 2019, p. 9.

Informa sobre a mostra “Gallaecia Regnum”, que recolle 35 pezas do Museo Catedralicio e que demostran o vínculo do Antigo Reino de Galicia con Lugo. A mostra inaugurarase o 28 de xuño na capela de San Froilán e acolle, entre outras, unha Real Cédula, a custodia de Castejón; un libro de actas capitulares, e outro da cofradía de Santiago.

Costa, Xoán, “Khédija Gadhoun”, *Sermos Galiza*, n.º 340, “*fóradeserie*”, “das africanas praias”, 28 marzo 2019, p. 5.

Recolle a tradución dos poemas titulados “Unha ribeira para soñar”, “Panacea” e “A rosa do deserto” realizada por Xoán Costa a partir dos orixinais en inglés da escritora Khédija Gadhoun, da que achega breves datos da súa biografía.

Costa, Xoán, “Tanella Suzanne”, *Sermos Galiza*, n.º 348, “*fóradeserie*”, “Das africanas praias”, 30 maio 2019, p. 8.

Xoán Costa recolle datos biográficos de Tanella Suzanne Boni e ofrece a tradución ao galego dos seus poemas “Esta palabra dita”, “Non é unha amiga que canta”, e “Nomes para tecer palabras”.

Costa, Xoán, “Titilope Sonuga”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “*fóradeserie*”, “das africanas praias”, 17 outubro 2019, p. 8.

Achega algúns datos biográficos de Tanella Suzanne Boni e ofrece a tradución ao galego dos seus poemas “Osos” e “Ícaro”.

Costa, Xoán, “El libro brilló en O Barco y Viana”, *La Región*, “Valdeorras”, 28 abril 2019, p. 28.

Faise eco da feira do libro nas vilas de Viana do Bolo e o Barco de Valdeorras, nas que se presentarán o espectáculo de poesía e música *Detéxtonos*, de Xabier Xil e Leo i Arremecaghona e o libro *Retrincos do meu ser*, de Nieves Fernández Vidueira.

Costa, Xoán, “Las barquenses aprenden a defenderse con el kárate”, *La Región*, “Valdeorras”, 23 novembro 2019, p. 22.

Indica que, no marco das actividades promovidas pola Consellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade de O Barco de Valdeorras, se celebrará un coloquio con María Reimóndez, en torno a “Ler o mundo en negro: Literatura galega e feminismo”.

Costas, Lucía, “La terapia del teatro en Mos”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Porriño. Mos”, “Louriña”, 8 setembro 2019, p. 15.

Artigo sobre o Grupo de Teatro en Igualdade de Mos, creado no 2011 a través dun curso dirixido polo concello da localidade.

Cota, Rodrigo, “La Galicia sumergida”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 955, “Reportaje”, 30 marzo 2019, p.6.

Nun artigo sobre cidades somerxidas, lembra que abordaron este asunto Sarmiento, Murguía, Cunqueiro e Otero Pedrayo.

Coto, Arsenio, “María Reimóndez apela ás mulleres pra acadar ‘o cambio necesario’”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2019”, 7 outubro 2019, pp. 2-3.

No programa de celebración do San Froilán, no Domingo das Mozas, a escritora e activista María Reimóndez realizou unha ofrenda a Rosalía de Castro facendo un chamamento contra a violencia de xénero e a prol da lingua galega. Indica que Reimóndez, sen mencionar o nome do homenaxeado no Día das Letras Galegas, se referiu de xeito crítico a el por “deixar escrito en sisudos estudos a máis importante valoración dunha escritora: que eras fea”.

Crisanta Pilhado, Teresa, “Quem quis Carvalho Calero? Quem o quer?”, *Sermos Galiza*, n.º 345, “A fondo”, n.º 217, 9 maio 2019, p. 3.

Artigo sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero no que analiza os posíbeis motivos que xeran rexeitamento en varios sectores, entre os que salienta a misoxinia, a súa posición privilexiada que lle permitía escoller os autores que entraban no canon e cales non e a súa militancia no reintegracionismo.

Cruz, José, “Poesía y emigración en el Encontro de Poetas rúes”, *La Región*, “Valdeorras”, 17 marzo 2019, p. 28.

Informa da 11ª edición do Encontro de Poetas nas instalacións de Adegas Melillas, en A Rúa. Participaron autores galegos e bercianos, xunto co alumando do instituto Cosme López Rodríguez.

Cruz, Juan, “Mariposa de la noche republicana”, *El País*, “Cultura”, “Librería”, 30 decembro 2019, p. 30.

Lembra a película *La lengua de las mariposas*, dirixida por José Luís Cuerda e protagonizada por Fernán Gómez, lembrando que a colección de contos *Que me queres amor?* se publicou en 1994 en galego.

Cuadrado, María, “Galicia estrena el museo de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2019, p. 35.

Faise eco da apertura en Mondoñedo da casa-museo Álvaro Cunqueiro, que se inaugurará o 1 de marzo, froito do proxecto para divulgar e investigar sobre a obra do escritor.

Cuíña, Sandra, “Gran éxito da festa polo 50 aniversario da librería Couceiro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 marzo 2019, p. 27.

Recolle información sobre a celebración polo 50 aniversario da librería Couceiro de Santiago de Compostela, na que se agasallou a todos os asistentes cun bolo de pan e un exemplar de *Picadillo*.

D. A., “O maior escaparate da Cultura galega renóvase e agarda 15.000 visitantes”, *Diario de Arousa*, “Comarca”, 30 novembro 2019, p. 7.

Informa da inauguración da duodécima edición do CulturGal, feira promovida pola Asociación CulturGal, que engloba á súa vez as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Empresa Galega), Asociación Galega de Artes Musicais (AGEM), Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

Docal, Iván, “A poesía e a música máis íntima”, *La Región*, “Agenda”, 21 febreiro 2019, p. 18.

Informa do espectáculo *Homenaxe aos poetas*, do cantautor Manoele de Felisa, que musicou poemas de Roberto Blanco Torres, María Mariño, Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Neira Vilas.

Docal, Iván, “Os recordos de abrente”, *La Región*, “Agenda”, “Exposición”, 6 setembro 2019, p. 22.

Sinala a inauguración no Museo Etnolóxico de Ribadavia da mostra que presenta a “Colección Abrente. Arte galega no desafío cultural dos 80”. A comisaria, Sabela Fraga Costas, sinala que esta mostra pretende amosar con esta colección a vida de Abrente moito máis alá da Mostra de Teatro Galego.

David, Juan, “Castelao e Prada: Irmaus!” unha gran exposición para a ‘Atenas de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 marzo 2019, p. 50.

Informa sobre a mostra “Castelao e Prada: Irmaus!”, que inclúe a exposición do cadro *A derradeira lección do mestre*. Na presentación, Ramón Baltar, salientou que Castelao, Bóveda e Prada, con Otero e Cuevillas, “sentaron os alicerces do centenario de Nós, porque cremos no galeguismo sen epítetos nin apelidos, e porque temos o deber de honrar a todos os bos e xenerosos”.

Delgado, Carla, “Mapa Literario de Vigo, el viaje hacia un premio”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 22 outubro 2019, p. 4.

Faise eco da distinción que acadou a biblioteca viguesa Neira Vilas, o Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia, outorgado pola Xunta, pola creación do “Mapa Literario de Vigo”, que guía ao lector a través de dez liñas imaxinarias de metro con paradas ambientadas en Vigo. Entre os títulos deste mapa están *A ira dos mansos*, *Amor de serea*, *O club da calceta*, *A praia dos afogados* e *A chave da Atlántida*.

Díaz, Noelia, “Arteixo celebra los 30 años de sus bibliotecas con una ruta literaria”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 25 xuño 2019, p. 14.

Lembra o 30 aniversario da Rede Municipal de Bibliotecas de Arteixo, que celebrará o acontecemento cun roteiro o día 30 no que as obras *Das horas de María*, de Paco Souto; *O retorno dos homes mariños*, de Xurxo Souto; *Golpes de mar*, de Antón Castro; e *Crónicas de Arteixo* e *De Liverpool a Sisargas*, de Xabier Maceiras, este último encargado de conducir o acto, serán as narracións que se empregarán para ilustrar o itinerario.

Díaz Sixto, Xulia, “Na procura da esperanza”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 77.

Artigo a propósito da celebración do Día de Galicia no que cita a Castelao cando atribúe a esa “moitedume de luciñas que representa o povo, que nunca nos traicionou, a enerxía coletiva, que nunca perece, a esperanza, que nunca se cansa. Esa infinida moitedume de luciñas e vagalumes representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre”.

Doallo, María, “Una cita a ciegas con el mundo sensorial’ de Carlos Velo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 outubro 2019, p. 31.

Informa da presentación organizada polo Festival Internacional de Cine de Ourense na que se presentaba unha nova publicación: *Memoria erótica*, de Carlos Velo. Trátase dunha obra con textos do autor en castelán cunha versión que se publicara en galego en 1988.

Doallo, María, “Una muestra del legado de Blanco Amor ‘un home en primavera permanente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 decembro 2019, p. 39.

Con motivo do corenta aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor, a fundación que leva o seu nome presentou a exposición “Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco Amor”, na que se exhibe parte da bibliografía do autor e 26 ilustracións da man de Siro.

Dobarro, Xosé María, Xosé Manuel **Pazo**, Bernardo **Máiz** e Vitor **Santalha**, “Reivindicamos Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Opinión”, 22 xuño 2019, p. 11.

Artigo con motivo da candidatura de Ricardo Carvalho Calero para o Día das Letras Galegas no que defenden a súa figura e afirman que o seu pensamento e figura van alén da homenaxe. Salientan que publicarán, da man da editorial Embora, un libro que levará o título *Hei de entrar no meu povo. Reivindicamos Carvalho Calero*.

E. F., “O legado do autor de ‘A esmorga’, no Valcárcel”, *La Región*, “Ourense”, “Aniversario Blanco Amor”, 1 decembro 2019, p. 15.

Indica que o Centro Cultural Marcos Valcárcel inaugurou a exposición “Pervivencia e actualidade de Blanco Amor”.

E. P., “Poetas Di(n)versos retoma este luns a súa programación no coruñés Ágora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 xaneiro 2019, p. 39.

Informa da celebración de recitais poéticos no marco do ciclo Poetas Di(n)versos, cuxo programa de inverno estará dedicado á lusofonía. Participarán nos recitais, entre outros, Valter Hugo Mae, Beira Duarte e Andrew McMillan, ademais de voces galegas como Miguel Anxo Murado, Gonzalo Hermo e Lucía Novas.

E. P., “Galaxia reedita ‘O triángulo inscrito na circunferencia’, primeira novela de Freixanes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xaneiro 2019, p. 38.

Presenta a reedición revisada polo autor publicada en 2018 da obra *O triángulo inscrito na circunferencia*, a primeira novela escrita polo actual presidente da Real Academia

Galega, Víctor F. Freixanes. A obra foi distinguida co Premio Blanco Amor (1982) e o Premio Nacional da Crítica (1983).

E. P., “Muere el poeta Manuel Vilanova, renovador de la lírica gallega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 marzo 2019, p. 38.

Faise eco do pasamento de Manuel Vilanova, repasando a súa traxectoria literaria en galego e castelán nos distintos xéneros que cultivou. Salienta a súa obra *E direivos eu do mister cobras*, considerada por escritores como Álvaro Cunqueiro, Varela Jácome, Fernández del Riego ou Xosé María Álvarez Blázquez como o poemario máis innovador da lírica galega contemporánea.

ECCG, “Ata 349 citas culturais na Rede Galega de Teatros”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xaneiro 2019, p. 36.

Informa de que a primeira carteleira semestral de 2019 da Rede Galega de Teatros e Auditorios ofrecerá ao público 349 citas culturais, entre as que se atopan estreas de compañías teatrais galegas como Colectivo Verticalia, Estudio Momento, Malasombra Produccións, Licenciada Sotelo, Os Monicreques de Kukas, Os Náufragos, Produccións Teatrais Excéntricas, Redrum Producciones e Talía Teatro.

ECCG, “Asistentes al homenaje a Díaz Pardo en Boisaca critican la ‘desaparición’ del alcalde”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 xaneiro 2019, p. 20.

Faise eco do incidente que se produciu na homenaxe a Isaac Díaz Pardo no cemiterio compostelán de Boisaca. Un encargado do camposanto comunicoulles que non estaba permitido e chamou á policía local. Os axentes reclamaron a documentación a un dos organizadores, o profesor e escritor Xesús Alonso Montero. Finalmente, a través do concelleiro Jorge Duarte, os asistentes conseguiron pórse en contacto co edil de Seguridade, Xan Duro, que deu vía libre para que se celebrase o acto.

ECCG, “Alcalde de Honra y Fillos Adoptivos y Predilectos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 xaneiro 2019, p. 20.

Informa da cerimonia, celebrada no Auditorio de Galicia, de entrega de títulos de Alcalde de Honra a Ánxel Casal Goxende; Filla Predilecta, a Xohana Torres; Fillos Predilectos, a Bibiano Morón Giménez e Benedicto García Villar; Filla Adoptiva, a Begoña Caamaño Rascado, e Fillo Adoptivo, a Federico García Lorca.

ECCG, “Inauguran unha exposición sobre o patrimonio literario de Galicia e Portugal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xaneiro 2019, p. 23.

Recolle información sobre a inauguración na Cidade da Cultura da exposición *Bibliotecas no espello, unha viaxe polo libro e a literatura a través das edicións facsímiles*, na que se amosan edicións facsimilares de obras literarias de Galicia e o Norte de Portugal dende

o século XI até a actualidade. A mostra está comisariada por Ignacio Cabano, técnico da Biblioteca de Galicia, e Ana Araujo, técnica da Dirección Regional de Cultura do Norte.

ECG, “Compilan la poesía de Samuel Eiján, un religioso franciscano natural de Ourense”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 xaneiro 2019, p. 37.

Informa da publicación da *Poesía reunida* do relixioso franciscano Samuel Eiján, recompilada por Francisco Leira e Armando Requeixo, e da xornada en torno a este persoeiro celebrada en Santiago, onde Víctor F. Freixanes reivindicou a importancia da súa figura.

ECG, “Propoñen un Roteiro Rosaliano para dar a coñecer a historia e dinamizar o comercio”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 febreiro 2019, p. 21.

Faise eco da proposta para cambiar de lugar o monólito de Rosalía de Castro situado no ensanche compostelán para darlle máis visibilidade.

ECG, “Xornada hoxe en Santiago falando de Luisa Villalta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 marzo 2019, p. 37.

Informa da xornada “Palabra de muller (Lembrando a Luísa Villalta no quince cabodano do seu pasamento)”, que terá lugar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Participarán Valentín García Gómez, Susana López Abella, María Gómez Castro, Susana Villalta Gómez e Manuel González González.

ECG, “Homenaxe da RAG hoxe a Salvador García-Bodaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2019, p. 38.

Nota sobre a homenaxe que a Real Academia Galega lle ofrece a Salvador García-Bodaño no Día Mundial da Poesía. No acto, recitarán os seus poemas Dorés Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos, Luz Pozo, Margarita Ledo, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre.

ECG, “Xurxo Martínez analiza a figura de Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 abril 2019, p. 26.

Apunta que o IES Eduardo Pondal organizará o día 23 un acto para homenaxear ao autor cunha conferencia de Xurxo Martínez, experto na súa obra e coautor do libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*.

ECG, “Lectura de textos de Xavier P. Docampo en la biblioteca Ánxel Casal como homenaje en su primer aniversario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xuño 2019, p. 24.

Indica que a biblioteca Ánxel Casal acollerá durante o propio día unha homenaxe a Xabier P. Docampo na que intervirán María Jesús Fernández, Prolingua, a Asociación Cultural O Galo, Galix, Compostela literaria, a asociación de veciños Plataforma Galeras, a asociación cultural Xermolos, a Irmandade Manuel María, asociación cultural Vagalumes da Estrada, a Fundación Alexandre Bóveda, a Revista Galega de Educación, Nova Escola Galega, Asociación Socioeducativa Antonio Godoy e os centros educativos IES Rosalía de Castro, Pontepedriña, Xelmírez I e II, e os CEIP López Ferreiro e Raíña Fabiola.

ECCG, “Homenaxe a Xabier P. Docampo coa lectura dunha escolma das súas obras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 xuño 2019, p. 32.

Informa sobre a homenaxe a Xabier Docampo un ano logo do seu pasamento celebrada na biblioteca Ánxel Casal. No acto, participaron María Jesús Fernández e varios representantes da Galix.

ECCG, “Inauguración da terceira edición da Semana do libro de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 xuño 2019, p. 23.

Recolle información sobre a III edición da Selic, a Semana do Libro de Compostela. Indica que o programa inclúe varios paseos guiados por X. A. Perozo, Helena Villar, Inma López Silva e Manuel Portas.

ECCG, “Tulipa Editora presenta ‘Semejanza’, de María Xosé Queizán, traducida al español”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 xullo 2019, p. 20.

Nota que dá conta da tradución ao castelán da man de Mónica Bar da obra *Semellanza*, de María Xosé Queizán. Explica que se trata dunha novela que aborda a liberdade da experimentación sexual con perspectiva de xénero, escrita hai máis de trinta anos.

ECCG, “A ‘Festa da Palabra’ vai enxalzar nesta nova edición a Antón Tovar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xullo 2019, p. 39.

Indica que a XI Festa da Palabra estará dedicada ao poeta, narrador e ensaísta Antón Tovar e que a celebración terá lugar o día 20 de xullo na Insua dos Poetas (Esgueva-Carballiño).

ECCG, “Convocan a 2ª edición do club ‘Doutras Bocas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 setembro 2019, p. 20.

Faise eco da segunda edición do Club de poesía Doutras Bocas, que se desenvolverá de outubro a xuño. Os encontros que se realizarán son coordinados pola poeta e editora Antía Otero.

ECG, “Emotivo homenaxe en Gres á figura de Xosé Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 novembro 2019, p. 38.

Informa da homenaxe á figura de Xosé Neira Vilas en Gres no cuarto aniversario do seu pasamento. No acto, participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e Antonio Couto, de editorial Bolanda, que presentou unha nova biografía do autor.

ECG, “Homenaxe das Escolas Católicas a Xosé Reboiras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 novembro 2019, p. 39.

Dá conta da homenaxe a Xosé Reboiras na inauguración da XV Xornada de Normalización Lingüística na que participaron Valentín García, Rosario Álvarez e Juana Otero. Tivo lugar tamén a conferencia “Ricardo Carballo Calero. Aproximación á súa figura e ao seu tratamento na aula”, a cargo de Bernardo Penabade.

ECG, “Emotiva homenaxe no cemiterio ourensán de San Francisco a Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 decembro 2019, p. 38.

Faise eco da homenaxe ao escritor Blanco Amor polo 40 aniversario do seu pasamento no cemiterio de San Francisco en Ourense. Nela participaron Luís González Tosar, Anxo Lorenzo, Manuel Álvarez Fernández, José Luís Díaz, Rosendo Fernández e diversos representantes do ámbito cultural.

Espiño, Mercedes, “Crema de froitas vermellas”, *Sermos Galiza*, n.º 339, “fóradeserie”, 21 marzo 2019, p. 8.

Nunha receita de crema de froitas vermellas, recolle os versos de Rosalía de Castro “Amoriñas das silveiras que eu lle daba ao meu amor...”.

Estévez, C., “Adáptase a Ruta Rosaliana ás novas tecnoloxías”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 outubro 2019, p. 26.

Informa do proxecto de sinalización turístico intelixente da Ruta Rosaliana da man da Deputación da Coruña, xunto cos concellos de Ames, Brión, Padrón, Dodro e Santiago.

Estévez, Claudina, “Ames, Brión e Padrón farán a Ruta Rosaliana o sábado 11”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago”, 6 maio 2019, p. 26.

Faise eco da excursión conxunta organizada polos Concellos de Ames, Brión e Padrón o día 11 de maio. Trátase dunha proposta para visibilizar os lugares máis emblemáticos da vida e do legado literario de Rosalía de Castro.

Estévez, Rosa, “El día en el que el embajador del Reino Unido recitó los versos de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 5 agosto 2019, p. 24.

Indica que o embaixador de Reino Unido en España asistiu á Festa do Albariño en Cambados e recitou uns versos de Rosalía de Castro. No nova, fai un aceno a Leo Caldas, protagonista de varias das obras de Domingo Villar.

Estévez-Sáa, Margarita, “Escucha la tierra gallega que habla”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 56.

Artigo con motivo do Día de Galicia no que cita a Rosalía de Castro, que describía que Galicia era: “Mimosa suave, sentida, queixosa, / encanta se ri e conmove se chora”.

F. D., “Recital poético e marcapáxinas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Letras galegas 2019”, “O Carballiño”, “Programa”, 17 maio 2019, p. 26.

Indica que, no marco da celebración do Día das Letras Galegas, na Biblioteca Municipal do Carballiño houbo un obradoiro de carautas de Antonio Fraguas e unha lectura de fragmentos da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. No Centro Comercial Aberto da vila exhibese unha exposición sobre o autor homenaxeado.

F. D., “Legado y reivindicación cultural de Ourense y de Eduardo Blanco Amor”, *La Región*, “XXXVIII Premio de Novela Longa”, “Programa”, 28 decembro 2019, p. 2.

Informa que o 23 de novembro comezaron as actividades na honra ao corenta aniversario do falecemento de Eduardo Blanco Amor co fallo da XXXVIII edición do premio que leva o seu nome. Explica que o gañador foi Xesús Fraga, pola súa obra *Virtudes (e misterios)*, presentada ao certame baixo o lema “A miña familia e outros emigrantes”, e que recibirá unha dotación económica de 15000 euros, unha escultura Acisclo Manzano e a edición da obra na editorial que decida.

F. F., “Catoira inicia una nueva edición de su Club de Lectura con la novela ‘Era por setembro’ de Xabier Quiroga”, *Diario de Arousa*, “Ulla.Umia.Vilagarcía”, 6 setembro 2019, p. 8.

Faise eco da proposta do Club de Lectura da biblioteca municipal de Catoira, que inicia unha nova edición coa obra *Era por setembro*, de Xabier Quiroga.

F. F., “Una mesa redonda sobre mujeres creadoras y más proyecciones en la jornada de hoy en Curtas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 27 outubro 2019, p. 7.

Informa do Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía, no cal haberá unha mesa redonda sobre mulleres creadoras na que participará Eli Ríos, Diana López, Lucía Catoira e Sonia Méndez. Haberá outra mesa redonda sobre “O camiño dende a fantasía épica ao realismo máxico”, cos escritores Xosé Duncan e Maite Mosconi.

Fajardo, Montse, “A primavera que rompeu dun golpe”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, “De memoria”, 16 maio 2019, p. 11.

Nun artigo sobre o golpe de Estado de xullo de 1936, amenta a Castelao, Ánxel Casal e María Miramontes.

Felipe-Senén, “Tradición e adulteración do belén na Galiza”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “fóradeserie”, 3 xaneiro 2019, pp. 2-3.

Reflexiona sobre a tradicional instalación do Belén de Nadal en Galicia e repasa os Beléns máis emblemáticos construídos en Galicia, dos que di que neles reina a inxenuidade, o instinto, o paradoxo, a desproporción e certa maxia. Neste entramado alude ao poemario *Longa noite de pedra* de Celso Emilio ou á novela *A Esmorga* de Blanco Amor.

Felipe-Senén, “Orientalismo, celtismo, obsesión de Vicente Risco”, *Sermos Galiza*, n.º 341, “fóradeserie”, 4 abril 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre a influencia de oriente en Galicia e sobre Vicente Risco, no que fai alusión a Manuel Rivas e Ramón Otero Pedrayo.

Felipe-Senén, “Arretén en Padrón. A destrución ‘oficial’ dun recurso cultural”, *Sermos Galiza*, n.º 354, “fóradeserie”, 11 xullo 2019, pp. 2-3.

Alude á parroquia padronesa de Arretén e defínea como un paradigma do que poderíamos considerar mala praxe na conservación do patrimonio cultural e que a beleza orixinal da aldea foi castigada sen contemplacións polas obras de acceso á autoestrada. Tamén sinala que este enclave da vila de Padrón é coñecido polo seu pazo, xa que este foi o lugar no que viviu Rosalía de Castro.

Felipe-Senén, “O oribio, atentados consentidos ao patrimonio natural e cultural”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “fóradeserie”, 19 setembro 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre a Serra de Oribio no que amenta a Ramón Cabanillas e o libro que lle dedicou, *Samos*, así como a inspiración que exerceu na escrita do poeta Fiz Vergara Vilariño.

Felpeto, A., “El BNG homenajeará el martes a Ánxel Casal en la Rúa do Vilar”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 15 agosto 2019, p. L2.

Nota que dá conta da homenaxe que o BNG lle renderá a Ánxel Casal e ás 226 persoas que sufriron represión durante o franquismo e as case 100 en prisión ou executadas, segundo os datos recollidos na investigación *Voces e Nomes*. O acto terá lugar o 20 de agosto na rúa do Vilar, onde estaba a imprenta Nós.

Fernández, Elisabet, “Rosalía é Son Goku nas Lagoas”, *La Región*, “Ciudad”, 27 febreiro 2019, p. 13.

Indica que o alumnado do IES As Lagoas realizou unha exposición sobre Rosalía de Castro, “As cores de Rosalía”.

Fernández, Elisabet, “Poetas pontinas: unha xeración que pisa forte”, *La Región*, “Ciudadanos”, 27 marzo 2019, p. 15.

Presenta a nova xeración de poetas: Lorana Fernández, Zaira Ferradá e Ana Fraile, “Pontesía 2019”, as novas escritoras do barrio da Ponte en Ourense.

Fernández, Elisabet, “Predilectos’ del nuevo milenio”, *La Región*, “Ciudadanos”, 31 marzo 2019, p. 21.

Nun artigo sobre os fillos predilectos de Ourense, lembra que figuras coma Otero Pedrayo, Carlos Casares ou Celso Emilio Ferreiro ostentan este título.

Fernández, Elisabet, “No descarto grabar canciones pendientes de Voces ceibes”, *La Región*, “Ciudadanos”, 1 abril 2019, p. 11.

Entrevista a Vicente Araguas sobre Voces Ceibes no que fai alusión a Celso Emilio Ferreiro.

Fernández, Elisabet, “O maio do 68 en Galicia foi unha revolución universitaria e sexual”, *La Región*, “Ciudadanos”, 2 abril 2019, p. 8.

Artigo no acto do Foro La Región sobre a revolución estudantil do maio do 68 galego, momento de nacemento de Voces Ceibes, os músicos que facían cancións protesta a partir de poemas, especialmente da autoría de Celso Emilio Ferreiro. No encontro, Miro Casabella interpretou poemas de Manuel María e Celso Emilio Ferreiro e Vicente Araguas fixo un relato de Voces Ceibes.

Fernández, Elisabet, “Una ruta para Lamas Carvajal”, *La Región*, “Ourense”, 25 maio 2019, p. 9.

Faise eco da ruta que preparou Ana Malingure, tataraneta de Valentín Lamas Carvajal no 170 aniversario do seu nacemento, para recordar a súa figura percorrendo os espazos significativos da vida do poeta e xornalista ourensán.

Fernández, Elisabet, “Lorca y Rosalía, en un espectáculo con voz ourensana”, *La Región*, “Ciudadanos”, 24 xuño 2019, p. 11.

Recolle información sobre o espectáculo de Lucía Álvarez e Rosa Torres-Pardo, que estrea espectáculo ás 19 horas no Instituto Cervantes de Madrid, homenaxeando a Rosalía de Castro e a Federico García Lorca. O espectáculo recibe o título *Cantares. Para piano y voz emocionada*.

Fernández, Elisabet, “Carballo Calero, o filólogo que ‘entregou a súa vida a Galicia’”, *La Región*, “Ciudad”, 26 xuño 2019, p. 11.

Entrevista con María Victoria Carvalho Calero, filla de Ricardo Carvalho Calero, elixido como homenaxeado das Letras Galegas 2020.

Fernández, Elisabet, “Impulso al Blanco Amor que fotografió el mundo”, *Atlántico*, “Sociedad”, p. 40/ *La Región*, “Ourense”, “Homenaje a un autor maltratado”, p. 13, 28 novembro 2019.

Luis González Tosar, presidente da Fundación Eduardo Blanco Amor, reivindica a figura do autor no XLI aniversario da súa morte. Adianta reedicións, congresos internacionais en Ourense e guións inéditos. Anuncia a inauguración da nova exposición sobre Blanco Amor no Centro Cultural Marcos Valcárcel, “Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco Amor. Debuxos de Siro e mostra bibliográfica de Carlos Laiño”. Luis González Tosar apunta que hai un material fotográfico de Blanco Amor de gran relevancia: “Retratou toda Galicia, Buenos Aires, ou Chile”. A fundación recuperará a angueira de fotógrafo do autor cun primeiro volume das súas primeiras instantáneas. Tamén se anuncia a reedición en galego e castelán de *Diante dun xuíz ausente*, a biografía do autor escrita por Gonzalo Allegue.

Fernández, Laura, “Os autores do Rexurdimento darán o salto ao eido turístico”, *La Región*, “Provincia”, “Celanova”, 25 febreiro 2019, p. 22.

Informa da proposta das fundacións Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, que porán en marcha unha oferta turística para coñecer Galicia a través dos escritores, creando un lazo literario que una Celanova, Padrón e Ponteceso.

Fernández, Lorenzo, “Defenden a súa opción de Carballo Calero sete académicos da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 xuño 2019, p. 37.

Artigo sobre as dúas propostas para conmemorar a Ricardo Carvalho Calero para o Día das Letras Galegas 2020, a “maioritaria” e a “minoritaria”. Informa sobre o texto “A Galicia insólita: dúas propostas para Carballo Calero DLG 2020”, asinado por Francisco Fernández Rei, Manuel González, Chus Pato, Xosé Luís Axeitos, Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Rivas e Xosé Luís Regueira.

Fernández, Lorenzo, “Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Parlamento”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 decembro 2019, p. 37.

Faise eco da homenaxe a Celso Emilio Ferreiro polo 40 aniversario do seu pasamento no Parlamento de Galicia. No acto, presentado por Isabel Blanco, interviñeron Miguel Ángel Santalices Vieira, Valentín García, Víctor F. Freixanes, Ramón Nicolás e Xesús Alonso Montero. Alumnado do IES Castela, de Vigo; e do IES Celso Emilio Ferreiro, de Celanova, leron diversos textos do autor. Tamén se anunciou a publicación dunha obra sobre Celso Emilio Ferreiro con textos de Ramón Nicolás e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Parlamento de Galicia.

Fernández, S., “Longa Noite’ logra o premio da crítica en Locarno”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 agosto 2019, p. 9.

Dá conta do galardón que obtivo o filme *Longa Noite*, cuxo título é unha clara alusión ao poemario de Celso Emilio Ferreiro.

Fernández, S. “Las novelas de Leticia Costas y Domingo Villar triunfan en casa”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 24 agosto 2019, p. 9.

Artigo sobre a literatura que máis triunfa entre os vigueses no verán, no que amenta *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Pioneiras*, de Anaír Castillo e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo. Entre os títulos de literatura infantil, destaca *O monstro de cores* e *Os fantasmas non petan na porta*.

Fernández Caamaño, J. M., “De cómo el teatro Principal pasó a convertirse en el teatro Rosalía de Castro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 agosto 2019, p. 4.

Crónica da historia do teatro Principal da Coruña, que no ano 1868, pasou a denominarse Rosalía de Castro.

Ferradáns, Miriam, “Nomes de fume”, *Sermos Galiza*, n.º 359, “Caderno de Verán”, n.º 47, “Creación”, 14 agosto 2019, p. 4.

Reproduce un extracto de *Nomes de fume*, de Miriam Ferradáns, indicando que vén de ser publicado nunha edición bilingüe catalán-galego.

Ferreira, Antón, “Teatro, música o talleres, citas de la primavera en Tomiño”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 17 febreiro 2019, p. 22.

Informa da programación cultural na primavera en Tomiño, cun programa de actividades no que actuará o grupo “Son Trío” presentando o seu proxecto “Miña almiña”, con letras de Rosalía de Castro.

Ferreira, Carmen, “Premio Pura e Dora Vázquez. Unha ogra xenial”, *El Correo Gallego*, “Domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 agosto 2019, p. 6.

Comeza indicando que a autora mereceu por *As historias da ogra pinta* (2018) o XV Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ademais de obter este mesmo ano o Meiga Moira pola novela *As voces na auga*. Salienta que nesta obra, a través da Ogra Pinta, se transmiten valores eternos, sentimentos e emocións necesarios para socializar dende o inicio da vida.

Ferreiro, Celso, “El ‘lacón con grelos’, protagonista del mes”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde Los Cantones”, 22 febreiro 2019, p. 23.

Artigo sobre o lacón con grelos con motivo do XXV aniversario del Premio Álvaro Cunqueiro de Periodismo Gastronómico. Cita a Otero Pedrayo que considera o lacón “el padre de las enfermedades de los pazos antiguos”.

Fdez, Brais, “Tulipa presenta en el tercer Salón Selic sus dos últimas obras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 xuño 2019, p. 22.

Informa da terceira edición da Semana do Libro Selic 2019, onde se mostrarán, entre outras, as obras *Conciencia máxica de ser anfibio*, de Mercé Barrientos e *O dono do derradeiro minuto*, de Luís García Montero.

Fontán Couto, Mateo, “Notas históricas sobre a denominada Festa do Demo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 agosto 2019, p. 12.

Artigo sobre a Festa do Demo no que amenta a Vicente Risco e o texto que lle dedica a esta tradición en *Pontevedra, Boa Vila*.

Fraga, Manolo, “Amancio Prada: ‘Sueño con cantar los poemas gallegos de Lorca en A Quintana’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 febreiro 2019, p. 23.

Entrevista a Amancio Fraga, que dará un concerto homenaxe a Rosalía de Castro, na que fala sobre a figura de Rosalía de Castro e sobre a obra que Lorca lle dedicou á escritora padronesa.

Fraga, X., “Versos admirados para Valente”, *La Voz Galicia*, “Cultura”, 27 decembro 2019, p. 28.

Informa da publicación dun volume con poemas dedicados a José Ángel Valente, *Poemas a Valente*, que conta con versos de Luz Pozo Garza e Claudio Rodríguez Fer, entre outros.

Fraga, Xesús, “Quen ten un libro ten un tesouro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “La fiesta de la palabra”, 23 abril 2019, p. 32.

Nun artigo sobre bibliotecas que gardan volumes con alto valor simbólico e emocional, améntase a segunda edición de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro e *O lobo lelo*, conto universal vertido ao galego por Xohana Torres en 1979.

Fraga, Xesús, “Unha antoloxía leva ao italiano a obra de cincuenta autores galegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 maio 2019, p. 28.

Faise eco da publicación de *La letteratura galega. Autori e testi*, antoloxía que leva ao italiano a obra de cincuenta autores galegos, escolmados por Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero, con prólogo de Xesús Alonso Montero. A edición bilingüe abrangue dende Afonso X e os trobadores até Lois Pereiro.

Fraga, Xesús, “Poeta, narrador e un moi influínte ensaísta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xuño 2019, p. 36.

Percorre de xeito breve a vida de Ricardo Carballo Calero, nomeadamente as súas obras poéticas, narrativas e ensaísticas.

Fraga, Xesús, “Sentidiño’, Palabra do Ano 2019”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 decembro 2019, p. 30.

Logo da escolla do termo “sentidiño” como palabra do ano 2020, Víctor F. Freixanes analiza o sufixo “-iño” como forma galega modificadora do significado de conceptos. Para iso, acode ao “miña casaña, meu lar” e aos “airiños” de Rosalía de Castro.

Fraiz, J. “Un testigo dice que un acusado de ‘A Esmorga’ confesó que la víctima fue arrojada a un canal”, *Faro de Vigo*, “Sucesos”, 25 abril 2019, p. 41.

Nunha nova sobre un crime sucedido en Ourense, indica que a Garda Civil o bautizou como *A esmorga*, polos paralelismos dos feitos coa novela de Eduardo Blanco Amor.

Freixanes, Víctor, “Unha festa de todos”, *Sermos Galiza*, n.º 345, “*A fondo*”, n.º 217, “Un balance do 17 de maio”, 9 maio 2019, pp. 1-2.

Artigo con motivo do 57 aniversario dende a primeira celebración do Día das Letras Galegas. Repasa a historia desta xornada de maio do 1963. Fai fincapé no proceso de elección das figuras homenaxeadas que, co pasar dos anos, foron crecendo e incorporando a voz de colectivos diversos mediante asociacións culturais implicadas na celebración. Salienta que a elección da personalidade non é angueira exenta de suscitar debates entre os membros do plenario.

Frieiro-Vilagarcía, Fátima, “O libro presenta a cara B da emigración, aquela negra como a lúa”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, “Reportaxes”, 18 xaneiro 2019, p. 8.

Dá conta da presentación no Salón García de Vilagarcía da novela de Xabier Alcalá *The making of* (2018). O autor sinalou que a obra naceu xa en 1994, cando comezou a investigar a figura de Alfredo Mosquera, protagonista do libro, que “mestura realidade e ficción”.

Fuentes, Ana, “El ‘Eligio’ vuelve a abrir”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 febreiro 2019, p. 13.

Informa da reapertura do bar “Eligio”, facendo alusión ao personaxe Leo Caldas, do maxín de Domingo Villar, e é que este era o bar favorito do inspector das novelas de Villar. Indica que polo emblemático bar pasaron figuras como Cunqueiro ou Blanco Amor.

Fuentes, Ana, “Un documental revela o Vigo ‘gran capital do galeguismo’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 maio 2019, p. 6.

Faise eco da proxección do documental *Rescatada. 68 anos agardando a memoria filmada*, no Museo Marco de Vigo. O documental xurdiu do arquivo familiar de Antía Cal e Antón Beiras, sobre o cal se dixitalizaron 17000 fotogramas que mostran a visita, entre 1951 e 1952, dunha delegación da emigración na Arxentina, véndose como visitan a Real Academia Galega, asisten a unha homenaxe a Curros Enríquez e Pardo Bazán. Conta tamén coa presenza de Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Filgueira Valverde, Celso Emilio, Paz Andrade, Cabanillas, Illa Couto e Álvarez Blázquez.

Fundación Otero Pedrayo, “Ramón Lorenzo”, *El Correo Gallego*, “ECG”, 10 marzo 2019, pp. 2-3.

Artigo en honra a Ramón Lourenzo no que lembra a publicación *Ramón Lorenzo, señor das palabras*, editado pola Fundación Otero Pedrayo co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística en 2011.

García, Montse, “Oitenta libros para viaxar pola gran literatura galaico-portuguesa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xaneiro 2019, p. 33.

Dá conta da inauguración da mostra *Bibliotecas no espello*, que recolle oitenta facsimilares de obras literarias de Galicia e Portugal dende o século XI até a actualidade. Entre elas atópanse dende as cantigas de Santa María e os Miragres de Santiago até obras de Luís de Camões e Rosalía de Castro. A iniciativa forma parte do proxecto Nortear, impulsado dende a Consellería de Cultura, a Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

García, Montse, “Fito literario vixente tras 37 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 febreiro 2019, p. 37.

Co gallo da nova edición de *O triángulo inscrito na circunferencia*, de Víctor Freixanes, recóllense as declaracións de Daniel Asorey, que define a obra coma un “fito literario”, “un artefacto literario que petou na literatura galega de maneira contundente”.

García, Montse, “Los premios Martín Códax, el escaparate de la música gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 marzo 2019, p. 36.

Indica que a Gala dos Premios Martín Códax que terá lugar o 8 de maio no Pazo da Cultura de Pontevedra, baixo a dirección do dramaturgo Quico Cadaval, contará co dúo poético formado por Lucía Aldao e María Lado, Aldaolado, como condutoras.

García, Montse, “Rosalía resoa noutros idiomas en prol da diversidade lingüística”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 setembro 2019, p. 31.

Recolle a iniciativa no marco do Día Europeo das Linguas de recitado musicado de versos de Negra sombra de Rosalía de Castro en diferentes linguas como o iraniano, o finés, o catalán, o chinés, o portugués, ou o alemán, entre outros.

García, Montse, “Unha mostra conmemora os 100 anos de ‘Nós’, unha ‘revista de alta cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 decembro 2019, p. 38.

Informa da exposición “*Nós* de onte a hoxe: 100 anos de historia”, no Museo do Pobo Galego, que conmemora o centenario da revista *Nós*.

García, Rodri, “Vai lavar a cara’, con música clásica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2019, p. 30.

Indica que a discográfica alemá Deutsche Grammophon publicarán a canción popular “Para vir a xunto a min”, xunto con *Lela*, escrita por Castelao.

García, Rodri, “Yolanda Castaño abre unha residencia literaria ‘para o sosego da creación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 febreiro 2019, p. 38.

Informa da iniciativa de Yolanda Castaño para a creación dunha residencia para escritores, que levará por nome “Residencia Literaria 1863”, ano da publicación de *Cantares Gallegos*. A residencia ubicarase no número 46 da rúa Rego de Auga, na cidade da Coruña.

Garrido Couceiro, Xoán Carlos, “Nunca en España”, *Sermos Galiza*, n.º 214, 14 marzo 2019, p. 2.

Artigo sobre *Sempre en Galiza*, con motivo do setenta e cinco aniversario da súa publicación, no cal enmarca ideoloxicamente a obra e indica que a día de hoxe se podería inscribir no chamado pensamento decolonial.

Gil, Francisco J., “Otero Pedrayo, el escritor incansábel”, *La Región*, “La Revista”, “Reportaje”, 15 marzo 2019, pp. 2-3.

Informa da presentación do libro *Del Orense antigo y otras colaboraciones, Ramón Otero Pedrayo en La Región, 1958-1960*, actividade que se enmarca no Abril Oteriano de 2019. Repasa a traxectoria de Ramón Otero Pedrayo e o seu vínculo con *La Región* dende os inicios da revista *Nós* até a década dos 70.

Giráldez, José Miguel, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Artigo dedicado ás obras máis recomendábeis de 2019. Giráldez menciona, entre as propostas de literatura galega, a narrativa comprometida de *Os anxos indecisos*, de Manrique Fernández. Entre as recomendacións de Javier Pintor figuran *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Un lume azul*, de Pedro Feijoo; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *As fauces feroces*, de Emma Pedreira; e *Parece unha formiga*. A libreira Mercedes Corbillón recomenda *O último barco*, de Domingo Villar; *Carrusel*, de Berta Dávila; *Diario dun enterro*, de Gonzalo Hermo; *Hotel para coleccionistas discretos*, de Diego Giráldez; e *Agosto*, de Miriam Ferradans. Pola súa parte, Paco López-Barxas propón *Fosforescencias*, de Lupe Gómez; *Amani*, de Miguelanxo Prado; *Amor amargo*, de Xosé A. Perozo; *Un vento que pasa*, de Alfredo Conde; *Infamia*, de Leticia Costas; e *O último barco*, de Domingo Villar. O escritor Xosé Antonio Perozo sinala *Sándalo*, de María Xosé Porteiro; *O home que mercou un libro*, de Paco Martín; *Vento, ventión, venteiro*, de Antonio García Teijeiro; e *Irmá paxaro*, de Tamara de Andrés. Roy C. Boland destaca entre as súas preferencias *Homes de ferro*, de Alfredo Conde; e a libreira Esther Gómez *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Conta nove estrelas*, de Andrea Maceira; *Ola, son un bicho bóla!*, de Elvira Ribeiro e Noé González; *Distinta*, de Sofia Zapato; e *O lobo de area*, de Asa Lind.

Giráldez, José M., “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Artigo dedicado ás obras máis recomendábeis de 2019. Giráldez menciona, entre as propostas de literatura galega, a narrativa comprometida de *Os anxos indecisos*, de Manrique Fernández. Entre as recomendacións de Javier Pintor figuran *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Un lume azul*, de Pedro Feijoo; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *As fauces feroces*, de Emma Pedreira; e *Parece unha formiga*. A libreira Mercedes Corbillón recomenda *O último barco*, de Domingo Villar; *Carrusel*, de Berta Dávila; *Diario dun enterro*, de Gonzalo Hermo; *Hotel para coleccionistas discretos*, de Diego Giráldez; e *Agosto*, de Miriam Ferradans. Pola súa parte, Paco López-Barxas propón *Fosforescencias*, de Lupe Gómez; *Amani*, de Miguelanxo Prado; *Amor amargo*, de Xosé A. Perozo; *Un vento que pasa*, de Alfredo Conde; *Infamia*, de Leticia Costas; e *O último barco*, de Domingo Villar. O escritor Xosé Antonio Perozo sinala *Sándalo*, de María Xosé Porteiro; *O home que mercou un libro*, de Paco Martín; *Vento, ventión, venteiro*, de Antonio García Teijeiro; e *Irmá paxaro*, de Tamara de Andrés. Roy C. Boland destaca entre as súas preferencias *Homes de ferro*, de

Alfredo Conde; e a libreira Esther Gómez *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Conta nove estrelas*, de Andrea Maceira; *Ola, son un bicho bóla!*, de Elvira Ribeiro e Noé González; *Distinta*, de Sofía Zapato; e *O lobo de area*, de Asa Lind.

Gómez, Chus, “A escola de Restauración honra a Rosalía co seu propio Caldo de gloria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 febreiro 2019, p. 8.

Indica que a Escola de Restauración de Pontevedra se sumou á proposta da Fundación Rosalía de Castro e elaborou o “Caldo de Gloria”.

Gómez, Chus, “Centos de volumes usados buscarán unha segunda vida na troca do Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 29 marzo 2019, p. 54.

Informa sobre a Feira do Libro Usado que se celebrará o 7 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra, actividade enmarcada no XX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Gómez, Joel, “Nélida Piñón se siente mujer gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 febreiro 2019, p. 35.

Versa sobre a galegitude da escritora brasileira Nélida Piñón, presente no seu novo libro *Uma furtiva lágrima*. Lembra que no ano 2005 a autora autorizou que a editorial Candeia publicase a primeira edición europea de *Vozes do deserto*, con introdución de Carmen Vilariño.

Gómez, Joel, “Bernardo Penabade. ‘As Letras Galegas de 2020 deben pór fin a un ciclo de falta de entendemento’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “En primera persona”, 30 novembro 2019, p. L2.

Bernardo Penabade reivindica a figura de Ricardo Carvalho Calero e defende as múltiples posibilidades para traballar sobre a súa figura nas aulas.

Gómez Ferrol, X., “Medulio, catro décadas normalizando a cultura galega”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 16 setembro 2019, p. 19.

Artigo sobre a sociedade cultural Medulio, fundada en Ferrol en 1979, unha das entidades que fixo un gran labor a prol da normalización da cultura galega e que reivindicou o recoñecemento da figura de Ricardo Carvalho Calero.

González Formoso, Valentín, “Día de festa e xúbilo”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 12.

Explica que a celebración do Día de Galicia naceu como iniciativa das Irmandades da Fala en 1919. Cita, como diría Castelao no seu famoso discurso “Alba de Gloria”

pronunciado no Centro Galego de Bos Aires, “a festa maior de Galicia, a festa de tódolos galegos”.

Grela, Xosé Antonio, “O autor do pre-prerrexurdimento Diego A. Zernadas e Castro, o crego de Fruíme”, *El Correo Gallego*, “*ECG dominical*”, 7 xullo 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre Diego Antonio Zernadas e Castro (1702-1777), a quen define como “o poeta que tivo a nosa lingua un século antes do Rexurdimento”. Repasa toda a súa traxectoria, destacando o seu forte compromiso coa lingua galega nunha época na que era un idioma morto na escrita, época na que contestaba a moitas cartas privadas con poemas en galego, fronte ás burlas dalgúns cóengos coetáneos. No artigo cita a publicación de Xosé Antonio Fernández Salgado *Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas* (Laivento, 2017).

Guimarey, D., “Combarro resolve a súa débeda con Maside”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xullo 2019, p. 32.

Dá conta da homenaxe a Maside en Combarro, onde lle dedicaron unha placa. Lembra a Carlos Maside coma unha figura estreitamente vinculada á xeración Nós.

H. J. P., “A RAG estreita a relación de Galicia coa área cultural lingüística brasileira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xaneiro 2019, p. 35.

Informa de que a Real Academia Galega e a Academia Brasileira de Letras asinaron un acordo de amizade e colaboración, e que tanto Víctor F. Freixanes, presidente da RAG, como Marco Lucchesi, presidente da ABL, coincidiron na importancia de estreitaren os lazos entre ambas linguas irmás e de aproveitar o potencial da lusofonía. Freixanes subliñou que “na Real Academia Galega hai conciencia de que a lingua galega forma parte dunha familia onde están os irmáns de Portugal, do Brasil, de Angola, Cabo Verde, Mozambique...”.

H. J. P., “A obra de Luz Pozo segue a medrar oito décadas despois con ‘Pazo de Tor’”, o seu novo poemario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 febreiro 2019, p. 27.

Nova que presenta *Pazo de Tor*, o novo poemario de Luz Pozo Garza, que publica aos seus 96 anos, oito décadas despois da aparición do seu primeiro poemario, *Ánfora*. Indica que é un poemario no que se viaxa ás raíces familiares dos Garza, estreitamente vinculadas ao pazo que dá título ao libro. En palabra de Víctor F. Freixanes, “a palabra do poeta é a busca permanente do seu significado, para dar coa razón do enigma, que é a razón da nosa propia existencia”.

H. J. P., “Traducen ao esperanto o libro de relatos de Begoña Paz ‘A ferida’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xullo 2019, p. 25.

Indica que Suso Moinhos verteu ao esperanto o libro *A ferida*, de Begoña Paz e lembra os títulos que xa leva traducidos tamén ao esperanto: *Memorias dun neno labrego*, *Vento*

ferido, tres contos de Cunqueiro e unha antoloxía de poesía galega actual. Sobre *A ferida*, o tradutor destaca a alta calidade literaria do conxunto de contos.

H. J. P., “A revista do Clube de Lectores Biblos festexa o seu número 100”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 agosto 2019, p. 29.

Artigo con motivo da publicación do exemplar número 100 da revista do Club de Lectores Biblos.

H. J. P., “O legado de Maruxa Seoane, no Museo de Belas Artes da Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2019, p. 36.

Informa da colección co legado de Elvira Fernández, máis coñecida como Maruxa Seoane, presentada no Museo de Belas Artes da Coruña.

Hermida, María, “Se queres revolucionarte, Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 5 abril 2019, p. 5.

Recolle información sobre o Salón do Libro de Pontevedra, que nesta edición versa sobre A Revolución. Indica que o autor homenaxeado este ano é Antonio García Teijeiro.

Hermida, Patricia, “Gran impacto do 8-M no Día da Clase Obreira Galega”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 11 marzo 2019, p. 11.

Nun artigo sobre o 8-M, recolle os versos de Uxío Novoneyra: “Erguéstesvos cedo aquel día, o costume do traballo, mañá cediño pra facernos ca vosa morte”.

Hermida, Patricia, “Ferrol xa celebra as Letras Galegas de Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xuño 2019, p. 45.

Faise eco da decisión da Real Academia Galega de homenaxear a Ricardo Carvalho Calero co Día das Letras Galegas 2020.

Huerta, M. de la e **M. Mato**, “A RAG fai xustiza con Carvalho Calero”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Apertura histórica na Real Academia Galega”, 23 xuño 2019, p. 40.

Sinala a decisión da Real Academia Galega de homenaxear a Ricardo Carvalho Calero co Día das Letras Galegas no 2020, coincidindo co 110 aniversario do nacemento do polígrafo ferrolán. Recolle declaracións de Victoria Carballo, filla do homenaxeado; Eduardo Maragoto, presidente de Agal; Margarita Ledo, académica da RAG; e Xosé Luis Axeitos, académico da RAG.

Huerta, María de la, “Galicia no ADN, e tamén no DNI”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Os nomes, partes do patrimonio galego”, p. 36-37.

Nun artigo sobre nomes galegos, cinco personaxes destacados de diferentes ámbitos comparten os seus testemuños. Saleta Goi, explica o interese do seu avó para poñerlle o seu nome e menciona que garda unha estampa da Santa Saleta que lle regalou Vicente Risco. Pola súa parte, Leticia Costas, menciona que cando recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, polo libro *Escarlatina a cociñeira defunta*, chamárona “Leticia” e tivo que explicar que o seu nome era galego.

I. L. M., “La Diputación traslada un acto sobre feminismo al negarle el alcalde la cesión del Multiusos”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 6 febreiro 2019, p. 14.

Informa da presentación do libro *Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo* o 6 de febreiro no convento de Vilavella.

Iglesia, Silvia, “Os soños mídense en metros”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 febreiro 2019, p.17.

Describe o Hectómetro Literario de Vilalba, que homenaxea a Paco Martín, Manuel María, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Darío Xohán Cabana, Xosé Manuel Carballo, Margarita Ledo, Villar Janeiro, Rábade Paredes, Xulio Xiz e Alfonso Blanco.

Iglesia, Silvia, “Avelino Díaz loita polo Día das Letras Galegas de 2020”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 novembro 2019, p. 19.

Dá conta da conmemoración do 122 aniversario de Avelino Díaz, na que se reivindicou a súa figura para dedicarlle o Día das Letras Galegas. Proxectouse o documental *14 razóns para un Día das Letras* e tiveron lugar conferencias a cargo de Antonio Vidueiro e Bernardo Penabade. Antón Santamarina, introducido pola artista Noemí Basanta, esmiuzou as características do galego empregado polo escritor meirego.

Iglesias, Ana, “Los libros gallegos salen a la calle para fomentar la lectura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 abril 2019, p. 34.

Informa da Feira do Libro de Santiago, que celebra a súa edición número 38 co lema “Máis que palabras” en homenaxe a Antón Fraguas. Interviñeron na inauguración Branca Novoneyra e Marilar Aleixandre.

Iglesias, Ana, “Presencia gallega y público infantil en la Feria del Libro de Madrid”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 29 abril 2019, p. 34.

Faise eco da presenza de Miguel López, o Hematocrítico, na Feira do Libro de Madrid.

Iglesias, Ana, “Versos de Rosalía con acento inglés en el capítulo de la orden do albariño”, *El Correo Gallego*, “Galicia verano”, 15 agosto 2019, p. 15.

Recolle información sobre os novos cabaleiros da Orde do Albariño, entre os que se atopa Domingo Villar. No acto, o embaixador de Reino Unido en España, Simon Mnalye, recitou versos de Rosalía de Castro.

Iglesias, Arturo, “Modernizando o agro galego”, *Sermos Galiza*, n.º 337, “*Sermos escola*”, n.º 10, 7 marzo 2019, p. 3.

Nun artigo sobre a modernización do traballo agrario a finais dos anos 30, faise alusión a Antonio Fernández, que decide crear unha escola para este motivo e se pon en contacto con Avelino Pousa Antelo, un mestre novo que tivera relación con Castelao, Risco, Ánxel Casal e outros intelectuais galeguistas da época.

Iglesias, Brais, “Amigos e intelectuais piden as Letras galegas para Tovar”, *La Región*, “Ourense”, 16 xuño 2019, p. 31.

No 15 cabodano do vate Antón Tovar Bobillo, faise eco da proposta do Grupo Tovar para propoñelo como figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020. Recolle tamén unha breve entrevista con Pura Veiga, do Grupo Tovar, na que explica os motivos desta proposta.

Iglesias, M. G., “O segredo? Na librería non se contan as horas de traballo, senón o que fozas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 9 marzo 2019, p. L5.

Faise eco do cincuenta aniversario da librería Couceiro, que se celebra cun festexo no que haberá música e contacontos.

J. B. V., “Tui recuerda a los Álvarez Blázquez en el bautizo del paseo dedicado a la familia”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, “Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas”, 11 xuño 2019, p. 14.

Recolle información sobre o acto que terá lugar en Tui, dedicando un paseo á familia Álvarez Blázquez.

J. C., “Os alumnos do Lauro Olmo elaboraron a súa antoloxía de poemas”, *La Región*, “Valdeorras”, 19 xuño 2019, p. 23.

Faise eco do libro publicado polos alumnos de 4º curso do Instituto Lauro Olmo, de O Barco de Valdeorras, titulado *O que colle nun poema*. Trátase dunha escolma de poemas galegos do século XX (Antonio Noriega, Ramón Cabanillas ou Luís Amado Carballo, entre outros), seguida dunha segunda parte con traducións de obras de autores doutros países e unha terceira parte con composicións dos estudantes.

J. C., “Puga asume la dirección de la Fundación Curros”, *La Región*, “Provincia”, 8 xullo 2019, p. 23.

Nota que dá conta da nova dirección da Fundación Curros Enríquez, que recae nas mans de Antonio Puga, substituíndo a José Luís Ferro, que pasa a ser vogal. Indica tamén que Antonio Piñeiro, secretario da Fundación, presentou un videoxogo baseado na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Arnoia, Arnoia*.

J. M., “Homenaxe en Santiago ao ilustre Alfredo Brañas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 22 febreiro 2019, p. 32.

Faise eco da homenaxe a Alfredo Brañas con motivo do 119 aniversario do seu pasamento no Panteón de Galegos Ilustres, onde os asistentes realizaron unha ofrenda floral e interpretaron o Himno Galego.

J. M., “Poemas nos comercios de Zas para conmemorar o Día de Rosalía e da Muller”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 26 febreiro 2019, p. 34.

No marco da celebración do Día de Rosalía e da Muller, o alumnado do CPI de Zas escribiu poesías baseándose no *Cantar hei, Galicia*, e outras composicións da obra da autora. Expoñeranse nun mural no colexio e logo repartiranse polos establecementos comerciais da vila.

J. M., “Xornadas de xénero para promocionar a cultura da igualdade en Ponteceso”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 27 febreiro 2019, p. 34.

No programación cultural con motivo do Día Internacional das Mulleres, a biblioteca de Ponteceso ofrece unha serie de actividades enmarcadas nas IV Xornadas de Xénero. Entre ditas actividades, Mercedes Queixa ofrecerá a charla “As pioneiras coma Rosalía”; Celtia Figueiras presentará o espectáculo *U-la lúa?*; Raquel Queizas aportará relatos pola igualdade; e Soledad Fellozas achegarase ao mundo máxico das *Bolboretas*.

Jaureguizar, “Villares: ‘Análizo unha xeración que nos anos 30 quixo redefinir Galicia’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 37/*El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 36, 3 xaneiro 2019.

Dá conta da reedición do ensaio de Ramón Villares *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*. Reprodúcense unha serie de comentarios de Villares, que resalta que “*Arredor de si* sobarda o modelo de novela de iniciación e pode considerarse como unha obra de ‘nacionalización literaria’”.

Jaureguizar, “Un verdor de beleza cubría o pazo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, p. 69/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Literatura”, p. 49, 1 febreiro 2019.

Con motivo da publicación de *Pazo de Tor*, repasa a traxectoria vital de Luz Pozo Garza, facendo especial fincapé na súa familia

Jaureguizar, “A sala La Catedral II de Lugo presenta un debuxo da Torre de Hércules de Seoane”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 26 febreiro 2019, p. 54.

Informa da mostra da sala La Catedral II de Lugo, na que se expoñen óleos do artista e xerras que concibiu para Sargadelos coas figuras de Rosalía, Unamuno e a figura denominada “Cinco dedos”.

Jaureguizar, “Pedro Feijoo. ‘Non terei futuro como escritor, pero si como turoperador’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 6 abril 2019, p. 80.

Artigo sobre Pedro Feijoo, que participou nas “Catas Literarias” no que fala sobre o seu proceso de escritura. Admite que, dende que escribiu *Os fillos do mar*, escribe unicamente para o lectorado adulto.

Jaureguizar, “El Miño desemboca en Federico García Lorca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 59/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 48, 18 outubro 2019.

Salienta que Henrique Alvarellos creou o Día de Lorca en Galicia, que se celebra cada 25 de outubro e que nesta ocasión se festexará en Lugo. Alvarellos vén de publicar no pasado ano un facsimilar dos *Seis poemas galegos*.

Jaureguizar, “Lin sobre 260 libros de Sierra i Fabra e fáltanme outros tantos”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, “Vivir”, 30 outubro 2019, p. 65.

Informa da charla de Jordi Sierra i Fabra en Viveiro, facendo alusión á versión en galego de *Berta Mir. O caso do falso accidente*.

Jaureguizar, “Fariña’ aparece como novela gráfica el mes que viene en español y gallego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir”, 1 outubro 2019, p. 76.

Indica que o libro *Fariña*, de Nacho Carretero, se publicará en castelán e en galego en forma de novela gráfica, da man do debuxante Luis Bustos. Tamén anuncia unha versión teatral, que iniciará unha xira polas principais cidades galegas.

Jiménez, Irene, “Cheo coa descarga enerxética da poeta brasileira Lucinda”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 marzo 2019, p. 40.

Informa sobre o festival de poesía “Alguén que respira!”. No peche deste festival participaron Margarita Ledo, Ana Romaní, Chus Silva, Alejandro Palomas e Elena Medel.

Juan David, “Homenaxe a Rosalía de Castro e a lusofonía nas dúas beiras do Miño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 febreiro 2019, p. 37.

Indica que Rosalía de Castro será a protagonista e a figura agasallada na nova edición da Semana Cultural de Convergencias Portugal-Galiza e explica a programación desta xornada.

Juan David, “Gran concerto no peche de ‘Castelao maxistral’ no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 febreiro 2019, p. 37.

Informa do concerto da Orquestra de Cámara Galega que despedirá a exposición “Castelao maxistral”. O programa do concerto incluírá cancións vinculadas a Castelao como *Na Catedral*, movemento da obra de musical *Alba de Gloria* composta por Rogelio Groba inspirándose no histórico discurso de Castelao.

Juan David, “Historia, literatura e audiovisual conflúen nunha mostra no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 marzo 2019, p. 36.

Presenta a exposición “Recreando personaxes” que pode visitarse na Cidade da Cultura en Santiago, na que aparece literatura adaptada á sétima arte (adaptacións de Castealo, Cunqueiro, Wenceslao Fernández, Ánxel Fole, Avilés de Taramancos, Manuel Murguía, Roberto Vidal Bolaño e Eduardo Blanco Amor).

L. F. B., “El museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo se inaugurará el viernes”, *El Progreso*, “A Mariña”, 25 febreiro 2019, p. 18.

Dá conta da inauguración do museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo o 1 de marzo. Indica que a idea da rehabilitación da casa é a de lograr unha aproximación a Cunqueiro a través de cada unha das estancias: no baixo cuberta atópanse os espazos de Cunqueiro; no segundo andar, un espazo expositivo destinado a manuscritos, obras e fotografías; no primeiro andar, unha sala sensorial; e, na planta baixa, un café faladoiro.

L. G., “Monumentos y cultura literaria”, *La Región*, “Festas da Encarnación”, “Turismo”, 2 agosto 2019, p. 5.

Nun artigo sobre monumentos e cultura literaria, destaca Celanova, berce de moitos coñecidos escritores galegos como Celso Emilio Ferreiro, que viviu alí coa súa muller Moraima; Xosé Luís Méndez Ferrín, que, malia ter nacido en Ourense mantén un gran vínculo coa vila; e Manuel Curros Enríquez.

L. R., “Cultura homenajea a Rosalía por todo lo alto con música, premios y la desgustación del ‘Caldo da gloria’”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 20 febreiro 2019, p. 11.

Faise eco das celebracións en Cambados con motivo do Día de Rosalía. O acto central terá lugar o día 22, no que se repartirá “Caldo de Gloria”. Haberá actuacións musicando poemas da padronesa e contarase coa intervención de Víctor Caamaño e Anxo Angueira.

L. T., “Betanzos ‘ventila’ los versos de Rosalía de Castro por su 182 cumpleaños”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 20 febreiro 2019, p. 16.

Informa dos actos que se realizarán en Betanzos para conmemorar o Día de Rosalía. A compañía Xandobela interpretará “Rosalía na voz da xente”, unha xincana literaria dramatizada. Ademais, os versos da escritora decorarán as principais sedes municipais e o día 22 interpretarase a peza *Sempre Rosalía*. Salienta que na Biblioteca Nacional Castelao, no centro cultural Santo Domingo, se pode ver unha mostra sobre a vida e obra de Rosalía.

Lamas, Jorge, “O fundador de Teatro do Morcego remata o seu derradeiro monólogo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Obituario”, 4 agosto 2019, p. 38.

Faise eco do pasamento de Celso Prada, lembrando que a súa traxectoria teatral foi recoñecida co Premio María Casares; o Xograr de Outono do Festival Outono de Teatro de Carballo; o Premio Roberto Vidal Bolaño; e no pasado mes de marzo, foi nomeado Académico de Honra pola Academia Galega de Teatro.

Lavandeira, Manuel, “Vimianzo e O Couto xuntan literatura, música e premios”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 7 maio 2019, p. 34.

Indica que na aldea do Couto (Ponteceso), se celebrará o Festiletras cunha ofrenda floral a Eduardo Pondal e unha lembranza a Xosé Neira Vilas. En Vimianzo, celebrarase a segunda gran Revolta das Letras no marco do Festival Neghra Sombra, organizado pola Asociación Cultural Cherinkas, e no que se darán cita os autores Suso Lista, Lola Canosa, Adhara Caamaño, Davide Creus, Estevo Creus, Suso Bahamonde, Vicente de Souza, Alberto Lema, Elena Busto, María Lado, Lucía Aldao, Lola Schultz, Rocío Leira, Daniel Salgado e Léo Kch.

Lema, Lara e S. L., “El BNG reivindica más memoria en su homenaje a Ánxel Casal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 21 agosto 2019, p. L4.

Saliéntase que o BNG reivindica a figura de Ánxel Casal, solicitando o cambio de nome da avenida Xoán Carlos I e pedindo a creación dunha comisión especial da memoria histórica.

Lema, X. M., “Carballo llena de literatura el jardín municipal con la Praza dos Libros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. Melide”, 11 xullo 2019, p. 35.

Informa sobre o acto en Carballo, a Praza dos Libros, no cal participarán María Canosa, Concha Blanco, Manuel Rivas, Diana Varela, Leticia Costas, Fernando Fernández Rego e Daniel Asorey, que presentará *As mulleres da fin do mundo*.

Limia de Gardón, Xabier, “Metauniversos cotiáns de onte e hoxe: Rosalía e Loly Villoch”, *La Región*, “Ciudad”, 25 febreiro 2019, p. 8.

Co gallo da conmemoración do nacemento de Rosalía, indica que moitos establecementos serviron o “Caldo de gloria”. Salienta tamén a iniciativa “Café con verso” de Ames e destaca que en Celanova, dende a Fundación Curros Enríquez, acadouse a participación de 43 establecementos de hostalaría, ademais do concerto didáctico “Especial Rexurdimento” con cancións dos tres autores: “Negra Sombra”, “Unha noite na eira do trigo”, “Cántiga” e o propio “Himno galego”. Menciona a revisión da obra de Rosalía por María Xesús Lama, *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*, premio nacional de ensaio.

Lizcano, Rocio, “Viñetas desde o Atlántico regresa a La Coruña con su viaje anual por las vías alternativas del cómic”, *ABC*, “Galicia”, 6 agosto 2019, p. 45.

Anuncia a nova edición de *Viñetas desde o Atlántico* na cidade da Coruña, onde a autora Yolanda Castaño presentará o procedemento de creación do seu cómic poético *O puño e a letra* (2018), editado xunto a máis de corenta debuxantes.

López, U. e J. Gómez, “Honran a Rosalía con música, poesía e caldo de gloria”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Cultura”, 22 febreiro 2019, p. L10.

Dá conta da celebración no Concello de Padrón da II Gala Rosaliana, cunha ducia de actividades para conmemorar o Día de Rosalía.

López, Belén, “Pilar Comesaña, Miguel Anxo Fernández e Gerardo Lorenzo pasarán por ‘Conversas na Uvi’”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 23 xaneiro 2019, p. 14.

Faise eco do ciclo de encontros abertos que organizan conxuntamente a Universidade de Vigo e o Diario de Pontevedra. No ciclo, nomeado “Conversas na Uvi”, Ramón Rozas entrevistará a Xosé Ballesteros, director e fundador da editorial Kalandraka. Tamén se realizará un encontro entre a xornalista Chus Gómez e o novelista e crítico de cine Miguel Anxo Fernández, autor da serie de novelas protagonizadas polo detective Frank Soutelo.

López, Belén, “La editorial de Sabino Torres, Litoral das Rías, pasa a manos de Gerardo Lorenzo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 23 xaneiro 2019, p. 50.

Informa de que a editorial de Sabino Torres, Litoral das Rías, pasa a mans do seu sobriño Gerardo Lorenzo, tras chegar este a un acordo cos herdeiros de Torres. Lorenzo sinala que quere continuar coa editorial en homenaxe a Sabino, e que espera empregala para sacar adiante proxectos do grupo de xornalistas cos que mantén unha tertulia literaria: Manuel Jabois, Xabier Fortes, Rafa Cabeleira, Rodrigo Cota, Ramón Rozas e Adrián Rodríguez.

López, Belén, “O fito dos ‘Álbumes da guerra’ de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 xaneiro 2019, p. 13.

Dá conta da publicación por parte de Galaxia, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, dun estoxo coas edicións facsimilares dos *Álbumes de guerra* de Castelao. Indica que esta edición é a primeira que se realizou a partir dos orixinais de Castelao, conservados no Museo de Pontevedra. Informa tamén de que no acto de presentación oficial no Museo participarán Diana Vilas e Xesús Alonso Montero.

López, Belén, “Isaac Díaz Pardo como referente”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 xaneiro 2019, p. 13.

Artigo que dá conta da celebración en Pontevedra do Día da Galeguidade Empresarial, na que o Foro Enrique Peinador homenaxea ao fundador de Sargadelos coa instalación dun busto realizado por José Molaes. O acto rematou coa interpretación do Himno de Galicia por parte do grupo Os Alegres.

López, Belén, “Tal día como hoxe no ano 1886”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 31 xaneiro 2019, p. 56.

Dá conta da conmemoración do aniversario do nacemento de Castelao por parte do Museo de Pontevedra e a Deputación Provincial, na que se presentou un estoxo especial cos *Álbumes de guerra* (Galaxia). No acto interviñeron como expertos Xesús Alonso Montero e Diana Vilas.

López, Belén, “A Deputación celebrará por adiantado o Día de Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 febreiro 2019, p. 13.

Faise eco da celebración do Día de Rosalía na cidade de Pontevedra, nun acto no que todos os asistentes recibirán como agasallo un libro de poesía editado pola Deputación Provincial dentro da colección Cíes e unha camelia da variedade Rosalía de Castro, da Estación Fitopatolóxica do Areiro.

López, Belén, “Non se che ocorra ser escritora”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 23 febreiro 2019, p. 50.

Informa da celebración do Día de Rosalía en Pontevedra, salientando que a lectura da obra de Rosalía de Castro dende unha perspectiva feminista centrou o acto institucional celebrado no Pazo Provincial. Indica que se celebrará unha actividade chamada “Cantare, galegas!”, que contará coa participación de Ugía Pedreira e A Banda da Loba.

López, Belén, “Contra os que nos queren silenciar: ‘Cantare, galegas!’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Día de Rosalía”, 25 febreiro 2019, p. 4.

Faise eco do acto no Museo de Pontevedra polo Día de Rosalía no que participaron Ugía Pedreira, A Banda da Loba e Eva Mejuto. Esta última leu o manifesto que Ana Romaní escribiu para o Día de Rosalía de 2019 por encargo da AELG e Ugía Pedreira realizou unha acción musical a partir de poemas de “Vaguedás”.

López, Belén, “Víctor Fernández Freixanes. ‘O triángulo inscrito na circunferencia’ é a obra que me abre as portas da literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 26 febreiro 2019, p. 42.

Recolle a presentación da reedición da novela orixinalmente publicada en 1982 de Víctor Fernández Freixanes, *O triángulo inscrito da circunferencia*. Na presentación, o autor agradece a Editorial Galaxia por poñer de novo nos andeis das librarías a súa obra, que foi a que lle abriu as portas da literatura de ficción. Explica o proceso de creación da novela no seu momento e o actual proceso de revisión da mesma.

López, Belén, “Repensar o mundo dende a literatura galega”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 marzo 2019, p. 11.

Indica que a AELG celebrará en Pontevedra un “Parlamento de escritores” no que participarán preto de corenta autores os días 15 e 16 de marzo. O día 15 celebrarase a mesa redonda “Liberdades civís e dereitos nacionais”, na que participarán Carme Adán, Laura Mintegi e Clàudia Pujol; e, a segunda mesa, “Violencia institucional, violencia estrutural”, que contará con Suso de Toro, Joan Elies Adell Pitarch e Ana Luísa Amaral. A iniciativa rematará cun recital de Aldalado no que participarán Manuel Rivas e Marica Campo, entre outros.

López, Belén, “Un roteiro teatralizado integrará a memoria das mulleres nas rúas da cidade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 marzo 2019, p. 14.

Informa sobre a ruta teatralizada “Rúas con memoria”, que se realizará en Pontevedra o 31 de marzo no marco da programación municipal “A memoria das mulleres”. Participarán máis de corenta persoas nesta proposta escénica escrita por Montse Fajardo e dirixida por Anxo Lourido.

López, Belén, “Estíbaliz Espinosa impartirá o taller de creación literaria da AELG en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 16 abril 2019, p. 35.

Apunta que Estíbaliz Espinosa será a encargada de impartir este ano o obradoiro de creación literaria que a AELG realiza en Pontevedra. A actividade contará tamén coa participación de Marilar Aleixandre, que impartirá unha clase especial. Repasa a traxectoria literaria de Estíbaliz Espinosa, as traducións dos seus títulos a outros idiomas e os premios cos que foi galardoada.

López, Belén, “Os nenos queren ser poetas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 25 abril 2019, p. 46.

Informa que Fina Casalderrey amadriña un recital poético do alumnado do centro Kairós na Taberna do Jazz de Pontevedra.

López, Belén, “Leticia Costas e Pedro Feijóo celebrarán o 17 de maio en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 11 maio 2019, p. 50.

Informa da celebración do 17 maio en Pontevedra, na que os libeiros saíran á rúa. Varios autores acudirán a presentar as súas obras e a manter encontros co público. Entre eles están Leticia Costas, autora de *Infamia*; Arantza Portabales, autora de *Beleza vermella*; Pedro Feijoo, que vén de lanzar a undécima reedición de *Os fillos do mar* e segue a triunfar cos seus últimos títulos *Camiñar o Vigo vello* e *Sen piedade*. Tamén estará presente Iria Collazo, que vén de publicar *A casa do paralelo 54*.

López, Belén, “Carlos Valle analizará as viaxes de Castelao a Francia no Instituto Cervantes de París”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad” “Pontevedra”, 15 maio 2019, p. 22.

Apunta que Carlos Valle ofrecerá no Instituto Cervantes de París o 17 de maio unha conferencia sobre Castelao, baixo o título “Castelao en France”.

López, Belén, “Cancións para elas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 24 maio 2019, p. 49.

Faise eco da publicación do novo disco do pontevedrés Ángel Paz, *Rostros invisibles*, inspirado no libro *Invisibles*, no cal Montse Fajardo recompilou unha serie de historias de mulleres maltratadas.

López, Belén, “Dentro do discurso de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 xullo 2019, p. 10.

Informa da chegada da exposición “Alba de gloria” ao Pazo da Cultura de Pontevedra. Explica que se recrea o discurso histórico de Castelao, o último que pronunciou en vida.

López, Belén, “Abi Castillo. ‘Aquí hai que picar moita pedra’”, *Diario de Pontevedra*, “Á última”, 9 setembro 2019, contracuberta.

Entrevista con Abi Castillo, ilustradora de *Pioneiras 2*, obra escrita por Anaír Rodríguez, na que fala sobre a súa faceta como ilustradora.

López, Belén, “Alonso Montero recupera o manual de literatura galega de Alfredo de la Iglesia para o Instituto de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 26 setembro 2019, p. 48.

Recolle información sobre a presentación na Casa das Campás o 26 de setembro do volume *Alfredo Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de instituto (1919)*, publicado en 2018.

López, Belén, “Abdul Hadi Sadoun. ‘El escritor debe creer que una palabra puede cambiar el mundo’”, *Diario de Pontevedra*, “A la última”, 7 outubro 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista ao poeta Abdul Hadi Sadoun, que vén a Galicia para ofrecer un recital na Canteira de Paredes, en Vilaboia, logo de coincidir o ano anterior con Pepe Cáccamo no taller dirixido por Yolanda Castaño de tradución poética na Illa de San Simón. Alí, Pepe Cáccamo traduciu a súa obra en galego e el verteu a outros poetas ao árabe.

López, Belén, “Falece aos 87 anos Manuel Álvarez Torneiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 10 outubro 2019, p. 45.

Faise eco do pasamento do escritor Manuel Álvarez Torreiro, que faleceu o martes 8 de outubro na cidade da Coruña, na que nacera e onde residía, aos 87 anos. Repasa a súa traxectoria, facendo fincapé no Premio Nacional de Poesía obtido en 2013 e nas súas últimas obras editadas baixo o selo de Kalandraka. Recolle mensaxes públicas de condolencia, como as de Mercedes Queixas, Henrique Rabuñal, Alberto Lema, Armando Requeixo e Ramón Nicolás.

López, Belén, “Pontevedra quiere ser ‘cidade lorquiana’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 outubro 2019, p. 12.

Informa da programación organizada en Pontevedra pola Editorial Alvarellos e Polo Correo do Vento en colaboración co Museo, cunha serie de actividades para lembrar a estancia de Federico García Lorca na cidade. Propoñen converter o 25 de outubro no Día de Lorca en Galicia. Alvarellos sinala que, logo de documentarse sobre a estancia de Lorca en Galicia, publicou dous títulos: *El gran viaje de estudios de García Lorca* e a edición facsimilar de *Seis poemas galegos*.

López, Belén, “A cultura galega ponse a enxoito”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 23 novembro 2019, p. 45.

Faise eco da celebración do Culturgal, explicando que, entre os grandes nomes da cultura galega, pasarán polo festival figuras como Miguelanxo Prado, Leticia Costas, Oliver Laxe, Marful, Chévere, Quico Cadaval, Dios Ke Te Crew, Tanxugueiras e Xurxo Souto. Tamén menciona o espazo infantil, por onde pasarán María Fumaça, Mamá Cabra e Xoán Curiel, entre outros.

López, Belén, “De cando o pirata Benito Soto encabezou unha revolta poética dende Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 23 novembro 2019, p. 46.

Recolle información sobre o acto de conmemoración do 70 aniversario do nacemento da colección Benito Soto, a primeira colección de poesía galega que se publicou trala guerra civil española. Participaron no acto, conducido por Fina Casalderrey, familiares de Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Cuñá Novás e Manuel Fabeiro, xunto a autores como Eva Mejuto, Antón Sobral, Xaime Toxo e os académicos Xosé Luís Franco Grande e Marilar Aleixandre. A conmemoración arrincou coas intervencións do presidente da RAG e de Carmela Silva e con outras tres intervencións que analizaron diferentes aspectos da colección. Xesús Alonso Montero centrouse na propia historia da colección, Ana Acuña afondou na súa relación con outros proxectos impulsados por Sabino Torres (a colección Hipocampo Amigo e *Olga. Revista de poesía galega en Madrid*) e Patricia Arias Cachero defendeu a importante influencia de Aquilino Iglesia Alvariño no cambio da colección cara ao galego.

López, Belén, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Breve crónica da segunda xornada da feira Culturgal en Pontevedra. A xornalista recolle, entre outras actividades musicais, as presentacións do ensaio do historiador Diego Piay, *María Vinyals, a muller do porvir*; *Ardora*, de Beatriz Maceda, gañadora do II Premio de Narración Xuvenil María Victoria Moreno; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; a colección Makakiños, de Kalandraka; a edición ilustrada por Miguel Robledo para a tradución de Samuel Solleiro de *Frankenstein*; a colección Púrpura, de Hércules de Ediciones, que traduce ao galego clásicos da literatura feminista como *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

López, Belén, “O Concerto de Aninovo ficha a Réduit Emsemble”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 decembro 2019, p. 10.

Explica que o coro vigués Réduit Ensemble, xunto á Orquestra Filharmónica de Pontevedra, estreará unha opereta con textos de Fina Casalderrey.

López, Guille, “Manuel A. Torneiro ‘Rigorosamente humano’”, *Diario de Pontevedra*, “La revista”, n.º 31.416, “Obituario”, 31 decembro 2019, p. 39.

Dá conta do pasamento de Manuel A. Torneiro o 8 de outubro de 2019. Destaca que o escritor coruñés foi Premio Nacional de Poesía en 2013 co seu poemario *Os ángulos da brasa*.

López, Rafa, “Uxío Xil, el humorista que cautivó a Carlos Herrera”, *Faro de Vigo*, “Servicios”, 9 xaneiro 2019, p. 47.

Desvélese a historia de Uxío Xil, un vigués que enviou unha casete con chistes ao xornalista Pepe Domingo Castaño no ano 1994. A cinta chegou a mans de Carlos Herrera, quen hoxe en día adoita emitir un deses chistes no seu programa radiofónico matinal. Sinálase que Uxío Xil, ademais de humorista, ten escrita unha colección de “pensamentos poéticos” dedicados a Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, Castelao e Víctor F. Freixanes.

López, Ruth, “A RAG asina a paz para que Carballo Calero protagonice o Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”/ *El Progreso*, “Cultura, “Vivir”, 23 xuño 2019, p. 47.

Faise eco da decisión tomada no plenario da Real Academia Galega na que escolleu a Ricardo Carvalho Calero como figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020, con 21 votos a favor, un en branco e un en contra. A RAG salienta que é “unha das figuras máis relevantes da cultura galega da segunda metade do século XX”.

López, Teófilo, “O sexto roteiro de Avelino Díaz da Órrea a Meira congrega un cento de persoas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 setembro 2019, p. 10.

Informa da sexta edición da ruta organizada pola Asociación Avelino Díaz para promover a figura do poeta de Meira.

López, Uxía, “Galicia celebra o día de Rosalía con alborada e caldo de gloria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 febreiro 2019, p. 35.

Con motivo da conmemoración do Día de Rosalía, faise eco das propostas da Fundación Rosalía de Castro, da elaboración do “caldo de gloria” tanto en ámbitos públicos coma no fogar. O día 24, na Casa da Matanza, Leticia Costas encargárase de preparar o caldo de gloria, interpretarase a alborada e plantarase un carballo de Guernica.

López, Uxía, “Un abrocho do carballo de Guernica volve medrar no xardín da Casa de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 febreiro 2019, p. 36.

Logo de sacar o carballo de Guernica da Casa da Matanza, realizouse unha nova plantación da árbore nun acto conxunto da Fundación Rosalía de Castro e as Xuntas Generales de Biscaia, dentro do programa conmemorativo do Día de Rosalía.

López, Uxía, “A Casa de Rosalía expón novos cadros de Ovidio Murguía”, *La Voz de Galicia*, “Área metropolitana”, 11 abril 2019, p. 36.

Indica que Casa Museo Rosalía de Castro se fixo con dous cadros de Ovidio Murguía, fillo da escritora. Os óleos, pintados no ano 1985, levan por título *Labrando a terra* e *Paisaxe galega con figura*. Tamén incorpora unha paleta do fillo de Rosalía e un azulexo pintado.

López, Uxía, “A Casa de Rosalía encherase de cultura os días 13 e 14 de xullo para lembrar con varios actos a data do seu pasamento”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 30 xuño 2019, p. L9.

Con motivo do aniversario do pasamento da escritora, a Fundación Rosalía de Castro de Padrón celebrará por segunda vez o festival “Abride a fiestra”, que terá lugar os días 13 e 14 de xullo. No acto, participarán, entre outros, Pedro Feijoo, Pepe Barro, Xosé Ramón Barreiro, Francisco Rodríguez, Carlos Dacal e Olga Novo. A Fundación entregará o día 14 a Rosa de Galicia á familia de Xosé Villar Granjel, persoa clave, xunto con Xosé Mosquera, na recuperación e compra da Casa de A Matanza no ano 1946.

López, Uxía, “A Casa de Rosalía acondicionará o pavimento dos exteriores para mellorar a súa accesibilidade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 18 xullo 2019, p. L5.

Recolle información sobre os dous convenios que a Fundación Rosalía de Castro asinou coa Consellería de Cultura. O primeiro convenio permitirá o acondicionamento dos accesos á Casa da Matanza; e, o segundo, permitirá levar a cabo programas de actuación para coñecer con rigor intelectual a figura da autora, a súa produción e publicacións e continuar coa recompilación da súa obra para completar a biblioteca e o arquivo rosaliano.

López, Uxía, “Visitas teatralizadas: outra maneira de coñecer Padrón”, *La Voz de Galicia*, “*El Comarcal*”, n.º 5, “Boqueixón”, 31 xullo 2019, p. 29.

Informa sobre as visitas teatralizadas que terán lugar no concello de Padrón até o 15 de setembro e que se basean na historia da Traslatio e na figura de Rosalía de Castro. Interpreta a Rosalía un membro da compañía teatral Os Quinquilláns, e outro fará de Brocos, o pintor que retratou á escritora.

López, Uxía, “Dodro invita a ver as xeografías familiares de Eusebio Lorenzo”, *La Voz de Galicia*, “*El Comarcal*”, n.º 10, “Patrimonio cultural”, 19 decembro 2019, p. 10.

Informa que o Concello de Dodro inicia un itinerario que percorre as xeografías familiares de Eusebio Lorenzo Baleirón, combinando poesía, literatura e paseo.

López Escudeiro, M^a Xesús, “María Ameijeiras, alumna de Castelao”, *Sermos Galiza*, “*fóradeserie*”, n.º 354, “de memoria”, 11 xullo 2019, p. 11.

Artigo sobre María Ameijeiras, que, ao seu paso pola Escola Preparatoria, foi alumna de Castelao, quen deixou unha fonda pegada nela. Lembra as ensinanzas do seu mestre, tanto no artístico coma no compromiso coa cultura propia.

Loureiro, Ramón, “Aparecen dos cartas inéditas de Cunqueiro y Vicente Aleixandre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2019, p. 39.

Faise eco da aparición de dúas cartas, unha de Vicente Aleixandre datada en 1976 e outra de Álvaro Cunqueiro, de finais do ano 73 ou principios do 74. Nelas, falan da irrupción de César Antonio Molina no mundo da creación literaria.

Lourenzo, Xosé, “Rosalía, o pensamento continúa”, *Sermos Galiza*, n.º 335, “Tema de primeira”, “Aniversario do nacemento, 21 febreiro 2019, pp. 2-3.

Con motivo do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, salientaa como figura incuestionábel da literatura europea do século XIX e analiza o seu legado máis alá do artístico e o seu feminismo, ligado á cuestión nacional galega e ao clasismo.

Luaña, Susana, “Roberto Leal Jiménez ‘Llevo casi treinta años en Santiago y creo que es mi lugar en el mundo’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Compostelanos en su rincón”, 2 decembro 2019, contracuberta.

Conversa co actor de teatro Roberto Leal Jiménez. Salienta que estreará en abril *O mozo da última fila*, da compañía Redrum.

M. A. N., “La apertura de la casa museo de Cunqueiro dinamiza cultura y turismo en Mondoñedo”, *El Progreso*, “A Mariña”, 2 marzo 2019, p. 24.

Informa da inauguración da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo. A súa apertura enmárcase nos actos do 38 aniversario do falecemento do autor.

M. C. S., “Freixanes. ‘Brañas ten méritos abondos para ser homenaxeado nas Letras’”, *El Ideal Gallego/Diario de Arousa/Diario de Ferrol*, “Galicia”, 12 xaneiro 2019, p. 21.

Dá conta dun acto celebrado en Carballo para festexar o 160 aniversario do nacemento de Alfredo Brañas, ao que acudiron numerosas persoas vinculadas á Real Academia Galega. O seu presidente, Víctor Fernández Freixanes, declarou que Brañas ten “méritos abondos” para que se lle dedique o Día das Letras Galegas, mais resaltou a importancia de difundir a súa obra e figura.

M. C. S., “Nunca los Reyes Magos compraron literatura tan diferente”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Sociedad”, “Reportaje”, 4 xaneiro 2019, p. 36.

Sínálase que entre os libros máis vendidos na librería coruñesa Moito Conto se atopa *A torre*, de Antonio Sandoval.

M. D., “Mondoñedo e Viveiro lembraron a Noriega Varela no seu 150 aniversario”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 21 outubro 2019, p. 53.

Faise eco dos actos celebrados en Mondoñedo e Viveiro con motivo do 150 aniversario de Antonio Noriega Varela.

M. D., “Ribadeo nombrará a la poetisa Luz Pozo Garza como Hija Predilecta”, *El Progreso*, “A Mariña”, 26 decembro 2019, p. 13.

Indica que o Concello de Ribadeo someterá a aprobación no pleno o nomeamento da poeta Luz Pozo Garza como Filla Predilecta. A concelleira de cultura, Pilar Otero, xustifica a elección dada “a súa incuestionábel calidade literaria e pola unión sentimental que sempre expresou polo seu concello de nacemento, que menta ademais como un dos motores da súa produción poética”.

M. G., “O Festival Kerouac achega a Nova York a poesía galega do 3 ao 6 de abril”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2019, p. 34.

Faise eco da celebración do Festival Kerouac en Nova York do 3 ao 6 de abril. Dende Galicia viaxarán cos seus versos Mma Bomwas, Celia Parra, José Lameiras e Marcos de la Fuente. Tamén participarán creadores galegos asentados nos Estados Unidos, como Francisco Álvarez (Koki), Vanesa Álvarez e Alberto Avendaño.

M. G., “El teatro gallego debatirá sus líneas estratégicas hasta el 2030 en un congreso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2019, p. 34.

Informa que a Academia Galega do Teatro organizará en Santiago do 25 ao 28 de marzo o primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego.

M. G. M., “Pola súa escrita e por ser como é, Xulio Valcárcel recibe unha homenaxe dos seus”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 19 xaneiro 2019, p. 36.

Dá conta dunha comida en homenaxe ao escritor Xulio Valcárcel, na que participaron, entre outros, Armando Requeixo, Fernán Vello, Manuel Forcadela, Pepe Cáccamo, Eva Veiga e Teresa Xeada. Apareceron por sorpresa nunha comida que tiña apalabrada con Luciano Rodríguez, quen, xunto con Diana Varela, coordinou un volume no que trece plumas analizan a traxectoria de Valcárcel.

M. G. M., “Cadros que son pintura e música ao mesmo tempo”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 8 febreiro 2019, p. 37.

Achega información sobre o proxecto “Tentación sonora”, que combina música e pintura. No catálogo, escriben personalidades como as poetas Eva Veiga e Pilar Pallarés.

M. G. M., “Yolanda Castaño saca adelante una residencia artística para escritores en Riego de Agua”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 22 febreiro 2019, p. 36.

Informa sobre a creación dun programa de residencias literarias por parte da poeta Yolanda Castaño e que baixo o título de Residencia 1863, en honor a Rosalía, pretende ser un punto de encontro na Coruña para grandes escritores da literatura mundial.

M. G. M., “Unha editorial ‘indie’ que pon cara a todo o que publica”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Sociedad”, 26 febreiro 2019, p. 37.

Reportaxe sobre Medulia Editorial no seu primeiro aniversario. Á festa deste primeiro ano de andaina acudiron varios autores que viron obras publicadas baixo o seu selo: Vicente Reboleiro, Dionisio de Ana e Claudia Castro. Diana Varela indica que na actualidade están a traballar nunha publicación sobre Man, o alemán de Camelle.

M. G. M., “O chileno Raúl Zurita estreará a Residencia literaria 1863 cun recital desde o balcón”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 27 febreiro 2019, p. 37.

Informa que o escritor chileno Raúl Zurita escribirá os primeiros versos na Residencia Literaria 1863.

M. G. M., “Una revista especial para coleccionistas sobre Wenceslao”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol*, “Sociedad”, 5 marzo 2019, p. 37.

Indica que a Fundación Wenceslao Fernández Flórez vén de publicar o segundo número da súa revista *Volvoreta*.

M. G. M., “Viajando por Michigan durante 18 días de coma inducido”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol*, “Sociedad”, 14 marzo 2019, p. 37.

Faise eco da inauguración da videinstalación baseada no libro *Michigan/Acaso Michigan*, de Antón Reixa.

M. L., “Costa do Solpor' xa está na biblioteca do Bela Fisterra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 9 maio 2019, p. 35.

Nota que indica que o historiador e escritor Xosé María Lema fixo entrega dun exemplar asinado da súa novela *Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro* á biblioteca do hotel Bela Fisterra.

M. M., “A barquiña poética de Bodaño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 marzo 2019, p. 38.

Informa da homenaxe na Coruña a Salvador García Bodaño polo Día Internacional da Poesía baixo o título “Horas de Compostela”. Interviñeron Víctor Freixanes, Andrea Porto, Arcadio López-Casanova, Xosé Luís Franco Grande, Margarita Ledo Andián, Dores Tembrás, Marilar Aleixandre, Miro Casabella e Xesús Alonso Montero.

M. M., “El sexto Roteiro Avelino Díaz se celebrará el 1 de septiembre”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 agosto 2019, p. 14.

Nota que dá conta da actividade organizada pola Asociación Cultural Avelino Díaz, a sexta edición do “Roteiro Avelino Díaz”, que terá lugar o 2 de setembro e que trata de poñer en valor a figura do poeta e reivindicar que se lle dedique un Día das Letras Galegas.

M. M. O., “Homenaxe do CPI bañés a Seoane polo Día das Artes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 abril 2019, p. 29.

Indica que o CPI da Baña conmemorou o Día das Artes Galegas homenaxeando a Luís Seoane.

M. N., “Un debate a tres sobre o que se chama amor”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 febreiro 2019, p. 14.

Informa sobre o coloquio sobre o amor que tivo lugar na Casa del Libro de Vigo, onde participaron as autoras Iolanda Zúñiga (*Noites de safari. Manual sobre amantes desorientados*), Amada Traba e Chis Oliveira (*Ám@me*).

M. N., “Rosalía de Castro e a súa biógrafa, unidas na homenaxe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 febreiro 2019, p. 14.

Co gallo do Día de Rosalía organizouse no auditorio municipal de Vigo unha homenaxe á autora, na que interveu Xesús Alonso Montero, viúvo de Victoria Ruiz de Ojeda, biógrafa da poeta. María Xosé Queizán recitou o poema “A xustiza pola man”; e Montse Copa, “De soidás morriase”, e “No claustro”. Léronse tamén composicións que outros autores como Curros Enríquez ou García Lorca crearon en homenaxe a Rosalía. Ao rematar o acto, repartiuse entre o público a homenaxe publicada por Ruiz de Ojeda na revista *Madrygal*.

M. N., “Doce voces gritan poesía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 marzo 2019, p. 12.

Recolle información sobre os eventos que tiveron lugar en Vigo con motivo do Día Mundial da Poesía. Entre eles, Fátima Delgado presentou *Ninfopoética* e Lupita Hard recitou os versos do libro póstumo de Sesé Mateo.

M. N., “Juegos, préstamos y presentaciones con sabor literario”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2019, p. 13.

Faise eco das celebracións con motivo do Día do Libro en Vigo, entre as cales se atopa a presentación do libro *Chámame señora, pero trátame como un señor*, de Inma López Silva.

M. N., “El Kerouac ‘poetizará’ Vigo a partir del viernes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 outubro 2019, p. 17.

Informa do festival poético Kerouac, que terá lugar en Vigo a partir do 6 de outubro e se inaugurará coa poesía de La Movida, Rompente e outros invitados internacionais e locais como Lisbon Poetry Ensemble, Rocío Cerón, Silvia Penas, Tamara Andrés, Samir Delgado ou Yolanda Castaño.

M. N., “Voces femeninas en la literatura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 outubro 2019, p. 17.

Faise eco da celebración do Día das Escritoras na biblioteca Juan Compañel. Escolléronse dezanove fragmentos das escritoras Teresa de Jesús, Feliciano Enríquez de Guzmán, Ana Caro de Mallén, Sor Juana Inés de la Cruz, Isabel María Morón, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Carmen de Burgos, Robustiana Mujica Egaña, Alfonsina Storni, Dulce María Loynaz, Anna Murià, Ernestina de Champourcín, Carmen Laforet, Maruxa Orxales, Alejandra Pizarnik, Esther Tusquets, Montserrat Roig e Dulce Chacón.

M. N. e Joaquín **Abraldes**, “Atmósfera feminista entre letras”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 xuño 2019, p. 12.

Nota sobre a Feira do Libro en Vigo, que nesta edición se centra no feminismo e que acollerá unha exposición de mulleres destacadas da cultura e a literatura galega como Concepción Arenal, María Xosé Queizán ou Yolanda Castaño. Presentarase o libro *As nosas letras de Muller a Muller*, que conta con textos de Ánxela Lema París.

M. O. M., “O puño e a letra’ poesía debuxada”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Viñetas desde el Atlántico”, 8 agosto 2019, p. 10.

Indica que Yolanda Castaño presentará o seu volume *O puño e a letra* (2018), obra que supón os inicios editoriais galegos do xénero *comic poetry*. Explica que, no volume, 40 artistas ilustran 40 composicións da poeta, que desenvolveu o seu interese polo xénero logo dunha viaxe a Italia.

M. S., “O mapa do Camiño segundo Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Cara ao Xacobeo 2021”, 16 decembro 2019, p. 30.

Informa que a Fundación Novoneyra localiza nunha ferramenta web os lugares presentes en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, obra publicada en 1999.

M. T., “Noia acolle mañá a presentación do audiolibro ‘A+A’, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 22 novembro 2019, p. 34.

Dá conta da presentación do libro *A+A*, de Ricardo de Barreiro na casa da cultura Avilés de Taramancos de Noia o 23 de novembro.

M. V., “Fernando Salgado. ‘Escribín este libro para que non se perda o rastro do meu avó”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 25 xaneiro 2019, p. 12.

Dá conta da presentación na Casa das Campás de Pontevedra do libro *1306/36*, no que Fernando Salgado recupera a historia do seu avó materno, Pancho Varela, comprometido de Izquierda Republicana represaliado e executado polo franquismo.

M. X. B., “Xohana Torres e Antón Avilés de Taramancos reencontráronse en Noia 16 anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Os referentes da nova académica”, 7 abril 2019, p. 36.

Dá conta que, no ingreso de Ana Romaní na RAG, amenta como referentes a Xohana Torres e Antón Avilés de Taramancos.

Malvido, Gemma, “Neno, tremendo grelo!”, *La Opinión*, “a coruña”, 24 febreiro 2019, p. 8.

Faise eco da sexta edición do libro *Contos da Coruña*, de Xurxo Souto.

_____, “A Coruña, da man de Federico García Lorca”, *La Opinión*, “a coruña”, 6 agosto 2019, p. 10.

Apunta que a editorial Alvarellos rende homenaxe a Federico García Lorca proxectando un documental sobre a súa última visita á cidade. Lembra as relacións do vate con Galicia e amenta as súas seis creacións en galego.

Mar, M., “El Gaiás te invita a un ‘serán’ de hace un siglo con más de medio millar de músicos”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, “Cita en Compostela”, 24 xuño 2019, p. 43.

Indica que, no marco do II Encontro Galego de Cultura Popular que se celebrará en Santiago de Compostela entre o 28 e o 30 de xuño, se realizará unha verbena como as que se celebraban entre os anos 1916 e 1931, anos nos que estivo vixente o colectivo das Irmandades da Fala.

Mariño, A., “Literatura al dictado de las modas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/*La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 29, 11 xaneiro 2019.

A raíz dun chío en Twitter do escritor Arturo Pérez-Reverte no que ironiza sobre o número de novelas co tema do Holocausto, o artigo recolle as visións de varios escritores galegos sobre as modas literarias. Pedro Feijoo coincide con Reverte en que se abusa de certas temáticas e sinala que, coa auxe de obras relacionadas co movemento feminista, córrese o risco de rematar sobreexplotando e banalizando o tema. Tamén sinala que a súa primeira novela, *Os fillos do mar*, foi tachada de “cáncer de la literatura gallega”, mais rematou por crear unha tendencia. Leticia Costas critica que Reverte banalice a literatura do exterminio. A respecto da literatura feminista, asegura que é incuestionábel a necesidade de recuperar a memoria das mulleres invisibilidades pola historia, pero que debe facerse con rigor. Francisco Castro sinala que é obvio que existen modas á hora de publicar e escribir, e sinala que el mesmo recibiu propostas de editoriais para escribir sobre temas vixentes, pero que sempre as rexeitou e que dende Galaxia (editorial da que é director) nunca se fan encargos. Pola súa banda, a poeta Yolanda Castaño sinala que no caso da poesía, ao ser un ámbito á marxe do mercado, se pode falar máis de tendencias, que xorden de xeito máis sutil e inconsciente, que de modas.

Mariño, A., “Villares debulla ‘Arredor de si’, de Otero Pedrayo, nun ensaio sobre a Xeración Nós”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 febreiro 2019, p. 37.

Dá conta da presentación na librería Cartabón de Vigo da reedición de *Fuga e retorno de Adrián Solovio*. Esta reedición vese enriquecida con novas achegas e observacións de Ramón Villares, que documenta e contextualiza algunhas das chaves do pensamento da Xeración Nós. Articula o texto de *Arredor de si* e mesmo dialoga con Ramón Otero Pedrayo.

Martín, Irene, “Galicia ten unha visión superficial do que representa e nos achega o Camiño”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “En primeira persoa”, 9 febreiro 2019, cuberta.

Artigo sobre Manuel F. Rodríguez no que se menciona a novela *A viaxe á fin do mundo*, editada en 2015 por Bolanda.

Martínez, Alberto, “Emotiva homenaxe da RAG no Día Mundial da Poesía a García-Bodaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 22 marzo 2019, p. 33.

Informa da homenaxe na sede da RAG a Salvador García-Bodaño Zunzunegui con motivo do Día Mundial da Poesía. Conduciu a homenaxe a poeta e música Andrea Porto e comentaron e escolmaron os versos do autor Dores Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos, Xosé Luís Franco Grande, Margarita Ledo Andión, Helena Villar Janeiro, Darío Xohán Cabana e Luz Pozo Garza.

Martínez, Alberto, “Auténticas joyas literarias de siglos pasados a buen precio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 agosto 2019, p. 31.

Faise eco da 28 edición da Feira do Libro da cidade herculina.

Martínez, Alberto, “Campaña para chamar a una estrela Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 outubro 2019, p. 36.

Dá conta da iniciativa promovida pola Agrupación Astronómica Ío para que a estrela HD 149143 se chame Rosalía e o seu exoplaneta leve o nome de Sar. A iniciativa foi presentada na Casa das Ciencias herculina polo coordinador da Agrupación Astronómica, Martín Pawley, e o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira.

Martínez, L., “La Fundación Curros Enríquez consigue otro escrito del poeta”, *La Región*, “Provincia”, 19 setembro 2019, p. 31.

Informa que a biblioteca da Fundación Curros Enríquez de Celanova se fixo cunha nova adquisición para os seus fondos bibliográficos: a publicación do informe oral pronunciado polo avogado Luciano Puga, que se encargou de defender a Manuel Curros Enríquez no ano 1881 ante a Audiencia da Coruña, cando fora acusado pola súa publicación *Aires da miña terra*.

Mateos, Laura, “Día de Rosalía de Castro”, *La Región*, “xornal escolar”, “encadenados”, “wikicoñecementos”, 20 febreiro 2019, p. 8.

Con motivo do Día de Rosalía, presenta unha serie de *wikicoñecementos* agrupados en torno á música, repasando a musicalización de varios poemas da autora; á lingua galega explicando que foi percusora no uso culto do galego; á creatividade, sendo fonte de inspiración para numerosos artistas; e ás novas tecnoloxías, explicando a presenza da súa figura nas redes.

Martínez, Alberto, “García Calvo: ‘La ruta a Teixido es la pata coja del camino a Santiago de Compostela’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 xuño 2019, p. 37.

Informa da comparecencia no Club FARO de José García-Calvo, coordinador dos Roteiros Culturais da Universidade de Vigo, que, xunto con Moncho Conde Corbal, faláron do libro que realizaron, *Guía Pelegrinaxe de Ourense a Santo André de Teixido*, unha vía actualizada da que fixeron hai 90 anos Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben Cho Shey.

Mato, Mar, “A profunda reflexión poética de Bodaño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 marzo 2019, p. 36.

Dá conta da homenaxe realizada a Salvador García Bodaño no Día da Poesía na sede da Real Academia na Galega. O acto abrírao Víctor Feixanes e pecharao Xesús Alonso Montero e será conducido por Andrea Porto. Os versos de Bodaño serán recitados por Dores Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos, Luz Pozo, Margarita

Ledo, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre.

Mato, Mar, “Uxía enreda a Martirio, Pedreira y Paris para cantar alalás, copla y jotas en Vigo”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, “Música para el corazón”, 9 maio 2019, p. 59.

Indica que Uxía presenta en Valencia, no concerto inaugural de Enomusic 2019, o proxecto *Uxía-o* (2017), un libro-disco dedicado a Uxío Novneyra.

Mato, Mar, “O profeta do mar que quixo vivir”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xuño 2019, p. 19.

Recolle información sobre a peza *Bernardino Graña. O home que quixo vivir*, documental dirixido por Xan Leira co que homenaxea ao vate e no que repasa as súas aportacións literarias, sociais e políticas.

Mato, Mar, “Carvalho Calero acariña as Letras”, *La Opinión*, p. 33/ *Faro de Vigo*, p. 35, “Sociedad”, 19 xuño 2019.

Faise eco da próxima reunión do plenario da Real Academia Galega para votar e decidir a persoa á que se lle dedicará o Día das Letras Galegas 2020. Apunta que, logo de ser rexeitada en seis ocasións, a candidatura de Ricardo Carvalho Calero cobra moita forza. Vaticinan que a súa candidatura tería, como mínimo, uns 22 votos. Recolle declaracións de Margarita Ledo e Xosé Luís Axeitos.

Mato, Mar, “O ‘boom’ do libro galego na volta ó mundo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 xuño 2019, p. 41/ *La Opinión*, “Sociedad”, 24 xuño 2019, p. 21.

Nun artigo sobre obras galegas traducidas a linguas estranxeiras menciona a Manuel Rivas, o autor galego máis traducido ao inglés, que vén de publicar o título *The mouth of the earth*, obra traducida por Lorna Shaughnessy para Poetry Book Society.

Mato, Mar, “A Casa Rosalía de Castro abre unha subscrición popular para sobrevivir nos vindeiros anos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 novembro 2019, p. 36.

Informa da iniciativa que recupera a Casa Rosalía de Castro, que a inicios dos anos 70 do pasado século organizara unha campaña para o seu mantemento e as súas actividades. A campaña de subscrición popular está acesa e será presentada no Culturgal.

Mato, Mar, “Sabela, la reina gallega de Youtube”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 11 decembro 2019, p. 55 / *La Opinión*, “gente”, 12 decembro 2019, p. 54.

Presenta o top 5 de videoclips en galego máis reproducidos en Youtube, mencionando en cuarta posición ao grupo De Vacas co seu tema “Rexurdimento”, que homenaxea a Rosalía de Castro musicando o poema “Nasin cand’as prantas nasen”.

Medrano, C., “Fervenzas Literarias sinala á Librería Miranda como a cuarta mellor de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 18 xaneiro 2019, p. 21.

Informa de que a revista de Literatura Galega Fervenzas Literarias sinalou *Besta do seu sangue* de Emma Pedreira como o mellor libro de narrativa de 2018, e *Todo isto antes era noite* de Lucía Aldao como o máis destacado de poesía.

Medrano, Clara, “Bueu despedirá xaneiro entre actos culturais de poesía e literatura”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 25 xaneiro 2019, p. 17.

Informa de varios actos culturais en Bueu, entre eles: a exposición de retratos do fotógrafo Anxo Cabada “O imaxinario do país. Letras de magnesio”, un “panorama paisaxístico dos rostros da literatura galega contemporánea”; un recital de poesía conducido por Xaime Toxo coa participación de Tamara Andrés, Carmen Quinteiro e María Loira Gago; un encontro co escritor Diego Alfonsín; e a presentación do documental “Vértices de versos”, seguida dun recital poético a cargo de Lucía Novas, Míriam Ferradáns e Baldo Ramos.

Medrano, Clara, “Unha dura homenaxe a Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Morrazo”, 23 febreiro 2019, cuberta.

Faise eco da presentación en Madrid da tradución ao castelán da novela de María José Rodríguez, *Por amor a ti, meu fillo*.

Medrano, Clara, “Marilar Aleixandre falará de mulleres e literatura en Marín”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 2 maio 2019, p. 13.

No marco da celebración do evento organizado polo Espazo Feminista de Marín para conmemorar o Día do Libro, “Unha ollada feminista á literatura”, Marilar Aleixandre ofrecerá unha charla na biblioteca pública municipal Vidal Pazos, na que falará do papel da muller na literatura galega e repasará os títulos das obras máis representativas en galego.

Melchor, Xurxo, “El misterio de ‘Lela’ se va a la tumba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2019, p. 36.

Revela que o autor da música do poema “Lela”, de Castelao, foi o mestre Rosendo Mato Hermida.

Méndez, Mila, “Campana para que una estrella se llame Rosalía de Castro: ‘Ten unha proxección internacional”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 29 outubro 2019, p. 24.

Faise eco da proposta de nomear a estrela HD 1419143 Rosalía, salientando a presenza en Twitter da etiqueta #EstrelaRosalía.

Menéndez, Nacho G., “Antón Lamazares é un pintor poeta. O meu pai foi un poeta pintor”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 17 abril 2019, p. 43.

Informa da estrea da exposición “Flor Novoneyra” no Museo Provincial de Pontevedra. A mostra está composta por 36 obras de Antón Lamazares, 37 caligramas orixinais de Uxío Novoneyra e varias pezas audiovisuais que repasan as vidas do pintor e do poeta. Apunta que Lamazares coñeceu a poesía de Novoneyra, coñeceu a obra do poeta no ano 1969 no Instituto do Calvario de Vigo da man de Xavier Pousa, o seu profesor de debuxo, que lle achegou *Os Eidos*.

Menéndez, Nacho G., “O legado do lugués Xabier P. Docampo reverdece nunha sentida homenaxe”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 30 maio 2019, p. 41.

Faise eco da homenaxe a Xabier P. Docampo no teatro Rosalía de Castro da Coruña nun acto organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda. No acto, participaron amigos do autor como Alfonso García Sanmartín, Xavier Senín, Fina Casalderrey, Suso de Toro, Xosé Manuel Pereiro, Manuel Bragado, Paco Martín, María Xeús Fernández, Xosé Cobas e María Canosa, que lembraron a súa traxectoria cunha conferencia titulada “Xabier P. Docampo na voz da amizade”. Paula Carballeira tamén repasou a súa vida cun relato oral musicado por Miro Casabella. Rematou o acto coa lectura de *De cores e de amores*, de Daniel Laxe e Leire Bono e de *Bolboretas*, por parte de Uxía López.

Menéndez Martínez, Marta, “Galicia tiene nombre de mujer”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 29.

Artigo con motivo do Día de Galicia no que indica que ten nome de muller, mencionando que Galicia foi Penélope no poema de Díaz Castro no que proclamaba “pro ti envólveste en sabas de mil anos i en sonos volves a escoitar a chuva”. Cita tamén a Álvaro Cunqueiro: “a Compostela se acerca uno como quien se acerca al milagro”.

Miranda, Fernando, “Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Morrazo”, 23 febreiro 2019, cuberta.

Fernando Miranda lembra o 135 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro e indica que o libro de Montse Fajardo, *Invisibles*, se representará teatralmente o 23 de febreiro no Grove e o 24 de febreiro, Día de Rosalía, en Moaña.

Molezún, Fernando, “Viñetas desde o Atlántico aposta por una visión más alternativa del cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 maio 2019, p. 3.

No marco da última edición de Viñetas dende o Atlántico, amenta a participación de Yolanda Castaño presentando o seu cómic poético *O puño e a letra* (2018).

Montero, Luis, “Centos de persoas enchen o Principal coa visita de Zurita”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2019, p. 35.

Informa da participación de Rúl Zurita no arranque de “Alguén que respira!”, que estivo acompañado por Anxo Quintela e Silvia Penas. Nesta xornada inaugural, reuniuse o grupo Ronseltz e interviñeron voces como Gologona Anghel, Estevo Creus, José Luís Piquero, Sònia Moll e Pilar Pallarés. Xosé Luís Méndez Ferrín leu o manifesto do Día Mundial da Poesía.

Montero, Luis, “Santiago, sede do I Congreso Internacional do Teatro Galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 marzo 2019, p. 38.

Indica que a Cidade da Cultura de Galicia acollerá entre o 25 e o 28 de marzo o I Congreso Internacional do Teatro Galego. Na presentación do encontro participaron Dolores Vilavedra, Inma Antón Souto, Goretti Sanmartín e Anxo Lorenzo. Serán nomeados membros de honra Manuel Lourenzo, Luís Álvarez Pousa e María Xosé Queizán.

Montero, Luis, “Comeza hoxe o III encontro de Escritores de Iria Flavia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 novembro 2019, p. 40.

Dá conta do III Encontro de Escritores de Iria Flavia, no marco do trixésimo aniversario da concesión do Nobel de Literatura a Camilo José Cela. As instalacións da fundación, que leva o nome do autor, acollerán diversas mesas redondas, moderadas por Adolfo Sotelo Vázquez, Ernesto Sánchez Pombo, Laura Revuelta, Sergio Vila-SanJuan e Blanca Berasátegui. Participarán unha vintena de autores como Antonio Álamo, Leticia Costas, Xosé Carlos Caneiro, Estíbaliz Espinosa, Carlos Castán ou Lucía Etxebarria, entre outros.

Montero, Luis, “Recoñecemento a Marina Mayoral por defender un mundo máis digno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 novembro 2019, p. 46.

Faise eco do acto celebrado na Biblioteca de Galicia no que Marina Mayoral recolleu o IX Premio Voz da Liberdade. O xurado destacou a valía da súa obra literaria e as súas achegas sobre figuras como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Valle-Inclán, así como tamén a súa “constante defensa do dereito de expresión e de opinión, e a reivindicación do papel da muller no ámbito da literatura e da sociedade en xeral”. Marina Mayoral explicou que en marzo se reeditará o seu *Recóndita armonía* e que en breve sairá un volume sobre *Follas Novas* de Rosalía de Castro, en colaboración con Blanca Ana Roig. O acto guiouno o presidente do centro PEN Galicia, Luís González Tosar, xunto Ánxela Gracián, Bieito Iglesias, Xabier Castro Martínez, Inma López Silva, Pablo Rubén Eiré, Luís Menéndez, Xosé Ramón Pena e Manuel Guede.

Montero, Tamara, “As 500 crónicas dun inconformista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 febreiro 2019, p. 35.

Informa do traballo de recompilación de Xosé Ramón Fandiño, publicado baixo o título *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo* e editado por Andavira e o Consorcio de Santiago. O volume recolle 514 artigos que Isaac Díaz Pardo publicou na prensa galega dende o ano 1963 até o 2009.

Montero, Tamara, “Teatrofilicos dende hai dezaseis anos”, *La Voz de Galicia*, “*El comarcal de Santiago*”, n.º 2, “Vedra”, abril 2019, p. 11.

Artigo con motivo da décimo sexta edición de Teatrofilia, da man da Asociación Cultural Papaventos.

Montero, Tamara, “A rosa de cen follas’ de Ramón Cabanillas reverdece en xaponés”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2019, p. 31.

Faise eco da tradución da obra de Ramón Cabanillas, *A rosa de cen follas*, ao xaponés, da man de Takekazu Asaka. Recolle as declaracións do autor, que salienta a dificultade de verter a obra á lingua nipoa. Na presentación do volume, o tradutor estivo acompañado por Anxo Angueira, Francisco Fernández Rei e Valentín García.

Montero, T. e P. **Calveiro**, “Compostela a través del espejo”, *La Voz de Galicia*, “Al Sol”, “O Apóstolo”, 25 xullo 2019, p. 39.

Informa da celebración do 25 de xullo en Santiago de Compostela, na que se renderá homenaxe a mulleres que fixeron Compostela: Rosalía de Castro, María Vázquez Suárez, Francisca de Isla Losada, Herminia Fariña Cobián, Ofelia Nieto, Rosa López Cobián, María Valverde, Lucía Freitas, Nerea Barros, Helena Villar, Dorotea Bárcena, Antía Cal, Ángeles Vilariño, Vero Boquete e Xohana Torres. Emprega o verso desta última, “nós tamén navegar”.

Monxardín, Afonso V., “Día de nós”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, pp. 32-33.

Artigo con motivo da celebración do Día de Galicia no que lembra que estamos no ano véspera do centenario da revista *Nós*. Sobre literatura, cita dende a escrita dos clásicos recentes, como Blanco Amor ou Cunqueiro, que chegamos a unha literatura grande e potente. Salienta grandes éxitos aquí e fóra coma os de Manuel Rivas e Domingo Villar.

Mosquera, Marcos, “Pablo López Orosa, el periodista que vivió para contar historias”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Obituario”, 17 novembro 2019, p. 6.

Dá conta do pasamento de Pablo López Orosa, o 16 de novembro de 2016 e repasa toda a súa traxectoria como xornalista e autor.

Mosteiro, Marga, “Aquí fixo noite Giner de los Ríos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 15 febreiro 2019, p. L2.

Artigo sobre os edificios de Santiago de Compostela con placas que lembran a estancia de visitantes ilustres, entre as que destacan a presenza de Rosalía de Castro e Manuel Murguía.

Mosteiro, Marga, “Mercedes Franqueira e Marcos Lorenzo. ‘A chamada a participar doutros barrios reflexa o espírito do Banquete de Conxo’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “En primera persona”, 7 abril 2019, contracuberta.

Artigo sobre a Festa do Banquete de Conxo no que se fai alusión ás figuras do Rexurdimento, que asistiron ao Banquete de 1856.

Muñiz, Manuel, “Mi sangre es aldeana y pinto al poeta de la aldea”, *ABC*, “*ABC Cultural*”, “Arte”, “Pintura”, 4 maio 2019, p.22.

Recolle unha entrevista con Antón Lamazares, pintor que escolleu a Uxío Novoneyra como inspiración, creando a mostra *Flor Novoneyra*.

N. G. M., “Lugo recuerda al escritor Isidro Novo”, *El Progreso*, “Lugo”, 2 febreiro 2019, p. 8.

Informa da homenaxe con motivo do primeiro aniversario do falecemento de Isidro Novo e indica que se presenta un volume dedicado ao autor, *Isidro Novo 1951-2018*, unha biografía na que se retratan diferentes épocas.

N. G. M., “Extraordinario’, de Antón Lopo, primeira novela en gallego que recomenda el Pen de EE.UU.”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 27 decembro 2019, p. 45.

Informa que o Pen de Estados Unidos recomenda por primeira vez unha novela en galego, *Extraordinario*, de Antón Lopo. Acadou o recoñecemento a través da tradución realizada por Jacob Rogers. Lembra que a obra xa con anterioridade acadara o Premio da Crítica Española á mellor novela en galego no ano 2018 e o Premio Repsol.

N. G. M., “Extraordinario’ primeira novela en gallego que recomienda el Pen de EE.UU.”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir aquí”, 27 decembro 2019, p. 44.

Faise eco do recoñecemento que obtivo *Extraordinario*, de Antón Lopo, sendo a primeira novela en galego que recomenda o PEN de Estados Unidos logo de ser traducida por Jacob Robers.

N. S., “Los libros más singulares del Gaiás”, *ABC*, “Galicia”, 24 abril 2019, p. 65.

Dá conta da exposición na Cidade da Cultura titulada “Descubriendo obras singulares de la Biblioteca de Galicia”, na cal se pode ver o primeiro cómic en galego e a primeira edición de *Follas Novas*, publicada na Habana en 1880.

Neira, Nieves, “Un centenar de personas reivindica en Friol la figura de Xan de Forcadas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 19 maio 2019, p. 23.

Artigo sobre as VII Xornadas de Interpretación e Dinamización do Medio Rural organizadas por Carballo Vivo, nas que se puxeron en valor a traxectoria de Xan de Forcadas, filántropo amigo de Castelao, Vicente Risco e Antonio Fraguas.

Neira, Nieves, “Carlos Oroza regresou á ‘casa de pedra e cal vella’ nos Eidos”, *El Progreso*, “Vivir”, 24 agosto 2019, p. 50.

Salienta a participación de Carlos Oroza no Festival dos Eidos, festival que pon en valor a figura de Uxío Novoneyra e que celebra a súa quinta edición.

Neira, Nieves, “Ferrín encheu o Courel de neve no Festival dos Eidos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, p. 52/ *El Progreso*, “Vivir”, 25 agosto 2019, p. 40, 25 agosto 2019.

Nova sobre o Festival dos Eidos celebrado no Courel, que contou coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín, Rafa Lobelle, Fátima Delgado, Miguelanxo Lar, Lito de Álvarez e Pablo Fidalgo Lareo. A poesía escénica de Iria Pineheiro e o contacontos da man de Brais Mouren poñen o broche final a esta edición do festival.

Neira, Nieves, “O Camiño pola rota do verso”, *El Progreso*, “Comarcas”, 9 outubro 2019, p. 19.

Faise eco da creación da primeira residencia literaria itinerante que se desenvolve no Camiño entre O Cebreiro e Compostela na que participaron cinco poetas procedentes de Arxentina, Cuba, Brasil, Colombia e Galicia (Fátima N. Delgado).

Neves, Fernando, “Compostela conmemora por todo o alto o Día de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 25 febreiro 2019, p. 28.

Informa da celebración do Día de Rosalía con motivo do 182 aniversario do seu nacemento en Santiago de Compostela e en Padrón. As actividades incluíron música, poemas e “Caldo de Gloria”.

Nicolás, Ramón, “2020: o ano de Nós”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Análise as letras galegas no vindeiro ano”, 28 decembro 2019, p. 31.

Indica que a atención literaria do ano 2020 se centrará no centenario da revista Nós e de Díaz Pardo e no Día das Letras Galegas que se adicará a Ricardo Carvalho Calero. Saliencia que tamén sería de xustiza evocar o cincuenta aniversario do falecemento de Manuel Puente, os cen anos da morte de Luís Otero Pimentel e de Ramón Armada Teixeira. Tamén destaca o centenario da publicación da primeira edición de *Do ermo*, de Noriega Varela; e da novela *Néveda*, de Francisca Herrera Garrido.

Nogueira, Arancha, “De bazos, fogares e presentes”, *Sermos Galiza*, n.º 329, “fóradeserie”, “novidade”, 10 xaneiro 2019, p. 7.

Arancha Nogueira reflexiona sobre a súa obra, *Spleen en catro tempos* (Toxosoutos, 2018), obra que pretende ser un berro colectivo que evidencie a necesidade de contar as nosas historias e dignificar a xeración *millennial*. Nogueira apunta que o *spleen* se fai en catro tempos: exterior/día, interior/día, exterior/noite e interior/noite, “porque o temperamento dun lugar constrúese tamén nuns interiores profundamente políticos”.

Novás, G., “Facer do canto un abeiro liberador”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 marzo 2019, p. 36.

Informa da homenaxe ao poeta Salvador García-Bodaño que tivo lugar na sede da Real Academia Galega, na que participaron Arcadio López-Casanova, Miro Casabella, Víctor F. Freixanes e Andrea Porto, entre outros.

Nóvoa, Celia D., “Día da Galiza Mártir: a semente de Alexandre Bóveda continúa a florecer en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 17 agosto 2019, p. 10.

Con motivo do Día da Galiza Marter, amenta a Castela: “querían enterrar cadáveres, pero enterraban semente”.

O. B., “Marcos Calveiro. ‘Onde eu cazaba ras de pequeno agora está a estación de autobuses’”, *Diario de Arousa*, “Especial Festa da Auga-San Roque”, “San Roque 2019”, 14 agosto 2019, p. 8.

Indica que o autor Marcos Calveiro, autor do éxito de vendas *O Xardineiro dos ingleses*, que leva xa cinco edicións, será o pregoeiro da Festa da Auga de Vilagarcía.

O. U. V., “La Real Academia Galega y la Academia Brasileira de Letras firman un acuerdo de amistad y colaboración”, *El Ideal Gallego*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedad”, 11 xaneiro 2019.

Informa de que a Real Academia Galega e a Academia Brasileira de Letras asinaron un acordo de amizade e colaboración, coa finalidade de “estreitar a relación entre a área cultural lingüística brasileira e a galega”, segundo declarou o presidente da RAG Víctor F. Freixanes. Nos discursos de Freixanes e de Marco Lucchesi, o seu homólogo brasileiro, estivo presente a figura de Nélida Piñón, descendente de emigrantes galegos e primeira muller en presidir a Academia Brasileira de Letras.

O. U. V., “Un paseo literario percorre a historia mariñeira da cidade das mans de Xurxo Souto e a súa novela”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 maio 2019, p. 12.

Faise eco do paseo organizado por Xurxo Souto para amosar os recunchos máis literarios da cidade da Coruña e a súa tradición marítima, tendo como fio condutor o seu libro *A Gran Travesía de Chiruca Macallás* (2018).

O. U. V., “O teatro Rosalía acollerá a amigos e cidadáns para render homenaxe a Xabier P. Docampo”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 29 maio 2019, p. 36.

Dá conta da homenaxe a Xabier P. Docampo na praza González Dopeso nun acto que será conducido por Yolanda Castaño e no que participarán amizades do homenaxeado como Suso de Toro, Fina Calderrey ou Miro Casabella.

O. U. V., “Viñetas desde o Atlántico tomará por primeira vez las calles con una de sus exposiciones”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “Sociedad”, 31 maio 2019.

Informa da presenza do humorista gráfico Abel Alves, autor de obras como *A tumba de Breogán* e de Yolanda Castaño, que mestura o seu labor poético coas ilustracións de diversos autores gráficos creando un libro de banda deseñada poética.

O. U. V., “La Feria del Libro acercará un año más la literatura a las calles coruñesas”, *Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedad”, “Reportaje”, 30 xullo 2019.

Recolle información sobre a Feira do Libro, que ten lugar entre o 1 e o 11 de agosto na cidade da Coruña, cita á que acudirán autores como Domingo Villar ou Xurxo Souto.

O. U. V., “Pilar Pallarés inaugura a Feira do libro coa lembranza da súa infancia nas casetas”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 2 agosto 2019, p. 36.

Faise eco do discurso de inauguración da Feira do Libro da Coruña de Pilar Pallarés, que recordou a Luísa Villalta e Xabier P. Docampo e mencionou a Manuel Rivas. Tamén se indica que a feira traerá a escritores como Manuel Rivas ou Domingo Villar.

O. U. V., “Las viñetas e historietas reunirán otro año más a aficionados y entendidos por toda la ciudad”, *Diario de Ferrol/ Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 6 agosto 2019, p. 37.

Artigo que dá conta do novo certame de “Viñetas desde o Atlántico”, dirixido por Miguelanxo Prado, e no que participará Yolanda Castaño, entre outros.

O. U. V., “Xulia Vicente. ‘Emma Ríos foi un dos meus exemplos nos cómics’”, *Diario de Ferrol/ Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 9 agosto 2019, p. 37.

Informa da presenza de Xulia Vicente en “Viñetas desde o Atlántico”, onde presentará o seu proxecto didáctico *O tempo cronolóxico*. Entre os seus referentes, Xulia Vicente amenta a Emma Ríos.

O. U. V., “Un mar de páginas antiguas y de ocasión entre los que navegar en busca de una edición especial”, *El Ideal Gallego/ Diario de Arousa*, p. 36, “Sociedad”, “Reportaje”, 16 agosto 2019.

Recolle información sobre a nova edición da Feira do Libro antigo na cidade herculina até o día 29 de agosto.

O. U. V., “En busca del récord Guinness con una colección de más de 4.000 libros dedicados por sus autores”, *El Ideal Gallego/ Diario de Ferrol/ Diario de Arousa*, p. 37, “Sociedad”, “Reportaje”, 20 agosto 2019.

Artigo sobre a biblioteca persoal que busca o récord Guinness. Na súa colección, Ángel Patricio Rodríguez Argibay conta con títulos de Ánxel Fole e Darío Xohan Cabana.

O. U. V., “Miro Casabella, Uxía e Molime renderán tributo a Manuel María no seu ‘teatro preferido’, o Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 21 setembro 2019, p. 36.

Faise eco do acto homenaxe a Manuel María o 25 de setembro no teatro Rosalía de Castro, a edición número once de “Lúas de Outono”, que contará coa participación de Miro Casabella, Uxía, Molime, Xurxo Souto, Jesús Celemín, Alberto Ansede e Saleta Goi.

O. U. V., “Budiño pasa de crear ‘poesía instrumental’ a poner voz a las canciones de su último disco, ‘Fulgur’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 11 outubro 2019, p. 36.

Faise eco da publicación do novo disco de Budiño, cuxas letras nacen de poemas de Antía Otero, entre outros.

O. U. V., “Comienza la campaña para nombrar como Rosalía de Castro a una estrella de la constelación de Ofiúco”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 29 outubro 2019, p. 36.

Recolle a proposta para poñerlle o nome “Rosalía de Castro” á estrela HD 1419143: e, ao seu exoplaneta, “Sar”.

O. U. V., “Palabras luminosas de doce poetas y seis compositores interpretadas por Cantabile”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 29 outubro 2019, p. 36.

Informa da estrea no Teatro Colón do proxecto “Palabras de luz”, que reúne a doce poetas: Anxo Angueira, Antía Otero, Baldo Ramos, Carlos Negro, Celso Fernández Sanmartín, Dores Tembrás, Estíbaliz Espinosa, Eva Veiga, Lucía Cernadas, Manuel Rivas, María Lado e Pilar Pallarés. Aos autores musicáranos os compositores Federico Mosquera, Fernando Buide, Juan Durán, Jesús Rodil, María Mendoza e Octavio Vázquez. A voz correrá a cargo do coro Cantabile.

Ocampo, E., “Raíces gráficas de ‘Seis poemas galegos’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 febreiro 2019, p. 39.

Repasando a historia da escrita de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, faise eco na edición facsimilar que publica a editorial Alvarellos, que incorpora, comentadas, dez imaxes do poeta nas súas viaxes a Galicia.

Ocampo, E., “Diez colectivos y asociaciones impulsan a Chano Piñeiro al Día das Letras Galegas 2020”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 febreiro 2019, p. 15.

Faise eco da proposta para a candidatura do cineasta Chano Piñeiro para o Día das Letras Galegas 2020, promovida por Francisco Rozados. Entre as adhesións están a Irmandade da Sanidade Galega, a Fundación Lois Peña Novo, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Academia Galega do Audiovisual, o Ateneo de Pontevedra, a Fundación Carlos Velo, a Escola de Imaxe e Son de Vigo, o Colexio de Boticarios de Pontevedra e a Academia de Farmacia de Galicia.

Ocampo, E., “La novela negra, de luto en Galicia”, *Faro de Vigo*, p. 33/ *La Opinión*, p. 27, “Sociedad”, 18 xullo 2019.

Con motivo do falecemento de Andrea Camilleir, recolle as declaracións de autores do noso sistema literario que cultivan o seu mesmo xénero, a novela negra, Diego Ameixeiras, Domingo Villar e Pedro Feijoo.

Ocampo, E., “Rompenente vuelve para quedarse”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 outubro 2019, p. 42.

Apunta que a reaparición do grupo poético Rompenente no festival Kerouac en Vigo sexa o posíbel xerme dunha nova andadura do grupo.

Ocampo, E., “El ‘renacer’ de la Rosalía más ecologista”, *La Opinión*, “Sociedad”, 6 novembro 2019, p. 34.

Dá conta da edición facsimilar e ilustrada de *El primer loco*, de Rosalía de Castro, obra que aborda a relación da autora coa psiquiatría e co espiritismo. A edición conta cunha análise de María do Cebreiro e Germán Labrador.

Ocampo, E., “Villares: ‘A capacidade de internacionalización de Galicia é superior á media de España’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 decembro 2019, p. 32.

Antón Costas, loando a busca da identidade de Galicia na obra de Ramón Villares, salienta que a historia de Galicia é algo máis que un episodio local e cita o verso de Rosalía de Castro “toda a terra é dos homes”.

Ocampo, Elena, “Queizán: ‘Os asasinatos machistas non son unha lacra; é un inmenso holocausto’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 xaneiro 2019, p. 33.

Dáse conta da conferencia de María Xosé Queizán e Mónica Bar no Club FARO “O feminismo hoxe; xuntas e fortes”, introducida por Marga do Val. Na conferencia fíxose referencia á *Festa da Palabra silenciada* e a Rosalía de Castro.

Ocampo, Elena, “Desvelan a descoñecida pegada de García Lorca en Vigo, que foi rodada en Príncipe en 1932”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 febreiro 2019, p. 38.

Faise eco da conferencia sobre García Lorca en Galicia en Club FARO da man do fotohistoriador Carlos Castelao e o editor e divulgador cultural Herique Alvarellos. Recolle a acción impulsada por Alvarellos Editora de establecer o día 25 de outubro como “Día de Lorca en Galicia”. Na presentación, amosáronse imaxes en movemento do poeta en Galicia, camiñando pola rúa Príncipe de Vigo coa súa compañía “La Barraca”.

Ocampo, Elena, “Mayoral: ‘Una conversación que escuché en Galicia hizo resurgir un fantasma literario’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 marzo 2019, p. 33.

Informa da conferencia “La única mujer en el mundo”, na que Xesús Alonso Montero fala sobre a obra de Marina Mayoral, asegurando que o seu talento narrativo bebeu de Emilia Pardo Bazán ou, como estudosa, de Rosalía de Castro.

Ocampo, Elena, “García Negro: ‘Rosalía de Castro inaugura a conciencia de xénero na cultura galega’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 9 maio 2019, p. 31.

Recolle a comparecencia no Club FARO de Pilar García Negro, María Xesús Lama e María Xosé Porteiro sobre Rosalía de Castro, na que percorreron os seus títulos, as temáticas das súas obras e presentárona como inauguradora da modernidade nas letras galegas e da conciencia de xénero na historia e cultura galegas.

Ocampo, Elena, “La Rosalía ecologista que renace de su última novela”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 novembro 2019, p. 39.

Informa da nova edición facsimilar da obra *El primer loco* de Rosalía de Castro publicada pola editorial Alvarellos e o Consorcio de Santiago. A edición inclúe o estudo literario e histórico de María do Cebreiro e Germán Labrador.

Olveira, Alexandre D., “Retrato dunha muller universal: escribe en galego tan ben coma en inglés ou alemán”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 19 maio 2019, p. 2-3.

Artigo sobre Ursula Heinze de Lorenzo, nacida en Alemaña en 1941, no que repasa a súa traxectoria vital, académica e literaria, facendo especial fincapé nas publicacións que fixo en galego, así como nas traducións que verteu do alemán.

Ópez, Belén, “A revolución segundo Marina Colasanti ou Roger Mello”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 febreiro 2019, p. 12.

Informa da programación do Salón do Libro, no que se enmarca o II Congreso de Mediación Lectora, que terá lugar entre do 27 ao 30 de marzo e no que participarán autores brasileiros, portugueses e africanos.

Orge, María, “Namorar coma antes”, *El Progreso*, “Revista”, “San Valentín”, 9 febreiro 2019, p. 4.

Artigo sobre a historia de amor entre Helena Villar e Xesús Rábade no que se menciona que da súa relación epistolar xurdiron os poemarios *No aló de nós* e *O sangue na paisaxe*.

Otero, Marta, “A Coruña se viste de cómic”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita’ 19”, 3 agosto 2019, p. 8.

Dá conta da nova edición de “Viñetas desde o Atlántico”, que se celebrará na cidade da Coruña entre os días 5 e 11 de agosto. Entre os autores galegos, destaca a presenza de Yolanda Castaño.

Otero, Marta, “A cidade agochada nos libros”, *La Opinión*, “A Coruña”, “A Coruña”, 25 outubro 2019, p. 10.

Informa da nova edición de “Paseos pola Coruña Literaria”, con catro itinerarios que xirarán arredor das figuras e obras de Antonio Sandoval, Luísa Villalta, Dores Tembrás e Tito Pérez.

Outeiro, M., “Cara á primavera cultural amesá co ‘Mago de Oz’, Susana Seivane e ruta tributo a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. Val do Dubra”, 15 febreiro 2019, p. 31.

Con motivo do 182 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, terá lugar en Ames unha gala para conmemorar a eferméride.

Outeiro, M., “Rosalía salta á Rede e a súa ruta busca o interese cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 febreiro 2019, p. 25.

Informa do itinerario organizado polos concellos de Ames, Padrón, Brión e Santiago para homenaxear a Rosalía de Casto. Indica tamén que o 24 de febreiro se realizarán as iniciativas “Café con verso” e “Caldo de Gloria” e apunta a que no mes de marzo está previsto o evento “Rosalías da vida”.

Outeiriño, Maribel, “Cunqueiro gana el nadal con Orestes”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, “Hace 50 años”, 13 xaneiro 2019, p. 32.

Lembra unha noticia do 13 de xaneiro de 1969, que informa de que Álvaro Cunqueiro foi galardoado co Premio Nadal pola súa novela *Un hombre que se parecía a Orestes*.

P. F. E., “Baiona inaugura mañana ‘Camiño a Dentro’”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana;” “Val Miñor”, 2 outubro 2019, p. 21.

Informa do proxecto de promoción do Camiño Portugués da Costa, “Camiño a Dentro”, que inclúe unha actuación de Dores Tembrás, que desenvolverá unha acción poética.

P. O. C., “Literatura y gastronomía en el Parador de Santiago”, *La Opinión*, “A Coruña”, 5 abril 2019, p. 4.

Informa da xornada no Parador de Santiago na que se dá a coñecer a cociña que recolle Cunqueiro nas súas obras: as ostras en escabeche, o bacallau con mazás asadas, as albondeguiñas de galiña con picante e, de sobremesa, a colineta e o requexo.

P. O. C., “O himno galego celebra 112 anos de historia”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 2.

Lembra o 112 aniversario do himno galego, *Os pinos*, de Eduardo Pondal, musicado por Pascual Veiga. Explica que a música e o texto do himno foron compostas no 1890 para un certame musical do Orfeón da Coruña. Salienta que a estrea da peza no Gran Teatro do Centro Galega da Habana iniciou a súa consolidación como símbolo de Galicia. Outro fito foi a súa interpretación en Mondoñedo, para recibir os restos de Pascual Veiga en 1912. Soou cinco anos máis tarde na despedida de Eduardo Pondal.

Palacios, Xosé María, “Todo pola gloria dun poeta morto”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 maio 2019, p. 40.

Faise eco da proposta da asociación Avelino Díaz para conseguir que se homenaxease ao poeta da diáspora porteña co Día das Letras Galegas. Repasa a obra literaria do autor, que en vida publicou dous libros en galego, *Debezos* e *Pallaregas*. Remarca o seu papel na diáspora Arxentina e a súa relación con Castelao.

Paleo, José M., “El concierto de la cantante lírica Andrea Pousa encandiló al público en la casa de la cultura de Burela”, *El Progreso*, “A Mariña”, 20 maio 2019, p. 22.

Apunta que no concerto de Andrea Pousa en Burela, a artista interpretou temas coñecidos como “Negra sombra”. A súa actuación formou parte do programa do Concello polo Día das Letras Galegas.

Palleiro, Verónica, “Un cuento 100% ponteareano”, *Faro de Vigo*, “Condado-Paradanta”, “Área Metropolitana”, “Ponteareas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 26 maio 2019, p. 16.

Nota que informa da participación de vinte e oito mozos de entre 10 e 17 anos, estudantes da Escola de Arte de Ponteareas, como ilustradores do libro distribuído en 2019 pola Concellería de Cultura da vila, *Do dereito e do revés*, un conto escrito pola mestra Susana Lamela coa colaboración do seu alumnado, protagonizado por Lía, un carballo moi especial. Explícanse as distintas fases da creación e as técnicas de debuxo empregadas: acuarelas e ceras.

Palleiro, Verónica, “Propuesta ponteareana para que Vidales Tomé protagonice las Letras Galegas de 2021”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Condado. Paradanta”, 6 agosto 2019, p. 13.

Informa da petición por parte de Miguel Novoa para que se lle dediquen as Letras Galegas 2021 ao deseñador alfombrista Vidales Tomé.

Palomanes, Paula, “O Museo da Limia reabre con dous escritores locais”, *La Región*, “A Limia”, 25 xaneiro 2019, p. 28.

Informa da celebración no Museo da Limia das xornadas “A palabra e o son”, nas que os escritores limiaos Sheila Fernández Conde e Xabier Xil Xardón presentarán as súas obras, tituladas *Agora entramos nós* e *Detéxtonos*, respectivamente. Indica que estarán acompañados da música e recital de Leo i Arremecághona.

Palomanes, Paula, “Xinzo reedita a semana adicada a Carlos Casares”, *La Región*, “A Limia”, 8 febreiro 2019, p. 26.

Indica que por segunda vez en Xinzo se dedicará unha semana a Carlos Casares, do 8 ao 13 de abril, que contará cun proxecto didáctico interactivo (“Xogo do Papío”), unha exposición na Casa da Cultura e na que se celebrarán dous concursos, “A galiña azul” e “Capas para as Letras Galegas”.

Palomanes, Paula, “Una obra teatral recordará la historia del ingeniero España”, *La Región*, “Monterrei”, 21 marzo 2019, p. 28.

Informa que o grupo Chévere está a documentarse para realizar unha obra sobre José Fernández España.

Palomanes, Paula, “Alba Castillo Costa. ‘Que Zara quiera apostar por mi trabajo es un subidón y un gran premio a mi esfuerzo’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 setembro 2019, p. 14.

Entrevista a Alba Castillo Costa, ilustradora do libro *Pioneiras 2*.

Parada, A., “Rianxo. La unión perfecta entre cultura y naturaleza”, *La Voz de Galicia*, “Especial turismo en Barbanza Muros Noia”, 8 xuño 2019, p. 4.

Artigo sobre a vila de Rianxo, berce de literatos como Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Antonio.

Parada, Patricia, “Un pregón marcado por la rima y el verso”, *Faro de Vigo*, “Faro de verano”, “Sociedad”, 25 agosto 2019, p. 32.

Recolle información sobre o pregón das Festas do Cristo en Cangas, da man de María Dolores González Chamadoira, Chamadoira do Casal.

Pardo, Alicia, “A poeta Yolanda Castaño presenta a súa Residencia Literaria 1863”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 febreiro 2019, p. 10.

Informa sobre a Residencia Literaria 1863, presentada por Yolanda Castaño, un espazo de xestión cultural que acolle un programa de residencias literarias que conectarán a escritores galegos con autores doutras nacionalidades.

Pardo, Alicia, “A experiencia do coma, en son e imaxes”, *La Opinión*, “A Coruña”, 14 marzo 2019, p. 8.

Indica que o libro *Michigan/Acaso Michigan*, de Antón Reixa, se converte agora nunha videoinstalación na Fundación Luis Seoane.

Pardo, Alicia, “Seoane, a pluma como pólvora”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 xuño 2019, p. 12.

No marco do programa “ActuaACoruña”, indica que se ofrecerá un coloquio sobre Luís Seoane da man de Santiago Fernández e Manuel Lourenzo, que repasarán o seu perfil poético e teatral.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo, “En respuesta a Jesús Alonso Montero *et alii*”, *El Correo Gallego*, “ECG dominical”, 22 setembro 2019, pp. 2-3.

Artigo no que defende que a disolución do Seminario de Estudos Galegos non tivo lugar en 1936, senón en abril de 1940, logo de reunírense varios membros da súa directiva co reitor da Universidade de Santiago, Carlos Ruiz del Castillo.

Paz, B. “O Foxo dedícalle un recuncho ó crítico literario Armando Requeixo”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, “Tabeirós”, 29 marzo 2019, p. 24.

Informa que o alumnado e o profesorado do colexio O Foxo lle rendeu unha homenaxe a Armando Requeixo, na cal se plantou unha árbore, se recitou a Cunqueiro e onde se lle dedicou un recuncho na biblioteca do centro. Presentouse tamén o número 217 do seu boletín, “Pereiriños”, no que se recollen datos biográficos de Requeixo e se menciona o seu blog “Criticalia”.

Paz, Blanca, “Hervidero de público en Lalín en la Feira do Cocido más primaveral que se recuerda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 14 febreiro 2019, p. 21.

Indica que na Feira do Cocido de Lalín se recordou a Rosalía de Castro, recollendo as declaracións da presidenta da Deputación, Carmela Silva, que apuntou que, como na súa poesía “a nosa identidade non se constrúe nas urbes, senón nas aldeas”.

Paz, José, “Bibliotecas con acento ourensano”, *La Región*, “Ourense”, 13 xaneiro 2019, p. 18.

Crónica na que se sinala que na Biblioteca da Deputación de Ourense se atopan as bibliotecas persoais de destacados escritores e intelectuais, como Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón Fernández Oxea), Eduardo Blanco Amor, Benito Fernández Alonso, Xesús Alonso Montero ou Manuel Albendea.

Pena, H., “Festival da Poesía. Salvaterra: Rebeldía e dignidade galega”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “fóradeserie”, 29 agosto 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre o Festival de Poesía do Condado, creado en 1981, que celebra a súa XXXIII edición. Lembra aos seus fundadores, e figuras que pasaron polo seu cartel como Manuel Rivas, María do Carme Kruckenberg, Manuel María, Xosé Neira Vilas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, María do Cebreiro ou Marta Dacosta.

Pena Dopazo, Lúa, “Lugo despide al polifacético activista Xohán Rompe”, *El Progreso*, “Lugo”, 27 xullo 2019, p. 5.

Faise eco do pasamento de Xoán Manuel García Gozález, Xohán Rompe, e repasa a súa traxectoria vital e literaria.

Penas, Ánxeles, “Abelenda”, *La Voz de Galicia*, “Deportes”, 29 marzo 2019, p. 38.

Nunha columna sobre o pasamento de Alfonso Abelenda, faise referencia ao macabrisimo de Castelao.

Penelas, S., “Un callejero con grietas... de género”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 7 maio 2019, p. 7.

Amenta rúas viguesas con nome de escritoras como Rosalía de Castro, María Xosé Queizán e Xohana Torres.

Pérez, Adrián, “El legado de Cunqueiro es un tesoro para esta ciudad”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 marzo 2019, p. 18.

Faise eco da doazón que César Cunqueiro, fillo de Álvaro Cunqueiro, entregou á Fundación Penzol. O material doado ocupa once caixas de arquivo, dúas carpetas e sesenta separatas con traballos sobre a obra do escritor.

Pérez, Irene, “Unha labor ‘heroica’ entre libros”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita’19”, 31 xullo 2019, p. 10.

Informa sobre o pregón de Pilar Pallarés na Feira do Libro da Coruña, no que cualificou de “heroico” o labor das bibliotecas e librarías de Galicia e no que relata a importancia que tivo para ela o descubrimento da escrita de Eduardo Blanco Amor.

Pérez, Mariló, “Reinterpretar a Celso Emilio”, *La Región*, “Agenda”, “Exposición”, 5 setembro 2019, p. 18.

Indica que o artista Xosé Poldras presenta na Casa dos Poetas “O neno preguntaba”, unha carpeta de gravados inspirados no poema homónimo de Celso Emilio Ferreiro.

Pérez, Raquel C., “Lembrar a semente dos mártires da liberdade”, *Sermos Galiza*, “n.º 359”, 14 agosto 2019, p. 2.

Artigo no que recolle os actos en diferentes vilas e cidades galegas con motivo do Día da Galiza Mártir e no que fai alusión a Castelao e a Ánxel Casal.

Pérez, Rodolfo, “Extraordinario”, de Antón Lopo, primeira novela en galego que entra nas obras recomendadas polo Pen Usa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 decembro 2019, p. 39.

Explica que a novela *Extraordinario*, de Antón Lopo, que xa acadou o Premio da Crítica española á mellor novela en galego do 2018 e o Premio Repsol de narrativa curta, agora tamén se converte na primeira novela en galego recomendada polo Pen USA. O recoñecemento chega da tradución que realizou Jacob Rogers e que lle valeu a bolsa anual do Pen e da Fundación Heim.

Pérez, Victorino, “Volver ler a Ricardo Carvalho Calero”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, 11 abril 2019, pp. 2-3.

Co gallo da publicación en lingua española do libro de Carvalho Calero sobre a Xeración Nós en tradución de María Pilar García Negro e baixo o título *El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez*, o autor do artigo repasa a traxectoria académica do escritor ferrolán así como o contexto e o contido co que nace, no seu momento, esta obra.

Pérez Díaz, Irene, “Escritores y lectores se citan en Méndez Núñez”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 xullo 2019, p. 8.

Nun artigo sobre a Feira do Libro na cidade da Coruña, alúdese a Pilar Pallarés, Premio da Crítica Española 2018 como pregoeira.

Pérez Díaz, Irene, “O papel vital da Feira do Libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 agosto 2019, p. 8.

Salienta a relevancia para difusión da literatura da Feira do Libro da Coruña e indica que a pregoeira desta nova edición é Pilar Pallarés, que relatou as súas propias vivencias nesta. Indica que lle descubriu que existían máis mulleres poetas ademais de Rosalía e que foi onde coñeceu a literatura de Blanco Amor.

Pérez Maldonado, Marcos, “Rosalía merece unha estrela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, n.º 1.238, “ciencias”, 20 novembro 2019, p. 7.

Informa da proposta da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío, que se sumou á iniciativa NameExoWorlds, promovendo o nome de Rosalía para a estrela HD 1519143 e Sar para o planeta HD 1419143 b.

Pin, Irene, “Entrarmos no mapa da lusofonía. Arrimar Galiza e Portugal”, *Sermos Galiza*, n.º 375, “fóradeserie”, 5 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha crónica da cuarta edición do certame aRi[t]mar, da que di que se celebrou en Santiago de Compostela o 4 de decembro e que contou coa participación das bandas e das poetas gañadoras. Tamén sinala os poemas e as autoras que obtiveron galardón, nomeadamente, Susana Sanches Arins con “e isso é o amor” e Emma Pedreira con “Lista da compra da viúva”.

Pinacho, Antonio, “Redondela dedicará sus parques infantiles a autores gallegos”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 16 marzo 2019, p. 16.

Faise eco da iniciativa promovida polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela para dedicar os parques infantís da vila a figuras galegas como Eduardo Blanco Amor, Rosalía de Castro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Pinal, Sabela, “Cantando á poesía e á lingua”, *La Región*, “Carballiño”, 21 marzo 2019, p. 25.

Indica que a Insua dos Poetas acolleu a máis de 350 escolares e se levaron a cabo actividades inspiradas en Rosalía de Castro, Manuel María, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Xosé Neira Vilas e Manuel Rivas.

Pinal, Sabela, “A Festa da Palabra enxalza nesta edición a Antón Tovar”, *La Región*, “Carballiño”, 29 xuño 2019, p. 29.

Faise eco da celebración da XI Festa da Palabra, que se celebrará o 20 de xullo na Insua dos Poetas e que neste ano se dedica a Antón Tovar. Os actos estarán centrados na figura do escritor e contarán con pequenas contribución á próxima celebración do centenario da Xeración Nós o vindeiro ano; con tal motivo, a Fundación Insua dos Poetas, repartirá un facsímile do primeiro número da revista *Nós* entre os asistentes.

Pinto Antón, Juan Antonio, “Galicia, no espello”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, pp. 50-51.

Nun artigo con motivo do Día de Galicia, menciona que paga a pena volver a Castelao, Rosalía e Celso Emilio Ferreiro neste ano de Carvalho Calero, así como “mergullarse nas novas fornadas de escritores”.

Piñeiro, Alba, “Negra sombra’ en Cambados”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, 21 decembro 2019, p. 7.

Informa do acto de homenaxe aos mariñeiros falecidos que tripulaban o “Sin Querer dos”, no que se interpretou a peza musical con letra do poema de Rosalía de Castro “Negra sombra”.

Piñeiro, C. A., “Curros Enríquez volta a casa”, *La Región*, “Provincia”, 17 agosto 2019, p. 32.

Indica que, durante o concerto de Carlos Núñez en Celanova, o pai deste, Albino Núñez, entregou unha fotografía inédita de Curros Enríquez á fundación que leva o seu nome.

Piñeiro, C. A., “Epístolas de Celanova a Guadix”, *La Región*, “Celanova”, 30 agosto 2019, p. 31.

Artigo sobre a relación de Celanova e Guadix, onde se afirma que se remonta aos escritores Manuel Curros Enríquez e Pedro Antonio de Alarcón.

Piñeiro, Carolina, “Século e medio dos versos con forma de voz dun pobo”, *La Región*, “Celanova”, 2 setembro 2019, p. 16.

Artigo con motivo do cento cincuenta aniversario da “Cántiga” de Curros Enríquez, no que salienta a relevancia que tivo para os emigrantes galegos da época. Repasa as diferentes versións que interpretaron diferentes artistas.

Pita, Elena, “Perdín parte da timidez ao vir residir a Compostela”, *El Correo Gallego*, “Elecciones municipales y europeas 2019”, 22 maio 2019, p. 10.

Nun artigo sobre Goretti Sanmartín, candidata do BNG á alcaldía de Santiago de Compostela, faise alusión á súa faceta lectora e menciónase que está a ler *As Ramonas* (2018), de Ana Cabaleiro.

Ponce, Carlos, “Las novelas ambientadas en Vigo ya tienen expositores exclusivos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 27 outubro 2019, p. 11.

Informa que na Casa del Libro de Vigo hai unha sección dedicada a obras que transcorren na cidade. O xénero das obras vai dende a narrativa convencional até a novela negra ou o cómic. Están presentes as obras de Domingo Villar, Pedro Feijóo e María Xosé Queizán. Salienta que unha das novelas ocupa un lugar destacado na sección: *Xeración Perdida*, publicada en 2004 por Francisco Castro.

Portela, Sonia, “Rocío García y Jorge Mira explican por qué Galicia es lo que come”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A la última”, 28 xullo 2019, contracuberta.

Faise eco da iniciativa do Concello de Ames, que lle entregou a Medalla do Concello á poeta de Agrón Filomena Fraga.

Piñeiro, C. A., “Antiguos alumnos de la USC, nuevas rutas culturales”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A la última”, 17 abril 2019.

Informa da visita á Casa Museo de Álvaro Cunqueiro da Asociación de Antigos Alumnos da USC, aos que agasallaron con exemplares de *Viajes y yantares por Galicia*, unha selección de textos periodísticos de Álvaro Cunqueiro publicada polo editor Quique Alvarellos.

Porto, G., “Victoriano Taibo es de Gondomar”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Baiona-Gondomar-Nigrán-Oia” 9 febreiro 2019, p. 12.

Informa que a vila de Gondomar reconece como fillo adoptivo a Victoriano Taibo, 52 anos despois do seu pasamento, e que se propón ao autor para ser homenaxeado co Día das Letras Galegas.

Porto, H. J., “Rosalía de Castro, gardiá dos segredos dos bosques e do lugar da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2019, p. 40.

Dá conta da publicación dunha edición facsimilar de *El primer loco*, de Rosalía de Castro, cuxa edición corre a cargo da Editorial Alvarellos co respaldo do Consorcio de Santiago. O estudo introdutorio que abre o volume vai asinado por María do Cebreiro e Labrador Méndez.

Porto, Héctor J., “Luís Hermida, o único neno fotógrafo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xaneiro 2019, p. 35.

Exponse a teoría do historiador Carlos Castelao acerca da autoría da última fotografía de Rosalía de Castro, na que aparece acompañada de Murguía e cinco dos seus fillos no xardín da Casa da Matanza. Carlos Castelao considera que pode ser obra de Juana Cabello ou do seu fillo, o “nenos fotógrafo” Luís Hermida.

Porto, Héctor J., “Primeiras poetas galegas do amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 febreiro 2019, p. 43.

Informa de que o profesor Maximino Cacheiras vén de rescatar para a lingua castelá a antoloxía *Amor en feminino*, publicada en 2006 por Baía Edicións, e que agora volve ver a luz co apoio da editorial madrileña Manuscritos e coa tradución de Ánxeles Penas. Indica que tamén a recupera en galego en formato e-book da man do selo orixinal. Continúa o artigo recollendo as explicacións do autor a respecto de que autoras coma Xohana Torres ou Xela Arias non aparezan nesta recompilación.

Porto, Héctor J., “Ricardo Carvalho Calero será o autor homenaxeado no Día das Letras 2020”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xuño 2019, p. 34.

Faise eco da candidatura de Ricardo Carvalho Calero para o Día das Letras Galegas 2020, que será a única candidatura que chegará á votación do plenario na Real Academia Galega, logo xa de seis intentos.

Porto, Héctor J., “A academia elixe hoxe a Carvalho Calero para protagonizar o Día das Letras 2020”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2019, p. 39.

Informa da convocatoria do pleno ordinario da Real Academia Galega para a elección da figura homenaxeada nas Letras Galegas 2020. Afírmase que será escollido Ricardo Carvalho Calero, candidatura apoiada polas dúas únicas propostas.

Pouso, E., “Inauguran unha mostra de foto-poemas en Outes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Noia”, 21 febreiro 2019, p. 34.

Recolle información sobre a inauguración da exposición de foto-poemas de Manuel López Rodríguez.

Pouso, E., “Presentan la obra ‘Mulleres’ de Rey Núñez el día 9”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 5 marzo 2019, p. 32.

Informa da presentación do libro *Mulleres*, de María del Carmen Rey Núñez, o 9 de marzo na casa de cultura Avilés de Taramancos.

Presedo, Andrea, “Carvalho Calero. Xa tocaba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Letras galegas”, 20 xuño 2019, p. 38.

Artigo con motivo da escolla do polígrafo ferrolán Ricardo Carvalho Calero como figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020, no que repasa a súa traxectoria, o seu galeguismo, a súa obra literaria, a súa defensa do reintegracionismo e no que recolle declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín, Henrique Monteagudo, Marilar Aleixandre e Inma López Silva.

Prieto Nieto, Ana, “La mujer y la política”, *El Correo Gallego*, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 22.

Columna sobre a muller e a política no que menciona as verbas que escribiu Rosalía de Castro con 21 anos nun dos seus poemas: “eu son libre, nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino!

R. B., “Yolanda Castaño asiste a un club del lectura del IES Muralla Romana”, *El Progreso*, “Lugo”, 10 decembro 2019, p. 14.

Indica que Yolanda Castaño participará nun club de lectura do IES Muralla Romana.

R. Gil, Avelina, “Aulas de película”, *La Opinión*, “Saberes”, “Cine”, 11 maio 2019, p. 6.

Nun artigo sobre cinema, amenta o filme de José Luis Cuerda, *A lingua das bolboretas* (1999), explicando que está baseado en tres relatos de Manuel Rivas.

Ríos, Eli e Elías Portela, “O lado esquerdo do devezo”, *Sermos Galiza*, n.º 356, “*Caderno de Verán*”, n.º 44, “Un verán en Galeusca” 24 xullo 2019, pp. 4-5.

Reproduce o relato *O lado esquerdo do devezo*, da autoría de Eli Ríos e Elías Portela, no marco da sección “Un verán en Galeusca”.

R. L., “Bhagav gita”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 168, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Versa sobre o libro *Bhagav Gita* (Rinoceronte, 2018), explicando o seu argumento e falando sobre a atribución da súa autoría e a súa posíbel datación ao redor dos séculos V e II a. C.

R. L., “Diván (Antoloxía)”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 168, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Recolle información sobre a antoloxía *Diván*, de Yunus Emre (Rinoceronte, 2018) e versa sobre a súa relevancia, explicando que se trata das primeiras mostras que se conservan da literatura en lingua turca en Anatolia.

R. L., “Cunqueiro ya tiene su museo”, *El Progreso*, “Especial Entroido”, “Museo Álvaro Cunqueiro”, 1 marzo 2019, p. 68.

Informa da apertura da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro, un centro dedicado á recreación da súa figura e divulgación da súa obra literaria. Explica tamén a distribución do edificio.

R. L., “Apropiación indebida”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 174, 10 marzo 2019, p. 4.

Presenta a novela *Apropiación indebida* (Hugin e Munin, 2018), repasando brevemente a trama e indicando que se trata dunha novela con multitude de capas, o que facilita diversas lecturas sobre os temas abordados: amor, soidade, dependencia angustia e egoísmo.

R. L., “Pequena Inglaterra”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 174, 10 marzo 2019, p. 4.

Presenta a novela *Pequena Inglaterra* (Hugin e Munin, 2018), salientando que é unha das obras máis vendidas da literatura grega contemporánea e que lle reportou á súa autora o Premio Nacional de Literatura de Grecia. Apunta como temas centrais o amor, a perda as renuncias e a sororidade.

R. L., “Manuel Rivas presenta no Cervantes de Dublín os poemas de ‘A boca da terra’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 14 marzo 2019, p. 45.

Indica que Manuel Rivas presenta no Instituto Cervantes de Dublín a tradución para o inglés do seu poemario *A boca da terra (The Mouth of the Earth)*, acompañado da tradutora Lorna Shaughnessy.

R. L., “Louzao honra a Rosalía y defiende que el gallego es ‘patrimonio de todos’”, *El Progreso*, “Elecciones”, 18 maio 2019, p. 7.

Informa que a candidata do partido político “Ciudadanos”, Olga Louzao, realizou unha ofrenda floral a Rosalía de Castro con motivo do Día das Letras Galegas.

R. L., “Pequena Inglaterra”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 188, 16 xuño 2019, p. 4.

Presenta a obra *O facedor de teatro*, de Thomar Bernhard, explicando que se trata dunha peza en catro escenas na que se ofrece unha visión crítica da profesión teatral. Repasa a vida do autor e a influencia dos seus acontecementos vitais na súa escrita.

R. L., “Milleiros de páxinas editadas pola RAG desde 1906 serán accesíbeis a través dun novo portal web”, *El Ideal Gallego*, p. 36/ *El Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedad”, 15 outubro 2019.

Faise eco do novo portal web da RAG onde se poderán consultar os discursos de ingreso na RAG de persoeiros como Castelao, Antón Villar Ponte ou Álvaro Cunqueiro; antoloxías sobre as Irmandades da Fala; ou os volumes da colección sobre toponimia *Terra Nomeada*.

R. R., “Rosalía de Castro y Breogán podrían ser una estrella”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 26 outubro 2019, p. 27.

Indica que a proposta para poñerlle o nome de Rosalía de Castro á estrela HD 149143 está entre as doce finalistas do concurso con participación aberta á cidadanía para nomear a devandita estrela e o seu exoplaneta.

Ramos, Fernando, “Lembranzas dos xornalistas singulares de Vigo: Cunqueiro, Castroviejo e Landeira”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 59.

Con motivo da celebración do Día de Galicia, decide lembrar a tres xornalistas que deixaron fonda pegada na historia e literatura galegas: Álvaro Cunqueiro, Xosé María Castroviejo e Xosé Landeira Yrago.

Ramos, J. M., “Ofrenda a Alfredo Brañas no Panteón de Galegos Ilustres o 21 de febreiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 22 xaneiro 2019, p. 34.

Infórmase de que o Padroado Alfredo Brañas de Carballo organizará unha ofrenda floral ante a tumba de Alfredo Brañas no Panteón de Galegos Ilustres. Sinálase que o Padroado aspira a conseguir que a RAG lle dedique ao escritor o Día das Letras Galegas.

Ramos, José M., “Bolos do pote de Mazaricos na casa de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 febreiro 2019, p. 35.

Explica que na vila de Mazaricos tres veciñas cociñaron bolos do pote para acompañar o “Caldo de Gloria” que este ano elaborou Leticia Costas.

_____, “O Couto loa a catro bos e xenerosos na Festiletras’19”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 13 maio 2019, p. 26.

No marco da celebración do Festiletras na aldea do Couto, celebráranse obradoiros de literatura con Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Víctor Freixanes.

Ramos, M., “Premios, música e contos na festa das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 maio 2019, p. 36.

Nota que dá conta da programación cultural de diferentes vilas da Costa da Morte para celebrar as Letras Galegas. Así, cítanse os gañadores dos certames organizados na vila de Cee pola Biblioteca Pública Municipal Francisco Mayán. Entre os premios literarios, menciónanse os gañadores do Concurso de Achegamento ao Libro, cuxos gañadores son Aroa Conde Cambeiro, do colexio Manuela Rial Mouzo, coa obra *Un tesouro na vila de Cee* (na categoría de 1º e 2º de Primaria); Noa Martínez Outes, do mesmo centro, con *A paixón de Candela* (3º e 4º de Primaria), e Carlos Fidalgo Villanueva, tamén do Manuela Rial, co traballo *Paula e os seus libros* (5º e 6º de Primaria); e os accésits: Sara Taboada Prieto, Mara Casais Ledo, Adriana González Leira, Sofía Montero Trillo, Gaizka Lago Elorza, Lola Lagoa Fernández, Yolanda Quintela Antón, Sebastián Humberto Fragiél, Camila Fandiño Rey e Helena Roget Souto. Infórmase tamén que na Laracha, o Concello expón na biblioteca unha unidade didáctica sobre Antón Fraguas e que o domingo 19 de maio terá lugar a presentación de *Os Bolechas, igualando na Laracha*. Anúnciase tamén a celebración en Zas, o 13 de maio, do obradoiro creativo “A detective Peregrina e o insólito caso de Antón Fraguas” de Polo Correo do Vento en distintos centros educativos; e o 21 de maio o espectáculo de Trinke Trinke na Axencia de Lectura de Baio: *De onde veñen os bebés?*

Reboreda, Alberte, “Un acio con historia. En terras do solleiro Rubiós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Patrimonio”, 21 febreiro 2019, p. II.

Nun artigo sobre o viño de Rubiós, cita a Álvaro Cunqueiro: “O mellor tinto galego que catei, foi un de Rubiós”.

Reboredo, Marcos Martín, “Las tumbas de los gallegos ilustres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Día de Difuntos”, 1 novembro 2019, p. 33.

Percorre os cemiterios nos que xacen os galegos ilustres, entre eles, o panteón de Rosalía de Castro e o sepulcro de Castelao en Santiago de Compostela, ou o cemiterio de San Francisco de Ourense, no que repousan figuras como a de Blanco Amor, Vicente Risco e Otero Pedrayo.

Reigosa, Manuel, “Globalidade galega”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 22.

Artigo con motivo da celebración do Día de Galicia no que menciona o retorno a Galicia en 2017 durante seis meses do Pergamiño Vindel e salienta o máximo recoñecemento académico (o Honoris Causa), outorgado a Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Xaime Isla Couto, Xosé Luís Méndez Ferrín e Agustín Fernández Paz. Tamén salienta o compromiso da Universidade de Vigo coa identidade galega ao dotar espazos dos seus campos de nomes como Rosalía de Castro, Isaac Díaz Pardo ou Roberto Vidal Bolaño.

Reimóndez, María, “As oportunidades perdidas”, *Sermos Galiza*, n.º 345, “A fondo”, n.º 217, 9 maio 2019, p. 2.

Con motivo do Día das Letras Galegas, lembra a escasa presenza de figuras femininas homenaxeadas (catro mulleres e cincuenta e cinco homes) e reivindica a potencia e relevancia das autoras galegas. Salienta que todas as figuras femininas ás que podería dedicárselle o Día das Letras Galegas servirían como ponte para crear unha identidade galega feminista.

Reimóndez, María, “A sementeira”, *Sermos Galiza*, n.º 355, “Caderno de Verán”, n.º 43, “Un verán en Galeusca”, 18 xullo 2019, pp. 4-5.

Inicia a primeira publicación de “Un verán en Galeusca” reproducindo o relato *A sementeira*, de María Reimóndez.

Rei Romeu, Manuel, “Non son máis que un patriota”, *Sermos Galiza*, n.º 214, 14 marzo 2019, p. 3.

Artigo con motivo do setenta e cinco anos da publicación de *Sempre en Galiza*, no que fai alusión á exposición “Castelao maxistral” que acolleu o cadro *A derradeira lección do mestre*. Define o libro como “senlleiro e paradigmático, que serve para entender, dentro da súa maleabilidade, feitos que nos atinxen en clave histórica e, ao tempo, serve para

desvelar e comprender en toda a súa profundidade procesos que se están a dar na actualidade”.

Rendueles, María, “Cultura apoya las mejoras y producción de la Casa Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. Deza”, 18 xullo 2019, p. 25.

Informa sobre os dous convenios que a Fundación Rosalía de Castro asinou coa Consellería de Cultura e que recollen unha inversión de 60000 euros. O primeiro convenio permitirá o acondicionamento dos accesos á Casa da Matanza; e, o segundo, permitirá levar a cabo programas de actuación para coñecer con rigor intelectual a figura da autora, a súa produción e publicacións e continuar coa recompliación da súa obra para completar a biblioteca e o arquivo rosaliano

Rendueles, María, “Pestana expondrá en Lalín poemas, collage y escultura”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 novembro 2019, p. 32.

Informa do programa cultural de Lalín, no que, ademais de varias funcións de teatro, se inaugurará unha exposición sobre a vida e a obra de Xosé Neira Vilas.

Rendueles, María, “Poemas de Rosalía saídos das gorxas do alumnado estradense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza – A Estrada – Caldas – Touro” 8 marzo 2019, p. 42.

Indica que nos centros de secundaria da Estrada se celebrou de xeito conxunto unha xornada con actos poéticos e musicais en homenaxe a Rosalía de Castro, baixo o epígrafe “Rosalía Canta”.

Requeixo, Armando, “Valente, poema vivo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.120, 29 decembro 2019, p. 30.

Informa da publicación do volume que recolle 41 poemas de diversos autores para agasallar a José Ángel Valente, *Poemas a Valente*. Os textos reproducíronse nas linguas orixinais que, cando era diferente ao castelán, se traduciron para dar unidade idiomática ao libro. Entre os autores atópanse Luz Pozo Garza e Claudio Rodríguez Fer, entre outros.

Rivas, Iván, “Bon Dios, axudame”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Aquí e agora”, 22 xaneiro 2019, p. 17.

No marco dunha crítica a medidas como a redución en máis dun 25% do plantel de Navantia, cítanse os versos de Rosalía “Bon Dios, axudame, berrei, berrei inda... / Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra”.

Rivera, Javier, “La tradición evoluciona”, *El Progreso*, “*San Froilán 2019*”, 5 outubro 2019, pp. 12-13.

Nun artigo sobre a evolución da celebración do San Froilán, fai alusión a Ánxel Fole, citando unhas liñas de *Á lus do candil*: “Xa sabedes que tódolos labregos, en tres leguas á redonda, van a Lugo polas festas do San Froilán. I anque non vaian a mercar nin a vender. Tan soio por velos fuegos e por comelo pulpo”.

Rodríguez, S e E. Ocampo, “A última gran librería de textos en galego, Andel, anuncia o seu peche en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 febreiro 2019, p. 37.

Faise eco do peche do espazo Andel, unha das últimas librarías especializadas en literatura en galego e portugués. Indica que a Librería Torga en Ourense tamén pechará as súas instalacións. Só en Santiago fican espazos dedicados ao libro galego e portugués: a librería Pedreira, e a librería Chan da Pólvora.

Rodríguez, María, “Reivindicando a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Especial comarcas de Santiago”, “Ames”, 28 febreiro 2019, p. 20.

Informa da programación do Concello de Ames para recordar a Rosalía de Castro: unha ruta, cafés con versos da autora, e a elaboración do “Caldo de gloria” son algunhas das actividades que se incluíron nesta homenaxe.

Rodríguez, María, “O Caxato de Avelino viaxa a Vigo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área Metropolitana”; 21 agosto 2019, p. L5.

Indica que a Fundación Penzol, que ten no seu haber máis de 50000 publicacións dende o século XV sobre Galicia, foi homenaxeada pola Irmandade de Avelino Pousa Antelo.

Rodríguez González, Román, “Galicia, hoxe, mañá e sempre”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “*Día de Galicia*”, 25 xullo 2019, p. 14.

Artigo con motivo do Día de Galicia no que cita a Fernández del Riego (“o poder creador dos camiños alumou en Galicia un mundo de cultura e de universalidade”) e no que explica que a celebración xurdiu como iniciativa das Irmandades da Fala no ano 1919.

Rodríguez, Laura, “Rosalía de Castro, una estrella más en el firmamento”, *La Opinión*, “A Coruña”, 29 outubro 2019, p. 9.

Faise eco da iniciativa promovida pola Agrupación Astronómica Ío para que a estrela HD 149143 se chame Rosalía e o seu exoplaneta leve o nome de Sar. A iniciativa foi presentada na Casa das Ciencias herculina polo coordinador da Agrupación Astronómica, Martín Pawley, e o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira. Indica que a votación está aberta até o día 12 de novembro na páxina web de *Nombranexoplanetas*.

Rodríguez Sánchez, Francisco, “Setenta e cinco anos do Sempre en Galiza”, *Sermos Galiza*, n.º 214, 14 marzo 2019, cuberta.

Artigo con motivo do setenta e cinco anos da publicación no exilio arxentino de *Sempre en Galiza*, que define como a “obra doutrinal de Daniel Castelao, conformada como parte da súa loita política por restaurar a soberanía da nación galega”, e que indica que nos proporciona o marco de análise para poder exercer como galegas e galegos.

Rojas, Victoria, “Carvalho Calero será o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2020”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 xuño 2019, p. 35.

Informa da elección de Ricardo Carballo Calero como homenaxeado o día das Letras Galegas 2020 e achega algunhas pinceladas biográficas.

Romero, L., “La Feira do Libro se estrena con autores destacados y novedades literarias”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 13 xuño 2019, p. 10.

Dá conta da feira do libro en Santiago de Compostela, en cuxo acto de apertura Marilar Aleixandre lembrou a Rosalía, Castelao, Valle-Inclán e Carvalho Calero.

Romero, Plácido, “Gómez Pato, o afiador de palabras”, *La Región*, “Monterrei”, 17 decembro 2019, p. 25.

Lembra a figura de Enrique Gómez Pato, o afiador de palabras en Verín a mediados dos anos 40 do século pasado.

Rozas, Ramón, “Unha ‘volta de ollos”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 40.

Artigo con motivo do Día de Galicia no que destaca que as nosas letras semellan estar a dar uns primeiros pasos de achega á lusofonía, ao designar a Carvalho Calero como autor homenaxeado no Día das Letras 2020.

Rozas, Ramón, “Cando a arte berra: ‘Sempre marzo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 23 setembro 2019, p. 8.

No marco do proxecto editorial e artístico “Sempre marzo”, destaca a participación das poetas María Xosé Queizán, Helena Villar Janeiro, Marilar Aleixandre, Pilar Pallarés, Eva Veiga, Olga Novo, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Emma Pedreira, María Lado, Miriam Ferradáns e Rosalía Fernández Rial.

Rozas, Ramón, “Culturgal. Apuntes na crista do galo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 2 decembro 2019, p. 8.

Dá conta da celebración da décimo segunda edición do Culturgal no Recinto Feiral de Pontevedra, cuxo propósito, segundo apunta, é exhibir e celebrar de maneira colectiva a cultura galega mediante o encontro entre o público, os axentes e os protagonistas e tecer unhas redes necesarias. Salienta que durante os días nos que dura a feira se palpa o traballo e o compromiso de editores, libeiros, actores, músicos, cineastas, xestores ou artistas plásticos. Refírese ao acto de inauguración, na que se contou coa presenza do conselleiro Román Rodríguez, á destacada presenza do público miúdo e das melloras na organización da feira, e cita algunhas actividades, entre elas, os concertos e proxeccións ou a presentación do xornal *Nós*, de *Amani*, de Miguel Anxo Prado e do novo selo editorial Cuarto de Inverno.

Ruiz de Arcaute, Miguel, “El ‘estrellato’ de Rosalía de Castro”, *ABC*, “Galicia”, 4 novembro 2019, p. 73.

Recolle a proposta para bautizar a estrela HD 149143 co nome de Rosalía.

S. A., “El PP culpa a Lores de que la vieja sede del Ministerio de Hacienda siga cerrada”, *Diario de Pontevedra*, “Elecciones 26M”, “En portada”, 18 maio 2019, p. 7.

Apunta que o candidato do Partido Popular Rafa Domínguez reivindicou nun comunicado de prensa que a vella sede provincial do Ministerio de Facenda se converta na Casa da Cultura Alexandra Bóveda.

S. E., “Padrón celebra a Gala Rosaliana con ofrenda e recital poética”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar. Caldas”, 22 febreiro 2019, p. 30.

Faise eco da segunda edición da Gala Rosaliana, na que o Concello de Padrón, inclúe unha decena de actividades culturais e musicais. No auditorio municipal da vila acollerase a presentación do poemario *Onda dá a volta o aire*, de Milagros Pérez Villanueva, gañadora do IV Certame Poético Rosalía de Castro.

S. E., “Tres novas pezas para enriquecer a Casa Museo de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 abril 2019, p. 29.

Informa das novas adquisicións da Casa Museo Rosalía de Castro: dous óleos de Ovidio Murguía, fillo da poeta, e melloras no sistema de iluminación e conservación. Ademais, incorpóranse fotografías con imaxes dos compañeiros de mocidade de Rosalía: Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Otero Pedrayo.

S. E., “Padrón hará rutas literarias, además de visitas guiadas y teatralizadas, este verano”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes. A Estrada. O Sar”, 15 xuño 2019, p. 30.

Recolle información sobre as actividades teatralizadas que se celebrarán en Padrón durante os meses de xullo e agosto. Ademais, salienta o “Roteiro Rosalía de Castro de Padrón polos Camiños”, que se realizará os días 19 de xuño, 27 de xullo, 31 de agosto e 28 de setembro.

S. E., “Pato e o recital poético darán a saída ao festival Abride a Fiestra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 xullo 2019, p. 33.

Informa sobre o festival “Abride a Fiestra”, que se celebra os días 13 e 14 de xullo na Casa da Matanza. Concederáselle a Rosa de Galicia á familia de Xosé Villar Granjel. O evento iniciouse cunha visita teatralizada de Os Quinquilláns, caracterizados como a poeta, seguido dun recital poético multilingüe no que participarán Taha Adnan, Frank de Crits, Geert van Istendael, Serge Meurant, Silvia Vinverg, Bart Wonck, Ramón Neto, Xavier Queipo, Chus Pato e Yolanda Castaño. Haberá visitas guiadas da man de Pedro Feijoo, Pepe Barro, Xosé Ramón Barreiro, Francisco Rodríguez, Carlos Dacal e Olga Novo.

S. E., “Henrique Neira recolle hoxe o premio Reimóndez Portela”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Valga-A Estrada”, 20 setembro 2019, p. 31.

Informa do premio concedido a Henrique Neira, o XXIV Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela, por unha serie de artigos publicados na revista *Código cero*, na que ofrece unha particular visión sobre aspectos pouco coñecidos de Vicente Risco, Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández Flórez e Rosalía de Castro.

S. E., M. M. O. e X. M. L., “Lembran a obra de Rosalía canda o seu 182 aniversario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 febreiro 2019, p. 35.

Recolle os dous eventos realizados no seo da Fundación Rosalía de Castro con motivo do Día de Rosalía: a alborada e o caldo de gloria. A encargada de preparar o caldo en Padrón será Leticia Costas. Informa tamén das actividades que se levarán a cabo en Ames, Santa Comba e Arzúa.

S. I., “Nova Poesía Guitirica estrena una web ideada como ‘revista poética dixital’, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 marzo 2019, p. 21.

Indica que o colectivo Nova Poesía Guitirica estrea páxina web, www.npggazeta.gal, que describen como “unha revista poética dixital aberta a outros grupos poéticos”. O coordinador é Moncho Bouzas e as ilustracións son de Isabel Pardo. A páxina conta con colaboracións de Antón de Guizán e Toño Núñez.

S. J., “Yolanda Castaño convida a Raúl Zurita, ‘que escribiu no ceo de Nova York’, á residencia 1863”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 1 marzo 2019, p. 83.

Informa que Yolanda Castaño explicou as funcións da residencia literaria 1863, unha estadía que inaugurou o poeta Raúl Zurita.

S. N., “Arreglo de la calle Santiago”, *La Región*, “Extra”, “Zonas vivas: Valedorras”, “Petín”, 2 febreiro 2019, p. 8.

Indica que Miguel Bautista, alcalde de Petín, lle entregou ao presidente da Deputación Provincial de Ourense, Manuel Baltar, a publicación *Antoloxía: Vide, Paisaxe, Fala*, realizada por Florencio Delgado Gurriarán,

S. N., “Diversión en las noches de verano”, *La Región*, “Zonas Vivas”, “Barbadás”, 5 xullo 2019, p. 14.

Apunta que o 18 de xullo, Xardín Desordenado presentarán en Barbadás o seu disco *Lueiro*, homenaxe a Manuel Lueiro Rey, que contén textos dos poetas gañadores do Premio de poesía do Concello de Fornelos de Montes que leva o nome do autor.

S. N., “El inicio simbólico de la Navidad”, *La Región*, “Nadal 2019”, “Tradición”, “Belén de Baltar”, 24 decembro 2019, p. 13.

Presenta o tradicional Belén de Baltar, indicando que se atopa na capela de San Cosme e San Damián, ocupando un lugar central, por ser de paso obrigado na ruta de *A Esmorga*, de Blanco Amor, que logo foi levada á gran pantalla.

S. R., “Y en esto llegaron Nós”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.109, 2 marzo 2019, p. 3.

Faise eco da tradución ao castelán dun texto de Ricardo Carvalho Calero incluído na súa *Historia da literatura galega contemporánea*. O texto, traducido por Pilar García Negro, é *El Grupo Nós*.

S. S., “Rianxo programa teatro, actos literarios y visitas a muestras sobre Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 11 xaneiro 2019, p. 32.

Informa da programación dos Actos Castelao en Rianxo, entre os que se atopan as presentacións dos libros *O xiro*, de Noelia Gómez, e *As Ramonas*, de Ana Cabaleiro, así como a representación da obra *Cousas* polo Grupo de Teatro Municipal de Ribeira.

S. S., “Estudiantes ribeirenses visitan dos muestras sobre Castelao”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 17 febreiro 2019, p. 37.

Informa da visita do estudantado dos institutos Número 1 e Leliadoura e de Lingua e Cultura Galegas do Servizo Municipal de Normalización Lingüística de Ribeira ás exposicións “Castelao maxistral” e “Alba de Gloria”,

S. S., “Homenaxe ribeirense a Rosalía de Castro con moitos actos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 febreiro 2019, p. 32.

Faise eco da homenaxe a Rosalía de Castro en Ribeiro con motivo do 182 aniversario do nacemento da autora. Realizouse unha lectura pública na praza consistorial un contacontos, unha representación teatral e unha exposición de libros da autora na biblioteca.

S. S., “Manuel López Rodríguez expón en Boiro imaxes que complementa con poemas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 marzo 2019, p. 32.

Recolle a inauguración da exposición de foto-poemas de Manuel López Rodríguez.

S. S., “Representan na rúa e de noite anacos dunha peza teatral”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte. Barbanza. Muros”, 1 abril 2019, p. 22.

Indica que a compañía municipal de Ribeira interpretou de noite distintos anacos da súa montaxe, titulada *Cousas de Castelao*, co gallo do Día Internacional do Teatro.

S. V., “Contos de dous en dous nas bocas de Támara Bezerra e Ángela Arboleda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 8 xuño 2019, p. 49.

Recolle información sobre a nova edición de Sete Falares, que acolle un percorrido nocturno pola cidade de pontevedra escoitando as historias de Támara Bezerra, Ángela Arboleda, Carolina Rueda, Xurxo Souto e Cándido Pazó.

S. V., “Os libros fan unha festa na Ferraría”; *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Faise eco da celebración da Festa dos Libros en Pontevedra e menciona as presentacións de títulos que terán lugar: Manuel Bragado acompañará a Leticia Costas para falar sobre a súa novela *Infamia*. Tamén acudiu Antón Lopo para falar de *Extraordinario*, acompañado de Ramón Rozas. Pasaron polo escenario tamén outros escritores e escritoras como Ana Cabaleiro, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Na última xornada, presentarase a obra *Ratos de viaxe*, de Paco Nogueiras; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto.

S. V., “Brumario para hablar de las fronteras y el exilio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 outubro 2019, p. 12.

Faise eco do XV Brumario Poético, organizado pola Fundación Cuña-Casasbellas

Salgado, Daniel, “O segundo regreso de Castelao”, *Sermos Galiza*, n.º 328, “Peripecia dun cadro”, 3 xaneiro 2019, pp. 2-3.

A propósito do feito de que *A derradeira leición do mestre* de Castelao chegase a Galicia por primeira vez e que leve tres meses exposto na Cidade da Cultura reflexiona sobre se o mítico cadro do rianxeiro debe permanecer ou non en Galicia. Neste entramado tamén fai alusión ás *Estampas de Guerra* ou ao *Sempre en Galiza*.

Salgado, Daniel, “Homenaxe á poeta da desposesión. Pallarés, radical intimismo ”, *Sermos Galiza*, n.º 352, “*fóradeserie*”, 27 xuño 2019, pp. 2-3.

Artigo con motivo da homenaxe a Pilar Pallarés que terá lugar o día 29 de xuño na Coruña. Repasa toda a súa traxectoria, as súas cinco obras (*Leopardo son*, *Libro das devoracións*, *Sétima soidade*, *Entre lusco e fusco* e *Tempo fósil*), o seu estilo, as temáticas que aborda na súa escrita, as obras nas que aparece escolmada e o seu proceso de consolidación na poesía galega.

Salgado, Daniel, “A historia da revista fai 99 anos. ‘Nós’ ao bordo do século”, *Sermos Galiza*, n.º 369, “*fóradeserie*”, 24 outubro 2019, pp. 2-3.

Artigo con motivo do 99 aniversario da revista *Nós*, cuxo primeiro exemplar saíra do prelo o 30 de outubro de 1920. Indica que o seu primeiro consello de redacción estivo formado por Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas. Versa sobre a procura de afirmación como valor universal da editorial, a soberanía estética da nación galega e do modernismo. Explica tamén as tensións internas. Miguel Anxo Núñez Seixas apunta que a tiraxe era de arredor de 500 exemplares. O último número, o 139-144 saíu do prelo de Ánxel Casal poucos días antes do golpe fascista de 1936.

Salmonte Couso, Mercedes, “Imos indo... cara ó futuro”, *El Correo Gallego*, “*Apóstol 2019*”, 25 xullo 2019, p. 72.

Artigo a propósito do Día de Galicia no que cita a Castelao, “el gallego no protesta, el gallego emigra”.

Sampedro, Domingos, “O Parlamento galego homenaxe a ao poeta da longa noite de pedra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 decembro 2019, p. 35.

Con motivo do corenta cabodano de Celso Emilio Ferreiro, indica que o Parlamento galego editará unha biografía sobre o autor, cuxa preparación correrá a cargo de Ramón Nicolás.

Sánchez Aríns, Susana, “Danger”, *Sermos Galiza*, n.º 357, “*Caderno de Verán*”, n.º 45, “Un verán en Galeusca”, 1 agosto 2019, pp. 4-5.

Reproduce o relato *Danger*, de Susana Sánchez Arins, amais de aportar datos biográficos sobre ela.

Sanmartín, Xabier C., “Alfredo conde será Hijo Predilecto de la provincia de Ourense”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 marzo 2019, p. 39.

Informa que o escritor Alfredo Conde será nomeado Fillo Predilecto da Provincia de Ourense.

Santalices Vieira, Miguel Ángel, “No día de Galicia”, *Atlántico Diario/ Diario de Pontevedra/ El Progreso/ La Región*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2019, p. 5.

Artigo con motivo do Día de Galicia no que lembra que no vindeiro ano 2020 se homenaxeará aos integrantes da Xeración Nós. Recordá tamén a conmemoración do trixésimo aniversario de Xaquín Lorenzo, Xocas, e indica que el mesmo contaba que a primeira vez que visitou a casa de Risco observou que tiña pendurado un cadro cunha frase de Castelao (“Polo que máis quero, xuro ser dos bos e xenerosos”).

Santos, A. de, “Fallece el poeta Manuel Vilanova, gran renovador de la lírica gallega contemporánea”, *La Opinión*, “Gente”, 7 marzo 2019, p. 54.

Faise eco do pasamento do poeta Manuel Vilanova e repasa toda a súa traxectoria literaria.

Santos, A. de, “Yolanda Castaño reivindica la complicidad entre poesía y cómic”, *Faro de Vigo*, “Espectáculos”, 7 agosto 2019, p. 43.

Indica que a poeta Yolanda Castaño reivindicou as grandes complicidades entre poesía e cómic na celebración número 22 de “Viñetas desde o Atlántico”.

Santos, Ágatha de, “Magos de mil sueños de tinta”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, “El proceso creativo de un libro”, 3 novembro 2019, p. 40.

Nun artigo sobre o proceso creativo dun libro, fai alusión a *Sen piedade*, de Pedro Feijoo e *Poemando o mar*, de Antonio García Teijeiro.

Santamaría, Uxío, “Más de 180.000 personas en las grandes fiestas de Pascua”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Padrón – Ordes”, 29 abril 2019, p. 38.

Indica que na xuntanza da Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón se realizaron ofrendas florais aos dous grandes escritores da vila, Rosalía de Castro e Camilo José Cela.

Santamaría, Uxío, “Frac y chistera para O Banquete”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 maio 2019, p. 24.

Faise eco da celebración por segundo ano consecutivo do banquete de Conxo, conmemorando o banquete do 2 de marzo de 1856 e recolle a programación de actividades que se levarán a cabo.

Santamaría, Uxío, “Cientos de romeros brindaron en la carballeira como en 1856”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 maio 2019, p. 18.

Informa da conmemoración do Banquete do 2 de marzo de 1856, no que un grupo de universitarios, entre os que se encontraban persoas como Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Luís Seoane e Manuel Murguía (tamén se especula sobre a posíbel asistencia de Rosalía de Castro), invitaron a obreiros e artesáns de Santiago de Compostela a almorzar baixo a carballeira de Conxo.

Sartier, Bernardo, “¡Callarse, becerros!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 maio 2019, p. 16.

Nun artigo sobre os candidatos que concorren ás eleccións municipais de Pontevedra, menciónase a lectura das memorias de María Xosé Queizán, especificando que inclúe unha foto xunto a María do Carme Kruckenberg, Antón Seoane, Cáccamo, Uxío Novoneyra, Vidal Bolaño e Fernán Vello.

Sas, Fran G., “O Morrazo y el mundo de la cultura lloran la pérdida del actor Celso Parada, motor del teatro gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 agosto 2019, p. 33.

Faise eco do pasamento de Celso Parada, lembrando toda a súa traxectoria.

Seoane, Fran, “O centro Galego de Bos Aires destaca na Insua dos Poetas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 xullo 2019, p. 35.

Recolle información sobre a XI Festa da Palabra, que lle rendeu homenaxe a Antón Tovar na Insua dos Poetas. No acto, entregáronse os premios Insua dos Poetas, que foron concedidos a María Solar, María Victoria Carballo-Calero, ao Centro Galego de Bos Aires, á Asociación de Veciños de Madarnás, ao grupo empresarial Cer&Ber e á asociación fotográfica Os Potiños. Recolle unha listaxe coas figuras homenaxeadas nas anteriores edicións da Festa da Palabra.

Seoane, Fran, “A Coruña, capital internacional de los cómics a partir del lunes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 agosto 2019, p. 35.

Anuncia a XXII edición do salón internacional do cómic *Viñetas desde o Atlántico*, que se inaugura o luns 5 de agosto. Dá conta de toda a programación.

Seoane, Luís, “Literatura galega, a inspiración para aprender español”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 xaneiro 2019, p. 39.

Dá conta da presentación do quinto volume da colección “Cuadernos de Español como Lengua Extranjera”, que leva por título *Geografías Literarias. Un itinerario (inter)cultural por Galicia* e no que se reúnen textos literarios de autores galegos como Rosalía de Castro, Manuel Rivas, Suso de Toro, Yolanda Castaño ou Álvaro Cunqueiro.

Seoane, Luís, “Ampliada la exposición ‘Alba de Gloria’ en torno a Castelao”, *El Correo Gallego*, “tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 xaneiro 2019, p. 36.

Informa de que o Consello da Cultura Galega (CCG) tomou a decisión de ampliar até o 3 de marzo a exposición *Alba de Gloria* en torno a Castelao, debido ao alto número de visitantes, preto de 6000 dende a súa apertura o pasado 7 de novembro. Tamén se informa, entre outras actividades arredor da figura de Castelao, da homenaxe organizada pola Fundación Castelao, celebrada no Panteón de Galegos Ilustres con motivo do 69 aniversario do seu pasamento.

Seoane, Luís, “Expertos falarán en Diálogos ao Redor de Castelao no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xaneiro 2019, p. 38.

Faise eco do inicio do ciclo “Os Diálogos o Redor de Castelao” o 30 de xaneiro na Cidade da Cultura de Galicia, espazo de conversa e reflexión sobre a súa figura e obra. Participarán Carlos L. Bernárdez, Miguel Anxo Seixas, Siro López, José Julio Fernández e Pilar Cagiao.

Seoane, Xan, “A ‘Memoria erótica’ de Carlos Velo sae á luz grazas o OUFF”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2019, p. 37.

Informa da publicación de *Memoria Erótica*, de Carlos Ledo, que se presentou no Festival de Cine Internacional de Ourense.

Seoane, Xan, “Ata 200 publicacións dende o ano 1906 na web da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 outubro 2019, p. 39.

Faise eco do novo espazo en liña da RAG que permite consultar todo o catálogo de monografías, ofrecendo, entre outros, os discursos de ingreso na RAG de Castelao, Antón Villar Ponte, Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro.

Sobrado, Javier G. e **I. C.**, “Castelao grafista (facsimil)’ acercará la figura del literato a ciudades de los cinco continentes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xullo 2019, p. 32.

Recolle información da inauguración da proposta “Castelao grafista (facsimil)” na Fundación Gonzalo Torrente Ballester, realizada en colaboración coa Real Academia de

Belas Artes, o Instituto Cervantes, o Ministerio de Asuntos Exteriores e a Xunta de Galicia. Consta de 150 carpetas que conteñen exemplares da obra literaria, pictórica e política de Castelao.

Sol, Elvira, “A Estrada y Arzúa animarán a la lectura en sus ferias del libro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 abril 2019, p. 35.

Informa das feiras do libro de Arzúa e A Estrada, nas que están programados o espectáculo de narración oral de Bandullo Azul, *Flipa cos contos*; o espectáculo de marionetas de Títeres Alakran, *Circo galaico*; o documental sobre o XXX aniversario do Premio de Novela Manuel García Barros; a representación musical narrada de Rilo & Penadique, *O pozo das señoras*; a narración oral con maxia de Fran Rei, *O conto de Barriga verde*; e a presentación do conto *O Dragón Antón e o Sapo Rosendo*.

Sotelino, B. R., “Veo que no cambia nada, ahora hay dos huérfanos más”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Contra la violencia machista”, 18 setembro 2019, p. 9.

Artigo sobre Joshua Alonso Mateo, no que se fai alusión á súa obra *No camiño do vento*, na que dá voz a súa nai a través do caderno dela que atopou e que se salvou da explosión que provocou a exparella da súa nai e lle custou a vida.

Soto, Juan, “A misa dos comunistas”, *ABC*, “Galicia”, “El garabato del Torreón”, 29 xullo 2019, p. 46.

Artigo sobre a “misa de Rosalía”, tamén denominada por algúns “a misa dos comunistas”. A “misa de Rosalía” puido ser celebrada por primeira vez en galego en 1965, oficiada por Xaime Seixas Subirá. No seguinte ano, 1966, ofreceuse a primeira misa en galego fóra de Galicia, oficiada en Buenos Aires por Faustino Rey Romero.

Souto, S., “Expoñen a carta que a filla de Rosalía de Castro enviou cunha foto a García Martí”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 febreiro 2019, p. 32.

Informa da exposición no Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal da imaxe fotográfica de Rosalía de Castro e a imaxe manuscrita enviada pola súa filla, Gala Murguía, ao escritor Victoriano García Martí.

Souto, S., “Animada actuación de Xurxo Souto sobre a súa novela na Feira do Libro de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Costa da Morte. Noia”, 16 xuño 2019, p. 39.

Dá conta das actividades programadas para a celebración da quinta edición da Feira do Libro de Ribeira, entre as que destaca a actuación musical realizada por Xurxo Souto arredor da súa obra *A gran travesía de Chiruca Macallás*.

Souto, Suso, “Rianxo fala a través da radio do instituto de Félix Muriel”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 febreiro 2019, p. 35.

Anuncia que ao longo da semana o alumnado do instituto Félix Muriel terá á súa disposición a obra literaria de Rosalía de Castro e que, cada alumno, poderá recitar o poema que queira o día 25 diante do Muro de Rosalía, onde se celebrará o día dedicado á autora degustando un “Caldo de Gloria” recitado. Salienta que os rapaces e rapazas da ESO que participen e sexan seleccionados, poderán ser logo escollidos para o certame que convoca anualmente a Fundación Manuel María en Outeiro de Rei.

Souto, Suso, “Plácido Betanzos tiene ya un lugar en Palmeira para eternizar su legado”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 xuño 2019, p. 22.

Recolle información sobre a homenaxe ao político, profesor e escritor Plácido Betanzos, na que estudantes de centros educativos leron partes das súas obras *Bágoas na chuvia*, *Paravea no inferno* e *Coiteladas na alma*.

Souto, Suso, “Ilustrarán o ‘Aires da miña terra’ nun curso en Ribeira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 decembro 2019, p 31. .

Con motivo da conmemoración do 140 aniversario do poemario *Aires da miña terra*, o alumnado do Museo do Gravado de Ribeira fará unhas ilustracións coas que se editará un volume especial da obra.

Tébar, Roma, “Diego Giráldez presenta su primera novela en febrero”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Condado/Louriña”, 8 xaneiro 2019, p. 14.

Informa da próxima publicación da primeira novela de Diego Giráldez, *Hotel para coleccionistas discretos*, editada por Galaxia e na que se adentra no mundo das altas esferas do poder. Giráldez asegura que sempre creu que nese mundo “hai importantes doses de psicopatía, non hai máis que ver algunhas das novas inexplicábeis -incluso extravagantes-, que vemos nos medios a diario e que xeran os que moven os fíos”.

Torrado, Carlos B. e **A. A.**, “¿A qué libro te irías de vacaciones”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “libros”, 23 agosto 2019, p. 5.

Preguntan a diversos artistas, autores, músicos e blogueiros sobre o libro ao que escaparían no verán. Entre eles, o actor Touriñán indica que iría á casa de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro; e Miguelanxo Prado, elixiría ás illas de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, tamén de Cunqueiro.

Tubío, Olaia, “García Negro. ‘Manuel María fixo crónica en tempo real’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 45/*Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, “Vivir Aquí”, p. 55, 9 xaneiro 2019.

Dá conta da publicación de *Manuel María. Obra teatral*, recompilación levada a cabo por Pilar García Negro coa Casa Museo Manuel María, a partir da tese doutoral elaborada por Camilo Gómez Torras e dirixida pola propia García Negro. Reprodúcense unha serie de comentarios de García Negro sobre a produción teatral de Manuel María. A estudosa sinala que o afán do escritor foi “facer crónica en tempo real, estar moi atento aos requirimentos de actualidade histórica e a proclamar que o pobo galego existe e ten unha voz propia”.

Tubío, Olaia, “Uxía. ‘Cantei na solaina da casa de Novoneyra para empaparme do lugar”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Música”, 22 febreiro 2019, p. 61.

Presenta o novo disco de Uxía, “Uxía-O”, que musica a poesía de Uxío Novoneyra.

Tubío, Olaia, “Saleta: ‘Eu teño a impresión de que seguimos xuntos”, *El Progreso*, “Vivir”, 8 setembro 2019, p. 48.

Con motivo do décimo quinto pasamento de Manuel María, Saleta Goi, a súa viúva, e Alfonso Blanco, da Irmandade Manuel María, repasan a traxectoria e figura do autor. Asemade, dá conta da celebración do cabodano por parte da Irmandade Manuel María e Xermolos, baixo o título “Memoria da Chaira enteia”.

V. P., “Nueve autores presentarán sus obras en la tercera Feira do Libro de Ponteareas”, *Faro de Vigo*, “Condado. Paradanta”, “Área Metropolitana”, “Ponteareas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 6 xullo 2019, p. 12.

Indica que Antonio García Teijeiro, Iolanda Zuñiga, Arantza Portabales, Raquel Castro, Anna R. Figueiredo, Elena Gallego Abad, Clara do Roxo, Luís Vallecillo e Xoán Curiel, entre outros, presentarán as súas obras na terceira Feira do Libro de Ponteareas, que se celebrará do 11 ao 14 de xullo.

V. P., “El festival Entreverbas traslada la literatura, la música y el arte de la palabra al rural”, *Faro de Vigo*, “Condado. Paradanta”, “Área Metropolitana”; “Ponteareas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 25 setembro 2019, p. 14.

Informa da quinta edición do festival Entreverbas, que terá lugar do 27 ao 28 de setembro, no que conviven música, literatura e outras expresións artísticas. No festival participarán Arancha Nogueira, Rosalía Fernández Rial, Olga Novo e Antón Reixa.

Vallès, Tina, “Minutos de medrar”, *Sermos Galiza*, n.º 363, “fóradeserie”, 12 setembro 2019, pp. 4-5.

Recolle un texto de Tina Vallès, de quen ofrece uns breves datos biográficos relacionados coa súa traxectoria como autora.

Varela, Lourdes, “Tino Baz. ‘Rosalia captou a psicoloxía colectiva do pobo galego’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 727, “Entrevista”, 10 outubro 2019, p. V.

Entrevista a Tino Baz, cantautor que construíu o seu repertorio adaptando pezas populares e empregando textos de poetas como Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Xavier Seoane, Marica Campo, Bernardino Graña, Xosé Carlos Gómez Alfaro, Manolo Pipias ou Francisco Álvarez “Koki”.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “Blanco Amor non o tivo fácil”, *La Región*, “XXXVIII Premio de Novela Longa”, 28 decembro 2019, p. 8.

Artigo sobre a dificultade que tivo Eduardo Blanco Amor para facerse un oco no panorama cultural galego ao voltar de América en 1956.

Vila, Sara, “Despois do 8M volvín sorrir”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 11 xaneiro 2019, p. 12.

Dá conta da presentación en Pontevedra do volume colectivo *Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo*, na que estivo presente a escritora e coordinadora do libro, Inma López Silva, así como a xuíza Paz Filgueira, a xornalista Susana Pedreira, a libreira Mercedes Corbillón, a funcionaria Sarai González, a matrona Susana Iglesias e a estudante Sandra Núñez. Tamén participou na obra a mestra Ana Fresco, que non asistiu ao acto.

Vila, Sara, “Miguel Anxo Fernández. ‘Fixémonos cinéfolos á forza’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 marzo 2019, p. 9.

Alude á novela *Luz para Moraima (Blues para Moraima)*, de Miguel Anxo Fernández.

Vila, Sara, “Manuel Vilas, Antònia Vicens e Pilar Pallarés pasarán por PontePoética 9”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 10 abril 2019, p. 14.

Informa da nova edición de PontePoética, mostra de poesía de diferentes tempos e lugares. Yolanda Castaño resaltou a calidade do programa da novena edición. Entre o cartel de autores atópase a galega Pilar Pallarés.

Vila, Sara, “Primeiros trazos dalgunhas das mulleres que fixeron Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 9 xuño 2019, p. 48.

Recolle información sobre o mural que se inaugurará en Pontevedra, no que se representará a mulleres ilustres da vila, entre elas, María Victoria Moreno.

Vila, Sara, “Éxito na Festa dos Libros: ‘Esta foi a mellor edición, é unha cita máis que consolidada’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 6 xullo 2019, p. 5.

Faise eco do éxito na Festa dos Libros en Pontevedra, na que participaron autores como Finca Casalderrey ou Diana López Varela. Salientan o volume de vendas de *O último barco*, de Domingo Villar.

Vila, Sara, “Cantos, libros, poesía e cine na Maré”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 15 setembro 2019, p. 49.

Indica que no festival internacional Cantos na Maré se celebrará un recital poético a cargo de Rosalía F. Rial, Lois Pérez e Lucía Aldao.

Vila, Sara, “El Museo inicia su programación para convertir Pontevedra en ciudad lorquiana”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 outubro 2019, p. 12.

Informa da programación da cidade de Pontevedra con motivo do aniversario da primeira visita de Lorca a Galicia, que se abre cunha conferencia impartida por Henrique Alvarellos e Ramón Rozas.

Vilas, Alberto, “Percorrín toda a Galicia rural, non fixen o Camiño pero case”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 25 outubro 2019, p. 67.

Artigo sobre Dorthé Schubarth, a musicóloga que chegou a Galicia e percorreu toda a comunidade para recoller o *Cancioneiro popular galego*.

Villar, C., “Santiago recopila en una obra 514 artículos de Díaz Pardo en la prensa de 1963 a 2009”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 febreiro 2019, p. 3.

Faise eco do proxecto no que Xosé Ramón Fandiño recolle 514 artigos de Isaca Díaz Pardo na prensa de 1963 a 2009, *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo*. A temática destes escritos, segundo explica o propio Fandiño, versa sobre a xustiza social, a memoria da República, do Seminario de Estudos Galegos e da restauración da dignidade dos vencidos. Indica tamén que na meirande parte dos textos trata asuntos relacionados coa historia de Galicia e co galego como factor identitario.

Villar, Rafael, “In Memoriam, Julio López Cid”, *La Región*, “Obituario”, 12 marzo 2019, p. 10.

Obituario de Julio López Cid no que se recolle un dos seus poemas.

Viñas, Carmen, “Los libros son para el verano”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta*”, n.º 966, “Reportaje”, “Lecturas”, 6 xullo 2019, p. 2.

Con motivo da celebración da Festa do Libros, as librarías pontevedresas escollen algúns dos títulos e autores que optan a converterse nos reis dos meses estivais. Cita as seguintes obras: *Malaherba*, de Manuel Jabois; *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Memoria do Silencio*, de Eva Mejuto; *A señora Dalloway*, de Virginia Woolf; e o clásico para o público infantil traducido ao galego *Corre corre, cabaciño*.

X. F., “El periodista fascinado con Cunqueiro y Mondoñedo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Obituario”, 15 xaneiro 2019, p. 36.

Obituario do xornalista e escritor asturiano Juan Cueto Alas, quen mantivo unha amizade con Álvaro Cunqueiro.

X. F., “A ‘Historia de Galicia’ de Villares, traducida ao francés”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xullo 2019, p. 32.

Faise eco da tradución ao francés da *Historia de Galicia*, de Ramón Villares, logo do nomeamento do autor como doutor *honoris causa* en Rennes. O título da edición francesa, publicado polas Prensas Universitarias de Rennes, é *Terre de Galice. Histoire d’un finistère européen* e conta con prefacio da man de Jean-François Botrel.

X. F., “Os poetas con nome de pirata”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro 2019, p. 33.

Informa que a Real Academia Galega celebrou o setenta aniversario da colección Benito Soto, primeira en publicar versos en galego trala guerra. O acto estivo conducido por Fina Casalderrey e contou coas intervencións de Ana Acuña, Patricia Arias Cachero e Xesús Alonso Montero, ademais dun recital por parte de Xosé María Álvarez Cáccamo, Eva Mejuto, Xosé Luís Franco Grande, Miguel A. Cuña Casabellas, Marilar Aleixandre, Carmela Silva, Joaquín Fabeiro Beiro, Antón Sobral, Xaime Toxo e Luís Ferreiro, coa actualización musical de Ánxeles Ruibal. Salienta que do mesmo prelo saíron obras fundamentais como *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro; *Triscos*, de Luís Pimentel; *Fabulario novo*, de Manuel Cuña Novás; ou *Anxo de terra*, de Ricardo Carvalho Calero, ademais de versións galegas de poetas alemáns por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro.

X. F., “Francisco Castro, poeta galego en Nova York”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2019, p. 29.

Indica que o escritor e director xeral de Editorial Galaxia, Francisco Castro, viaxará a Nova York para promover un maior coñecemento da cultura galega recitando no Bowery Poetry Club. É un dos participantes da mesa redonda organizada pola Cátedra Juan Carlos I da New York University de Cultura e Civilización Española. Intervirá xunto coa xornalista vasca Lorea Agirre e a editora catalá Rosa Rey, baixo o título de “Bilingual Societies and Sustainability: Sapin’s Other Languages”.

Xestoso, Manuel, “O segundo e o primeiro. O Centro Dramático Galego, en crise permanente”, *Sermos Galiza*, “*fóradeserie*”, n.º 354, “Teatro”, 11 xullo 2019, p. 7.

Nova sobre a situación do Centro Dramático Galego logo de que a directora, Fefa Noia, comunicase que a súa renuncia por motivos profesionais. Versa sobre a crise permanente en que parece estar inmerso o centro dende hai uns anos.